CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
12

2010

ISSN 1698-7861

Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
ANXO M. LORENZO SUÁREZ

Coordinador científico do CIRP
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010

Autor Varios

Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010

Periodicidade Anual.

ISSN: **1698-7861** (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: **1698-787X** (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L.: C 4189-2010

Imprime: Galigraf Galicia

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CIRBIRC, DICE, DIALNET, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Facultades de Letras, Humanísticas e de Tradución de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden baixarse en formato PDF de http://www.cirp.es e tamén na Biblioteca Letras Galegas do Instituto Cervantes (http://www.cervantesvirtual.com/).

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

12

2010
ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Secretaria: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Cristina Rodríguez Nieto (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Emma Mª Salgueiro Veiga (CEIP de Sillobre, Fene)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Xacinta Varela Martínez (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Cristina Veiga Novoa (Santiago de Compostela)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseológos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente a noventa e cinco dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse integramente en formato PDF da Rede en http://www.cirp.es.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseológica, está redactada en lengua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a noventa y cinco de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en http://www.cirp.es.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, annual review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by ninety-five of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at http://www.cirp.es.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue spécialisée en Phraséologie, est rédigée en galicien car non seulement elle prétend stimuler la collecte et la recherche de la Phraséologie galicienne et de la Phraséologie universelle présente en Galice, mais aussi parce qu'elle fait partie d'un projet social de normalisation de la propre langue galicienne. D'importants phraséologues d'Europe et d'Amérique prêtent généreusement leur collaboration à ce projet d'écologie linguistique en publiant des travaux inédits en galicien dans cette revue, qui est envoyée gratuitement à 95 des plus éminents phraséologues du monde entier, et à toutes les bibliothèques universitaires d'Espagne et du Portugal, en modalité d'échange. Elle sera également remise à toutes les autres bibliothèques universitaires qui veuillent bien la solliciter en échange. Les numéros antérieurs, déjà épuisés, peuvent être déchargés intégralement en format PDF sur la Toile au site: http://www.cirp.es.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, ist eine phraseologische Zeitschrift, die auf galicischer Sprache verfasst wird. Sie hat als erstes Ziel, die Zusammenstellung und Analyse des phraseologischen Bestandes des Galicischen aber auch anderer europäischer Sprachen zu fördern. Als Bestandteil eines weiteren gesellschaftlichen Projekts in Galicien leistet diese galicische Publikation dem Standardisierungsprozess der eigenen Landessprache eine wichtige Unterstützung. Wichtige Phraseologen aus Europa und Amerika tragen mit ihren Artikeln auf galicischer Sprache zu diesem sprachnormativen Projekt großzügig bei. Unsere Zeitschrift wird kostenlos mittlerweile von fünfundneunzig der renomiertesten Phraseologen aus aller Welt und -im Austausch-von allen spanischen und portugiesischen Universitätbibliotheken erhalten. Weitere Universitätbibliotheken können die Zeitschrift auf Antrag im Austausch bekommen. Die früheren und vergriffenen Zeitschriftsnummer können vollständig im Internet im PDF-Format unter http://www.cirp.es heruntergeladen werden

Cadernos de Fraseoloxía Galega, посвящённый фразеологическим исследованиям, выходит на галисийском языке, так как он издаётся в первую очередь с целью стимулировать сбор материала и проведение исследований по галисийской фразеологии и по универсальной фразеологии в Галисии, а также потому что он является составной частью социального проекта нормализации собственного языка Галисии. Видные фразеологи Европы и Америки щедро сотрудничают в рамках этого проекта по лингвистической экологии, публикуя свои неизданные труды на галисийском языке в этом журнале, который распространяется бесплатно среди девяноста пяти наиболее выдающихся фразеологов мира, а также высылается по межбиблиотечному обмену во все университетские библиотеки Испании и Португалии. Журнал будет также отсылаться во все те университетские библиотеки, которые запросят его по межбиблиотечному обмену. Предыдущие номера, тираж которых уже исчерпан, можно скачать полностью из сети в формате PDF с адреса http://www.cirp.es.

Presentación

A sección de ESTUDOS do duodécimo volume de Cadernos de Fraseoloxía Galega ofrece doce traballos que tocan estes ámbitos: estudos de conxunto *Panorama da fraseoloxía húngara*, de Géza Balázs, e *Fraseoloxía do esperanto*, de Sabine Fiedler; a historia da fraseoloxía: *Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna* de Vilmos Bárdosi; a fraseografía: *Información superflua da orixe pragmática na definición lexicográfica das locucións verbais* de Inmaculada Penadés Martínez. Por outra banda, Odriozola Pereira e Ondarra Artieda exploran un tema de fronteira entre fraseoloxía e sintaxe: *Conectores, gramaticalización e polaridade: o caso de* ere *'tamén' na lingua vasca*. Outros artigos analizan diferentes utilizacións da fraseoloxía: *A manipulación das expresións fixas nos titulares da prensa gratuíta:* 'De luns a Venres' de Héctor Cajaraville Araújo; *Unidades fraseolóxicas na sección de agradecementos dos escritos académicos*, de Begoña Sanromán Vilas; e *O emprego da fraseoloxía como recurso específico na publicidade*, de Mª Ángeles Recio Ariza. A capacidade xeradora dos somatismos humanos en galego faise patente en *Dentes e moas na fraseoloxía galega*, de Xesús Ferro Ruibal; e a que tamén en galego teñen os animais mariños vese en *Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños* de Xulián Martínez Blanco e Serxio Veiga Alonso. A comparación plurilingüe está presente co traballo de Martina Silva López *Símbolos nos fraseoloxismos con nomes de animais en alemán e español*. As cuestións da tradución analízanse en *Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución*, de Alejandro Pastor Lara. E a didáctica fraseolóxica en *Didáctica das expresións idiomáticas dende un enfoque plural: imaxes e emocións na aula de lingua estranxeira*, de Eva Mª Iñesta Mena.

Na sección de RECADÁDIVAS segue emerxendo a fraseoloxía galega viva nos traballos de Anxo González Guerra, *Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)*; noutro de Fernando Groba Bouza referido ó gando equino: *"A cabalo regalado non se lle mira o dente". Compilación da fraseoloxía equina galega actual,* e, finalmente, nas *120 locucións verbais galegas* de Ramón Anxo Martíns Seixo.

Na sección de RECENSIÓNS, María Isabel González Rey analiza *Aspectos teóricos da fraseoloxía*, de Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij; Cristina Rodríguez Nieto comenta *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*, de Antón Cortizas; Martina Silva López analiza *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*, de Dmitrij Dobrovol'skij e Elisabeth Piirainen; Xacinta Varela Martínez debulla *Comunicación e interpretación de la vida en el Refranero* de Vicente González Radío. Carmen Losada Aldrey analiza *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán* de Carmen

Mellado, Patricia Buján, Claudia Herrero, Nely Iglesias e Ana Mansilla; e Xesús Ferro Ruibal comenta a obra *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*, de Pilar Río Corbacho.

Esta sección complétase coa de NOVAS na que se dá conta dos libros e artigos remitidos a esta redacción e tamén das conferencias e comunicacións presentadas no Congreso de EUROPHRAS Cross-linguistic and cross-cultural perspectives on phraseology and paremiology celebrado entre os días 30 de xuño e 7 de xullo de 2010 en Granada. Anúnciase tamén o *Internationale Tagung Zur Kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch* que se celebrará os días 24-25 de novembro de 2011 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago organizado polo FRASESPAL e coordinado pola profesora Carmen Mellado Blanco, así como do vindeiro *XII Simposio Internacional de Comunicación Social* do Centro de Lingüística Aplicada que terá lugar en Santiago de Cuba os días 17-21.1. 2011.

Neste número están representadas a Universidade de Santiago de Compostela; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; Escola Oficial de Idiomas de Vigo; IES Sánchez Cantón de Pontevedra; Universidad de Alcalá de Henares; Universidad de Oviedo; Universidad de Salamanca; Euskal Herriko Unibertsitatea/Universidad del País Vasco; Eötvös Loránd Tudományegyetem (Universidade Eötvös Loránd de Budapest); Nyugat-magyarországi Egyetem (Universidade de Nyugat Egyetem de Hungría); Helsingin Yliopisto(Universidade de Helsinki), Geisteswissenschaftliches Zentrum (Universität Leipzig).

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece os textos recibidos, a colaboración dos tradutores que se citan ó pé de cada traballo e as traducións ó inglés de Fernando Pazó Fernández e de Raquel González Pérez. Agradece xa as colaboracións que se anuncian e a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa, África e América. E, como algúns dos números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede http://www.cirp.es

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 1 de marzo do 2011 e a data de aceptación é o 15 de maio de 2011. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solicítalles ós futuros colaboradores que se ateñan estritamente ás normas de publicación que se inclúen ó final deste número e á folla de estilo que se pode consultar na nosa páxina web (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_presenta).

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS..... **15**

BALÁZS, Géza. *Panorama da fraseoloxía húngara*..... 17
BÁRDOSI, Vilmos. *Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna*..... 29
CAJARAVILLE ARAÚJO, Héctor. *A manipulación das expresións fixas nos titulares da prensa gratuíta:* De luns a venres…..... 41
FERRO RUIBAL, Xesús. *Dentes e moas na fraseoloxía galega*..... 69

FIEDLER, Sabine. *Fraseoloxía do esperanto*..... 127
IÑESTA MENA, Eva Mª. *Didáctica das expresións idiomáticas dende un enfoque plural: imaxes e emocións na aula de lingua estranxeira*..... 141
MARTINEZ BLANCO, Xulián; VEIGA ALONSO, Serxio. *Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños* 155
ODRIOZOLA PEREIRA, Juan Carlos; ONDARRA ARTIEDA, Ainara. *Conectores, gramaticalización e polaridade: o caso de* ere *'tamén' na lingua vasca*..... 175
PASTOR LARA, Alejandro. *Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución*..... 195
PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada. *Información superflua da orixe pragmática na definición lexicográfica das locucións verbais*..... 209
RECIO ARIA, Mª Ángeles. *O emprego da fraseoloxía como recurso específico na publicidade*..... 233
SANROMÁN VILAS, Begoña. *Unidades fraseolóxicas na sección de agradecementos dos escritos académicos*..... 247
SILVA LÓPEZ, Martina. *Símbolos nos fraseoloxismos con nomes de animais en alemán e español*..... 273

RECADÁDIVAS..... 287

GONZÁLEZ GUERRA, Anxo. *Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)*..... 289
GROBA BOUZA, Fernando. *"A cabalo regalado non se lle mira o dente". Compilación da fraseoloxía equina galega actual*..... 317
MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo. *120 locucións verbais galegas*..... 373

RECENSIÓNS..... 387

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmtrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Por María Isabel González Rei..... 389
CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*. Por Cristina Rodríguez Nieto..... 403
DOBROVOL'SKIJ, Dmtrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie – Kognitive und kulturelle Aspekte*. Por Martina Silva López..... 405
GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el Refranero*. Por Xacinta Varela Martínez..... 408
MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Por M. Carmen Losada Aldrey..... 410
RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*. Por Xesús Ferro Ruibal 414

NOVAS **419**

Libros, revistas ou artigos recibidos..... 421

Congreso de EUROPHRAS Granada. *Cross-Linguistic And Gross-Cultural On Phraseology And Paremiology*..... 433

Internationale Tagung Zur Kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch. Santiago de Compostela..... 439

XII Simposio Internacional de comunicación social. Centro de Lingüística Aplicada. Santiago de Cuba..... 439

BALANCE **441**

Índice por autores dos doce primeiros números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 12,2010..... 443

Índice de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* por números 459

Notas para a presentación de colaboracións 465

Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2010..... 467

Contents

ARTICLES..... **15**

BALÁZS, Géza. *Hungarian Phraseology Outlook*..... 17

BÁRDOSI, Vilmos. *Michel Bréal and Charles Bally, two precursors of modern phraseology*..... 29

CAJARAVILLE ARAÚJO, Héctor. *The manipulation of fixed expressions in the headlines of free press:* De luns a Venres..... 41

FERRO RUIBAL, Xesús. *Teeth in Galician phraseology*..... 69

FIEDLER, Sabine. *Phraseology of esperanto*..... 127

IÑESTA MENA, Eva Mª. *Didactics of idiomatic expressions from a plural approach: pictures and emotions in the foreign language class*..... 141

MARTÍNEZ BLANCO, Xulián; VEIGA ALONSO, Serxio. *Galician phraseology about fish species and other marine animals*..... 155

ODRIOZOLA PEREIRA, Juan Carlos; ONDARRA ARTIEDA, Ainara. *Connectors, grammaticalisation and polarity: the case of* ere *"also" in Basque*..... 175

PASTOR LARA, Alejandro. *Specialized phraseological units and translation*..... 195

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada. *Superfluous information about the pragmatic origin of verbal phrases in the lexicographical definition*..... 209

RECIO ARIZA, Mª Ángeles. *The use of phraseology as a specific resort in advertising*..... 233

SANROMÁN VILAS, Begoña. *Phraseological units in the thanks section of academic works*..... 247

SILVA LÓPEZ, Martina. *About the symbols in phraseologisms with animal names in German and Spanish*..... 273

COMPILATIONS..... 287

GONZÁLEZ GUERRA, Anxo. *Phraseology and paroemiology of Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo, Spain)*..... 289
GROBA BOUZA, Fernando. *"Don't look a gift horse in the mouth". Compilation of the present Galician equine phraseology*..... 317
MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo. *120 Galician verbal locutions*..... 373

REVIEWS..... 387

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. By María Isabel González Rey..... 389

CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*. By Cristina Rodríguez Nieto..... 403

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*. By Martina Silva López..... 405
GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el refranero*. By Xacinta Varela Martínez..... 408
MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Por M. Carmen Losada Aldrey..... 410
RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*. By Xesús Ferro Ruibal..... 414

NEWS **419**

Books, journals or papers received..... 421

International Conference EUROPHRAS Granada 30.6-2.7.2010. *Cross-Linguistic And Cross-Cultural Perspectives On Phraseology And Paremiology*..... 433

Internationale Tagung Zur Kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch. Santiago de Compostela..... 439

12th International Simposium on social communication. Centro de Lingüística Aplicada. Santiago de Cuba..... 439

OUTCOME..... **441**

Index of authors of the first twelve numbers of *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 10,2010..... 443

Index of *Cadernos de Fraseoloxía Galega* for numbers..... 459

Notes for the presentation of papers..... 465

Publications of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2010..... 467

Estudos

Panorama da fraseoloxía húngara[1]

Géza Balázs[2]

Eötvös Loránd Tudományegyetem

Nyugat-magyarországi Egyetem

Resumo: Síntese panorámica das diferentes áreas da fraseoloxía e paremioloxía húngara, dende a simple recolleita á cuantificación, organización e estudo do material, relación co folclore e coa onomasioloxía e coa transmisión didáctica; con indicación dos máis relevantes investigadores de cada área: Tolnai, Nagy, Voigt, Bárdosi, Wolosz, Smemerkéyi, Ujváry, Hadrovics, e Wöõ entre outros.

Palabras clave: Fraseoloxía húngara. Paremioloxía húngara, Folclore, Onomasioloxía.

A panoramic synthesis of the different areas of the Hungarian phraseology and paroemiology, from the mere collection to the quantification, organization and study of the material, relation with the folklore and with the onomasiology and didactic transmission; with indication of the most relevant researchers in every area: Tolnai, Nagy, Voigt, Bárdosi, Wolosz, Smemerkéyi, Ujváry, Hadrovics, and Wöõ among others.

Keywords: Hungarian phraseology. Hungarian paroemiology. Folklore, Onomasiology.

1. A fraseoloxía como un campo de investigación interdisciplinar

A fraseoloxía pode sinalar algunhas características antropolóxicas ou nacionais dun pobo; o mellor indicador disto poderían ser as palabras clave que se empregan nela. Na fraseoloxía húngara, os termos máis frecuentes son verbos de actividades básicas, as partes do corpo, os conceptos básicos que amosan o medio inmediato dos humanos e as denominadas palabras sen significado de función gramatical (baseado en Bárdosi 2003:621-948):

---

[1] Data de recepción 06/11/2009 Data de aceptación 03/05/2010. Este traballo reelabora un traballo anterior que viu a luz en inglés: "Hungarian Phraseology", en SZATHMÁRI, I. (red.) (2003-2005): *Annales Universitatis Scientiarum Budapestinensis de Rolando Eötvös Nominatae. Sectio Lingusitica*, XXVI. Budapest, 21-44.

[2] Traducido por Antía Veres Gesto e Alba Sánchez Castro.

agora, alcanzar, andar, auga, avisar, bater, ben, bo, boca, cabalo, cabeza, caer, camiño, can, cara, casa, ceo, cerebro, chegar a, coller, conseguir, coñecer, corazón, cortar, cousa, crer, deixar, demo, deus, día, dicir, diñeiro, dous, erguerse, espírito, estómago, facer, falar, fermoso, fondo, golpear, gorxa, grande, guindar, home, insuficiente: non suficiente, ir, levar, lingua, lombo, mal, man, manter, moito, morte, mundo, nada, nariz, necesario, neno, nome, ollo, orella, outro, palabra, parecer, pel, pequeno, permanecer, perna, pescozo, poñer, rodear, sangue, sentar, suxeitar, sorte, tempo, terra, ti, todo, traer, un, ver, vida, vir, vivir.

Se se realizar unha análise máis profunda, poderíanse descubrir características étnicas coas palabras *viño, Deus, can* ou mesmo con *cabalo,* debido a que están incluídas en moitas unidades da fraseoloxía húngara.

Na última recompilación de locucións húngaras achégase un índice de conceptos (Bárdosi 2003:409-620), grazas ao que se poden atopar as unidades segundo o seu significado. Os grupos de nocións máis relevantes son:

ameaza, amor, animar, apreciar, aviso, axuda, bébedo, benestar, bondade, certeza, comer e beber, correr, derrubar, desagradable, descoñecido, despedida, dificultade, discurso, en van, enfermo, esaxeración, éxito, felicidade, fracaso, fachendoso, honesto, incredulidade, indiferenza, insatisfeito, intención, interese, interromper, inútil, ira, locomoción, maldición, malleira, malvado, matrimonio, medo, mentir, meteorolóxico, morte, negación, opinión, oposición, parar, parroquia, parvo, pensamento, perigo, pobre, posibilidade, promesa, tempo, trazos corporais, rexeitamento, roupa, sexualidade, sorpresa, traballo, tristeza, vello, xurisdición.

A fraseoloxía, como a linguaxe, a arte folclórica e a cultura, achega marcas da comunidade e mesmo hai refráns en desuso que poden resultar característicos. Na dialectoloxía húngara, publicouse un dicionario de refráns en desuso (Hegedűs 1996) e outro de identidade fraseolóxica que contén unha recompilación persoal de refráns dun veciño de Gömör (Ujváry 1996) e del pódese concluír que os que non coñece este home, xa se poden considerar esquecidos.

Foron moitos os estudosos que tentaron definir a unidade fraseolóxica básica. Para isto, ademais dos aspectos gramaticais e semánticos, hai que ter en conta outras características formais, como que "unha unidade fraseolóxica contén como mínimo dúas palabras" (Szemerkényi 1994:42), o que implica a polilexicalidade.

Algunhas unidades fraseolóxicas pódense modificar parcialmente por exemplo pódense conxugar, pero outras non. Así, o idiomatismo *a kancsó fenekére néz*, "mirar o fondo do vaso", que quere dicir 'embebedarse', contén un verbo que se pode conxugar:

Tegnap a kancsó fenekére néztem, "Onte mirei para o fondo do vaso".

Mikor néztél utoljára a kancsó fenekére?, "Cando foi a última vez que mirou para o fondo do vaso?".

Pola contra, a maioría das estruturas de palabras fixadas con aparencia de oración, polo común refráns, non se poden modificar, senón que pasan a formar parte dun texto como unha cita ou como seccións invariables da oración. En moitas ocasións, refráns moi coñecidos acúrtanse e empréganse como un indicador da unidade completa, feito que non constitúe un fenómeno novo. Velaquí unha frase que adoita proferirse abreviada:

Kinek a pap, kinek a papné..., "O cura para ti, a súa muller para min...".

Aínda non é a frase enteira, mesmo se con humor engaden: ... *kinek a paplány...*, "...e a súa filla para el", o que significa que cadaquén ten un gusto diferente. Do mesmo xeito, existen algunhas formas que conteñen máis elementos da orixinal (*Ki szereti a papját, ki meg a kalapját* , "A algúns gústanlles os seus curas, a outros as súas festas" etc.).

Cómpre mencionar o fenómeno da desautomatización ou antiproverbio (Mieder, Tóthné Litovkina 1999), que se produce cando a unidade fraseolóxica establecida se usa de novo co seu significado orixinal e literal. Por unha banda, porque é humorístico e, pola outra, porque xa non se coñece, polo que se está formando un uso pedagóxico e apropiado da linguaxe. No sistema de educación antigo, era natural ensinar fraseoloxía. Como hoxe en día a lectura ocupa unha posición menos salientada, o coñecemento das unidades fraseolóxicas faise menos importante; ademais, a denominada *Lingüística posmoderna logocéntrica* quere causar impresión deformando e modificando frases fixadas. A desautomatización, a distorsión destas frases, pódese observar no folclore da cidade de Budapest dende comezos do século XX. Frigyes Karinthy, un destacado escritor húngaro, desenvolveu un xénero humorístico baseado nesta tendencia. A partir de *Evés közben jön meg az étvágy*, "Mentres comes, chega o apetito", Karinthy crea *Evés közben jön meg a postás*, "Mentres comes, chega o carteiro"; a partir de *Ki korán kel, aranyat lel*, "O paxaro madrugador atrapa o verme", crea *Ki korán kel, tróger*, "O paxaro madrugador vai traballar". Esta cuestión está relacionada co ensino da fraseoloxía, debido a que forma parte do plan de estudos da gramática ou da práctica e estudo da tradución (T. Litovkina 2000).

Na fraseoloxía, de xeito especial nos refráns, pódense establecer agrupacións por rexión e forma. Na investigación sobre dialectoloxía, existen categorías diferenciadas para palabras totalmente rexionais, para as rexionais no significante e para as rexionais no significado. Se seguimos esta categorización, podemos dicir que hai expresións totalmente rexionais e outras rexionais no significante e no significado.

(1) Frasemas rexionais polo formato: *Jákob létrája/lajtorjája*, "a escaleira de Xacob"; *Sok lúd/liba disznót győz*, "Moitas ocas gañan contra os porcos". Hai dúas palabras distintas para *escaleira* e *oca*, pero son semellantes na súa forma.

(2) Frasemas rexionais polo significado: *Orrával szép az ember*, "Os homes son fermosos co nariz posto". Primeiro sentido: 'non avergonzarse por ter un nariz grande'. Segundo sentido: 'en verdade paga a pena vivir unha vida honesta' (cortar o nariz adoitaba ser un castigo corporal).

(3) A desautomatización tamén é importante a medida que os significados orixinais empezan a esvaecerse. Unha unidade totalmente rexional: *Möglépött, mint*

Dugonics, "marchou como fixo Dugonics": a estatua de András Dugonics trasladouse de súpeto dende o lugar onde nun principio se atopaba ata outra praza, na cidade de Szeged, ao sur de Hungría. Só aqueles que saiban ao que se refire entenderán a expresión.

Grazas ao avanzado estudo dos nomes, leváronse a cabo investigacións relacionadas cos refráns húngaros. Wolosz (1994) estudou a colección de Ede Margalits (1896) e observou grupos de palabras como nomes propios (nomes de persoas, home, Deus, o demo) e nomes xeográficos (lugares míticos, castelo, montaña, terra, chaira, asentamento, rúa, auga). Tamén considerou tipos de nomes pouco frecuentes nos proverbios: nomes dos días (*día de san Miguel*), corpos celestes, rezos, libros, obxectos. Algúns dos nomes propios máis frecuentes nos refráns húngaros son *Viena*, *Buda*, *o Danubio*, *Deus*, *Xoán*, *Cristo*, o demo, o río *Tisza*.

2. As unidades da fraseoloxía húngara, os distintos tipos de frasemas

László Hadrovics (1995:25) afirma na súa fraseoloxía histórica: "A categorización das unidades fraseolóxicas húngaras faise case imposible debido precisamente á variedade desas mesmas unidades". De todos os xeitos, podemos observar que os lingüistas falan sobre fraseoloxía nun senso máis limitado que os folcloristas.

A bibliografía lingüística aplica as seguintes categorías ó amplo abano de frasemas: 1) expresións empregadas comunmente, 2) idiomatismos e símiles de contido, 3) refráns e 4) adaxios.

A detallada agrupación de frasemas segundo o significante proposta por Gábor O. Nagy (1976:8-25) achega moita información, amais de ocuparse de características lingüísticas.

(1) Idiomatismos formados por combinación de palabras: a) idiomatismo simple: non ten ningunha oración subordinada nin tampouco repeticións da mesma cláusula para producir segmentos separados na frase (*adja a bankot*, "dálle ao banco" = 'lúcete'; *kötélnek áll*, "apóiate na corda" = 'accede a facer algo'), b) idiomatismo complexo: fórmase a partir de dous segmentos paralelos que, como nun símil, se conectan con "como" , "coma" , "ou... ou" (*vagy megszokik, vagy megszökik*, "Ou aclimatarse ou marchar para outro clima"; *Világos, mint a vakablak*, "Está tan claro como un día nubrado").

(2) Idiomatismos que semellan oracións: a) coa función de interxección (*Nem oda Buda!*, "Ata Buda!"; *Hátrább az agarakkal!*, "Calma os teus galgos!"), b) respostas a preguntas (*Hogy vagy?*, "Que tal vai?" – *Mint szegény ember gazdag városban*, "– Como un rapaz pobre nunha cidade rica"; *Két lábon, mint a lúd*, "Sobre as dúas pernas, como as ocas"; *Mint a szösz, fonatlan ...*, "Como a la, sen tratar..."), c) respostas baleiras (*Hogy a rák a vetésre ne menjen!*, "Por que? Para que os cangrexos non invadan os campos"), d) idiomatismos con forma de cita na primeira persoa do singular (*Eszem, iszom, jól élek, senkivel sem cserélek*, "Podo comer, podo beber, divírtome, non me cambiaría por ninguén").

László Hadrovics (1995), o creador da sintaxe funcional húngara, clasificou a fraseoloxía segundo categorías lingüísticas e funcionais, para o que tamén empregou expresións arcaicas. Velaquí a súa clasificación histórica:

(1) A fraseoloxía de combinacións de palabras: agrupacións de verbos transitivos (*kedvét keresi valakinek*, "tratar de compracer a alguén"), verbos con adverbios (*végbe megy/véghez megy*,"cruza"), colocacións múltiples (*függ valamiben/valamitől/valamiből*, "depender de"), unidades que perden o caso posesivo (*számán tart/számon tart*, "ter en conta/na súa conta"), idiomatismos creados a partir de colocacións (*jól/rosszul/pórul jár*, "ir ben, ir mal, ir fatal"), reducións de locucións verbais (*magadra vess*, "golpéate a ti" = 'bótate a culpa só a ti'; *kutya baja*, "ten un problema de can" = 'non ten problemas'), combinacións de adxectivo e nome (*utazó nagykövet*, "embaixador viaxante"; *szürke emincenciás*, "eminencia gris"), combinacións emparelladas (onomatopeas, etimoloxías figuradas: *életében és holtában*, "en vida e morte"; *erőnek erejével*, "co poder da forza"), a importancia dos efectos sonoros na fraseoloxía sintáctica (*Hol volt, hol nem vot...*, "Había unha vez, non había unha vez..." = a mesma frase que "Dunha vez era...", pero coa repetición da mesma sección fixada en ambas as dúas partes).

(2) Oracións e cláusulas como frasemas: oracións simples (*Éppen jó kedvemben találsz*, "Cóllesme de boas"), oracións complexas sen conexións expresas (*Csoda, hogy...*, "É un milagre que..."), auténticas oracións complexas (*Itt süllyedjek el, ha én tettem*, "Se a terra fose eu, afundiría nela"), oracións abreviadas (*Istenemre mondom –> Istenemre*, "Xuro por Deus!" → "Por Deus!").

(3) Discurso figurado. O discurso figurado sempre está conectado con obxectos reais, polo que o autor elaborou grupos segundo o seu tema, o mundo físico: o corpo enteiro e as súas partes; o medio inmediato das persoas; o ser humano e a relación coa natureza; o ser humano e as forzas e fenómenos naturais; actividades tradicionais e artesanais; o ser humano e a sociedade; o exército e os enfrontamentos; a lei, a xurisdición, as autoridades e os asuntos financeiros; entretemento; a fe.

(4) Paráfrases como, por exemplo, os eufemismos (*Gyereket csinál valakinek*, "Fíxolle un fillo"). Frases con xente, homes, mulleres, relixión, animais, obxectos, materiais, aparencia física, personalidade, accións, locomoción, procesos mentais e psicolóxicos, nacemento, morte.

(5) Refráns.

(6) Referencias literarias, connotacións e citas da Biblia, da Antigüidade, da Idade Media ou da Idade Moderna.

(7) Elementos traducidos ou tomados do grego, do latín, do alemán, do francés, do italiano, do inglés ou das linguas eslavas. As colocacións de palabras e a fraseoloxía das oracións constitúen o centro da fraseoloxía gramatical. Pódese falar das seguintes relacións ligadas á fraseoloxía: verbos transitivos (*beköti a fejét*, "átalle a cabeza" = 'casa cunha rapaza' –segundo a tradición, unha muller casada debía

anoar un pano na cabeza), combinación de verbo e adverbio (*szemére hány*, "servir nos ollos de alguén" = 'rifar; dar as grazas'), abreviación de frases verbais (*kimúlik e világból*, "marcha desta vida" → "marcha" = 'morre; que diantre está pasando aquí' → 'que diantre'), un nome e adxectivos (*vénasszonyok nyara*, "o verán das vellas" = 'veranciño de san Martiño'), palabras emparelladas (*hegyen-völgyön*, "subir á montaña, baixar ao val"). En diversas unidades fraseolóxicas, non estamos seguros das colocacións en húngaro, sobre todo ao lermos os autores de antano, por exemplo: *bízik valakiben/valakihez*, "ter confianza en alguén"; *gondot visel valakire/valakiről*, "coidar de alguén". Así e todo, non se poden considerar estas incertezas como un problema de precisión da linguaxe. As unidades fraseolóxicas separáronse das referencias temáticas orixinais; o seu sentido literario e as ideas abstractas non teñen fronteiras definidas e físicas como ten o mundo real. Algúns idiomatismos sufriron modificacións nas colocacións que cambiaron a súa estrutura gramatical, por exemplo: *vásik/fáj a foga valamire*, "ter unha moa dorida por algo" = 'desexar moito algo'.

As aplicacións lingüísticas son aparentemente similares entre elas. As análises do folclore entenden a fraseoloxía como un campo de estudo máis amplo que a lingüística. Vilmos Tolnai (1941-1943) no seu traballo de síntese *A magyar folklór* ("O folclore dos húngaros") recolle nunha lista unidades moi similares (tipos de idiomatismos): 1) símil de contido, 2) un idiomatismo de dúas partes e 3) refráns. Este último, debido ao seu contido, garda unha "estreita relación" coa que o famoso escritor categoriza coma 4) sentenza, ao que se lle adoita chamar adaxio. Esta unidade fraseolóxica ten as seguintes subcategorías: a) axioma, b) máxima, c) idea (aforismo, o xogo da mente, "o condimento da comunicación espiritual"). O refrán é moi semellante ás máximas, pero podería considerarse unha idea ou un chiste para facer dano.

O folclore húngaro agrupa accidentalmente os preceptos do granxeiro sobre datas importantes, crenzas e predicións meteorolóxicas coma se fosen proverbios. O capítulo titulado "The Relatives of Proverbs" é especialmente interesante porque recolle, á parte de importantes datas e adaxios, fenómenos próximos entre si, ou que poden ou deberían estar separados dos idiomatismos na forma: 5) adverbios fixados e as súas colocacións, 6) a figura do discurso, 7) tópicos, 8) maldicións e xuramentos e 9) contos cunha ensinanza moral.

O máis amplo e posiblemente máis moderno listado fraseolóxico podémolo atopar na publicación das notas universitarias de Vilmos Voigt, *A magyar folklór* ("O folclore húngaro"), no capítulo que trata os xéneros épicos breves en prosa. Voigt introduce, dentro de tres grupos maiores de xéneros, subcategorías que non están recoñecidas: 1) os precursores dos proverbios (figura do discurso, expresións metafóricas, sinónimos, símiles de contido, palabras compostas e tópicos); 2) os proverbios reais: a) idiomatismos verdadeiros (precepto, burla), b) proverbios (máxima, sentencia), c) expresións convencionais (frases proverbiais) e d) adaxios; 3) os grupos dos proverbios épicos: a) wellerismos (idiomatismos con forma de citas: *Azt mondta az öreg Kis, ne csak együnk, igyunk is*, "Dixo Xoaniño que comer e beber axuda a vivir"), b) comparacións con forma de idiomatismo e c) formas temporais. Só como unha lista de unidades fraseolóxicas que son difíciles de dicir á parte dos proverbios: lemas que

semellan adaxios, ditos rimados (*dance word*), anuncios, formas estereotipadas de saúdo ("benvido" ou "bos días"), xuramentos, avisos etc.

Pódese atopar a mesma amplitude analítica na colección de idiomatismos máis moderna, completa e nova de Vilmos Bárdosi e o seu equipo (2003), onde dan o seguinte listado de combinacións de palabras:

1) número infinito de combinacións de palabras absolutamente aleatorias.

2) frases fixadas en estrutura e significado que só se poden analizar en sentido global. Teñen fortes valores metafóricos e tradición na lingua, son amplamente coñecidos e tamén presentan combinacións establecidas. Estes tipos teñen as seguintes denominacións tradicionais:
   a) idiomatismos (*felkapja a vizet*, "salpicar auga" = 'enfadarse')
   b) símiles de contido (*szegény, mint a templom egere*, "tan pobre coma un rato de igrexa")
   c) as chamadas do tipo "dise cando", frases pragmáticas usadas segundo a situación, de fala convencional e que están conectadas a situacións de discurso particulares (*Szépre száll a füst*, "O fume móvese cara á xente fermosa" = 'dise cando alguén fuma e o fume se dirixe cara a alguén')
   d) as chamadas pezas do discurso: son pezas populares que teñen as seguintes posibles subcategorías:
      i) saudar, dicir "ola" (*Pálinkás jó reggelt kívánok!* , "Bos días! Levantemos as nosas copas")
      ii) xuramentos e maldicións (*Az anyja keservét!*, "A pena da súa nai!")
      iii) lemas políticos ("*Munkát! Kenyeret!* , "Traballo! Pan!")
      iv) epitafios (*Munkát! Kenyeret!* , "Descanse en paz")
      v) graffiti (*Hülye, aki elolvassa*, "Parvo quen o lea")
   e) adaxios, con observacións, e citas (*Nyelvében él a nemzet*, "A nación vive na súa lingua")
   f) proverbios como sentenzas, ditos comúns que se usan para expresar verdades xerais, comentarios agudos sobre a vida (*Ki korán kel, aranyat lel*, "O paxaro madrugador colle o verme")

3) Entre as dúas primeiras categorías hai unha colección de frases mesturadas con diferentes niveis de unidade, colocacións que traspasan os seus límites (*vereséget szenved* = *megverik*, "sufrir unha derrota = perder").

Nos estudos sobre folclore húngaro, a escola que busca as individualidades é precisamente unha de Budapest que segue os pasos de Ortutay e que investigou os grandes personaxes do folclore, coma tal os contacontos. Un estudoso do folclore popular, Zoltán Ujváry (1996), aplicou o seu método fraseolóxico cando recompilou e publicou os 1200 proverbios dunha única persoa, János Lőkös.

O traballo de investigación *Nomes propios nos proverbios húngaros* (Robert Wolosz 1994) está na fronteira entre a lingüística e o folclore e tenta investigar todos os tipos de nomes das coleccións de proverbios húngaros. Neles, ao lado dos nomes propios

(Deus, demo ou criaturas mitolóxicas), aparecen nomes de animais, topónimos e outros nomes.

Polo tanto, na fraseoloxía húngara pódese aplicar simultaneamente tanto o enfoque máis limitado, o lingüístico, coma o máis amplo, o folclórico, que inclúe os xéneros discursivos.

3. Os refráns

Os refráns son "expresións curtas e puntuais de normas morais e regras de vida, reunidas pola humanidade durante centos ou miles anos, e que polo tanto son un verdadeiro reflexo do pensamento do pobo". De acordo co punto de vista dun estudoso do folclore húngaro, os proverbios húngaros refírense a aproximadamente 300 fenómenos e materias. En xeral, as materias son: a) as que teñen que ver co ser humano e a súa vida (*Lassan járj, tovább érsz*, "Camiña paseniño para chegar máis lonxe"), b) preceptos da vida do campo (*Márciusi por/Májusi eső aranyat ér*, "O sol en marzo/A chuvia de maio vale ouro"), c) ditos habituais relacionados co tempo meteorolóxico (*Fekete karácsony – fehér húsvét*, "Nadal negro, Pascua branca"), d) normas de saúde, especialmente na comida e na roupa (*Kutyaharapást a szőrivel gyógyítják*, "A mellor menciña para a trabadura dun can é aplicar o pelo do can") e (e) expresións convencionais (*Ami késik, nem múlik*, "O que non pasou aínda pode facerse realidade").

4. Pezas do discurso na fronteira entre o folclore e a lingüística

A fraseoloxía moderna dificilmente se podería desenvolver sen analizar as unidades lingüísticas do folclore establecidas. Como aínda non todas están documentadas e as descricións precisas son escasas, non podemos tratar de facer unha introdución meticulosa. Aquí achéganse algúns tipos de pezas do discurso como exemplo:

4.1. Saúdos, para dirixirse a alguén. A súa estrutura establecida demóstrase abondo polo feito de non se poderen cambiar sen dificultar a comunicación. Neste grupo encóntranse frases convencionais ou menos formais que substitúen os saúdos, coma tal: *Adjon Isten, jó estét, komám*, "Se cadra Deus che dá unha boa tarde!";

4.2. Maldicións, xuramentos e fórmulas condenatorias son unha parte da lingua bastante sólida e fixada. Pode parecer paradoxal pero é verdade que ata o anoxo ou a paixón inmediatos atopan a forma de se expresaren nunha fórmula prefixada. Por exemplo: *A fene ette volna meg ezt a kést, de életlen!*, "Condenado coitelo, está desaguzado" ;

4.3. Nas supersticións da aldea, crese que os conxuros non se poden modificar porque perderían o seu poder. Estas frases establecidas considéranse amuletos escritos. Cando se vai visitar un neno que acaba de nacer dise: *Csúnya, ronda vagy, meg ne verjelek a szememmel!*, "Es feo, es desagradable, non debería mirar para ti";

4.4. As adiviñas son refráns curtos que se usan como citas nas conversacións: *Ha bemegy, kiáll, ha kimegy, beáll, ha lemegy, feláll, ha felmegy, leáll. Mi az? (A*

macska farka), "Se entra, queda fóra; se sae, queda dentro; se baixa, mira cara arriba e se sobe, mira cara abaixo. Que é ? (o rabo dun gato)";

4.5. Os lemas, os textos escritos nas paredes, os graffiti, as insignias etc. non son só pezas pequenas do discurso, grupos fraseolóxicos, senón que tamén son medios de comunicación masiva. Case todos os xéneros discursivos pódense difundir con eles.

5. Préstamos que se traducen ou que se adoptan coa súa forma orixinal

No discurso cotián usamos frecuentemente frasemas na forma orixinal da lingua da que proveñen. Estas formas poderían funcionar como segredos ou ser unha manifestación de pertenza a un círculo pechado de xente ou intentar amosar o coñecemento que alguén ten de algo.

A educación en latín require o coñecemento das citas latinas de memoria, polo tanto, non chaman a atención cando se insiren en textos húngaros. Exemplos: *eo ipso* ('por si mesmo, por iso mesmo'); *nota bene* ("nota ben", "fíxate ben"); *ab ovo* ('orixinalmente, dende o comezo'); *sapienti sat* ('para quen entende xa chega'); *sub rosa* ('en segredo').

O outro grupo importante de idiomatismos son os procedentes do alemán. Exemplos: *nicht vor dem Kind* ("non diante do neno"), *sag' schon* ("por favor dío"), *unter uns gesagt* ("entre ti e eu").

Recentemente, a fraseoloxía inglesa comezou a expandirse. Exemplos: *time is money*, ("o tempo é diñeiro"), *the right man in the right place*, ("o home axeitado no momento oportuno") ou *gentleman's agreement*, ("acordo de cabaleiros").

6. Idiomatismos na actualidade

Sábese relativamente pouco sobre por que, como e en que situacións se usan as unidades fraseolóxicas. Ágnes Szemerkéni (1994) presenta, no seu artigo, os idiomatismos húngaros tanto no seu uso primario na comunicación diaria coma no seu uso secundario. En ambos os dous, o tipo e o estilo do texto ten importancia. No uso primario a comunidade e o rexistro son os que máis inflúen. Sobreviviron uns poucos exemplos de como naceron os ditos máis habituais (*Mit mondott a kabai asszony? - Igyunk egyet komámasszony!*, "Que dicía a muller de Kaba? –Bebamos e gocemos do día!"; este é un dos escasos exemplos de wellerismo ou de idiomatismo con forma de cita). Os refráns adoitaban ter un valor xudicial e aínda o fan en certas situacións, polo tanto, aínda está en uso a expresión "refrán xudicial".

Os folcloristas destacaron que os lugares máis comúns onde se aprenden son a casa e a escola. Nas lecturas da escola inclúense refráns para incrementar o pensamento abstracto. Nun traballo de investigación nunha escola primaria de Budapest en 1988, os estudantes só sabían o 32% dos proverbios dos seus libros (Szmerkényi 1994:108). En vez de aprenderen os refráns tradicionais, os nenos de ámbito urbano aprendían mellor os idiomatismos, símiles de contido e os novos refráns. Hai gran cantidade de unidades que comezan cunha expresión que significa: *Kevés vagy...*, "Non es suficiente…" /

"Esqueces algo"…, para expresar desprezo; *Kevés vagy, mint erdőtűznél a vízipisztoly*, "Non es abondo, coma unha pistola de auga nun incendio". Outro tipo de expresión úsase para advertir a outros usando referencias a situacións imposibles: *Nehogy már a befőtt rakja el a nagymamát*, "Oxalá a marmelada non protexa a avoa".

Os resultados amosan que o número de refráns que se usan aumentan coa idade, con todo obsérvase que os idiomatismos e os símiles de contido son característicos dun discurso máis sofisticado. Ademais como usar un discurso requintado non é tan importante, o número de proverbios tamén diminúe, aínda que as persoas os usen doutra maneira. Como os estudosos do folclore sinalan, hai persoas que usan moitos idiomatismos do seu "saco dos ditos comúns", pero outras usan moi poucos. Por aquí volvemos á individualidade.

En conexión co uso secundario, cómpre mencionar as aplicacións literarias, xornalísticas, publicitarias, as das artes aplicadas e mesmo as psicolóxicas. A literatura dos conflitos relixiosos no século XVII e despois o estilo folclórico nos séculos XIX e XX incrementaron o uso de refráns na literatura húngara. Na literatura húngara actual úsase a desautomatización para chamar a atención, pero tamén hai unha cantidade considerable de datos sobre o uso dos idiomatismos tradicionais (Forgács 2003).

Na actualidade a prensa e a publicidade usan a deasautomatización que permite crear un efecto humorístico. En psicoloxía, utilízanse probas que analizan as funcións mentais por medio da comprensión de refráns.

7. O número de frasemas húngaros

Naturalmente non temos tan sequera cifras aproximadas de cantos frasemas húngaros hai. Repárese no seguinte:

a) Compilacións rexionais:

István Jósa: *Okos, mint a kecskeméti szélmalom:1000 kecskeméti és Kecskemét környéki közmondás és szólás* (*Clever as the Windmill of Kecskemét, 1000 idioms from Kecskemét and its area*) (Kecskemét 2001) – 1000; László Bura: *Szatmáriszólások és közmondások* (*Idioms and Proverbs from Szatmár*) (Budapest 1987) – 2312; Antalné *Enyedi: Öcsödi szólások és közmondások* (*Idioms and Proverbs from Öcsöd*) (Budapest 1992) – 2967; Árpád Kálnási: *Proversbs from Debrecen's citizens* (Debrecen 2008) – 10.000; Gabriella Vő: *Hungarian Proverbs from Transsylvanien* (Székelyudvarhely 1999 / Budapest 2007) – 38.000.

b) Coleccións nacionais húngaras:

Ede Margalits: *Magyar közmondások és közmondásszerű szólások* (*Hungarian Proverbs and Proverb-like Sayings*) (1896) – arredor de 2500; Gábor, O. Nagy: *Magyar szólások és közmondások* (*Hungarian idioms and proverbs: archaic and regional idioms*) (1976) – arredor de 2000; Vilmos Bárdosi (ed.): *Magyar szólástár. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára* (*Hungarian Idiom Collection: today's idioms*) (2003) – 13.000; Tamás Forgács: *Magyar szólások és közmondások szótára. Mai nyelvünk állandósult szókapcsolatai*

példákkal szemléltetve (*The Dictionary of Hungarian Idioms and Proverbs: the language of the press*) (2003) – 8000.

Por último cómpre mencionar que no *New Hungarian Regional Dictionary* (1.-5.) hai case medio millón de palabras rexionais, das cales a maior parte teñen conexión cos refráns. Non nos afastamos moito da realidade se pensamos que o corpus de refráns húngaros ten uns cantos centos de miles de unidades.

8. A historia dos ditos

As frases *kígyót-békát kiált valakire*, "berrarlle a alguén sapos e serpes" e *lóvá tesz*, "converter a alguén nun cabalo" lembran os tempos de cando o pobo cría nas bruxas; *Kosarat kap*, "conseguir unha cesta" e *kitették a szűrét*, "sacar o abrigo" (librarse de alguén) proveñen da maneira tradicional do cortexo; *Benne van a csávában*, "alguén está nun cogombro torrado" e *a maga malmára hajtja a vizet*, "dirixe a auga para o seu muíño" están conectados a profesións antigas; *Hátra van még a feketeleves*, "a sopa negra está chegando" e *Hencidától Boncidáig folyt a sárga lé*, "o líquido amarelo manaba de Hencida a Boncida" teñen versións de como se lles chamaba antigamente ao café e á sopa. A investigación sobre as orixes dos idiomatismos é unha tarefa etimolóxica moi popular. Ademais de Hadrovics (1995), outras figuras destacadas neste campo de estudo foron Gábor O. Nagy (1979) e Béla Bernáth (1986), que vían unha referencia sexual en cada idiomatismo.

9. Referencias bibliográficas

BALÁZS, Géza (1997): *The Story of Hungarian. A Guide to the Language*. Budapest: Corvina.

BÁRDOSI, Vilmos; BALÁZS, Géza; BALOGH, Péter; HESSKY, Regina; KISS, Gábor (eds.) (2003): *Magyar szólástár* (*Recompilación de idiomatismos húngaros*). Budapest: Tinta.

BÁRDOSI, Vilmos; KISS, Gábor (2005): *Közmondások* (Refráns). Budapest: Tinta.

(2005): *Szólások* (*Idiomatismos*). Budapest: Tinta.

BERNÁTH, Béla (1986): *A szerelem titkos nyelvén. Erotikus szólások és egyéb folklórszövegek magyarázata* (*Na lingua secreta do amor. Análise de idiomatismos eróticos e outros textos populares*). Budapest: Gondolat.

FORGÁCS, Tamás (2003): *Magyar szólások és közmondások szótára* (*Dicionario de idiomatismos e refráns húngaros*). Budapest: Tinta.

HADROVICS, László (1995): *Magyar frazeológia* (*Fraseoloxía húngara*). Budapest: Akadémiai.

HEGEDŰS, Attila (1996): *Kisnémedi tájszótár. Hiányszótár* (*Dicionario rexional de Kisnémedi. Dicionario de frases en desuso*). Budapest: ELTE.

KÁLNÁSI, Árpád (2008): *Proverbs from Debrecen's citizens.* Debrecen: TKK.

MIEDER, Wolfgang; TÓTHNÉ LITOVKINA, Anna (1999): *Twisted Wisdom. Modern Anti-Proverbs*. Burlington, Vermont: The University of Vermont.

O. NAGY, Gábor (1976): *Magyar szólások és közmondások* (*Idiomatismos e refráns húngaros*). Budapest: Gondolat.

(1979): *Mi fán terem? Magyar szólásmondások eredete* (*De onde vén? As orixes dos ditos habituais de Hungría*). Budapest: Gondolat.

PACZOLAY, Gyula (1987): *A Comparative Dictionary of Hungarian–Estonian–German–English–Finnish and Latin Proverbs. With an appendix in Cheremis and Zyrian.* Veszprém: VEAB.

SZEMERKÉNYI, Ágnes (1994): *"Közmondás nem hazug szólás". A proverbiumok használatának lehetőségei* (*"Os refráns non menten". Os posibles usos dos refráns*). Budapest: Akadémiai.

(2009) *Szólások és közmondások* (Idiomatismos e refráns). Budapest: Osiris.

TOLNAI, Vilmos (1941-1943): "Szólások.", en Magyar Tudományos Akadémia Néprajzi Kutató Csoportjában: *A magyarság néprajza.* ("Idiomatismos", en Academia Húngara de Grupo de Investigación en Ciencias Etnográficas: *The Folklore of the Hungarians*. III. Hungarian Royal). Budapest: Királyi Magyar Egyetemi Nyomda, 350-384.

TÓTHNÉ LITOVKINA, Anna (2000): *A Proverb A Day Keeps Boredom Away.* Pécs-Szekszárd: IPF-Könyvek.

UJVÁRY, Zoltán (1996): *Egy földműves szólásai és közmondásai* (*Idiomatismos e refráns dun granxeiro*). Debrecen. *Gömör néprajza*, XLVIII (*The Folklore of Gömör*, XLVIII).

VOIGT, Vilmos (1979): "Kisepikai prózaműfajok", en ORTUTAY, Gyula (szerk.): *A magyar folklór. Egyetemi tankönyv* ("Xéneros épicos breves", en ORTUTAY, Gyula (ed.): *O folclore húngaro*. *Notas universitarias*.). Budapest: Tankönyvkiadó, 283-323.

VÖŐ, Gabriella (1999): *Erdélyi magyar szólások* (*Refráns da Transilvania húngara*). Székelyudvarhely: Erdélyi Gondolat / (2007)[2] Budapest: Akadémiai Kiadó.

WOLOSZ, Robert (1994): *Tulajdonnevek a magyar közmondásokban* (*Os nomes propios nos refráns húngaros*). Budapest: ELTE.

Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna

Vilmos Bárdosi[1]

Universidade Eötvös Loránd de Budapest

O artigo ten como obxectivo demostrar que a opinión tan estendida e mecanicamente repetida nas diferentes publicacións segundo a cal o "pai" da fraseoloxía moderna sería o lingüista suízo Charles Bally, débese matizar, e cómpre recoñecerlle ó lingüista francés Michel Bréal un lugar máis xusto na historia da fraseoloxía, aínda que se recoñeza o papel indubidablemente determinante realizado por Bally na formación da fraseoloxía moderna.

Palabras clave: fraseoloxía, historia da fraseoloxía.

The aim of this article is to prove that the widespread and mechanically repeated opinion in several publications asserting that the "father" of modern phraseology is the Swiss linguist Charles Bally must be qualified. It is necessary to admit that the French linguist Michel Bréal deserves a fairer place in the history of phraseology, despite the unquestionably determining role played by Bally in the formation of modern phraseology.

Keywords: phraseology, history of phraseology.

0. Cando se analizan as numerosas monografías e estudos relativos á fraseoloxía publicados en diferentes países atopámonos cunha frase recorrente, mecanicamente repetida: **o pai da fraseoloxía moderna** foi o lingüista suízo Charles Bally (por exemplo Telija 1966:14; Thun 1978:18; Juhász 1980:79; Pilz 1981:36; Fleischer 1982:10; Burger et alii 1982:1). Pero esta opinión, algo precipitada, débese matizar. Concretamente, atopamos que –algúns anos antes que Bally– Michel Bréal[2] xa

Data de recepción 01/09/2010 Data de aceptación 27/09/2010

[1] Tradución de Minia Ferro Fernández.

[2] Lingüista francés (Landau 1832 – Paris 1915), alumno de Franz Bopp de quen traduciu a *Grammaire comparée* introducindo así en Francia a gramática comparada e os métodos dos neo-gramáticos alemáns. Antigo alumno da École Normale Superieure, profesor de gramática comparada no Collège de France e na École Practique des Hautes Études, membro do Institut de France, Bréal intentou "la synthèse du fonctionnalisme formel de la linguistique allemande et de la tradition mentaliste et rationaliste française" (*Le Petit Robert des noms propres*, 1997:310).

formulara algunhas reflexións inxustamente descoidadas pola maioría dos especialistas da fraseoloxía, reflexións que contribuíran moito nas investigacións indiscutiblemente fundamentais de Bally neste campo da lingüística que se ía emancipar só varios decenios máis tarde[3].

Poucos son tamén os lingüistas que sinalan que antes de Bréal e Bally houbera tamén na lingüística europea algúns traballos de interese teórico xeral para o estudo sincrónico da fraseoloxía. Primeiro citémo-lo nome de Alberto Zuluaga que sinala no capítulo II do seu libro sobre as expresións fixas (Zuluaga 1980:31):

> *En diferentes capítulos de la obra fundamental de H. Paul,* Prinzipien der Sprachgeschichte (1880 = 1960)*, encontramos dispersas, algunas observaciones importantes para el reconocimiento y caracterización de las expresiones fijas. Las denominaciones mismas "isolierte Formel", "stehende Formel", "stehende Verbindung", "feste Verbindung", "Erstarrung einer Flexionsform" [1], con que el autor distingue a veces algunas de las expresiones que analiza, nos indican une identificación bastante clara de la fijación fraseológica.*

Isabel González Rey comenta no seu libro sobre a fraseoloxía do francés (González Rey 2002:21) que o lingüista alemán Hermann Paul sinala xa en 1880 nos seus *Prinzipen der Sprachgeschichte* a presenza de construcións estables caracterizadas pola súa estrutura de elementos agrupados que forman un bloque, empregados con reiteración e significando algo distinto do que cada constituínte significa separadamente. E tamén chama ela a atención sobre un estudo de František Čermák (Čermák 1998) que pon en cuestión a orixinalidade de Bally e atribúelle a Ferdinand de Saussure os principios (ausentes no *Cours* de 1916, mais reconstruídos por Rudolf Engler, en 1967) que puideron influír no seu discípulo (González Rey 2002:22).

1. O *Essai de sémantique. Science des significations*, publicado por Michel Bréal en 1897 na editorial Hachette en París, é un labor fundamental que marca un xiro na historia da lingüística[4]. Aínda que este libro conteña numerosas análises etimoloxizantes características dos lingüistas comparatistas dese século, o feito é que tamén significou o nacemento da semántica como disciplina autónoma da lingüística. Observemos que esta constatación é verdadeira mesmo cando o primeiro traballo de carácter semántico no sentido amplo da época moderna –e desa maneira o predecesor inmediato de Bréal– é para moitos lingüistas o libro titulado *Des tropes ou Des différents sens dans lesquels on peut prendre un même mot dans une même langue* do enciclopedista César Chesneau du Marsais, aparecido en 1730.

Aínda que o termo *phraséologie* en si mesmo non apareza nin unha vez no capítulo titulado *L'histoire des mots* do seu libro[5], Bréal fala de maneira consecuente de

[3] Para os antecedentes máis antigos da fraseoloxía francesa remitimos ó noso artigo (Bardosi 1990b). A redacción de CFG amablemente fíxome reparar en estudos semellantes en alemán e en español (Wieickert 1997; Montoro del Arco 2009).

[4] Citamos pola sexta edición aparecida en 1924.

[5] Segundo o FEW (t. 8., p. 400) o termo *fraseoloxía* (do grego *phrasis* 'expresión' + *logos* 'palabra') aparece por primeira vez en 1558 no libro titulado *Phraseologia Isocratis Graecolatina...* de Michael Neander co sentido de 'escolma de locucións'. En francés, o termo atopa a súa primeira aparición co sentido de

formules, *locutions*, *groupes articulés*[6] e ó describilos emprega trazos característicos dos que en xeral se coida –e, engadimos xa, sen razón– que foron formulados por primeira vez en libros aparecidos en 1905 e en 1909 por Charles Bally (Bally 1905 / 1909[7]).

Bréal di de maneira explícita que, máis alá das palabras individuais, na lingua hai combinacións de palabras, incluso "groupes déjà assemblés" (Bréal [1897] 1924:297), "formules devenues usuelles" (Bréal [1897] 1924:294) nas que as palabras perden a súa autonomía, o seu sentido propio e individual, o que provoca que estas fórmulas usuais non poidan ter máis que unha significación total ou –por empregar termos máis actuais– global, idiomática (Bréal [1897] 1924:172; 294-296).

> *Comme les pièces d'un engrenage, que nous sommes si habitués à voir s'adapter l'une dans l'autre que nous ne songeons pas à nous les figurer séparées, le langage présente des mots que l'usage a réunis si longtemps qu'ils n'existent plus pour notre intelligence à l'état isolé.*
>
> […] *dès que le mot est entré en une formule devenue usuelle, nous ne percevons plus que la formule. Des vocables se sont conservés en certaines associations, lesquelles ont depuis longtemps cessé d'être employés pour eux-mêmes, et que nous avons peine à reconnaître, quand on nous les présente hors de cette place unique qui leur est restée.* [...] *Ce n'est pas le mot qui forme pour notre esprit une unité distincte: c'est l'idée. Si l'idée est simple, peu importe que l'expression soit complexe; notre esprit n'en percevra que la totalité.* [...] *Une fois encadré dans une locution, le mot perd son individualité et se désintéresse de ce qui arrive au dehors.* [...]

Como sinala moi acertadamente Heiz-Helmut Lüger no seu estudo, na caracterización que Bréal fixo dos grupos articulados, xa ensamblados, e na das fórmulas que se volveron usuais, podemos preve-las marcas de polilexicalidade e de fixación relativa (Lüger 2007:130) que máis tarde resultarían tan estimadas na fraseoloxía moderna. Lüger tamén chama a atención sobre o feito de que xa se inician en Bréal (Luger 2007: 131) os contornos, as perspectivas dunha semántica da frase. Françoise Hammer demostrou que Bréal era completamente consciente da importancia pragmática das *frases-tipo*, dos *patróns*, ou *moldes* de carácter fraseolóxico –elementos que representarán posteriormente un papel importante na teoría dos actos de fala– na adquisición dunha lingua estranxeira (Hammer 2007:284-285). Disto fala maiormente no seu libro dedicado ó ensino das linguas vivas (Bréal 1893).

'cháchara, verborrea' no número do 10 de abril de 1778 da revista *Le Babillard* (I, nº XX, 321) publicado en París.

[6] O presidente da *Société Michel Bréal*, Heinz-Helmut Lüger chamou amablemente a miña atención sobre o feito de que Bréal empregaba o termo "locutions toutes faites" xa en 1872, 25 anos antes da aparición do seu *Essai de sémantique*, nunha publicación de carácter pedagóxico: "Chaque langue, outre les mots, possède un certain nombre de locutions toutes faites qui sont comme les pièces blanches du langage, à côté de la menue monnaie" (Bréal 1872:54).

[7] As citas no noso estudo veñen da edición aparecida en 1951.

Bréal foi tamén o primeiro en chama-la atención sobre as dificultades de comprensión e de produción que derivan da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, por mor do carácter global destas locucións (Bréal [1897] 1924:296):

> *Aussitôt qu'un mot est entré dans une locution, son sens propre et individuel est oblitéré pour nous. Ces sortes d'incohérences frappent habituellement les étrangers plus que nous, surtout s'ils ont appris la langue non par l'usage, mais par des méthodes scientifiques. De là le purisme qu'affectent volontiers les étrangers qui parlent ou écrivent le français pour l'avoir appris à l'université.*

O derradeiro capítulo do libro de Bréal titulado *Les commencements du verbe* tamén presenta ideas novas, moi próximas ás correntes modernas. Citando un tipo especial de locucións, os proverbios, el fala da relación que existe entre diacronía e sincronía. Bréal constata que os dous enfoques están á vez presentes no espírito e na competencia lingüística do falante. A creación de combinacións de palabras faise sobre a base de modelos, de esquemas preexistentes –atópase aquí o predecesor do termo *Vorgeformtheit* empregado habitualmente pola fraseoloxía alemá contemporánea– nos que el cita tamén algúns casos concretos como por exemplo os arcaísmos (Bréal [1897] 1924:350-351).

Como imos ver posteriormente, as constatacións, as formulacións de Bréal citadas anteriormente non deixaron de ter unha certa influencia sobre os seus contemporáneos, así por exemplo, sobre o lingüista suízo Charles Bally, alumno de Ferdinand de Saussure.

2. Analizando a obra de Charles Bally, cómpre subliñar un feito algo sorprendente e, se cadra, insuficientemente salientado. En contra do que adoito se di, nos seus principais traballos –o *Précis de stylistique* publicado en 1905 e mailo *Traité de stylistique* publicado en 1909–, ó principio non se interesou polas locucións fixas. Presentounas e analizounas no cadro da súa teoría xeral sobre a estilística. E como na súa estilística a *identificación* e a *delimitación* da *unidade lexicolóxica* ocupan un lugar central (Bally [1909] 1951:14, 16; 65), tiña a necesidade de clarifica-lo problema das combinacións de palabras en xeral e das combinacións de palabras con valor fraseolóxico en particular (Bally [1909] 1951:68):

> *La stylistique ne peut négliger l'étude de ces phénomènes [locutions phraséologiques], puisque la délimitation des faits de langage est la condition nécessaire pour qu'on puisse les identifier.*

A delimitación e a identificación metódica son as que permiten a formulación das definicións e a execución das clasificacións. A delimitación, a identificación, a definición e a clasificación dos feitos de expresión forman, polo tanto, os catro piares da estilística de Bally.

Partindo de certas ideas e formulacións que xa lemos en Bréal, Bally trata de maneira máis detallada e profunda as locucións fixas, fai constatacións fundamentais para as investigacións fraseolóxicas que habían de vir sobre os puntos seguintes:

- a importancia do enfoque sincrónico da fraseoloxía (Bally 1905:97-98; [1909] 1951:78);

- a distinción de diferentes tipos de unidades fraseolóxicas que repousan sobre a firmeza variable dos grupos de palabras (Bally 1905:90-93; [1909] 1951:67-87; 70; 74-75). O seu punto de partida é o aumento crecente da cohesión, da integración entre os elementos constituíntes dos grupos de palabras que permiten a clasificación seguinte: **agrupacións ocasionais → series, afinidades léxicas** que dan unha impresión de xa visto *(chaleur suffocante, grièvement blessé, courir un danger*) → **unidades fraseolóxicas** (*avoir maille à partir avec qqn*) onde as palabras que compoñen o grupo perden todo o significado e o conxunto só ten un; este ademais é novo, non equivale simplemente á suma dos significados dos elementos; por certo, este cambio pode ser comparado 'ó que resulta dunha combinación química'[8];
- o papel dos indicios exteriores (formais) e interiores (semánticos) na identificación destes grupos de palabras (Bally 1905:97-101; [1909] 1951:75-82). Bally xulga os indicios exteriores como a orde invariable, o carácter non intercambiable dos constituíntes pouco fiables e a miúdo enganosos:

  Os verdadeiros indicios ós que lles recoñecemos unha agrupación fraseolóxica non son, polo tanto, signos exteriores, que teñan que ver coa forma dos grupos; a atención debe poñerse, máis ben, sobre os que proporcionan o feito de pensamento comparado coa súa expresión. Estes criterios son valiosos pero tamén máis difíciles de recoñecer; ademais, ningún ten carácter de certeza absoluta, e hai que evitar ver aí "receitas" infalibles' (Bally [1909] 1951:77).

O indicio máis importante e que dispensa de tódolos outros (p. ex. arcaísmos léxicos e sintácticos[9], elipse) é a presenza ou a ausencia dun *termo de identificación* que condensa da maneira máis abstracta e máis xeral o significado global do grupo nunha soa palabra (*prendre la fuite* = fuxir). Este termo non sempre é doado de atopar, nin indica sempre con exactitude o grao de cohesión dos grupos, porque podemos identificar deste xeito as series como as unidades fraseolóxicas. O emprego consecuente dos termos de identificación permite, segundo Bally, introducir unha aproximación lingüística puramente sincrónica, é dicir, a análise da interacción de palabras e de grupos de palabras nun determinado estado de lingua. Bally opón moi claramente o método sincrónico ó método diacrónico do que pensa que é desaxeitado, 'prexudicial', (Bally [1909] 1951:78) e desa maneira superfluo na análise das locucións porque 'para entender ben o espírito dunha lingua cómpre ignorar moitas cousas' (Bally [1909] 1951:78). Esta "ignorancia", por outra parte, non dá problema ningún en xeral no uso das locucións mesmo se atopamos ás veces

[8] É interesante sinalar que a metáfora da combinación química foi igualmente empregada na lingüística húngara. O lingüista húngaro Vilmos Tolnai empregouna para caracteriza-la natureza das palabras compostas. Para cualifica-las locucións, emprega a imaxe da combinación mecánica das rocas (Tolnai 1910:11). Tolnai deu a súa conferencia o 22 de marzo de 1909 na Académie Hongroise des Sciences e o Tratado de Bally foi publicado igualmente en 1909. Consideraron esta metáfora expresiva independentemente unha da outra? Non saberiamos responder.

[9] Os arcaísmos xa foron índices moi importantes para Bréal.

exemplos interesantes en casos contrarios como amosa moi ben a cita de Proust que poñemos a rodapé[10].

- O esquecemento do sentido dos elementos e a impresión [semántica] total que xorde dun grupo de palabras (Bally 1905: 90; [1909] 1951:78-79), o seu carácter reproducible (Bally [1909] 1951:75);
- a necesidade da noción de termo de identificación para identifica-las unidades fraseolóxicas (Bally 1905:90; [1909] 1951:77)[11].
- Tamén elabora os termos técnicos de base da fraseoloxía moderna, por exemplo: *fixité, degré de fixité* (Bally 1905:87; [1909] 1951:67), *groupements usuels* (Bally 1905:91; [1909] 1951:70, 73), *séries phraséologiques* (Bally [1909] 1951: 70), *unité phraséologique* (Bally 1905:91; [1909] 1951:75), *terme d'identification* (Bally [1909] 1951:77], *inaltérabilité des constituants* (Bally 1905: 87), *unités indissolubles* (Bally 1905:87), *idée indécomposable* (Bally 1905:91), *signe fractionné* (Bally 1932:146) etc.

A carón destas numerosas ideas innovadoras que con frecuencia desenvolven e explicitan algunhas observacións de Bréal e que axiña marcaron profundamente a historia da fraseoloxía do século XX, Bally non sentiu a necesidade de profundizar en certos puntos da súa teoría fraseolóxica. Curiosamente, nunca lle deu demasiada importancia ó problema da clasificación das unidades fraseolóxicas (mesmo modificou varias veces a súa clasificación) pensando que as diferentes clasificacións non representan máis que etapas intermedias que fertilizan a investigación (Bally 1905:92). Igualmente pode sorprendérno-lo relativo desinterese co que Bally trata a cuestión da exacta definición das unidades fraseolóxicas. **A pesar de todo** o problema da definición debería xogar un papel importante para el na escolla dos termos de identificación, base esencial da clasificación dos feitos de linguaxe e, en consecuencia, no seu proxecto de dicionario ideolóxico, onomasiolóxico (Bally [1909] 1951:122-134). O problema da definición de unidade fraseolóxica tendo en conta simultaneamente aspectos semánticos, gramaticais, contextuais, estilísticos, pragmáticos, así como a súa óptima solución nos dicionarios semasiolóxicos e onomasiolóxicos monolingües e bilingües interésalles ós investigadores da fraseoloxía e da fraseografía, en realidade, só desde hai uns vinte anos (véxase a título de exemplo Bárdosi 1982; 1992; Ettinger 1989; Kromann 1987). Varias realizacións fraseográficas monolingües e bilingües publicáronse igualmente en diferentes países (por exemplo Bárdosi 1986, 2009, 2010; Bárdosi, Ettinger, Stölting 2003[3]; Fábián 1987; Hessky 1982, 1993; Hessky, Ettinger 1997; Rey, Chantreau 1997; Röhrich 1994[2]; Schemann 1989; Sevilla Muñoz, Cantera Ortiz de Urbina 2004).

3. Para rematar esta rápida análise que tiña por obxectivo principal presentar e confronta-los traballos fraseolóxicos de Michel Bréal e Charles Bally, dous lingüistas que influíron enormemente na formación do pensamento lingüístico moderno, podemos

[10] "[…] ce n'était pas la faute de l'échotier, mais du fils, frère, père de la défunte, que le duc qualifiait d'arriviste, et avec qui il était désormais décidé à ne plus avoir de relations (ce qu'il appelait, ne sachant pas bien le sens des locutions, 'avoir maille à partir')" (Proust 1987: II, 551).

[11] Algúns lingüistas daríanlle máis tarde a este termo o nome de *identificador léxico* (Juhász 1980:79).

formular algunhas conclusións, algunhas delas de orde máis xeral, pero que quedan sempre ligadas á obra destes dous personaxes decisivos.

Prescindindo de observacións relativamente curtas de Hermann Paul sobre este tema citadas anteriormente, o inspirador das investigacións fraseolóxicas de Charles Bally, desde o punto de vista conceptual e en parte terminolóxico na nosa opinión, foi Michel Bréal que, algúns anos antes ca Bally, xa publicara formulacións moi semellantes ás do lingüista suízo. Así sería posiblemente máis xusto e máis adecuado dicir que "os pais" da fraseoloxía moderna son Bréal e Bally.

Como consecuencia, tamén, da inspiración espiritual de Bréal, a obra de Bally, a cantidade e a calidade das súas observacións de orde fraseolóxica (Zuluaga 1980:44) despois exerceron indubidablemente unha influencia máis importante e perceptible, por outra parte, ata agora, sobre as investigacións fraseolóxicas internacionais. As ideas e teorías de Bally influíron primeiramente nos lingüistas rusos (por exemplo, Vinogradov) para teren posteriores repercusións nas publicacións dos lingüistas de Europa occidental (por exemplo, en Alemaña) e central (por exemplo, en Hungría). En Francia, a non ser algúns traballos que non achegaron grandes novidades con respecto a Bally, houbo que esperar ata os anos 1960 para que aparecesen as primeiras publicacións fraseolóxicas pertinentes, publicacións que, por outra banda, practicamente nin mencionan o nome do gran precursor (Bárdosi 1990a; Lengert 1999). As investigacións fraseolóxicas en alemán, en ruso, en español, en inglés ou en húngaro foron máis dinámicas durante moitos anos ca en francés.

A diversidade e ás veces o caos terminolóxico caracterizaron a fraseoloxía europea e a francesa durante moito tempo, polo menos ata a publicación do *Handbuck*, a obra de referencia fundamental (Burger et alii 1982). Desde entón, un consenso internacional parece establecerse lentamente nos termos de base como *frasema*, *idiomaticidade*, *iconicidade*, *fixación*, *deconstrución* etc. Tamén houbo complexos esforzos de clasificación e descrición das unidades fraseolóxicas do francés; viron a luz obras de síntese (véxase a título de exemplo Thun 1975; Gross 1982; Gross 1996; Bárdosi 1999; González Rey 2002). O número de coloquios fraseolóxicos multiplicouse despois do coloquio *Europhras* organizado en 1988 por Gertrud Gréciano en Klingenthal-Strasbourg (Gréciano 1988).

Engadamos, para rematar, que despois dos numerosos estudos e descricións "clásicas" maioritariamente inspiradas en escritos de Bréal e Bally, recentemente vemos aparecer enfoques interdisciplinares da fraseoloxía e que tamén se formaron novas ramas dela – como a fraseodidáctica (véxase por exemplo Ettinger 1992, 1998, 2001, 2008; Lorenz–Bourjot, Lüger 2001; González Rey, Fernández González 2006; González Rey 2007) ou a fraseografía (véxase por exemplo Kromann 1987; Ettinger 1989; Bárdosi 1992).

4. Referencias bibliográficas

BALLY, Charles (1905): *Précis de stylistique. Esquisse d'une méthode fondée sur l'étude du français moderne*. Genève: Eggimann.

([1909] 1951): *Traité de stylistique française*. 2 vol. Paris: Klincksieck.

([1932] 19503): *Linguistique générale et linguistique française*. Berne: Francke.

BÁRDOSI, Vilmos (1982): "Egy új típusú szólásszótár szükségességéről" ["De la nécessité d'un dictionnaire phraséologique de type nouveau"], en *Filológiai Közlöny* [*Revue hongroise de Philologie*], 2, 344-355.

(1986): *De fil en aiguille. Kalandozás a francia szólások világában* [*Les locutions françaises: recueil thématique et livre d'exercices*]. Budapest: Tankönyvkiadó.

(1990a): "Guide bibliographique de phraséologie française avec index thématique. 1900–1989", en *Linguisticae Investigationes*, t. XIV, fasc. 2, 349-402.

(1990b): "Contribution à l'histoire de la phraséologie française des origines jusqu'à Michel Bréal", en *Acta Universitatis Szegedinensis, Acta Romanica*, t. XIV, *Studia Lexicographica Neolatina II*, 61-132.

(1992): "Problèmes posés par le traitement lexicographique des figés dans les dictionnaires français", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen*, Jg. 21, 104-116.

(1999): "Entre fil d'Ariane et tonneau des Danaïdes. Problèmes de classification des phrasèmes français", en *Revue d'Études Françaises* (Hongrie), 4, 23-33.

(2009): *Magyar szólások, közmondások értelmező és fogalomköri szótára* [*Dictionnaire analogique et onomasiologique des locutions et proverbes hongrois*]. Budapest: Tinta Könyvkiadó.

(2010): *Francia–magyar tematikus szólásszótár. Szólásmagyarázatok és gyakorlatok megoldókulccsal* [*1000 locutions françaises et leurs équivalents hongrois. Recueil thématique et livre d'exercices*]. Budapest: Tinta Könyvkiadó.

BÁRDOSI, Vilmos; ETTINGER, Stefan; STÖLTING, Cecile (2003[3]): *Redewendungen Französisch/Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen / Basel: Francke Verlag, (UTB Romanistik 1703).

BRÉAL, Michel (1872): *Quelques mots sur l'instruction publique en France*. Paris: Hachette.

(1893): *De l'enseignement des langues vivantes. Conférences faites aux étudiants en lettres de la Sorbonne*. Paris: Hachette.

([1897] 1924[6]): *Essai de sémantique. Science des significations*. Paris: Hachette.

BURGER, Harald; BUHOFER, Annelies; SIALM, Ambros (1982): *Handbuch der Phraseologie*. Berlin / New York: Walter de Gruyter.

ČERMÁK, Frantisek (1998): "La identificación de las expresiones idiomáticas", en LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Léxico y fraseología*. Granada: Método Ediciones, 1-18.

DU MARSAIS, César Chesneau (1730): *Des tropes ou Des différents sens dans lesquels on peut prendre un même mot dans une même langue*. Paris: Chez la Veuve de Jean-Batiste Brocas.

ETTINGER, Stefan (1989): "Einige Probleme der lexikographischen Darstellung idiomatischer Einheiten (Französisch–Deutsch)", en GRÉCIANO, Gertrud (ed.): *Europhras 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International, Klingenthal–Strasbourg (France), 12–16 mai 1988*, en

Collection Recherches Germaniques. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, Département d'Études Allemandes, 2, 95-115.

(1992): "Techniques d'apprentissage des expressions idiomatiques", en DORION, Gilles; MEISSNER, Franz-Joseph.; RIESZ, János; WIELANDT, Ulf (eds.): *Le français aujourd'hui – une langue à comprendre – französisch heute. Mélanges offerts à Jürgen Olbert*. Frankfurt am Main: Diesterweg, 98-109.

(1998): "Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik", en EISMANN, Wolfgang (ed.): *EUROPHRAS 95. Europäische Phraseologie im Vergleich: Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt*. Bochum: Brockmeyer, 201-217.

(2001): "Vom Lehrbuch zum autonomen Lernen. Skizze eines phraseologischen Grundkurses für Französisch", en LORENZ-BOURJOT, Martine; LÜGER, Heinz-Helmut (éds.): *Phraseologie und Phraseodidaktik*. Wien: Edition Praesens, 87-104.

(2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación", en *Cadernos de Fraseoloxía galega* 10, 95-127.

FÁBIÁN, Zsuzsanna (1987): *Filo da torcere. Olasz frazeológiai gyakorlatok* [*Filo da torcere. Exercices de phraséologie italienne*]. Budapest: Tankönyvkiadó.

FLEISCHER, Wolfgang (1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: VEB Bibliographisches Institut.

GONZÁLEZ REY, María Isabel (2002): *La phraséologie du français.* Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.

(2007): *La didactique du français idiomatique.* Fernelmont: InterCommunications & EME.

GONZÁLEZ REY, María Isabel; FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Virginia (2006): "La didactique des expressions figées en langue étrangère", en CASADO VELARDE, Manuel; GONZÁLEZ RUIZ, Ramón; ROMERO GUALDA, María Victoria (eds.): *Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*. *Actas del I Congreso Internacional. Universidad de Navarra. Pamplona, noviembre 2002*. Madrid: Arco/Lobros, vol. 1, 1025-1029.

GRÉCIANO, Gertrud (ed.): *Europhras 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International, Klingenthal–Strasbourg (France), 12–16 mai 1988*, en *Collection Recherches Germaniques*. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, Département d'Études Allemandes, 2.

GROSS, Maurice (1982): "Une classification élémentaire des phrases figées en français", en *Revue Québécoise de Linguistique*, 11/2, 151-185.

GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français (noms composés et autres locutions)*. Paris: Ophrys.

HAMMER, Françoise (2007): "Michel Bréal und die moderne Fremdsprachendidaktik", en GIESSEN, Hans W.; LÜGER, Heinz-Helmut; VOLZ, Günther (eds.): *Michel Bréal – Grenzüberschreitende Signaturen*. Landau: Verlag Empirische Pädagogik, 275-300.

HESSKY, Regine (1982): *Deutsch–Ungarische phraseologische Sammlung*. Budapest: Tankönyvkiadó.

(1993): *Virágnyelven. Durch die Blume*. Budapest: Nemzeti Tankönyvkiadó.

HESSKY, Regina; ETTINGER, Stefan (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Gunter Narr Verlag, (Narr Studienbücher).

JUHÁSZ, Jazsef (1980): "A frazeológia mint nyelvészeti diszciplína" [La phraséologie comme discipline linguistique], en RÁCZ, Endre; SZATHMÁRI, Istvãin (eds.): *Tanulmányok a mai magyar nyelv szókészlettana és jelentéstana köréből* [*Études lexicographiques et sémantiques du hongrois contemporain*]. Budapest: Tankönyvkiadó, 79-97.

KROMANN, Hans (1987): "Zur Typologie und Darbietung der Phraseologismen in Übersetzungswörterbüchern", en KORHONEN, Jarmo (ed.): *Beiträge zur allgemeinen und germanistischen Phraseologieforschung*. Veröffentlichungen des Germanistischen Instituts der Universität Oulu, 7. Oulu: Oulun Yliopisto, 183–192.

LENGERT, Joachim (1999): *Romanische Phraseologie und Parömiologie. Eine teilkommentierte Bibliographie (Von den Anfängen bis 1997)*. Tübingen: Narr, Bd. 1.

Le Petit Robert des noms propres (1997). Paris: Dictionnaires Le Robert.

LORENZ–BOURJOT, Martine; LÜGER, Heiz-Helmut (eds.) (2001): *Phraseologie und Phraseodidaktik*. Wien: Edition Praesens.

LÜGER, Heiz-Helmut (ed.) (2007): "Michel Bréal – ein bedeutender Sprachwissenschafler?", en GIESSEN, Hans W.; LÜGER, Heinz-Helmut; VOLZ, Günther: *Michel Bréal – Grenzüberschreitende Signaturen*. Landau: Verlag Empirische Pädagogik, 117-141.

MONTORO DEL ARCO, Esteban Tomás (2009): "La relevancia del movimiento internacional del Folklore para el desarrollo de la Fraseología en España", en EILERS Vera; SÜSELBECK, Kirsten; WIELAND, Katharina (eds.): *Aspectos del desarrollo de la lingüística española a través de los siglos.* Hamburg: Buske, 67-83.

NEANDER, Michael (1558): *Phraseologia Isocratis Graecolatina: id. est. Phraseon sive Locutionum, elegantiarumque Isocraticarum Loci, seu Indices numerosissimi Graeco-Latini, ex ipso Isocrate observati et collecti*. Basiliae.

PILZ, Klaus Dieter (1981): *Phraseologie. Redensartenforschung*. Stuttgart: J. B. Metzlersche Verlagsbuchhandlung.

PROUST, Marcel (1987): *À la recherche du temps perdu, I., II., III.* Paris: Laffont (Collection Bouquins).

REY, Alain; CHANTREAU, Sophie (1997): *Dictionnaire des expressions et locutions.* Paris: Dictionnaires Le Robert.

RÖHRICH, Lutz (1994[2]): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten.* Band 1–5. Freiburg / Basel / Wien: Herder / Spektrum.

SCHEMANN, Hans (1989): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten.* Straelen: Straelener Manuskripte Verlag.

SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2004).: *Diccionario temático de locuciones francesas con su correspondencia española*. Madrid: Gredos.

TELIJA, Veronika N. (1966): *Što takoje frazeologija?* [*Qu'est-ce que la phraséologie?*]. Moscou: Nauka.

THUN, Harald (1978): *Probleme der Phraseologie. Untersuchungen zur wiederholter Rede mit Beispielen aus dem Französischen, Italienischen, Spanischen und Rumänischen*. Tübingen: Niemeyer (Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie, Bd. 168).

TOLNAI, Vilmos (1910): "A szólásokról. Adalék a szóláshasonlatok, szólásmódok és közmondások elméletéhez" [Des locutions. Contribution à la théorie des comparaisons idiomatiques, des tournures idiomatiques et des proverbes], en *A Magyar Nyelvtudományi Társaság Kiadványai*, 12.

WEICKERT, Rainer (1997): *Die Behandlung von Phraseologismen in ausgewählten Sprachlehren von Ickelsamer bis ins 19. Jahrhundert. Ein Beitrag zur historischen Phraseologie.* Hamburg: Verlag Dr. Kovač (*Philologia – Sprachwissenschaftliche Forschungsergebnisse*, Band 23).

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter Lang (*Studia Romanica et linguistica*, 10).

Agradecementos

O autor agradece ó profesor Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) algunhas informacións bibliográficas importantes durante a redacción do presente artigo así como a Minia Ferro Fernández pola tradución ó galego. Un agradecemento moi especial ó profesor Heiz-Helmut Lüger (Universidade Koblenz-Landau, Institut für fremdsprachliche Philologien), presidente da *Société Michel Bréal* (http://www.michel-bréal-gesellschaft.de) por rele-lo manuscrito, por achegar valiosas precisións e tamén por inspira-lo título definitivo do artigo.

A manipulación das expresións fixas nos titulares da prensa gratuíta: *De Luns a Venres*

Héctor Cajaraville Araújo

Universidade de Santiago de Compostela

Os xogos de palabras son un excelente reclamo lingüístico para captar a atención do lector, polo que o seu emprego resulta especialmente efectivo nos titulares de periódicos. Entre eles, os máis utilizados son os xogos creados a partir de expresións fixas, pois complementan a súa forza creativa co valor engadido de traballar sobre unha unidade coñecida. Aínda que a súa presenza na prensa pode constatarse xa en períodos anteriores, será coa irrupción da prensa gratuíta (que basea a súa proposta comunicativa na proximidade co lector) cando este recurso se comece a usar con máis frecuencia. Este traballo parte da recompilación de titulares baseados en xogos de palabras aparecidos no único diario de balde existente en lingua galega, *De Luns a Venres*, durante os seus tres primeiros anos de vida. A partir dos casos recollidos, proponse unha clasificación dos titulares segundo o recurso empregado para converter a expresión de partida nun xogo lingüístico.

Palabras clave: expresión fixa, xogo de palabras, titular, prensa.

Plays on words are an excellent linguistic claim to catch the attention of the reader, so his employment turns out to be especially effective in headlines of newspapers. Between them, plays created from fixed expressions are the most used, because they complement their creative force with the added value of working on a known unit. Though his presence in the press can be stated in previous periods, it will be with the irruption of the free press (which bases his communicative offer on proximity to the reader) when this resource started to be more frequently used. This investigation departs from the summary of headlines based on plays on words appeared in the only one free newspaper existing in Galician language, De Luns a Venres*, during its first three years of existence. From the compiled cases, we propose a classification of the headlines according to the resource used to turn the original expression into a linguistic game.*

Keywords: fixed expression, play on words, headline, press.

Data de recepción 30/09/2010 Data de aceptación 20/10/2010

1. A prensa gratuíta e os xogos de palabras

1.1. A prensa gratuíta: *De Luns a Venres*

A prensa gratuíta é aquela na que o lector non ten que pagar cantidade económica ningunha polo servizo recibido. A súa distribución realízase mediante entrega en man en zonas de alta densidade de concentración de peóns, en puntos fixos de repartición nos lugares de maior coocorrencia de público ou asociados á difusión cultural, así como a vía web / correo electrónico (neste último caso, en formato dixital).

Logo de máis dunha década da súa presenza en España, a súa consolidación parece indiscutible, como o demostra a creación da *Asociación Española de la Prensa Gratuita* e a incorporación destes xornais ás enquisas periódicas de consumo de información, como o *Estudio General de Medios* (*EGM*). Aínda que nos últimos tempos (nun contexto de fonda recesión económica) se producira a desaparición dalgunha cabeceira, a fusión doutras ou a redución da presenza na rúa doutras máis, hai un dato esclarecedor: segundo os datos da segunda ondada do ano 2010 do *EGM* (mes de xullo), dos cinco diarios de información xeral máis lidos en España, tres son gratuítos.

Galicia non quedou á marxe deste fenómeno e a partir de 2003 repártense nas principais cidades galegas as mesmas cabeceiras ca no resto do estado, normalmente complementadas cunha sección para as noticias propias que non adoita superar as dúas ou tres páxinas e redactada sempre en castelán.

Non obstante en decembro de 2006 o *Grupo El Progreso* de Lugo puxo en marcha unha iniciativa pioneira en España: a distribución gratuíta en todas as cidades galegas dun diario escrito na lingua propia da comunidade e centrado na información máis próxima ao cidadán (a de ámbito local e autonómico). Neste seu quinto ano de andaina, *De Luns a Venres* (a partir de agora, *L-V*) ten xa unha presenza consolidada na vida pública galega, cunha tiraxe que rolda os 40.000 exemplares diarios.

1.2. Características diferenciais da prensa gratuíta

A prensa gratuíta, no seu afán por conseguir a fidelidade dos grupos sociais sen hábito de lectura (o público potencial ao que vai dirixida de maneira especial), foi xerando un novo xeito de interaccionar cos seus receptores, tanto desde o punto de vista formal coma dos contidos achegados (De Ramón Carrión 2009:88). E desde o seu nacemento optou por un xeito diferente de dirixirse aos lectores, mediante un discurso baseado na proximidade, a brevidade e a sinxeleza de contidos.

A análise reflexionada e complexa das noticias do día segue a ser couto específico do xornalismo convencional de información xeral[1], porque os periódicos gratuítos non teñen a *obsesión* de *diseccionar* a realidade mediante unha análise pormenorizada: confórmanse con prescribir pequenas *pílulas* de información que lle permitan ao lector

[1] A medio camiño entre os periódicos tradicionais de temática xeral e os diarios gratuítos estarían outras modalidades como o xornalismo deportivo, cun modo de interactuar co lector apoiado (como no caso da prensa de balde) na distensión, a familiaridade e a facilidade de comprensión.

ter a sensación de estar ao tanto de todo o que acontece a cambio dun tempo de atención moi reducido (non máis de 15-20 minutos).

Quizais a verdadeira vantaxe da prensa gratuíta sobre a de quiosco consiste en que aquela conseguiu liberarse da *vontade de perpetuidade* que impregna as páxinas dos diarios clásicos, os cales elaboran as súas informacións coa limitación da responsabilidade que supón a perennidade da folla impresa. Os periódicos de balde teñen claro o seu carácter efémero, "su voluntad de ser perecederos" (De Ramón Carrión 2009:83); e paradoxalmente pode que iso sexa a garantía da súa consolidación.

A diverxencia entre estas dúas pólas do xornalismo vai moito no seu aspecto formal pero, no que respecta aos contidos, tamén son evidentes algunhas características diferenciais[2]:

— Proximidade co lector: a prensa gratuíta apostou desde o comezo por propiciar un achegamento entre o medio e o destinatario, non só na forma de dirixirse a el, senón tamén nas posibilidades que este ten de dar a coñecer as súas opinións (retroalimentación).

— Sinxeleza na exposición de contidos: a mensaxe dos xornais gratuítos foxe dos formalismos que ás veces constrinxen a linguaxe periodística e busca unha maneira accesible de trasladarlle ao lector as claves da actualidade.

— Condensación das informacións: mentres que os xornais de venda en quiosco desenvolven as informacións ata esmiuzalas, os xornais gratuítos presentan as noticias desde unha óptica máis xeral e lixeira (o que non implica necesariamente superficialidade ou frivolidade).

— Importancia da publicidade: a presenza de publicidade na prensa gratuíta é moi superior á da prensa clásica (mesmo en ocasións o xornal se distribúe envolto nunha *saba* publicitaria).

— Tendencia do medio: menor adscrición a un discurso ideoloxicamente motivado.

— Elementos periféricos: os xornais gratuítos adoitan completar a súa oferta comunicativa con complementos da información propiamente dita (resultados de enquisas, cartas ao director, entrevistas curtas, imaxes comentadas, breves artigos de opinión...).

— Vocación local e interese polos temas humanos: estes dous elementos completan a proposta informativa da prensa gratuíta, froito das preferencias mostradas polos seus lectores.

A nivel visual, a prensa gratuíta amosa unhas tendencias que son compartidas pola práctica totalidade dos xornais que optaron por este tipo de distribución[3]:

[2] Para coñecer máis polo miúdo as características dos contidos da prensa gratuíta, véxase De Ramón Carrión (2008:81).

— Menor número de páxinas ca os diarios convencionais (no caso de *L-V*, unha media de 20) e uso preferente da cor (nalgúns casos, mesmo no 100% das planas).

— Presenza maioritaria dos elementos gráficos (fotografías, infografías, cadros de destaque) fronte aos contidos puramente textuais.

— Ruptura da xeometría das columnas mediante silueteados ou montaxes.

— Tendencia aos alardes tipográficos, con titulares a toda páxina e cun corpo de letra sensiblemente maior ao empregado na prensa tradicional.

— Eliminación do *lead* ou entradiña. En moitas ocasións, a información só se compón de titular e corpo *noticioso*, polo que se amplifica a importancia dun bo titular.

1.3. Xogos de palabras e expresións pluriverbais fixas nos titulares de prensa

Ese cambio de rexistro cara aos usos cotiáns da lingua que supuxo a aparición da prensa gratuíta permite que recursos que non se admitían neste nivel de comunicación, pois eran considerados contrarios á neutralidade informativa accedan ao estilo xornalístico. Deste xeito, fenómenos lingüísticos creativos (metáforas, metonimias, dobres sentidos...) comezan a abrirse paso por entre as páxinas dos xornais, e xa non só en textos de opinión ou xéneros informativos (como a crónica ou a reportaxe) nos que as normas de restrición no uso destas figuras foron sempre máis permisivas.

Entre as partes que compoñen un texto *noticioso*, foi nos titulares onde estas figuras atoparon mellor acomodo, pois é nese primeiro nivel da información onde os elementos creativos da lingua poden optimizar as súas vantaxes: máxima expresividade, capacidade de síntese e poder de atracción. E, entre estes recursos, o xogo de palabras amósase como a ferramenta máis eficaz, xa que (ademais da súa forza comunicativa) o lector sempre o interpreta como un voto de confianza por parte do xornalista á súa capacidade de comprensión, á súa intelixencia.

Existe un baixo grao de consenso á hora de establecer unha terminoloxía común en determinadas áreas da lingüística e os xogos de palabras non son unha excepción. Así, podemos atopar descricións que destacan máis a súa vertente lúdica ou de enxeño, as que se inclinan máis pola compoñente de manipulación lingüística; as que o consideran un recurso de estilo ou as que non o ven máis que como un simple pasatempo ou mesmo un uso deformado (*anormal*) da lingua[4].

Así e todo, podemos tirar as características esenciais do que xeralmente entendemos como *xogo de palabras* neste nivel da lingua escrita (da prensa, especificamente) que imos manexar:

---

[3] Para unha información máis detallada sobre as características formais dos diarios gratuítos, pódese consultar Sabés Turmo (2006:92 e ss.) e Santos Díez (2008:26-27).

[4] Achegamos unha gráfica definición do termo: *Un juego de palabras es un choque verbal fortuito con pérdida momentánea de los sentidos. [...]. Para que el choque se transforme en juego es preciso que las palabras implicadas en él no salgan ilesas* (Serra i Roig 2000:20).

- Trátase dun recurso lingüístico, cunha motivación, uns mecanismos e a procura dun determinado resultado ou efecto sobre o destinatario.
- O recurso aplícase sobre o propio texto; é dicir, aínda que despois o xogo de palabras vaia referido ao sentido do enunciado, o punto de partida é sempre a parte visible, o significante.
- Como o seu nome indica, ten que haber unha vontade clara de *xogar coas palabras*, de manipular dalgún xeito o seu uso habitual, o que o receptor agarda.
- A mensaxe sobre a que se realiza a manipulación está aberta a múltiples interpretacións.

Por outra banda, o titular cumpre unha dobre función: resumir o contido dunha información e reclamar a atención do lector para convencelo de que esa noticia pode resultar do seu interese; é, por tanto "un elemento clave en la decisión que toma el lector [...] de leer la información periodística, de leer solo determinados párrafos del relato o, por el contrario, de obviar su lectura" (González Rodríguez 2008:154). E para suscitar ese interese calquera recurso é válido, nomeadamente o emprego de ítems que lle resulten familiares ao destinatario, pois a forza do coñecido é un modo de atracción infalible.

Debido a isto, a fraseoloxía e, en xeral, as expresións fixas (incluíndo títulos de películas, fragmentos de cancións...) están na orixe da maioría dos titulares xornalísticos concibidos a partir de xogos de palabras, ata o punto de constituír a base dun importante grupo de titulares en todas as categorías que contemplamos para este traballo:

> *El uso de estos* clichés linguoculturales *en los textos de prensa de cualquier país es un medio bien conocido de concentración de información y creación de imagen, y es además un magnífico método de atraer la atención del lector hacia el elemento más relevante de toda la información periodística: el titular.* (Mironesko 2005:176).

Este feito explícase apelando a dous dos trazos definitorios ou frecuentes deste tipo de unidades: a fixación (Zuluaga 1980:15; Corpas Pastor 1997:20; Álvarez de la Granja 2003:11) e a idiomaticidade ou "dobre significado potencial" (Álvarez de la Granja 1999:31)[5].

A fixación vaise consolidando na lingua a partir da repetición sincrónica e diacrónica; é, por tanto, unha construción colectiva na que toman parte os usuarios desa lingua como conxunto que, mediante a elección, o bloqueo (das posibilidades combinatorias) e a repetición (esa expresión por riba de todas as demais que poderían significar o mesmo) fan da expresión fixa un compoñente anterior ao acto da fala e recoñecible dentro do discurso (Zuluaga 1980:16). Precisamente o feito de que unha unidade estea lexicalizada, fixada de determinada maneira, é o que permite a súa ruptura, a

[5] Para algúns autores (Martínez López; Aarli 2008:177), a idiomaticidade é a característica fundamental das unidades fraseolóxicas, por riba da fixación.

transgresión da expresión de partida mediante a manipulación da súa estrutura orixinal (García Page 1993:56). Nese momento xorde o xogo de palabras.

Por outra banda, o valor figurado dunha unidade fraseolóxica (o seu uso idiomático) non implica que o sentido orixinal se perda no seu emprego habitual, senón que queda agochado a modo de imaxe subxacente (Álvarez de la Granja 2003:95). Créanse deste xeito dous sentidos paralelos que, ao modo das caras dunha mesma moeda, se opoñen pero ao mesmo tempo se complementan. Polo xeral, será o sentido idiomático o que prevaleza no uso habitual da expresión (Ruiz Gurillo 1997:23) pero, como dixemos, "dun xeito ou outro, o ámbito literal continúa presente" (Álvarez de la Granja 2003:139).

Será sempre labor do destinatario (do lector, neste caso) relegar a un segundo plano o sentido literal da expresión e darlle prioridade ao sentido idiomático. Precisamente o rescate desoutro sentido subxacente (mediante o contexto no que se sitúa a expresión) vai ser outro dos modos habituais de construír xogos de palabras nos titulares de prensa.

Empregamos antes a comparación cunha moeda onde cada unha das caras estaría conformada por un dos sentidos. Non obstante, cando xogamos cos dous sentidos da expresión, elimínase a separación entre os dous planos e ambos os sentidos coliden. Polo tanto, a metáfora da moeda xa non nos serve. Ou talvez si, pero trataríase dunha moeda fundida, unha amálgama na que a cara e mais a cruz xa non son recoñecibles.

Quédanos por citar un último concepto, ineludible ao falar da manipulación das expresións fixadas: a desautomatización[6], o efecto que ten no receptor ese proceso transformador iniciado polo autor. A desautomatización parte da premisa de que a percepción se realiza dun xeito mecánico e o modo máis eficaz de rachar con esta rutina na interpretación dunha mensaxe é incorporar nela elementos singulares, fóra de contexto, que soborden as previsións do receptor, "levándoo a facer unha reflexión metalingüística de efectos variados, moitas veces humorísticos, *desautomatizando*, xa que logo, a unidade fraseolóxica" (Álvarez de la Granja 1999:32).

Podería concluírse que o emprego deste recurso crea certo desazo no receptor, que se atopa cunha expresión que racha as súas expectativas, perturba a placidez do acto de percepción e trastorna o *statu quo* do proceso comunicativo. Non só non é así, senón que acontece todo o contrario, porque toda desautomatización é un sopro de aire fresco nas vetustas estruturas que rexen a combinación das expresións lingüísticas (Guerrero Salazar 2007:238-239), de modo que o resultado é unha mestura de pracer ante a sorpresa dunha manipulación enxeñosa e o sosego que nos proporciona sabermos que, malia a novidade, por detrás segue viva a expresión coñecida (Corpas Pastor 1997:233).

[6] Trátase dun concepto procedente das teorías do formalismo ruso xurdidas a mediados do séc. XX e que tradicionalmente se consideran as precursoras da fraseoloxía como disciplina propia. En Mena Martínez (2003) atopamos unha definición actualizada de desautomatización; sobre a súa eficacia comunicativa do lado do receptor, pódese consultar Vigara Tauste (1998:117) e Ruiz Gurillo (1997:21).

2. Metodoloxía de traballo, corpus e obxectivos

Como acabamos de indicar, os xogos de palabras (e moi en especial aqueles nos que intervén unha expresión fixa) son un recurso habitual nos titulares xornalísticos á hora de cativar a atención do lector de prensa gratuíta. O obxectivo deste traballo consiste en analizar os elementos que emprega o xornalista para a elaboración de titulares dotados deste mecanismo creativo para establecer logo unha clasificación segundo a motivación que se agocha detrás de cada un deles.

Así mesmo, tratarase de identificar os procesos que fan que a mensaxe creativa enviada polo autor teña no lector a resposta agardada, logrando así que o xogo de palabras cumpra o seu obxectivo e prenda no receptor o interese por seguir lendo o resto da información.

Para a selección do grupo de titulares que conforman a base deste estudo realizouse unha revisión de todos os números publicados nos tres primeiros anos de existencia de *L-V*, o único xornal gratuíto en lingua galega. Os exemplares analizados abranguen desde o 22 de decembro de 2006 ao 21 de decembro de 2009, en total 673.

A revisión dos titulares fíxose páxina a páxina, contemplando para a busca todas as seccións. Unha vez localizados os titulares susceptibles de formar parte do traballo, todos eles foron incluídos nunha base de datos. Un primeiro labor de peneirado deixou o número en case 1000 pero logo de aplicar un criterio máis rigoroso de inclusión, a cifra reduciuse ata os 518 titulares.

Delimitado o material de investigación, a seguinte fase consistiu na realización dunha clasificación dos titulares segundo o recurso empregado para convertelos nun enunciado lingüisticamente creativo. Finalmente, e a vista dos resultados acadados, buscamos as principais inferencias: graos de uso de cada recurso, posibles combinacións entre os distintos mecanismos de creación lingüística, ámbitos de procedencia das expresións...

2.1. Categorías de xogos de palabras incluídos no traballo

A continuación presentamos os grupos principais de xogos de palabras contemplados na clasificación dos titulares que forman parte do corpus deste traballo:

— **Recontextualización:** Este recurso parte dun enunciado fixo e asociado a un determinado contexto sobre o que se aplica unha recolocación cara a un novo contorno, sen que o lector perda a referencia orixinal (o clásico exemplo *Crónica dunha morte anunciada*, referido neste caso a unha derrota deportiva, non podía faltar neste traballo).

— **Diloxía:** Este grupo basea a súa eficacia comunicativa na dupla acepción (normalmente, unha literal e outra figurada) dunha mesma expresión. A definición do sumo como *Un deporte de peso* dá idea do tipo de titulares que entran nesta categoría.

— **Ruptura:** Neste caso temos como punto de partida unha expresión fixa sobre a que se realiza unha modificación (ampliación ou redución, substitución, cambio sintáctico...), sen que esa alteración nos faga perder de vista a expresión de partida; é o mecanismo que dá lugar a titulares como *Á segunda vai a vencida*.

— **Outros recursos:** Titulares que non estean sobre expresións fixas (agás casos illados), senón sobre a proximidade fónica, a derivación morfolóxica, os estranxeirismos, os niveis de uso da lingua inesperados ou as asociacións de palabras que violan as restricións combinatorias.

GRÁFICOS 1A/1B. Recursos lingüísticos empregados nos titulares[7] (1A. Total de casos / 1B. Casos a partir de expresións pluriverbais fixas)





Como se desprende do cotexo entre os gráficos anteriores, a presenza das expresións pluriverbais fixas nos titulares baseados en xogos de palabras é considerable, ata o punto de que varias das categorías fixadas por nós para este traballo (ruptura e recontextualización) están integradas case exclusivamente por recursos baseados en tal tipo de unidades[8] e o seu grao de recorrencia nas outras categorías desta clasificación

[7] A suma final é superior á do número de titulares que forman parte do traballo, xa que varios deles presentan o emprego de máis dun recurso (recontextualización + ruptura, por exemplo).

[8] Con respecto ao corpus xeral, en Ruptura só prescindimos dun titular: *¡¡¡Puidemos!!!*; e en Recontextualización, doutros tres: *O actor de 'Ghost' di que é un milagre, Actores con 'Agallas'* e *Algo máis que 'Friends'*. En todos os casos, por partiren dunha expresión monoverbal.

tampouco é desprezable. Nas páxinas que seguen, exemplificaremos os distintos tipos e subtipos de xogos de palabras mediante exemplos de titulares con base en expresións fixas. Porén, os datos numéricos e porcentuais que se achegan están calculados sobre o total de titulares recollidos.

2.2. Clasificación dos titulares por anos e seccións

Os 518 titulares que conforman a base para este traballo non se distribúen de maneira homoxénea ao longo do período analizado. Como se pode observar no **Gráfico 2,** a súa progresión é ascendente.

GRÁFICO 2. Distribución cronolóxica dos titulares



Varias poderían ser as razóns polas que se produce este incremento progresivo pero se cadra unha das principais é a seguinte: *L-V* é un xornal novo, onde a maneira de dirixirse aos seus lectores vai consolidándose ao tempo que o propio proxecto. Por outro lado, os xornalistas tamén van buscando acomodo nas seccións das que son responsables, acadando maior soltura segundo pasa o tempo. Así, conforme o proxecto calla e os seus profesionais van afacéndose á dinámica comunicativa e collendo confianza no seu labor, a creatividade nos titulares xorde de maneira natural, porque a outros niveis máis elementais o dominio sobre o discurso xa está conseguido.

Ao igual que na análise por anos atopamos diferenzas, o mesmo acontece se facemos unha clasificación dos titulares a partir da sección da que están tirados.

GRÁFICO 3. Procedencia por seccións dos titulares de estudo



Como se desprende do **Gráfico 3**, dúas áreas do xornal (*Galicia* e *Un Respiro*) proporcionan máis da metade dos casos totais, aínda que por diferentes motivos.

A aparición de *Un Respiro* no primeiro posto (168 casos), débese a que esta é a sección que, polos seus contidos (mundo rosa, cultura, novas tecnoloxías, curiosidades...), admite un maior grao de licenzas máis alá da obxectividade informativa.

No caso de *Galicia* (129 casos) contan outras dúas razóns: por un lado, é a sección que ocupa máis páxinas, de modo que é tamén a que máis noticias (e polo tanto, titulares) xera; e, por outro lado, é tamén a área na que se fai maior uso dun formato que podemos denominar *noticia-reportaxe* (a medio camiño entre os dous xéneros), no que se adoita titular de maneira breve, creativa e non necesariamente informativa.

O seguinte grupo de titulares segundo a sección da que proceden é o de *Deportes* (62 casos), área da que talvez se podería agardar maior presenza se temos en conta a súa extensión e o número de noticias que achega. Se non é así non é porque haxa nela menos creatividade, senón porque o tipo de recursos empregados (metáforas, metonimias, estruturas idiomáticas...) quedan fóra do ámbito deste traballo.

O caso contrario é o da micro-sección *Flash* (61 casos), constituída por unha imaxe curiosa á que polo xeral acompaña un texto no que se mantén a mesma liña de orixinalidade, de modo que os xogos de palabras acaen perfectamente á filosofía da sección.

Cando non hai unha plana de publicidade, a *Contraportada* do xornal adoita incluír unha reportaxe sobre algún aspecto da actualidade non estritamente *noticioso* (31 casos).

Malia que *Cultura Galega* é unha sección de periodicidade semanal, o tratamento dos titulares na súa información principal proporciónanos tamén abondoso material: 27 casos.

Os titulares da *Portada* (19) rescatados para este traballo van case todos referidos á asociación lúdica entre a creatividade do titular da noticia principal e a imaxe que a acompaña.

Economía (6 casos), *Especiais* (5), *España* (4), *Mundo* (2), *Motor* (2), *O Último* (2) son áreas que, pola súa escasa frecuencia de aparición ou polo seu carácter, achegan unha cifra moi escasa de uso creativo da linguaxe, polo menos ao nivel que nos interesa para este traballo.

3. Clasificación dos titulares por recursos

3.1. Recontextualización

A primeira categoría que imos analizar é a daqueles titulares que empregan como recurso para captar a nosa atención a recontextualización dun enunciado, asociado agora a outra situación distinta á que lle deu orixe como expresión fixada. Dos 518 titulares analizados, 148 (o 28,5%) pertencen a esta categoría, aínda que tamén entre eles podemos establecer unha subclasificación.

A grandes trazos, podemos diferenciar entre os titulares que só fan uso da recontextualización e os que ademais desta presentan o recurso da ruptura ou da diloxía. Contra o que puidera pensarse, a recontextualización *pura* dáse en moi poucos casos (só 19 dos 148, só o 12,8% do total), mentres que a recontextualización se combina coa ruptura da expresión en 118 ocasións (79,7% dos casos) e coa diloxía en 11 (7,4%).

GRÁFICO 4. Tipos de recontextualización



3.1.1. Recontextualización simple

Son aqueles casos nos que a expresión de partida non sofre ningún tipo de manipulación, máis alá da súa recolocación nun contexto distinto, o que lle confire un novo valor. Entran nesta sección titulares como *Galicia, sitio distinto*, que ademais é un exemplo *autóctono* (a maioría dos recollidos son de procedencia foránea, xa sexa da cultura anglosaxona ou española). O título da canción d'*Os Resentidos* recontextualízase para informar de que o único colexio cuxos resultados quedaron pendentes de confirmación nos comicios xerais de 2008 é o dunha mesa electoral de Valdoviño.

3.1.2. Recontextualización con outros recursos asociados

Titulares do tipo *Alonso volve á casa polo Nadal*[9], *O Deportivo ten licenza para soñar*, *Unha última tentación* (con base no título do filme *A última tentación de Cristo*) ou *Catro vodas e... ¿algún funeral?* son exemplos da combinación entre unha expresión fixa recontextualizada e a ruptura desa expresión mediante diferentes mecanismos (substitución, alongamento, acurtamento, cambio na modalidade oracional...).

Por outra banda, a combinación entre recontextualización e diloxía (e ás veces tamén con ruptura, pois esta tripla coocorrencia non é excepcional) é moito menos frecuente. En titulares como *A bolsa... ou a vida*[10] ou *Arde California*[11], a recontextualización (con ruptura asociada no segundo caso a partir do filme *Arde Misisipí*) xorde, coma sempre, polo emprego do enunciado fóra do contexto que o popularizou. E a diloxía xérase no emprego dun dos termos da expresión fixada (desta volta *bolsa* como 'saqueta de plástico' e *arder* como 'queimarse') cun sentido diferente ao que posuían na expresión orixinal: 'cartos' e 'estar moi alborotado un lugar', respectivamente.

Débense considerar casos diferentes aqueles nos que se produce a combinación dos distintos recursos en diferentes puntos do titular. Así, n'*Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa* (pé dunha imaxe na que se presentan un ovo de avestruz e outro de colibrí, o maior e o menor no mundo das aves) atopamos unha diloxía no dobre emprego de *ovos* como 'testículos' e como 'protección do embrión que empregan algunhas especies' e unha recontextualización n'*O tamaño si importa*. Nestes casos non falamos propiamente de combinación dos dous recursos, pois non se superpoñen.

3.1.3. Procedencia dos enunciados recontextualizados

O cine[12] é o ámbito do que proceden maioritariamente as expresións recollidas, ata o punto de que practicamente a metade dos titulares desta categoría (71 dos 148) teñen a

---

[9] Sobre o regreso do piloto español de Fórmula Un a Renault en decembro de 2007.

[10] Lendaria expresión empregada polos salteadores de camiños para esixir a entrega dos cartos, que serve aquí para titular unha información sobre a necesidade de substituír os envases de plástico por outros de materiais menos resistentes, pois aqueles poñen en perigo os animais mariños que quedan enredados neles.

[11] Sobre unha vaga de incendios neste estado norteamericano.

[12] Outros estudos (Mironesko 2005; Zalyaleeva 2008) sitúan a literatura como a fonte da procedencia da maior cantidade de titulares, aínda que ningún deles vai referido á prensa gratuíta e moito menos ao ámbito galego.

súa motivación no título dunha película, ben sen modificar (*Un cuarto con vistas*[13]), ben engadindo unha ruptura sobre o elemento de partida: *Salvando a galiña piñeira*[14] (tributaria de *Salvando o soldado Ryan*).

A moita distancia pero en segundo lugar neste *ránking* da procedencia, sitúase a literatura, con 20 casos. Así, baixo o titular *O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina*[15] percíbese claramente (malia a dupla substitución) o título dun dos volumes da triloxía *Millenium* de Stieg Larsson, *A moza que soñaba cun misto e un bidón de gasolina*.

Veñen despois, en canto ao número, os titulares extraídos do mundo da música, con 18 casos (*E niso marchou Fidel,* dándolle a volta ao sentido da canción revolucionaria *E niso chegou Fidel* para glosar a decisión do ex-mandatario cubano de non volver ocupar a presidencia do país).

A televisión, como era de agardar, tamén dá o seu xogo á hora de establecer referencias entre enunciados fixados nun determinado contexto e o seu uso creativo nos titulares xornalísticos, con 15 casos. *Costa da Morte Vice*[16] ou *CSI Galicia*[17]*,* remedos dos orixinais *Miami Vice* ou *CSI Miami / CSI Las Vegas / CSI New York* son algúns exemplos.

Moi relacionado co ámbito televisivo está o da publicidade, do que proceden outros sete titulares; entre eles, o de *¡Bebamos como galegos!* titular dunha noticia sobre un estudo que conclúe que Galicia é a comunidade con máis bares por habitante. A orixe está no slogan *¡Vivamos como galegos!* do comercial da cadea de supermercados *Gadis* (obsérvese tamén o recurso á proximidade fónica entre *bebamos-vivamos*).

Outras orixes completan este percorrido polos ámbitos de procedencia dos enunciados logo recontextualizados nos titulares:

— Vida cotiá (8 casos): Expresións recorrentes en determinadas circunstancias da vida diaria, como *¿De quen vés sendo?*, un clásico da fraseoloxía galega[18] que vai servir de arranque a unha reportaxe sobre tribos urbanas, a raíz das imaxes tomadas ás fillas do presidente español, Rodríguez Zapatero, caracterizadas como góticas ou vampíricas na súa visita á Casa Branca.

[13] É o pé dunha foto na que aparece un cidadán afgán anicado nunha ventá mentres mira o paso dun grupo de soldados.

[14] Nunha información sobre os actos levados a cabo para reivindicar a especial protección desta ave endémica de Galicia.

[15] Titular referido á información segundo a cal un fan obesionado coa actriz Sara Casanovas pretendía agredila.

[16] Titular alusivo ao requisamento de cinco planadoras en Muxía nunha operación contra o narcotráfico, en xaneiro de 2009.

[17] Nunha noticia sobre a distribución en xullo de 2007 de maletíns con material para a investigación dos incendios forestais.

[18] Sobre expresións fixadas de orixe galega, pódese consultar Ferro Ruibal (2005).

— Relixión: En *E ao cuarto día, a bolsa resucitou* é evidente a referencia bíblica (*ao terceiro día, resucitou*), que aparece tamén no *Credo* que se reza ao comezo da eucaristía.

— Teatro: o arquetipo das frases teatrais (o *ser ou non ser* hamletiano) serve para construír sobre el un titular da sección de *Deportes*: *O ser ou non ser do Real Madrid*, en alusión á transcendencia dun partido da *Champions League*.

— Prensa: aínda que non é unha frase xornalística, senón un esquema propio dos anuncios por palabras (*Home solteiro busca...*[19]), encadramos este titular no mundo da prensa escrita.

GRÁFICO 6. Procedencia dos enunciados recontextualizados



3.2. Diloxía

A diloxía consiste no emprego dunha expresión con dous significados distintos nun mesmo enunciado, polo xeral cun sentido literal e outro figurado (aínda que tamén pode darse o caso de que coaparezan dous sentidos figurados).

Como se sabe, as expresións fixas (refráns, locucións, clixés, compostos...) son unidades pluriverbais gardadas como un todo na memoria. O feito de que estean almacenadas na mente, lexicalizadas, fai que cando atopamos nun texto todos os seus compoñentes tendamos a recoñecer a expresión fixa (e a actualizar o significado memorizado canda ela) antes que a realizar unha lectura individual dos distintos elementos. Agora ben, é posible que por distintas razóns se produza tamén o procesamento individual dos compoñentes da expresión (ou cando menos, dalgún deles). Nese momento xorde unha diloxía, un xogo cos distintos sentidos dos termos.

[19] Sobre unha páxina web na que se admiten apostas sobre o posible casamento dos edís solteiros no concello de Ribeira. Ademais de no citado esquema xornalístico, a súa referencia de base pode apoiarse tamén na película de *Muller branca solteira busca...*, cuxo título parte do mesmo clixé.

3.2.1. Punto de recuperación da diloxía

Por veces, non hai máis que ler o titular para acceder ao xogo lingüístico, porque nel, ademais da expresión sobre a que se realiza a diloxía, aparece algún outro elemento que nos vai dar a chave para chegar á comprensión completa do dobre sentido, ou abonda cun mínimo coñecemento partillado entre xornalista e receptor:

> O titular *O xefe da FIA ponse como unha moto* trata sobre un vídeo de carácter sadomasoquista no que aparece o presidente da Federación Internacional de Automobilismo (FIA). Baixo o sentido figurado de *poñerse como unha moto* ('excitarse sexualmente') está o literal de *moto* ('vehículo automóbil de dúas rodas') grazas á coaparición dun termo (*FIA*) tamén relacionado co mundo do motor.

Pero cando a expresión fixa é o único elemento que conforma o titular (cos complementos gramaticais que sexan precisos) ou cando o contexto que acompaña a expresión é neutro, procesamos directamente o significado fixado. Deste modo, para que aflore o sentido latente dos compoñentes (case sempre o literal) debemos acudir a outros elementos da información: o subtítulo, corpo da noticia, imaxe...

Vexamos primeiro un exemplo dos titulares que completan a diloxía apoiándose no subtítulo ou no corpo da noticia:

> *Nicho de emprego* é un clixé procedente do ámbito económico, onde se usa co sentido de 'área ou parcela na que hai maiores posibilidades laborais'. Aquí aprovéitase o dobre sentido da expresión para desenterrar o seu sentido de 'tumba' ou 'sepultura', pois a noticia informa da convocatoria dunha praza de sepultureiro no concello de Pontevedra.

A continuación consideramos un grupo de titulares nos que a forza da diloxía se descobre á vista da imaxe que acompaña a información. Un caso podería ser este:

> *Mirada de lince* é a que ten unha persoa cunha agudeza visual excepcional (na súa forma fixada de *vista de lince*, sobre a que se aplica unha substitución inicial mediante un termo moi próximo), o que evoca a proverbial capacidade visual deste felino. Non obstante aquí a imaxe permítenos enxergar o sentido literal, pois nela vemos precisamente un lince mirando de esguello.

3.2.2. Recursos para a actualización do segundo sentido

Deixando á parte o mecanismo de creación de xogos a partir da recuperación dun dos sentidos mediante a imaxe, que excede o puramente lingüístico, son varios os recursos dos que dispoñemos para que a actualización do sentido que completa o xogo se mostre ante os nosos ollos.

Un dos máis habituais é empregar unha expresión fixa para titular unha información dun ámbito relacionado co sentido literal dalgún dos seus compoñentes:

> N'*A flota de Ribeira tensa a corda* pártese da expresión *tensar a corda*, co sentido de 'radicalizar unha postura no medio dunha negociación', xa que a noticia trata das

> protestas dos mariñeiros desta localidade coruñesa, que demandan axudas ante a suba dos carburantes. Non obstante, a flota está amarrada a porto precisamente mediante *cabos* (denominación das *cordas* na linguaxe mariñeira) co que, por asociación, a presenza de *flota* no titular tira polo significado literal de *corda*, pertencente ao mesmo campo semántico.

Cando falamos dos titulares nos que non hai que seguir lendo para desfacer a diloxía que agochan, xa aludimos á importancia que ten un coñecemento partillado entre periodista e receptor. Non obstante hai ocasións nas que o xornalista se apoia expresamente neste coñecemento enciclopédico do lector para que sexa el quen complete a diloxía empregando a información da que xa dispoñía. De todos modos e para evitar o fracaso do recurso, xeralmente o autor da noticia achega o dato extralingüístico no que se sustenta o sentido agochado da diloxía:

> *A historia cambia de cor coa elección de Barack Obama*, onde *cambiar de cor* ('mudar as condicións dunha determinada situación') convértese nunha expresión literal ao ser Obama o primeiro presidente de raza negra (*de cor*) na historia dos Estados Unidos, algo sen dúbida coñecido de antemán polo lector.

Ás veces a pista para interpretar correctamente a diloxía reside nun elemento textual (o emprego de maiúsculas ou minúsculas, o uso das comiñas, os puntos suspensivos) ou na propia singularidade da estrutura oracional do titular, que nos indica que estamos diante dun enunciado que talvez non quere dicir o que parece a primeira vista:

> *Entre un Polo e o outro* refírese á decisión que ten que tomar a alpinista Chus Lago (concelleira en Vigo) de facer unha expedición á Antártida ou quedar na cidade olívica para votar a aprobación do PXOM. A expresión de partida é *estar entre dous polos*, 'atoparse ante un dilema', que aquí se modifica para permitir a diloxía de *polo* como 'concepto ou cuestión oposta a outra' ou como 'cada un dos extremos Norte e Sur no eixe de rotación terrestre'. Neste caso, o emprego da maiúscula en *Polo* facilita a comprensión do xogo.

Un recurso máis complexo é o que resulta da copresenza de varias expresións fixas que comparten compoñentes ou que se empregan en contextos similares:

> *Primeira dama negra na Casa Branca* xoga coa antítese entre os adxectivos *negra-branca* que coaparecen no titular para abrir outra información sobre a vitoria electoral de Barack Obama, quen se converteu (coa súa muller Michelle), no primeiro matrimonio de raza negra en ocupar a Casa Branca, a residencia presidencial estadounidense. Non obstante tamén se produce a fusión de dous compostos: *primeira dama* ('muller do presidente') e *dama negra* ('raíña das pezas negras no xadrez'); con esta mestura desactualízase o elemento común *dama*, o cal nos obriga á lectura individual de cada un dos compoñentes das expresións. A referencia ao xadrez refórzase coa alusión á *Casa Branca* ('residencia presidencial' pero tamén 'cela branca').

A actualización do segundo sentido pode ter lugar mesmo no caso de que no titular non poidamos recoñecer estritamente o segundo elemento que permite o xogo. Por

exemplo, n'*A memoria histórica de Carmencita*, *memoria histórica* é un concepto historiográfico que se pode definir como o 'esforzo dunha comunidade por entroncar co seu pasado para analizalo en profundidade e darlle o tratamento de respecto que lle corresponde'. Aquí o elemento elidido é o plural lexicalizado *memorias*, que non se recolle na frase de partida. Por iso, cando a neta do ditador Francisco Franco, Carmen Martínez Bordiú (coñecida popularmente como *Carmencita*), publica un libro de *memorias*, a diloxía xorde, malia que *memorias* non se faga explícito.

Por outra banda, aínda que en relación co que acabamos de indicar, se ben é certo que na maior parte dos casos a segunda lectura se corresponde coa lectura individual dun dos compoñentes da expresión ou ben coa suma das lecturas individuais dos compoñentes, en determinados casos o que se produce é a evocación dunha expresión fixa próxima formalmente á que figura no titular e coa que comparte algún compoñente. Esta segunda expresión pode actualizarse se o contexto e a semántica son propicios:

> O *mans libres* é un dispositivo que permite atender as chamadas telefónicas sen necesidade de premer as teclas do terminal. Por outra banda, existe a expresión *ter as mans libres* ('dispoñer de autonomía para realizar unha actividade ou tomar unha decisión'). Debido a esta semellanza, o desenvolvemento da noticia titulada *Un edil sen mans libres* (sobre un concelleiro de Ribadeo ao que o alcalde lle restrinxiu as chamadas telefónicas) acaba evocándonos a expresión *ter as mans libres*, que non se explicita en ningún momento.

Nestes casos, o desenvolvemento da información chama pola segunda expresión, que non se mostra formalmente de maneira completa en ningún momento, senón que xorde grazas ás particularidades semántico-contextuais da noticia. A posta en relación de dúas expresións tan próximas formalmente provoca a desautomatización.

Outras veces o que temos é unha expresión polisémica na que se xoga cos seus dous sentidos memorizados. O recurso consiste aquí en rachar as expectativas do lector, que agarda un sentido da expresión asociado, ben ao contexto habitual no que aparecen os protagonistas da noticia, ben ao propio contexto do titular, mentres que a información vai polo outro lado. Vexámolo máis claramente:

> *Problema en aumento* alude normalmente a unha situación que vai complicándose progresivamente. Aquí, no entanto, *en aumento* recupera o seu sentido orixinal ao empregarse como titular nunha noticia sobre un neno colombiano de 11 anos que pesa 170 quilos e segue engordando.

Noutro grupo de titulares tamén se xoga cunha expresión polisémica pero doutro xeito. Desta volta existe no titular un elemento que se vincula tematicamente cunha das lecturas da expresión fixa e que puxa pola súa actualización, malia que tal actualización implique en realidade un contrasentido:

> *Non está frío e xa queren deixalo teso* combina as expresións fixadas *non estar (aínda) frío* (disfemismo por 'acabar de morrer') e *deixar teso (a alguén)* 'matar', expresións encadrables no campo semántico da morte. Evidentemente, non ten

> moito xeito querer matar a alguén que acaba de morrer. Se continuamos lendo, o contrasentido aclárase: a noticia trata da polémica repartición da herdanza do cantante Michael Jackson aos poucos días do seu falecemento, o cal exhuma o segundo sentido de *deixar teso,* 'arruinar'.

Nos casos que estivemos comentando, a actualización do sentido individual dos compoñentes da expresión (ou do sentido literal fixado) prodúcese en segundo lugar, despois de acceder á información que acompaña o titular (ou, cando menos, á imaxe que complementa a noticia). Agora ben, o papel que desempeña este segundo sentido é moi variable de titular a titular. Nalgúns casos, este sentido imponse como o único informativo (e/ou real), descartando o significado memorizado. É o que sucede no seguinte exemplo:

> Cando o daquela (abril de 2009) recentemente elixido presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, escolleu os seus conselleiros, *L-V* titulou *Aterriza o 'Goberno dez' de Feijóo*. O esquema *substantivo + dez* (*corpo dez, muller dez, equipo dez...*) outórgalle ao termo que coaparece co numeral o sentido de 'perfección'. Non obstante as comiñas entre as que se sitúa o concepto xa indican que quizais neste caso non sexa así. E o corpo da noticia confírmao: *dez* é simplemente o número de conselleiros elixidos.

Outras veces sucede todo o contrario: prodúcese simplemente unha evocación do sentido individual dos compoñentes da expresión, ou dalgún deles (pola relación semántica ou contextual existente entre tales compoñentes e a información que se achega) pero esta lectura non se impón sobre a da expresión fixa nin convive con ela (é dicir, non constitúe unha dobre información):

> O titular *Tomando moi a peito as súas obrigas* aparece nunha reportaxe sobre Pamela Anderson, quen decidiu aceptar a proposición dun home de deitarse con el a cambio de que este se fixera cargo da millonaria débeda da actriz nun casino. Anderson demostrou *tomar moi a peito* ('poñer excesivo empeño en algo'[20]) a súa obriga de saldar a débeda contraída, ata o punto de meterse na cama con quen a pagara por ela. O dobre sentido de *tomar a peito* deriva do voluminoso busto da protagonista feminina da serie televisiva *Os vixilantes da praia*.

Outras veces, no entanto, ao parecer poden coexistir os dous sentidos, aínda que con frecuencia un deles pode identificarse como máis relevante ca o outro:

> *Ao mal tempo... boa cara*. Así exemplificamos a necesidade de ter unha actitude positiva mesmo nos momentos de maior dificultade. No caso da información que leva este titular, non estamos só ante unha frase feita: na fotografía podemos ver un grupo de nenos ecuatorianos xogando divertidos nas rúas asolagadas da súa aldea tras as incesantes chuvias caídas na zona.

Nos casos anteriores o lector procesa primeiro o sentido memorizado da expresión fixa, e só despois xorde o sentido literal que completa a diloxía. Moito menos frecuente é

[20] *Tomar a peito* ten tamén o sentido de 'ofenderse'.

que o proceso se inverta. Cando é así, o titular presenta unha serie de elementos léxicos combinados en estrutura libre que coinciden cos compoñentes léxicos dunha expresión fixa. No entanto, o sentido que se procesa inicialmente non é o memorizado, por un motivo: algunha particularidade gramatical ou contextual leva a non identificar a expresión fixa como tal no titular, o cal non impide a súa evocación:

> O presidente Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, é o protagonista da información titulada *Feijóo fai oír o galego en Bruxelas*. A expresión *facerse oír* parece resultar evocada de maneira secundaria, malia a ausencia do pronome reflexivo. A locución verbal ten o sentido de 'impoñer unha opinión de maneira contundente' pero, neste caso, o emprego do galego na capital comunitaria non tiña esa connotación reivindicativa, trátase dun *facer oír* literal.

3.3. Ruptura

Outra modalidade empregada para chamar a atención do lector mediante un uso manipulado da linguaxe é a que denominaremos *Ruptura*, a introdución dalgún tipo de cambio nunha expresión fixada, o que nos vai permitir obter un enorme rendemento dun mecanismo sinxelo pero de gran eficacia: converter a linguaxe *petrificada* ou *fosilizada* das expresións fixadas nun discurso renovado e produtivo mediante unha transformación máis ou menos complexa.

Dentro desta categoría inclúense 185 casos, un 35,7% dos titulares. Entre eles, a maioría (118, case dous de cada tres casos) combinan este recurso da ruptura coa recontextualización dunha expresión fixada, un dos mecanismos máis habituais para conseguir atraer a atención do lector.

Existen tamén uns poucos casos nos que a ruptura se combina coa diloxía. Un exemplo sería o xa visto *Entre un Polo e o outro*.

Son moitos os subrecursos que podemos atopar na categoría de *Ruptura* e non resulta estraño rexistrar titulares nos que se empregan a un tempo dous ou máis.

3.3.1. Substitución

Entre os cambios realizados sobre unha expresión coñecida para convertela en titular creativo, a substitución é o máis frecuente. De aí que nos titulares das seguintes seccións seguiremos vendo máis casos, xa que a substitución é un recurso que se mestura frecuentemente con calquera outro dos mecanismos de ruptura. Non obstante tamén de cara a dentro a substitución admite subcategorías:

— **Substitución simple:** Neste grupo de titulares só se advirte o cambio dun termo por outro, sen relación especial entre as dúas palabras que forman parte do proceso de substitución. Vexamos un exemplo: Ribadavia tivo a primeira policía local dun concello galego; e os seus axentes son, para o xornal, *'Os intocables' do Ribeiro* (situando xeograficamente a localidade ourensá referida), imitación d'*Os intocables de Eliott Ness*, filme sobre o grupo de policías que perseguía ao gángster Al Capone. Neste caso, a temática compartida entre a película e a información reforza o xogo.

— **Final inesperado:** Trátase dun grupo de titulares nos que o efecto *sorpresa* constitúe a verdadeira esencia do xogo lingüístico. Valla como exemplo *Vivir na Coruña, que... caro é*, titular de *L-V* cando se soubo que as vivendas das rúas do centro da cidade herculina eran as máis caras de Galicia; evocaba deste xeito o retrouso da cantiga popular *Vivir na Coruña, que bonito é*.

— **Substitución entre termos do mesmo campo léxico:** Un xeito eficaz de manter a referencia con respecto á expresión de partida e de reforzar o xogo creativo é realizar unha substitución entre termos pertencentes ao mesmo campo léxico. O titular *A importancia de chamarse Ronaldo* (sobre o célebre futbolista brasileiro), inspírase na obra literaria do británico Oscar Wilde *A importancia de chamarse Ernesto*: ambos os termos son nomes propios.

— **Substitución entre termos fonicamente próximos:** Ás veces a proximidade entre os termos que toman parte na substitución non está no seu significado, senón na súa parte formal; deste modo, se o cambio se produce entre palabras semellantes gráfica ou foneticamente, tanto maior é a forza do xogo creativo. *Traballar é un pacer* toma como punto de partida a estrutura aberta *(verbo) é un pracer*, á que se lle poden incorporar múltiples elementos de apertura. Non obstante máis alá da frase feita, xógase coa proximidade entre *pracer* e *pacer*, xa que a información vai referida á proposta de empregar o gando vacún para eliminar a maleza dos montes.

— **Equivalencia sintáctica:** *Ir ao cine e saír trabado* é un titular sobre dúas estreas cinematográficas: *Crepúsculo* (sobre vampiros) e *Bolt* (filme de animación protagonizada por un can). A secuencia *saír trabado* alude, polo tanto, a este dobre motivo. A expresión de partida témola en *Ir por la e saír tosquiado* ('saír as cousas ao revés do que tiñamos planeado'), sobre a que se realizan dous cambios, que non alteran a secuencia sintáctica.

— **Fusión léxica:** Un tipo especial de substitución é a de *Hai un galegofalante na lúa*, sobre a variada procedencia dos participantes nun curso de galego para estranxeiros organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. A modificación realízase sobre o título da canción *Hai un galego na lúa* mediante a inclusión do composto *galegofalante*, creado a partir do *galego* que xa tiñamos.

— **Fusión de expresións:** Un caso máis requintado é o que se deriva da mestura de elementos entre dúas expresións fixas, o que obriga ao lector a recuperar máis dunha referencia de maneira simultánea. É o que sucede en *Bos, breves e en internet,* un comentario sobre os gañadores do concurso *Curtas na Rede*. Aquí temos dous enunciados de partida, que se mesturan: por un lado, *Bo, bonito e barato*; e por outro, *O bo, se breve, dúas veces bo.*

3.3.2. Outros mecanismos de ruptura

— **Acurtamento:** Realizar un acurtamento sobre unha expresión fixada é tarefa delicada, pois pode darse o caso de que a eliminación dunha parte provoque a perda da referencia orixinal. Polo xeral, só expresións moi asentadas na lingua admiten este recurso, o que implica a complicidade do lector, que debe suplir a parte

omitida: é o caso de *Mirade que as segundas partes...*, nun titular para unha noticia sobre a reconciliación de varias parellas do mundo rosa.

O acurtamento tamén pode afectar ao comezo da expresión: un centro comercial de Lugo organizou un concurso fotográfico co gallo do Día da Nai; o autor da información aproveita para o título a expresión máis coñecida relacionada coas nais, tanto que é posible omitir esa referencia e deixala en *Non hai máis que unha.*

Menos frecuentes son os casos de acurtamento no interior do enunciado de partida, como ocorre en *Manobras na escuridade*, que atopamos como pé de foto dunha imaxe da sección *Flash* na que aparece un grupo de soldados chineses realizando adestramentos militares ao amencer, e que conserva os dous extremos do nome do grupo musical *Manobras orquestrais na escuridade.*

— **Extensión:** Máis alá do punto do enunciado no que se produce, procederemos á clasificación dos alongamentos atendendo principalmente ao modo no que se resitúa desde o punto de vista sintáctico a expresión de partida.

- Nun primeiro grupo, a referencia de base é sempre un enunciado que se insire noutro, como suxeito (excepcionalmente) ou complemento (case sempre). Polo tanto, o enunciado orixinal deixa de selo para subordinarse e converterse en parte doutro maior. O titular *No outono da matriarca é primavera* encabeza unha información sobre a posible voda da duquesa de Alba. Partindo do titulo da novela de Gabriel García Márquez *O outono do patriarca* atopamos unha substitución dentro do mesmo campo léxico (*patriarca* por *matriarca*) e unha extensión final na que o termo *primavera* funciona como concepto oposto ao *outono* da primeira parte do enunciado. Ademais, toda a parte inicial pasa a ser un complemento de lugar mediante a incorporación da preposición *en* ao comezo.

- No segundo caso, sobre a expresión de partida engádense novos complementos pero conservando a tal expresión como centro da nova secuencia. *O xinete solitario en estado ebrio* é o titular que encabeza a noticia dun mozo que foi interceptado pola Garda Civil en Valga cando volvía bébedo dunha festa montado no seu cabalo. O titular pode tomar como punto de partida o do filme *O xinete solitario*, ou quizais *O xinete pálido*, pertencente ao mesmo xénero e moito máis coñecido ca o anterior; ou mesmo un cruzamento entre algún daqueles e *O chairego solitario*, lendario personaxe da televisión, o cómic e o cine.

- No terceiro grupo, a expresión de partida amplíase cun novo elemento, ben mediante coordinación, ben a través da adición dun vocativo. Logo de coñecerse a separación do actor Imanol Arias e a súa compañeira, a tamén actriz Pastora Vega, o xornalista encargado da sección *Un respiro* titula: *Pero Imanol: 'Cuéntame cómo pasó'*, remitíndonos ao éxito televisivo dos últimos anos da carreira deste intérprete (a serie *Cuéntame cómo pasó*).

— **Cambio de polaridade:** Aínda que o cambio de polaridade se produce habitualmente desde a afirmación á negación (*Maxestades xa non tan Satánicas*, sobre o grupo musical *The Rolling Stones*; *Don't pay per view*, nunha información sobre piratería tecnolóxica), tamén atopamos algún exemplo do caso contrario: *Na misa e repicando*, que parte do acurtamento do refrán *Non se pode estar na misa e repicando*, ao que se lle dá a volta para informar da adquisición por parte dunha parroquia de Dodro dun dispositivo que permite tocar as campás da igrexa cun mando a distancia.

— **Cambio de modalidade:** Un cambio de modalidade prodúcese cando unha frase pasa, por exemplo, de enunciativa a interrogativa, xa que muda a intencionalidade comunicativa do emisor (informar de algo, solicitar información). Algúns casos son: *Habelas... ¿hainas?*, sobre o intento de extorsión dunha muller do concello de Muras aos seus veciños, aos que ameazaba cos seus supostos poderes de bruxa; ou *¿Outra longa noite de pedra?*, imitando o título da obra de Celso Emilio Ferreiro *Longa noite de pedra* para referirse a un estudo da Mesa pola Normalización Lingüística no que se conclúe que medra o número de persoas que nunca usan o galego.

— **Cambio na orde e/ou na relación sintáctica:** *A feira estaba no polbo* é o titular sobre o achado dun cargamento de cocaína agochado entre o polbo dun pesqueiro. A expresión de orixe é *polbo á feira*, a modalidade de preparación máis célebre deste cefalópodo. Sobre ela efectúase unha alteración que converte *feira*, complemento da expresión nominal inicial, no suxeito, mentres que *polbo* (núcleo anterior) pasa a ser o complemento de lugar, acompañado da correspondente forma do verbo *estar*. O sentido do titular apóiase tamén na asociación entre *cocaína* ('droga excitante') e *feira* ('celebración'). Casos similares a este que acabamos son o xa coñecido *Maxestades xa non tan satánicas* ou *En Turquía, pero sen paixón*, tributario do filme (antes novela) *A paixón turca*.

— **Cambio no xénero e/ou no número:** Esta subcategoría agrupa aqueles titulares nos que a ruptura consiste na modificación do xénero ou do número do núcleo da expresión. Por exemplo, n'*A 'Nena Torres' é galega* xógase co cambio a feminino da construción *O Neno Torres* (alcume polo que é coñecido o futbolista Fernando Torres) para referirse á súa moza. En canto ao cambio no número, *Todos contra todo* evoca (mediante o paso a singular do seu elemento final) a expresión fixada *todos contra todos,* empregada aquí para abrir unha información na que colectivos de diversa índole se manifestan en Santiago para protestar polas diferentes agresións que está sufrindo o litoral galego.

— **Cambio da sufixación apreciativa:** É o caso (único) d'*O conto dos mil cabritos* (sobre unha cooperativa de gando cabrún) onde, fóra da substitución no numeral, se elimina o sufixo de diminutivo do orixinal: *O conto dos sete cabritiños*.

GRÁFICO 6. Subrecursos empregados na categoría de ruptura(*)



(*) A suma final no número de casos é superior á do número de titulares que forman parte desta categoría, xa que varios deles presentan o emprego de máis dun recurso.

4. Conclusións

1. A aparición da prensa gratuíta supuxo un cambio no nivel de lingua empregado para a redacción das informacións, xa que deu entrada a fenómenos lingüísticos creativos (como os xogos de palabras) que ata entón non se contemplaban neste nivel do discurso. Esta deriva cara a unha linguaxe máis próxima afectou tamén aos xornais convencionais, que renovaron o seu discurso á vista do éxito da prensa de balde (Salas 2009:26-28).

2. Os xogos de palabras atoparon o seu espazo ideal nos titulares de prensa, xa que as súas características (máxima expresividade, capacidade de síntese e poder de atracción) son as que mellor acaen á optimización da función que un titular desenvolve nun texto *noticioso*: a de ser o *anzol* que fai que o lector deteña o seu repaso superficial polas páxinas do xornal e decida dedicar o seu tempo a afondar no que ese elemento destacado propón ou evoca.

3. A presenza dos xogos de palabras nos titulares da prensa enriquece o discurso, demostra un manexo hábil e preciso da lingua e abre novas posibilidades para converter ese *escaparate da noticia* que é o titular nunha ferramenta verdadeiramente eficaz. Trátase dunha das estratexias máis complexas de emprego da lingua, pois supón unha codificación (e, polo tanto, unha decodificación) a varios niveis e en distintas direccións.

4. A súa capacidade de *estrañamento* fronte á lectura lineal que adoito facemos das páxinas dun xornal confírelle un elevado grao de eficacia á hora de centrar a atención do receptor, quen, cando menos, debe deter un intre a súa lectura *automatizada* para pensar que é o que se lle está intentando transmitir: de aí a que decida ler o resto da información, só hai un chanzo.

5. A utilización deste tipo de recursos permite un novo nivel de interacción co destinatario por parte do medio que os emprega, xa que en certo modo converte o lector en coautor da mensaxe, pois esta carece de sentido en si mesma mentres o receptor non pon en marcha a súa capacidade de asociación para darlle sentido a algo que en principio non o ten ou que ten máis dun.

6. A gran cantidade de mecanismos a partir dos cales se constrúe o xogo lingüístico dificulta a súa categorización, máis aínda se temos en conta que o emprego dun deses mecanismos non exclúe a coaparición doutros; antes ao contrario, a presenza de máis dun recurso neste tipo de titulares creativos é a pauta habitual.

7. A maioría dos titulares baseados en xogos de palabras traballan sobre unha expresión fixa, xa sexa sen modificacións ou mediante algún dos mecanismos de ruptura comentados. Dúas das tres categorías por nós propostas (recontextualización e ruptura) estean o xogo de palabras sobre unha expresión na práctica totalidade dos seus casos, e mesmo na outra (a diloxía) a súa presenza é detectable en máis da metade dos casos.

8. Mesmo noutras categorías de xogos de palabras non contempladas para este artigo (derivación morfolóxica, proximidade fónica, recurso a elementos doutras linguas...) a presenza de expresións fixas é unha constante.

9. A creación dun titular a partir dun xogo de palabras precisa de dúas condicións indispensables: creatividade e tempo e a rapidez coa que se traballa na redacción dun diario non é unha contorna que facilite o manexo enxeñoso da linguaxe, algo que require dun alto grao de abstracción, reflexión e repouso. Atopar un espazo de sosego na frenética actividade do xornalismo diario non sempre é doado –e serao máis a medida que o profesional vaia adquirindo maior control sobre o seu traballo. Esta pode ser a razón pola que o número de casos atopados nas páxinas de *L-V* se incrementa cada ano, desde os 118 do primeiro ano ás 213 do terceiro.

5. Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (1999): "A manipulación das unidades fraseolóxicas", en *Madrygal* 2, 31-40.

(2003): "As locucións verbais galegas", en *Verba*, Anexo 52.

CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DE RAMÓN CARRIÓN, Manuel A. (2009): "Diarios gratuitos: los modernos refugios de la prensa popular en España", en FLORES VIVAR, Jesús Miguel; MIRÓN LÓPEZ, Luis María (eds.): *Prensa gratuita y calidad informativa*. Madrid: Ediciones FIEC, 75-94.

FERRO RUIBAL, Xesús (2005): "La fraseología, espejo de la historia de un pueblo. Notas gallegas", en LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PÁMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método Ediciones, 257-282.

GARCÍA-PAGE, Mario (1993): "La función lúdica en la lengua de los refranes", en *Paremia*, 2, 51-58.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, María José (2008): "Producción e interpretación de los titulares en prensa: visión pragmática", en *Babel* 17, 153-177.

GUERRERO SALAZAR, Susana (2007): *La creatividad en el lenguaje periodístico*. Madrid: Cátedra.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A.; AARLI, Gunn (2008): "Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 175-188.

MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): "En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos", en *Revista electrónica de estudios filológicos*, V.

MIRONESKO, Elena (2005): "Apotegmas rusos como medio de creación del titular periodístico", en LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN,

Antonio (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método Ediciones, 175-189.

RUIZ GURILLO, Leonor (1997): "Relevancia y fraseología: la desautomatización en la conversación coloquial", en *Español Actual* 68, 21-30.

SABÉS TURMO, Fernando (2006): "La prensa gratuita en España: análisis morfológico comparativo de las publicaciones 20 Minutos, Metro, Qué! y ADN", en *Doxa Comunicación* 7, 83-108.

SALAS, C. (2009): "Introducción", en FLORES VIVAR, Jesús Miguel; MIRÓN LÓPEZ, Luis María (eds.): *Prensa gratuita y calidad informativa*. Madrid: Ediciones FIEC, 23-32.

SANTOS DÍEZ, María Teresa (2008): *El auge de la prensa gratuita en España.* Bilbao: Universidad del País Vasco / Euskal Heriko Unibersitatea.

SERRA I ROIG, Marius (2000): *Verbalia. Juegos de palabras y esfuerzos del ingenio literario*. Barcelona: Ediciones Península.

VIGARA TAUSTE, Ana María (1998): "Aspectos pragmático-discursivos del uso de expresiones fosilizadas en el español hablado", en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual* (Lingüística Iberoamericana 6). Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana, 96-127.

ZALYALEEVA, Alsu (2008): "Russian Phraseological Units and Proverbs as Headlines of Newspapers and Magazines Articles", en MELLADO BLANCO, C. (coord.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 273-286.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: P. D. Lang.

APÉNDICE

TITULARES CITADOS NO ARTIGO

TITULAR	SECCIÓN	DATA
A 'Nena Torres' é galega	DEPORTES	09-07-09
A bolsa... ou a vida	GALICIA	27-03-07
A feira estaba no polbo?	GALICIA	08-01-08
A frota de Ribeira tensa a corda	GALICIA	06-06-08
A Historia cambia de cor coa elección de Barack Obama	PORTADA	06-11-08
A importancia de chamarse Ronaldo	UN RESPIRO	31-07-09
A memoria histórica de Carmencita	UN RESPIRO	05-12-08

Á segunda vai a vencida	PORTADA	02-07-08
Actores con 'Agallas'	CONTRAPORTADA	10-09-08
Algo máis que 'Friends'	UN RESPIRO	09-10-09
Alonso volve á casa polo Nadal	DEPORTES	11-12-07
Ao mal tempo, boa cara	FLASH	20-02-08
Arde California	FLASH	13-03-07
Aterriza o 'Goberno dez' de Feijóo	GALICIA	21-04-09
¡Bebamos como galegos!	GALICIA	10-12-07
Bos, breves e en internet	UN RESPIRO	28-10-09
Catro vodas e... ¿algún funeral?	FLASH	15-02-07
Costa da Morte Vice	GALICIA	28-01-09
Crónica dunha morte anunciada	DEPORTES	04-05-09
CSI Galicia	GALICIA	13-06-07
'¿De quen vés sendo?'	UN RESPIRO	06-10-09
Don't pay per view	GALICIA	16-10-07
E ao cuarto día... a bolsa resucitou	ECONOMÍA	25-01-08
E niso marchou Fidel	CONTRAPORTADA	20-02-08
En Turquía, pero sen paixón	DEPORTES	08-06-09
Entre un Polo e outro	CONTRAPORTADA	04-10-07
Feijóo fai oír o galego en Bruxelas	PORTADA	08-10-09
Galicia, sitio distinto	ESP. ELECCIÓNS	11-03-08
Habelas... ¿hainas?	GALICIA	02-06-08
Hai un galegofalante na lúa	GALICIA	27-07-07
Home solteiro busca...	GALICIA	10-01-08
Ir ao cine e saír trabado	UN RESPIRO	05-12-08
Manobras na escuridade	FLASH	07-11-07
Maxestades xa non tan satánicas	UN RESPIRO	18-02-08
Mirada de lince	FLASH	23-01-09
Mirade que as segundas partes...	UN RESPIRO	15-12-09

Na misa e repicando	GALICIA	10-06-08
Nicho de emprego	GALICIA	04-03-09
No outono da matriarca é primavera	UN RESPIRO	02-10-08
Non está frío e xa queren deixalo teso	UN RESPIRO	29-06-09
Non hai máis que unha	GALICIA	29-04-09
O actor de 'Ghost' di que é un milagre	UN RESPIRO	22-07-08
O conto dos mil cabritos	GALICIA	25-05-09
O Deportivo ten licenza para soñar	DEPORTES	11-05-09
O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina	UN RESPIRO	09-06-09
O ser ou non ser do Real Madrid	DEPORTES	10-03-09
O xefe da FIA ponse como una moto	UN RESPIRO	01-04-08
O xinete solitario en estado ebrio	GALICIA	13-04-09
'Os intocables' do Ribeiro	GALICIA	29-12-06
¿Outra longa noite de pedra?	CULTURA	18-03-09
Pero Imanol: 'Cuéntame cómo pasó'	UN RESPIRO	18-11-09
Primeira dama negra na Casa Branca	UN RESPIRO	07-11-08
Problema en aumento	UN RESPIRO	04-06-09
¡¡¡Puidemos!!!	PORTADA	30-06-08
Salvando a galiña piñeira	UN RESPIRO	20-01-09
Todos contra todo	GALICIA	07-05-07
Tomando moi a peito as súas obrigas	UN RESPIRO	18-09-07
Traballar é un pacer	GALICIA	16-03-07
Un cuarto con vistas	FLASH	10-04-08

Un deporte de peso	FLASH	24-04-08
Un edil sen mans libres	GALICIA	19-01-07
Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa	FLASH	28-03-07
Unha última tentación	GALICIA	26-06-09
Vivir na Coruña, que... caro é	ECONOMÍA	08-06-07

Dentes e moas na fraseoloxía galega

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Análise do corpus de fraseoloxismos somáticos galegos referidos a dentes e moas. A dentamia inspirou no falante metáforas pasivas para falar de dentes e das súas funcións fisiolóxicas, maiormente a de triturar alimentos; pero inspirou, sobre todo, metáforas activas para expresar conceptos antitéticos como forza e debilidade; conquista / vitoria e derrota; capacidade e incapacidade; mocidade e vellez; vida e morte; cordialidade e agresividade; beleza e fealdade; sorriso e seriedade; discreción e indiscreción; sensatez e insensatez; amor e odio; riqueza e pobreza; proporción e desproporción. E, por parte, esta análise revela que eses fraseoloxismos expresan crenzas latentes que só un falante nativo dá percibido e utilizado con habelencia.

Palabras clave: fraseoloxía, somatismos, dentamia, lingua galega.

Analysis of the corpus of Galician somatic phraseologisms referred to teeth and molars. The bonelike structure in the mouth inspired in the speaker passive metaphors to talk about teeth and their physiological functions, mainly that of triturating foods; but it specially inspired active metaphors to express antithetical concepts such as force and weakness; conquest, victory and defeat; ability and inability; youth and old age; life and death; cordiality and aggressiveness; beauty and ugliness; smile and seriousness; discretion and indiscretion; good sense and foolishness; love and hatred; wealth and poverty; proportion and disproportion. And, apart from that, this analysis reveals that those phraseologisms express latent beliefs which only a native speaker is able to perceive and use skilfully.

Keywords: phraseology, somatisms, teeth, Galician language.

1.Introdución

1.1. Dentes e comunicación humana

Os animais comunícanse entre eles: as abellas, danzando; os elefantes, con sons infrasónicos; as baleas, con cantos similicadentes; os bandos de paxaros e peixes, para se desprazaren sen que ningún bata con outro: todo isto implica que aí hai

Data de recepción 28/08/2010 Data de aceptación 28/09/2010

comunicación. Pero a comunicación animal non parece variar no espazo ou no tempo, ten un limitado repertorio de mensaxes e só parece referirse ó presente, nunca ó pasado nin ó futuro.

A comunicación humana, en cambio, está construída con palabras e as palabras descompóñense en moi poucos fonemas; pero con eses poucos fonemas o ser humano pode crear case infinitas mensaxes que se refiran ó presente, ó pasado, ó futuro; ó real e ó imaxinario; ó concreto ou ó abstracto; coa intención de dicir, de suxerir, de pedir, de impoñer pero tamén de fantasear, de pasa-lo tempo e mesmo de enganar. A comunicación humana é articulada e por iso é dunha complexidade case infinita.

A comunicación humana comparte coa animal o complemento de elementos xestuais pero aquí tamén o repertorio humano de elementos extralingüísticos como a mímica das mans e a expresión da cara parece tamén máis rico. A expresión da cara non só reforza o significado (ameaza, súplica ou hilaridade) senón que nalgún caso da expresión da cara depende o significado, cando unha mesma frase pode ser de sentido recto ou irónico. A cara é a que fai presente o contexto real en que está a fala-lo emisor.

Dentro da cara son moi importantes os músculos faciais, a expresión dos ollos e a expresión da boca. A boca, o principal elemento móbil do falante, non só é o órgano de produción da mensaxe oral senón que é o punto que concentra a atención de quen escoita por estar en constante movemento durante a fala. Repárese en que a voz sae por un punto da cara no que un óvalo móbil máis ou menos alongado formado por uns labios vermellos ten no seu interior un centro branco, tamén móbil e verticalmente estriado, que son os dentes. Este contraste de color e de liñas en continuo movemento atrae a atención[1] e moita xente, cando escoita, mira máis para a boca que para os ollos do interlocutor. E, ás veces, este centro branco que son os dentes aínda se constitúe en contorno dun segundo centro vermello: a lingua ou, nas gargalladas, o padal. A expresividade visual da boca é obra dos labios pero a visibilidade e a feitura dos dentes contribúen a atrae-la atención do interlocutor. Na boca, polo tanto, hai tres puntos de atención que por mobilidade e colorido centran a atención en rivalidade coa intensa expresión dos ollos. Di unha cantiga popular galega que *os dentes son a fror de toda cara*. Pero o máis importante é que, nalgúns casos, o significado dunha expresión fraseolóxica depende da levísima inclinación cara a arriba ou cara a abaixo do canto da boca ou comisura dos labios, como verá o lector.

Obviamente non se pode esaxera-la importancia comunicativa da mímica xestual, porque nós podemos acada-la plenitude da comunicación humana sen ela, na comunicación escrita ou telefónica.

A dentamia, polo tanto, aínda que sexa realmente un elemento en si mesmo inerte, é, se ben se mira, parte concomitante da expresión. A intervención dos dentes na comunicación ten tres niveis. No primeiro –e máis alto– interveñen directamente na elaboración da mensaxe: na articulación dos fonemas dentais e, sobre todo, cando o seu *traque-traque* manifesta medo ou frío ou cando o seu renxer manifesta dor, ira ou

[1] Di a cantiga popular: *Tés un caravel na boca / e os dentes son as folliñas, / e os teus ollos, meu amor, / inda han sere prendas miñas* (LIS1357).

ameaza. No segundo, máis frecuente, expresan e matizan o contorno emocional daquilo que dicimos e, por parte, a súa limpeza, fortaleza e harmonía engaden unha implícita credibilidade ó que se di: os dentes non son a condición dun líder pero poden reforzala. No terceiro, máis baixo pero máis frecuente, as súas características ou funcións orgánicas teñen formas propias de designación (colocacións, locucións, fórmulas, enunciados e paremias) ou mesmo convértense en fonte de metáforas que designan outras realidades. Deste terceiro nivel é do que fundamentalmente falarei aquí e adianto xa que todo o material que presentarei procede do Tesouro Fraseolóxico Galego que se elabora no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades[2].

1.2. ¿Dentes ou dentes e moas?

Antes de entrar en detalles, debo lembrar que ***dentes*** son tódalas pezas dentarias, entre as que diferenciamos funcional e anatomicamente os incisivos, os canteiros, os premolares e os molares. En portugués é inusual a distinción entre dentes e moas: a ***mó*** en portugués é sempre a pedra do muíño ou a pedra de afiar: ***mó,*** co significado de dentes molares, é un simple localismo. En galego, en cambio, hoxe fálase de ***dentes*** e de ***moas***; pero non sempre debeu de ser así, porque a fraseoloxía presenta un notorio desequilibrio entre a fraseoloxía dos dentes e a das moas (a proporción aproximada é de 80 a 20) e porque en moitos casos, para se referiren ós molares, os fraseoloxismos galegos falan tamén de *dentes*: ***dente do xuízo, dente do siso*** do mesmo xeito que falan do ***dente do lume*** (incisivo) ou de ***dente de leite*** [3].

Esta diferenza entre galego e portugués ten o seu interese, porque o latín tampouco distinguía entre dentes e moas; todos eran dentes: iso si, ás moas Plinio chamáballes *dentes maxillares*; Xuvenal, *dentes molares*; e ás do xuízo Cicerón chamáballes *dentes genuini.* No latín medieval a palabra *mola* (da que procede a nosa *moa*) aínda non tiña o valor de peza dental. E no galego medieval tampouco encontro a palabra *moa* co valor de peza dental, nin sequera no *Libro de Alveytaria* do século XV. A aparición deste valor, que corresponde ó castelán *muela*, ó catalán *queixal*, ó francés *molaire* e ó italiano *molare* debe ser posterior e revela que, sobre a metáfora da moa do muíño, galego e castelán ampliaron o significado da palabra *mola*; que francés e italiano crearon o substantivo dende o adxectivo latino que testemuña Xuvenal (*molarem*); e que o catalán, en cambio, partiu da idea que expresan os *dentes maxillares* que testemuña Plinio.

É dubidoso que algunhas ***moas*** da fraseoloxía se refiran a pezas dentarias e non á moa do muíño e, así, non creo que se refira a pezas dentarias o refrán ***Entre dúas moas molares nunca méta-los pulgares*** (45703)[4]. Con todo, algunha paremia emparella as

[2] Desenvolvo as claves internas de localización de cada fraseoloxismo no final deste artigo, na epígrafe 8.

[3] Do ***dente cabeiro*** falarei en 2.1.2.

[4] Tampouco creo que sexa peza dentaria a ***moa*** da locución ***entrar por ollo de moa*** ("caer en graza, resultar simpático"); esta coido que se refire ó ollo da moa do muíño, que é o burato circular no centro da moa do muíño por onde entra o gran que cae da moega pola quenlla. Entre a moa, que rola, e o pé do muíño, que está quieto, o gran vaise esfarelando e sae, convertido en fariña e salvado, ó tremiñado ou piso do muíño. Lémbrese aquela cantiga popular ***¡Quén me dera na Cruña, / anque fora nun camiño!, / ¡quén me dera as malas linguas / entre as moas do muiño!*** (24402,0653). Esta cantiga fala de *moas de muíño* en plural, porque son varias as ***malas linguas*** e porque hai muíños duplos e mesmo triplos, para facer

moas dentarias coas moas do muíño: tal acontece co refrán que fala da inutilidade dunha boca sen dentamia: ***A boca sin dentes e sin moas é como o muíño sin pé e sin roda***. Pero veremos en 2.2. refráns que falan de dor de moas, cousa que só se pode referir ás moas da boca.

1.3. Os dentes como referente pasivo ou activo

Os dentes interveñen na fraseoloxía como metáfora pasiva ou como metáfora activa. É unha distinción moi simple pero certa. No primeiro caso as imaxes describen os dentes, é dicir, falan exclusivamente de dentes: ***dentes de rato, dente cabeiro, dente do siso***. Neste grupo entran tamén locucións coma ***afiado coma os dentes do demo*** ('moi afiado', xa que o demo sempre se pinta con dentes de golfiño); ***// quentarlle ~ rarearlle os dentes*** [a alguén] ('golpealo fortemente na boca ata facerlle saltar algún dente, deixándollos máis raros ou espallados'); ***// falar entre dentes*** ('rosmar, dicir algo sen pronuncialo con claridade e de maneira intelixible'). Nestes casos, fálase de dentes e das súas accións propias (morder, deixarse ver, modula-la fala) e os dentes son, en certa medida, metáfora pasiva.

Pola contra, noutros casos os dentes son metáfora activa doutra realidade: ***vella sen dentes*** é o vagalume ou Lampyris noctiluca; ***// vella con un dente*** é a campá co seu único badal [***Unha vella con un dente chama a toda a xente*** (21602)]; ***// dar coa lingua nos dentes 2*** é revelar un segredo (43220) (LLÓPIZ (1,5); ***// te-la moa do siso*** ('ser prudente, comedido'); ***// dente de allo*** é cada unha das partes nas que se divide a cabeza do allo, separadas pola súa tea e casca particular e que funciona como amuleto; ***// perder un dente o inverno*** (tamén chamado ***dente de san Vicente***) é perder forza, agresividade, como se verá en 3. Tempo meteorolóxico. Por último o refrán ***Entre parentes non méta-los dentes*** aconsella non entremeterse, non intervir no que a un non lle portén. En todos estes casos non se fala de dentes, fálase doutra realidade e, deste xeito, os dentes son metáfora activa.

2. Fraseoloxía dental pasiva

2.1. Fisioloxía

2.1.1. Dentición

A dentición ou progresiva aparición dos dentes chámase ***nacer os dentes 1***; ***// saí-los dentes ~ canteiros*** [*...vivía soilo na compaña dunha servidora tan vella na casa que xa nela lle naceran os dentes* (LAMAS3). *Calai, non facer barullo, / que está durmindo o meu neno, / estanlle saíndo os dentes / porque aínda é moi pequeno* (LIS1368) ... *saíronlle os canteiros ó neno* (Ortelle). En 3. Experiencia veremos un segundo valor figurado de *nace-los dentes.*

---

simultaneamente varias moídas. Dito isto, non se entende moito como ***entrar por ollo de moa*** pode significar "resultar simpático, caer en gracia": certamente [o gran] entra moi suavemente e polo sitio exacto pero o inmediato final é a trituración. Por falar da moa do muíño e non da moa da boca, prescindo tamén de locucións como ***redondiño coma unha moa*** (LLOPIZ 1/ 460); *redondo, redondiño coma a moa do muíño* (LLOPIZ 1/ 461); ***redondiño como moa de muíño*** (LOPTA2135); e tamén do tecnicismo ***moa manual*** que é o muíño chairo, que funciona co sistema máis antigo de moer: dúas pedras, unha grande e coa cara superior lisa e a outra máis pequena que roza contra ela machacando o gran (BAS22026).

2.1.2. Tipoloxía dos dentes: idade, posición, feitura e partes

Os primeiros dentes que lles saen ós nenos ou ós animais, e que lles acaban por caer para deixaren paso ós definitivos e de maior tamaño, chámanse ***dentes da mama, dentes mamotes, dentes mamóns ~ mamois, dentes de ~ da teta, dentes de ~ do leite***. A denominación ten certo carácter hiperbólico no caso dos humanos porque é inusual que un neno siga mamando, cando xa ten dentes (***O neno ós seis meses asenta, ós sete endenta; ó ano é andante e ós dous é falante***); pero no caso dos bovinos estas denominacións son axeitadas, porque os máis dos becerros nacen xa cos oito dentes de leite e, en calquera caso, ó mes de vida xa están presentes tódolos incisivos. Cambiar estes dentes polos definitivos é ***muda-los dentes***. No caso do gando vacún os segundos dentes chámanse ***dentes da cerra*** e esa acción denomínase ***muda-los dentes*** ou ***pecha-la dentamia*** que é cando xa os ten todos nados e ben xuntiños. Nestes animais a muda empeza entre os 18-24 meses e remata entre os catro ou cinco anos. O proceso é lento e isto permite coñece-la idade do animal polo estado dos seus dentes: por iso se di que bovinos e equinos ***falan polos dentes***. Deste feito naceu o refrán ***A cabalo regalado non lle mires o dente*** (16207) (44508) ~ ***non se lle mira o dente*** (16008). E da muda naceu o refrán ***A zorra mudará de dentes, pero non de mentes*** que ten o seu paralelo naquel que di *O lobo tira co pelo pero coas condiciós, non* (24402,1419).

Os humanos, como direi, tamén *falamos polos dentes*, tanto na infancia coma na vellez, pero é pertinente a advertencia do refrán ***O dente mente, a cana engana e na arruga non hai dúbida***. Salta ós ollos que, cando este refrán se fixou, xa había ortodoncia pero aínda non se estendera a cirurxía plástica.

A denominación dos dentes pola súa posición no arco dentario ten diferentes graos de imaxe. Os incisivos chámanse ***dentes da frente ~ de diante ~ dianteiros ~ do lume da boca***: aluden estas denominacións á súa posición avanzada na porta da boca; ***dentes do lume ~ dentes do lume da boca*** é denominación característica da Terra Chá. Aínda que en Feás o ***lume da boca*** sexa simplemente o padal, o maxilar superior, e poderíase pensar que esta denominación é aplicable a tódolos dentes superiores, en realidade designa só os incisivos: parece pervivir aquí o primeiro dos significados figurados de ***lumen*** no latín medieval que era o de 'fiestra, lugar por onde entra a luz na casa', e a boca é como unha fiestra e, nela, os incisivos son os primeiros en recibiren a luz.

Os caninos, en cambio, xa inclúen unha metáfora na súa denominación aparentemente neutra: nos cans estes dentes son os máis visibles porque son meirandes cós outros e son tamén os máis agresivos cando morden a súa presa: é difícil ceibarse deles polo tamaño e pola curvatura cara ó interior da boca; no ser humano denomínanse ***caíños***, forma patrimonial galega da palabra ***canino*** que tamén se aplica a plantas silvestres (*nabo caíño, uva caíña*); tamén se chaman ***dentes cairos ~ canteiros*** e por veces estes adxectivos substantivízanse.

Tamén existe o ***dente cabeiro*** pero aquí os nosos lexicógrafos discrepan. Uns, como o DRAG (1913-1928), Filgueira (1926), Franco Grande (1972) e Carré (1972) consideran que é a última peza do arco dentario (*moa do cabo, moa cabeira*, *moa caveira*, "muela del juicio"); pero outros, como Aníbal Otero (1949-1977), Ibáñez

(1956), Eladio Rodríguez (1958) e Constantino García (1985), defíneno como canteiro, "colmillo", "dientes agudos que están al lado de los incisivos" [5].

Os molares desígnanse só pola súa posición traseira: ***dente de atrás, dente cabeiro*** ~ ***moa do cabo*** ~ ***moa cabeira***); algunha vez temos rexistrado ***dente molar***. O uso da palabra ***moa*** é moito menor, como dixen; mesmo no refraneiro.

Os dentes inferiores denomínanse en xeral ***dentes de baixo*** ou ***dentes queixales*** por estaren inseridos na queixada ou maxilar inferior. Maticemos que Franco Grande os refire ós dentes do porco e que o Xerais os define como molares sen especificar se son superiores ou inferiores (XERAIS1302) (XERAIS2240).

Dente do *xuicio ~ ***siso*** (ou ***moa do siso*** e ***moa do *xuicio***) é cada un dos catro que adoitan saír despois dos dezaoito anos en cada extremo da dentamia. Moitos galegos coidan que esta locución está construída sobre a crenza de que estes últimos molares tardan en nacer pero xa nunca máis caen, de modo que acompañarán o portador trala morte no xuízo ante o tribunal de Deus. Pero a realidade é que non todos morren con esas catro pezas dentarias e, por parte, a variante ***dentes do siso*** alude claramente ó pleno uso de razón, á sensatez que dan os anos. En 3. Prudencia verémo-los valores figurados que de aquí nacen.

Vello ~ ***vella sen dentes 1***. Persoa desdentada por efecto da idade [***Papas quentes, á vella sin dentes*** (210071343). *Tanta alegría mirando, / os vellos sin dentes rin, / e senten non te-las pernas / pra choutar e rebulir".* (CUREN1)].

A denominación dos dentes polo seu tamaño deu a forma ***dentes de cabalo*** **1** que designa os dentes longos pero ben feitos e aliñados. Outras denominacións como ***dentes de chavella*** ~ ***chavelleiros*** (ou simplemente ***chavellos***) designan os dentes grandes, desproporcionados e mal feitos (RODGO2036): a imaxe latente é a da chavella que é unha caravilla ou pasador de madeira con que se agarran o temoeiro, o xugo e a cabezalla do carro de xeito que nada se mova ou balancee pero que é delgada e sobresae por riba do xugo. Falarei en 6.8. e en 7.1. de por qué os dentes longos teñen na fraseoloxía galega unha valoración negativa, polo menos na muller. Os dentes grandes compáranse tamén cos da loba, cos do demo, co puño dun paraugas e coa chavella do carro: ***A miña comadrona largona ten os dentes coma os dunha loba*** (45012).

Cando a feitura dos dentes é afiada, compáranse cos ***da loba***, cos ***do demo***, cos ***de coello*** e cos ***da donicela***. [*A donicela éche coma un rato; tenche os dentes afiados coma navalliñas; se olla pra ti, bótache o airo e adoeces* (MENFER2,64)]; pero o paradigma son os do demo: ***afiado coma os dentes do demo*** [*As púas do pente (de aseda-lo liño) eran afiadas coma os dentes do demo* (MANDI1:417)].

Dente de lobo 1. 'Dente moi pequeno, afiado e sen función, que aparece cando o cabalo ten 6 ou 9 meses, maiormente na parte superior da boca, ó lado do primeiro premolar nº 6. Adóitase extraelo, porque, cando se lle pon o bocado na boca ó cabalo, o contacto con este dente resúltalle irritante e o cabalo sacode a cabeza e rexeita o bocado'.

[5] É posible que a denominación *cabeiro*, entendida como *do cabo*, nacese por oposición a *dianteiro*; pero a moa *caveira*, que xa recolle Carré (1928-1931), podería levarnos ó concepto de dente cavo.

Véxase *dente de lobo 2* en 3 Autoridade. ***Ter dentes como unha loba***. Telos grandes, afiados e prensores. Úsase na adiviña da silveira e da serra ou tronzador [*¿Qué é unha cousiña, cousa, / longa, longa como unha soga / e ten dentes como unha loba?*] (35501376).

Os ***dentes de angazo*** son os dentes longos e separados, coma os do angazo, que é unha especie de peite con oito ou dez dentes de madeira ou ferro e ben separados que se manexan cun mango longo e perpendicular. No gando vacún e cabalar o tamaño dos incisivos diferencia ***dentes machos*** e ***dentes femias***: ***macho*** é o primeiro par de incisivos, sempre máis grande có segundo e terceiro par de incisivos (***femias***) que nestes animais sempre son máis pequenos.

Pola contra, ***dentes de rato*** son os dentes pequenos coma os de leite cando son moi pequenos e tamén separados. Os dentes pequenos tamén se comparan coas areas do sal [*Tíña-los dentes miúdos / com'as areas do sal / que relumbran en tu boca / com'a pedra do cristal* (SCHU6 / 2 / 581). *Tes os dentes tan pequenos / como areiñas de sal; / dende eiquí están parecendo / bocadiños de cristal* (LOREN22338)]. En 6.8. veremos qué crenzas estéticas laten aí. *// **Dentes de mentireiro*** son os dentes que están moi separados entre eles e detrás desta denominación está a crenza lúdica pero común (6.4.) de que por entre eles escápanlle as mentiras ó que os ten desa feitura; ***// dentes acabalados*** son os que nacen cubrindo un pouco os normais; ***// dentes arregañados*** son os que quedan moi ó descuberto ó falar ou ó rir.

Prescindimos aquí doutras unidades máis puramente terminolóxicas[6].

A locución ***ser un raigaña*** significa 'ser persoa que, así polo baixiño, amola no veciño'. Para entende-la motivación temos que lembrar que ***raigaña*** é unha raíz pequeniña da moa que se arrinca e que despois produce unha dor fina (Ortelle).

2.1.3. Morder

A acción natural dos dentes, que é morder, exprésase en galego das seguintes maneiras: **botar ~ chantar ~ cincar ~ cravar ~ ferrar ~ fincar 1 ~ trinca-lo dente** [*O lobo que sempre persumía de forzudo, cando falaba cua zorra, ferróulle os dentes e, pumba!* (PRIETO5128). **Ser sempre prudente para que non trinque un dente** (39011)].

Todos estes verbos admiten a forma pronominal ***botarlle, chantarlle, cravarlle, ferrarlle, fincarlle o dente*** [a algo / a alguén] [nalgunha parte] e tamén admiten o plural no obxecto directo ***cinca-los dentes*** e ***chanta-los dentes***: ***Os cans que máis ladran non son os que chantan os dentes***. [*Deixáchelo ir, aghora cíncalle os dentes no rabo* (RIVAS1053). *As moras e as xudias / sempre tiveron un defecto, / que pra fincarlles os dentes / hai que ablandalas primeiro* (LIS1357)].

---

[6] Do tipo ***branco do dente***, que é o esmalte que cobre a coroa dos dentes (RODGO1388) (CARRE4); ***// bulbo dentario*** é a parte branda do interior dos dentes (XERAIS1145); ***// cova do dente*** é o alvéolo do dente; ***// polpa dentaria*** (XERAIS2596); ***// pasta de dentes*** é a que usamos para lava-los dentes. [*Na casa usamos unha pasta de dentes que ten fluor* (RODAL645)]; ***// dentadura postiza***. 'Prótese dental que substitúe total ou parcialmente un dos dous arcos dentarios.' [-*¡Carai!... N'esto non caía... Agora fágome de cargo que Saturio ten a dentadura postiza e... e craro está que do primeiro soplamocos que lle dese faguíalla cisco. Vamos creánme que non o dixen con malicia* (VIDALRO1207)].

Máis importante é que nalgúns está constatada a variación ***chanta-los dentes*** [en algo] ~ ***chantarlle os dentes*** [a algo]; ***// ferra-los dentes*** [en algo]~ ***ferrarlle os dentes*** [a algo]; ***// mete-lo dente*** [en algo] ~ ***meterlle o dente*** [a algo] [*Ai, que me comen as pulgas, / ai, que me chantan os dentes; / meniña, na túa cama / haiche unhas pulgas doentes* (20309,31); *... coa fame ... metíall'o dente a aquela orella que me estaba levando os ollos* (RODLO7171908). ***Cando penses meter o dente en seguro, atoparás co duro*** (RODGO2037)].

Outras posibilidades son ***dar*** ~ ***pegar unha dentada*** [a algo / a alguén] [en algunha parte] [*Tanto enrabiscou ó can do tío Namesio, que empezou a correr, pra escapar dil, esbarou, e caíu ó chau, entón o can deulle unha dentellada na orella, deixándolla presa soamente polo coiro* (FERREAL105). *... entonces acordóuse do que lle dixera o cura, e mirou pra o altar donde estaba a Virxen, i, efeutivamente, pareceulle que o neno que tiña estaba mirando pra el, i entonces, pegándolle unha dentada ao pan, díxolle: -¿Qué miras ti, ollos de rato?* (FINGOI108)].

Acudir cos dentes é utiliza-lo último recurso dispoñible: ***Quen máis non pode, cos dentes acode***.

A acción de morder dise *mordida* ou *dentada*: ***Cala, cala, vai calando / cara de tuturutú, / que mataches a túa nai / cunha dentada no cu*** (35133328). A forma de morder dise ***a dentadas*** e úsase cando se corta cos dentes ou se desfai unha cousa branda, ou se arrancan anacos dela (DRAG1054) [*O amor dos burros entra a couces e a dentadas* (RABA-GEG02065)].

2.1.3.1. Morder como ataque

Botarlle o dente ~ ***os dentes*** [a algo / a alguén] / ***botarse a dentadas*** [a alguén] / ***botarse con dentes e poutas*** [a ~ contra alguén] / ***trabar*** [en alguén] (***a dentelladas***) / ***meterlle unha dentellada*** [a alguén]. 'Atacalo'.

[*Unha mañá, nada máis sair fora un galo, botóulle o dente o bon zorro (FINGOI020). Ramil estaba que ardía e non fumeaba, e ideyas lle viñan de botarse á él á dentadas e facelo anacos; pero refleusionou que nada facía con aquelo (LOPFE2407). Soan as dúas da tarde. Pedro abre a porta e de súpeto comeza o segundo lance. A siña Filomena bótase con dentes e poutas contra o xenro, i el ponlle o lombo (RODCAS4202) Inda ben non se descuidan saltan detrás de algunha parede algús distes bichos, que estaban axexando escondidos, métenlle unha dentellada na gorxa a un año ou ovella, e danlle media volta marchando con ela enriba do lombo* (FERREAL137)].

Pero *morder* é un concepto que se utiliza con frecuencia na linguaxe erótica. Dese uso figurado falaremos en 3. Sexo.

2.1.3.2. Comer

En galego *darlle* [a algo que pode facer unha función] significa 'facelo traballar'. E aínda que os dentes non comen, forman parte indispensable do proceso da comida; por esa razón a metonimia permite que varias das locucións anteriores como ***dar***(***lle***) ***ó dente*** (LOPTA143 / LOPTA2037 / 41202,334), ***dar***(***lle***) ***que facer ós dentes*** (LOPTA2037) ou ***dar***(***lle***) ***ás moas*** teñan como segundo significado máis específico o de 'comer,

alimentarse' [*Eu caséime aló enriba / e batín con boa xente; / a comenencia era boa / pro non hai que dar ó dente* (ALOMO2274). *Agora que estás de cura / has ter ben que dar ó dente, / soio che falta rozarte / co lombo contra as paredes* (ALOPI001). *Fai cerca de trinta horas que non damos ás moas* (MASMA248)]. Mecanismo semellante funciona en ***meterlle o dente*** [a algo] e no menos común ***ferrarlle os dentes*** [a algo] [-*¿Seica non che vén o sono? -Non; e decátome que será coa fame...se soupera, metíalle o dente a aquela orella que me estaba levando os ollos* (RODLO1259). *Un día atopóu un poliño chamado 'Pinto' e metéulle o dente* (15212,91)]. *Morder* tamén se di *adentar* e, por iso, ***pan adentado*** é o pan encetado: del di o refrán que ***Pan adentado non se pon na mesa*** (RODGO3077).

Sinónimo de "comer" pero agora cunha sinestesia que lle atribúe ó dente a capacidade de ter sensacións que son propias doutras partes do corpo é a locución ***dar gusto ó(s) dente(s)***: ***darlle gusto ós dentes e máis á gorxa*** [*aquela noite -como él dicía- era Noite Boa, e había que pasala ben, dándolle gusto aos dentes e mais á gorxa* (CARRE0191721)]. O refrán de Vilar de Ortelle, Pantón (23911218) ***Dar gusto ó dente trae o laiar da xente*** sintetiza o que hoxe din moitos médicos sobre os excesos (e sobre todo desequilibrios) na comida.

Curiosa é outra locución sinónima, ***tirarlle un dente á laceira*** (LLÓPIZ), porque expresa que se lle quitou potencia e forza e agresividade á fame ou laceira. Veremos outras UUFF que sitúan nos dentes a forza e a agresividade (3. Agresividade; 6.8.; 6.).

2.1.3.2.1. Apetito

Te-la dentamia ben disposta (LOPFE3274)], ***te-los dentes afiados*** (Ribadavia) (SOBREI092) e ***medrarlle as moas*** [a alguén] (MASMA222)] significan 'ter apetito neste momento'. [*E o que máis e o que menos deu ben a entender que a dentamia a tiña ben disposta* (LOPFE3274)]. [*Son as doce da noite. D. Policarpio e mais a meiga están xuntos. O cocho cebón, está moi alegre. Bólenlle os ollos e médranlle as moas* (MASMA222)].

Afia-lo dente significa 'prepararse para comer, despertárselle a un o apetito por calquera cousa' (43220) ~ ***afia-los dentes 1*** (Ortelle) (LOPTA2036). A primeira forma é común co portugués (SIMÕES010).

Ser alegría para os dentes [de alguén]. 'Xerar expectativas de comer ben' [*Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus dentes*].

A fame é un elemento creativo, tamén na fraseoloxía dos dentes: pasar fame dise ***folga-lo dente*** e téñase presente que en galego *folgar* significa 'non traballar'. Di así o refrán ***Paxariño dormente, fólgach'o corpo, fólgach'o dente*** (SACO2334). Tamén se di ***aguzarlle os dentes a fame*** [a alguén] [*Por un lado o frio e por outro a camiñata, a fame íalle aguzando os dentes a todos, e xa comezaban a degorar as sardiñas aballoadas e a bica apra da noite pasada* (VENTIN1025)]. *E foi á pena aguza-los dentes o lobo* (27001).

Traio aquí unha dúbida que arrastro dende o ano 2000, referida á problemática locución *chorarlle o dente.* Taboada Chivite dá de dúas maneiras diferentes un mesmo refrán que recolleu na Gudiña hai uns 80 anos: *Á boa fama ~ fame non lle chora o dente*.

Supoño que a forma correcta é a segunda (*fame*) e esta é a versión da nosa edición (Taboa2,50). Pero dende aquela quédame a dúbida se *o dente chora* (que é a lectio difficilior do ms. de Taboada) ou se alguén *lle chora ó dente*. Se quen *chora* é o dente estariamos dicindo, mediante unha sinestesia, que "o dente está triste" e a frase non tería sentido, porque se emparellaría a *moita fame* precisamente con *non chorar*. Para entendelo, coido que temos que lembrar que un dos valores que na fraseoloxía ten o verbo *chorar* é o de 'escatimar, taxar', como se ve nestes exemplos: *Se hai que ghastar pra comer, non llo choro* (RIVAS1066). *A quen lle has dar a cea, non lle chores a merenda* (ZAMO026). Visto así, *non chorarlle* [alguén] [algo] *ó dente* podería significar 'non taxa-la comida, comer'; e o refrán significaría que, cando hai moita fame, non se lle taxa a comida ó dente, é dicir, cómese moito sen reparar na calidade desa comida. Consultei con Rodríguez Cruz (33301), óptimo coñecedor do léxico e fraseoloxía de hoxe na Gudiña, e dime que o refrán hoxe alí é descoñecido pero que esta segunda é a versión correcta e ofréceme paralelos vivos[7].

2.1.3.2.2. Comer moito

Ter dentes de frade 1 ~ ***non folgarlle o dente*** [a alguén] (LEIRAS1407) ~ ***estar sempre dándolle ó dente*** (LOPTA143) significan 'comer moito; ser moi comedor, estar sempre comendo'. [*Anda ti, dentes de frade, / queixadas da miña besta, / nunca venciche batalla / nin tampouco vences esta* (SCHU5 / 2 / 133b)].

(***Ser***) ***de bo***(***n***) ***dente 1, ter bo dente, te-lo diaño no dente*** significan 'ter habitualmente bo apetito; ser persoa á que lle gusta toda clase de comida, comer de todo e moito; ser comellón, galdrumeiro, gorxón, larpeiro' [(*Andrés éche de bo dente; non hai comida que lle chegue*) (*Déixate de cumprimentos, que xa sei que es de bon dente. Micaela...trai o queixo de Flandes, pan de molete e mais viño para Antón*) (LUGRI6). *É de bo dente, era dun dente que metía medo* (30403,125); *non creo que chegue esa comida que nesta casa somos todos de bo dente* (45776,0425)]. Son locucións moi comúns pero, ademais de aludiren á persoa que come en cantidade, teñen un segundo significado que se bifurca antiteticamente: para uns é 'persoa que tamén lle val calquera cousa', é dicir, que non repara na calidade do que come (Ortelle); para outros, en cambio, é o contrario, designa 'persoa de gusto exquisito, que só se conforma con manxares de moita calidade'. Veremos máis casos de polisemia (*regaña-los dentes* 2.1.4.1.) pero aquí temos un caso de polisemia antitética coma o que veremos en *poñe-la denteira* (2.2.3.). Non son os primeiros casos cos que tropezo na fraseoloxía galega e nestes casos son elementos non fraseolóxicos, como a entoación, a mímica das mans ou da mirada, os que discriminan os valores semánticos. A loc. ***ter boas aguzadeiras*** significa 'comer moito' como persoa que para iso ten boa dentamia; pero en Vilar de Ortelle aplícana máis ben a aquel que sabe usala ben, é dicir, que sabe buscar onde se come ben e barato (Ortelle). ***Xente crecente ten o demo*** ~ ***diaño no dente 1*** alude a que a xente nova precisa comer moito. Isto precisa unha explicación: ***te-lo demo*** ~ ***diaño en*** [o corpo ~ unha parte do corpo] é un fraseoloxismo ben documentado no uso oral e escrito que significa actuar dunha maneira esaxerada, incontrolada ou atoleirada. A variante máis frecuente é *te-lo demo no corpo* pero, por veces, especifícase unha parte do corpo

[7] *Prá boa fame non hai mal pan. Prá boa fame non hai pan duro. Boa é a fame que espera fartura.*

(*cabeza*, *soá*, *ventre*, *dente*) e entón a acción concrétase máis (*na cabeza* 'estar tolo'; *na soá*, na medula espinal, é dicir no sistema nervioso central, significa 'actuar con absoluto descontrol'; *no ventre* quere dicir que 'o suxeito "parirá" co tempo efectos nocivos'; *no dente* 'que realiza excesos na comida'. ***Xaneiro quente leva o demo no dente***: este refrán afirma que un xaneiro non frío non realiza unha das súas funcións que é mata-la bichería nociva que se foi acumulando na terra e, pola contra, adianta indebidamente o inicio da xerminación e floración que, polos inevitables fríos que acabarán vindo nos meses posteriores, acabará queimándose e as plantas ese ano non producirán: en definitiva, xaneiro aborta, é dicir, "come" anticipadamente os froitos que no verán deberían alimenta-lo agricultor. Véxase 3. Perigoso.

Lémbrense tamén a loc. ***chorarlle ó dente*** e o refrán ***Dar gusto ó dente trae o laiar da xente***, xa citados en 2.1.3.2.1. e en 2.1.3.2. respectivamente.

2.1.3.2.3. Comer pouco, petiscar, parar de comer por fartura

En cambio, ***ser de mal dente*** ~ ***ser maldente*** ~ ***non ser de gran dente*** designan 'a persoa inapetente, mal comedora ou que é moi selectiva coas comidas' (e neste caso conflúen semanticamente esta locución e maila anterior) [*É maldente, non come nada* (19608)].

'Comer pouca cantidade nun caso concreto', é dicir, *petiscar*, dise ***comer á punta do dente*** (18603) ~ ***meter unha dentada*** [a algo] (33301).

'Pasar fame' dise ***estar a dente como égoa galega*** ~ ***faco galego*** (LLÓPIZ 1,1528).

'Parar de comer por saciedade' dise ***deixar polo dente*** [unha comida] (LOPTA2104) ou ***chegarlle co dente*** [á comida] e tamén 'aburrir un alimento de tanto comelo' (40702) [*A todos pido igualmente / que cada un nas suas casas / coma e beba deica deixalo polo dente* (41227)]. Pero 'modera-los hábitos alimenticios, iniciar unha dieta' dise ***sacarlle ó dente*** [*¡Hai que sacarlle ó dente!*].

2.1.3.2.4. Modos de comer

Dar ó dente ~ ***ós dentes*** ten un terceiro significado de 'comer sen falar e sen parar' (RODGO2036) (XERAIS3172) (RODGO2014), o mesmo que ten ***andar ós dentes*** (49601). ***// De mal dente*** dise da persoa moi selectiva coas comidas (13025); ***// comer a dente*** significa 'comer sen corta-la comida previamente co coitelo' (Fondo de Vila: RIVAS1069). ***Ter de gola o que non se ten de moa*** refírese a que non lle senta mal comida ningunha. *O que non ten de moa, teno de gola* (20302). *A quen Deus non lle dá dentes, dálle gorxa* (13702,109). *Por cada dente que caia, medra a gorxa unha pulgada*].

2.1.4. Rir

Os dentes interveñen na risa e a acción de rir desígnase con colocacións como ***abrir*** ~ ***arregañar*** ~ ***ensanchar*** ~ ***escachar*** ~ ***recachar*** ~ ***regaña-la moa*** ou ***o dente***. Todo significa 'rir' e as máis frecuentes son ***escachar*** ~ ***regaña-la moa***, maiormente esta última, que pode alterna-la forma plural (***regaña-las moas***) [*a salta-lo porteliño / xa veu a Andrés de contado / regañando as moas rindo / xunt'on salgheiro deitado*...(SCHU5 / 2 / 66a)]. Tamén se di ***recacha-la dentamia***. Vexamos algúns pormenores.

Abri-la moa é a máis simple pero non a máis usada: o significado está montado sobre o feito de facer visible a dentamia; ***// escacha-la moa***, en cambio, coma ***escachar a rir***, significa rir ás gargalladas e pode haber algo de onomatopea nesta colocación porque o verbo ***escachar*** significa crebar convertendo en anacos pequenos unha cousa dura que, ó romper, produce un estrépito que pode evoca-lo estrépito da gargallada; pero tamén se di do ruído que fai un líquido que ferve a cachón. Pero dos ourizos, cando regañan e deixan ver parte da castaña que teñen dentro, tamén se di que *escachan*; polo tanto pode non ter relación co ruído senón coa ruptura do que estaba cerrado.

En cambio, ***rir por entre os dentes*** significa 'rir con ironía ou retranca' [*E ao decer isto o Mestre ríase por antre os dentes, con rir prosmeiro, mentres San Pedro rosmaba non sei que rosario que non cheiraba moito a santidade* (VENTIN1116)].

2.1.4.1. regaña-los dentes

Regaña-lo dente ~ os dentes ~ a moa merece unhas liñas específicas.

Unha ***regaña*** é un substantivo galego que designa calquera fenda, fisura ou abertura longa e estreita nun corpo sólido. Hai moitas *regañas*, polo tanto. Unha das ***regañas*** máis coñecidas é a regaña dos ourizos dos castiñeiros que no outono deixan ver un pouco da casca brillante da castaña que teñen no interior. Podería ser que esa fose a regaña orixinal e que, metaforicamente, pasase a chamarse *regaña* a que fai a boca deixando ve-los dentes; e tódalas outras regañas que se lle parecen ou que a evocan. É a miña hipótese. En calquera caso o DRAE non rexistra a existencia en castelán do substantivo *regaña.*

Do substantivo ***regaña*** deriva o verbo *regañar* e así *regañan os ourizos das castañas* e os animais, incluído o home, ***regañan o dente ~ a moa***, é dicir, 'abren unha fenda na cara que fai visibles os dentes'. Os animais fano en sinal de ameza pero o home, sempre máis expresivo, faino por ira, ameaza, dor pero tamén por esa cousa tan complexa que é a hilaridade, sorrindo. Ben mirado, os dentes deixámolos ver parcialmente xa cando falamos; pero, cando rimos ou sufrimos moito, deixamos ve-los dentes de atrás ou moas e, se cadra, é por iso polo que que 'rir' se di en galego ***regaña-la moa*** máis frecuentemente do que ***regaña-lo dente***. Realmente é nesta colocación onde o uso da palabra ***moa*** é máis frecuente en galego. *Ao pasar o Pasadeiro / xa vén o Andrés de contado, / regañando a moa e rindo / tras dun salgueiro deitado* (30402,062).

A acción de deixar ve-los dentes é moi expresiva pero o seu significado é polivalente, como di esta cantiga popular: *Teño unha moza en Ourense / que ela bonita non é / que cando arregaña os dentes / non sei se ela ri ou me quere morder*. Neste caso a acción é ambigua. Da ambigüidade do feito e, consecuentemente, do significado da colocación, é boa mostra o final daquel conto no que un raposo ataca un galiñeiro e os cans e os gatos todos da aldea sáenlle ó encontro e córreno e cázano e mátano; e o raposo morto queda, como é nel característico, con dentes regañados; e, nisto, un gato dende un alto, xa aliviado pero aínda con medo, pregúntalle ***Ou, milmañas ¿ti ris ou regañas?***

2.1.4.1.1. 'A risa feliz e de indisimulado afecto' é o valor primeiro, tal como se ve nestas cantigas da tradición oral: *A do ramo no xustillo / tenme o grave inconveniente / que cando ve o seu galanhe / logo ll'arregaña o dente. / Logo lle arregaña o dente / e*

si o fai ten gran razónhe / porque o seu galán é mozo / de moi nobre condiciónhe (44254).

2.1.4.1.2. 'A risa burlona e sarcástica' é a que aparece nestoutras cantigas: *Hai no inferno unha festa, / que a fan os escribanos; / o demo toca na gaita / cos dentes arregañados* (BLADO1000). Este valor secundario de burla compárteo con ***rir entre dentes***. Dise tamén que ***regaña o dente*** aquel que 'ri ou sorrí sen motivo' (24002 / 008).

2.1.4.1.3. Un dos valores máis comúns de ***regaña-lo(s) dente(s)*** (e dos sinónimos ***ensinarlle*** ~ ***mostrarlle os dentes*** [a alguén]) é o 'de poñerlle mala cara en sinal de frontal desacordo, de decidida oposición, de reprensión' [*O pai regañoulle os dentes e o rapás parou pra atrás e rectificou* (43210) (FONSECA185b) ... *ó xuncras do pai meteuselle na chola que a súa filla non me queira; sempre que me ve arregaña os dentes com'un can de palleiro* (GAITA31038604)]. *Neste momento o can levantouse polo aire, cos dentes arreghañados cara a mín e batendo as súas patas contra o meu peito* (45500). Este valor de reprensión, común co portugués e co castelán, e que esixe OI (***regañarlle os dentes*** [a alguén]), podería estar na orixe do subst. ***regañadura*** ('reprensión') [*cunha puñada nas costelas, ou simplementes unha regañadura de dentes, facíao vir á razón* (GARBA2039)]. Fronte á polisemia galega dos fraseoloxismos con *regañar*, o castelán só coñece ese valor de 'reprensión, de decidida oposición e de frustración' para o verbo *regañar*, que considera préstamo portugués [Cf. port. *regañir* (sic)], coma noutros casos de coincidencia co galego, coma se o portugués tivese máis contacto co castelán có que tivo e ten co galego.

2.1.4.1.4. Outro valor é o de 'desafío ou o de ameaza, implícita pero visible, da inminente agresión física (43210) para facerse respectar' (RODGO2036) [*Enfadeime con Xacoba / e mostreille ben os dentes, / pro cando mais llos mostraba / doume cun fungueiro neles* (NOVOCOS611909) (Ortelle). *Unha vez era un rapaz e iba salir ôn fiandón de noite, y-a mai díxolle que non salise, que de noite andaban cousa malas polos camiños, que lle había de salir o *deablo cunhos dentes regañados e mui grandes* (23008). *Miña sogra morreu onte, / xa poudo morrer hai anos, / ¡vai boa de me pór medo / cos dentes arregañados!* (24402,0062)]. A regañadura é previa pero tamén simultánea da agresión física. *Arregañádo-los dentes, / us cos outros agarrados, / revoltos e enfurruñados, / semellan a cans doentes* (CUREN581). Que ***regaña-los dentes*** teña, tamén, o valor de 'ensina-los dentes ameazando' podería xustificarse entendendo por dentes os dentes caíños ou canteiros. É curioso que neste valor sexa sinónimo de ***poñer cara de ferreiro***. Nótese que o ameazado tamén regaña os dentes, preparándose para responder ó desafío: di un refrán que ***O que teña medo que se meta no cortello, e o que sexa valente que regañe o dente*** (27003,117): aconsella este refrán reaccionar con audacia ós problemas.

2.1.4.1.5. Cando a propia forza para responder é inferior á forza da ameaza, prodúcese a frustración[8]. Coido que debe de ser un xesto universal o de regaña-los dentes cando

[8] A loc. adv. ***a regañadentes*** ('á forza, por non poder evitalo; con repugnancia, contra gusto, amosando disgusto') rexístrase no uso en Vilar de Ortelle (Pantón), entre outros lugares, ten algunha presenza en textos literarios e figura mesmo no dicionario de Eladio Rodríguez (s.v. *dente*) pero non a encontro nin en refráns nin en cantigas de tradición oral. Hoxe os dicionarios galegos non anotan esta loc. por considerala

fallamos na consecución de algo que parecía conseguido [*regañáche-los dentes cando che chamaron a atención e a cousa parou para atrás e tiveches que rectificar* (43210) (FONSECA185). *Eu caseime na Alleira / contra gusto dos parentes; / a muller era bonita: / non hai que regañar os dentes* (BLADO3408)]. *Vandes vendo as de perder / e queréndelo deixar; / ide quedando, meniñas, / cos dentes a regañar.*

2.1.4.1.6. Tamén se regañan os dentes por fame [... *un pobre por máis que-auñe, / y-a traballar se-esgarduñe, / de fame os dentes regaña* (5ASTUR,706)].

2.1.4.1.7. Próximos ó valor anterior están o 'da dor', porque o sufrimento tamén nos fai regaña-los dentes [*Dobrouse ragañando os dentes coa dor* (IGLEAR033)] e tamén o valor de 'chorimicar' que tamén ten a loc. ***regaña-la moa*** (45789,099).

2.1.4.1.8. O oitavo valor é o 'da vellez', por ser xesto que os achaques fan aparecer con moita frecuencia no rostro dos vellos, cousa que o cantigueiro humoristicamente tamén aplica ós animais: *Ia burra de vella / regañab'os dentes / i os carallos grandes / son prós seus parentes / ai si miña burra vella / ai si miña compañeira ...* (SCHU1 / 2 / 279f).

2.1.4.1.9. O último valor é o 'da expresión da morte' [*O burro morreu, /* ***requichou os dentes*** */ e díxolle adeus / a tódolos presentes* (LOREN21607). ***¡Regañou a moa!*** (ZAMO217)]. É polo tanto normal que ***estar cos dentes regañados*** signifique 'estar morto' neste contexto: *Cando voltou a muller e foi á corte, viu como o seu porco estaba cos dentes regañados, entón díxolle: 'Meu porquiño, xa te ris, estás ledo porque eu cheguei'. Pero ela non se decatara de que o porco estaba morto de fame* (45746). *Iapunten, señores, / en papel marelo / que morreu a vaca / do Manuel do Guelfo / ai si, do Manuel do Guelfo / io Manuel do Guelfo / choraba por ela / iadiós miña vaca / miña vaca vella / ai si miña vaca vella / ia vaca de morta / regañab'os dentes / iadiós meus cuñaos* (SCHU1 / 2 / 279a).

Recacha-la moa merece un pequeno comentario, aínda sendo case sinónimo de ***regañar***. O verbo ***recachar*** significa tamén abrir unha fenda; pero tamén levantar (*recacha-lo rabo*) e, sobre todo, levantar algo que ou deixa á vista o que habitualmente se oculta (*recacha-la saia*) ou deixa ver algo máis do habitual (*recacha-los ollos*). Cando un ri, os beizos estíranse cara a atrás deixando ve-las moas e o canto da boca ou comisura labial elévase; cando un chora tamén ensina as moas, pero nese caso o canto da boca desprázase cara a abaixo. A loc. ***recacha-la moa*** expresa ben esa acción de ensinar dentes e moas incluíndo a elevación do canto da boca.

Como se ve, parece haber un código non escrito que define se un ***regaña os dentes*** por risa feliz, por risa burlona, por desacordo, reprensión, ameaza, frustración, fame, dor, vellez ou morte. O mesmo se diga das colocacións ***regaña-lo dente***, ***requicha-los dentes*** ou ***ensina-los dentes***. Eu non sabería describir ese código pero na práctica tódolos falantes nativos sabemos descodificalo, polo contexto (contexto incluso

---

castelanismo pero a prioridade e a polisemia das palabras galegas *regaña* e *regañar* fanme dubidar de que esa consideración sexa correcta. Nótese que o castelán admite a loc. *a regañadientes* pero, dende o séc. XIV, non usa o previo **regañar los dientes*. Sería interesante analizar algún día cantos préstamos galegos ó castelán acabaron paradoxalmente considerándose castelanismos en galego, porque o galego, por diferenciación espontánea, desenvolveu máis o uso dun sinónimo léxico ou fraseolóxico.

extralingüístico) no que o significado resulta transformado por levísimos matices na elevación ou na baixada do canto da boca ou comisura dos labios, pola expresión da cara, pola mímica ou polo contexto lingüístico. De feito, como se ve, ***regaña-los dentes*** pode significar rir pero tamén outras cousas antitéticas ou incompatibles. Pero nese código debe de haber mesmo algo universal, porque todos sabemos interpreta-la característica regañadura de dentes do adestrador Fabio Capello, como un xesto de frustración, cando un dos seus xogadores falla un gol que parecía estar conseguido.

2.1.4.2. Seriedade

Non mostra-los dentes. 'Manterse serio, non rir'. Común co portugués (SIMÕES292). A loc. ***non se lle veren os dentes*** [a alguén] significa 'ser persoa moi seria' [*Non se lle ven os dentes* (20301). *Non foi a ningunha das festas que organizamos nin fala moito. Miña nai di que é unha persoa á que non se lle ven os dentes* (43317,0429)].

2.1.5. Fricción ruidosa en sinal de cólera ou ameaza

Non é usual en galego usar un substantivo para expresa-la acción de apreta-los dentes e facelos renxer uns contra outros por tensión, concentración no esforzo, ira, rabia ou desesperación. Habíao en latín: era o *stridor dentium.* Pero en galego para iso dispoñemos das colocacións ***apretar*** ~ ***estarruñar*** ~ ***fremer*** ~ ***renchar*** ~ ***rencher*** ~ ***renxer*** ~ ***retrincar*** ~ ***rillar***[9] ~ ***retrincar*** ~ ***richar*** ~ ***rinchar*** ~ ***roer*** ~ ***taniscar*** ~ ***tarriscar*** ~ ***tarruscar*** ~ ***trincar*** ~ ***turrusca-los dentes*** [*Eu ben vin estar o moucho / no máis alto do penedo, / anque me* <u>*rinches o dente*</u>*, / moucho, non che teño medo* (30402,212). *Entra, guapo, si o eres / non te temas á valente; / home para min non és / anque* <u>*retrinques os dentes*</u> (PERZBA3124). *Os outros berraron: '¡Máis!'* <u>*Trinquei os dentes*</u> *e sentín que me baixaban as bágoas polos ollos e que non vía* (CASAR1,15). *O cativo* <u>*triscaba os dentes*</u> *cando durmía* (DRAG31165) (13201) *En Cambas témola fama dos homes mais valentós, / en Cambas témola fama dos homes mais valentós, / dos homes mais valentós, / unhos cantan e outros choran, e outros* <u>*retrincan os dentes*</u> (15001)].

A forma máis común parece ser ***rincha-los dentes***; pero as máis expresivas poida que sexan ***roe-los dentes*** e ***rilla-los dentes*** porque expresan que son os dentes os que reciprocamente se morden; ***andaba roendo os dentes*** quere dicir 'estaba furioso' (44002). Algunhas como ***renxe-los dentes*** admiten a transformación do OD *dentes* en S [*Renxíanlle os dentes, como si foran os de unha serra que estiveran limando, por non coller diante á seu primo o d'Ulloa* (LOPFE1315)][10].

Dar lume cos dentes 1 ~ ***facer chatolas cos dentes 1***~ ***facer lume cos dentes*** expresan o mesmo aludindo hiperbolicamente a que os dentes son coma pedras que, cando chocan, producen chispas [*O cura recebeuno de punta. Seique lle avisaran a visita do señor Bispo i estaba encornado... O señor abade facía chatolas cos dentes* (RODCAS4043)].

A forma ***toca-los dentes 1*** parece a menos evidente pero esta primeira acepción de ***tocar***[11] pode te-lo valor de 'renxer por rabia', como se ve observando estas dúas

[9] En portugués *rilar* [*Ele ficou tão irritado, tão irado, que até lhe rilavam os dentes de raiva, de ira* (CARVALHO4144)].

[10] Véxase *batérselle os dentes* [a alguén] no apartado 2.1.6.

[11] Verémo-la segunda acepción na epígrafe seguinte 2.1.6.

variantes da mesma cantiga: *Cando dous queren a unha / e os dous están presentes, / un está tocando os beizos / e o outro* <u>*tocando os dentes*</u> (23911021)[12].

2.1.6. Ruído producido polo frío ou o medo

O tremelique dental, consecuencia do frío ou do medo, desígnase en galego cun substantivo onomatopeico: o ***triquetraque*** [*A túa porta me tes / trique-traque cos meus dentes; / outros metidos na cama / coas túas pernas quentes* (BLADO3359)]. Como acción verbal no Caurel din *bracuñar*, pero é máis común un destes fraseoloxismos: ***abater*** ~ ***bater*** ~ ***cantar*** ~ ***castanexar*** ~ ***castañear*** ~ ***chavear*** ~ ***fremer*** ~ ***martabalear*** ~ ***toca-los dentes 2*** ou ben ***dar dente con dente*** e ***facer chatolas cos dentes 2***. Tamén se di ***dar dente con dente*** e ***bater dente con dente***: [*¡Probiño!* <u>*batía os dentes*</u> (ZAMO205); *o vento bruaba e a xiada facia bate-los dentes co frio* (VENTIN1133). *Na súa toqueira, o papai da meniña embrullábase en cobertores e* <u>*daba dente con dente*</u> (MENFER2,97) (XERAIS2240). *Metida na tulla daba dente con dente de frío e de medo* (ROME138) (*De ves en cando o coitado / sin darse conta, estremécese, / arripíaselle o corpo / e* <u>*bate dente con dente*</u> (CUREN1). *Ti estas na tua camiña / mui arroupada e mui quente, / e eu estou á túa porta /* <u>*batindo dente con dente*</u> (16106). *Tiña o pucho no chau pra que botase / a esmola quen quixer; de punta os pelos, / arrepiado o corpo coa xiada, /* <u>*batía os dentes*</u> *que era pena velo* (CUREN1)]. En tódolos casos é a persoa a que abate ou bate os dentes pero o acto é involuntario e por iso é posible unha transformación que converte os dentes en suxeito ***bátenselle os dentes*** ou ***cántanlle*** [a alguén]. O uso do singular ***bate-lo dente*** existe en galego pero é moito menor do que en portugués ***// bate-los dentes*** convértese en ***batérselle os dentes*** [a alguén], e esta variación expresa moi ben o feito de que este bater é involuntario: é, polo tanto, unha variación máis motivada cá que vimos na epígrafe anterior referida a *renxerlle os dentes* [a alguén]. ***// Toca-los dentes*** está construída sobre a imaxe dos dentes como instrumento musical de percusión. Todas son de uso común. Máis locais son ***tabatexar cos dentes*** e ***freme-los dentes***.

De ***facer chatolas cos dentes 2*** quero dicir unha palabra, porque ten unha motivación diferente da primeira acepción vista en 2.1.5. Se alí a imaxe subxacente era a das chispas que saltan do choque de dúas pedras, aquí é o repenique sonoro e característico que producen os cravos de ferro de cabeza redonda e grande (chamados ***chatolas*** ou ***chapras***) que reforzan o piso dos zocos tradicionais galegos ó camiñar con eles sobre madeira e, sobre todo, sobre pedra. Quen teña camiñado con aqueles zocos comprende que a fricción dos dentes imítalle moito ó ruído das chatolas contra as pedras. Quen non teña experiencia dese calzado galego, común ata mediados do século XX, encontrará inmotivada esta locución polisémica. Os dous valores están recollidos na definición de Noriega Varela "***Facer chatolas cos dentes***, darse a perros, o ponerse hecho un demonio, y también estar abubiando o aterentando con el frío".

2.1.7. Falar

Aínda que os dentes non parecen intervir no acto da fala, unha locución galega moi popular describe perfectamente a realización dos fonemas dentais: ***dar coa lingua nos dentes 1*** significa precisamente 'falar' (21312,5). Esta é unha de tantas preciosas

[12] Véxase tamén *Cando dous queren a unha / e atópanse os dous presentes, / un deles apreta os beizos / e outro* *<u>*rechina os dentes*</u> (LIS1357).

observacións coas que o falante iletrado sorprende a quen o estuda sen prexuízos: neste caso, por utilizar algo moi preciso coa naturalidade do experto pero coa aparencia humilde de quen non sabe o que di.

2.1.7.1. Falar baixo

Non acaban aquí as sorpresas. O falante anónimo creou e usa expresións que de novo revelan esa capacidade de observar e de fixar na fala esas observacións. A loc. adv. ***entre dentes*** pode ter diferentes valores segundo o verbo que acompañe.

> 1. Cos verba dicendi (***falar***, ***dicir***, ***rosmar***, ***fungar***, ***rezar***, ***repetir***...) significa 'falar polo baixo, para un mesmo, a media voz, sen pronuncialo con claridade de xeito que os outros non entendan o que un di'. *Pouquiño a pouco os ollos fóronselle pechando, / doíñas acendidas na lus dun puro amor, / i á Virxen entre dentes unha oración rezando, / quedouse adormecida nun sono encantador* (CUREN1). *Cando algo non lle gusta, fala entre dentes* (RODAL303). *Eu anqu'estaba calado / decia por entr'os dentes / e medio entre murmurando: / "¡Ah treidor!"* (GOMEZFE4). *Cando te miro Sabela / Camin de Paradanova / quedo decindo entre dentes / ahí van as estrelas todas. / / Parvo a tal escándalo, / Dios dixo entre dentes: / Si ch'esto é xusticia / Q'o demo me leve* (CUREN2100). Véxase o que queda dito en 1.3.
>
> 2. Co verbo ***rir***, en cambio, e tal como dixen en 2.1.4.1.2., matiza que a risa é máis ben burla e sarcasmo que alegría (43220). Cos verbos ***coller*** ou ***ter*** significa 'odiar', como direi en 3. Inimizade.

2.1.7.2. Calar

O contrario de falar é calar, e dise ***mete-la lingua entre os dentes*** como veremos en 3. Discreción. Xoga aí o concepto de lingua como muralla.

2.2. Patoloxía

Nunha cultura rural, na que a odontoloxía se limitaba a extraer pezas irremediablemente deterioradas, é natural que os odontólogos tivesen a denominación, certamente despectiva, de ***tiradentes*** (IBAÑEZ108) coma en castelán ***sacamuelas***. Mesmo así, a cultura popular que espella o refraneiro ofrece algúns consellos propios da medicina preventiva: non comer moito e non comer comidas moi condimentadas (***Dar gusto ó dente trae o laiar da xente***), non tomar comidas nin bebidas moi quentes ou moi frías (***Non cóma-la bica quente que che cae o dente***. ***O cachelo pró dente, nin frío nin quente***. ***¿Quen levou os meus dentes? -A auga fría e as patacas quentes***). Tódolos odontólogos ratifican a oportunidade destas paremias.

Pero só encontrei unha referencia á indispensable hixiene bucal tralas comidas, que veremos en 3. Desacordo: ***¡Vai lava-los dentes!*** coa variante ***¡Vai lava-la boca!*** Esta sorprendente lagoa fraseolóxica é un retrato dos hábitos sociais do mundo tradicional galego.

Pero vexamos algunhas cousas máis simples. A sucidade dos dentes ten unha referencia proverbial nos zapateiros e nos facos. Nos zapateiros de antes, pola cantidade de veces que tiñan que pasar polos dentes as tiras de coiro: ***te-los dentes negros*** ~ ***mouros de***

tirar pola correa [*A muller d'o zapateiro, / por ben bonita que sea, / nunca deixa de tirar / cos dentes pola correa* (PERZBA2052). *A muller do zapateiro / por ben bonita que sea / ha de te-los dentes negros ~mouros / de tirar pola correa* (SCHU1 / 2 / 447d) (RICO036)]. Nos facos, é dicir, nos cabalos de pouca saúde, a sucidade tamén é moi característica e por iso se fala de ***te-los dentes negros coma un faco*** [*Esa debe fumar moito que ten os dentes neghros coma un faco* (18603)].

A ***pedra dos dentes*** é o sarrio, esa substancia calcárea, tamén chamada *podrico* ou *trobas*, que se adhire ó esmalte dos dentes. Dise que os dentes ***collen pedra*** cando a dentamia se enche de sarrio; aínda que o P. Crespo coloque esta col. na voz *caries* (CRESPO1264), coido que non se refire á carie (efecto) senón ó sarrio (causa).

A carie denomínase ***buraco dun dente*** ~ ***moa***. A primeira vista o ***buraco dun dente*** podería se-lo espazo que deixou na dentamia un dente que caíu, porque de algo comestible que resulta escaso ou que é moi pequeno dise que ***non chega*** (***nin***) ***para tapa-lo buraco dun dente*** [*Bótame máis un anaquiño de torta que o que me botaches antes non me chegou nin para tapar o buraco dun dente* (40108,0128)]. Pero hai outra locución complementaria que parece máis explícita ***non tapar nin un buraco dunha moa furada*** [*iste anaquiño que nos puxeron non tapa nin un buraquiño dunha moa furada* (FERREAL198)]. Esta locución paréceme unha hipérbole doutra máis común ***non chegarlle nin á moa do cabo*** ('ser escasa a comida ou a bebida que se ofrece ou de que se dispón'). Úsase tamén para dicirllo ó que invita a un viño ou a unha copa coa intención de que se repita (Ortelle). [***No-nos chega pr'on dente*** (PEREDA33Verín)]. ***Non haber para un dente*** significa 'haber moita necesidade nunha casa' (RODGO2036). Relacionado coa carie está o ***escarvadentes***, instrumento pequeno, normalmente de madeira, que se usa para picar alimentos ou para limpa-los restos de comida que quedan entre os dentes [*Colleu a oliva cun escarvadentes* (RODAL379)].

Dentes abalados son os que se moven (24002 / 008) e ***dentes acabalados*** son os que están mal implantados recubrindo un chisco os normais (RODGO2036).

A fraseoloxía fala da dor de dentes e de moas: ***doerlle os dentes*** [a alguén] ***1*** significa 'ter dor e estar indisposto': ***O que lle doia o dente, que acuda á dentucia*** (22714) ~ ***que o leve a dentuza 1***. Direi en 3. Necesidade un segundo valor metafórico. Pero, como dixen en 1.2., a fraseoloxía galega tamén fala da dor de moas: ***Moa doendo, home adoecendo*** (23911308). ***O que padeza das moas que acuda dentuza***. ***O que lle doa a moa, que a escaravelle*** (23901,192) ***Ó que lle doe a moa, de escaravellar xa el se encargará*** (23911315). ***O que lle doe a moa, que escaravelle***. ***Quen lle doi o dente, vai ó escabente***. Nesta variante do refrán sorprende a presenza dunha palabra única (*escabente*) que parece designa-lo odontólogo; e sorprende porque procede do verbo latino *scabĕre* que significa 'escarvar, raspar'. Unha vez máis as paremias son reserva de palabras infrecuentes. Con todo, no medieval *Libro de Alveytaria* (4v) dise *...ataa que o cauallo aia çinquo anos, et enton aia todos llos dentes mudados; et os dentes asy mudados, deuelle tirar en tenpo de mullura et conuinyuelmente quatro dentes da queixada de juso, dous de hũa parte et dous da outra, os quaes dentes chaman*

eescaues et som contraryos a os mosos do freo[13]. A presenza da dor de moas está viva tamén no cantigueiro popular: *As mulleres que son boas / Dios lles dé boa fertuna, / sarna con dolor de moas / e bos graus pola cintura* (PERZBA2242). ***O que lle doia a moa, que a bote fóra*** (RODGO2128) (ALOMO317). Se neste caso o remedio é visita-lo dentista, no mundo rural era lóxico que houbese outros remedios máis accesibles: ***Si che doen as moas, ráscaas con ortigas*** (45212). ***Sarna con dor de moas, ortigas pola centura*** (CARU29121888). ***Si che doen as moas, frétaas con vinagre e allo***. En definitiva os remedios populares son escaravella-la picadura para limpala, vinagre, allo, ortigas e finalmente extirpala. Na fraseoloxía popular non aparecen aínda as terapias que rematan na endodoncia ou na prótese dental ou ***dentes postizos*** (24002 / 008).

Como vimos vendo, en certas paremias danse os dous niveis de significación: o recto ou pasivo e mailo metafórico ou activo. Cando fale da fraseoloxía dental activa (3. Remedio), verase que ***O que lle doi o dente, que o leve a dentuza ~ O que padeza das moas que acuda dentuza 1*** teñen un segundo significado.

Se a hixiene dental non parece un compromiso do refraneiro galego, a perda dos dentes si que ten consideración claramente negativa e disto falarei en 3. Fealdade. Estar ***sen dentes*** significa obviamente 'carecer deles' (17007,056) pero é tamén sinónimo de fealdade [*Unha muller coma a miña / deuma Dios, ninguén a ten, / é negra coma a ferruxe / nin siquera dentes ten* (LIS1357)] ou de vellez (***vella sen dentes***) ou dunha mocidade estragada [*Chégat'alá no'me tentes, / non poden ve-los meus ollos / mozos solteiros sin dentes* (BLADO1502) *A miña filla, Farruco, / é moi mala pa casar, / sólo ten corenta anos / e pódese destragar. / / ¡Alabado sea *Dios / o que di a miña soghra, / non queres casa-la filla, / e xa non ten dentes nin moas* (45515,37)]. Como xa se viu, tamén é específico da profesión de zapateiro [*Subín a costa de Bansas / cun sapateiro cativo / non tiña dentes nin moas / de tirar polo curtido* (SCHU4 / 2 / 470)]. Anotarei por último aquí o wellerismo ***Nin teño dentes nin moas pra roe-las queiroas -dixo a vaca*** (18401,186), fragmento proverbial dun relato de tradición oral para min xa perdido.

2.2.1. Odontoterapia

A carie produce un movemento instintivo que xa detectaran os antigos romanos ***Lingua currit ubi dens dolet*** e representa unha observación moi certa na realidade, no sentido recto: ***Sempre vai a lengua a onde doe a moa***, pero ten un segundo sentido metafórico, que xa non forma parte da fraseoloxía dental activa e que veremos en 3. Crítica.

Os remedios que a tradición popular galega condensa no refraneiro para as caries ou infeccións son algúns analxésicos (***Cando doe o dente, enxágoes con augardente; canto máis, mellor, e con augardente quente. Si che doen as moas, ráscaas con***

[13] É sabido que os cabalos nacen sen dentes, que ós 3 anos empezan a mudalos e que ós 5 xa *cerran a boca* (completan a dentición definitiva). É ós 5 anos cando ó cabalo lle nace o canteiro. Entre o canteiro e o primeiro premolar hai un espazo no que se coloca o freo. Hoxe, en principio, ós cabalos non se lles tira dente ningún, non sendo que, por unha malformación, provoquen molestias graves ou influán no mal comportamento do animal; pero tampouco lles chaman ***escaves*** nin ***escaventes*** senón ***dentes de lobo***. Trátase de dentes que non encaixan perfectamente co oposto (que non teñan parella arriba ou abaixo) e, como non tocan nel, medran en pico, tocando na encía inferior ou superior producindo molestias que se agravan ó poñerlle o freo e alteran gravemente o comportamento do animal. Os veterinarios liman estes dentes de lobo ou extráenos. En calquera caso, tenden a desaparecer.

ortigas. Si che doen as moas, frétaas con vinagre, allo e canela) ou, directamente, a extracción da peza deteriorada (***A quen lle doan os dentes que acuda á dentuza. Cando doe a moa, o mellor é saca-la pra fóra. O que lle doe a moa, que a bote fóra***).

O resultado é unha boca en boa parte inútil: ***A boca sen dentes e sen moas é como o muíño sin pé e sin roda***.

2.2.2. Golpes

Dentro da patoloxía dentaria entran os golpes que poden deteriora-la dentamia.

Andarlle cos dentes [a alguén], **darlle un lapadentes** [a alguén] (21312,6) ou **quentarlle as moas** [a alguén] é golpealo na cara [Sempre foches un badúa, / sempre andas tocando a choca, / mentras non che anden cos dentes, / non has saber cala-la boca (LIS1357); E meo pai que estaba cerca, / pra quentarme ben as moas, / deume sete bofetadas: / derriba del mel filloas (19601)]. As tres locucións designan un golpe forte na cara, que pode producir dor de dentes ou mesmo sangue na boca; pero un golpe especialmente violento que efectivamente faga saltar unha ou varias pezas dentarias dise **quitarlle as moas** (RODGO3219) ou **rarearlle os dentes** [a alguén] (LOPTA153) (LOPTA2094). Excepcionalmente oímos **arrincarlle a seco tódolos dentes** [a alguén]. [San Pedro obedeceu, mais pra el aquel mandado foi como se lle arrincasen a seco todolos dentes sanos que tiña nos queixales (VENTIN214)]. **¡Féndelle a zoca nos dentes!** Fórmula de ánimo a quen está golpeando outra persoa (PEREDA52Vivero). Para cata-lo nivel hiperbólico desta fórmula, téñase presente que a zoca é un zapato tradicional de madeira de bidueiro, sólida pero de pouco peso; cun golpe forte e seco pode fender pero, batendo cos dentes dunha persoa é moito máis probable que antes rompan os dentes cá zoca: velaí a hipérbole como ferramenta habitual para crea-los usos fraseolóxicos.

2.2.3. A denteira

A denteira, esa sensación desagradable que se produce nos dentes en determinadas circunstancias como comer algo acedo, amargo ou frío, sentir certos ruídos, tocar certos obxectos ou mesmo recordar certas cousas, dise en galego ***bozar*** ~ ***cortar*** ~ ***frelar*** ~ ***friar*** ~ ***levar*** ~ ***limar*** ~ ***tora-los dentes*** [*Esta mazá <u>córtame os dentes</u>* (HARGUI168) ... *hai unha fonte de auga cristalina e fría coma a neve[...]¿Bebiche? ¿<u>Cortouche os dentes</u>?* (MASMA153). *A auga da fonte leva os dentes no inverno e tamén no verán do fresquiña que está*) (22976)]. A lingua permite que algúns destes verbos admitan o OD como S: ***bozárselle*** ~ ***torárselle os dentes*** [a alguén] [*<u>limábanseme os dentes</u> con cada ranxido da madeira vella* (IGLEAR100). *Con esta friaxe tóranseme os dentes* (DRAG31145)].

Dar ~ ***facer*** ~ ***poñe-la denteira // ter (a) denteira***. ***// te-los dentes entallados // proba-la denteira*** son outras posibilidades sinónimas (RODGO2037); ***poñe-la denteira***, significa 'ser desagradable ós sentidos[14]' e así ***poñe-la denteira*** [unha moza] é 'ser fea' (RODGO2037). Pero ***poñe-la denteira*** ten tamén a súa polisemia antitética, expresando o sentimento contrario, de 'sufrir por non ter aquilo que nos outros nos produce envexa';

[14] *Denteira*, en sentido literal, dáa ler esta copla: *Os dentes da miña dona / mórdenme cando lle rifo, / heilles de pasa-la lima / por se esa maña lle quito* (VALLA662). Tamén neste caso son os elementos paralingüísticos do contexto os que deciden cal é o significado correcto.

'causar [algo] vivos desexos de conseguilo' (RODGO2037); e, así, acaba converténdose en símbolo da atracción, mesmo de atracción sexual: *...sigamos a Pepa pola carreteira que ó pobo conducía. ¡Daba denteira vela! Con un dengue roxo, que poñía de releve as esuberancias daquel seo de neve; a basquiña negra recachada deixando descubertas as torneadas e rosadas pernas* (MASMA054). E hai aínda un terceiro valor que é complementario deste segundo e que significa 'satisfacer eses desexos de conquista': recólleo Noriega Varela, cando anota que ***¡Non che ha de poñe-la denteira!*** significa "Jamás será tu esposa" (NORI1019). Disto falei en 3. Desexo.

3. Fraseoloxía dental activa

Presentarei agora algunhas unidades fraseolóxicas nas que os dentes e as moas funcionan como metáfora doutras realidades: é o que chamo fraseoloxía dental activa[15].

Absurdo

Ter [alguén ou algo] ***tanto xeito coma sacar un dente polo cu***. 'Ter pouca maña [facendo algo]' (33203,1247).

Abuso

Querer comer cardos cos dentes emprestados significa 'querer resolve-los propios problemas á conta dos outros ou abusando dos seus servizos' (LLÓPIZ 1,1697).

Adaptación Véxase 3. Remedio

Aforro Véxase 3. Economía

Afrontar

Fincarlle ~ meterlle o dente [a algo / a un asunto] ***2*** é 'emprender un traballo ou comezar a desenvolver un asunto; afrontar algo difícil e complicado' (Ortelle) (00006). (XERAIS2240) (XERAIS2519) [*A ver se lle meto o dente esta fin de semana a ese traballo que espera de hai meses* (45776,0428)].

Agarrar Véxase *con dentes e uñas* e *con uñas e dentes* en 3. Recursos.

Agresividade

Perder un dente. 'Perder agresividade'. Véxase **3. Tempo meteorolóxico**. // ***ter dentes como a loba***. 'Ser persoa agresiva ou cousa de manexo perigoso'. [*A adiviña da silveira é longa, longa, coma a soga / e tén dentes coma a loba* (22910)].

Alegría

Rirlle o dente [a alguén]. 'Dar mostras de felicidade por algo que vai suceder'. [*Como che dixo que precisaban unha persoa para traballar na empresa del, xa che ría o dente* (43210)]. En portugués anotou Fonseca esta secuencia: ***De contente, já se te ri um dente*** (FONSECA194).

[15] Como direi na nota 20, omito as metáforas léxicas.

Ameaza Véxase **2.1.4.1. regaña-los dentes**

Aparencia falsa
O can mudo ten o dente moi agudo. 'As persoas caladas poden agachar unha personalidade moi agresiva que se activa se a provocan'. Podiamos citar aquí ***O dente mente e a cana engana e na arruga non hai dúbida*** pero coido que a utilización é, máis ben, recta e pasiva.

Arma
Armado ata os dentes. **'**Armado con toda clase de armas; armado de tódolos elementos de proba; ben preparado para algunha cousa' (DRAG1219). Naceu a expresión cando os guerreiros levaban como arma complementaria un coitelo entre os dentes. [*¿A que debo o velos na miña casa a estas horas, mollados coma pitos, armados astra os dentes?[...]A iste e a min iban a prendernos esta tarde,... ¡A min préndeme a tiros!* (MASMA179)].

Audacia Véxase **2.1.4.1.4** *regaña-los dentes*
De bo dente 2. 'Persoa de gusto exquisito que na busca de moza só se conforma coas moi guapas' [*...unha virtú a proba... de bomba, anque as malas léngoas marmuraban que si nunca pecou, máis ben que culpa dela, foi por n'haber home de tan bo dente que se estrevese a tentala* (LABAR1024)]. Véxase tamén o que direi neste apartado no tema 3. Sexo.

Autoridade
dente de lobo 2 é a 'actitude implacable no exercicio da autoridade cando un está revestido de poder', segundo a gramática parda que, para manterse no poder, maquiavelicamente aconsella ***Paso de boi, dente de lobo e, de cando en cando, facelo bobo*** como veremos en 3.1.6. e en 5. Humor. Véxase ***dente de lobo 1*** en 2.1.2.

Avareza
Agarrado coma os dentes do angazo. 'Avaro, rañicas'. Utilízase aquí un significado secundario do adxectivo *agarrado* ('rañicas') para significar precisamente 'persoa que non coñece a xenerosidade' [*É agarrado coma os dentes do angazo, pedinlle que nos axudase comprándonos un adhesivo e nin iso* (45776,0423) (45804,0423)].

Beleza Véxase **3. Fealdade** e **3. Desexo**.

Blasfemar
Dar lume cos dentes 2. 'Xurar coma un carreteiro' (CARRE5180).

Burla
Dar [con algo] ***nos dentes*** ~ ***darlle unha volta na moa*** [a alguén]. 'Burlarse [de alguén]' (LOPTA2093) (LOPTA145). [*Miña mai por me casar / ofreceume unhos pendentes, / i agora que me casei / deume con iles nos dentes* (24402,0309)].

Carácter
A zorra mudará de dentes, pero non de mentes. Xa comentado en 2.1.2 pero véxase tamén 3.Vellez.

Careza

Custa-los dentes da boca (43220) 'Custar grandes sacrificios ou un prezo excesivo'; é sinónimo de *custa-los ollos da cara.* Dise tamén en portugués (CARVALHO11246). (SIMÕES123).

Comodidade

O can do ferreiro dorme ás marteladas e desperta ás dentelladas. (MOREI1037). Refrán que critica os que foxen do difícil e do traballo pero son os primeiros en aparecer cando hai algún proveito.

Compaixón

Deus dea pan a quen ten dentes, e a quen non os ten, papas quentes ~ merda para eles (20301). Este refrán expresa un desexo pero as súas dúas variantes teñen un significado totalmente oposto: a primeira, de compaixón; a segunda, de sarcasmo. Neste refrán ***ter dentes*** é 'ter capacidade de aproveita-los recursos existentes'.

Conquistar

Finca-lo dente [en algo] ***3 ~ chantarlle os dentes*** [a algo]. 'Apoderarse de algo que pertence a outro; conquistalo' (XERAIS1302) [*Tal é en resumen, o famoso castelo de Pambre... o castelo en que non poideron fincar o dente, nin os hermandinos do ano 1431, nin os do ano 1467* (LOPFE1383)]. *Xa que aquí temos a regueifa / con permiso dos presentes / ímos ver quen a leva / e quen lle chanta os dentes* (CAJARA24)]. Neste segundo exemplo conviven o significado literal de morder (a regueifa é un bolo) co significado metafórico da conquista (porque a regueifa dispútase entre improvisadores en verso). // ***Cantarlle no dente algo*** [a alguén] significa 'conquistalo' e é variante, non sei se ocasional ou primitiva, de *cantarlle en* [parte do aparato dixestivo] [algo a alguén], loc. da que a variante máis frecuente é *cantar no papo* [algo a alguén]; a metáfora latente é 'ter ese algo ou alguén completamente dominado', perfectamente conquistado e dominado e vencido baixo a metáfora de "estalo comendo". Úsase mesmo referido ás materias académicas que un alumno ten que aprobar ou a outros desafíos (por exemplo, deportivos) expresando a plena confianza no éxito. No refrán *Ó raposo dormente non lle canta a galiña no dente* (30106) (NORI1079) o canto da galiña pode referirse ós chíos de desesperación mentres agoniza indefensa entre os dentes do raposo pero podería ser que este exemplo concreto ou outro semellante fose o que orixinase a variante máis común de *cantar no papo* [algo a alguén].

Consecuencias

O que come a laranxa que probe a denteira (RODGO2515). Quen leva o proveito, que leve a incomodidade.

Crítica

Sempre vai a língoa ónde o dente doi (33903). É un refrán ben antigo que xa corría en latín ***Lingua currit ubi dens dolet*** e representa unha observación moi certa na realidade, no sentido recto, pero igualmente certa como metáfora doutras realidades: sempre criticamos aquilo que no fondo nos interesa moito.

Decepción

Estralarlle unha castaña nos dentes [a alguén]. 'Levar unha decepción, unha desilusión' [*Estabas tan confiado e estralouche unha castaña nos dentes* (45776,0267) (37311,0267)]. Metonimia de *dentes* por *boca*.

Defensa Véxase *con dentes e uñas* e *con uñas e dentes* en 3. Recursos

Dar cun coio nos dentes [a alguén]. Defenderse de forma contundente. *Agora que vén o vrao, / tamén vén as noites quentes; / se te morderen as pulgas, / dálles cun coio nos dentes* (BLADO2350).

Desacordo

¡Pecha ~ Fecha a boca, que se che ven as moas picadas! ¡Vai lava-los dentes! Dúas fórmulas practicamente sinónimas que expresan total desacordo co que acaba de dici-lo interlocutor e cun certo matiz de desprezo. A primeira é retranqueira e despectiva e úsase para taparlle a boca a quen non di máis ca burradas (Ortelle). A segunda alude criticamente á grosería que o interlocutor acaba de pronunciar; esta ten a variante ***¡Vai lava-la boca!*** Onde vemos unha nova metonimia de *dentes* por *boca.*

Birimbau non é gaita: é un ferriño que se toca cos dentes. Fórmula que aconsella distinguir cousas parecidas pero distintas. Equivale a "¡Non confundas unha cousa coa outra!".

Desafío

Véxase o que queda dito en 2.1.4.1.4. Engadamos agora, co valor de 'desafiar', ***ensina-los dentes***: *Ensináronlle os dentes e mais non se fixo nada* (43210). ***¡Escusas de ensina-los dentes!*** Fórmula para replicarlle a un que nos está berrando moito. Outra fórmula de desafío é a que se contén nesta cantiga *Has de gardar de poñerte / nunca máis no meu camiño, / que, anque te-la carne dura, /* ***os meus dentes non son de liño*** (LIS1357). ***// Amostra-los dentes ós cans***. Desafiar a quen nos ameaza (LLÓPIZ 1,251).

Desagrado Véxase Denteira (18003).

Desatender

Darlle coa porta nos dentes [a alguén]. 'Desatendelo, desprezalo, non acollelo' (41504).

Descubrir

Vérselle o dente á cocha. 'Descubrirse algo que se tiña oculto (coma tal, por algún interese)' (17824).

Desexo

Algunhas unidades que xa vimos 2.1.3.2.1. teñen un segundo significado máis xenérico: ***afia-los dentes 2*** (33301) ***// enguzárselle os dentes*** [a alguén] (39406) ***// alargárselle os dentes*** [a alguén] (Ortelle) ***// caerlle os dentes*** [a alguén por algo] (significa 'ter envexa [de algo]') (LOPTA2113) ***// dar denteira unha cousa*** (RODGO2037) significan 'agradar moito algo que está á vista e desexalo con toda ansiedade; ter envexa de algo que ten outra persoa'; [...*sigamos a Pepa pola carreteira que ó pobo conducía. ¡Daba denteira vela! Con un dengue roxo, que poñía de releve as esuberancias daquel seo de neve; a vasquiña negra recachada deixando descubertas as torneadas e rosadas pernas* (MASMA054)]. ***// Doerlle os dentes*** [a alguén por algo] ***2*** é un fraseoloxismo polisémico

porque a imaxe, como é frecuente na fraseoloxía, está construída sobre unha hipérbole. Xa vímo-lo seu primeiro valor recto e pasivo en 2.2.3., pero o seu segundo valor é 'desexar algo vehementemente; rabiar por non ter algo' [*Donlle os dentes por se non poder vingar. // José comiu un cacho de raxo, doíanme os dentes por el*]. Veremos un terceiro valor en 3. Tempo pasado.

Desgusto

Ter unha gana de [algo ~ inf.] ***coma de saca-las moas***. 'Non querer facer algo baixo ningún concepto' [*No demais, tiña eu unha gana de bailar como de saca-las moas* (LOPFE3186)]. Hai tamén dúas locs. adv.: ***como se lle quitasen as moas***. 'Moi a contragusto, á forza' (RODGO3219).

Desorde

¡Seica che nacen os dentes! Fórmula que crítica a quen fai algo mal ou ás tolas (21002).

Dificultade

Dente de coello é figuradamente 'dificultade, obstáculo custoso de vencer'. Os dentes de coello son afiados e lembremos que o refrán di ***A pan duro, dente agudo*** (LEIRAS1387) (43220).

Discreción

Mete-la lingua entre os dentes significa 'calar, gardar un segredo, esperar mellor ocasión para dici-lo que se pensa'. [*Os probes dos labregos rosmaban, pero como seu pai era o señor de forca e coitelo, tiñan que meterse a lingua entre os dentes e amocarse, e o que tiña fillas ou mulleres goapas, gardalas* (PERZPLA2204)].

Dor Véxase 2.1.4.1.7. *regaña-los dentes*

Dulcificación Véxase 3. Agresividade

Dureza

Estar esgrevio que non se entra (***cos dentes***) ***1***. 'Esta-lo pan duro e seco e granuloso por estar mal moída a fariña'. ***2***. 'Dise da terra arxilosa cando fende a consecuencia da moita seca' (22806).

Economía

Gañar[16] ~ ***aforrar cos dentes pra comer coas enxivas*** (LEIRAS1405) significa 'aforrar para estar protexido no futuro incerto; ser persoa laboriosa e austera, de xeito que, acumulando un pequeno patrimonio, dispoña de recursos económicos para sobrevivir cando, de vello, xa non poida ter ingresos'. Neste caso os dentes simbolizan a época da vida na que un forma parte da poboación activa, mentres que as enxivas simbolizan a vellez ou, polo menos, a época na que un xa está xubilado e carece da enerxía que tivo en tempos. A imaxe está construída sobre a experiencia tradicional: unha persoa adulta normalmente ten tódolos dentes; unha persoa vella moitas veces estaba desdentada; hoxe, en cambio, os coidados odontolóxicos no mundo occidental xa desdebuxaron esta antítese e a dentamia estragada só é visible en persoas vellas e pobres ou en persoas adultas con problemas de adicción ás drogas. [***Hai que ganar cos dentes pra comer***

[16] Leiras anota "*Ganar cos dentes pra comer coas enxivas* = Ganar de joven para vivir de viejo".

coas enxivas (210070675)]. ***Hai que aforralo cos dentes para comelo coas *encías*** (45500) (38209) (PEREDA33Verín)].

¡Malia ~ Mal haxa o dente que come a semente! Pereda escríbeo así: ***Mal ia o dente que com'a semente*** (PEREDA33Vivero). ***¡Dódame ó dente que come a semente!*** **Dódame** é unha aglutinación ou implicitación máxima de ***¡Dou ó demo!*** (27003). Estas fórmulas critican a mala administración, a falta de previsión, o pensar só no beneficio propio e inmediato que acaban levando á pobreza extrema (26406) (44914). Non se poden consumir tódolos recursos se queremos ter garantía de subsistencia no futuro. A imaxe procede do mundo agrícola, no que non se pode consumir todo o cereal que se produce senón que se garda unha parte para sementalo no ano seguinte e outra véndese para ter algún diñeiro (*come e vende*). Quen come este ano o gran da semente está garantindo que no ano que vén carecerá absolutamente de alimentos; practica o que se chama ***pan para hoxe e fame para mañá***. ***O dente que roe a semente*** é un dos peores erros de boa administración e, aínda que nace da experiencia agrícola, ten plena vixencia en calquera economía produtiva (26406). Sobre esa fórmula, que advirte que a imprevisión e a mala administración dos recursos acabarán provocando indixencia, escribiu Castelao unhas palabras e isto confirma a fixación. O refrán berciano ***San Xoan claro, Santa Mariña dálle ca fouciña, agosto dálle co xostro, septiembre come e vende que ruín e o dente que come a semente*** (6002391), que veremos en 3. Xaneiro, pode ser unha deconstrución desa fórmula e a súa inserción nunha paremia; pero podería estudarse a hipótese contraria, que a fórmula fose a transformación do final dun refrán máis amplo (este ou algún semellante) que aconselle transformar unha parte da colleita en diñeiro.

Educación

Non amanses poldros, que che poden tira-los dentes (23911219).

Egoísmo

Antes son os meus dentes cós meus parentes ~ Están máis cerca meus dentes que meus parentes ~ Parentes, as moas e os dentes. Tres variantes dunha mesma paremia que aconsella mirar un por si e polos seus intereses antes que polos dos outros, por moi achegados que sexan. Os verdadeiros parentes son os propios e exclusivos intereses, simbolizados aquí polas ***moas*** e os ***dentes***, que permiten tritura-la comida antes de engulila. Este refrán é o manual do perfecto egoísta, que nunca pensa en que foi meniño e que daquela sobreviviu e saíu adiante grazas a coidados constantes, plenos e gratuítos dos seus parentes; pero que tampouco pensa en que un día por accidente inesperado ou por vellez será unha persoa dependente que precisará dos parentes para os coidados máis elementais e mesmo íntimos. Esta é unha das paremias que poñen en cuestión a afirmación de que o refraneiro é o compendio da sabedoría popular.

Emprender Véxase **3. Afrontar**

Enfrontamento Véxase **2.1.4.1.4.** *regaña-los dentes*

Envexa Véxase **3. Desexo**

Escaseza

O dente é tamén paradigma do mínimo: ***caber na cova dun dente ~ non chegar a medio dente ~ non chegar a un dente ~ non tapar nin un buraco dun dente ~ non***

tapar nin un buraco dunha moa furada significa 'ser unha cantidade insignificante' (43214) e dise principalmente de cousas comestibles [...*iste anaquiño* [de peixe] *que nos puxeron non tapa nin un buraquiño dunha moa furada (FERREAL198). Ai, ho: dasme un anaco de queixo, que non me chega a un dente. / / Esta comida é moi pouca e para tantos non chega a un dente* (RODAL303) (RODGO2036). Pero tamén se aplica a calquera recurso que resulte insuficiente [*O xornal solo do pai non chegaba a medio dente para as primeiras necesidades da vida, e o fillo tivo que deixa-la escola, inda non cumpridos os nove anos, para ir a axudar a seu pai, arrimando o pouco que lle daban para termar dos gastos da casa* (CARRA7102)... *a paga non chegaba a un dente pra médicos e meiciñas* (RODLO1138) ...*e xa unha mareira de xente entraba polas portas do teatro de Tacón, que non chegaba á un dente pra dar achego a tanta alma* (GAITA02088501). Tamén se aplica a persoas nos enfrontamentos físicos: ***non chegarlle para un dente*** [alguén] [a alguén] significa 'ser moito máis feble o adversario ca quen fala': *No-nos chega pr'on dente* (PEREDA33Verín). ***// Non tocar a un dente*** 'ser cantidade insignificante'; aplícase tamén a persoas [*son moitas as que están como nosoutras e non tocan a un dente os homes que teñen as condiciós que vosté quere* (RODLO1174)]. ***// Non chegar nin á moa do cabo***. 'Ser insuficiente'. Úsase para dicirllo ó que invita a un viño ou unha copa coa intención de que se repita (Ortelle). ***// Non haber para un dente***. 'Haber moita necesidade nunha casa' (RODGO2036).

O grao superlativo da escaseza exprésao a locución xestual ***nin isto***, que significa 'absolutamente nada', e que se pronuncia sempre mirando ó interlocutor e metendo simultaneamente a uña do dedo pulgar dereito detrás dun dente incisivo superior e facéndoa saltar fóra cun pequeno chasquido. Coido que é o máximo exemplo do dente como paradigma do mínimo.

Esforzo, loita

acudir cos dentes ~ ó dente. 'Utilizar tódolos recursos sen prescindir de ningún por pequeno que sexa' [***Quen máis non pode, cos dentes acode*** (MURGUIA1576). ***Quen máis non pode ó dente acode*** (22213151)]. ***// Loitar con uñas e dentes***. 'Empregar nos nosos propósitos tódolos recursos á nosa disposición, esforzarse ó máximo' (43220). Úsase tamén en portugués (SIMÕES256) (CARVALHO11246). ***// Gañar cos dentes***. 'Traballar e aforrar durante o período de actividade laboral'. [*Estes ganárono cos dentes e agora pódeno comer coas enxivas* (27003)]. ***// Aguzar ~ afia-lo dente***. 'Mellora-la propia competencia, espelirse'. ***A coda ~ codia dura o dente aguza*** (LEIRAS1376, LEIRAS3565): este refrán di que, afrontando dificultades, un mellora a propia competencia para dificultades posteriores.

Arrincar ~ sacar pedras cos dentes. 'Facer un esforzo extraordinario' (RODGO3114) (RODGO3115). ***// Trinca-los dentes***. 'Concentrarse no esforzo ou na ira' [*Os outros berraron: '¡Máis!' Trinquei os dentes e sentín que me baixaban as bágoas polos ollos e que non vía* (CASAR1,15)]. ***// ¡É mellor facelo cos dentes ca mandarche a ti!*** Fórmula de lamentación, cando se lle manda facer algo a alguén e este faino mal porque non o soubo facer mellor ou, maiormente, porque se puxo a facelo sen interese ningún. Constata que nestes casos é mellor facelo un mesmo; coma tal, nun caso no que se lle mandou a outro leva-las patacas ó faiado e no camiño caéronlle todas do cesto -***¡É mellor faselo cos dentes ca mandarche a ti!*** (17306)].

A pan duro, dente agudo (LEIRAS1387).

Esperanza

Afia-los dentes. 'Prepararse ou estar preparado para acadar algo que se desexa moito' *Escusas de afia-los dentes, porque non che vai tocar nada* (43210). En portugués, en cambio, definen ***está a afiar o dente*** como "estar na esperança de conseguir algo que [alguén] muito deseja" (SIMÕES176). (FONSECA199).

Experiencia

Nacerlle os dentes [a alguén en algo] **2**. 'Ter experiencia abundante dalgún problema'. [Xa me naceron os dentes nestes fregados e, polo mesmo, paréceme, soberbia fóra, que estou algo crusario (LOPFE3227). Filomena leva moitos anos facendo cestos e fainos moi ben. Xa lle naceron os dentes no asunto (40108,0427) (RAMSE066,0427)]. O sentido literal orixinal desta UF vímolo en 2.1.1.

Expulsión Véxase 3. Desacordo

Falso

De dientes a dentes. Se non é unha errata este sintagma, parece significar "completamente"; só o usa o P. Sarmiento e resulta hoxe descoñecido; pero cítoo porque mestura castelán (***dientes***) con galego (***dentes***) o que podería indicar algún uso entre nós no século XVIII, dado que el o usa nunha carta ó seu irmán de Pontevedra neste contexto: *Escriben todos que se recibió bien la propuesta de Balboa. Yo tengo antecedentes de que eso ha sido falso, de dientes a dentes. Eran muchos los que deseaban la tajadísima para sí, o para cosa suya, y la dicha tajada es indivisible* (SARMI11,078).

Fartura

Deixar comida polo dente. 'Sobrar comida' (44034). *// **¡Alegría pro meu dente**!* Fórmula agrícola de felicidade pola esperanza dunha boa anada. ***Maio frío e san Xoán quente, alegría pró meu dente*** (22919153). ***Abril frío e fornos quentes, alegría prós meus dentes*** (00021155).

Fealdade

A beleza precisa moitos constituíntes pero á fealdade chégalle con un: a falta de dentes pode ser ese decisivo elemento. Dío un refrán e dúas cantigas populares: ***Cara sen dentes fai os mortos viventes*** (R1483). *Mireille prá boca / e sólo tiña un dente / era o mesmo demo / en figura de xente* (42507,213). *Mireille prá boca / e sólo tiña un dente / non poden ver os meus ollos / mozos solteiros sin dentes*. *// **Poñe-la denteira***. 'Ser moi fea unha persoa' [*Esa rapaza pon a denteira* (NORI1040)]. Pode significar mesmo o contrario como se viu en 3. Desexo.

Forzosamente

Como se viu en 2.1.4.1.5 a loc. adv. ***coma se lle quitasen*** ~ ***sacaran as moas*** significa 'a contragusto'. Se, en vez de sermos forzados, nos referimos a forzar outra persoa, podemos encontrar ***aínda que sexa*** ~ ***fora nos dentes*** [*o proyeuto ... era ir á Francia e buscar a Gonzalo Ozores e traghelo anque fora nos dentes* (LOPFE1259)].

Frío Véxase **3. Tempo meteorolóxico**

Frustración Véxase **2.1.4.1.5**. *regaña-los dentes*

Gula Véxase **2.1.3.2. Comer, 2.1.3.2.2. Comer moito**

Gustar Véxase **3. Desexo**

Hipocrisía

De dentes para fóra. 'Hipocritamente, con falta de sinceridade'; úsase cos verba dicendi [*Di iso de dentes para fóra pero non o sente* (40108,0426) (LOPTA121) (LOPTA2087) (LOPTA2088) (XERAIS1302) (XERAIS2240)]. Para este concepto de face-las cousas con hipocrisía ou ás agachadas hai en galego unha locución construída cunha magnífica imaxe ***ter moas de cortiza*** ~ ***de colcho*** *(*corcho)* (13702,123).

Inalcanzable

¡Iso non é para os teus dentes! Fórmula coa que se lle di ó interlocutor que aquilo do que se fala está por riba das posibilidades del (54210) (SIMÕES238). En portugués tamén se usa en singular ***para o teu dente*** (OLIVEI476).

Indiscreción

Dar coa lingua nos dentes 2 significa 'falar moito, falar sen rumbo, revelar un segredo; ser persoa indiscreta'. Tamén se usa en portugués (SIMÕES127) (CARVALHO11211 / CARVALHO11246); ***// darlle á sen dente*** significa 'falar moito' (33301). É máis común chamarlle á lingua ***a sen óso***, sendo como é un puro músculo, enormemente móbil pero sen ningún elemento óseo no interior. É unha denominación neutra, porque, en cambio, en galego a unha persoa murmuradora chámaselle ***lingua que fura sete paredes***: enorme eficacia para unha parte do corpo sen estrutura ósea pero, polo que se ve, enormememente dura e penetrante e, nisto, é curioso lembrar que en ruso a esa mesma persoa murmuradora chámaselle ***lingua sen ósos*** (BARÁNOV 2009:225).

Inexperiencia

Non verlle aínda os dentes ó lobo. 'Ser persoa moza e inexperta' (44085).

Ingratitude

Darlle pan a quen non ten dentes. 'Darlle algo a quen non o sabe apreciar' (LOPTA2160). ***// A cabalo regalado non lle míre-lo dente***. É descortés e ingrato analiza-los posibles defectos de algo que a un lle acaban de dar como agasallo. Aínda que o uso habitual é o da paremia completa, algunha vez rexistrei na conversa o uso da locución ***mirarlle o dente*** [a algo ~ a alguén]. De feito hai esta variante: ***Ao bon entendedor non se lle mire o dente*** (PLACLO2217)], posible deconstrución de *Ao bon entendedor, poucas palabras*.

Inimizade

Coller ~ ***ter entre dentes*** [alguén] significa 'ter unha teima contra alguén; odialo' (RODGO2036); ***// non pasarlle dos dentes*** [a alguén] é 'ser persoa que a outra se lle fai sumamente insoportable' (RODGO3095); ***// ter debaixo dunha moa*** [alguén]. 'Odialo, levarse mal con el' (LOPTA109) (LOPTA2142).

Insecto
Vella sen dentes 2. 'Vagalume. Lampyris noctiluca' (13401) (LOPTA118) (DRAG2785) (DRAG31192) (XERAIS1933) (XERAIS3561).

Insensatez Véxase **2.1.4.1.2.** ***regaña-los dentes***
¡Seica che nacen os dentes! Fórmula que critica a quen fai algo mal ou de maneira atoleirada. A imaxe está construída sobre o descontrol emocional que produce a dor de dentes.

Insinceridade Véxase **3. Hipocrisía**

Insoportable
Non pasarlle do dente [alguén] [a alguén]. Ser persoa que resulta insoportable, coa que non se concorda (LOPTA2050).

Intervir, intromisión
Entre parentes, non meter os dentes ~ non méta-los dentes.

Inutilidade
Esperar a que as galiñas teñan dentes. 'Esperar inutilmente polo que non vai acontecer'. ***// Darlle pan a quen non ten dentes***. 'Distribuír de maneira que o que recibe non pode usar ou non sabe apreciar aquilo que se lle facilita' (RODGO2036) (LOPTA2159-0) (XERAIS2457); polo tanto, 'realizar unha acción inútil' *¡Dálle pan a quen non ten dentes!* (44255). Véxase **3. Teoloxía**. ***// Ter dentes e non ter pan***. 'Carecer dalgunha parte esencial dos recursos necesarios para levar a cabo o que se quere facer'. ***Uns teñen pan e non teñen dentes e outros teñen dentes e non teñen pan*** (13702,129). ***A boca sin dentes e sin moas é como o muíño sin pé e sin roda***.

Inxustiza distributiva
Comer uns a froita aceda e ter outros a denteira. 'Sufrir uns os inconvenientes dunha acción e levar outros o proveito' (XERAIS2155). Corresponde co cast. *Unos cobran la fama y otros cardan la lana* (XERAIS2135).

Ira Véxase **2.1.4.1.3** e **2.1.5.**

Malfalado
Ser un desdentado. 'Ser malfalado' (LOPTA2086). A imaxe que subxace é a dos dentes como muralla de contención.

Malhumor
Ter moi mala moa. 'Ter mal carácter' (LOPTA2075).

Medo Véxase **1.1.** e **2.1.6**.

Mentira Véxase **2.1.2.** *dentes de mentireiro* e **5. Humor**
Mentir con cantos dentes un ten na boca. 'Non dicir unha verdade'. Común co portugués (LLÓPIZ 1,350).

Miseria
Non haber para un dente. 'Haber moita necesidade' (LOPTA2155).

Morrer Véxase **2.1.4.1.9.** *regaña-los dentes*

Murmurar Véxase **2.1.7.1.1.**
Finca-lo dente [en alguén] ***4***. 'Murmurar doutro ou doutros desacreditándoos' (RODGO2036).

Necesidade
Doerlle o dente [a alguén] ***2***. 'Sentir necesidade [de alguén ou de algo]' [*¿Por que chaman aghora por min, porque lle doe o dente?* (23104)].

Obriga Véxase **3. Forzosamente**

Perigo
Agárrase a un ferro ardente, o que lle chega a auga ós dentes (23911282). ***O que non pode, cos dentes acode*** (23911302). ***Ovella doente, máis que o lobo ten duro o dente***: estes dous ultimos refráns avisan do perigosos que poden resulta-los mansos, cando alguén os leva a situacións extremas.

Perigoso
Leva-lo demo no dente 1. 'Ser perigoso a longo prazo, aínda que non o pareza': ***Xaneiro quente leva o demo no dente*** (34501). ***O febreiriño quente leva o demo non dente*** (43920): estes dous refráns avisan de que, se xaneiro ou febreiro veñen anormalmente quentes, altérase o ritmo biolóxico das plantas e a produción de cereais vai ser catastrófica. Xa vimos en 2.1.3.2.2. o refrán ***Xente crecente ten o demo no dente*** pero unha versión lixeiramente diferente ofrece unha mensaxe radicalmente distinta [***O rapaz non crecente ten o demo no dente*** (13702,120)].

Perspicacia
Ao bon entendedor non se lle mire o dente.

Porfiar
Darlle vinte voltas de moa [a algo]. 'Porfiar teimudamente nun asunto, teimar nel' (LOPTA161) (LOPTA2113). Aínda que podiamos estar ante a metáfora dunha mastigación lenta (como pode se-la moderna moda de moer chicle), admito que esta locución pode estar montada sobre o traballo non das moas da boca senón das do muíño, que moen o gran dando innumerables voltas: nese caso caería fóra do obxecto deste artigo.

Precaución
Entre dúas moas molares nunca méta-los pulgares (45703). Nunca un debe desafiar forzas desproporcionadamente superiores, ante as que estaría indefenso.

Preguiza
Ser máis folgazán que as moas de riba (LLOPIZ-L2029): curiosa observación, porque, aínda que a idea de esmagar parece froito da presión de quen está por riba, as moas de baixo na mastigación son as únicas que parece que se moven, porque só se move a mandíbula e só as moas de baixo exercen presión. ***// Trae-los dentes no *bolsillo***. 'Ser un lacazán'. [***Tra-los dentes no bolsillo e o tempo na rés, non sirves pra os meus bés*** A ***res*** é a zona dos riles e quere dicir que os lacazáns non serven para nada (210071615)]. ***// Colle-los dentes cos dedos rotos***. Literalmente significa 'ser persoa que traballa pouco pero que lle gusta comer ben e moito'. O informante dá unha definición

tipicamente rural, é dicir, define unha metáfora cunha nova metáfora: "suar, ó comer, e averdugar, ó traballar", onde *averdugar* significa 'estremecerse co sabor agre da froita verde' (Ortelle). ***// A galiña durmente cántalle ó raposo no dente***[17]. Refrán que critica a preguiza e a falta de tino e de precaución: o ***cantar*** neste caso é un eufemismo dos chíos de desesperación da galiña que está sendo mordida polo raposo. Variante en negativo: ***Ó raposo dormente non lle canta a galiña no dente*** (TABOA2,Lugo). Outra hipótese en negativo é a do año: ***A raposo durmente non lle rincha o año no dente***. Aquí *rinchar* xa designa dereitamente o *stridor dentium*. ***Golpe dormente non lle chincha á galiña o dente*** (aquí *chinchar* significa 'morder'). Hai variante que indica que os raposos cazan ó abri-lo día: ***Ó raposo durmente non lle amence a galiña no dente*** (21112031). O refraneiro critica a preguiza pero non sempre o fai indicando o castigo senón aludindo humoristicamente ás consecuencias negativas: ***Paxariño dormente, fólgach'o corpo, fólgach'o dente*** (SACO2334): coma se dixese *¿Non traballas? Non hai problema ningún: con non comeres, problema resolto*. O dente folga porque non ten que face-lo traballo de mastigar. O humor é unha maneira de ve-la vida e por iso aflora en boa parte da fraseoloxía. ***// Á mala fiadeira, a roca dálle ~ faille denteira*** (GILBER123). ***// Ti tés catro enfermedades: ancho de frente, *largo de dente, bon de deitar e malo de levantar***. Para describir un preguiceiro e comellón. Ignoro o significado de *ancho de frente* e aventuro que podería significa-lo mesmo que *ancho de conciencia*, é dicir, persoa de conciencia laxa.

Proporción Véxase **3. Remedio**

Providencia Véxase **3. Teoloxía**

Prudencia

Ter xuízo e ***ter siso*** son sinónimos e significan 'ser persoa comedida, prudente e asisada'; por iso ***saírlle*** [a alguén] ***a moa do xuízo*** significa 'volverse sensato'; ***// te-la moa do siso*** é 'ser prudente, asisado, comedido' (NORI1057) (ARAU156). Un refrán aconsella ***Ser sempre prudente para que non trinque un dente*** (39011).

Rabia Véxase **2.1.5.**

Recursos

Agarrarse con dentes e uñas [a algo] significa 'agarrarse ó máis seguro que un ten'. Aínda que o uso metafórico é o máis habitual, o uso con valor real e non metafórico aínda é posible, como acontece nos seguintes exemplos: *Por sorte, ao caer engarróuselle a faldra da cota de mallas nun xuntoiro salente da parede, e con esto tivo modo de collerse a el con dentes e uñas e quedar así dependurado sobre o abismo* (LOPFE1352). *Dios te oya, que el todo o pode; pero eu vólvoche á miña. Estanche éstes moy agarrados con dentes e uñas, e logo cóntanche ca axuda do Sr. Condestabre* (LOPFE1245). ***// Con dentes e uñas ~ con uñas e dentes*** 'Con tódalas forzas, con toda a enerxía posible, con tódolos recursos de que se dispón, esforzándose ó máximo; de tódolos modos posibles, a calquera prezo, custe o que custe' (LOPTA2104) [*Eu defendo os meus amigos con uñas e dentes* (RODAL842)] (XERAIS2132).

[17] Hai variante con ***no ventre***.

Acudir cos dentes. 'Utiliza-lo último recurso dispoñible'. Coido que da paremia primitiva ***O neniño que loita e non pode, cos dentes acode*** saíron variantes máis xenéricas: ***O que non pode cos dentes acode*** (TABOA2,Vivero) (13702,119) (MOREI1049 (RODGO1042) (38319111). ***Quen coas maos non pode, cos dentes acode*** (43509). ***Quen máis non pode cos dentes acode*** (RODGO3161; 23911224; SACO1229; CARU27121888); existe unha versión explicitada: ...***e morde, se pode*** (MAREVA09). Este refrán ten un primeiro significado non metafórico de fraseoloxía pasiva que xa citei en 2.1.3. 'O que quere algo, aínda que lle custe, busca a maneira de conseguilo' (ANONI73113) (TABOA2)]. ***Quen coas mans ~ maus non pode cos dentes se axuda*** (17824) ***Quen coas uñas non pode cos dentes se acode*** (BOUZA3030). Nótese que o significado de *acudir* en galego é 'socorrer, prestar axuda urxente'. O berro de auxilio en galego ***¡Acudídeme!*** ou ***¡Acudídeme, veciños!***

Recursos (precariedade de) Véxase 3. Teoloxía

Ter dentes e non ter pan. 'Carecer dalgunha parte esencial dos recursos necesarios para levar a cabo o que se quere facer'.

Can sen dentes non traba (CARREA1133). Pola contra, como vimos, ***O neniño que loita e non pode, cos dentes acode***.

Relatividade

Os cornos son coma os dentes, que doen ó nacer e despois axudan a comer (CARREA1138). ***Pró bon dente non hai ruín pan***.

Remedio

O que lle doi o dente, vai á dentuza 2. O segundo significado activo e metafórico é que 'o que quere unha cousa ten que ir a onde sabe que a pode conseguir' (MOREI1063). ***O que padeza das moas que acuda á dentuza*** (41739). // Algunhas paremias resaltan a necesaria proporción entre o problema e o remedio. ***Papas quentes, á vella sin dentes***. ***A carne de óso, dente de lobo*** (RODGO1496). ***A carne de lobo, dente de can*** (R1496) (23911316). ***A pan duro, dente agudo*** (TABOA2). ***Ó pan duro, dente agudo***. ***Pan duro, dente agudo; pan mol, de seu se gol*** (33903). ***Pan duro, dente agudo; queixo mol, vaise ó fol*** (27003,124). ***O que cas maus non pode, cos dentes acode*** (SACO2320). ***O dente e o amigo, sufrilo coa súa dor e co seu vicio***. ***A merda é un prato quente para quen ten bo dente*** (40307). Véxase tamén 2.1.4.1.4. *regaña-los dentes*.

Reprender

Abrirlle a moa [a alguén]. 'Berrarlle' (*e ela tampouco paraba de* ***lle abri-la moa*** *ó neto e de avisalo do perigo das cóbregas* (BRAN180198). Véxase 2.1.4.1.*regañar*. En portugués dise tamén *dar-lhe un lavadentes* [a alguén] [*Dar-lhe um lava-dentes que o zurza, uma descompostura* (CARVALHO2118)].

Repugnar Véxase 2.2.3. A denteira

Resignación

Dar(se) cun canto nos dentes. 'Darse un por satisfeito coa sorte que ten (40702) ou contentarse cunha diminución das regalías de que goza, por ter en conta a situación e o contexto no que se producen'. Hiperbolicamente afírmase que un aceptaría destruír

varios dos seus propios dentes, dado o valor compensatorio do que acaba de conseguir (*Con levares un cinco en dereito romano xa podes dar cun canto nos dentes*). Velaí un significativo exemplo da importancia da hipérbole na fraseoloxía.

Ruindade

En galego chámaselle ***richadentes*** a unha persoa mala e ruín [*Ese rapaz é un richado* (30403,249)] e a fraseoloxía creou esta loc. comparativa: ***máis malo ca unha dor de moas na mocidade*** [*Ela era unha muller choramiqueira e respingona, mais mala ca un door de moas na mocidade* (VENTIN1037)]. En portugués dise, máis ben, malo *coma uma dor de dentes* (PIRES136).

Rumor

Traer algo entre dentes. 'Rumorear' (LOPTA2086) (LOPTA141).

Satisfacción Véxase 3. Resignación

Sexo

A acción de morder, como xa anticipei en 2.1.3., pode ser figuradamente 'catar, probar' ou mesmo 'ter relación sexual' e, nese caso, a metáfora invade tódolos fraseoloxismos que significan 'morder'. Esta asociación entre os dentes e a conquista amorosa está ben asentada na cultura tradicional galega; e, así, ***meterlle o dente*** [a outra persoa] pode significar en toda Galicia 'ter relación sexual con ela': ese é precisamente o sentido da cantiga popular ... *pouco m'importa que ladre / can que non me chanta o dente. E foi unha ves Ghosé e non o deixou entrar no salón, tía Casilda. -Home claro, algho lle fixo el... -E claro, eu que sei, foi porque se puxo..., meteulle o dente en Oleiros e daquela vaise, non o deixaba entrar no salón* (15801). ***meterlle*** ~ ***poñerlle o dente*** [a alguén] significa 'ter intimidade sexual con esa persoa'. E así aparece nesta cantiga popular *Para cantar, viño viño, / para bailar, augardente / que ás mociñas de Pumar / non hai quen lle poña o dente* (42507,048). Aínda así, non exclúo que ***poñe-lo dente*** neste último contexto signifique simplemente 'vencer'. Engadirei que, por máis que hoxe sexa politicamente correcto dicir "ter unha relación sexual con outra persoa", na fraseoloxía tradicional isto utilizábase sempre sendo o home o suxeito e a muller o obxecto indirecto (13600) (00013). Direi por que. Este concepto de "morder" vai asociado ó de *encetar* e esta palabra (do latín *incipio, inceptum* 'iniciado') leva implícita a idea de darlle a primeira mordida a unha froita ou a unha peza de pan e así se fala de ***mazá encetada*** e de ***pan encetado*** ou ***encertado***. Polo xa dito enténdese que ***poñerse a un enceto*** significa 'intentar ter relación sexual con outra persoa', relación –isto é o importante– que, para esa persoa, sería a primeira compartida; e por iso se fala de ***encetar***, no senso de 'facer perde-la virxindade'. Véxase esta cantiga que contén a resposta masculina a un desafío lanzado anteriormente por unha muller: *¡Dis que non poido co-as bragas!... / Non che son o que parezo; / qu'inda che teño a dentamia / pra me poñer a un enceto* (LEIRAS5). As numerosas cantigas populares do cura e da criada sempre teñen intención sexual, por ser célibe o eclesiástico, é dicir, por ser froita prohibida: por esta razón poida que tamén se refira ó sexo (e non ó maltrato) a acción de ***chanta-los dentes*** da galla nesta cantiga: *O cura maila criada / andan ó cucurrughúe / e o cura coa ghalla / chantoull'os dentes no cue* (SCHU4 / 2 / 717). // ***¡Non che ha de poñe-la denteira!*** Noriega defíneo como *Jamás será tu esposa* (NORI1019)]. //

A muller ós sesenta perde a conta, o home perde o dente pero non perde a semente. (Véxase na epígrafe 3. Vellez o refrán ***Caille ó vello o dente, pero non a semente***). ***O amor dos burros entra a couces e a dentadas*** (RABA-GEG02065) (RODGO1155). ***Amor de burros, á patadas - o das égoas, á dentadas*** (MAREVA55).

Síntoma

Varios refráns insisten en que nin a ausencia dos dentes, nin a presenza de canas é sinal de vellez; pero que as engurras na cara, si. ***A cana engana, o dente mente e a arruga non ofrece duda*** (TABOA2). ***A cana engana, o dente mente e na arruga non hai duda*** (TABOA2).). ***A cana i-o dente engana, arruga di a verdá*** (TABOA2). ***A cana i-o dente mente, pero a arruga non mente***. ***A cana engana, o dente mente; o arrastre do pé vello é*** (TABOA2).

Salario

Untarlle o dente [a alguén]. 'Pagar moi ben os servizos doutra persoa'. ***Ao bo servente, untarlle o dente*** (FRANCO775)].

Sorte Véxase 3. Resignación

Saírlle un dente á porca. 'Ter por unha vez boa sorte no xogo' (Ortelle) (21312,5). 'Saírlle [a alguén] boas cartas no xogo' (LOPTA2145).

Sufrir

Doerlle os dentes [a alguén] ***3***. 'Rabiar por se non poder vingar' (30403,125).

Talión

Dente por dente. Na mesma moeda, na mesma proporción á ofensa; esta loc. adv. combina cos verbos ***pagar***, ***devolver*** ou ***esixir***. É a lei do talión que aparece na Biblia no libro do Éxodo 21:24 (***ollo por ollo***; ***dente por dente***; ***man por man***; ***pé por pé***) e que formula o principio de que a vinganza debe corresponder á ofensa ou ó dano causado. Curiosamente en galego é máis frecuente o sintagma ***man por man*** que mesmo deu o refrán ***Man por man non é pecado***. Outras variantes son ***Home por home e dente por dente***. ***Ollo por ollo e dente por dente, así cegues e sin dentes***. En portugués, en cambio, ademais de ***ollo por ollo***, ***dente por dente*** tamén se di ***uma por uma, dente por dente*** (FONSECA224).

Tempo cronolóxico

Cando as galiñas ~ pitos teñan dentes. Nunca [*Ti has ser millonario cando as galiñas teñan dentes*]. Este dicir "nunca" poñendo como referencia a realización de algo que é imposible que aconteza, ten variantes estruturais en diferentes linguas, tal e como estudou V. Mokienko para o ruso e para o galego. É loc. moi común; tamén é común co portugués que normalmente usa o futuro de subxuntivo ***Quando as galinhas tiverem dentes*** (CARVALHO13111) (FONSECA218). Llópiz anota ***cando as galiñas tiveran dentes*** (LLÓPIZ 1,34). Véxase 1.5. ***// Doerlle a un os dentes de*** + (inf.) ***3***. Haber moito tempo que algo aconteceu [*Doíanme os dentes de sabelo* (00001)].

Tempo meteorolóxico

Dente de san Vicente é o frío do mes de xaneiro. San Vicente ou Vicenzo (de Zaragoza) é o 22 de xaneiro e por iso personifica a friaxe dese tempo ***traba-lo dente de***

san Vicente. 'Pasar frío en xaneiro'. [*San Vicente / era meu parente / e tiña un dente / que trababa o cu á xente* (45526,671). *Santa María / era miña tía, / San Xulián, / era meu irmán, / San Vicente / era meu parente / e tiña un dente / que trababa o cu á xente* (45526,671)]. Pero a experiencia popular asegura que contra eses días empeza a friaxe do inverno a perde-lo seu rigor: non é un cambio radical pero empeza a notarse unha dulcificación das condicións climatolóxicas, amainan os rigores do inverno e a iso chámalle o refraneiro ***perder un dente o inverno***. Así se usa no refrán: ***Polo san Vicente o inverno perde un dente ~ perde o inverno un dente***. ***Polo san Vicente cáelle ó inverno o primeiro dente*** (26336149)] ~ ***ó inverno cáelle o primeiro dente*** (43815,154)]. Velaí implícito o dente como forza agresiva. ***// Facer sol de dentes***. 'Quentar intensamente o sol; quizais querendo dicir que morde na nosa pel' (21312,6). ***// -Cálate Marzo, marzaco, cabeza de verraco, que os meus boiciños non quedaron vivos. – Cálate, vella rota, cos dentes ferrados na cota, que os que teño eu e dous que me presta meu irmáu Abril hei botar todos ao custabril*** (TABOA2). ***// Abril frío e fornos quentes ben farían ós meus dentes***. Refrán moi común que uns interpretan como que é bo que abril sexa chuvioso e frío [*Páscoas molladas, páscoas dobladas* (24402,1345)]. Outros, en cambio, pensan que o significado é máis obvio: se vai frío en abril pero o forno coce, é que hai pan na casa e xa non se pasa fame (20306). ***// Outono quente, inverno no dente*** (23911148).

Vella, vellarota, cos dentes (ferrados) na cota (TABOA2172). 'Mordendo na (ou moderno *a*) parte oposta ó gume': a cota é parte oposta ó gume ou fío dun instrumento cortante e, así, o *serrón de cota* ou serrucho é unha serra de folla curta cuadrangular, fina pero non vibrante debido a un reforzo que leva na parte oposta ó corte, é dicir, na cota. Este lema é un enigmático fragmento dun longo dialoxismo entre a vella e o mes de marzo verbo do mal tempo de marzo: *A vella dícelle ó marzo: –Vaite marzo, marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña déixame catro. –Cálate, cala, vellarota, cos dentes na cota, con catro que eu teño, con catro que me ha dar meu irmau abril, heiche de meter todo no chaboril. ~ –Cálate, Marzo marzaco, cabeza de verraco, que os meus boiciños non quedaron vivos. –Cálate, vella rota, cos dentes ferrados na cota, que os que teño eu, e dous que me presta meu irmau abril hei botar todos ao custabril*. O conxunto, como dixen, éme enigmático pero podería ser que esta Vella que se presenta cos dentes na parte teoricamente non agresiva (*dentes na cota*) ou mesmo mordéndoa (*ferrados na cota*), fose a Coresma, que sempre se inicia en febreiro e que, por ser sete semanas de abstinencia, faise máis insufrible canto máis tarda en acabarse. O diálogo, do que Taboa2 (174-175) ofrece numerosas variantes fala de cómo comparativamente son máis agresivos para o gando marzo e abril cos seus fríos, do que febreiro que mantivo o gando nas cortes.

Teoloxía

Hai un refrán, con dúas variantes, que expresa a fe na providencia divina: ***A quen Deus non lle dá dentes, dálle gorxa*** (13702,109). ***Por cada dente que caia, medra a gorxa unha pulgada***. Pero outros dous refráns presentan unha visión menos feliz do problema do mal no mundo: ***Deus dálle pan a quen non ten dentes***. Moitas veces dispoñen dos recursos os que non saben ou non os poden aproveitar (15214) (44248). ***Deus dea pan a quen ten dentes, e a quen non os ten, papas quentes ~ merda para eles*** (20301).

Estoutro refrán expresa un desexo pero as súas dúas variantes teñen un significado totalmente oposto: a primeira, de compaixón; a segunda, de sarcasmo.

Traballo

Traballar con alguén nos dentes. 'Ser persoa que rende moito máis ca outra no traballo' [*Traballa contigo nos dentes* (25213)].

Tremer Véxase 1.1.

Vaca

Nin teño dentes nin moas para roe-las queiroas - dixo a vaca (18401,186)

Valentía

Valente polo dente (sic) (ZAMO248) (LLÓPIZ 1,53). Ignoro o valor concreto desta valentía, que non definen ningún dos dous colectores.

Vellez Véxase tamén 2.1.4.1. *regaña-los dentes*, 3. Economía, 3. Síntoma, 3. Compaixón

Ir alto no dente. 'Ter unha persoa moitos anos, ser unha persoa maior' (LOPTA117). // ***Vella sen moas anda pola calle vendendo filloas*** (18402). // ***Xa non oio como oía, xa me cai o pelo e os dentes e, pra ver, fanme falta lentes***. Condensa os achaques da vellez (TABOA2[18]). ***Caille ó vello o dente, pero non a semente***. Este refrán parece complementario doutro maior ***A muller ós sesenta perde a conta, o home perde o dente pero non perde a semente***. A complementariedade dos dous refráns fai verosímil a interpretación de que os vellos van perdendo as súas facultades físicas pero que conservan a libido. Con todo, Vázquez Saco dálle unha interpretación non sexual á palabra *semente*: os vellos van perdendo as súas facultades físicas pero conservan ata o sepulcro as psíquicas. É certo que Vázquez Saco era sacerdote e podería tender ó eufemismo pero el era tan paremiólogo de gabinete coma de campo; por iso supoño que fundamenta estoutra interpretación, primeiro, no uso real que el observa e, segundo, en certos paralelos que el tería na cabeza e dos que outros colectores nos anotaron as explicacións: ***Perde o lobo o dente, pero non perde a mente*** (23911190). ***A zorra mudará os dentes, mais non as mentes*** (24402,1419) é paralelo daqueloutro *A zorra perde o rabo pero non as mañas* (38319102). 'Quen adquire un vicio ou unha manía nunca os perde'. ***O lobo pode perde-los dentes, pero non a memoria*** (23911190). *A zorra perde o rabo, pero non as malas mañas*. 'A persoa anciá co tempo vai perdendo facultades físicas pero non a experiencia para resolver situacións' (35122). *O zorro perderache o rabo ~ a la pero non as mañas* (210071332). *O raposo perde as forzas pero non as mañas*. Destaca o influxo do costume que se converte nunha segunda natureza (40307). *O lobo muda de pelo pero non de condición*. O que é ruín de natureza, ó crecer en anos, crece en malicia pero non muda de maneira de ser. Todos estes paralelos fan verosímil a hipótese de que o sintagma *o home non perde a semente* poida significar 'a memoria, a experiencia e as mañas', e que isto non exclúa a libido.

Vil

Non valer un dente. 'Non valer nada' [*Ese can non vale un dente* (35108)].

---

[18] O colector repetía a palabra *dentes* no final do refrán, que no seu día reproducimos ó editalo, e que hoxe corrixo por resultarme máis verosímil.

Xaneiro

Xaneiro quente leva o demo no dente (34505153) (TABOA2) (34501) (39455360) ~ ***trae o demo no dente*** (TABOA2). Que xaneiro non sexa frío, resulta prexudicial para a agricultura e provocará escaseza de alimentos. O ideal, en cambio, é o que di o seguinte refrán: ***Xaneiro xabreiro, febreiro esmuriceiro, marzo airoso, abril chuvinoso, sacan a maio florido* y hermoso***. ***San Xoan claro, Santa Mariña dálle ca fouciña, agosto dálle co xostro, septiembre come e vende que ruín e o dente que come a semente*** (6002391). Véxase o que comentei en 3. Economía.

Xustiza Véxase **3. Teoloxía** e **3. Compaixón**

4. A vontade de estilo

Toda esta fraseoloxía está construída con intención informativa e por iso contén moitas observacións curiosas e finas: *dar coa lingua nos dentes* (2.1.7.); *ser máis preguiceiro cás moas de riba* (3 Preguiza); *tirarlle un dente á laceira* (2.1.3.2.); *perder un dente o inverno* (6.2.); *Sempre vai a língoa ónde o dente doi* (3. Problema).

Pero, sobre todo, é certo, e interésame salientalo, que toda esta fraseoloxía está tamén construída con intención estética, con vontade de estilo; de xeito que, aínda que o campo semántico dos dentes sexa reducido, fomos detectando un verdadeiro repertorio de técnicas estilísticas, empezando polo eufemismo que se percibe no refrán *A galiña durmente cántalle ó raposo no dente* (3 Preguiza) e seguindo por hipérboles, metáforas, sinécdoques, sinestesias. Vexamos algunhas.

4.1. Metáfora

Os falantes que lle chaman ***dente de allo*** a cada unha das partes da cabeza do allo, queiran non queiran, observan e fan observar que esas partes son brancas e brillantes coma os dentes e que a súa feitura ten moito parecido coa dos dentes enteiros (é dicir, cando os vemos coa súa raíz). Boa parte do material fraseolóxico exposto está construído así; transpoñendo calidades dunhas realidades a outras; encontrando nelas parecidos sorprendentes. A metáfora é un compoñente esencial da fraseoloxía e o falante, cando a utiliza, fala en dous planos ó mesmo tempo; fala poñendo espellos; fala en estereofonía. Por iso digo que a fala popular, maiormente rural, tan rica fraseoloxicamente, ten vontade de estilo. Enumerarei aínda algunhas metáforas vexetais, animais ou agrícolas nas que dentes e moas son o principio activo, a realidade que está no espello da realidade.

4.1.1. Metáfora vexetal

Dente de allo ~ ***dente alto***. Cada unha das partes nas que se divide a cabeza do allo, cuberta coas correspondentes cascas (24002 / 246) (XERAIS2240) (XERAIS1302) (23901,064): o dente de allo é un dos elementos de máis intenso uso nas terapias populares, tanto médicas como máxicas (6.12.); ***// dente de can 1*** ~ ***dentón*** ('cornizó do centeo, crabunco, caruncho: é un fungo parasito (Claviceps purpurea), que se recolle antes de segalo e de apañalo no montón antes da limpa' (24002 / 086)); ***// dente de can 2*** ('planta monocotiledónea cun bulbo en forma de pera, do que sae un talo que na súa base leva dúas follas opostas –raramente tres–, verdes, con moitas manchas castañas, que deixan

á vista o estilete trífido e os estames de anteras azuis e que ó final remata nunha flor única de cor rosada e cos pétalos voltos cara a atrás: Erythronium dens canis L'); // ***herba dos dentes*** ('planta tamén chamada *bulsa de pastor, pan e queixiño, panqueixo, poutas de zorro* que é a Capsella bursa-pastoris'); // ***dente de león*** ('Taraxacum officinale W., tamén coñecida como ***almeirón***, ***leitaruga***, ***leitariga***, ***leitugas***, ***leiturga***, ***meixacán***, ***mexacán***, ***mexanacama***, ***muxacán***, ***paciporca***, ***taraxaco***, ***tarrela*** e que se usa como aperitivo e como remedio de numerosas doenzas' (GARSA109)); // ***dente de agrón*** (Osmunda regalis L.) coñecido tamén como ***dentabrú***, ***dentabrún***, ***dentabruño***, ***dentada***, ***dentagrón***, ***dentesil***, ***dentiquil***, ***dentrabón***, ***dentrabún***, ***dentabú***, ***dentragón***, ***lentexil***, 'é planta medicinal que se usa en infusións para os cólicos' (40607,50). Di o refrán que ***O dentragón e a xenciana tódolos males sanan, non sendo o da morte, porque é moi forte*** (TABOA2)[19]. Véxase esta cantiga *Teño que facer o caldo / cos dentes dun dragón, / os sesos dun mosquito / e o rabo dun ratón* (42507,090). // ***Dente de cabalo*** **2**. **'**Millo híbrido' (17808).

4.1.2. Metáfora animal

Dente de alicornio. 'Corno da vacaloura, que moita xente cre que cura o goxo, pasándoo pola parte infectada, despois de lava-lo dente con auga e aceite' (PEREDA33Verín); // ***dente longo*** ~ ***dentes longos*** (NORI2095) ~ ***o dentes grandes*** ~ ***largos*** ~ ***longos*** (Vilalba ~ Cospeito) (MONTE149) designan o lobo: obsérvese o artigo singular coa denominación plural, porque se refire a un único animal; // ***dente de mar*** é un molusco pertencente á clase Scaphopoda e á especie Dentalium vulgare (RAMONE-GEG09004).

4.1.3. Metáfora mineral

Dente de can 2. 'Gran moi grande na composición do granito'. [*A pedra é de dente de can* (RIVAS1069)].

4.1.4. Metáfora agrícola

No mundo agrícola hai diversos trebellos que conteñen o concepto de dente no seu nome[20]; primeiramente, hai ***raños de catro*** ~ ***tres dentes*** e tamén ***gadañas de dous dentes***; pero, como era de esperar, os dentes aparecen tamén no carro, no arado e na grade. // ***Dente do arado*** é 'un pau no que se encaixa a rella do arado' (XERAIS1302). // ***Dente da grade*** ~ ***grada*** ou ***dente de ferro*** [é unha peza de ferro que sae verticalmente dos chanzos da grade: é sabido que a grade é unha "armación de seis madeiros de forma case cuadrada con quince dentes de ferro, pra achaiar a terra, despois de arada e desfacer mellor os torrós" (22101,079) (42213054)]. Xa dixen que ***gradar de*** ~ ***con dentes*** é gradar cos dentes da grade cara a abaixo para cubri-la semente; o contrario, cos dentes da grade cara a arriba, para achanzar, dise ***gradar de costas*** (30403,174) ~ ***gradar de costa*** (SOBREI447). // ***Trampa de dentes*** é un mecanismo para caza-lo raposo que ten uns dentes que non soltan o que traban. // ***Ferra-la serra no último dente***. 'Mangala,

[19] Ignoro se terá que ver con *dente de dragón*.

[20] Omito metáforas léxicas como as ***dentoiras***, que son dúas caravillas que en forma de cuña e a maneira de dentes saen por baixo do chedeiro ou piso do carro e que comprimen e suxeitan o eixo do carro tradicional para que role de maneira estable: tamén se coñecen como *diantoiras*, *apeladoiras*, *xuntoiras* ou *treitoiras*. Omito tamén, pola mesma razón, o ***dentón*** que é o fungo que parasita o centeo e o peixe acantoterixio.

poñerlle o mango' (25213). // ***Prado de dente***. 'Prado de peor calidade, por estar moi pisado e ó que o gando vai pacer. Estes prados estércanse co que o gando vai deixando e que favorece as plantas con roseta, que son máis resistentes' (ANTELO158). // ***Dentes de serra***. 'Moldura que imita os dentes dunha serra e que se utilizaba moito na arquitectura románica'.

4.1.5. Metáfora dental humana

Entre as moitas que levamos vistas, pódese destacar ***saírlle*** [a alguén] ***a moa do xuízo*** significa 'volverse sensato'; // ***te-la moa do siso*** significa 'ser prudente, asisado': véxase o que direi en 6.6.

4.1.6. Metáfora política

Dente de lobo. 'Actitude fría e implacable na execución dunha medida dura contra algo ou alguén para conseguir un fin que se considera preferente'. Unha persoa que tivo experiencia política de goberno contoume que, cando accedeu ó cargo, recibiu un consello doutra persoa con experiencia nese mundo, que lle dicía que para gobernar durante moito tempo a regra suprema era ***Paso de boi, dente de lobo e, de cando en cando, face-lo bobo***; é dicir, non precipitarse nas decisións, non tremer cando as decisións están tomadas e non responder ás críticas porque calquera outra decisión tería tamén contraindicacións. Este refrán político condensa a versión galega do maquiavelismo para se conservar no poder.

4.2. Metonimias e sinécdoques

Hai casos nos que os dentes son unha metonimia da persoa, do seu carácter non sempre visible, do interese verdadeiro que o move a actuar. A locución ***verlle o dente*** [a alguén] significa 'descubrirlle esa personalidade que non sempre é transparente, a súa capacidade de, chegado o caso, ser agresivo'. Esta locución úsase nunha paremia que expresa que o poder é o que ispe unha persoa, o que descobre o seu verdadeiro carácter: ***Quen queira coñece-lo seu veciño, mandiño lle dará e o dente lle verá***. Que os dentes son metonimia do interese do portador vese ben nestoutra: ***Están máis cerca os meus dentes cós meus parentes***. A metonimia é evidente no xa citado ***Parentes, as moas e os dentes***: a comenencia persoal é a verdadeira parentela do egoísta. Tamén a hai en ***estralarlle unha castaña nos dentes*** (por ***na boca***); en ***dar ó dente*** ou ***dar á moa*** ou en ***¡Vai lava-la boca!***

En 1.6. (***gañar*** ~ ***aforrar cos dentes pra comer coas enxivas***) xa vimos que dentes e enxivas simbolizan respectivamente a idade de traballar e a vellez: aquela, de cando un forma parte da poboación activa; a outra, de cando un forma parte das clases pasivas. O concepto, como é natural, está formulado de forma máis completa en paremias: ***O que non fixo algo con dentes, non o fai coas enxivas***. ***Se os dentes non gañan prás inxivas, as inxivas non poden gañar prós dentes***.

Ir alto no dente significa 'ter xa moitos anos unha persoa'; // ***dente de carro*** é a 'rodeira ou rebaixa que nas pedras do camiño vai deixando gravada a roda do carro co seu diario paso'. Velaí un exemplo no que o efecto resulta designado pola causa.

4.3. Entre a metonimia e a metáfora sinestésica

Os dentes son pedras e desa realidade naceron expresións como ***dar ~ facer lume cos dentes*** que, como primeiro significado, teñen o de 'estar moi anoxada unha persoa'; e, como segundo, 'blasfemar', que é acción que algunhas veces vai asociada á ira descontrolada. Pero de tódalas metáforas dentarias unha das que máis me chaman a atención, dende pequeno, é a de ***rirlle o dente*** [a alguén]. Era expresión que usaba moito meu pai (véxase 3. Alegría) e, tempo andando, souben que tamén se di noutras linguas. Os *fon* de Benín din que *Os dentes rin pero o que hai no ventre é diferente*, é dicir, que a risa non sempre expresa o que verdadeiramente sentimos. *Les dents rient des malheurs du corps. Les dents ne rient que du malheur* dise no francés das Antillas[21]. Que a unha persoa ***lle ría o dente*** significa que está visiblemente contenta polo que vai suceder e, en certa medida, esa é unha sinestesia, porque os dentes aparecen como capaces de teren sensacións. Vexamos outras dúas: ***O que lle sabe ó dente, non se lle dá ó parente*** (39011). ***// Abril frío e fornos quentes, son alegría prós meus dentes*** porque, se nesa época aínda hai gran, na cociña campesiña amásase, cócese e pódese comer pan fresco ou unha boa empanada.

Hai outras sinestesias como ***darlle gusto ós dentes e máis á gorxa*** que aparece tamén no refrán ***Dar gusto ó dente trae o laiar da xente*** (23911218) xa falei en 2.1.3.2. Comer e en 2.2. Patoloxía.

Co concepto de dentes como pedra está relacionada a idea dos dentes como muralla da lingua. O refrán ***A lingua ten unhas boas murallas*** (que son os dentes) aconsella discreción e silencio; e, aínda que o refrán ***Boca pechada é forte coma unha muralla*** podería referirse ós beizos, a locución ***ser un desdentado***, co significado de 'ser mal falado', revela que a verdadeira muralla da lingua son os dentes.

4.4. A hipérbole

Habitualmente a fraseoloxía constrúe toda a súa imaxinería enfatizando calidades e defectos, buscando sempre a intensificación. A hipérbole é un dos procedementos máis creativos na fraseoloxía. Lémbrense ***dar lume cos dentes ~ facer chatolas cos dentes ~ facer lume cos dentes***, que expresan o rinchar dos dentes por ira considerando que os dentes son pedras que, cando chocan, producen chispas; ***// non tapar nin un buraco dunha moa furada***, para dicir que algo que nos dan é moi pequena cousa; ***// dar cun canto nos dentes*** para conformarse coa sorte que un ten; ***// doerlle os dentes*** [a alguén por algo]***2***, para expresa-lo vivo desexo de algo ou a rabia por non telo xa, desexar algo vehementemente; rabiar por non ter algo]. ***//Por cada verdade que di cáelle un dente e aínda os ten todos***, para dicir que alguén é moi mentireiro. ***// ¡Féndelle a zoca nos dentes!*** para animar a quen está golpeando a outro: xa quedou comentada en 2.2.2. Veremos outra hipérbole en 5. como creadora de humor. No cantigueiro popular aflora o mesmo mecanismo da hipérbole: *Os dentes da miña dona / mórdenme cando lles rifo, / heilles de pasa-la lima / por si esa maña lle quito* (LIS1381). *Serrador que serras pino /*

[21] http: / / www.citationsetproverbes.com / Proverbes / ProverbesAntillais / tabid / 145 / Default.aspx?udt_1168_param_page=9&udt_1168_param_search=&udt_1168_param_orderby=Proverbes_x0020_Antillais&udt_1168_param_orderDirection=descending

tamén serrarás carballo / sérrall'os dentes á conta / que m'acaban co caragho (SCHU6 / 2 / 1207).

4.5. Implicitación e explicitación

Xa vimos en 2.1.4.1.3. que en castelán a palabra ***regañar*** co significado de 'reprender alguén' é unha implicitación da locución ***regañarlle os dentes*** [a alguén] que ten ese mesmo significado pero que en castelán non existe. O DRAE, como dixen, tampouco rexistra o substantivo ***regaña*** pero si que ten tódolos seus derivados (*regañar*, *regañadura*, *regañina* etc.). O proceso inverso, a explicitación, detectámolo no comunísimo refrán ***O que non pode, cos dentes acode*** do que existe unha continuación que reforza a súa mensaxe: ... ***e morde, se pode*** (MAREVA09)[22].

5. Humor

Como dixen en 2 Preguiza, ó comenta-lo refrán ***Paxariño dormente, fólgach'o corpo, fólgach'o dente***, o humor é unha maneira de ve-la vida e por iso aflora en boa parte da fraseoloxía. Os dentes forman parte da expresión humorística, que é case sempre a expresión máis elaborada do ser humano. E a hipérbole é, maiormente aquí, un dos recursos máis utilizados pola fraseoloxía. E, así, para dicir que unha persoa mente, a fraseoloxía di que mente sempre, ata o punto de que, se algunha vez di unha verdade, é por casualidade: ***Por cada verdade que di cáelle un dente*** (44008). Esta é a formulación habitual pero xa teño oído a explicitación ... ***e aínda os ten todos***. Esta explicitación ou reelaboración ampliatoria especifica que non só é un mentireiro senón que aínda non dixo a primeira verdade en toda a súa vida. Existe unha variante tamén somática: *Por cada verdade que di cáelle un brazo / e aínda ten os dous*.

As dores da dentición son a metáfora dos inconvenientes de canto despois achega vantaxes na vida. ***Os cornos son coma os dentes, que doen ó nacer e dimpois axudan a comer***. Nesta paremia vemos unha metáfora activa de semántica plural, xa que non só parece referirse á utilidade da cornamenta para que outros animais non disputen o alimento senón probablemente ás vantaxes que se poden extraer dunha ruptura matrimonial.

6. Crenzas latentes

Diversas paremias están construídas para expresar crenzas latentes e, para usalos con xeito, o falante debe estar dentro desa cosmovisión, dentro dese sistema de crenzas colectivas.

6.1. A cronoloxía habitual da dentición é a que expresa este refrán ***O neno ós seis meses asenta; ós sete endenta; ó ano é andante e ós dous é falante***. Ben, pois a primeira crenza popular relacionada coa dentición é a de que, cando o neno endenta antes dos sete meses, a nai axiña traerá un novo fillo: ***Cedo dentado, cedo ermanado*** ~ ***O dente do neno que vén temperán, logo trai un novo irmán***. Este refrán ten mesmo o seu complementario: ***Tarde dentado, tarde irmanado***.

[22] Aínda que non teña que ver cos dentes, vimos outra implicitación *dou ó demo* > *dódemo* > *dódame* (3. Economía).

6.2. Crese na relación entre os dentes e a forza e agresividade. Este simbolismo está vivo no ***dente de san Vicente*** que vimos no refrán ***Polo san Vicente o inverno perde un dente***. ***Polo san Vicente cáelle ó inverno o primeiro dente*** (3. Tempo meteorolóxico).

6.3. Crese na relación entre a dor de dentes como agoiro da morte dalgún parente: ***Dor de dentes, morte de parentes*** ~ ***Se soñas con dentes, morte nos parentes***. Aínda que outros prefiren un agoiro diferente: ***Mal das moas, mal de amores***.

6.4. Crese na relación entre dentes e mentira. Isto acontece por tres procedementos. O primeiro, o refrán ***A lingua ten unhas boas murallas***, que aconsella discreción e silencio. Máis común é o refrán ***Boca pechada é forte coma unha muralla***. Podiamos pensar en que as tales murallas son os beizos pero lembro que miña nai dicía que ***os dentes son as murallas da boca*** e para ela ***ser un desdentado*** era 'ser mal falado': nesta locución está implícita a idea dos dentes como muralla da lingua. O segundo é a crenza de que entre os dentes raros escapan as mentiras e por iso se chaman ***dentes de mentireiro*** os dentes que están moi separados (1.2.): a imaxe latente é a dunha muralla que está en parte destruída e coherentemente di o refrán que ***Os homes mentireiros teñen os dentes rareiros***. O terceiro, a locución hiperbólica que acabamos de ver (5. Humor), ***por cada verdade que di cáelle un dente (é aínda os ten todos)***, e que alude hiperbolicamente ó mentireiro compulsivo.

6.5. A novena crenza refírese á caída dos dentes. Hoxe na Galicia urbanizada xa se aclimatou o costume do ***Rato Pérez***: o meniño, cando lle cae un dente, méteo debaixo do seu cabezal porque os seus pais dinlle que esa noite virá o ***Rato Pérez*** recoller ese dente e que no sitio deixaralle un regaliño. A cousa corre ben cos meniños urbanos que nunca viron ratos máis que en debuxos; pero dalgún neno rural, que coñecía os ratos, sei que non prendía o sono esa noite pensando que ía vi-lo tal rato e que lle ía roer unha orella. Na Galicia tradicional era máis común poñerse de costas á lareira e ó forno e tirar co dente por riba da cabeza na borralleira ou enriba do forno[23] dicindo ***Dente fóra, cagallón na cova*** (40607,30) como reafirmación de que a vida aínda ía para riba; en Caritel a fórmula era ***Tiro este dente pa riba do forno, pa que veña dreito outro novo***; na Fonsagrada no mesmo rito, din ***Lume novo, toma este dente vello e dáme outro novo***; e en Cangas de Foz, segundo Miguel Enríquez, ***Lume lumiño, toma este dentiño, pra que veña outro ben dereitiño***. María Pombo, unha informante de 73 anos, de Golmar (A Laracha) di que tiraban o dente envolto nun papeliño e atado a unha pedra para enriba do tellado, ou á borralla, para que *o neno cantara ben* e dicían: ***Ratiño, ratiño, dáme un dentiño ben feituquiño***. En Boimorto botábano ó lume *para que viñese outro axiña.* Pero un informante de Ribeira de 55 anos di que na súa infancia xa se coñecía alí o rito de deixalo baixo o cabezal e debemos lembrar que Ribeira está na costa e que, andando os mariñeiros galegos o mundo enteiro, é frecuente que as novidades entren en Galicia pola costa; de feito, a primeira referencia ó rato encontrámola na Laracha un concello que chega á costa. ¿Por que se tira no lume ou na borralla? Carme López Taboada (a quen debo as informacións anteriores de Ribeira, Boimoro e A Fonsagrada) infórmame de que na Estrada din que había que ter coidado de que non o comese a galiña, porque, en caso de tal, o novo nacería torto. En

[23] En Caritel tamén se facía isto coas uñas dos porcos, para que no ano seguinte fosen mellores.

Caritel dan como razón a crenza de que as cousas que son do corpo nunca se deben pisar e que, de pisar un dente, os seguintes nacerían mal feitos ou montados uns nos outros. Hai corenta anos nalgunhas vilas galegas, cando a economía o permitía, o primeiro dente dunha nena engarzábaselle nunha sortella e dábasalle en agasallo. En cambio, a caída patolóxica dos segundos dentes é cousa que se encomenda en Cambados a san Xulián ou santa Apolonia, con esta fórmula: ***San Xulián, lévame este dente podre e tráeme outro san*** (40607,30). Tamén avisa un refrán de Carballedo (Lugo) que cómpre ***Rézalle a Santa Apolonia *pa que non che doia dente nin moa*** (21002).

6.6. Relacionada tamén coa caída dos dentes, está a crenza de que o ***dente do *xuicio*** ~ ***siso*** (ou ***moa do siso*** e ***moa do *xuicio***) tarda en nacer pero que xa nunca máis cae, de xeito que acompañará o portador trala morte no xuízo ante o tribunal de Deus. A polisemia da palabra *xuízo* ('sensatez e xuízo final') é a que creou a crenza.

6.7. Crese que ter un sinal por baixo da altura dos dentes é agoiro de riqueza. ***Se tes un lunar debaixo dos dentes, has ser máis rico cós teus parentes***. A relación dos lunares coa fortuna é común a outras linguas pero o colector que recolleu este refrán en terras de Chantada, sinala que en castelán, en cambio, tense por indicio de maior riqueza o lunar que loce por riba dos dentes.

6.8. Crese que dentes grandes indican agresividade e son, polo tanto, feos; mentres que os dentes pequenos identifícanse coa beleza. Contarei aquí unha experiencia persoal. Unha moza rural de extraordinaria beleza e de dentamia perfecta pediume un día que lle fixese unhas fotos co traxe tradicional galego que ela mesma bordara. Eu non conseguía facela sorrir, de xeito que asomasen aqueles dentes perfectos e acaboume confesando que os tapaba porque estaba convencida de ter ***dentes de cabalo***. O que para un urbano sería a perfección, para ela era un defecto porque lle parecían de tamaño excesivo. Posteriormente comprobei que a fraseoloxía galega chama ***dentes de cabalo***, ***dentes frade*** ou ***dentes de chavella*** (véxase 2.1.2) ós dentes excesivamente grandes, por consideralos indicio de avidez de comida e de egoísmo ou de agresividade. Doutro xeito exprésano dúas cantigas populares: *¿Como queres que te queira, / se non te podo querer? / Te-los dentes moi grandes / e despois vasme morder* (23911073). *Tes os dentes tan pequenos / como areiñas de sal; / dende eiquí están parecendo / bocadiños de cristal* (LOREN22338). Pero teño a impresión de que é na muller, e non no home, en quen o mundo rural considera inadecuados os dentes grandes.

6.9. Crese que, para que non doia a dentamia, cómpre corta-las uñas das mans e dos pés o luns (***Desque corto as uñas o lus, non me doi a dentamia***).

6.10. Crese que hai relación entre a dentición das porcas coa sorte. É común, polo menos no centro de Galicia, dicir ***¡Saíulle un dente á porca!*** cando lle saen boas cartas no xogo a unha persoa que habitualmente perde e, por unha vez, tivo sorte. En Vilar de Ortelle (Pantón) din que lle ***sae un dente*** ou ***unha pata***. (Ortelle).

6.11. Crese que os dentes do demo son puntiagudos, coma os dos tiburóns, e polo tanto, paradigma de cousa que crava: ***ser afiado coma os dentes do demo*** (MANDI1:417).

6.12. Do valor profiláctico dos ***dentes de allo*** témo-lo testemuño nesta cantiga: *Non teño medo dos teus ditos / nin medo do teu meigallo, / que ando cunha vacaloura, / e catro dentes de allo* (CABAN4106).

6.13. Así como hoxe no diálogo amoroso os amantes piden os beizos, quedan probas de que os dentes entraban na expresión deses delirios amorosos *Dáme un dente da túa boca, / deses que levas diante, / para poñer no peito, / que me sirva por amante* (27003,017). Outras cantigas parecen exhuma-lo feito de que antigamente se facían amuletos con dentes de animais *E morreu a burra: / quitáronlle os dentes, / ai, si,... / pró día da voda: / darllos ós parentes, / ai, si,..* (RICO091). *Ehí vai Luisa de Guinio, / corre coma unha cadela, / busca-los dentes do burro / pra faguer unha peineta*[24].

7. Valor e simbolismo final

7.1. Os dentes son parte do corpo que inflúe de maneira decisiva na alimentación: o seu bo estado permite comer de todo; o seu deterioramento pode facer dolorosa a mastigación e difícil a dixestión; a súa ausencia limita a alimentación a líquidos, cremas ou cousas previamente trituradas. Pero, por seren parte dese microcosmos que é o corpo humano, os nosos dentes ofrecen informacións que son case íntimas: *facer chatolas cos dentes* manifesta que ou temos frío ou temos medo; a idade dos nenos e dos vellos, a alimentación, o nivel económico familiar na adolescencia, a autoestima e tamén os traumatismos, as frustracións e, mesmo, o contacto coas drogas quedan escritos e patentes no desenvolvemento, implantación e orientación de cada peza dentaria. Como a idade dos cabalos e das vacas se sabe polo estado da súa dentamia, dise que ***falan polos dentes***. E, aínda que os seres humanos temos documentos escritos que indican con maior precisión a nosa idade, nós tamén ***falamos polos dentes***. Os dentes, coma as mans e os ollos, son un elemento moi expresivo dos sentimentos e actitudes.

A importancia dos dentes non se reduce, polo tanto, á capacidade de trituraren. Por iso, pola súa dureza e pola súa duración milenaria son un símbolo de forza, de poder e de eternidade como veremos no final deste artigo. Non é casual que nos xeroglíficos exipcios os dentes fosen unha parte do sistema gráfico, que a escritura alfabética semítica acabou transformando na letra hebrea ***xin*** **[ש]**, da que saíu a grega ***sigma*** **[Σ]** e o noso ***ese*** **[S]**. Nin é casual que na sociedade actual a ortodoncia sexa unha preocupación importante do mundo occidental e que se nos fale tanto do sorriso imperfecto para crear en nós a ambición de sorrirmos sen complexos.

7.2. Os dentes son valiosos e paradigma de realidades valiosas. Por esa razón son paradigmáticos ***non valer un dente*** e ***dar cun canto nos dentes***. O dente é claramente o símbolo dos últimos recursos de que un dispón (***con dentes e uñas***) e das forzas telúricas (***dente de san Vicente***). A vinculación dos dentes co poder e coa forza dáse en moitas culturas: tamén na galega: [*Aí veñen os de Parada / veñen os homes valentes / traen a ponte do Porto / atravesada nos dentes* (SCHU4 / 2 / 390a). *Os de Conxo, os de*

[24] En Moscoso (Pazos de Borbén) cantábase en 1942 esta cantiga *Miña Virxe do Remedios / ten un dente na coroa; / quen ten rábia que rabée, / quen ten pesar que o roa* (VENTIN3320bis). Revisei con atención esa coroa e non encontrei dente ningún, nin houbo veciño que me asegurase que en tempos o tivera.

Conxo, / os de Conxo son valentes, / levan a Ponte de ferro / atravesada nos dentes (27003,042). *Os de Cures son valentes / levan a ponte da Serra / atravesada nos dentes* (SCHU4 / 2 / 390b)]. Por iso o adorno con dentes de animais feroces (en Galicia o ***dente de cocho bravo*** ou, polo menos, de porco doméstico contra o mal de ollo (GEG09004)) ou mesmo de persoas condenadas a morte convértese en amuleto protector. Viceversa, a caída dos dentes asóciase coa derrota, a inhibición, a perda da mocidade (como vimos en 2.2. Patoloxía), a vellez, a perda da forza (***Polo san Vicente o inverno perde un dente / cáelle o primeiro dente***) a indefensión ou mesmo a incapacidade de aproveita-los recursos existentes (***Dálle Deus pan a quen non ten dentes***). Hai culturas nas que se asocia a perda dos dentes coa castración e tamén as hai que chegaron a dotar de simboloxía cada peza dentaria, de xeito que non só falan das zonas masculinas e femininas en cada un dos arcos dentarios senón que mesmo hai quen identifica, dente por dente, dende o incisivo ata a moa do xuízo, cada peza como o dente do razoamento, da comunicación, da vontade, da audacia, da intelixencia, do pai e nai, da transgresión e da sabedoría[25].

Na actual sociedade occidental boa parte desa simboloxía está aparentemente perdida. Pero só en aparencia: nunca coma hoxe houbo unha tan intensa e extensa actividade ortodóncica e non sempre este caro e doloroso sacrificio é froito dunha necesidade médica, senón da compulsiva busca do sorriso perfecto e *hollywoodiano*. O occidental actual sabe que, da mesma maneira que a grafoloxía describe o carácter pola letra e a grafoterapia pretende corrixi-lo carácter modificando a letra, así a odontoloxía describe o noso historial íntimo e a odontoterapia ou a ortodoncia, corrixindo as mensaxes que emitimos coa nosa dentamia deformada, aspiran a corrixir tamén as frustracións que nela están escritas. En certas culturas africanas límanse e tállanse os dentes para darlle ó portador o aspecto dun xaguar ou dun crocodilo que son os animais totémicos pola súa ferocidade. A odontoterapia occidental, sempre dolorosa e custosa, é un esforzo para adquirir unha nova personalidade máis atractiva e harmónica. No fondo esta sociedade, aparentemente incrédula, segue vendo nunha dentamia sa, branca e harmónica a idea de saúde, forza e autoestima, é dicir, a condición do éxito na vida. Os dentes, como dixen, non son a condición dun líder pero poden reforzala.

A fraseoloxía galega garda memoria desa simboloxía e deses valores estéticos que aínda viven no mundo rural. Di unha cantiga popular que *os dentes son a fror de toda cara*. ¿Pero cales son as características ideais dos dentes? Ben feitos, sans pero máis ben pequenos, como se viu na anécdota que relatei en 6.8. A vinculación dos dentes grandes coa agresividade fai que, polo menos na muller, fosen mal vistos. Quizais tamén o estaren fóra da proporción aceptada socialmente é o que os relaciona coa chavella do carro que sobresae moito por riba do chedeiro e do xugo [*Tes a canela mui alta / i o narís mui afiado, / a medida dos teus dentes / é a chavella do carro* (24402,0156). *Tés unha boca moi ghrande / e o nariz moi aghillado / a medida dos teus dentes / a chavella do carro* (SCHU5 / 2 / 270bis1) (23911073)].

[25] E aínda nos quedan algunhas que non conseguimos descifrar porque nos chegan sen definir, coma esta que recolle Llópiz (L 1/ 137) *quedar cos dentes como ósos*.

Aínda que hoxe se impuxo a estética americana dos dentes ben visibles, mesmo na muller, parece que na tradición oral galega se estimaban os dentes pequenos: hai un refrán que di que ***O dente do rato é bo dente, que sempre deixa a semente***. Na estética tradicional parece percibirse como valiosa a dentamia discreta e por iso se fai a risa de quen tiña os ***dentes tan longos que daba cada un deles o puño para un paraugas***. Vemos aquí unha mostra máis da constante chamada da cultura tradicional galega á mesura e á discreción.

7.3. Cando observamos globalmente este material, detectamos un microsistema de comunicación. A dentamia non só creou o vocabulario específico do seu campo semántico senón tamén un repertorio de metáforas pasivas e activas. O conxunto deste microsistema dispón tamén de unidades polisémicas (*regaña-lo dente* (2.1.4.1.), *meter ~ finca-lo dente* (2.1.3.), *facer lume cos dentes 1* (2.1.5.) e *facer lume cos dentes 2* (3. Blasfemar)) e tamén dispón de series antónimas, para falar da forza e da debilidade, da riqueza e da pobreza, do apetecible e do desagradable.

Pero, como é ben sabido, na fraseoloxía hai lagoas que descompensan o sistema. Hai temas para os que misteriosamente falta material: hai moitas referencias á dureza pero non á brancura; hainas ó tamaño pero non á harmonía; hainas á sucidade pero non á hixiene. E, como adoito, hai máis recursos para expresa-lo negativo (***Sempre a lingua vai ónde o dente doi***) que para o positivo: os dentes poderían ser paradigma de brancura, de limpeza, de harmonía, de firmeza, de alegría, da beleza ou da sinceridade pero os falantes escolleron a súa dureza, a función trituradora, a sucidade ou a falta deles como máis axeitados para a expresión do negativo e, así, dispoñemos de máis locucións con *dentes* para expresa-lo odio (***ter alguén entre os dentes***) do que para o amor; e tamén existen para maldade, insinceridade, agresividade pero non para bondade, sinceridade ou cordialidade. Remato tentando sintetizar isto último nun cadro final.

POSITIVO		**NEGATIVO**	
FORZA dentes enerxía para vivir e para enfronta-los problemas arma para atacar esforzo que un pon en algo	*regaña-lo dente* *O que teña medo, que se meta no cortello; e o que sexa valente, que regañe o dente.* *trae-la porta do forno ~ pía dos porcos ~ ponte atravesada nos dentes*	DEBILIDADE enxivas	*caerlle o dente; perder un dente; tirarlle un dente a algo ~ tirarlle un dente á laceira.* *Can sen dentes non traba. A muller ós sesenta perde a conta; o home perde o dente pero non perde a semente.*
CONQUISTA VITORIA	*chanta-los dentes*[en algo]. *Pouco me importa que ladre can que non me chanta o dente* *poñerlle o dente*	DERROTA	*tirarlle os dentes* [a alguén] *regañar ~ requicha-los dentes* 2.1.4.1.5
MOCIDADE dentes	*gañar cos dentes*	VELLEZ enxivas	*comer coas enxivas. O que non fixo algo con dentes, non o fai coas enxivas. Se os dentes non*

			ganan prás inxivas, as inxivas non poden ganar prós dentes.
VIDA	*nacer ~ muda-los dentes* *Dente fóra, cagallón na cova*	MORTE	*requicha-los dentes*
CAPACIDADE	*ter dentes*	INCAPACIDADE	*non ter dentes (Dá Dio-las noces a quen non ten dentes); ter dentes e non ter pan.*
CORDIALIDADE	*regaña-los dentes* 2.1.4.1.1.	AGRESIVIDADE	*facer lume cos dentes; regañarlle os dentes* [a alguén] 2.1.4.1.4.; *leva-lo demo no dente. Xaneiro quente leva o demo no dente.* *andarlle cos dentes* [a alguén] *matar dunha dentada no cu* *dálles cun coio nos dentes* (inutiliza)
BELEZA	*Os dentes é a fror de toda cara.* *(Tes un caravel na boca / e os dentes son as folliñas ...)*	FEALDADE	*vella sen dentes* *Cara sen dentes fai os mortos viventes.* *Mireille para a boca / e sólo tiña un dente / era o mesmo demo / en figura de xente.*
SORRISO	*regaña-los dentes* 2.1.4.1.1. *recacha-la moa*	SERIEDADE	*non se lle veren os dentes* [a alguén] *non mostra-los dentes*
DUREZA, PEDRA, MURALLA	*dar lume cos dentes ~ facer chatolas cos dentes ~ facer lume cos dentes* *A lingua ten unha boa muralla* *Os meus dentes non son de liño*	BRANDURA, DEBILIDADE, INDISCRECIÓN	*comer coas enxivas* *Papas quentes, á vella sin dentes* *ter dentes de cortiza* *ser un desdentado*
GUSTO, APETECIBLE	*alegría para os meus dentes* (apetecible); *aguza-lo dente; poñe-la denteira*	DESAGRADO, DESAGRADABLE	*corta-los dentes, poñe-la denteira;coma se lle quitaran as moas*
SENSATEZ, PRUDENCIA	*moa do siso, dente do xuício; te-la moa do siso; A lingua ten unha boa muralla*	INSENSATEZ, INDISCRECIÓN	*ser un desdentado*
AMOR	*meterlle o dente* [a alguén]; *Mal das moas, mal de amores*	ODIO	*ter alguén entre os dentes; ter alguén debaixo dun dente*

RIQUEZA recursos	*ter ben que dar ó dente* *ter en que mete-lo dente*	POBREZA	*Se o dente folga, é sinal de fame; non ser para os dentes* [de alguén]; *non ter dente nin moa. Non haber para un dente*
PROPORCIÓN	*A quen Deus non lle dá dentes, dálle gorxa. Por cada dente que caia, medra a gorxa unha pulgada*	DESPROPORCIÓN	*Dálle Deus pan a quen non ten dentes.*
SOLIDARIEDADE		EGOÍSMO	*Parentes, as moas e os dentes. Están máis cerca os meus dentes cós meus parentes.*
		ÚLTIMO RECURSO	*con uñas e dentes; Quen máis non pode ós dentes acode [e morde, se pode].*
BONDADE		MALDADE	*ser un richadentes; leva-lo demo no dente; caerlle o dente*
ÉXITO		FRUSTRACIÓN ENVEXA	*quedar cos dentes a regañar* *caerlle os dentes por algo*
GRANDE		MÍNIMO	*non haber para un dente; nin isto* [3. Escaseza]
SINCERIDADE		INSINCERIDADE	*de dentes para fóra; ter moas de cortiza*
VALIOSO		VIL	*non valer nin un dente*
UTILIDADE		INCONVENIENTE INUTILIDADE	*te-la denteira: Uns comen a froita e outros teñen a denteira. A boca sin dentes e sin moas é como o muíño sin pé e sin roda..*
VERDADE		MENTIRA	*mentir con cantos dentes un ten na boca; Por cada verdade que di cáelle un dente e aínda os ten todos. A cana engana, o dente mente e na arruga non hai duda.*

8. Fontes que se citan do Tesouro Fraseolóxico Galego

00001 Anónimo. Información recollida nalgún lugar de Galicia.
00006 Anónimo. Información recollida nalgún lugar de Galicia.
00013 Anónimo. Información recollida nalgún lugar de Galicia (1979).
00021 COLECTIVO AMENCER (Alumnos R(eal) S(eminario de) S(anta) C(atalina) de Mondoñedo; Ana Isabel Rodríguez Vázquez (ed.)) (1999): *A carón do lume Recolla de literatura popular dos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo.* Lugo: Citania publicacións. Material diverso de tradición oral recollido en diversos lugares das provincias de Lugo e da Coruña.
13025 Emilio (oínte da Radio Galega, vendedor do cupón da ONCE). A Coruña (A Coruña).
13201 MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Mª Rosario (1970): *El habla de Curtis y sus cercanías Tesis de Licenciatura.* Universidad de Santiago de Compostela. Febrero de 1970. Citado tamén en

GARCIA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela. Información recollida en Curtis.

13401 LEIS CASANOVA, I. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe* (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela. Información recollida en Dumbría.

13600 Información recollida en Ferrol por Xesús Ferro Ruibal.

13702 ESMORÍS RECAMÁN, Francisco (1959): "Refranero fisterrán" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XIV,42,1959,107-129.

15001 Fidalgo, Timoteo (85 anos en 1979). Gravación realizada en Malde (Monfero) por María Fraga García.

15212 GARCÍA-RODRÍGUEZ, Xosé María: *A vila nos anos vinte. Entroido, estampas, cantigas e lexendas muiñeiras, cregos, cegos, os nosos probiños*. Impreso en República Dominicana, sen data. Muros (Muros): ¿Ed. do autor?

15214 REY GONZÁLEZ, José (1914): "Adagios populares" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 90,1914,139. Información recollida en Muros.

15801 Información recollida en Mera (Oleiros). Varela Fernández, Mª Dolores B. (Gravación de 1979).

16008 Información recollida en Sigüeiro (Oroso) por Isabel Valiño Ferrín.

16106 LASTRA, Clemencia (1911 / 1913): "Cantares Populares de Galicia" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 46,1911,255-256 / 47,1911,274-276 / 48,1911,299-301 / 49,1911,21 / 51-52,1911,68-70 / 71,1913,276-278. [Os números que seguen á clave localizadora <16106> indican o tomo (3) e maila páxina (3) onde se encontra a cantiga. Comarca de Ortigueira] .

16207 Información recollida en Outes (Outes) por Isabel Valiño Ferrín.

17007 MARÍN SUÁREZ, Mª de los Ángeles I.: *O lésico de San Sadurniño de Joianes. Trabajo de licenciatura.* Goiáns (Porto do Son).

17306 Información recollida en Aguiño, Carreira e Castiñeiras (Ribeira) por Xosé Antonio Pena Romay.

17808 GARCÍA GONZÁLEZ, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela. Información recollida en Santiago de Compostela.

17824 Información recollida en Enfesta (Santiago de Compostela) por Mª Elena Carrillo González.

18003 Información recollida en Sobrado dos Monxes por M.C. LÓPEZ TABOADA e citada por GARCÍA GONZÁLEZ, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela.

18401 Información recollida en Santaia. Gorgullos (Tordoia). VARELA GONZÁLEZ, Francisca (1985): *A fala de Santaia Memoria de licenciatura*. Universidade de Santiago 1975. Inédita. Citada tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela.

18402 Información recollida en Anxeriz (Tordoia) por José Álvarez Souto e citada por VAZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003.

18603 Información recollida en Trazo por Clara Viqueira Liñares.

19601 MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, F. (1971): *Literatura popular das Terras da Capelada e da Faladora* C.E.G. XXVI,78,MCMLXXI,95-116.

19608 LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (1969): *Contribución al léxico gallego*, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXV,1969,211-250. [Os tres últimos díxitos indican a páxina]. Información recollida na comarca de Santiago.

20301 Información recollida en Lebesende, Queixeiro (Antas de Ulla) por M. do Carme Lamela Villaravid.

20302 Información recollida en San Pedro Fiz de Castro (Antas de Ulla) por Bienvenido García Conde.

20306 Información recollida en Antas de Ulla por Ana Mª Varela Varela.

20309 LAMELA VILLARAVID, Carme (1992): *A cultura popular de tradición oral -literatura popular - no concello de Antas de Ulla* 1992. Inédito. [Os díxitos 6º,8º e 9º, se existen, indican as páxinas].

21002 Información recollida en Pradeda. Cartelos (Carballedo) por Pilar Guerra Otero.

21007 RIELO CARBALLO, Nicanor (1972 / 1973 / 1974 / 1975): *Refranero Popular de Carballedo*, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII,1972,1º-2º,145-156; XXIX,1973,1º-2º,131-153; XXX,1974,3º-4º,429-452; XXXI,1975,1º-4º,111-135. Información recollida en Carballedo (Lugo).

21112 EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2000): *Anacos da nosa cultura Refráns, adiviñas, lendas. Celebracións e oficios. Aparellos.* C.E.I.P. Veleiro do Campo (Castro Ribeiras do Lea). Curso 95/96-96/97. Citania Publicacións, Lugo 2000.

21312 AMIGO GONZÁLEZ, Ana I.: *Pequena contribución á fraseoloxía galega: mostras da comarca ancaresa.* Inédito. Información recollida en Vilanova do Pedregal (Cervantes).

21602 Información recollida en Goá (Cospeito) por Mª Xesús Anido Silvosa.

22101 CORTIÑA VÁZQUEZ, Serafín: *Anotaciones sobre el léxico de Gonce (Friol) Memoria de Licenciatura.* Universidade de Santiago de Compostela. Sen data.

22213 Información recollida por PÉREZ LÓPEZ, Segundo no Buriz (Guitiriz) e citada por COLECTIVO AMENCER (Alumnos R(eal) S(eminario de) S(anta) C(atalina) de Mondoñedo; RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel (ed.)) (1999): *A carón do lume Recolla de literatura popular dos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo*. Lugo: Citania publicacións.

22714 Información recollida en Lugo (Lugo) por Juan José Cancio Da Cunha.

22806 Información recollida en Seixosmil (Meira) e citada por OTERO, Aníbal (1949-1967): *Vocabulario de San Jorge de Piquín* (Anejo 8, 1977 de *Verba, Anuario Gallego de Filología*). Universidad de Santiago de Compostela. Cfr. tamén "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* IV-XXII, 1949-1967. [Os díxitos 6-7 indican o fascículo, os díxitos 7-8 o ano de publicación e os tres últimos a páxina].

22910 NORIEGA VARELA, Antón (1920): Material etnolingüístico publicado na sección "Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia", en *Nós* 1,1920,16-17. Información recollida en Mondoñedo.

22919 Información recollida en Valiño (Mondoñedo) por Félix Méndez Nogueira e citada por COLECTIVO AMENCER (Alumnos R(eal) S(eminario de) S(anta) C(atalina) de Mondoñedo; RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel (ed.)) (1999): *A carón do lume Recolla de literatura popular dos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo*. Lugo: Citania publicacións. Material diverso de tradición oral.

22976 REQUEIXO, Armando (1994): "Sobre fraseoloxía galega: algunhas mostras da área mindoniense", en *Cadernos de lingua* 9,1994,89-110. Información recollida en Mondoñedo.

23008 RODRÍGUEZ, Xesús (1930): "Folklore da aldeia de Caneda, Concello de Monforte de Lemos", en *Nós* 73,1930,12-15/ 76,1930,76-77.

23104 Información recollida en Güimil (Monterroso) por Matilde Ferreiro Cabana.

23901 PALACIO SÁNCHEZ, José Antonio (1974 / 1985): *Notas sobre el léxico de Ferreira de Pantón (Lugo) Tesis de licenciatura.* Universidade de Santiago de Compostela. Julio de 1974. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela.

23911 Información recollida en Pantón e citada por ASOCIACIÓN XUVENIL "OS ESTRALOXOS" (2003): *Cántigas, ditos, alcumes da Ribeira Sacra.* Asociación Xuvenil "Os Estraloxos". Pantón: Concello de Pantón. [Os tres últimos díxitos indican a páxina]. Véxase máis en diante a referencia ORTELLE.

24002 PALLARES LÓPEZ, Manuel-Ramiro (1990): *Vocabulario do Concello de Paradela (Lugo)*. Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial.

24402 RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Sada: Ediciós do Castro. (Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos 35). [Os catro últimos díxitos indican o número de cantiga ou refrán e, por veces, a información que se cita está na correspondente nota ó final do libro].

25213 OTERO, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. (Anejo 8, 1977 de *Verba*, *Anuario Gallego de Filología*). Universidad de Santiago de Compostela. [Os cinco primeiros díxitos indican a localidade e os restantes a páxina].

26336 Información recollida por Xoán Montenegro Rey en Vilalba e citada por COLECTIVO AMENCER (Alumnos R(eal) S(eminario de) S(anta) C(atalina) de Mondoñedo; RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel (ed.)) (1999): *A carón do lume Recolla de literatura popular dos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo*. Lugo: Citania publicacións.

26406 Información recollida en Viveiro (Viveiro) e citada por CRESPO POZO, J. José Santiago (1979 / 1982 / 1985): *Nueva Contribución al Diccionario Castellano-Gallego*. Sada: O Castro 2/1979,3/1982,4/1985.

27001 REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1991): *A fala do norte da Terra Cha. Memoria de Doutoramento.* Universidade de Santiago de Compostela. Abril de 1991.

27003 Información recollida na Terra Cha e citada por RIELO CARBALLO, Isaac (1989): *Cancións galegas (Literatura Popular)*. Lugo: Recolleita, ordenación, limiar e notas por Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial.

30106 Información recollida en Paicordeiro e Roimelo (Allariz) por Xoán CarlosRodríguez Pérez.

30402 Información recollida en Avión (Avión) e citada por FERNÁNDEZ SENRA, Mariló e Xulio (1997): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense* Deputación de Ourense, 1997.

30403 Información recollida en Rubillón,Taboazas e Liñares (Avión) e citada por CORTIZO AMARO, José Luís (1998): *O ghallegho dos sete lughares O ghallegho que se falaba,e inda se fala, nos lughares de Rubillón, Taboazas, Liñares, Baíste, Penedo, Couso e Acebedo (concello de Avión, Ourense)*.Vigo: Edición do autor, 1998. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

33203 Información recollida en Gomesende por Xulia Mª Sierra Vaquero e citada por COL.MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Ed.A Nosa Terra.

33301 Información recollida na Gudiña por Xosé Rodríguez Cruz.

33903 FERNANDES DO PALHEIRO, Bieito (1935): *Refraneiro de Grou (Lobios)* en FERRO RUIBAL, Xesús (ed.) (2008): "Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10,2008,241-253.

34501 TABOADA CID, Manuel (1971 / 1985): *Vocabulario y Notas Etnográficas de La Mezquita. Tesis de* Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela. Febreiro de 1971. Citado tamén en GARCÍA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela.

34505 TABOADA CID, Manuel (1978): "Algunos aspectos de la vida material y espiritual de La Mezquita", en *Boletín Auriense* VIII,1978,149-163. III Etnografía.

35108 Información recollida en Ourense (Ourense) por Ruth María Losada Soto.

35122 Información recollida en Ourense (Ourense) por Mª Celia González Bermejo.

35133 LÓPEZ CUEVILLAS, F.; FDEZ.HERMIDA, V.; LORENZO, X. (1936): *Parroquia de Velle*. Seminario de Estudos Galegos. Compostela MCMXXXVI.

35501 Información recollida en Santa Marta de Moreiras (O Pereiro de Aguiar) e citada por RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, Xosé (1968): *Santa Marta de Moreiras* Castrelos, Vigo 1968.

37311 Información recollida en Cea (San Cristovo de Cea) por Rosa Mª Rodríguez Muñoz, e citada por COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Ed.A Nosa Terra.

38209 Información recollida en Verín e citada por CRESPO POZO, José-Santiago (1972 / 1979 / 1982 / 1985): *Nueva contribución a un vocabulario Castellano-Gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario*. Orense: Edit. La Región (tomo 1, 1972) / Sada: Ediciós do Castro (tomos 2,3 e 4, 1979,1982,1985 respectivamente).

38319 VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003) "Aproximación ó ´mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,79-116. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

39011 Información recollida por diversos informantes en Xinzo de Limia e citada por BLANCO, Milagros: *Refráns recollidos nos concellos de Xinzo de Limia e Sarreaus Traballo de Maxisterio*.

39406 Prieto, Laureano citado por RODRIGUEZ CRUZ, Xosé: *Polos roteiros da fala da Gudiña* (inédito) (Traballos diversos de Laureano Prieto sobre as terras da Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e O Bolo) (Terras da Gudiña, A Mezquita).

39455 RIVAS QUINTAS, Eligio; RODRÍGUEZ CRUZ, José (2002): *Terras das Frieiras*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2002. Información recollida na Terra das Frieiras. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

40108 Información recollida en Arbo por Pilar Leal Varela e citada por COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.

40307 Información recollida en Bretoña, Curro (Barro) por Xosé Manuel Corredoira Varela.

40607 EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO C.P. CASTRELO (1996): *A medicina popular*. Colexio Público de Castrelo, Cambados 1996.

40702 Información recollida en Couso (Campo Lameiro) por Isabel Valiño Ferrín.

41202 VIDAL MEIJÓN, Ana: *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade). Memoria de Licenciatura*. Universidade de Santiago de Compostela. Setembro de 1994.

41227 FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1946): "Máscaras y sermones de Carnaval en Cotobad" en *Revista de Dialectología y Tradiciones populares* II,1946,435-457. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

41504 Información recollida en Couselo (Cuntis) por Selva Touriño.

41739 Información recollida en Santa Mariña de Ribela (A Estrada) por José Barreiro Somoza e citada por VAZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003.

42213 ENRÍQUEZ SALIDO, Mª del Carmen (1974): *Léxico de O Grove.* Verba Anejo 3. Universidad de Santiago de Compostela 1974. Citado tamén en GARCIA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27, 1985 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

42507 MORGADE, Xosé Carlos (1996): *A Lama. Libro de cantigas.* A Lama: Concello da Lama 1996.

43210 Información recollida de Jesús Ferro Batallán en Grixó, Santa Cruz de Lamas (Moraña).

43214 Información recollida de Secundino Rodríguez Calvo na Bouza, Rebón (Moraña).

43220 Información recollida de María Ruibal Fernández na Bouza. Rebón (Moraña).

43317 Información recollida en Mos (Pontevedra) por Mª Xosé Álvarez Lago e citada por COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: Ed.A Nosa Terra..

43509 REY GONZÁLEZ, José (1913 / 1914): "Adagios Populares" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 79,1913,188-189 / 80,1914,211-212. Información recollida na Ramallosa (Nigrán).

43815 APARICIO CASADO, Buenaventura (1992): *A tradición oral en Poio Claves interpretativas.* Pontevedra, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

43920 Información recollida na Fraga do Rei, Oliveira (Ponteareas) por Julián Ucha González.

44002 Información recollida de María Socorro Lopo González en Caritel (Ponte Caldelas).

44008 Información recollida de Esperanza do Calviño en Caritel (Ponte Caldelas).

44034 Información recollida de Fina Martínez Ponte en Caritel (Ponte Caldelas).

44085 SÁNCHEZ PÉREZ, Santiago Damián: *Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.* Información inédita recollida en Ponte-Caldelas.

44248 PÉREZ JUSTO, Ana Isabel; PORTELA FARTO, Verónica Inés: *Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.* Información inédita recollida na Ponte Sampaio (Pontevedra).

44254 SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1942 / 1982): *Cancionero Musical de Galicia Reunido por Casto Sampedro y Folgar. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde* El Museo de Pontevedra. Reimpresión facsímile de la edición de 1942. La Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa",1982. Información recollida en Pontevedra.

44255 GÓMEZ, María; GONDAR, Tamara; GONZÁLEZ, Iria; PEÓN, María: *Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.* Pontevedra. Información inédita recollida en Pontevedra.

44508 Información recollida en Cesantes (Redondela) por Agostiño Lorenzo Fidalgo.

44914 Información recollida en Budiño, A Picoña e Soutelo (Salceda de Caselas) por Mª Concepción Míguez López e Luís Alonso Rodríguez

45012 Información recollida en Pesqueiras, Alxén, Lourido (Salvaterra de Miño) por Xosé Enrique Rodríguez Rodríguez.

45212 Información recollida en Graba (Silleda) por Juan Benito Filloy Rial e citada por VAZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003..

45500, Información recollida en Tui e Salceda de Caselas por María Dores Coto Rodríguez e Manuel Coto Rodríguez.

45515 Información recollida en Malvás (Tui) por Manuel Pumar Novás e citada por COSTA PÉREZ, Evelio et alii (1996): *A nosa tradición oral. Guía didáctica. Edición ó coidado de Evelio Costa Pérez, María Xosé Cerviño e Carme Lamela Villaravid*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1996.

45526 FERNÁNDEZ COSTAS, Manuel (1952): "Juegos infantiles en la comarca de Tuy" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VIII,1952,633-676. [Os tres últimos díxitos indican a páxina]. Información recollida en Tui.

45703 Información recollida en Vigo (Vigo) por María Edith Fernández Lopo

45746 Información recollida en Vigo (Vigo) por José Martínez González.

45766 Información recollida en Vigo (Vigo) por Rosa Mª Rodríguez Muñoz e citada por COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Vigo: Ed.A Nosa Terra.

45789 AULA DA TERCEIRA IDADE (VIGO) (1993): *Lembranzas de vellos*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Servicios Sociais. Xunta de Galicia. Información recollida en Vigo.

45804 Información recollida en Vilaboa (Vilaboa) por Aurelio Casal Blanco e citada por COL. MANUEL LEIRAS PULPEIRO; (MARTÍNEZ SEIXO, R. dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: Ed.A Nosa Terra.

49601 Información recollida en San Martiño de Figueroa (Terra de Montes). CRESPO POZO, P. José Santiago (1979 / 1982 / 1985): *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego*. Sada: O Castro, 2/1979.3/1982.4/1985.

5Astur BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (1993): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística. Tese de Doutoramento*. Universidade de Santiago de Compostela. Setembro de 1993, 363-364.

60023 CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero berciano*. León: Ediciones Lancia. [Os dous últimos díxitos indican a páxina].

ALOMO2 ALONSO MONTERO, Xesús et alii (1972): *Refrás da nosa xente*. Lugo: Ediciones Celta.

ALOMO3 ALONSO MONTERO, Xesús (1977): *Lengua, literatura e sociedade en Galicia*. Madrid, Akal, 60-63.

ALOPI ALONSO PIMENTEL, Emilio, Xesús e Sara (Equipo A.P.) (1975): *O clero na literatura Popular Galega. Cancioneiro e refraneiro*. Madrid: Akal Editor.

ANONI7 ANÓNIMO (1931): *"Refrás" n' O Gaiteiro de Lugo. Calendario Gallego pro ano 1931*.

ANTELO1 ANTELO DOCAMPO, Pilar; PENAS PATIÑO, Xaquín (1987): *As plantas*. Sada: Museo do Pobo Galego.

ARAU ARAÚXO, Mª dos Anxos et alii (Colectivo Seitura) (1985): *Lingua Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

BAS BAS, Begoña. Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina.

BLADO BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*. Vigo, Xerais; 2 vols.

BOUZA3 BOUZA BREY, Fermín: Papeis inéditos do arquivo da Real Academia Galega. Fondo Bouza Brey.

BRAN BRAN, M. de (MAROÑO MAÑÁ, José Antonio): Colaboracións varias n'*O Correo Galego*. Os díxitos localizan a data de publicación.

CABAN4 CABANILLAS, Ramón (1951): *Antífona da Cantiga Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo*. Vigo: Galaxia.

CAJARA CAJARAVILLE, M. (1983): *Debullando folklore*. La Coruña: La Voz de Galicia.

CARRA7 CARRÉ ALDAO, Uxío (2000): *Obra narrativa en galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.

CARRE0 CARRÉ, Leandro: "¡Aquel bó Paulos..! Agradecementos. Unha trasnada. Boa feira. Noite boa (Conto de Nadal). A caza de Xan. A primeira com unión. O carneiro negro. Conto de Reises". Contos publicados na revista *O Tio Marcos d'a Portela*. [Os catro primeiros díxitos indican o ano de publicación e os dous últimos o número da revista].

CARRE4 CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1977): *Diccionario galego castelán. A Cruña 1951,3ª* citado por OTERO, A. (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín* (Anejo 8, 1977 de *Verba*). Universidad de Santiago de Compostela. Passim. Cfr. tamén "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* IV-XXII, 1949-1967. [Os díxitos 7-8 indican o fascículo, os díxitos 9-10 o ano de publicación e os tres últimos a páxina].

CARRE5 CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Gramática Gallega* Moret. La Coruña.

CARREA1 CARRÉ, Lois (PAZ ROCA, M. Carmen ed.) (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1965)", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,129-141.

CARU C(ARUNCHO), R(icardo): "Cantares y refranes gallegos Recogidos directamente del pueblo port R.C." en *Diario de Avisos de La Coruña*. [Os oito díxitos indican o día, o mes e mailo ano].

CARVALHO CARVALHO COSTA, Alexandre de (1982 / 1983 / 1984 / 1985): *Gente de Portugal. Sua linguagem –seus costumes*. Edição da Assembleia Distrital de Portalegre. I(1,2,3),1982; II,1983;III,1984;IV, 1985. (O(s) primeiro(s) díxito(s) indica(n) o volume(e tomo); os últimos, a páxina).

CASAR1 CASARES, Carlos (1967[1] / 1991): *Vento ferido*. Vigo: Galaxia 1991.

CRESPO CRESPO POZO, P. José Santiago (1972 / 1979 / 1982 / 1985): *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario*. Orense: Edit. La Región (tomo 1, 1972) / Sada: Ediciós do Castro (tomos 2,3 e 4, 1979,1982,1985 respectivamente).

CUREN1 CURROS ENRIQUEZ, Manuel (1992): *Poesía Galega Completa de Manuel Curros Enríquez. Edición de Carlos Casares.* Vigo: Galaxia.

CUREN2 CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1880 / (1976) / 1910): *Aires d'a miña terra. Coleución de poesías gallegas c'un prólogo de D. José Ogea*; Ourense: Otero, A. editor, 1880,143-145. Citado por CATEDRA DE LINGUISTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega*. I. Vigo: Galaxia 1976,105-106. O poema 'Nocturno' tamén en *Suevia*. Habana, 3,1910,6.

CUREN5 RÚA FERRADÁS, Mª do Mar (1986): *A lingua de M. Curros Enríquez (Citando poemas soltos localizados nos periódicos da época). Memoria de Licenciatura.* Universidade de Santiago de Compostela. Novembro de 1986.

DRAG1 REAL ACADEMIA GALLEGA (1913-1928): *Diccionario Gallego-Castellano por la Real Academia Gallega.* A Coruña.

DRAG2 REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (GARCÍA, C. dir.) (1990): *Diccionario da Lingua Galega*. A Coruña: Real Academia Galega

DRAG3 REAL ACADEMIA GALEGA (GARCÍA, C.; GONZÁLEZ, M.; dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.

FERREAL FERREIRO ÁLVAREZ, José Elías (Xoel Ferral) (1966): *Tringueleos.* Orense: Editorial La Region.

FINGOI CENTRO DE ESTUDOS FINGOY (1972[2]): *Contos populares da provincia de Lugo*. Carballo Calero, Ricardo (ed.). Vigo: Galaxia. [Os díxitos indican a páxina].

FONSECA FONSECA LEBRE, José da: (1924): *Locuções e modos de dizer usados na província da Beira Alta apresentados sob a forma de diálogo*. Lisboa: Livraria Clássica Editora. [Os díxitos indican a páxina].

FRANCO FRANCO GRANDE, X.L. (1972[2]): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. Vigo: Editorial Galaxia.

GAITA CHUMÍN DE CÉLTEGOS e ROQUE D'AS MARIÑAS (1885-1889): Traballos varios sen sinatura na revista *Gaita Gallega* A Habana 1885-1889. [Os oito números indican o día, mes e ano (do século XIX); e os dous últimos indican a páxina.]

GARBA2 GARCÍA BARROS, M. (1976): *Aventuras de Alberte Quiñói*. Vigo, Castrelos MCMLXXVI. (Hai tamén cita nas pp. 282ss de CATEDRA DE LINGUISTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega.* I. Vigo: Galaxia).

GARSA GARCÍA SANZ, Angel (1993): *Plantas curadoras en el Camino de Santiago comunes al hombre y al ganado.* Lugo: Servicio Publicaciones. Diputación Provincial de Lugo.

GILBER GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel (1992): *O Liño*. Vigo: Ir Indo.

GOMEZFE GÓMEZ D'O FERROL, Xan (1883): "'O preiteante'. Relacion qu'un litigante chamado Farruco fai ô cura d'a sua parroquia d'o que lle sucedeu n-o Tribunal d'a Cruña o ano de mil oito centos trinta e sete" n'*O Tío Marcos d'a Portela* 10, 1884, p. 2-5. (O último número indica a páxina).

HARGUI HARGUINDEY, Henrique (1999): *A saquetiña da lingua.* Xerais: Vigo.

IBAÑEZ IBAÑEZ FERNANDEZ, José (1950): *Diccionario Galego da Rima e Galego-Castelán.* Madrid.

IGLEAR IGLESIAS, Bieito (1994): *Miss Ourense*. Vigo: Galaxia. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

LABAR1 LABARTA POSE, Enrique (1929 / 1995): *O Tío Miseria e outros contos.* (ed. de Lema Suárez, Xosé María e Varela Varela, Xosé Manuel. A Coruña: La Voz de Galicia 2002. Biblioteca Galega 120; n. 15.

LAMAS3 LAMAS CARVAJAL, Valentín (1884): *Un conto d'o Marcos* Conto gardado no arquivo da R.A.G. (carpeta de Leandro Carré). Publicado n'*O Tio Marcos d'a Portela*; 6.4.1884.

LEIRAS1 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1913): Manuscrito do arquivo da R.A.G. (caixa 210). Publicado con algúns pequenos erros no *Boletín de la Real Academia Gallega* 69,1913,227-228 / 70,1913,255 / 71,1913,275-276 /72,1913,290-293.

LEIRAS3 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1893): "Refranes gallegos no comprendidos en la colección del señor Saco y Arce ni en la publicada en la Revista GALICIA por el Sr. Valladares" (Publicados en la misma revista) en *Galicia, Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore etc*. 9,1893, 565-569; 10,1893,636-640; 12,1893,773.

LEIRAS5 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1918): "Cantares galegos" n'*A Nosa Terra*, nº 59, 1918, páx. 3.

LIS1 LIS QUIBÉN, Víctor (1964): "Cancionero médico de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XX,1964,203-227 e 333-388.

LLÓPIZ LLÓPIZ MÉNDEZ ESPERANTE (1955): *Refraneiro galego.* [Inédito que custodia o Museo de Pontevedra e ó que lle falta a portada, o prólogo e mailos primeiros fascículos temáticos (agricultura, albeitería, amigo, amor, apicultura e botánica); o primeiro folio numerado que se conserva é o 127]. [As citas proceden case todas de dous fascículos soltos que conteñen fraseoloxismos que maioritariamente son locucións].

LOPFE1 LÓPEZ FERREIRO, A. (1895): *O castelo de Pambre. Leenda do sigro XIV, por K.* Santiago: Imp. de Alende. [Os últimos díxitos indican a páxina].

LOPFE2 LÓPEZ FERREIRO, A. (1976): *O niño de pombas. Regalo á los suscriptores de El Correo Gallego.. por K.* Santiago: Tip. Galaica,55-63. Citado por CATEDRA DE LINGUISTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega. I.* Vigo: Galaxia. 1976,149-152. [Os últimos díxitos indican a páxina].

LOPFE3 LOPEZ FERREIRO, Antonio (1895 – 1985): *A Tecedeira de Bonaval: episodio da hestorea de Compostela no sigro XVI por ...* A Cruña: Andrés Martínez, 1895. Reed. Vigo : Edicions Xerais de Galicia; 1985 [Os últimos díxitos indican a páxina na edición de 1985].

LOPTA1 LÓPEZ TABOADA, Carme (1995): *Do falar e do escribir*. A Coruña: Fontel Edicións.

LOPTA2 LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, Mª do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* A Coruña: Galinova.

LOREN2 LORENZO FERNANDEZ, Xoaquín: *Cancioneiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Galaxia.

MANDI1 MANDIANES CASTRO, Manuel (1985): "O fiadeiro na Limia Alta", en *Grial* 90, 1985, 414-430.

MAREVA MAREVA, Xepe (1999): *Refráns galegos por orden alfabético. Sentencias - adaxios - aforismos - paremias.* Follato nº1. Palas de Rei: Edicións Lakinfil.

MASMA MASMA, Xan de (DELGADO LUACES, Patricio Val. Sisto (1899-1900 / (1993)): *¡A besta!*, en Rev. *Follas Novas*. La Habana 1899-1900. Reedición. Vigo: Galaxia.

MENFER2 MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1991[1]/(1992)): *Arraianos*. Vigo: Xerais.

MONTE000 MONTERO CARTELLE, Emilio (1981): *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)*. (Anexo 17, 1981 de *Verba*). Universidade de Santiago de Compostela. [Os díxitos indican a páxina].

MOREI1 MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Lugo: Edición do autor. [Os tres últimos ditos indican a páxina].

MURGUIA1 MURGUÍA, Manuel (1865): *Historia de Galicia*. Lugo: Soto Freire, 576.

NORI1 NORIEGA VARELA, A. (1928): *Como falan os brañegos*. A Cruña: Ed. Nós.

NORI2 NORIEGA VARELA, Antonio en REQUEIJO, Armando (1993): "A segunda serie de 'Como falan os brañegos' de Antonio Noriega Varela", en *Cadernos de lingua* 7, 1993, 93-98.

NOVOCOS NOVOA COSTOYA, Manuel (1908-1909): "Poesías varias", en *Aires d'a miña terra*. Bos Aires 1908-1909. (2º e 3º díxito indican o número da revista e os catro últimos o ano).

OLIVEI OLIVEIRA SIMÕES: *Estudos da língua pelos dizeres do povo.* 316-320, 350-360, 379-385, 418-424, 474-485.

ORTELLE: VAL VAL, Xosé: *Díxoo ou predicouno. Ditos Populares.* [Repertorio fraseolóxico inédito. Nova recadádiva moi ampliada do libro dirixido polo autor e que aquí figura coa sigla 23911].

PEREDA1 PEREDA ALVAREZ, José María (1953): "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega. Vocabulario y lenguaje figurado gallego", en *Douro-Litoral* (Porto), 5a.série, VII-VIII, 1953, 19-52.

PERZBA2 PÉREZ BALLESTEROS, J. (1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la Provincia de La Coruña. Tomo II*. Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas.Tomo IX. Madrid: Librería de Fernando Fé 1886. Reedición facs. Madrid: Akal editor 1979.

PERZBA3 PÉREZ BALLESTEROS, José (1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la Provincia de La Coruña. Tomo III*. Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas.Tomo XI. Madrid: Librería de Fernando Fé 1886. Reedición facs. Madrid: Akal editor 1979.

PERZPLA2 PÉREZ PLACER, Heraclio (1998): *Contos, leendas e tradiciós. Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer*. Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.179-292.

PIRES PIRES, Thomas (1892): *Setecentas comparações populares alemtejanas*. Espozende: Collecção Silva Vieira.

PLACLO PLACER LÓPEZ, P. Gumersindo (mercedario) (1929 / 1930): "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López", en *El Obrero de Nazaret* 16.1929 - 24.1930. [Os dous primeiros díxitos indican o número; e os outros dous, a páxina]. Reedición en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 143-171.

PRIETO5 PRIETO, Laureano (1948): "Cuentos de animales. A Gudiña e Ourense", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* IV,1948,123-148 Información recollida na Gudiña e Ourense.

RABA-GEG RÁBADE PAREDES, Xesús: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. [Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina].

RAMONE-GEG RAMONELL, Rosa: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. [Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina].

RAMSE COL.MANUEL LEIRAS PULPEIRO (MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.

RICO RICO VEREA, Manuel (1989): *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela*. Vigo: Galaxia.

RIVAS1 RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas Contribución al diccionario gallego.* Salamanca: Edit. Ceme.

RODAL RODRÍGUEZ ALONSO, Manuel (1995): *Vieiro. Diccionario didáctico galego.* Madrid: Ediciones SM.

RODCAS4 RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D. (1976): *Os dous de sempre*. Sant-Iago: Nós, vol. LXIII. Citado por CATEDRA DE LINGUISTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega*. I. Vigo: Galaxia,350-352.

RODGO1 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo I*. Vigo: Galaxia, XXIV. (O primeiro díxito indica o tomo e os tres seguintes a páxina).

RODGO2 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio, (1960): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. TomoII*. Vigo: Galaxia. (O primeiro díxito indica o tomo e os tres seguintes a páxina).

RODGO3 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio, (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo III*. Vigo: Galaxia. (O primeiro díxito indica o tomo e os tres seguintes a páxina).

RODLO1 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Xesús (1897 / 1899 / (1997)): *A cruz de salgueiro e outros relatos.* La Habana: Follas Novas 1897. / Lugo: Imp. de "El Regional" 1899. Reedición do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. (Cito polas páxinas e texto desta reedición).

RODLO7 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (1908-1909): "'As Papas' (conto) 'Un bico' (Poema)", en *Aires d'a miña terra.* Bos Aires 1908-1909. [A cita procede do número 17 de 1908].

ROME1 ROMERO CERDEIRIÑA, Ánxel (1926): "O karma de Farruco Filgueira", en *Lar* 24,1926, 1-40.

SACO1 SACO Y ARCE (1868 / 1967): *Gramática Gallega.* Lugo: Imprenta de Soto y Freire, 263-282. Reedición Orense: Gráficas Tanco (refráns nas pp. 215-232).

SACO2 SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881): *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por... Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid.* Vigo: Servicio de Publicacións. Diputación Provincial de Ourense, 1987. (Esta edición corresponde ó manuscrito que se estaba imprimindo en 1881 cando o autor morreu).

SARMI1 SARMIENTO, Martín. Citado por Llópiz Méndez, Vicente. Ver LLÓPIZ.

SCHU SCHUBARTH, Dorothé; SANTAMARINA, Antón (1948 / 1986 / 1987 / 1988 / 1993 / 1995): *Cancioneiro Popular Galego.* La Coruña: Fundación 'Pedro Barrié de la Maza. Conde de Fenosa', I (1984), II (1986), III (1987),IV-V (1988), VI (1993), VII (1995). [Os díxitos da nosa cita, sempre separados por /, indican respectivamente o volume, o tomo e maila cantiga].

SIMÕES SIMÕES, Guilherme Augusto (1986): *Dicionário de expressões populares portuguesas. Arcaísmos, regionalismos, calão e gíria, ditos, frases feitas, lugares comuns, aportuguesamentos, estrangeirismos e curiosidades da linguagem.* Lisboa: Perspectivas&Realidades. [Os números indican a páxina].

SOBREI SOBREIRA, Fr. Juan (1805 / 1979): *Papeletas de un Diccionario Gallego Edición y Estudio crítico por J.L. Pensado I. Texto*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

TABOA2 TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2. 2000. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

VALLA6 VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1970): *Cantigueiro Popular. Edición parcial do* "*Cantigueiro Popular*" *de 1867 e dun "Novo apéndice ô Cantigueiro Popular" de 1887 e mailas recollidas no Ribeiro na vendima de 1884.* A Cruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 1970 (citamos polo número de páxina).

VENTIN1 VENTÍN DURÁN, José Augusto (1942 / 2007): "Un... unha... na boca do pobo. Contos sen protagonista nomeado". Caderno 1. Recolleitados por J.A.V.D. Edición de Xesús Ferro Ruibal et alii… cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira, en *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral.* (Anexo 1, 2007, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Real Academia Galega, 341-400.

VENTIN2 VENTÍN DURÁN, José Augusto (1942 / 2007): "Un... unha... na boca do pobo. Contos sen protagonista nomeado". Caderno 2. Recolleitados por J.A.V.D. Edición de Xesús Ferro Ruibal et alii … cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira, en *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. (Anexo 1, 2007, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Real Academia Galega, 400-424.

VENTIN3 VENTÍN DURÁN, José Augusto (1942 / 2007): "Cantigueiro galego. Edición de Xesús Ferro Ruibal et alii… cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira", en *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. (Anexo 1, 2007, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Real Academia Galega, 265-335; 425-428.

VIDALRO1 VIDAL RODRIGUEZ, Manuel (1919 / 1920): "Contos", en *Ultreya* (1919) 2,22-24/4,64/5,79/6,93-95/7,111/8,126-128/9,141-143/10,156-158/11,172-175/11?,205-208. (1920) 14,218-222/17,267-272/18,282-283/19,298-304/20,318.

XERAIS1 ARES VÁZQUEZ, Mª Carme et alii (1993[4]): *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

XERAIS2 ARES VÁZQUEZ, Mª Carme et alii (1990): *Diccionario Xerais Castelán Galego de uso, frases e sinónimos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

XERAIS3 CASTRO MACÍA, Luís (1995): *Diccionario Xerais de Sinónimos. Termos afíns e contrarios*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

ZAMO ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia. [Os díxitos indican a páxina].

9. Referencia bibliográfica

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

A fraseoloxía do esperanto

Sabine Fiedler[1]

Geisteswissenschaftliches Zentrum. Universität Leipzig[2]

Se nos baseamos nas súas orixes, o esperanto pode clasificarse en tres grupos: en primeiro lugar, hai un grupo de unidades fraseolóxicas planificado, isto é, de unidades creadas conscientemente. Principalmente remóntanse a Zamenhof, o iniciador da lingua, quen publicou unha colección de refráns en esperanto, *Proverbaro Esperanta*, en 1910. Un exemplo é *Ne ŝovu la nazon en fremdan vazon* ("Non metas o nariz nos asuntos alleos"). En segundo lugar, moitas unidades fraseolóxicas entraron na lingua a través doutras moitas linguas. Este grupo comprende préstamos clásicos da tradución, sobre todo da Biblia, por exemplo *lavi al si la manojn* ("lava-las mans sobre un asunto") ó igual que préstamos *ad-hoc* que introduciron os falantes dende as súas linguas nai, máis ou menos de maneira espontánea. En terceiro lugar, hai unidades fraseolóxicas que teñen as súas orixes na lingua e na vida cultural da comunidade que a fala. Unha expresión como *Ne krokodilu!* ("Fala esperanto cando esteas entre falantes de esperanto!") só se pode entender co coñecemento sociocultural que ten o falante de esperanto. Descubriuse que a lingua planificada, o esperanto, co seu carácter aglutinador, coa súa orde libre de palabras e coa súa flexibilidade para formalas posúe os prerrequisitos para crear unidades fraseolóxicas estilisticamente atraentes e apegadizas. Unha análise de textos literarios, xornalísticos e tamén orais en esperanto revela que a súa fraseoloxía se emprega moito e que ós autores lles gusta modifica-las frases e as expresións idiomáticas conforme á situación textual.

Palabras clave: fraseoloxía, lingua planificada, esperanto, cultura, refráns.

On the basis of their origin, Esperanto phraseology can be classified into three groups: Firstly, there is a group of planned, i.e. consciously created phraseological units. They mainly go back to Zamenhof, the initiator of the language, who published an Esperanto Proverb Collection (Proverbaro Esperanta) in 1910. An example is Ne ŝovu la nazon en fremdan vazon *('Don't put your nose into sb. else's affairs [lit. 'vase']. Secondly, many phraseological units have entered the language through various other languages. This group includes classical loan translations especially from the Bible, e.g.* lavi al si la manojn *(cf. to wash one's hands of sth.) as well as* ad-hoc-loans *introduced by speakers from their mother tongues more or less spontaneously. Thirdly,*

Data de recepción 28/02/2010 Data de aceptación 22/06/2010

[1] Tradución de Rosa M.ª Amarelle Pereira, Beatriz Pérez Traseira e Belén Poutón Reboredo.

[2] Agradézolles ós críticos anónimos de CFG os comentarios tan útiles que fixeron do borrador deste artigo.

there are phraseological units which have their origin in the language and the cultural life of the speech community. An expression such as Ne krokodilu! *('Speak Esperanto when amongst Esperanto speakers!') can only be understood with an Esperanto speaker's socio-cultural background knowledge. It was found that the planned language Esperanto with its agglutinative character, free word order and flexible word formation possesses the prerequisites for creating stylistically appealing and catchy phraseological units. An analysis of literary and journalistic texts as well as oral communication in Esperanto reveals that its phraseology is widely used and that authors like to modify phrases and idioms according to the textual situation.*

Keywords: phraseology, planned language, Esperanto, culture, proverbs.

1. O esperanto como lingua planificada e os seus falantes

As linguas planificadas, tamén chamadas "linguas universais" ou "linguas (artificiais) auxiliares do mundo", son sistemas lingüísticos que se crearon conscientemente conforme a uns criterios definidos por un individuo ou un grupo de individuos co propósito de facer da comunicación internacional algo máis sinxelo (Wüster 1931). O número de linguas planificadas ascende xa case a 1000, estando nas intencións do autor ideas tanto pacifistas coma nacionalistas (Blanke 2000).

A única lingua planificada que conseguiu levar a cabo a transición dun proxecto de lingua a unha lingua plenamente desenvolvida é o esperanto. Este proxecto comezouno o oculista xudeu L. L.Zamenhof en 1887. O exitoso desenvolvemento do esperanto débese ás súas propiedades lingüísticas e estruturais, pero sobre todo ós factores extralingüísticos (Janton 1993; Blanke 2009). O número de falantes anda entre os 500.000 (Pool; Grofman 1989:146) e os 3.5 millóns (Blanke 1989:157). Están conectados a través dunha rede de comunicación a nivel local, nacional e internacional que inclúe, por exemplo, a prensa independente, editoriais, organizacións, correspondencia, viaxes colectivas, reunións e congresos nos que só se fala esperanto e tamén programas de radio (Fiedler 2002). Hai máis dun cento de publicacións periódicas; o catálogo das publicacións en esperanto do ano 2001 incluíu máis de 400 títulos, entre os que hai tanto obras orixinais coma clásicos universais.

2. Unidades fraseolóxicas en esperanto

2.1. Definición

Hai 5 características principais que definen as unidades fraseolóxicas (UUFF) (Fiedler 2007): a) polilexicalidade (teñen múltiples compoñentes); b) (relativa) estabilidade sintáctica e semántica; c) idiomaticidade (como unha característica potencial); d) lexicalización (como unidades de léxico xa feitas, o falante ou escritor non as crea dun xeito produtivo senón que as reproduce); e por último, e) connotacións estilísticas e expresivas. Estes trazos pódense verificar para a fraseoloxía do esperanto. Ademais, a maioría das UUFF do esperanto caracterízase polas súas calidades eufónicas (ritmo, rima e aliteración).

No caso de b), a estabilidade sintáctica e semántica, hai que ter en conta que é un criterio relativo, xa que as UUFF varían dentro duns límites definidos. No esperanto, a

marxe de variación semella ser maior ca nas linguas naturais pois hai variacións tanto estruturais coma léxicas, por exemplo:

froti la manojn/froti siajn manojn/froti al si la manojn: "frega-las mans".

demeti/levi la ĉapelon: "quita-lo sombreiro/levanta-lo sombreiro".

Normalmente acéptanse estas variacións, xa que o esperanto se usa como lingua estranxeira nunha comunidade de falantes internacionais. Aínda hai un terceiro tipo de variación, os sinónimos fraseolóxicos, que posúen contidos idénticos ou similares, pero que se forman con expresións diferentes, baseadas en imaxes diferentes. Posto que o esperanto conta cunha ampla variedade de influencias etnolingüísticas ten tamén unha gran cantidade de sinónimos. Compárense, por exemplo, os seguintes refráns en esperanto, que significan basicamente que "unha causa insignificante pode ter consecuencias moi serias":

Unu fajrero estas sufiĉa por eksplodigi pulvon: "Unha chispa abonda para que estoure a pólvora".

Pro najleto bagatela pereis ĉevalo plej bela: "Por causa dun craviño morreu o cabalo máis belo".

Ofte de kaŭzo senenhava venas efiko plej grava: "Unha causa insignificante a miúdo produce un efecto moi importante".

Unukopeka kandelo forbruligis Moskvon: "Unha candea dun *kopeck* fixo arder Moscova".

De malgranda kandelo forbrulis granda kastelo: "Por causa dunha pequena candea ardeu un castelo enteiro".

Unu fava ŝafo tutan ŝafaron infektas: "Unha ovella rabuda estragará todo o rabaño".

Unu ovo malbona tutan manĝon difektas: "Un mal ovo bota a perde-la comida toda".

2.2. Clasificación

Hai diferentes formas de clasifica-las UUFF. Se se segue unha clasificación estrutural e semántica, os seguintes tipos de UUFF son especialmente relevantes para o esperanto:

a) Compostos nominais : *acida pluvo* ("choiva ácida"); *rondo familia* ("círculo familiar"), o nome que Zamenhof lles deu ós falantes de esperanto.

b) Refráns: *Peko kaj eraro estas ecoj de l'homaro* ("O pecado e o fracaso son características do ser humano"); *Kiu amas la liton, ne akiros profiton* ("O que ama a cama non obtén beneficios").

c) Ditos: *transiri la Rubikonon* ("atravesa-lo Rubicon"); *balai ion sub la tapiŝon* ("varrer algo para debaixo da alfombra").

d) Ditos célebres: *Ĉu esti aŭ ne esti…* ("ser ou non ser"); *per flugiloj de facila vento* ("nas ás dunha brisa"), cita de Zamenhof.

e) Bimembracións: *Paso post paso* ("paso a paso"); *jen kaj jen* ("aquí e aquí", compárese con "aquí e acolá" / "agora e antes").

f) Construcións fixadas con verbos funcionais (verbos parafrásticos): *tiri konkludojn* ("tirar conclusións"); *doni atenton* ("prestar atención").

g) Fórmulas comunicativas: *Kion fari?* ("Que se pode facer?"); *Jam temp'está!* ("É cuestión de tempo").

Unha clasificación referida ós diferentes tipos específicos de constituíntes fraseolóxicos, por unha banda, verifica as propiedades fraseolóxicas universais, tales como a alta frecuencia de UUFF con partes do corpo, ás que se lles chama somatismos: *mano en mano* ("man en man"); *rompi al iu la koron* ("romperlle o corazón a alguén"). Por outra banda, ó considera-los adxectivos de cores e os nomes de animais como constituíntes fraseolóxicos, pódense identificar algúns trazos distintivos da fraseoloxía do esperanto que están condicionados pola cultura. A cor "verde" asociouse ó esperanto dende os seus inicios e a bandeira e a estrela verdes son símbolos da lingua. Pódese escoita-la expresión *Verda popolo* ("a xente verde") para identifica-los falantes de esperanto. Outro exemplo é *verda papo* ("papa verde"), un termo humorístico que se emprega para designar a quen é hipercorrecto e lle gusta criticar "un uso pecador da lingua" doutros falantes.

As peculiaridades do esperanto como unha lingua planificada esixen a necesidade de clasificación das UUFF baseándose na súa orixe. Pódense distingui-los tres grupos seguintes (Fiedler 1999):

a) O grupo máis grande está formado por aquelas unidades que entraron na lingua a través doutras linguas. Trátase de préstamos da mitoloxía grega e da Biblia, que hoxe en día son parte dos refráns que máis se espallaron (ex. *Mano manon lavas*, véxase o latín *Manus manum lavat*). Unha unidade como *enverŝi oleon en la fajron* ("botarlle leña ó lume") coñécese tanto nas linguas europeas coma no chinés (Schu 1985:93).

Ademais, cada falante introduce, dun xeito máis ou menos espontáneo, expresións das súas linguas nativas que poden ter recoñecemento internacional (préstamos *ad-hoc*). Poden te-lo carácter de formacións ocasionais e mostrar similitudes moi evidentes coas que son as súas bases etnolingüísticas, como acontece nos seguintes exemplos:

En 1867 Usono aĉetis de Rusio Alaskon por 7,2 milionoj da dolaroj. Multaj opiniis, ke tio estis mono ĵetita al la vento ("Monato" 4/96, p. 22; autor ruso): En 1867 os Estados Unidos compráronlle Alasca a Rusia por 7.2 millóns de dólares. Moita xente creu que era tira-los cartos polo vertedoiro (lit. "cartos tirados ó vento"); véxase o ruso *бросать деньги на ветер.*

Tiu batalo levis sian kurtenon per akuzoj pri falsaj insekticidoj, semoj, cigaredoj kaj vinoj ("El Popola Cinio" 12/90, p. 23): Esta batalla comezou (lit. "subiu o pano") coas acusacións de insecticidas falsos, sementes, cigarros e viño"; véxase o chinés *kai mu*.

Este grupo de unidades fraseolóxicas desenvolveuse especialmente grazas á posición do esperanto como medio de comunicación nunha comunidade cunha segunda lingua que está en contacto permanente coa maioría das diferentes linguas naturais e tamén grazas ás propiedades da súa estrutura lingüística que favorece a adopción de material léxico alleo. Hai paralelismos evidentes cos fenómenos de contacto lingüístico nos falantes bilingües, como se describiron para a fraseoloxía do sorabo, por exemplo, (Wölke 1992) ou do alemán falado por unha minoría en Hungría (Földes 1996). As influencias no esperanto son moito máis internacionais do que o son nas linguas mencionadas.

b) O segundo grupo representa unha peculiaridade da fraseoloxía dunha lingua planificada: a creación consciente de unidades. A maioría destes refráns "planificados" remóntanse a Zamenhof, que publicou unha colección de refráns, o *Proverbaro Esperanta* ("Colección de refráns do esperanto") en 1910 baseándose nunha colección de refráns enumerada e comparada en ruso, polaco, alemán e francés polo seu pai, Marko Zamenhof. Contiña unidades como *Ĉio transmara estas ĉarma kaj kara* ("Todo o de máis alá do océano / alá lonxe é precioso e benquerido") ou *en la triĵaŭda semajno* ("na semana de tres xoves" = nunca) que son moi coñecidas polos falantes actuais de esperanto. Non obstante, algúns estudos revelan que só unha pequena parte das 2.630 unidades desta compilación (ó redor do 7%) se poden considerar amplamente coñecidas pola comunidade de falantes. Isto amosa as limitacións dos procesos de planificación dunha lingua funcional tamén planificada (Schubert 1989).

c) O terceiro grupo está composto de refráns que teñen a súa orixe na lingua e na vida cultural da comunidade esperantista. Estes reflicten a historia comunicativa do esperanto, as súas características sociolóxicas, os ideais e os obxectivos que perseguen os falantes, as tradicións e tamén a literatura, como o demostran os seguintes exemplos:
esperanto – edzperanto: esperanto – marido – sustentador/casamenteiro.

Ne krokodilu!: lit. "non sexas un crocodilo" = fala esperanto cando esteas entre falantes de esperanto; advertencia amigable que se fai nas reunións de esperanto como expresión de lealdade lingüística.

La nepoj nin benos: "Os nosos netos/descendentes abenzoarannos"; unha cita do famoso poema *La Vojo* de Zamenhof.

Este tipo de UUFF é especialmente interesante xa que estas expresións só as poden entender falantes de esperanto que dispoñan dun coñecemento sociocultural de fondo. Xa que logo, desmenten a tese de que unha lingua planificada *carece* necesariamente de cultura e poden supoñer un novo paso no seu desenvolvemento (Blanke 2000).

As liñas divisorias entre os tres grupos (a, b, c) poden non estar moi claras, xa que ás veces é difícil descubrir se hai unha estrutura modelo nas linguas naturais.

2.3. Principais características

A gramática do esperanto proporciona unha boa oportunidade para crear UUFF expresivas e apegadizas, especialmente refráns. Zamenhof, por exemplo, fai un extensivo uso dunha serie de correlativos en esperanto, as chamadas palabras cruzadas. Este é un subsistema cerrado que permite formar con normalidade 45 pronomes e adverbios mediante referencias cruzadas nunha táboa (Fiedler 2006). O seu uso en refráns produce estruturas paralelas incluíndo modelos como *kiu(n) ... tiu(n), kio(n) ... tio(n), kie(n) ... tie(n), kiam ... tiam, kies ... ties* etc.:

***Kiu** kaĉon aranĝas, **tiu** ĝin manĝas*: "O que fai a desfeita (lit. 'prepara o caldo') ten que arranxala (lit. 'comelo')".

***Kion** mi ne scias, **tion** mi ne envias*: "O que non coñezo, non o cobizo".

***Kie** regas la forto, **tie** rajto silentas*: "Onde o poder impera non existen dereitos".

Outra característica estilística é a orde enfática das palabras. Sintacticamente, o esperanto pertence ó chamado tipo SVO, ó que pertencen as linguas romances, as xermánicas e as eslavas. O feito de que exista un acusativo marcado (*-n*) e tamén varios recursos flexivos permite unha gran liberdade na orde das palabras. O tipo de inversión estílistica máis frecuente nos refráns é o uso do obxecto directo antes do verbo:

***Urson** evitu, **bopatrinon** ne incitu*: "Evita o oso, non provóque-la sogra".

***Arbon** oni juĝas laŭ la fruktoj*: "Unha árbore xúlgase polos seus froitos".

Posto que os epítetos están normalmente situados antes do nome, cambiar esa orde resulta enfático:

*Kapo **majesta** sed cerbo **modesta***: "Cabeza maxestuosa, pero cerebro modesto".

*Amiko **fidela** estas trezoro plej **bela***: "O verdadeiro amigo é o tesouro máis preciado".

Ademais, pódense atopar verbos e adverbios en posición inicial: ***Siriĝis** fadeno sur la bobeno* ("rompeu o fío do nobelo" = 'algo acabou mal'); *Ĉe tablo malplena babilo ne fluas* ("nunha mesa baleira a conversación non flúe"). Mesmo se pode cambia-la orde esperada do auxiliar e do verbo principal:

Pri gustoj oni disputi ne devas: "Sobre gustos non se pode discutir"; orde non marcada: *oni ne devas disputi*.

Kiu mordi ne povas, kisi ekprovas: "O que non pode morder, intenta bicar"; orde non marcada: *Kiu ne povas mordi, ekprovas kisi*.

Por último, podemos atopar unha combinación dos diferentes tipos de inversión estilística:

Azenon komunan oni batas plej multe: "Ó burro é ó que máis se lle bate"; obxecto directo ó inicio + inversión do epíteto e do nome.

Murmuregas la urso, sed danci ĝi devas: "Inda que o oso refungue ten que bailar"; verbo ó inicio + inversión do auxiliar e do verbo principal *(sed ĝi devas danci).*

O ritmo dos refráns do esperanto recórdanos con frecuencia equivalencias noutras linguas:

Aliaj tempoj, aliaj moroj: "Outros tempos, outros xeitos"; véxase o inglés *Other times, other manners*.

Kiu groŝon ne respektas, riĉecon ne kolektas: "O que despreza un céntimo non se fará rico"; véxase o alemán *Wer den Pfennig nicht ehrt, ist des Talers nicht wert*.

Mentres que o acento fixado na penúltima sílaba das palabras pode impoñer unha restrición na creación de refráns eufónicos no esperanto, pódese empregar un sistema de formación de palabras flexible e produtivo (os sufixos sinalan a categoría gramatical) para facelos estilisticamente interesantes:

Inter lupoj kriu lupe: "Entre lobos, berra coma un lobo"; lit. "loba-mente", *-e* é a marca dos adverbios.

Langa vundo plej profunda: "As feridas causadas pola lingua (i.e. por palabras) son as máis profundas"; lit. "lingu-ais", *-a* é a marca dos adxectivos.

A rima é a característica estilística máis rechamante dos refráns do esperanto. A maioría dos refráns que riman caracterízanse pola rima pura tradicional con acento na penúltima sílaba:

Jen la tubero en la afero: "O asunto ten un nó" = 'Hai algún problema con el.'

Ne ŝovu la nazon en fremdan vazon: "Non méta-lo nariz en asuntos alleos", lit. "vaso".

As rimas de sufixos tamén se poden atopar na colección de Zamenhof (ex. *Ĉiu estis junulo, ĉiu estis pekulo*: "Quen foi novo, foi pecador"; o sufixo *-ul* expresa personificación). Hoxe en día, non obstante, este tipo de rima, chamada *adasismo* no esperanto, é rexeitada (Sutton 2008:34).

As características descritas neste apartado fan que as unidades fraselóxicas, especialmente os refráns, sexan expresivas e apegadizas e aseguran que se poidan recoñecer e memorizar. Debido a estas características a mera alusión a un refrán adoita ser suficiente para evoca-lo refrán enteiro.

3. Fraseografía

A aplicación do esperanto en diferentes medios de comunicación supuxo a expansión léxica que se pode documentar comparando dicionarios:

Unua Libro: 904 morfemas

Universala Vortaro: aproximadamente 2600 morfemas

Plena Vortaro (Grossjean-Maupin et alii, 2.ª ed.): 6900 morfemas + 5000 palabras compostas

Plena Ilustrita Vortaro (Waringhien): aproximadamente 15.250 morfemas (ó redor de 45.000 entradas incluíndo palabras compostas e derivados)

La Nova Ilustrita Vortaro: aproximadamente 17.000 morfemas (ó redor de 47.000 entradas)

Estes dicionarios monolingües, coma a maioría de moitos dicionarios bilingües (Ockey 1982; Haupenthal 1991), inclúen un gran número de UUFF. Ademais, hai ó redor de 20 colecciónsn e dicionarios fraseolóxicos especializados en esperanto.

4. Uso de UUFF no esperanto

Unha UF produce o seu completo efecto comunicativo só nun contexto situacional específico. Realizáronse extensas análises textuais de diferentes medios de comunicación, incluíndo textos escritos e orais, que ilustran as funcións das UUFF. Mostran que unha UF adoita ser moito máis que un ornamento adicional para facer un texto máis atractivo, pois constitúe o significado do texto e desenvolve a súa coherencia. Ademais, non se debería subestimar que, ó usar unidades lingüísticas xa feitas, diminúe o esforzo cognitivo.

4.1. Textos xornalísticos

Unha peculiaridade das ocorrencias fraseolóxicas nos xornais de esperanto é o frecuente uso de sinais metacomunicativos, que poden ser interpretados como unha expresión da desenvolvida consciencia lingüística dos falantes. Os autores introducen un comentario nos ditos e refráns que usan ou aplican comas invertidas como método de sinalización. Ó faceren isto, queren indicar que a pasaxe seguinte ou precedente difire do resto do texto e ten que ser entendida metaforicamente:

(...) ***diras angla proverbo*** *ke kiam oni manĝas kun la diablo, oni uzu tre longan kuleron!* ("Esperanto" 4/01, p. 71): "(…) un refrán inglés di que aquel que cea co demo debe ter unha culler moi longa".

Ĉina proverbo tekstas*, ke skeletuloj ne dikiĝos post unu satmanĝo.* ("Monato" 1/95, p. 8): "Un refrán chinés di que os esqueletos non engordan despois dunha soa enchente".

La Akademio sub nova gvidantaro kompletigas unu jaron da agado, kaj kvankam eble estas tro frue por konstati ĉu ***"****nova balailo bone balaas****"****, certe montriĝis (...)* ("Esperanto" 12/96, p. 213): "A Academia completa un ano de traballo baixo unha nova dirección, e inda que se cadra é moi cedo para dicir se 'unha nova vasoira varre ben', demostrouse claramente (...)"

Outra característica é a alta porcentaxe de UUFF modificadas. Ós autores gústalles alteralas segundo a situación textual, dando como resultado, por exemplo, prolongacións con elementos léxicos adicionais que fan referencia ós tópicos tratados nos textos:

En Irano – obstino, espero kaj pacienco ("Esperanto" 1/91, p. 4)

Nur rektametode kaj ne flankiĝante ("Esperanto" 2/92, p. 37)

Ámbolos dous titulares son liñas modificadas do poema *La Vojo,* xa mencionado. O primeiro texto co engadido *En Irano* trata do esperanto en Irán, mentres que no segundo exemplo a liña orixinal *Nur rekte, kuraĝe kaj ne flankiĝante* ("directamente,

con valor e sen desviación") cambiouse por *Nur rektametode* ("de xeito directo") nun texto que trata de métodos para ensinar linguas.

Da mesma maneira, ó le-lo título dunha crítica dun libro *Por ke romano estu klasika ...* ("Esperanto" 3/92, p. 54) ("Para que unha novela sexa clásica...") un falante de esperanto asociarao ó famoso slogan de Zamenhof *Por ke lingvo estu tutmonda ne sufiĉas nomi ĝin tia* ("Para que unha lingua sexa internacional, non abonda con llo chamar").

Ademais descubrimos que os títulos das críticas aluden lingüisticamente ós libros dos que tratan, ex.:

> *Kredu nin, gejunuloj!*: "Crédenos, xente nova!" ("Literatura Foiro" 2/94, p. 19); alusión a *Kredu min, sinjorino* ("Créame, señora"), un clásico da literatura do esperanto (ver 4.3)[3]
>
> *Ĉu li verkis sufiĉe?*: "Escribiu de abondo?" ("GEJ-Gazeto" 5/81, p. 35); alusión a unha colección de novelas de J. Valano, tituladas cunha construción semellante, ex. *Ĉu vi kuiras ĉine?* ("Cociñas ó modo chinés?"), *Ĉu ni kunvenis vane?* ("Coñecémonos en van?").

Xogar con nomes propios é outro recurso coñecido. No exemplo *Pli bone karoli piĉe ol paroli kiĉe* ("Esperanto" 4/91, p. 73) ("Mellor coma Karel Pič que falar de maneira estrafalaria") atopámonos coa versión modificada do nome Karel Pič, un escritor do esperanto que era coñecido por usar conscientemente a linguaxe de forma anómala. O seu primeiro nome convértese nun adverbio e o apelido nun verbo co fin de producir un quiasmo con *paroli kiĉe*. Este exemplo amosa o lonxe que pode chega-la manipulación de UUFF. Só haberá unha base fraseolóxica cando o lector recorde a estrutura, o ritmo e a rima da fórmula coma as características principais dun refrán. Como amosa este exemplo, as características lingüísticas do esperanto, especialmente a súa estrutura aglutinante, a orde libre das palabras e o sistema flexible de formación de palabras, permiten e incluso fomentan a creatividade persoal no uso cotián.

4.2. Comunicación verbal

Nos textos orais (conferencias, debates, entrevistas, conversacións cotiás) as UUFF utilízanse frecuentemente con fins argumentativos, o que pode ter relación coa intención do falante de demostra-la súa competencia na lingua estranxeira. As variantes estruturais e léxicas utilízanse moito máis ca nos textos escritos. Na comunicación oral repetir unha UF do outro interlocutor é un instrumento moi usado para asegura-la cooperación ou o apoio ou para aliviar tensións durante debates (Fiedler 2002:67), como se pode ver no seguinte exemplo:

> (…) *Kiel vi vidas, mia nomo estas la lasta sur la tagordo. Kiel la germanoj diras:* ***La lastan mordas la hundoj****. Do, verŝajne mi devos rezigni aŭ mallongigi mian prelegon*: "Como ves, o meu nome é o último da axenda. Como din os alemáns: **Os**

[3] Vale a pena mencionar aquí que hai unha serie de palabras tabú e expresións insultantes do Esperanto por Renato Corsetti et alii (1987) que é moi coñecida entre os falantes do Esperanto. O seu título alusivo é *Knedu min, sinjorino!* ("Apálpeme, señora!") (véxase a bibliografía).

cans morden ó que queda de último. Polo tanto, se cadra terei que retirar ou abrevia-la miña presentación".

(…)

Mi pardonpetas ke mi legas mian prelegon, sed se mi libere parolas aliel tiuj hundoj eble komplete detruos D: "Sinto le-lo meu discurso pero se falo sen apuntamentos se cadra aqueles cans destrúen a D. totalmente". (Zagreb, 27 de xullo de 2001) Dito por oradores alemáns e americanos; o auditorio reacciona rindo.

A tendencia dos falantes de esperanto a usar manipulacións que anovan a lingua e xogos de palabras en situacións informais, a miúdo inclúe o uso de UUFF. Compare os seguintes dous "lapsos":

Mi pensis, ke vi (...). Nu, ne gravedas!: "Pensei que ti […]. Ben, non está preñada!"; comp. *Ne gravas* ("non pasa nada") (Viena, 25 agosto 1998).

Veni, vidi, vici!: "Cheguei, vin, fixen cola" (Viena, 25 agosto 1998); comentario dun falante alemán nun buffet frío.

Outra característica dos textos orais é a alta frecuencia de fórmulas comunicativas destinadas a estrutura-lo diálogo, á autocorrección e ás relacións entre interlocutores: *ŝajnas al mi* ("Paréceme"); *ni diru* ("Digamos"); *ĉu ne* (comparable coas *question tags* do inglés).

4.3. Textos literarios

É nos textos literarios onde se demostra con máis eficacia o potencial connotativo das UUFF. As UUFF utilízanse neste caso para caracteriza-las figuras literarias (no chamado retrato lingüístico). Comparemos, por exemplo, as expresións da xerga que utiliza o protagonista da obra de Trevor Steele *Heroo de nia epoko* (*Un heroe dos nosos tempos*) (1992), en contraste co estilo do narrador no último exemplo:

Kiel aŭtentika proleto li celis, ke liaj gefiloj ne devu ***ŝovadi merdon****, lia ŝerca aludo al la peza laboro de segejisto* (p. 66): "Coma un auténtico proletario estaba condicionado a que os seus fillos non debían **pisar merda**, aludindo así con humor ó gran esforzo dun traballador do serradoiro".

"Dolĉulino," li diris, ne flustrante, "se vi volas ĝisfreneze ***ludi trajnon kaj tunelon****, venu poste al la Motelo Du Cedroj, ĉambro 9 kaj (...)."* (p. 83): " 'Rula', dixo sen bisbar, 'se queres **xogar ós médicos ata tolear**, achégate máis tarde ó motel Dous Cedros, cuarto 9 e […]' ".

"(...) Povra olda pisulo, li ***kakis la lastan fojon****."* (p. 85): […] "Pobre vello cabrón, **cagou por última vez**".

Miaj gepatroj jam delonge vendis la butikon, iom loĝadis ĉe la vapore humida marbordo, kaj transiris al sia Kreinto (p. 78): "Meus pais venderan a tenda, viviron un tempo na húmida costa e levounos Deus."

Na súa novela *Kredu min, sinjorino!* (1950), Cezaro Rossetti conta a historia dun vendedor ambulante con éxito, que é moi elocuente mais non é moi meticuloso coa

calidade dos produtos que oferta. Isto reflíctese na linguaxe do protagonista, sobre todo nas súas terxiversacións pícaras e parodias dos refráns:

> *Neniu jam bedaŭris renkonti Martin Vernon: vi vidos. Per la vortoj de Julio Cezaro, kiam li ĉarpentis la Trojan ĉevalon: Veni, vidi, vici, - la mondo estas nia ostro, kaj ni elprenos la perlon!* (pp. 95-96): "Ninguén se negou nunca a coñecer a Martin Vernon: mira. Nas palabras de Xulio César cando fixo o cabalo de Troia: Veni, vidi, vici - o mundo é a nosa ostra e sacarémoslle a perla".

> *Eĉ Kolumbo ne konstruis Amerikon en unu tago, sed detaloj estas ja nur detaloj: ne zorgu.* (p. 97): "Nin sequera Colón fixo América nun día, pero os detalles só son detalles, non te preocupes".

Ademais, o autor escolleu refráns e usounos como subtítulos para anuncia-los contidos dos capítulos individuais da novela:

> *Ne gutas mielo el la ĉielo* (p. 21): "O mel non cae do ceo".

> *Virina rideto pli kaptas ol reto* (p. 77): "O sorriso dunha muller cativa máis ca unha rede".

> *Petro rifuzas, Paŭlo ekuzas* (p. 79): "Pedro refusa, Paulo usa".

> *Plej bone ridas, kiu laste ridas* (p. 203): "O que ri de último, ri mellor".

> *Du botoj faras paron* (p. 226): "Dous zapatos fan un par".

Pódese atopar na sátira de Jorge Camacho *La Majstro kaj Martinelli* (1993) un admirable exemplo dun retrato lingüístico baseado en refráns. Aquí o protagonista, Georg Silber, quere gañar gloria literaria coa axuda do demo, coñecido como profesor Emèric Orszag. Este último utiliza bastantes refráns:

> *Koncerne Kamaĉon, longe ŝtelas ŝtelisto, tamen fine li pendos, ĉar kiu kaĉon aranĝas, tiu ĝin manĝas, kaj kiu havas malican celon, ofte perdas sian propran felon!* (p. 16): "Con respecto a Kamaĉon: un ladrón rouba durante moito tempo, pero finalmente será detido e aquel que fai o caldo ten que comelo e o que ten un obxectivo malicioso adoita perde-la pel".

Como é propio nas sátiras, este retrato lingüístico é moi esaxerado e grotesco. O excesivo uso de refráns, que pode interpretarse coma un símbolo de "experiencia en calquera situación" ou "o monopolio da sabedoría", contrasta co uso elitista da linguaxe que emprega o protagonista.

5. Desenvolvemento adicional

A investigación sobre o esperanto dáno-la oportunidade de observar unha lingua, coma se estivese nun laboratorio, dende o momento da súa creación ata o momento actual. Posto que se transformou nunha lingua real grazas ó uso práctico, o esperanto non pode evitar sufrir cambios lingüísticos. O desenvolvemento dun nivel diacrónico, como xa predixo para as linguaxes planificadas Ferdinand de Saussure (1916:111), pódese verificar tamén no terreo da fraseoloxía. Unha análise de textos históricos mostra algunhas expresións que gozaron de popularidade nos primeiros tempos do esperanto e xa se deixaron de usar, como *kavaliro de la verda stelo* ("cabaleiro da estrela verde"

por "esperantista") e outras que se difundiron só durante algunha etapa relacionada con certas campañas ou grupos de falantes, por exemplo *talpa laboro* ("traballo de toupas" = 'traballo torpe/chambonada[4]').

Hoxe en día hai moitas posturas diferentes canto á adopción e ó uso de novas UUFF na comunidade de falantes. Por unha parte, os falantes do esperanto están sempre interesados en garanti-las condicións necesarias para a comunicación entre culturas por medio da linguaxe planificada co obxectivo de asegura-la súa existencia e diseminación. Este empeño ten un efecto sorprendente na adopción e uso de novas UUFF e ten que ver parcialmente co intento de conserva-lo "legado Zamenhof" (ex. o *Proverbaro Esperanta*). Por outro lado, hai un esforzo por consegui-la variedade fraseolóxica para amosar que o esperanto está capacitado para progresar e expresarse da mesma maneira que as linguas naturais, actitude esta que apoia a aceptación de material léxico alleo. O desenvolvemento da fraseoloxía do esperanto sucede nun espazo de tensión entre estes dous puntos de vista contrarios.

6. Comentarios finais

Os estudos sobre a fraseoloxía do esperanto descobren varias características principais da natureza e funcionamento das linguas planificadas. Entre estas están os factores, tanto intencionados coma espontáneos, que inflúen na súa evolución, os datos empíricos relacionados co seu desenvolvemento dinámico e independente en función dunha norma lingüística e, por último, a análise das características culturais reflectidas nas linguas. O desenvolvemento da fraseoloxía demostra ser unha condición importante na transición dende un proxecto de lingua ata unha lingua propiamente dita.

Esta investigación amosa que o esperanto posúe unha rica fraseoloxía. Isto é debido a que a lingua planificada atopou unha comunidade de falantes suficientemente grande e diferenciada que a utiliza como un medio de comunicación eficaz en varias situacións. A fraseoloxía do esperanto ten en común con outras fraseoloxías o atributo de ser unha unidade con compoñentes específicos tanto universais coma culturais..

7. Referencias bibliográficas

BLANKE, Detlev (1989): "Planned languages –a survey of some of the main problems", en SCHUBERT, Klaus (ed.): *Interlinguistics. Aspects of the Science of Planned Languages*, 63-87.

(2000): "Vom Entwurf zur Sprache", en *INTERFACE. Journal of Applied Linguistics* 15.1, 37-89.

CORSETTI, Renato et alii (1987): *Knedu min, sinjorino! Tabuaj kaj insultaj esprimoj en Esperanto*. Paris: La Kancerkliniko.

(2009): "Causes of the relative success of Esperanto", en *Language Problems & Language Planning* 33:3, 251-261.

FIEDLER, Sabine (1999): *Plansprache und Phraseologie. Empirische Untersuchungen zu reproduziertem Sprachmaterial im Esperanto*. Frankfurt/M.: Lang.

[4] Este termo utilizábase neste sentido entre os falantes alemáns do esperanto durante a década de 1969 (Fiedler 1999:72-73).

(2002): "On the main characteristics of Esperanto communication", en KNAPP, Karlfried ; MEIERKORD, Christiane (eds.): *Lingua Franca Communication*. Frankfurt/M., 53-86.

(2006) : "Standardization and self-regulation in an international speech community: the case of Esperanto", en *International Journal of the Sociology of Language* 177, 67-90.

(2007): *English Phraseology. A Coursebook*. Tübingen: Narr.

FÖLDES, Csaba (1996): *Deutsche Phraseologie kontrastiv. Intra- und interlinguale Zugänge*. Heidelberg: Groos.

HAUPENTHAL, Reinhard (1991): "Lexikographie von Hilfssprachen und anderen Kommunikationssystemen", en *Wörterbücher. Dictionaries. Dictionnaires. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie*. Berlin, Bd. 5.3, 3120-3137.

JANTON, Pierre (1993): *Esperanto. Language, Literature, and Community* (ed. TONKIN, Humphrey; trad. TONKIN, Humphrey; EDWARDS, Jane; JOHNSON-WEINER, Karen). Albany: State University of New York Press.

OCKEY, Edward (1982): *A Bibliography of Esperanto Dictionaries/Bibliografio de Vortaroj*. Banstead: World Language Books.

POOL, Jonathan; GROFMAN, Bernard (1989): "Linguistic artificiality and cognitive competence", en SCHUBERT, Klaus (ed.): *Interlinguistics. Aspects of the Science of Planned Languages*. Berlin: Mouton de Gruyter, 145-156.

SAUSSURE, Ferdinand de (1916/1967): *Grundfragen der allgemeinen Sprachwissenschaft* (ed. BALLY, Charles; SECHEHAYE, Albert). Berlin: De Gruyter.

SCHU (XU) SCHENGLIANG (1985): *Übersetzungsprobleme der Redensarten und Sprichwörter: Eingeschränkt auf chinesische Redensarten, deutsche Sprichwörter und deutsche Redensarten jeweils mit Deutsch bzw. Chinesisch als Zielsprache* (tese doutoral). Hamburg.

SCHUBERT, Klaus (1989): "An Unplanned Development in Planned Languages", en SCHUBERT, Klaus (ed.): *Interlinguistics. Aspects of the Science of Planned Languages*. Berlin: Mouton de Gruyter, 249-274.

SUTTON, Geoffrey (2008): *Concise Encyclopedia of the Original Literature of Esperanto*. New York: Mondial.

WÖLKE, Sonja (1992): *Verbale Phraseme im Obersorbischen. Untersuchungen zu Valenz und Struktur*. Bautzen: Domowina.

WÜSTER, Eugen (1931): *Internationale Sprachnormung in der Technik, besonders in der Elektrotechnik (Die nationale Sprachnormung und ihre Verallgemeinerung).* Berlin: Verlag.

ZAMENHOF, Ludoviko Lazaro (1910 / 1974[2]): *Proverbaro Esperanta*. La Laguna: J. Régulo Eldonisto.

Didáctica das expresións idiomáticas dende un *enfoque plural*: imaxes e emocións na aula de lingua estranxeira

Eva Mª Iñesta Mena[1]

Universidade de Oviedo[2]

A LOE vincula a competencia en comunicación lingüística cos obxectivos do MCER, orientados cara ao desenvolvemento dunha competencia plurilingüe e pluricultural. Neste traballo, asúmese este novo paradigma para abordar o ensino e a aprendizaxe das expresións idiomáticas nas aulas de LE dende un enfoque plural. Preséntase unha análise de coincidencias entre linguas na configuración das imaxes, seguindo a semántica cognitiva. Destácase a utilidade de dita análise como estratexia de aprendizaxe.

Palabras clave: didáctica da lingua estranxeira, didáctica da fraseoloxía, competencia léxica e fraseolóxica, enfoques plurais, plurilingüismo, interculturalidade, expresións idiomáticas, emocións e sentimentos.

The Spanish educative law (LOE) links communicative competence with the objectives of the CEFR, a framework aimed to develop a plurilingual and pluricultural competency. In the present work, I assume this new paradigm to deal with the teaching/learning of idioms in the foreign language classroom from a "plural focus". I present an analysis of cross-linguistic coincidences in the configuration of images, as pointed out by cognitive semantics. The suitability of this analysis as a learning strategy is highlighted.

Keywords: foreign language didactics, lexical and phraseological competence, plural focuses, plurilingualism, pluriculturalism, interculturality, idioms, emotions.

Data de recepción 19/03/2010 Data de aceptación 12/05/2010

[1] Tradución de Gonzalo Camiña González, Sonia Fernández Alonso e Sara López Ratón.

[2] O meu agradecemento a Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro) polo seu ofrecemento dos equivalentes fraseolóxicos galegos e das correspondentes notas, así como aos tradutores do artigo.

1. Introdución

A realización persoal e a integración social son fins básicos da educación e, xa que vivimos nunha sociedade multicultural, debe abordarse no ámbito educativo o encontro coa diversidade e a construción da interculturalidade, como aproximación a outras formas de ver e de interpretar o mundo, como enriquecemento persoal e social. Neste proceso adquire sentido a perspectiva plurilingüe, novo paradigma da didáctica das linguas, que debería contar coa diversificación de linguas ensinadas e con propostas didácticas que fagan visibles nas aulas as experiencias lingüísticas dos aprendices, como motivación para o desenvolvemento da conciencia lingüística e de actitudes positivas cara á diversidade (Bernaus 2004; Cots et alii 2007).

No presente traballo asúmese que o compoñente fraseolóxico é un elemento privilexiado para estimular esa reflexión sobre a diversidade lingüística e contribuír ao desenvolvemento da competencia comunicativa plurilingüe e intercultural. Formúlase para iso unha proposta didáctica de expresións idiomáticas, relativas a sentimentos e emocións, fundamentada en investigacións realizadas no marco da fraseoloxía cognitiva (Pamies, Iñesta 1999, 2000 e Iñesta, Pamies 2001, 2002). Esta proposta implica a observación, a análise e a reflexión sobre os patróns de formación de imaxes en distintas linguas, polo que consideramos que responde aos *enfoques plurais* (Candelier 2008; Noguerol 2008).

2. Dende as expresións idiomáticas cara ao plurilingüismo e a interculturalidade

O plurilingüismo e a interculturalidade forman parte dos valores que o Consello de Europa destaca como fundamentais para a construción dunha sociedade democrática unida. De aí que dende o Departamento de Política lingüística se promova o fomento da competencia comunicativa (plurilingüe e pluricultural ou intercultural). Xorden así o *Marco común europeo de referencia para as linguas* (MCER), clave para a elaboración de programas, e o *Portfolio Europeo das Linguas* (PEL), referente para a autoavaliación e a reflexión sobre as experiencias lingüísticas e culturais. Así mesmo, no 2009 púxose en marcha a *Plataforma de recursos e de referencias para a educación plurilingüe e intercultural*, instrumento de apoio á elaboración de programas relativos ás linguas de escolarización e ao resto de linguas (dentro dun proxecto dirixido por J. C. Beacco, M. Byram, D. Coste e Fleming).

En España, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) recolle estas directrices vinculando a competencia en comunicación lingüística co MCER, polo tanto co reto do plurilingüismo e a interculturalidade. Isto supón novas posibilidades para o tratamento da fraseoloxía grazas á importancia que lle outorga tal documento ao compoñente fraseolóxico, como ben salienta González Rey (2006; 2007:21-24). Agora ben, a cuestión é ir creando propostas didácticas que permitan materializar en actividades concretas estes principios recollidos nos currículos. No ámbito da didáctica da fraseoloxía xa hai moito camiño percorrido, pero a vía debe seguir aberta a novas exploracións, como sinalan Ettinger (2008), ou Granger e Meunier (2008:251), no seguinte parágrafo:

> *Phraseology is a key factor in improving learners' reading and listening comprehension, alongside fluency and accuracy in production. However, its role in language learning largely remains to be explored and substantiated and it should therefore not be presented as the be-all and end-all of language teaching.*

No presente traballo intentamos contribuír a esta acción amosando unha posibilidade de abordar as expresións idiomáticas na aula de lingua estranxeira mediante tarefas que desenvolvan a conciencia lingüística, como base da competencia plurilingüe e intercultural. Explicamos a continuación os fundamentos deste planeamento.

3. As expresións idiomáticas dende a lingüística cognitiva

O feito de que dende a lingüística cognitiva se explique a capacidade da linguaxe pola nosa maneira de percibir e conceptualizar a experiencia do mundo (a través de capacidades como a percepción, a atención, a memoria ou a categorización), xustifica o interese desta corrente por cuestións como a motivación, a creatividade na linguaxe, os símbolos en distintas linguas e culturas, modelos culturais, imaxes mentais…, todo o que converxe no compoñente fraseolóxico (Luque, Pamies 2005 e Omazic 2008). Unha das categorías máis estudadas, e que aquí tomamos como referencia para unha proposta didáctica, foi a expresión de emocións e/ou sentimentos, cuxa estruturación pode explicarse por medio de imaxes: metonimias (expresar un sentimento segundo os seus efectos fisiolóxicos) ou metáforas (basearse en categorías concretas para expresar o sentimento). De aí que a metáfora, especialmente tras o pulo que supuxo a obra de Lakoff e Johnson (1980), pasara a considerarse ademais dunha figura de estilo (polas súas propiedades retóricas: explicar, persuadir, impresionar…), un mecanismo cognitivo que nos axuda a entender e categorizar o mundo, dándose por iso grandes coincidencias semánticas entre linguas. Neste sentido, como ben se sabe, as unidades fraseolóxicas son fiestras abertas a distintos sistemas de valores culturais, aínda que o grao de coincidencia entre linguas e culturas pode ser moi variable. Este último aspecto constitúe todo un ámbito de investigación, cun claro interese para a didáctica da fraseoloxía (Dobrovols'kij; Piirainen 2000, 2005 , Piirainen 2008a, 2008b e Sabban 2008).

O traballo que presentamos conecta con investigacións anteriores nas que estudamos a metáfora como punto de converxencia entre a fraseoloxía, a semántica cognitiva e a tipoloxía léxico-semántica (Pamies; Iñesta 1999, 2000 e Iñesta; Pamies 2001, 2002). Estas investigacións baséanse na análise dun corpus multilingüe de expresións idiomáticas[3]. Un modelo conceptual creado para a análise confirmaba a existencia de sistematicidade na creatividade fraseolóxica, de xeito que certos dominios léxicos semellan especialmente idóneos para ser punto de partida de expresións idiomáticas en distintas linguas. Efectivamente, hai moitas coincidencias que se explican polo núcleo conceptual que serve de fonte, de base biolóxica e cognitiva. Agora ben, nas mesmas

[3] Unha mostra de 25 linguas, de familias diferentes, sobre todo indoeuropeas, cunhas 2000 unidades relativas a 10 nocións: *medo, ira, comida, fame, delgadeza, afastamento, rapidez, traballo, pobreza.*

investigacións mostrábase que hai unidades con referentes culturais que non responden á mesma coherencia.

Presentamos en anexo, como ilustración, unha selección de expresións relativas a sentimentos e a análise correspondente. Tomamos *a ira* como mostra, pero o procedemento pode desenvolverse con outras nocións. Este modelo permite explicar cada expresión idiomática mediante unha serie de descritores básicos (que foron elixidos entre os universais léxicos de Wierzbicka, 1996). A combinación de descritores constitúe o que chamamos "modelos icónicos" e a súa clasificación serían as "arquimetáforas". Nos exemplos do anexo móstrase como o "dominio meta" IRA, pode explicarse segundo "dominios fonte" relativos a: *corpo, espazo, tempo, movemento, mente, sensación, calor, existencia, conflito, posesión*…; que combinados entre si en "modelo icónicos", do tipo [CORPO] + [COLOR]… etc., forman distintas "arquimetáforas", como por exemplo, "a ira é un cambio de cor".

Estas á súa vez dan conta de múltiples expresións idiomáticas, similares entre linguas diferentes, por ex.: esp. *Ponerse negro de cólera*…; fr. *Voir rouge; avoir une colère blanche*…; prt. *Ficar vermelho de raiva*…; ita. *Essere giallo di collera*…; ing. *To be black in the face*…; al. *Schwarz vor Ärger werden* etc.

En galego existen *pórse máis vermello cá doa das silvardas* ou *virarse vermello* pero non expresan tanto ira coma rubor, vergoña, desconcerto. Para a ira, quizais só exista unha que faga referencia á cor: *poñerse un de mil cores.*

4. Didáctica das exposicións idiomáticas dende enfoques plurais

Unha vez que dende a semántica cognitiva se salientou a primacía da *motivación* das imaxes sobre a *arbitrariedade,* a existencia de esquemas regulares de formación e o seu papel na conceptualización correspóndelle á didáctica sacarlle o máximo rendemento para o ensino e aprendizaxe. Podemos destacar, dende esta orientación cognitiva, os traballos de Boers et alii 2004) que abordan a conciencia metafórica como estratexia de aprendizaxe, demostrando a utilidade de presentar as unidades organizadas en función do ámbito temático que as motiva e recorrendo á súa etimoloxía como estratexia de aprendizaxe.

Para a nosa proposta, consideramos de interese o *enfoque plural* de Candelier (2008:68). Este subliña as vantaxes de actividades que impliquen variedades lingüísticas e culturais, fronte a un *enfoque singular* que só se centraría nunha lingua ou cultura particular. Trátase dun concepto que cobre a confluencia do enfoque intercultural, da didáctica integrada das linguas ensinadas (LM, LE, ben sexa como lingua obxecto de estudo ou como lingua na que se imparten outras materias), da intercomprensión entre linguas emparentadas, ou propostas de conciencia lingüística e cultural (que motivaron os proxectos europeos dirixidos polo propio Candelier, *Evlang: Éveil aux langues-Espertar ás linguas,* e *Ja-Ling: Janua-Linguorum-A porta das linguas*).

Daquela, un *enfoque plural* aplicado ao ensino das expresións idiomáticas trataría tanto as similitudes como as diferenzas entre linguas. Isto reverte nunha aprendizaxe

significativa se se parte das linguas coñecidas ou máis achegadas para despois descubrir outras (linguas do currículo, presentes na aula ou coñecidas por membros do grupo). Aquí é onde entraría en xogo a nosa análise, pois cremos que ademais de proporcionar un marco conceptual, pode inspirar actividades ancoradas na experiencia lingüística dos aprendices. A comparación entre linguas axudará a descubrir tanto coincidencias, de base cognitiva, coma diferenzas, que probablemente se deban a referentes culturais. Unha vez comprendido o principio da análise, este podería retomarse con flexibilidade, de maneira intuitiva incluso, para crear actividades diversas (recorrendo aos descritores ou nocións, aos *modelos icónicos* e ás *arquimetáforas*). Máis alá do grao de exactitude da comparación (que estea máis ou menos xustificada), destacamos aquí o seu valor para traballar a conciencia lingüística e cultural, e polo tanto como estratexia que optimizará a aprendizaxe. No seguinte apartado ilustramos a nosa proposta.

4.1. Ideas para a aula

Expoñemos como exemplo de aplicación didáctica unha serie de actividades arredor das expresións idiomáticas (EI) de emocións e sentimentos cuxo obxectivo central é propiciar a indagación sobre as representacións, a expresión, as motivacións lingüísticas ou culturais destas unidades. Isto dende o punto de vista dos aprendices, como falantes xa doutra lingua, e polo tanto, con certa conciencia lingüística e cultural. A expresión dos sentimentos forma parte dos contidos habituais en distintos niveis de ensino, pero serían idóneas para clases de LE de ensinanza secundaria ou para adultos. Aínda que a formulación é multilingüe, habería que darlle máis peso a unha lingua en concreto (a lingua obxecto de estudo, loxicamente). Son actividades lúdicas de estruturas e regras moi coñecidas, o cal simplifica o desenvolvemento e compensa a posible complexidade conceptual, pois a atención céntrase nos elementos lingüísticos ou culturais, explotando así unha das moitas vantaxes do xogo, a de tender pontes entre culturas (Haydée 2008:26). Estas actividades poderían formularse como facilitadoras das tarefas de interacción que tiveran máis implicación "emocional", (como reflexións dirixidas, ou debates, tras a visión dalgunha película, logo dalgunha lectura, ou da observacións de imaxes…), e son compatibles con exercicios estruturais para reforzar a adquisición, como os propostos para ELE en Iñesta (2008).

Esta proposta podería arrequentarse con técnicas humanistas e de atención ás intelixencias múltiples, como as descritas para outros compoñentes por Arnold, Puchta e Rinvolucri (2007). Coincidimos plenamente con estes autores cando destacan as vantaxes de interconectar na aula de LE experiencias, emocións, imaxes e linguaxe, lembrando, pola nosa parte, que a cultura vai unida a todo iso, configurando e configurándose. O compoñente fraseolóxico implicaría todo iso:

> *The connection of words with experience and with emotional responses to experience gives words their meaning. In our classrooms, language learners will first understand and then remember better if they make more connections among all the elements involved: experience-emotions-images-language.* (Arnold, Puchta, Rinvolucri 2007:11)

As actividades que seguen (brevemente descritas) son na súa maioría adaptacións de xogos coñecidos, como diciamos, e poden aplicarse ao tratamento de distintos sentimentos. Hai que ter presente que aínda que se tome unha lingua de referencia, ofrecendo máis exemplos dela, apúntase cara ao desenvolvemento da conciencia lingüística e cultural (ademais de cara á aprendizaxe de certas EI e a adquisición de saberes culturais).

1**. *Sabes como se di "estar moi enfadado" en…?*** Relacionar EI e idiomas. Distribuír por equipos nun xogo de tarxetas coas mesmas EI en distintas linguas (dar ou non o listado de linguas). Se as EI responden a un mesmo "modelo icónico" e incluso "arquimetáfora" pode facilitarse a comparación. (Véxase o Anexo de EI da *ira*). Podería permitirse unha busca en Internet. Unha vez resolto, compáranse solucións e cada grupo explica a estratexia seguida para descubrir a lingua.

2**. *Que din cando din…?*** retomar o xogo anterior coa EI de nocións diversas e intentar descubrir o significado. Poderían propoñerse tamén fotos, debuxos, música para relacionar coas EI.

Se houber estudantes de orixes diversas, habería que pedirlles que confeccionasen outra listaxe para os compañeiros, fóra da clase, implicando as familias. Deste xeito, prepárase unha interacción sobre o sentimento e a súa expresión en distintas culturas, buscando diferenzas, semellanzas, propoñendo contextos: *Quen che deu os exemplos da EI?, son usuais?*, *cando as empregas?, cal te sorprende máis, por que?, cal é máis divertida, esaxerada, clara…? haberá falsos amigos?, e algún aspecto cultural implicado?...*

Esta interacción podería aproveitarse para indagar sobre equivalencias interlingüísticas, ver se se trata sempre de EI ou se se recorre a outro tipo de unidades fraseolóxicas e, sobre todo, tratar aspectos culturais e pragmáticos (obxectivos centrais da materia de LE).

3**. *Séntelo, pénsalo ou dilo?, e en que orde?*** Reflexionar sobre a configuración das imaxes. Elixir unha lingua (LM, 2L/LE) e un sentimento (ou varios para cotexar). Distribuír un listado de EI (p. ex. as do anexo, da *ira)* e facer hipóteses sobre a motivación.

Descubrir a fonte das imaxes, mediante formulación de hipóteses:

4. Para os "artistas": os xogos clásicos de adiviñar sen soltar palabra, interpretando un debuxo ou mímica: ***–Imaxínalo… como para debuxalo? Ou escenificalo? –elixe unha opción, segundo as túas habilidades.***

5. Para "detectives", por exemplo:

> ***Dásme a clave?*** Distribuír tarxetas cos descritores (CORPO, TEMPERATURA, ESPAZO…) para relacionar as EI propostas cunha combinación determinada (os "modelos icónicos"). Tentar explicar un número de EI en certo tempo, por equipos.
>
> ***E un contrasinal?*** Talvez consigan a "arquimetáfora" con algo de axuda e imaxinación (ademais das pistas doutras actividades).

6. **As familias:** adaptar o coñecido xogo de cartas de "formar familias", agrupando El baixo arquimetáforas que lles darán nome ás familias. Comezar coa listaxe correspondente á vista, ata aprenderen as cartas.

7. Xa "familiarizados" coas EI, de novo **ás adiviñas**, en parellas ou en grupos, con outro clásico das clases de idiomas, o **SI/NON**: un pensa unha EI que terá que adiviñar o compañeiro (ou grupo) a base de preguntas ás que só se pode responder *si* ou *non*. As preguntas deber ir acoutando, do máis xenérico (significado, arquimetáfora), ao máis concreto (descritores) –téndoos á man.

8. Para recapitular (memorizar), outro xogo coñecido: anotar ou dicir o máximo de EI nun tempo determinado (por parellas ou grupos): ***Un, dous, tres… EI relativas a…***

9. **Concursos de contos:** Escritura creativa (en grupos), partir dos elementos manexados, as EI, os seus compoñentes, as situacións, referentes…, negociar os elementos que hai que empregar e escribir un texto (conto, relato…). Elixir un gañador entre todos.

10. **Unha tarefa final (ou proxecto):** elaboración dalgún "repertorio" ou "álbum" da clase, para recoller as EI traballadas, debuxos propostos, contos… E por suposto, en distintos idiomas, seguindo o modelo do *Portfolio europeo das linguas* (PEL).

Moitos centros teñen intercambios ou proxectos con outros países, podería ser interesante formular unha tarefa común deste tipo.

5. Conclusión

Abriamos este traballo lembrando a necesidade de formular unha ensinanza de linguas estranxeiras orientada á consecución dunha competencia comunicativa (plurilingüe e intercultural) como instrumento de desenvolvemento persoal e integración social, segundo sinalan o MCER e a LOE. Por iso, pretendemos destacar o papel que o compoñente fraseolóxico pode desempeñar na realización deste ambicioso obxectivo. Un parágrafo coma o seguinte, tomado do currículo de secundaria[4], pode ser moi significativo para o ensino do compoñente fraseolóxico, coa atención posta tanto nas competencias comunicativas lingüísticas (lingüísticas, sociolingüísticas ou pragmáticas) coma nas xerais (os distintos saberes culturais, valores, actitudes…) seguindo a terminoloxía do MCER:

> (…) *a aprendizaxe dunha lingua estranxeira transcende o marco das aprendizaxes lingüísticas, vai máis alá de aprender a utilizala en contextos de comunicación. O seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral mentres que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas; desenvolve, á súa vez, a conciencia intercultural, que constitúe un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e é, tamén, un medio para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas e para o desenvolvemento do pensamento. O proceso de*

[4] RD 1631/2006 de 29 de decembro, polo que se establecen as Ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, BOE nº 5 de 5 de xaneiro de 2007, p. 742.

> *ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira nesta etapa educativa leva un claro compoñente de actitude, na medida en que contribúe a desenvolver actitudes positivas e receptivas cara a outras linguas e culturas e, ó mesmo tempo, a comprender e valorar a lingua ou linguas propias.*

A proposta didáctica aquí presentada persegue este achegamento entre linguas e culturas dentro dun grupo clase. Para iso tómase como marco un "enfoque plural", e unha análise semántica, cognitiva, de expresións idiomáticas relativas a sentimentos (imaxes, patróns de formación, "arquimetáforas", connotacións culturais…) (Iñesta; Pamies 2002). Mediante as actividades sinaladas preténdese favorecer a atención á diversidade partindo da semellanza, tendendo pontes entre linguas e culturas grazas a expresións idiomáticas e animando á procura do específico (aprendizaxe significativa, empatía…). Cremos que o interese desta aproximación ao compoñente fraseolóxico está en que permite vincular aspectos sociais, culturais, cognitivos e afectivos no proceso de aprendizaxe das linguas (cuxa importancia se destaca, entre outros, en Arnold 2000). Así mesmo, mobilízanse estratexias de aprendizaxe cognitivas e socio-afectivas (Cyr 1996:39): as primeiras, pola manipulación ou tratamento do obxecto de estudo, as expresións (analízanse, clasifican, comparan entre idiomas…) e as segundas, as socio-afectivas, porque se abordan sentimentos e emocións mediante distintos procedementos, fundamentalmente en interaccións arredor das EI, a través do seu significado, da motivación, de connotacións culturais…

En conclusión, consideramos que abordar as expresións idiomáticas dende un enfoque plural posibilita unha aprendizaxe significativa, activa a conciencia lingüística e cultural, e fomenta actitudes positivas na clase de idiomas. Dese modo contribúese ao desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe e intercultural ancorada na vida da aula.

ANEXO: Exemplo de análise cognitiva e interlingüística de expresións idiomáticas relativas á IRA (tradución literal sinalada por *) (adaptado de Iñesta e Pamies 2001**)**

DOMINIO META	IRA
DOMINIOS FONTE	CORPO/ANATOMÍA, TEMPERATURA, ESPAZO, MOVEMENTO, COR, DESEXO, ANIMAL, CONFLITO, POSESIÓN

MODELOS ICÓNICOS	ARQUIMETÁFORAS
1. [corpo] + [temperatura]	1.1. A ira como quecemento interior 1.2. A ira como explosión, incendio, tormenta
2. [espazo]	2.1. A ira como lugar para a persoa
3. [espazo] +	3.1. A ira como movemento cara a fóra

[movemento]	3.2. A ira como movemento cara a dentro
4. [espazo] +[corpo] +[movemento]	4.1. A ira como desprazamento parcial do corpo cara a riba 4.2. A ira como desprazamento total do corpo cara a riba 4.3. A ira como desprazamento cara a fóra
5. [corpo] + [cor]	5.1. A ira como cambio de cor
6. [movemento] + [desexo]	6.1. A ira como movemento non desexado
7. [animal]	7.1. A persoa irada é un animal
8. [conflito]	8.1. A ira como agresión cara a outros (metonimia entre causa e efecto) 8.2. A ira como autoagresión
9. [posesión]	9.1. A ira é posuída polo home

MODELOS CULTURAIS	Mitoloxía, relixión, historia…

Exemplos de expresións idiomáticas correspondentes a distintos modelos icónicos e arquimetáforas

(Abreviaturas de linguas: esp.: español; fr.: francés; gal.: galego; prt.: portugués; itl.: italiano; rum.; romanés; ing.: inglés; al.: alemán; rs.: ruso; ucr.: ucraíno; pol.: polaco; hng.: húngaro)

MODELO ICÓNICO: 1. [CORPO] + [TEMPERATURA]

1.1. A *ira* como quecemento interior

Esp.	*bullirle la sangre* [a alguien]	*bulirlle o sangue [a alguén]
	hervirle la sangre [a alguien]	*ferverlle o sangue [a alguén]
Fr.	*s'échauffer la bile*	*quecer a bile
	s'échauffer les oreilles	*queceren as orellas
	bouillir de colère	*ferver de cólera

Gal.	*estar como unha brasa; ferver o sangue* [a alguén] (*no corpo / nas veas / no peito*) [5]	
Prt.	*ferver de raiva*	*ferver de rabia
Al.	*das Blut gerät in Wallung*	*o sangue entra en ebulición
Rs.	*доiти до белого каления*	*ir ata branca incandescencia
Ucr.	*доходити до білого жару*	*chegar ata branco lume
Pol.	*krew się gotuje wżyłach*	*sangue cócese en veas
Hng.	*nagyon pipás lenni*	*moi pipa estar

1.2. A *ira* como explosión, incendio, tormenta

Esp.	*ponerse a cien*	*pórse a cen
	estar que arde [alguien]	*estar que arde [alguén]
	echar rayos y centellas	*botar raios e chispas
Fr.	*laisser exploser sa colère*	deixar explotar a súa cólera
	avoir une bouffée de colère	ter una bafarada de cólera
	avoir une éruption de colère	*ter una erupción de cólera
Gal.	*botar chispas; botar lume polos ollos; dar lume cos dentes; lostregarlle os ollos a un; ferverlle o sangue nas veas* [a alguén]	
Prt.	*ficar esquentado*	*quedar quente
	deitar fogo pelos olhos	*deitar lume polos ollos
Itl.	*far fuoco e fiamme*	*facer lume e chamas
Ing.	*to blow a fuse*	*explotar un fusible
	to blow a gasket	*explotar unha xunta de culata
Rs.	*пар из ушей пошёл* [у кого]	*vapor de orellas saíulle [a alguén]

[5] En galego esta locución, en tódalas súas variantes, non significa exclusivamente "sentir ira", senón "sentir certa excitación interior causada por calquera evento"; podendo ser mesmo unha sensación de agradable impaciencia, coma nesta cantiga popular: *Cando vou polo camiño, / camiñiño de Padrón, / férveme o sangue nas venas / e bríncame o corazón*.

Exemplos de modelos culturais (mitoloxía, relixión, historia…)

Esp.	*ponerse como una furia*	*pórse coma unha furia
	ponerse como un basilisco	*pórse coma un basilisco
	armar la de San Quintín	*armar a de San Quintín
Gal.	*ter un xenio levado do Demo, estar levado da breca* [6]*, estar feito unha furia, colle-lo burro* [7]*, levantarse coma o mar dun baixo* [8]*, porse coma o mar do Orzán* [9]*.*	ser persoa irascible
Itl.	*avere un diavolo per capello*	*ter un diaño por cabelo
Rum.	*a se face Dunăre turbată*	*facerse Danubio revolto

En Iñesta e Pamies (2001) recóllense máis exemplos relativos á *ira*; en Iñesta e Pamies (2002) analízanse outras nocións (*medo, ira, comida, fame, delgadeza, distancia, rapidez, traballo, pobreza*). Ao mesmo tempo, en Pamies e Iñesta (2000) abórdanse expresións relativas ao *medo*.

6. Referencias bibliográficas

ARNOLD, Jane. (2000): *La dimensión afectiva en el aprendizaje de idiomas*. Madrid: Cambridge University Press.

ARNOLD, Jane; PUCHTA, Herbet; RINVOLUCRI, Mario (2007): *Imagine that! Mental imagery in the EFL classroom*. Cambridge: C.U.P.

BEACCO, Jean Claude; BYRAM, Michael; COSTE, Daniel; FLEMING, Michael (eds.) (2009): *Plateforme de ressources et de références pour l'éducation plurilingue et interculturelle.* Conseil de l'Europe: Division des Politiques linguistiques.

BERNAUS, Mercé (2004): "Un nuevo paradigma en la didáctica de las lenguas", en *Glosas Didácticas: Revista Electrónica internacional* 11.

BOERS, Frank; DEMECHELEER, Murielle; EYCKMANS, June (2004): "Etymological elaboration as a strategy for learning idioms", en BOGAARDS, Paul; LAUFER. Batia (eds.): *Vocabulary in a Second Language.* Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins P.C, 53-78.

CANDELIER, Michel (2006): "Cohésion sociale, compétence plurilingue et pluriculturelle: quelles didactiques?", en *Les langues Modernes* 4 , 35-45.

[6] A *breca* é un dos nomes populares do demo na punta sudoccidental de Galicia.
[7] *Como lle dixen que non saíse, colleu o burro e non falou máis en todo o día*.
[8] "Incomodarse de repente": é expresiva metáfora mariñeira.
[9] Metáfora extraída da constante furia do mar nesa zona da cidade da Coruña.

(2008): "Approches plurielles, didactiques du plurilinguisme: le même et l'autre", en *Les Cahiers de l'Acedle* 5, nº1, 65-90.

CANDELIER, Michel; ANDRADE, Ana Isabel; BERNAUS, Mercé et alii (2004): *Janua Linguarum –La Porte des Langues– L'introduction de l'éveil aux langues dans le curriculum*. Strasbourg: Conseil de l'Europe.

CAVALLA, Cristelle; CROZIER, Elsa (2005): *Émotions – Sentiments: Nouvelle approche lexicale du FLE*. Grenoble: PUG.

CONSEJO DE EUROPA (ed.) (2001): *Cadre européen commun de référence pour les langues. Apprendre, enseigner, évaluer*. París: Didier (http://www.coe.int) (Versión en español: Instituto Cervantes (2002): *Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas: aprendizaje, enseñanza y evaluación*. Madrid: MECD.

CONSEJO DE EUROPA; MECD (ed.) (2004): *Portfolio Europeo de las lenguas para la Enseñanza secundaria, PEL*. Madrid: Secretaría General Técnica del MECD.

COTS, Josep Maria; ARMENGOL, Lurdes; ARNÓ, Elisabet; IRÚN, Montserrat; LLURDA, Enric (2007): *La conciencia lingüística en la enseñanza de lenguas.* Barcelona: Graó.

CYR, Paul (1996): *Les stratégies d'apprentissage*. París: CLE International.

DOBROVOLS'KIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2000): "Sobre los símbolos: Aspectos cognitivos y culturales del lenguaje figurativo", en PAMIES Antonio; LUQUE, Juan de Dios (eds.): *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Granada: Método, 29-53.

(2005): Figurative Language. Cross-Cultural and Cross-Linguistic Perspectives. Amsterdam: Elsevier.

ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 95-127.

GONZÁLEZ REY, Isabel (2006): "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia para as linguas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 123-145.

(2007): *La didactique du français idiomatique.* Fernelmont: Proximités E.M.E.

GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (2008): *Phraseology: An interdisciplinary perspective.* Amsterdam: John Benjamins.

IÑESTA MENA, Eva María (2010): "¿Cómo lo ves…? Competencia fraseológica en LE: acercamiento plurilingüe y multicultural"; en HERRERA Juana et alii (coord.): *Estudios sobre didácticas de las lenguas y sus literaturas: Diversidad cultural, plurilingüismo y estrategias de aprendizaje*. Documentos congresuales 25. La Laguna: Servicio de publicaciones, Universidad de la Laguna, 377-395.

IÑESTA MENA, Eva María; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2001): "La conceptualización de la *ira* a través de las unidades fraseológicas", en WOTJAK, Gerd (ed.): *IV Internationale Arbeitstagung zum romanisch-deutschen und interromanischen Sprachvergleich* (Leipzig 7-9 okt. 1999). Berlin: Peter Lang.

(2002): Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos. Serie Granada Lingvistica. Granada: Método.

KÖVECSES, Zoltän (1986): *Metaphors of Anger, Pride, and Love*. Amsterdam: John Benjamins.

LAKOFF, George, JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors We Live By*. Chicago: U. P. (Ed. esp.: (1995): *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra).

LITTLE, David (2003): "Le plurilinguisme dans le Portefeuille des langues européennes", en *Le Français dans le Monde, Recherche et Applications*, juillet 2003, 107-117.

LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método.

MURPHY-Lejeune, Elizabeth; ZARATE, Geneviève (2003): "L'acteur social pluriculturel: évolution politique, positions didactiques", en *Le Français dans le Monde, Recherche et Applications*, juillet 2003, 32-46.

NOGUEROL, Artur (2008): "El tratamiento integrado de las lenguas en el marco europeo", en *Textos de Didáctica de la lengua y de la literatura*, 47, 10-19.

OMAZIC, Marija (2008): "Processing of idioms and idiom modifications: A view from cognitive linguistics", en GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology: An interdisciplinary perspective*. Amsterdam: John Benjamins, 67-69.

PAMIES BERTRÁN, Antonio; IÑESTA MENA, Eva María (2000): "El *miedo* en las unidades fraseológicas: enfoque interlingúístico", en *Language Design* 3. Granada: Método, 41-75.

(1999): "Some cross-linguistic Observations on phraseology: the expression of *injustice*", en Acta Lingvistica 3. Slovakia: Univerzita Mateja Bela, 23-32.

PAMIES, Antonio; IÑESTA, Eva María; BÁLMACZ, Martina; KÁLOUSTOVA, Olga (dirs.) (1996-1997): *AUTOFRAS: Diccionario automático fraseológico multilingüe* (10 lenguas). Granada- Kiev: TEMPUS- TACIS 8542-94.

PIIRAINEN, Elisabeth (2008a): "Figurative phraseology and culture", en GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology: An interdisciplinary perspective*. Amsterdam: John Benjamins, 207-228.

(2008b): "Phraseology in a European framework: A cross-linguistic and cross-cultural research porjecto on widespread idiomas", en GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology: An interdisciplinary perspective*. Amsterdam: John Benjamins, 243-274.

PORCHER, Louis (2003): "Le plurilinguisme: des politiques linguistiques, des politiques culturelles, des politiques éducatives", en *Le Français dans le Monde, Recherche et Applications*, juillet 2003, 88-95.

SABBAN, Annette (2008): "Critical observations on the culture-boundness of phraseology" en GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology: An interdisciplinary perspective*. Amsterdam: John Benjamins, 229-241.

SILVA, Haydée (2008): *Le jeu en classe de langue*. París: CLE International.

WIERZBICKA, Anna (1996): *Semantics: Primes and Universals*. New York: Oxford U. P.

Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños

Xulián Martínez Blanco

Serxio Veiga Alonso

Escola Oficial de Idiomas. Vigo

O obxectivo deste artigo é recoller e estuda-los fraseoloxismos do ámbito dos peixes co propósito de ordenalos para unha clasificación ou sistematización sinxela e clara. Con este fin, os autores acuden ó *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina como fonte da súa pescuda. A partir do material atopado, realizan unha primeira catalogación tipolóxica (locucións e fórmulas, por unha banda, e refráns, pola outra) para seguir coa catalogación semántica que é a base da organización definitiva dalgúns fraseoloxismos en diferentes conceptos, xa que algúns deles aparecen en varios conceptos ó mesmo tempo. O traballo remata cunha ordenación alfabética de tódalas expresións en forma de Anexo.

Palabras clave: fraseoloxismos, peixe, dicionario, catalogación tipolóxica, catalogación semántica.

The aim of this article is to collect and study the phraseologisms related to fishes in order to arrange them for an easy and clear classification or organization. To this end, the source used by the authors is Antón Santamarina's Diccionario de diccionarios. *From the found material they firstly create a typological cataloguing (phrases and expressions on the one hand, and proverbs on the other hand). Then they make a semantic cataloguing, which is the basis for the definitive organization of several phraseologisms in different concepts, because some of them appear in more than one concept at the same time. The essay ends with an alphabetical arrangement of all the expressions as an Appendix.*

Key words: Galician phraseology, marine animals, typological cataloguing, semantic cataloguing.

1. Presentación

O obxecto deste traballo é recoller expresións fraseolóxicas galegas relacionadas co ámbito dos peixes e animais mariños e caracterizar este ámbito da sociedade galega a través da súa fraseoloxía. Para isto utilizámo-lo *Diccionario de diccionarios*[1], obra

Data de recepción 01/03/2010 Data de aceptación 03/11/2010

[1] O *Diccionario de diccionarios* é unha obra en formato electrónico que permite consultar 25 dicionarios ou publicacións de carácter lexicográfico das que podemos destaca-lo material lexicográfico de Sarmiento,

editada desde o Instituto da Lingua Galega polo lexicógrafo Antón Santamarina Fernández, porque, por unha banda, inclúe as principais obras lexicográficas galegas desde as obras de Sarmiento (séc. XVIII) ata obras dos anos 80 e 90 do século XX en que xa comezan a aparece-los relativamente recentes dicionarios monolingües e, pola outra, e como di Santamarina (2003:23), os máis dos dicionarios actuais teñen como fonte principal a vella lexicografía galega e "a materia lexicográfica esencial está neles". Nesta breve presentación expoñémo-los parámetros que seguimos no desenvolvemento do noso estudo.

O primeiro paso, previo á dita recolla, levounos a procurar documentación sobre o tema. Malia a importancia da cultura marítima en Galicia, chamóuno-la atención a escasa información que conseguimos, xa que a bibliografía é practicamente inexistente. A constatación da carencia de fontes a que nós chegamos desde o primeiro contacto, viuse reafirmada trala lectura destas palabras limiares de Francisco Fernández Rei (2005:7): "a pesar de termos tanta costa, na cultura galega, e na lexicografía en particular, houbo relativamente pouco mar". O *Dicionario fraseolóxico do mar*, do que tiramos esta cita, é unha excepción entre todo o corpus marítimo ó que tivemos acceso, xa que, á parte de explica-lo contido de cada refrán, insíreo nunha situación de comunicación a modo de exemplo. O resto de obras consultadas para ordena-la nosa busca utilizan unha clasificación temática ou alfabética puramente enunciativa, sen se centrar no significado, polo que non nos serviron de guía.

Procedemos á busca directa no *Dicionario* dos nomes dos peixes dunha lista[2] elaborada trala consulta da bibliografía para ver se as entradas correspondentes ían acompañadas dalgunha frase, locución ou refrán, obxectivo último da pescuda. Cómpre dicir que, malia non estaren incluídos no corpus inicial deste estudo, engadímo-los exemplos que versan sobre outros animais mariños que non son peixes, sobre todo cetáceos, moluscos e crustáceos, así como algún que outro resultado obtido da busca do termo "peixe". A

---

extraído de 6 das súas obras; o *Diccionario castellano–gallego* de Marcial Valladares Nuñez e, sobre todo, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González. As obras van, daquela, do século XVIII ó ano 2001 (a última cronoloxicamente, aínda que inédita, é *Frampas III, contribución al diccionario gallego*, de Elixio Rivas Quintas).

[2] Son os seguintes. (Incluímos tamén múltiplas variantes, que non se indican aquí). **Cetáceos**: *arroaz*, *balea*, *baleato*, *cachalote*, *caldeirón*, *candorca*, *delfín*, *golfiño*, *narval*, *rorcual*, *toniña*, *touliña*. **Crustáceos**: *araña de mar*, *ardecasas*, *arneiro*, *arneirón*, *arneste*, *boi*, *brou*, *bruño*, *camarón*, *cangrexo*, *centola*, *gamba*, *gambón*, *lagosta*, *lagostino*, *lumbrigante*, *nécora*, *noca*, *patelo*, *patexo*, *percebe*, *queimacasas*, *santiaguiño*. **Equinodermos e outros**: *augamar*, *estrela de mar*, *estrelamar*, *medusa*, *melfa*, *ourizo de mar*. **Moluscos**: *ameixa*, *ameixola*, *arola*, *berberecho*, *bicuda*, *bicudo*, *buguina*, *cadelucha*, *caramuxo*, *chirla*, *choco*, *chopo*, *choupa*, *corno*, *croque*, *lapa*, *longueirón*, *lura*, *lurapota*, *madreperla*, *mexilla*, *mexillón*, *mincha*, *navalla*, *ostra*, *peneira*, *polbo*, *pota*, *rabioso*, *vieira*, *xiba*, *zamburiña*. **Peixes**: *abadexo*, *acedía*, *agulla*, *alcrique*, *alpabarda*, *anchoa*, *anguía*, *anguiacho*, *angula*, *arenque*, *atún*, *bacallau*, *barbada*, *barbo*, *berete*, *bertán*, *bertorella*, *bocareo*, *bocarte*, *boga*, *bogón*, *bolo*, *bonito*, *breca*, *budión*, *buraz*, *cabala*, *cabaliño do mar*, *cácabo*, *carioca*, *carpa*, *castañeta*, *cazapa*, *cazón*, *celacanto*, *chepa*, *cherna*, *chicharro*, *chincho*, *choupa*, *congro*, *corbelo*, *coruxo*, *corvina*, *demo*, *dentón*, *doncela*, *dourada*, *escacho*, *escalo*, *escarapote*, *escombro*, *espadín*, *esturión*, *faneca*, *gaián*, *gata de mar*, *lamprea*, *lavanco*, *linguado*, *lirio*, *lixa*, *lorcha*, *lorcho*, *lubión*, *lucio*, *manta*, *maragota*, *marraxo*, *martiño*, *maruca*, *meiga*, *meixón*, *melga*, *melgacho*, *merlón*, *mero*, *morea*, *muxe*, *ollomol*, *ollón*, *ouxa*, *pancha*, *pancho*, *pargo*, *parrocha*, *patarroxa*, *perca*, *pescada*, *piarda*, *pinto*, *pión*, *piraña*, *pixota*, *prago*, *quenlla*, *raia*, *rapante*, *rapelo*, *rei*, *reo*, *rincha*, *robaliza*, *robalo*, *rodaballo*, *rubio*, *sábalo*, *saboga*, *sabre*, *salmón*, *salmonete*, *sanmartiño*, *sardiña*, *sargo*, *serrán*, *solla*, *sollo*, *tiburón*, *trancha*, *tremo*, *troita*, *vello*, *xarda*, *xarreta*, *xouba*, *xulia*, *xurelo*, *zamborca*, *zapata*, *zurdo*.

razón desta inclusión débese á coincidencia na estrutura e mesmo no significado dalgunhas unidades.

O resultado foi un conxunto de unidades fraseolóxicas que tentamos ordenar, procurando o establecemento dunha clasificación ou sistematización sinxela e clara. Desde o principio, distinguimos dous tipos de unidades: por unha banda, as locucións e fórmulas e, por outra, os refráns.

Seguindo a clasificación das unidades fraseolóxicas de Álvarez de la Granja (2004:10-17), consideramos *locucións* aqueles elementos oracionais que non son actos de fala de seu, senón que están inseridos neles. Fronte ás locucións, os *enunciados fraseolóxicos* son "actos de fala, unidades comunicativas fixadas e, como tales, posúen contorno melódico propio (unha entoación xa dada), sentido completo e independencia sintáctica". Pola súa parte, os enunciados fraseolóxicos, seguindo a esta mesma autora, poden ser *refráns* ou *fórmulas*. Os primeiros son enunciados que encerran "un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida e presentada como verdade) válida en calquera tempo". As *fórmulas* son enunciados "con significado pragmático e situacional, pero carentes dun significado descritivo con valor de verdade xeral e, en boa parte dos casos, carentes de calquera significado descritivo"

Unha vez establecidos, para os efectos deste estudo, os dous grandes bloques arriba mencionados, as locucións e fórmulas por unha banda e os refráns por outra, atopamos que o grupo de locucións e fórmulas non era tan rico como esperabamos, e no caso dos refráns constatámo-la ausencia de peixes tan populares como a "xarda" ou a "faneca".

Cada un dos devanditos bloques foi á súa vez sometido a unha clasificación interna baixo criterios semánticos, como veremos, nos lugares correspondentes. Comezamos polo grupo menos numeroso, de xeito que presentámo-las locucións e seguidamente os refráns, tentando explicalos na medida do posible e facendo anotacións e interpretacións paralelas directamente relacionadas con eles.

Cómpre engadir algún apuntamento máis acerca da metodoloxía empregada. No traballo transcribímo-los exemplos tal e como aparecen no *Diccionario de diccionarios*, respectando a representación da gheada, do seseo, dos castelanismos, dos fenómenos fonéticos etc., mais nas locucións unificámo-los verbos a través do infinitivo (por exemplo: *ten muyta troita-ter muyta troita*).

Para finalizar, procedemos á numeración correlativa das locucións e refráns a medida que iamos falando delas para unha doada identificación dos exemplos. Un anexo final recolle as unidades fraseolóxicas por orde alfabética separadas sempre en dous grupos: fórmulas e locucións, por un lado, e refráns, por outro.

2. Fórmulas e locucións

Nesta primeira parte do noso traballo procedemos á enumeración e análise das fórmulas e locucións. Como xa foi indicado na introdución, seguímo-la definición de Álvarez de la Granja (2004:10-17).

Tras reuni-lo corpus e separa-los refráns das fórmulas e locucións, observamos a primeira vista que o número destas era notablemente inferior ó dos refráns. Unha análise máis polo miúdo permitiunos concluír que, ademais, presentaban poucas

diferenzas no plano tipolóxico: aproximadamente a metade delas son locucións verbais e a outra adxectivas, substantivas, adverbiais e unha fórmula, o que nos levou a non considerar este criterio como significativo á hora de clasificalas.

Foi o plano semántico o que nos serviu de base para facer unha sistematización do material reunido. Así, tras analiza-lo corpus tirado do *Diccionario de diccionarios*, acabamos por establecer sete grupos de locucións en función do seu sentido semántico.

Grupo 1. Caracterización de individuos

Nun primeiro bloque de exemplos incluímo-las locucións que encerran unha caracterización de individuos, aquelas que indican calidades sobre todo físicas, pero tamén psíquicas ou do carácter, de aí que aparezan ás veces en construcións de estrutura copulativa, recaendo toda a carga semántica na característica que se destaca da persoa (ou animal). Estes son os exemplos tomados do *Diccionario de diccionarios*:

(1) [estar/seguir/vir] *feito un bacalau*

(2) *parecer un arenque*

(3) *parecer un arroaz*

(4) [estar/seguir/vir] *coma unha balea*

Deste xeito, cando empregámo-la locución numerada como (1) referíndonos a alguén, queremos dicir que está moi delgado. Temos que dicir que no corpus só recollemos esta locución usada co verbo *estar*, mais constatámo-lo seu uso con outros verbos (*deixar*, *seguir*, *vir*). Trátase, daquela dunha locución adxectiva. O exemplo (2) significa máis ou menos o mesmo, 'estar esmirrado', aínda que pode incluí-lo matiz de 'secura de carácter' en referencia á carne deste peixe. O caso de (3) indica 'gordura, gran tamaño, complexión e forza', xustamente coma o cetáceo que aparece na frase. Algo parecido ó caso (4), que o tomamos de Aníbal Otero e que o recolle así: *Veñen como baleas, de cheas, as vacas*. Entendemos que a locución significa 'moi cheo, moi gordo'.

As seguintes son locucións substantivas sinónimas de "penca" ou "marxa":

(5) *mancha de percebe*

(6) *mancha de troita*

Sen dúbida a motivación está no parecido co aspecto destes animais mariños. As seguintes, relacionadas coas anteriores, son locucións adxectivas para describi-la persoa que ten pencas. Equivale a 'pencado'.

(7) *marxado da troita*

(8) *picado da troita*

Da mesma maneira, para describir uns ollos saíntes ou saltóns, témo-la seguinte locución:

(9) *ollos de pota*

Neste mesmo grupo podemos incluír outra que serve para caracterizar igualmente o individuo de que se fala, indicando unha característica deste:

(10) *ter muyta troita*

Segundo Sarmiento, esta frase significa 'ser pícaro', 'ter picardía', co cal fai referencia a calidades psíquicas ou do carácter da persoa.

Un caso ben coñecido para caracterizar negativamente a persoa é a seguinte locución substantiva ou adxectiva, segundo o uso. Significa 'persoa coa que hai que ter coidado, persoa mala ou pouco de fiar'. No *Dicionario* aparece co verbo "ser" mais é evidente que se pode usar noutras construcións como no exemplo seguinte: *veu con ese bo peixe*.

(11) *bo peixe*

Unha vez establecido este grupo, ocorréronsenos numerosos casos que non aparecen recollidos no *Diccionario de diccionarios*, algúns tan coñecidos como *listo coma unha xarda* etc. A existencia na lingua de tan abundantes exemplos pon de relevo a vitalidade e riqueza deste recurso de creación tan propio da lingua oral. Calquera é capaz de facer asociacións do tipo salmón=seco, percebe=caro ou ourizo=espiñento, e, a partir de imaxes coma estas, identificables por todos, crear unha locución de forte carga expresiva que funcione con eficacia nunha situación comunicativa concreta.

Grupo 2. Caracterización de estados

O segundo grupo está formado por locucións que se empregan para describir unha situación ou estado en que se atopa o individuo. Nos exemplos recollidos compárase este cos peixes cando se encontran no seu medio natural ou fóra del para indicar se se atopa nunha situación en que se desenvolve con soltura ou que lle resulta agradable. Vexámo-los exemplos para máis claridade:

(12) *coma o peixe/a troita na auga*

(13) *coma o peixe fóra da i-auga*

(14) *coma sardiña en banasta*

(15) *pillar un pulpo barbarísimo*

(16) *tan duro coma un cazón*

O exemplo (12), ben coñecido por todos, apunta claramente a unha situación positiva, en que o suxeito se atopa a gusto, mentres que (13) indica diametralmente o contrario, que se sente fóra de lugar.

Cabe destacar que se recolleu a mesma locución empregando "troita" ou "peixe" sen que se dea mudanza no significado: (12) *coma o peixe/a troita na auga*. Isto débese á relación hipónimo-hiperónimo existente entre estes termos.

A modo de apuntamento incluímos unha frase tirada de internet que, con certeza, alguén escoitou máis dunha vez: *máis perdido ca un polbo nun garaxe*.

> *Canobbio anda mais perdido que un polbo nun garaxe. Coma siga nesa liña chupará banquillo e sairá Jorge ou Guayre no seu lugar. Ten que espabilar porque o necesitamos. En canto a Núñez penso que se rebentou a correr. Axudou a Vara bastantes veces a ainda tivo arrestos para meter dous ou tres centros bastante bos. Para min ben o rapaz.*

Esta locución ten un significado moi próximo ó exemplo (13): 'incómodo ou fóra de lugar', e sérvenos para ilustrar como a fraseoloxía vai mudando co paso do tempo e adoptando referentes máis próximos ós contextos actuais coa axuda da publicidade, programas de humor e outros.

No caso de (14) o significado é diferente, pois fai alusión ó apertadas que están as sardiñas cando, unha vez pescadas, se introducen na cesta ou banastra. Tamén pode referirse á lata, para o que existe outra frase ben coñecida: *coma sardiñas en lata*.

O caso de (15), *pillar un pulpo barbarísimo*, utilízase co significado de 'mollarse moito' e algo debe ter que ver co aspecto do polbo ó saír da auga.

A locución (16), *tan duro coma un cazón*, provén, segundo Eladio Rodríguez, de que a comida deste peixe é pouco apreciada por dura.

Grupo 3. Caracterización de accións

Seguindo coa nosa clasificación, establecemos un terceiro grupo de locucións que, a diferenza das anteriores, caracterizan accións, xa que toda a carga semántica recae sobre o verbo, semanticamente moi marcado. Os exemplos que compoñen este grupo son:

(17) *apegar(se) coma unha lapa*

(18) *escoarse coma unha anguía*

(19) *andar á lapa*

(20) *face-lo pancho*

Os dous primeiros casos empregan a estrutura comparativa para resalta-la acción do verbo a través do termo de comparación, pois a devandita acción é propia da especie coa que se compara. O caso (19), *andar á lapa*, cremos que se podería relacionar tamén co molusco univalvo e significa 'vivir de mesas alleas, arrimándose a quen pode'. De tódolos xeitos tamén podería ter relación con "lapar", 'comer apresuradamente' ou mesmo 'lamber' ou 'roubar'.

Igual que para os grupos anteriores, ocorréronsenos outras frases que corroboran a vitalidade deste recurso de creación de locucións, como *ir para atrás coma os cangrexos*.

Non temos totalmente claro que a locución (20), *face-lo pancho*, teña que ver co nome do peixe. Significa 'sacia-la fame, enche-la barriga'. O nome deste peixe, o pancho, talvez estea relacionado con "panza" a través do vasco, como di Carme Ríos Panisse (lat. pantice). Por outra parte, "pancha" é sinónimo de "farta", "enchente".

Grupo 4. Fenómenos meteorolóxicos

Esta epígrafe abrangue un par de casos referidos a fenómenos relacionados co tempo meteorolóxico. Son construcións impersoais que indican o tempo que vai:

(21) *haber arroaces de mar*

(22) *facer mala xouba/bocareu*

En (21), o proceso de creación baséase en achega-lo nome do peixe e algunhas das súas características a un determinado estado do mar. Os arroaces crean unha base metafórica apoiada no movemento que estes fan ó nadar e o efecto óptico que producen. Ó emerxeren e somerxérense, evocan unha imaxe de ondulación permanente que lembra ás ondas. Indícase así que o mar está revolto e hai ondada.

De novo apuntamos outro exemplo que reafirma que este recurso de creación emprega outro tipo de imaxes, non necesariamente relacionadas cos peixes. A frase *haber lombos de ovella [no mar]* é unha metáfora da escuma das ondas creada a partir da la deste animal. Tamén se dá en chamar *mar de vento*.

A seguinte frase, (22), non só se refire ó estado revolto do mar, como acabamos de ver en (21), senón a un tempo frío, chuvioso, desapracible. Mais, ó contrario do que sucedía con (21) *haber arroaces de mar*, a relación entre os dous termos da metáfora non é tan transparente.

Grupo 5. Significado de rendibilidade e proveito

Neste novo grupo inserimos aquelas locucións que se refiren á rendibilidade de algo, expresan a valoración de cousas tanxibles. Os exemplos atopados parecen facer alusión ó baixo valor do peixe:

(23) *mercar dúas sardiñas e dar catro fritidas*

(24) *saír máis caro o prebe có peixe*

(25) *valer máis a salsa que o peixe*

As tres locucións aplícanse a situacións nas que o beneficio é menor có gasto. En (23), como cada sardiña temos que fritila dúas veces, o gasto que nos ocasiona é dobre. En (24) e en (25), que é unha variante, temos unha frase que significa que sae máis caro o secundario có principal, sentido que dalgún xeito entronca coa frase anterior.

A sardiña, debido á súa abundancia e ó seu baixo prezo no mercado, foi desde sempre un dos peixes máis consumidos pola xente do mar. Talvez hoxe esta realidade comeza a mudar, pero ata hai ben pouco o feito de poder conservalas con sal ou afumadas permitía dispoñer delas en calquera momento. Isto podería explica-la súa escasa valoración, o baixo aprecio de que gozaban. Aínda así, na actualidade segue a ser un dos peixes que mellor podemos saborear en todo o noso litoral nos meses de verán. Arredor dunha sardiñada teñen lugar numerosas festas.

Rematamos esta epígrafe cunha fórmula sobradamente coñecida que indica o aproveitamento de algo ou de alguén para o beneficio propio, cadaquén mira para si tirando proveito do que pode:

(26) *cada un achega a brasa á súa sardiña*

Grupo 6. Carencia de valor

Neste último grupo de locucións incluímos dúas formadas a partir dun molusco bivalvo denigrado e raramente comestible, a "arola". O nulo valor que se lle concede a estes bivalvos desde un punto de vista gastronómico explica que se empregue cun significado próximo a 'nada'. No dicionario de Valladares defínese a locución (27)

como 'ayunar, no comer cosa de provecho, o que alimente' e no de Carré (1972) 'comer cosas de poco alimento: quedar con ganas':

(27) *comer arolas*

A falta de aprecio por este molusco faino dotarse de matices pexorativos que levan a convertelo nunha forma eufemística de *vai á merda*, igual ca outras como *vai ó aire* ou *vai ver se chove*:

(28) *vai/ide á arola*

Así e todo, non son as únicas combinacións que coñecemos con esta especie. Aínda non figurando no *Diccionario de diccionarios*, non é difícil escoitar alusións a este animal en contextos de diálogo como o reproducido a seguir:

–¿Fuches a Santiago?

–Fun.

–Quen che dera, fuches arolas.

Claramente, o interlocutor non só non o cre, senón que o nega con rotundidade, demostrando incredulidade ante o que se lle di.

Incluímos tamén nesta epígrafe a locución (29) que, co significado de 'pagar mediante pequenas entregas' alude tamén ó pouco valor que se lle daba á sardiña pola súa abundancia e baixo prezo.

(29) *pagar en cartos de sardiñas*

Unha maneira de dicir 'nada' ou 'cousa ningunha', recollida no Grove, é a seguinte locución:

(30) *nin rabo de palla*

Grupo 7. Outros casos

Nunha situación que xa estaba chegando ó límite e aínda se lle engade algunha cousa a maiores que a apure un pouco máis, emprégase a fórmula:

(31) *botar outra sardiña, que outro ruín vén da viña*

Este ten o mesmo significado ca outros moi estendidos na nosa cultura popular, como *eramos poucos e pariu a avoa* ou *outra vaca no millo*.

3. Refráns

Deixamos paso agora ós refráns, que forman un grupo máis numeroso. De tódolos traballos reunidos no *Diccionario de diccionarios*, cómpre destaca-la importancia do de Eladio Rodríguez, xa que o seu dicionario enciclopédico contén unha porcentaxe elevadísima da totalidade de unidades fraseolóxicas da obra compilatoria.

Despois de analiza-lo corpus dos refráns para establece-los criterios para a súa clasificación, decidimos centrarnos en dous grandes grupos: por unha banda, xuntámo-los refráns cun significado literal e, pola outra, aqueles que teñen un sentido máis

metafórico. Dentro de ámbolos dous grupos, respectamos no posible a orde por temas, tentamos facer unha combinación de dous criterios que se complementan perfectamente. Sen dúbida, unha clasificación seguindo estes parámetros pode ser considerada subxectiva e mesmo arbitraria, xa que hai moitos refráns que tanto poden ser interpretados literal coma metaforicamente.

Grupo 1. Refráns con significado referencial

Baixo esta epígrafe, agruparemos, entón, aqueles refráns que presentan un significado máis ou menos directo, transparente, sen pasar por ningún filtro metafórico ou figurativo.

En función do significado que expresen, faremos varios subgrupos.

1.1. 'Época do ano propicia para o consumo'

O primeiro subgrupo contén un número de exemplos bastante numeroso que iremos debullando a seguir. Todos eles fan referencia á época do ano que é máis aconsellable para degustar un determinado peixe.

Os catro exemplos que veñen deseguido posúen unha serie de trazos comúns:

(1) *En xaneiro a raia val carneiro*

(2) *Raia pescada en xaneiro sabe a carneiro*

(3) *Ollomol de xaneiro sabe a carneiro*

(4) *Ollomol de xaneiro sabe a carneiro*

(5) *A pescada en xaneiro vale carneiro*

É evidente que xaneiro se presenta como o mellor mes para saborear diferentes especies, neste caso o ollomol, a pescada e a raia, de aí que practicamente o mesmo esquema construtivo sirva para referirse a distintos peixes que a esa altura do ano están no tempo idóneo para o seu consumo. Ademais, nestes catro primeiros refráns, o mecanismo utilizado para exalta-la calidade do sabor apóiase no seu símil coa carne, en concreto coa do carneiro. Á parte da fácil rima consonante con "xaneiro", o carneiro posúe unha carne que acae no paradigma de manxares apreciados dentro da cultura gastronómica galega.

O mes de abril é o máis apropiado para comer "escacho", como indica a sinxela rima do exemplo (6), e semella tamén tempo axeitado para o "salmón", se ben máis tarde xa non é tan recomendable:

(6) *Ó escacho polo abril non hai máis que lle pedir*

(7) *En abril, o salmón pra min; no maio, pró criado, e no san Xoán, pró can*

Segundo o refrán (7) que acabamos de ver, o salmón non se presenta na súa mellor época no mes de maio. Isto entra en contradición con outro dos exemplos recollidos no *Diccionario de diccionarios*, do que se extrae que no mes maio está no seu mellor tempo:

(8) *O percebe i o salmón, no maio están en sazón*

No caso da sardiña, xuño sitúase como un mes óptimo para o seu consumo e, se nos exemplos anteriores a idoneidade viña reflectida pola evocación da carne, neste caso valórase positivamente o feito de que solte graxa, de que o saín molle o pan, como modelo do peixe saboroso. Vémolo nestes dous exemplos:

(9) *En san Joán, ja a sardiña molla o pan*

(10) *Se comes sardiña en san Xoán, mollaráseche o pan*

O tempo idóneo para o consumo doutros tres peixes recóllese nos exemplos de (11), (12) e (13):

(11) *Follas na figueira, farros da ribeira*

(12) *O barbo val ouro/está coma un touro cando o trigo é louro*

(13) *Cando o trigo vai louro, vale o múxele ouro*

A diferenza dos dez casos anteriores, a época do ano nestes tres exemplos xa non se di explicitamente a través do mes, senón que se recorre ó calendario do agro ou das colleitas: o momento en que a figueira bota a folla (a primavera) ou en que o trigo está listo para ser recollido (á altura de xuño ou xullo).

1.2. 'Época do ano desaconsellada para o consumo ou a pesca'

Se tódolos refráns anteriores expresan o momento propicio ou óptimo para o consumo de especies concretas, un número maior de exemplos advirte da inconveniencia de comelos en determinadas datas.

O mes de abril non se presenta bo para degusta-la sardiña, así como tamén a "solla" se descarta nesta altura do ano. Como vemos no exemplo (14), hai que agardar a que o peixe estea no seu momento:

(14) *A sardiña por abril cóllea polo rabo e déixaa ir; por maio ásaa no rescaldo e por san Xoán xa molla o pan*

(15) *Quen queira mal a unha veciña déalle en abril sardiña*

(16) *Ó que en abril come sardiña aínda en agosto lle pica a espiña*

(17) *Á solla de abril ábrelle a man e déixaa ir*

A maioría dos refráns –a excepción do xa citado exemplo (8) *O percebe i o salmón, no maio están en sazón*– que se refiren ós peixes no mes de maio desaconsellan o seu consumo, como indica o seguinte bloque de exemplos:

(18) *O peixe de maio, a quen cho pida, dállo*

(19) *Peixe de maio, déixao para o teu amo*

(20) *Sardiñas de maio, sardiñas do diaño*

(21) *Sábalo dispois de maio, quenturas pra todo o ano*

O caso de (19), a través da sorna, reflicte algúns xestos do imaxinario colectivo da cultura tradicional, neste caso a consideración negativa do amo. Un recurso semellante

emprégase no exemplo visto en (7): *En abril, o salmón pra min; no maio, pró criado, e no san Xoán, pró can*.

Volvemos atopar casos nos que non se cita explicitamente o mes, senón que a época do ano se infire por outro tipo de indicativos:

(22) *O salmón i o sermón, dispois da Páscoa non teñen sazón*

(23) *Ende vindo o perdigón, perde a troita sazón*

(24) *Dende que vén o cuco, fóra o pulpo*

(25) *Mentres canta o cuco, non comas nin raia nin pulpo*

(26) *Mentres non hay abórtegas, non hay maragotas*

(27) *Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar*

Dentro destes, o refrán (22) volve contradicirse co de (8) *O percebe i o salmón, no maio están en sazón*, pois a Pascua cadra en marzo ou abril, polo que en maio xa non estaría en sazón, como afirma o controvertido exemplo (8).

A referencia á cría da perdiz, (23), e ó cuco, (24) e (25), son os recursos empregados para acoutar temporalmente unha época que vai desde o principio da primavera ata o final do verán. O exemplo (26) recorre á coincidente aparición dunha planta, a abrótega, cuxo nacemento se dá na primavera, coa época en que podemos atopar maragotas.

Finalmente, Eladio Rodríguez e Franco Grande recollen o refrán (27). O mascato é unha ave marítima que se alimenta de sardiñas, polo que anuncia e denuncia a súa presenza no mar, e mesmo pode chegar a indica-la profundidade a que se atopan, xa que se somerxe para pescalas. O mascato aparece no inverno, como indica outro refrán que volve marca-lo tempo a través do santoral: *Pola santa Lucía, mascatos na badía*. Santa Lucía é o día 13 de decembro e, en relación a este, atopamos outro refrán que, aínda que non indica exactamente a época do ano apta ou non para o consumo, refírese a aspectos meteorolóxicos que afectan á cría ou pesca, neste caso, da sardiña:

(28) *Chuvia pola santa Lucía, tolle a sardiña*

1.3. 'Valoración ou consideración social do peixe'

Dentro deste subgrupo os máis sinxelos son os catro seguintes, nos que en cadansúa serie binaria se di cal é o mellor dos peixes e cal a mellor das carnes, indicando as preferencias populares:

(29) *Do mar, o mero; e da terra, o becerro*

(30) *Dos peixes, o mero; e das carnes, o carneiro*

(31) *Das carnes, o carneiro, e dos peixes, o mero*

(32) *Do mar, o salmón; e da terra, o lacón*

O exemplo seguinte gaba a calidade de dous peixes, a "troita" e o "salmón", se ben para un terceiro, o "sábalo", cómpre indicar que ten que atoparse no seu estado propicio para estar bo:

(33) *Moi boa é a troita, millor é o salmón, e bo é o sábalo na súa sazón*

(34) *O sábalo é bon cando está en sazón*

Outros inciden na escasa valoración social, que, no caso da "lamprea", desde a perspectiva de hoxe en día, perdería totalmente a súa vixencia:

(35) *Non comas lamprea, que non é sana e ten a boca fea*

(36) *A cabeza do merlón (budión) diante de ti a pon; e a da boga, diante da túa sogra*

(37) *Se qués ver á túa muller morta, dálle de comer samborca*

En (36) e (37) volvemos ver como, cando aparece a negatividade, asoma de novo o imaxinario colectivo tradicional, deixando patente a connotación xocosa e pexorativa da sogra e da muller. Repárese que en (36) se fala do aprecio da carne da cabeza e non do peixe en si.

Noutros casos, a valoración ten que ver co aspecto económico:

(38) *Troita cara non é sana*

(39) *O salmón coa careza a casa descompón*

Os refráns (38) e (39) reflicten dous puntos de vista opostos. Por un lado témo-lo valor da troita, que se traduce como baixo en termos monetarios pero moi alto en canto á presenza nas mesas galegas, sobre todo en tempos de crise; o salmón, pola contra, sempre foi altamente estimado e caro, tanto como para desequilibra-la economía familiar.

Aínda que nos seguintes exemplos non se indica explicitamente, podemos extrae-la idea de que a sardiña é un peixe accesible co que é doado negociar e obter ganancias, e que, por tanto, non goza dunha consideración elevada, por iso se contrapón coa vaca ou coa galiña:

(40) *É tan bobiña que troca a vaca pola sardiña*

(41) *Vende sardiña e poderás comer galiña*

(42) *Trata en sardiña e comerás galiña*

(43) *Presta máis unha sardiña con gusto que unha galiña con disgusto*

O seguinte exemplo encerra connotación distintas:

(44) *A sardiña i o porco, se voaran, moito máis se estimaran*

Este refrán actualiza outro tipo de matiz, pois debido á frecuencia e abundancia da sardiña e o porco nas casas galegas, non se apreciaba o seu valor. Neste caso, o recurso faise a través da alusión ás aves de caza, altamente apreciadas polo seu sabor pero tamén pola súa dificultade para conseguilas.

Un refrán semellante, segundo a nosa información, dicíao don Xosé "o Escalfurrado", crego noiés afeccionado á caza: *Se o porco voara, non habría perdiz que o igualara*.

1.4. 'Estado ou forma de preparación axeitada para o consumo do peixe'

O presente subgrupo reúne aqueles exemplos que, dun xeito máis ou menos concreto, tratan acerca da mellor maneira de prepara-lo peixe ou do estado ideal para degustalo.

Nos exemplos seguintes resáltase a idade idónea ou a idea de frescura:

(45) *A troita i o unto canto máis vellos millor*

(46) *Troita de hoxe; pan de onte; carne de antronte*

En (45) indícasenos que a troita debe ser grande, ter anos, ser vella para estar saborosa, mentres que no exemplo seguinte o consello afirma que debe estar fresca.

No refrán (47) volve aparece-la idoneidade do peixe que solta graxa:

(47) *Non é boa solla a que o pan no molla*

O modo ideal de preparación aparece noutro bloque de casos:

(48) *A troita pra que che guste ha de ter sete efes: fresca, fría, frita, fiada, fragosa, fea e femia*

(49) *A anguía, en empanada, e a lamprea, escabechada*

(50) *A sardiña i a longaniza, ponas ó calor da cinza*

(51) *Sardiña salgada, ben cocida ou mal asada*

(52) *A sardiña na chama, e a muller na cama*

Neste último refrán volve mostrarse a idea vista máis arriba a propósito do tratamento da muller. A figura feminina aparece idealizada desde a visión patriarcal e machista imperante na sociedade máis tradicional, aínda vixente nalgúns contextos. Este trato despectivo, mesmo de certa misoxinia, hai que situalo dentro dos recursos humorísticos populares; é un elemento frecuente na fraseoloxía galega e común ó imaxinario popular oral de moitas outras culturas. De feito, volvemos atopalo noutros dous casos:

(53) *A muller e a sardiña, redondiña*

(54) *A sardiña i a muller, pequeniña se pode ser; que canto máis pequeniña millor ten que saber*

Igual có exemplo (52), estes dous relacionan a muller coa sardiña. En (53) alúdese a que a sardiña debe estar gorda, ter carne. Estes trazos tamén son desexables para a muller, o cal entronca co canon tradicional feminino ó que Ferro Ruibal (1996: 60) alude dicindo que:

> [...] *na vida tradicional unha muller precisa compoñe-la gracia das súas formas coa fortaleza dos seus músculos, por iso unha modelo de pasarela non sería modelo a seguir*.

No exemplo (54) saliéntase o sabor das sardiñas de pequeno tamaño e igualmente se compara co ideal de beleza feminina.

Grupo 2. Significado metafórico

Vimos que o grupo 1 se caracterizaba pola súa literalidade, pola súa referencialidade. Aínda que algunhas partes deses refráns estivesen dotadas de sentido figurado, o seu contido global podíase asumir como máis ou menos directo e referencial.

Ímonos centrar desta volta no resto dos refráns, nos metafóricos, naqueles que recollen un sentido sempre figurado e nos que o significante non reflicte con total transparencia o significado.

Nestes refráns metafóricos non se rexistran tantos resultados cos diferentes nomes dos peixes, se ben, como xa indicamos, incluímos exemplos que empregan o xenérico "peixe".

Ó contrario do grupo anterior, os refráns deste están dotados dunha gran carga moralizante e sentenciosa; falan da bondade ou dos inconvenientes de tal ou cal tipo de valor ou comportamento. Precisamente, cremos que o carácter abstracto destes contidos propicia a súa natureza metafórica.

2.1. 'Enxalzamento do esforzo'

Son numerosos os refráns en que se enxalza o valor do esforzo, en tanto que o medio acuático (o mar, os ríos etc.) se asocia cun escenario máis ou menos hostil en que cómpre empregarse a fondo:

(55) *O que troitas quer pescar, as calzas ten que mollar*

(56) *Quen peixes queira pescar, tense que mollar*

(57) *Non se pillan as troitas coas bragas enxoitas*

(58) *Non se pillan as truitas a bragas enxuitas, i a bragas molladas, poucas i malas*

(59) *Mariñeiro que dorme, peixes non colle*

En (55), (56), (57) e (58) atopámo-la idea de que para conseguir algo hai que poñe-los medios e o traballo, pois as cousas non se fan soas: aquel que non pon da súa parte non pode recoller froito.

O refrán (60) leva aparellada a idea de que para conseguir algunha cousa ou obxectivo é inevitable correr riscos:

(60) *O que vai ás barbadas, ás veces nas penas esvara*

O exemplo (61) achega outro matiz: indica que se alguén se despista ou se deixa levar, pode perder oportunidades ou torce-lo camiño, co que leva implícita a idea de que cómpre ter vontade e firmeza:

(61) Camarón que se dorme, vaino levando a corrente

2.2. 'Roubo de reparación improbable'

O seguinte bloque de exemplos emprega a metáfora do gato que rouba as sardiñas para referirse a que aquilo que foi roubado xa non terá volta. Como explica Acevedo a propósito de (62), aplícase ós roubos, embargos, raptos e depósitos en xulgados e facenda.

(62) *Sardiña qu'o gato leva, tarde ou nunca volve o prato*

(63) *Sardiña que leva o gato, gandida vai*

(64) *Sardiña qu'o gato leva, tarde ou nunca a deixará*

Relacionado con este grupo, incluímos outro caso que emprega a sardiña como metáfora dunha cousa tentadora á que non lle faltan pretendentes:

(65) *Anque a sardiña está no prato, non é por falta de gato*

2.3. Outros casos

Para finalizar, incluímos nesta derradeira epígrafe unha serie de exemplos individuais no que ó seu significado se refire.

O refrán (66) fai alusión ás características que definen ou que lle son propias a un suxeito, sexa unha persoa, un grupo ou unha cousa. Tamén pode significar que tódalas cousas teñen un lado malo.

(66) *Cada sardiña ten a súa espiña*

O seguinte exemplo, inda que tamén pode ter un sentido literal pois a sardiña emprégase como engado para pescar diferentes especies, utilízase en contextos onde queremos indica-la múltiple utilidade de algo:

(67) *Cunha sardiña pode pescarse unha troita ou unha anguía*

4. Conclusións

Trala análise das unidades fraseolóxicas do *Diccionario de diccionarios* referidas a especies de peixes (e outros animais marítimos), podemos tirar varias conclusións.

Para comezar, o mencionado soporte electrónico non está especializado en fraseoloxía, o que pode explica-las escasas entradas conseguidas. Constatamos, daquela, pouca presenza da fraseoloxía nestes nosos primeiros dicionarios. É posible tamén que non houbese moita consciencia entre os nosos primeiros lexicógrafos da importancia deste aspecto do idioma, hoxe máis valorizado. Así e todo, e grazas ós rigorosos estudos dalgúns dos autores das diferentes obras que o forman, como Eladio Rodríguez, o campo das paremias do eido que nos ocupa está presente no *Dicionario* dunha maneira máis que anecdótica.

Tanto no tocante ás locucións coma ós refráns, o dos peixes é un campo léxico recorrente, se ben algunhas especies concretas como a sardiña ou a troita concentran maior cantidade de exemplos, 29 a sardiña e 15 a troita. Isto pode explicarse pola súa abundancia e accesibilidade. Tamén puidemos comprobar que, en ocasións, estes dous

termos se empregan como xenéricos no canto de "peixe", recorrendo á relación hipónimo-hiperónimo que as une ("troita" e "sardiña" son hipónimos de "peixe").

Os casos intermedios son o salmón con 6, a anguía, o mero, o polbo, a raia e o sábalo con 3; a arola, o arroaz, a lamprea, a lapa, o ollomol, o percebe e a solla con 2. Finalmente, con 1 exemplo están o arenque, o bacallau, a balea, a barbada, o barbo, o bocareo, a boga, o budión, o camarón, o cazón, o escacho, o farro, a maragota, o merlón, o muxe, o pancho, a pescada, a pota, a xouba e a zamborca. Co xenérico "peixe" recollemos 11 exemplos, aínda que nos consta que hai máis.

Con respecto ós temas, tras facer unha clasificación semántica, vimos como as locucións e os refráns non metafóricos son facilmente clasificables polo seu significado, mentres que aqueles refráns metafóricos e precisamente polo seu sentido figurado, son máis dispares no seu contido, ademais de formaren un grupo menos numeroso.

Temos unha certa conciencia de que moitas das locucións e refráns aquí documentados están en claro desuso debido ás novas técnicas de pesca, ás diferentes connotacións e imaxes metafóricas dalgunhas especies etc.; debido, en definitiva, á evolución da lingua aparellada á evolución da sociedade. Parécenos que a ausencia nos dicionarios de fraseoloxía de determinadas especies hoxe de moita importancia comercial (ameixa, pescada) e, pola contra, a maior presenza doutras hoxe pouco coñecidas (barbo, budión, farro, muxe), revélanos mudanzas no valor das especies e nos costumes en xeral. O caso do marisco parécenos paradigmático. De por parte, sospeitamos que no galego existe un maior uso de unidades fraseolóxicas en forma de refráns, locucións e fórmulas se o comparamos con outras linguas próximas. Con todo, o crecente estudo das paremias no noso país é inversamente proporcional á súa utilización:

> *Este período [o século XX] é, sobre todo na segunda metade, unha época de rexurdimento da paremioloxía: o interese polo seu estudio e lectura é algo evidente, pero polo contrario o seu uso sofre un claro retroceso, chegando a pensarse que é unha forma en proceso de desaparición*. (Conde Tarrío 2001: 34)

Para constatar esta hipótese da decadencia na utilización da fraseoloxía de especies de peixes, sería necesario levar a cabo unha análise do mínimo fraseolóxico similar á levada a cabo para as paremias por Ana Vidal Castiñeira (2004:79-116). Unha análise así presentaría datos do número de falantes, uso e coñecemento, así como contextos pragmáticos dos refráns, entre outros. Mais ese sería obxecto doutro traballo.

5. Anexo. Exemplos por orde alfabética

1. Locucións e fórmulas

andar á lapa
apegar(se) coma unha lapa
bo peixe
botar outra sardiña, que outro ruín vén da viña
coma o peixe/a troita na auga
coma o peixe fóra da auga

coma sardiña en banasta
comer arolas
escoarse coma unha anguía
[estar/seguir/vir] *coma unha balea*
[estar/seguir/vir] *feito un bacalau*
facer mala xouba/bocareu
haber arroaces de mar
mancha de percebe
mancha de troita
marxado da troita
mercar dúas sardiñas e dar catro fritidas
nin rabo de peixe
ollos de pota
pagar en cartos de sardiñas
parecer un arenque
parecer un arroaz
picado da troita
pillar un pulpo barbarísimo
saír máis caro o prebe có peixe
ter muyta troita
vai/ide á arola
valer máis a salsa que o peixe

2. Refráns

A anguía, en empanada, e a lamprea, escabechada
A cabeza do merlón (budión) diante de ti a pon; e a da boga, diante da túa sogra
A muller e a sardiña, redondiña
A pescada en xaneiro vale carneiro
A sardiña e a longaniza, ponas ó calor da cinza
A sardiña i a muller, pequeniña se pode ser; que canto máis pequeniña millor ten que saber
A sardiña i o porco, se voaran, moito máis se estimaran
A sardiña na chama, e a muller na cama
A sardiña por abril cóllea polo rabo e déixaa ir; por maio ásaa no rescaldo e por san Xoán xa molla o pan
Á solla de abril ábrelle a man e déixaa ir
A troita i o unto canto máis vellos millor
A troita pra que che guste ha de ter sete efes: fresca, fría, frita, fiada, fragosa, fea e femia
Anque a sardiña está no prato, non é por falta de gato
Cada sardiña ten a súa espiña
Cada un achega a brasa á súa sardiña
Camarón que se dorme, vaino levando a corrente
Cando o trigo vai louro, vale o múxele ouro
Chuvia pola santa Lucía, tolle a sardiña
Con unha sardiña pode pescarse unha troita ou unha anguía

Das carnes o carneiro, e dos peixes, o mero
Dende que vén o cuco, fóra o pulpo
Do mar, o mero; e da terra, o becerro
Do mar, o salmón; e da terra, o lacón
Dos peixes, o mero; e das carnes, o carneiro
É tan bobiña que troca a vaca pola sardiña
En xaneiro a raia val carneiro
En abril, o salmón pra min; no maio, pró criado, e no san Xoán, pró can
En san Joán, ja a sardiña molla o pan
Ende vindo o perdigón, perde a troita sazón
Follas na figueira, farros da ribeira
Mariñeiro que dorme, peixes non colle
Mentres canta o cuco, non comas nin raia nin pulpo
Mentres non hay abórtegas, non hay maragotas
Moi boa é a troita, millor é o salmón, e bo é o sábalo na súa sazón
Non comas lamprea, que non é sana e ten a boca fea
Non é boa solla a que o pan no molla
Non se pillan as troitas coas bragas enxoitas
Non se pillan as truitas a bragas enxuitas, i a bragas molladas, poucas i malas
O barbo val ouro/está coma un touro cando o trigo é louro
Ó escacho polo abril non hai máis que lle pedir
O peixe de maio, a quen cho pida, dállo
O percebe i o salmón, no maio están en sazón
Ó que en abril come sardiña inda en agosto lle pica a espiña
O que troitas quer pescar, as calzas ten que mollar
O que vai ás barbadas, ás veces nas penas esvara
O sábalo é bon cando está en sazón
O salmón coa careza a casa descompón
O salmón i o sermón, dispois da Páscoa non teñen sazón
Ollomol de xaneiro sabe a carneiro
Ollomol de xaneiro vale un carneiro
Peixe de maio, déixao para o teu amo
Presta máis unha sardiña con gusto que unha galiña con disgusto
Quen peixes queira pescar, tense que mollar
Quen queira mal a unha veciña déalle en abril sardiña
Raia pescada en xaneiro sabe a carneiro
Sábalo dispois de maio, quenturas pra todo o ano
Sardiña qu'o gato leva, tarde ou nunca a deixará
Sardiña que leva o gato, gandida vai
Sardiña qu'o gato leva, tarde ou nunca volve ó prato
Sardiña salgada, ben cocida ou mal asada
Sardiñas de maio, sardiñas do diaño
Se comes sardiña en san Xoán, mollaráseche o pan
Se qués ver á túa muller morta, dálle de comer samborca
Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar
Trata en sardiña e comerás galiña

Troita cara non é sana
Troita de hoxe; pan de onte; carne de antronte
Vende sardiña e poderás comer galiña

6. Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2004): "Proposta de clasificación semántico funcional das unidades fraseolóxicas galegas", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 4, 9-34.

CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns*.Vigo: Galaxia.

CRESPO POZO, José Santiago (1982): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, tomo III. A Coruña: Ediciós do Castro.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (2005): "Limiar", en RIVAS LÓPEZ, Francisco (2005): *Dicionario fraseolóxico do mar. Así falan os mariñaos*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña: Real Academia Galega.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1987): *O refraneiro do mar*. Pontevedra: Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

SANTAMARINA, Antón (2003): *Diccionario de Diccionarios* 3.0. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza (Edición electrónica).

VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2004): "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 4, páxs. 31-38.

VV. AA. (2004) : *Cadernos de fraseoloxía galega* 6. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Referencias electrónicas

http://foro.delcelta.com/viewtopic.php?f=3&t=10196&p=296467 [Data de consulta: 09/09/2010]

Conectores, gramaticalización e polaridade: o caso de *ere* 'tamén' na lingua vasca

Juan Carlos Odriozola Pereira[1]

Ainara Ondarra Artieda[2]

Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco

A gramática estuda as relacións estruturais entre os constituíntes clausais, mentres que a pragmática reivindica o estudo das relacións (non estruturais) entre as cláusulas nun texto coherente. Este artigo explora a hipótese dun cambio gramatical universal de constituíntes clausais que adquiren novas funcións pragmáticas ou gramaticais sen perder as funcións gramaticais orixinais. O conector vasco *ere* 'tamén' mostra que a gramática e a pragmática están moi relacionadas (estruturalmente). A diferenza de *too / also* e *también / ere* ten unha sintaxe libre non polar. En cambio, unidades gramaticalizadas con *ere* mostran unha polaridade negativa de presuposición de veracidade descendente. Describimos igualmente estes cambios en termos de adquisición ou perda de presuposicións aditivo-escalares e presuposicións focais.

Palabras clave: conectores, polaridade, presuposición de veracidade.

Grammar analyzes the structural relationships between the constituents of a clause, whereas the task of pragmatics is to study (non-structural) relationships between clauses in a coherent text. This paper explores the hypothesis of a universal grammar change concerning clausal constituents that acquire new text-level pragmatic or grammatical functions without losing their original clausal functions. The Basque connector ere *'too / also' shows that grammar and pragmatics are closely related (structurally). Unlike too / also, ere has a non polarity-sensitive free syntax. However, grammaticalized units containing ere are involved in downward-entailing negative polarity. These grammar changes are further described as a process of (grammatical / pragmatic) acquisition or loss of additive / scalar and focal true presuppositions.*

Keywords: connectors, polarity, true presuppositions.

Data de recepción 09/04/2010 Data de aceptación 18/10/2010

[1] Tradución de Estrella Santeiro Doprado.

[2] Este traballo realizouse grazas á axuda económica concedida pola *Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea* ao proxecto de investigación EHU 08/4.

1. Introdución

Este traballo abordará a cuestión da evolución universal que presenta a linguaxe humana en constituíntes clausais que chegan a adquirir funcións pragmáticas no texto. Entre ese gran grupo de elementos en continuo cambio, eliximos algúns que se converteron no que a pragmática considera como conectores aditivos. En diversos idiomas, estes elementos están relacionados directamente coa organización da información dentro da cláusula e, ás veces, son descritos como elementos vinculados ao foco ou ao tópico. Finalmente, trátase de unidades que polo menos nas linguas do noso arredor chegaron a ser elementos polares.

A orixe clausal destes elementos é moi diversa; con todo, as funcións conectoras, as funcións de organización da información e os fenómenos de carácter polar implicados son omnipresentes nestes idiomas dende un punto de vista xeral, aínda que están sometidos a un notable cambio paramétrico; de calquera xeito, estes tres ámbitos da linguaxe humana están sempre implicados no cambio gramatical acontecido nas unidades que van ser obxecto de estudo deste artigo. Pretendemos ademais unificar aquí as diferentes terminoloxías e redes conceptuais tecidas arredor do que se deu en chamar "presuposición", limitándonos a formalizar os tipos de presuposición de veracidade que se xeran por causa do elemento conector, organizativo ou polar baixo análise.

A sección 2 describe brevemente o sistema de organización da información (focalización / topicalización) da lingua vasca en termos de orde de palabras e de características prosódicas. Parece claro que *también* e *tampoco* experimentaron unha evolución que os levou dende a súa condición de estrutura comparativa-anafórica intraclausal ata o seu status pragmático actual. *Ere* 'tamén' por outra banda, ten unha orixe preliteraria que non trataremos aquí, pero que posiblemente o levou dende unha estrutura anafórica intraclausal ata un status similar na sintaxe libre á dos seus correlatos románicos. Ademais mostrarase que a diferenza dos elementos románicos *también* e *tampoco*, o elemento vasco *ere* na súa sintaxe libre 1) non pode tomar dominio sobre elementos focalizados e 2) aparece tanto en cláusulas explicitamente afirmativas como negativas, adquirindo as respectivas lecturas afirmativas ou negativas. Este traballo formaliza tres tipos de presuposición de veracidade como indicadores do cambio gramatical. No texto representaremos os exemplos reais en letra cursiva, mentres que as representacións metalingüísticas de presuposición, que sempre daremos en castelán, serán presentadas con comiñas dobres. O feito é que, na sintaxe libre, os elementos románicos e o elemento vasco, en primeiro lugar, comparten a presuposición que para ambos os dous elementos románicos se denominou focal, a pesar de que *ere* nunca se une ao foco na sintaxe libre (*También / tampoco los enfermeros trabajan por la noche* => "los enfermeros sí / no trabajan por la noche"). En segundo lugar, a presuposición aditiva específica é compartida polos tres conectores (*También / tampoco los enfermeros trabajan por la noche* => "alguien distinto de los enfermeros sí / no trabaja por la noche"). En terceiro lugar, a sintaxe libre de *ere* en cláusulas explicitamente negativas comparte con *tampoco* unha presuposición que

denominaremos hiper / hipónima descendente (*Tampoco han venido los músicos* => "no han venido los chistularis").

A sección 3 fai unha nova achega a este ámbito, na medida en que presenta un *ere* incluído en unidades fraseolóxicas de contido semántico similar aos románicos *ningun(o), nunca, nada* ou *ni (siquiera)*. Trátase en realidade de unidades que se afastan tanto da sintaxe libre de *ere* coma da sintaxe libre dos románicos *también* e *tampoco*: 1) non teñen presuposición de veracidade aditiva estrita aínda que describiremos ao seu redor algún tipo de presuposición escalar, 2) si presentan a capacidade de unirse (indisolublemente) ao foco e seguen a xerar presuposición de veracidade focal (*No ha venido ningún chistulari* => "no han venido los chistularis") e 3) mostran polaridade negativa unida a unha presuposición de veracidade hiper / hipónima descendente (*No ha venido ningún músico* => "no han venido los chistularis"). Algúns dos elementos, produto dunha determinada gramaticalización mostran contidos semánticos parecidos a *ningun(o)* e outros están máis preto de *nunca*, *nada* ou *ni (palabra)*.

Este traballo non describe ningunha unidade fraseolóxica que inclúa *ere* e que estea desprovista de polaridade negativa.

2. Algunhas notas sobre a lingua vasca

Os elementos como *también* ou *tampoco* ou *ere* 'tamén' na lingua vasca, foron amplamente estudados na súa condición de conectores e na súa relación co sistema de organización da información (focalización / topicalización). Ademais, *también* mencionouse en estudos que exploran a polaridade positiva (González 2009:§5.2.2.2.1) e entendemos que *tampoco* é considerado como termo de polaridade negativa con negación interna (Sánchez 1999; Bosque 2009:§10.3). Queremos explorar aquí este tipo de características na medida en que son produto dun cambio gramatical que parece universal e continuo na linguaxe humana e que leva a constituíntes clausais de moi diversas categorías gramaticais a adquirir funcións pragmáticas moi concretas, que ademais están relacionadas co mencionado fenómeno sintáctico-semántico da polaridade.

También e *tampoco* evolucionaron evidentemente dende constituíntes clausais anafórico-comparativos ata adquirir as súas actuais funcións pragmáticas na lingua. *Ere*, por outra banda, ten unha posible orixe preliteraria que puido ser anafórica intraclausal, aínda que non comparativa. Non nos deteremos aquí nese cambio presumiblemente universal na linguaxe humana.

Este traballo vaise centrar no estudo de unidades fraseolóxicas con *ere* que mostran un contido semántico similar aos románicos *ninguno*, *nunca*, *nada* ou *ni (siquiera)*. Deste xeito, mentres que *también* e *tampoco* mostran actualmente unha sintaxe libre única, *ere* funciona tanto na sintaxe libre coma nas unidades fraseolóxicas obxecto de estudo deste traballo. Pretendemos achegar así novos datos e matices a diversos campos de traballo relacionados entre si: 1) os que exploran o cambio gramatical como a característica máis universal da linguaxe humana (Bybee 1994; Bybee 1998; Bybee 2003), 2) os que parten da definición de gramaticalización como "ganancia" da

gramática e "perda" do léxico e da definición de lexicalización como "ganancia" do léxico e "perda" da gramática (Contreras, Suñer 2004) e 3) os que ven como elementos lexicalizados certos elementos polares que na nosa opinión perderon gran parte do seu contido léxico.

A sección 2.1. revisa brevemente, para o lector non familiarizado coa lingua vasca, os fenómenos prosódicos e de orde de palabras relacionados coa organización intraclausal da información na lingua vasca.

A sección 2.2. mostra o funcionamento de *ere* como elemento que, a diferenza de *también*, vai unido exclusivamente a constituíntes topicalizados de diversas categorías gramaticais. Ademais esta sección fai unha achega orixinal neste ámbito, na medida en que se formalizan dous tipos de presuposición de veracidade compartidas polos dous elementos románicos e *ere*. Por outra banda, formalizamos un terceiro tipo de presuposición de veracidade non compartida polas dúas linguas. Describiranse ademais outros tipos de características xerais deste elemento, que en definitiva servirán de punto de referencia á hora de determinar os diferentes graos de fixación das unidades fraseolóxicas que están constituídas por *ere* e que se describirán na sección 3.

2.1. Organización da información na cláusula vasca

Aínda que é configuracional (Elordieta 2001:§1), a lingua vasca mostra unha liberdade de orde de palabras que é superior por exemplo á do inglés ou á do francés e que é comparable por exemplo á do castelán. A orde neutra S-OI-OD-V (Elordieta 2001:§1; Erdozia 2009; Laka 1995:§1; Ortiz de Urbina 2003) está exemplificada en (1):

(1) *Josebak* *Joni* *kapela bat oparitu* *zion iaz*

Joseba-ERG. Joni-DAT. gorra un regalar-PERF.AUX. el año pasado[3]

"Joseba regaló a Jon el año pasado una gorra"

O foco vasco precede directamente ao verbo e ambos os dous forman unha unidade prosódica. Esta é unha regra sen excepcións en gran parte dos rexistros do idioma. Así e todo, véxase Elordieta 2001:§4.5.2.2 e Etxepare; Ortiz de Urbina 2001:§4.4.7. De calquera xeito, a partir de agora sinalaremos o foco preverbal estándar con grosa. (2) mostra a focalización do complemento directo a partir da orde neutra mediante a habitual prominencia prosódica ou cumio melódico máis ou menos común a diversas linguas (Bosque; Gutiérrez-Rexach 2009:§11; Elordieta 2001:§4; Elordieta 2003:§2.3.2.1; Gómez Txurruka 2001:§5.6). Estamos a falar do foco informativo, que achega información nova ao discurso:

(2) *Josebak* *Joni* ***kapela bat*** *oparitu* *zion iaz*

Joseba-ERG. Jon-DAT. gorra un regalar-PERF. AUX. el año pasado

[3] ADJ.: adxectivo. AUX.: auxiliar. COMP.: complementante. DAT.: marca de caso dativo. DET.: determinante definido. ERG.: marca de caso ergativo. FUT.: sufixo de futuro. IMPERF.: sufixo verbal imperfectivo. N.: nome. PART.: determinante partitivo. PERF.: sufixo verbal perfectivo. POSP.: posposición sufixal.

"Joseba le regaló a Jon el año pasado una gorra"

Como é lóxico, non sempre se desexa focalizar o elemento que na orde neutra aparece diante do verbo; por outra banda, a mera prominencia prosódica non fai que un elemento calquera da oración sexa interpretado como foco (Elordieta 2001:§4.4.2.3), (3) é agramatical, na medida en que o elemento en grosa recibe unha prominencia prosódica non accesible a esa posición sintáctica:

(3)* *Josebak* ***Joni*** *kapela bat oparitu zion iaz*

Joseba-ERG. Jon-DAT. gorra un regalar-PERF. AUX. el año pasado

O feito é que cando a interpretación focal desexada non se pode conseguir mediante a orde neutra, recórrese a unha orde sintáctica marcada. En (4) vemos como esta cláusula de orde non neutra mostra o OI ***Joni*** como elemento focalizado formando unidade prosódica co verbo:

(4) *Josebak kapela bat* ***Joni*** *oparitu zion iaz*

Joseba-ERG. gorra un Jon-DAT. regalar-PERF. AUX. el año pasado

"Joseba regaló el año pasado una gorra a Jon"

(5) mostra en cambio como o elemento focalizado ***Joni*** pode aparecer en posición inicial, sempre formando unidade prosódica co verbo:

(5) ***Joni*** *oparitu zion Josebak kapela bat iaz*

Jon-DAT. regalar-PERF. AUX. Joseba-ERG. gorra un el año pasado

Ortiz de Urbina mostra a (4) e (5) como focos correctivos, tal e como se pode comprobar nos contextos máis amplos de (6) e (7) respectivamente:

(6) *Josebak kapela bat* ***Joni*** *oparitu zion iaz, ez Rollandi*

Joseba-ERG. gorra un Jon-DAT. regalar-PERF. AUX. el año pasado no Rolland-DAT.

"Joseba le regaló el año pasado una gorra a Jon, no a Rolland"

(7) ***Joni*** *oparitu zion Josebak kapela batiaz,ez Rollandi*

Jon-DAT.regalar-PERF. AUX. Joseba-ERG. gorra un el año pasado no Rolland-DAT

"Joseba le regaló el año pasado una gorra a Jon, no a Rolland"

Nas frases negativas e interrogativas, a orde dos dous constituíntes da forma verbal perifrástica invértese de maneira que tras *ez* 'non', colócanse o auxiliar e o segmento verbal léxico (8-9). A bibliografía describe aquí dous tipos de elementos prosódica e informacionalmente prominentes. En (8-9) o foco preverbal forma unha unidade prosódica con *ez* e o auxiliar:

(8) ***Nor*** *ez da egon ospitalean?*

Quién no AUX. estar-PERF. hospital-POSP.

"¿Quién no ha estado en el hospital?"

(9) ***Jon*** *ez da egon ospitalean*

Jon non AUX. estar-PERF. hospital-POSP.

"Jon non ha estado en el hospital"

En (10), *ospitalean* é un foco correctivo (Elordieta 2001; Laka §3.2.2; Etxepare; Ortiz de Urbina) que, nas cláusulas negativas, se intercala entre o auxiliar e o segmento verbal léxico, e que sinalamos aquí con subliñado. A natureza correctiva de (10) pódese comprobar no seu contexto máis amplo:

(10) *Jon ez zen ospitalean egon, klinikan egon zen*

Jon no AUX. hospital-POSP. estar-PERF. clínica-POSP. estar-PERF.AUX.

"Jon no estuvo en el hospital, estuvo en la clínica"

Como era de agardar, os focos preverbais e os focos correctivos non poden aparecer na mesma cláusula (11):

(11)****Jon*** *ez zen ospitalean egon, klinikan egon zen*

Jon no AUX. hospital-POSP. estar-PERF. clínica-POSP. estar-PERF. AUX.

2.2. *Ere* 'tamén', na sintaxe libre.

Este subapartado revisará a bibliografía sobre *ere* e ademais formalizaranse dende un único punto de vista tres tipos de presuposicións de veracidade unidas ao funcionamento deste elemento[4]. A sección 2.2.1. mostrará un *ere* excluído do foco que así e todo comparte un tipo de presuposición atribuída a elementos focais doutros idiomas; 2.2.2. ocuparase da formulación aditiva inherente a este tipo de conectores e 2.2.3. revisará as presuposicións de veracidade hiper / hiponímicas unidas aos medios polares.

2.2.1. Topicalizador con presuposicións de veracidade focais

Organizaremos os datos deste ámbito en dúas subseccións. 2.2.1.1. mostra a natureza topicalizadora de *ere*, mentres que 1.2.1.2. mostra como contraste que *ere* comparte a que chamaremos presuposición focal con elementos focalizadores como *también*.

2.2.1.1. *Ere* non se pode focalizar

Ere forma unha unidade prosódica tras elementos de categorías sintagmáticas de calquera tipo: nominais (12), posposicionais (13), adxectivais, adverbiais e incluso verbais:

(12) *Jon ere Munichen egon zen*

[4] Este traballo non considera ningún tipo de presuposición de veracidade non relacionado con algún tipo de constituínte aditivo e/ou polar. Desta maneira, non falaremos aquí do tipo de presuposicións descritas por Chomsky (1971) e Jackendoff (1972) no tocante a todo o que non é o elemento focal.

Jon también Munich-POSP. estar-PERF. AUX.

'También Jon estuvo en Munich'

(13) *Jon Munichen ere egon zen*

Jon Munich-POSP. también estar-PERF. AUX.

'Jon estuvo también en Munich'

Tendo en conta que as linguas coma o castelán focalizan elementos sobre os que *también* ten dominio, esta imposibilidade de *ere* podería parecer estraña, polo menos dende o punto de vista da organización da información na cláusula. Porén, hai varias evidencias prosódico-sintácticas que indican que *ere* realmente evita a focalización forzando outros elementos a cumprir esta función.

1) Cando a unidade prosódica que contén *ere* se atopa en posición preverbal, sepárase do verbo por unha pausa facilmente apreciable (símbolo //), en frases afirmativas (14) ou negativas (15):

(14) *Josebak Joni kapela bat ere* // ***erosi zion***

Joseba-ERG. Jon-DAT. gorra una también comprar-PERF. AUX.

"Joseba también le regaló una gorra a Jon"

(15) *Joseba ere // ez da egon Mikonosen*

Joseba también no AUX. estar-PERF. Mikonos-POSP.

lit. Joseba también no ha estado en Miconos ("Tampoco Joseba ha estado en Miconos")

As variantes sen pausa de (16) e (17) son agramaticais:

(16)**Josebak Joni* ***kapela bat ere*** *erosi zion*

Joseba-ERG Jon-DAT. gorra una también comprar-PERF. AUX.

(17)****Joseba ere*** *ez da egon Mikonosen*

Joseba también no AUX. estar-PERF. Mikonos-POSP.

2) O falante nativo interpreta en (18) que é o suxeito o elemento informativo prominente. Porén, a lingua proporciona evidencias extrapragmáticas e extraprosódicas da exclusión de *ere* da posición focal dese suxeito e doutros constituíntes da cláusula. (19) podería ser a cláusula que segue a (18), pero, con todo, é agramatical, na medida en que o constituínte *Joseba ere* posúe en posición preverbal a prominencia prosódica anteriormente descrita:

(18) ***Aita*** *dago ospitalean*

Padre está hospital-POSP.

"En el hospital está mi padre"

(19) ***Joseba ere*** *dago ospitalean*

Joseba también está hospital-POSP.

(20) mostra que a exclusión de *Joseba ere* da posición de foco forza a focalización da afirmación verbal (lit. Joseba también sí está en el hospital), que nesta lingua se manifesta mediante o prefixo verbal *ba-* máis ou menos equivalente ao castelán *sí*.

(20) *Joseba ere* ***badago*** *ospitalean*

Joseba también sí-está hospital-POSP.

"También Joseba está en el hospital"

3) Por outra banda, *ere* non pode tomar dominio sobre as palabras *qu-*, identificables co foco en cláusulas interrogativas:

(21)* *Nor ere etorri zen?*

Quién también venir-PERF. AUX.

(22)**Jon ere etorri zen*

Jon también venir-PERF. AUX.

4) A unidade prosódica con *ere* tampouco pode ocupar o sitio do foco correctivo.

(23)**Jon ez zen ospitalean ere egon*

Jon no AUX. hospital- POSP. también estar- PERF.

2.2.1.2. *Ere* xera presuposicións de veracidade "focal"

Unha vez establecida a niveis pragmáticos, prosódicos e sintácticos a natureza topicalizadora de *ere*, hai que reconsiderar o feito de que *también* e similares elementos doutros idiomas son descritos como elementos (potencialmente) focalizadores que ademais supoñen un tipo de presuposición de veracidade que de agora en diante denominaremos "focal". De feito, *también* e *ere* son verídicos na medida que presupoñen a veracidade da propia cláusula á que acompañan. *También* aparece en cláusulas afirmativas (24a) que supoñen, como se ve en (24b) a presuposición de veracidade da cláusula sen o elemento focalizador (González 2009:§5.2.2.2.1). A partir de agora, nos exemplos fóra do texto, representaremos en (a) os enunciados reais e en (b) as expresións metalingüísticas das presuposicións de veracidade correspondentes. O símbolo =X=> indicará no seu caso que (b) non se presupón a partir de (a), así como a súa ausencia indicará que efectivamente (b) se presupón a partir de (a).

(24)a. También Jon ha estado en Madrid

b. Jon ha estado en Madrid

Elementos focalizadores como *también* contrastan con elementos do tipo de *como mucho* (25a) que, coa denominación de "pseudofocalizadores", non implican, como se ve en (25b), a presuposición de veracidade da cláusula:

(25)a. Como mucho Jon ha estado en Munich

b. =X=> Jon ha estado en Munich

Por outro lado elementos como *tampoco* levan dalgunha maneira unha negación interna (26a), de forma que se cambia o signo da presuposición de veracidade da propia cláusula (26b-b') (Bosque; Gutiérrez-Rexach 2009:§10.3):

(26)a. Tampoco Joseba ha estado en Mikonos

b. =X=> Joseba ha estado en Mikonos

b'. Joseba no ha estado en Mikonos

Xa dixemos que *ere* non se une a elementos focalizados. Con todo, débese considerar este tipo de presuposicións no medio da súa sintaxe libre.

O feito é que a veracidade dunha cláusula afirmativa con *ere* (27a) presupón a veracidade da cláusula desprovista deste elemento (27b), tal e como ocorre no caso de *también*.

(27)a *Erizainek ere gauean lan egiten dute*

enfermeros-ERG. también noche-POSP. trabajar-IMPERF. AUX.

"También los enfermeros trabajan por la noche"

b. *Erizainek gauean lan egiten dute*

enfermeros-ERG. noche-POSP. trabajar-IMPERF. AUX.

"Los enfermeros trabajan por la noche"

A lingua vasca non dispón dun elemento con negación interna do tipo de *tampoco*, de maneira que é *ere* o que aparece igualmente nas cláusulas negativas coa partícula negativa *ez* 'non'. Marcamos esta partícula e a súa tradución literal en cursiva (28a).

(28)a Joseba ere // *ez* da egon Mikonosen

Joseba también no AUX. estar-PERF. Mikonos-POSP.

lit. Joseba también *no* ha estado en Mikonos ("Tampoco Joseba ha estado en Mikonos")

b. Joseba *ez* da egon Mikonosen

Joseba no AUX. estar-PERF. Mikonos-POSP.

"Joseba no ha estado en Mikonos"

b'. =X=> Joseba Mikonosen egon da

Joseba Mikonos-POSP. estar-PERF. AUX.

"Joseba ha estado en Mikonos"

Polo tanto podemos dicir que, fronte a *también* / *tampoco* que respectivamente respectan ou cambian de signo a presuposición de veracidade que denominamos focal, *ere* respéctaa en todos os casos.

De agora en diante, ao referirnos á simple formalización de (b) que presentamos neste apartado, falaremos de presuposicións focais que aparecerán na sintaxe libre de *ere*.

2.2.2. *Ere* e presuposicións de veracidade "aditiva"

A visión de *también* (Cuartero 2002), *too* (Krifka 1999) ou *ere* (Ondarra 2006; Ondarra 2007) como conector non falta na bibliografía. González (2004:§3.6) clasifica ademais os marcadores do discurso en dous grupos segundo dean información sobre o mundo extralingüístico ou instrucións de procesamento do texto na súa articulación en cláusulas. Unha primeira aproximación a estes criterios podería deixar a adición dentro do primeiro grupo pero, en calquera caso, interésanos aquí seguir debullando os diferentes tipos de presuposición de veracidade dende a visión unitaria que consideramos unha das achegas fundamentais deste artigo. Formalizando así os datos de Ondarra, podemos dicir que a presuposición de veracidade da cláusula con *ere* (29a) ("También los enfermeros trabajan por la noche") presupón a veracidade dunha cláusula na que o elemento sobre o que tiña dominio *ere* se substitúe por outro de distinta referencialidade ("alguien distinto a los enfermeros trabaja por la noche") (29b):

(29)a *Erizainek* *ere* *gauean* *lan egiten* *dute*

enfermeros-ERG. también noche- ERG. trabajar-IMPERF. AUX.

"También los enfermeros trabajan por la noche"

b. X≠*erizainek*

X *gauean* *lan egiten* *du*

noche- ERG. trabajar-IMPERF. AUX.

"X trabaja por la noche"

Como se ve, a presuposición aditiva non corresponde á veracidade da cláusula realmente emitida, senón á súa necesidade de ser representada adicionalmente dunha maneira metalingüística que se formaliza en (29b). De agora en diante, ao nos referir á simple formalización de (29b) falaremos de presuposicións de veracidade "aditivas".

1.2.3. *Ere* e presuposicións de veracidade "hiper / hiponímica"

Polo menos dende Ladusaw (1979:§VI) a polaridade entendeuse en termos que nós reformularemos como implicadores da veracidade hiper / hiponímica ascendente ou descendente nos elementos sobre os que ten dominio o elemento polar en cuestión. Este autor analiza sobre todo a polaridade negativa e defínea fundamentalmente como unha implicación descendente que, segundo el, é un fenómeno frecuente pero non necesariamente unido á negación. Este traballo ocuparase exclusivamente da presuposición da veracidade hiper / hiponímica descendente ligada á referencialidade dos sintagmas nominais. Cómpre resaltar que a presuposición hiper / hiponímica

coincide coa presuposición aditiva na súa necesidade de ser representada dunha maneira metalingüística.

Na sintaxe libre, *ere* non se mostra sensible á natureza negativa da cláusula e, consecuentemente, non hai maneira de percibir este tipo de presuposición nestes contextos. Pola contra, o *ere* fraseolóxico que analizaremos na sección 3 estará estreitamente relacionado con este fenómeno: A presuposición de veracidade de (30a) presupón a veracidade de (30b) de maneira que se deducen dunha maneira descendente hipónimos a partir de hiperónimos sobre os que tiña dominio un elemento como *inongo (ere)* 'ningún', que analizaremos no apartado 3.1.. A veracidade de "No ha venido ningún músico" ou do seu equivalente vasco, presupoñen "no ha venido ningún chistulari":

(30)a *Ez da inongo musikaririk ere etorri*

no AUX. ningún músico-PART. también venir- PERF.

lit. No ha venido algún músico también ("No ha venido ningún músico")

b. X=*musikariak* 'músicos'

X1= *txistulariak* 'chistularis'

Ez da inongo txistularirik ere etorri

no AUX. ningún chistulari-PART. también venir- PERF.

lit. No ha venido algún txistulari también ("No ha venido ningún chistulari")

Como contraposición á implicación descendente de hiperónimos a hipónimos de (30) máis arriba, fálase de implicacións ascendentes coma a de (31) dende hipónimos a hiperónimos. Véxase un exemplo con *batzuk* "algunos" que queda fóra do ámbito de traballo deste artigo. A veracidade de "Han venido unos chistularis" ou o seu equivalente vasco, presupoñen "han venido unos músicos".

(31)a *Txistulari batzuk etorri dira*

chistulari unos venir- PERF. AUX.

"Han venido algunos txistularis"

b. X1=*txistulariak*

X=*musikariak*

Musikari batzuk etorri dira

Músico algunos venir- PERF. AUX.

"Han venido algunos músicos"

É importante salientar que os elementos licenciados en contextos de presuposicion de veracidade hiper / hiponímica descendente non xeran unha presuposición ascendente ("No ha venido ningún chistulari" ou o seu equivalente vasco non presupoñen "no ha

venido ningún músico"). Igualmente, os elementos licenciados nun contexto de presuposición ascendente non xeran unha presuposición descendente (Ha venido algún músico" ou o seu equivalente vasco non presupoñen "ha venido algún chistulari").

A partir de agora, ao nos referir á simple formalización de (b) que presentamos neste apartado, falaremos de presuposicións de veracidade hiper / hiponímica, que, como a bibliografía describe, aparecerán onda as unidades fraseolóxicas de polaridade negativa que se analizarán na sección 3.

3. Unidades fraseolóxicas de polaridade negativa

Partindo da sintaxe libre do elemento *ere* que como mostramos é topicalizador (1.2.1.1.), e supón presuposición de veracidade focal (1.2.1.2.) e veracidade aditiva (1.2.2.), aínda que non presuposición de veracidade hiper / hiponímica (1.2.3.), analizaremos nos apartados 3.1., 3.2. e 3.3. un determinado número de unidades fraseolóxicas de sentido na maioría dos casos non composicional.

Hai que resaltar para comezar as características que comparten estes complexos, xunto coas diferenzas que presentan entre si. En primeiro lugar, son elementos forzosamente relacionados co foco, polo menos no tocante ás súas características prosódicas e á súa posición na cláusula. En segundo lugar, trátase en todo caso de elementos de polaridade negativa ou modal (González 2009:§5).

Por outra banda, a nosa formalización da presuposición de veracidade focal e a nosa presuposición de veracidade hiper / hiponímica descendente só é viable nos casos nos que o complexo fraseolóxico funciona como modificador do nome.

A presuposición de veracidade aditiva vese notoriamente modificada na medida en que encontraremos un determinado tipo de negación escalar (non necesariamente xerarquizada) de todos os elementos dun grupo.

Por último, *ere* é opcional en gran parte dos complexos (2.1., 2.3.), pero existen casos nos que *ere* está realmente fusionado (2.2.).

2.1. *Inor (ere) ez* "nadie" / *inor (ere)* "alguien"

Os elementos da serie *inor* "alguien / nadie", *inora* "a algún sitio / a ningún sitio", *inon* "en algún sitio, en ningún sito",... (Laka 1990:§1.2.4; Etxepare 2003:§4.5.4) mostran unha distribución que resulta complicada con respecto á dos correspondentes constituíntes casteláns.

Son complexos que só aparecen en cláusulas negativas ou modais. Crucialmente, estes complexos toman sempre as características prosódicas dos focos (32) e focos correctivos (33), e ocupan efectivamente as posicións focais xa descritas:

(32) *Inor (ere) ez da egon*

alguien (también) no AUX. estar- PERF.

lit. Alguien (también) no ha estado ("No ha estado nadie")

(33) *Ez da* <u>*inor (ere)*</u> *egon*

no AUX. alguien (también) estar- PERF.

lit. Alguien (también) no ha estado ("No ha estado nadie")

De feito, a diferenza do *ere* da sintaxe libre, estes complexos non poden topicalizarse.

(34)**Inor (ere) // ez da egon etxean*

alguien también no está casa-POSP.

De calquera maneira debemos lembrar que os conceptos de foco, foco correctivo e tópico están unidos nunha primeira instancia á organización da información na cláusula e secundariamente a determinadas características prosódicas e, polo menos, no caso da lingua vasca á orde das palabras. Os elementos da serie *inor (ere)* pódense considerar focos de pleno dereito na medida en que (32) pode ser a resposta a unha pregunta *qu-* como (35):

(35) *Nor ez da egon?*

alguien no AUX. estar- PERF.

"¿Quién no ha estado?"

Pola contra o suposto foco correctivo de (33) non pertence a un contexto que xere este tipo de organización da información:

(36) *Ez da <u>inor (ere)</u> egon. #Eleder egon da*

no AUX. alguien (también) estar- PERF. Eleder estar- PERF. AUX.

"No ha estado nadie. #Ha estado Eleder"

Por outra banda, son elementos polares que só poden aparecer en cláusulas negativas (32-33) de máis arriba, ou noutro grupo considerablemente grande de medios de polaridade modal (37), non forzosamente unida á negación explícita.

(37) *Ez dakit inor (ere) egon den etxean*

no sé alguien (también) estar- PERF. AUX.-COMP. casa-POSP.

lit. No sé si ha estado alguien tambien ("No sé si ha estado alguien")

Paralelamente, o castelán utiliza o elemento *nadie* en posición posverbal nas cláusulas con negación explícita e o elemento *alguien* en medios modais. Así pois, mentres as series románicas posúen cadanseu elemento de polaridade negativa (*nadie*) e modal (*alguien*), unha única serie vasca actúa como elemento de polaridade negativa (32-33) ou modal (37).

Dentro desta serie, a diferenza de todos os demais, o elemento *inongo (ere)* funciona como modificador do nome e está fortemente gramaticalizado, de maneira que perdeu o seu sentido locativo "de algún / ningún sitio" e toma as funcións propias dos cuantificadores, "algún / ningún". O feito é que a condición de modificador nominal deste constituínte en concreto pon de manifesto a presuposición de veracidade focal

formalizada en (38b) e a presuposición de veracidade hiper / hiponímica descendente formalizada en (38b').

(38)a *Inongo musikaririk (ere) ez da etorri*

algún músico-PART. (también) no AUX. venir-PERF.

lit. No ha venido algún músico también ("No ha venido ningún músico")

b. *Musikaririk ez da etorri*

músico-PART. no AUX. venir-PERF.

"No han venido músicos"

b'. *Inongo txistularirik (ere) ez da etorri*

algún chistulari-PART. (también) no AUX. venir-PERF.

lit. No ha venido algún chistulari también ("No ha venido ningún chistulari")

Crucialmente, os constituíntes do tipo *inongo musikaririk (ere)*, a diferenza dos do resto do grupo, si pertencen ao tipo de contextos relacionados co foco correctivo (39), ademais dos relacionados co foco estándar:

(39) *Ez da inongo txistularirik (ere) etorri. Marta etorri da*

no AUX. algún chistulari-PART. (también) venir-PERF. Marta venir-PERF. AUX.

lit. No ha venido algún chistulari también. Ha venido Marta ("No ha venido ningún chistulari. Ha venido Marta")

Todos os elementos desta serie supoñen un tipo de presuposición de veracidade aditiva de tipo escalar, na que se negan todos os elementos (non forzosamente xerarquizados) dun grupo, que se expresa explicitamente no caso de *inongo*.

3.2. *Batere ez* "nada, ningún / algo, algún" e *behin ere ez* "nunca"

Presentamos neste apartado dous complexos fraseolóxicos que chegaron a ser verdadeiras entradas léxicas.

O numeral *bat* 'uno', fusionado con *ere* produciu o complexo *batere* que incluso se escribe nunha soa palabra e que funciona dunha forma similar á de *inongo (ere)* "ningún / algún" (§2.1), de maneira que supón as mesmas presuposicións de veracidade e a súa capacidade prosódica de focalización.

Batere mostra a sintaxe plena dalgúns dos cuantificadores indefinidos vascos distintos ao cuantificador definido *bat* "uno":

1) Pode preceder (40) ou seguir (41) ao sintagma nominal.

(40) *Jonek ez du batere maindirerik lisatu*

Jon-ERG. no AUX. uno-también sábana-PART. planchar-PERF.

lit. Jon no ha planchado también una sábana ("Joseba no ha planchado ninguna sábana")

(41) *Jonek ez du maindirerik batere lisatu*

Jon-ERG. no AUX. sábana-PART. uno-también planchar-PERF.

O sintagma nominal que o acompaña leva o sufixo partitivo *-(r)ik* (40-41).

Pode funcionar tamén como modificador do adxectivo (42) e do verbo (43):

(42) *Joseba ez da batere trebea horretan*

Joseba no AUX. uno-también hábil eso-POSP.

lit. Joseba no es uno también hábil en eso ("Joseba no es nada hábil en eso")

(43) *Josebak ez du batere maite rock-and-rolla*

Joseba-ERG. no AUX. uno-también gustar rock and roll

lit A Joseba no le gusta uno también el rock and roll ("A Joseba no le gusta nada el rock and roll")

Convén sinalar que na sintaxe libre, *bat* segue ao sintagma nominal e este non pode tomar o sufixo partitivo (44):

(44) *Ez du izara bat lisatu. Bi lisatu ditu*

no AUX. sábana una planchar-PERF. Dos planchar-PERF. AUX.

"No ha planchado una sábana. Ha planchado dos"

Son agramaticais tanto na posición de *bat* (45) coma nos sintagmas nominais con marca partitiva (46):

(45)**Ez du bat izara lisatu.*

no AUX. una sábana planchar-PERF.

(46)**Ez du izararik bat lisatu.*

no AUX. sábana-PART. una planchar-PERF.

Bat non modifica o adxectivo nin o verbo na sintaxe libre:

(47)**Joseba ez da bat trebea horretan*

Joseba no AUX. uno hábil eso-POSP.

(48)**Josebak ez du bat maite rock-and-rolla*

Joseba-ERG. no AUX. uno gustar rock and roll

Por outra banda, *behin* é un adverbio que fusionado con *ere* deu lugar a *behin ere* de sentido non composicional nas frases negativas (49), "nunca":

(49) *Jon ez da behin ere egon Berlinen*

Jon no AUX. una vez también estar- PERF. Berlín-POSP.

lit. Jon no ha estado una vez también en Berlín ("Jon no ha estado nunca en Berlín")

En frases afirmativas, sen a posibilidade de ser seguido por *ere*, expresa "una vez" (50):

(50) *Jon behin egon da Georgian*

Jon una vez estar-PERF. AUX. Georgia-POSP.

"Jon ha estado una vez en Georgia"

No tocante ao seu comportamento como elemento polar negativo, funciona exactamente igual cós compoñentes da serie descrita en 3.1 que actúan como modificadores verbais, aínda que aquí o contraste coa cláusula sen *ere* mostra igualmente a gramaticalización definitiva do complexo (51):

(51) *Eleder ez da behin etorri. Bost aldiz etorri da*

Eleder no AUX. una vez venir-PERF. Cinco veces venir-PERF.AUX.

"Eleder no ha venido una vez. Ha venido cinco veces"

Desta maneira, *behin ere* supón as mesmas presuposicións de veracidade e capacidade prosódica de focalización que *inora ere* "a algún / ningún sitio".

3.3 *Hitzik (ere)* "nin unha palabra"

Os sintagmas nominais vascos mostran na sintaxe libre a marca partitiva *-ik* que neste traballo consideraremos como un determinante sufixal, nos medios polares negativos, e cando a lectura é xenérica (52). A lectura específica neste mesmo medio xérase co determinante sufixal *-a* e a marca do plural *-k* (53):

(52) *Ez du maindirerik lisatu*

no AUX. sábana-PART. planchar-PERF.

"No ha planchado sábanas"

(53) *Ez ditu maindireak lisatu*

no AUX. sábanas-DET.-PL. planchar-PERF.

"No ha planchado las sábanas"

O sintagma de (52), en posición de foco correctivo, non admite o elemento *ere* (54).

(54) *Ez du zapirik lisatu. */#Ez du maindirerik ere lisatu*[5]

[5] A cláusula de (54) é gramatical na seguinte variante:
(i) a Ez du ez eta maindirerik ere lisatu
no AUX. no y sábana-PART. también planchar-PERF.
"No ha planchado ni sábanas"

no AUX. pañuelo-PART. planchar-PERF. no AUX. sábanas-PART. también planchar-PERF.

Hai que resaltar que, na posición preverbal, a focalización (sen *ere*) é gramatical:

(55) *Zer ez du lisatu? Maindireak ez ditu lisatu*

qué no AUX. planchar-PERF. sábana-DET-PL. no AUX. planchar-PERF.

"¿Qué no ha planchado? No ha planchado las sábanas"

Con todo, véxase que neste caso o sintagma nominal non toma o determinante partitivo. A topicalización do elemento nominal con *ere* é igualmente viable.

(56) *Zapirik ez du lisatu. Maindirerik ere ez du lisatu*

pañuelo- PART. no AUX. planchar- PERF. sábana-PART. también no AUX. planchar- PERF.

"No ha planchado pañuelos. Tampoco ha planchado sábanas"

Porén, existe unha lista cerrada de nomes que ocupan a posición do foco correctivo posverbal e parecen ter as mesmas características prosódicas deste tipo de foco:

(57) *Ez du hitzik (ere) esan*

no AUX. palabra-PART. (también) decir-PERF.

lit. No ha dicho palabras también ("No ha dicho ni palabra")

Porén, dende o punto de vista da organización da información, estes complexos non actúan como verdadeiros focos correctivos.

(58) *Ez du hitzik (ere) esan. #Irainak esan ditu*

no AUX. palabra-PART. (también) decir-PERF. insulto-DET.-PL. decir-PERF. AUX.

lit. No ha dicho palabras también. Ha dicho insultos ("No ha dicho ni palabra. #No ha dicho insultos")

Por outro lado, polo menos a posición e a prosodia focais son viables.

(59) *Hitzik (ere) ez du esan*

---

b. *Lisatu ditu bai eta maindireak ere*
planchar-PERF. AUX. sí y sábanas también
"Ha planchado hasta las sábanas"

(ia) é gramatical, incluso en contra da presuposición extralingüística de que as sabas fosen unha das prendas máis difíciles de alisar. Véxase por outra banda que *ez-eta-ere* e *bai-eta-ere* volven ser respectivamente correlatos afirmativos e negativos unidos sempre a *ere*. Neste último sentido, estamos ante a sintaxe libre de *ere* do estilo descrito en 2.2. Por outro lado, (i) contén unha conxunción, co que nos atopamos ante un ámbito que non trataremos neste traballo. Igualmente, a delimitación do límite entre a coordinación de sintagmas e a coordinación de cláusulas con elementos elididos queda fóra das pretensións deste traballo que, literalmente, estuda ámbitos sen conxuncións.

palabra-PART. (también) no AUX. decir-PERF.

"No ha dicho ni palabra"

A formalización da presuposición de veracidade focal non está vixente nestes complexos. Ademais, volvemos atopar aquí algún tipo de escalaridade na que se nega unha certa gama de cantidades. Por último, tampouco existe ningunha posibilidade de formalizar a presuposición de veracidade hiper / hiponímica.

Por outra banda, o cambio gramatical é diverso dependendo da entrada léxica nominal, pero en todo caso trátase de elementos que chegaron a estar cerca dos cuantificadores indefinidos.

1) Algúns dos complexos non teñen sentido composicional.

Entre eles, algúns dos sintagmas nominais tomaron un sentido diferente do que teñen na sintaxe libre: *piperrik (ere) ez* lit. "pimiento (también) no", "nada" (sobre todo con verbos de entendemento ou psicolóxicos).

Outros úsanse exclusivamente dentro destas unidades fraseolóxicas e non teñen ningún tipo de contido léxico independente: *tutik (ere) ez, txintik (ere) ez*. O significado e funcionamento destes complexos é similar ao da serie *inor (ere)* no seu compoñente *ezer (ere)* "algo / nada".

2) O grupo dos que manteñen un sentido máis composicional é máis amplo.

Algúns deles manteñen a acepción orixinal da entrada léxica nominal, aínda que se limitan a aparecer como complemento de determinados verbos: *hitzik (ere) ez* "ni palabra" (con verbos de lingua), *zirzinik (ere) ez* lit. "ni movimiento" (con verbos de acción).

Por outra banda é abundante a bibliografía sobre nomes que impoñen unha clara relación temática cuantitativa a outros constituíntes e que dalgunha maneira evolucionaron cara á categoría dos cuantificadores: Estopà (1996) para o catalán, Castillo (2001) para o castelán e o inglés e Odriozola (2007) e Odriozola (2009) describen na lingua vasca un tipo de secuencias de dous nomes (sen proposicións) nas que a súa lectura corresponde a unha cuantificación do nome á esquerda realizada por medio do nome /cuantificador da dereita.

Moitas destas secuencias aparecen nos contextos sintácticos que estamos a describir: *zalantza izpirik (ere) ez*, lit. "duda rayo también no" ("ninguna duda"); *ur tantarik (ere) ez*, "nin una gota de agua"; *kasu zipitzik (ere) ez*, "ni caso". Estes nomes poden aparecer sen o seu complemento á esquerda, pero sempre se recupera a lectura cuantitativa do elemento elidido.

4. Referencias bibliográficas

BOSQUE, Ignacio; GUTIÉRREZ-REXACH, Javier (2009): *Fundamentos de sintaxis formal*. Madrid: Akal.

BYBEE, Joan; PERKINS, Revere; PAGLIUCA, William (1994): *The evolution of grammar: Tense, aspect and Modality in the Languages of the world*. Chicago / London: The University of Chicago Press.

BYBEE, Joan (1998): "The emergent lexicon", en *CLS* 3: The Panels. Chicago Linguistics Society, 421-435.

(2003): "Cognitive Process in Grammaticalization" , en THOMASELLO, Michael (ed.): *The New Psychology of Language*,volume II. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates Inc., 145-166.

CASTILLO, Juan Carlos (2001): *Thematic Relations between Nouns*. Philosophical Dissertation. University of Maryland.

CHOMSKY, Noam (1971): "Deep Structure, Surface Structure and Semantic Interpretation", en STEINBERG Danny; JAKOBITS, Leon (eds.): *Semantics: Interdisciplinary Reader in Philosophy, Linguistics and Psychology*. Cambridge: Cambridge University Press, 183-216.

CONTRERAS, Joan Miquel; SUÑER, Avelina (2004): "Los procesos de lexicalización", en PEREZ-GAZTELU Elixabete; ZABALA, Igon; GRACIA, Lluïsa (eds.): *Las fronteras de la composición en lenguas románicas y en vasco*. Bilbao: Universidad de Deusto, 47-108.

CUARTERO, Juan Manuel (2002): *Conectores y conexión aditiva*. Madrid: Gredos.

ELORDIETA, Arantzazu (2001): *Verb Movement and Constituent Permutation in Basque*. Leiden: Universiteit Leiden / Centre for Linguistics.

ELORDIETA, Gorka (2003): "Intonation", en HUALDE, José Ignacio; ORTIZ DE URBINA, Jon (eds.): *A Grammar of Basque*. Berlin / New Cork: Mouton de Gruyter.

ESTOPÀ, Rosa (1996): "Noms que formen part d'un determinant complex", en *Papers de l'IULA: Series monografiques*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra.

ETXEPARE, Ricardo (2003): "Negation", en HUALDE, José Ignacio; ORTIZ DE URBINA, Jon (eds.): *A Grammar of Basque*. Berlin / New Cork: Mouton de Gruyter.

ETXEPARE, Ricardo; ORTIZ DE URBINA, Jon (2001): "Focalization", en HUALDE, José Ignacio; ORTIZ DE URBINA, Jon (eds.): *A Grammar of Basque*. Berlin / New Cork: Mouton de Gruyter.

GÓMEZ TXURRUKA, Isabel (2003): F*oco y tema. Una aproximación discursiva*. Bilbao: Servicio Editorial de la Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco.

GONZÁLEZ, Montserrat (2004): *Pragmatic Markers in Oral Narrative*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.

GONZÁLEZ, Raquel (2009): *La polaridad positiva en español*. Tesis doctoral. Universidad Complutense de Madrid.

JACKENDOFF, Ray (1972): *Semantic Interpretation in Generative Grammar*. Cambridge: MIT Press.

KRIFKA, Manfred (1999): "Additive Particle Under Stress", en *Proceedings of SALT* 8. Ithaca, N.Y: CLC Publications, 111-128.

LADUSAW, William A. (1979): *Polarity Sentivity as inherent scope relations*. Philosophical Dissertation. Austin, Texas: The University of Texas.

LAKA, Itziar (1990): *On the nature of functional categories and projections*. Philosophical Dissertation. Massachussets: Massachussets Institute of Technology.

(1995): *A Brief Grammar of Euskara, the Basque Language*. http://www.ei.ehu.es/p289-content/eu/contenidos/informacion/grammar_euskara/en_doc/index.html [Data de consulta 17/09/2010]

ODRIOZOLA, Juan Carlos (2007): "Measure phrases in Basque", en LAKARRA Joseba; HUALDE, José Ignacio (eds.): *Studies in Basque and Historical Linguistics in memory of R.L.Trask*. Supplements of *International Journal of Basque Linguistics and Philology* , 40 (1-2), 739-762.

(2009): "Quantifying compounds", en ARTIAGOITIA, Xabier; LAKARRA Joseba Andoni (coords.): *Gramatika Jaietan*. Bilbao: Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco 503-518.

ODRIOZOLA, Juan Carlos; ONDARRA, Ainara (2005): "From Verb Modification to Text Organisation in Basque", en *Formal and typological perspectives on discourse and grammar*. Valencia: Societas Linguistica Europae / Universitat de Valencia (manuscrito).

ONDARRA, Ainara (2006): "*También* del castellano y *ere* del vasco (I)", en *Interlingüística* 17, 788-796.

(2007): "*También* del castellano y *ere* del vasco (II)", en *Interlingüística* 18, 846-855.

ORTIZ DE URBINA, Jon (2003): "Word order", en HUALDE, José Ignacio; ORTIZ DE URBINA, Jon (eds.): *A Grammar of Basque*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.

SÁNCHEZ, Cristina (1999): "La negación", en BOSQUE Ignacio; DEMONTE; Violeta (eds.): *Gramática Descriptiva de la Lengua Española*. Madrid: Espasa.

ZABALA, Igone; ODRIOZOLA, Juan Carlos (2004): "Los compuestos posposicionales en vasco", en PÉREZ GAZTELU, Elixabete; ZABALA, Igone; GRÀCIA, Lluïsa: *Las fronteras de la composición en lenguas románicas y en vasco*. Bilbao: Universidad de Deusto, 445-534.

Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución

Alejandro Pastor Lara[1]

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo do presente traballo é, por unha parte, presentar unha visión das diferentes concepcións sobre as unidades fraseolóxicas especializadas que podemos atopar na bibliografía dispoñible, ó tempo que expo-la importancia que o contexto ten na identificación e estudo das variacións discursivas das UFE verbonominais. Neste sentido, seguindo a proposta de Gouadec (1994), expómo-la necesidade de amplia-lo concepto actual de fraseoloxía especializada, de xeito que non só se consideren fraseolóxicas as combinacións verbonominais fixas do discurso especializado, senón tamén determinadas fórmulas supraoracionais estereotipadas que presentan alto grao de fixación e recorrencia en determinados tipos de texto. É desexo noso que, deste xeito, se poidan dar respostas ás necesidades lexicográficas e terminográficas que demandan os profesionais da tradución e redacción de textos especializados. Para iso analizámo-los comportamentos discursivos de determinadas unidades fraseolóxicas especializadas verbonominais nun corpus de 100 sentenzas de tipo penal en castelán e alemán. O resultado da nosa análise foi que moitas das posibilidades transformacionais e paradigmáticas que presentaban estas unidades dentro do discurso estaban relacionadas coa súa inserción dentro de determinadas fórmulas supraoracionais estereotipadas que se repiten invariablemente en determinados tipos de texto.

Palabras clave: unidades fraseolóxicas especializadas, tradución, fórmulas supraoracionais estereotipadas, posibilidades transformacionais.

The aim of this work is, on the one hand, to present a vision of the different conceptions on the specialized phraseological units that we can find in the available bibliography, and, on the other hand, to raise the necessity to extend the present concept of specialized phraseology, so that not only the fixed verb-substantive combinations of the specialized speech are considered as phraseological, but also some stereotyped formules that show some degree of fixation and recurrence in certain types of text. Lexicographical and terminographical works should give answer to the needs that the professionals of the translation and specialized text writing demand. That is why we have analyzed the discursive behaviors of certain specialized phraseological units in a corpus of 100 criminal judgements in Spanish and German. The result of our analysis was that

Data de recepción 15/06/2010 Data de aceptación 26/07/2010

[1] Tradución de Sergio Pérez Monge.

many of the paradigmatic possibilities that these units presented within the speech were related to their insertion within certain stereotyped formules that are repeated invariably in certain types of text.

Keywords: Specialised phraseological units, translation, stereotyped formules, paradigmatic possibilities.

1. Introdución

Falar de fraseoloxía especializada supón entrar no terreo da descrición e diferenciación das unidades complexas ou polilexemáticas da lingua. Nos últimos anos este tema interesoulles a moitos autores que, dende moi diversas perspectivas lingüísticas que van dende a lexicografía e a lingüística comparada ata a terminoloxía ou a tradutoloxía, abordaron o estudo deste tipo de unidades. Deste xeito, como apunta Lorente Casafont (2001), unha das principais dificultades que atopamos no estudo da fraseoloxía dos textos especializados é a falta de consenso dos especialistas sobre os parámetros que fan posible a identificación no discurso das combinacións fraseolóxicas especializadas e que nos permitan ademais distinguir estas fronte ó resto de estruturas sintagmáticas fixas que forman parte dos textos, posto que non existe unha fronteira definida entre a fraseoloxía xeral e a especializada. Polo tanto, mentres que non existan unhas directrices claras que determinen cales son as unidades que entran dentro do espectro do estudo da fraseoloxía e qué diferenzas existen entre as unidades da fraseoloxía xeral e as da fraseoloxía especializada, dificilmente se poderá conseguir un tratamento sistemático e consistente das unidades fraseolóxicas especializadas nos produtos lexicográficos e terminográficos.

O problema fundamental radica no feito de que non se poden establecer categorías discretas de unidades dentro da lingua, xa que a propia dinámica do uso lingüístico fai que o límite entre lingua xeral e lingua de especialidade sexa difuso. Polo tanto, o importante neste sentido será establecer unha serie de criterios consistentes que axuden os lexicógrafos e terminógrafos a recolle-las unidades fraseolóxicas dun xeito coherente e sistemático nas obras que elaboren.

Dende a década dos noventa, os avances no terreo da lingüística aplicada, no da análise do discurso, no da terminoloxía e no da tradutoloxía puxeron de manifesto a importancia que o "discurso repetido" ten para o estudo das chamadas linguaxes de especialidade, sobre todo dende o punto de vista da didáctica da tradución especializada e das linguas de especialidade ou para fins específicos. Dende o punto de vista do contido, as unidades fraseolóxicas especializadas funcionan como unidades transmisoras do coñecemento na medida en que fan referencia a procesos e accións típicas dun ámbito do saber humano. Ademais, dende o punto de vista da cohesión textual, Roberts (1994:61) considera que a macroestrutura dos textos científicos é produto dunha rede de unidades fraseolóxicas especializadas, que son as que contribúen a entretece-lo contido que o emisor quere transmitir. Polo tanto, estas unidades cumpren unha dobre función dentro do texto: referencial e cohesionadora.

A diversidade de criterios que podemos atopar na extensa bibliografía dispoñible para acoutar e clasifica-las unidades sintagmáticas do discurso leva tamén a unha

diversidade denominativa, o cal implica que á hora de estuda-la fraseoloxía propia dun dominio concreto do saber humano, a nosa primeira decisión, á vista da bibliografía consultada, consistirá en optar por unha terminoloxía específica para o noso obxecto de estudo. Os termos máis recorrentes na bibliografía son: *colocaciones terminológicas* (Alonso Ramos 1993); *colocaciones especializadas* (González Rey 2002, Ruiz Gurillo 2002); *frasema* ("*Phrasem*" en Greciano 1993); *coocurrente* ("*coocurrent*" en Lainé / Pavel / Boileau 1992); *unidad fraseológica* ("*unité phraseologique*" en Gouadec 1994 e *unidad fraseológica* en Bevilacqua 1996); *unidad fraseológica especializada* (Cabré Castellví / Lorente Casafont / Estopà Bagot 1996; Bevilacqua 1999, 2004); *combinaciones de palabras* ("*Wortkombinationen*" en Busse 2002).

Tal diversidade de denominacións non implica forzosamente diversidade conceptual, xa que cada unha das citadas no parágrafo anterior non corresponde necesariamente a unha concepción ou definición específica de unidade fraseolóxica especializada. De feito, hai autores como Busse (2002) que intercalan no seu traballo conceptos como fraseoloxismo e combinación de palabras (no orixinal *Wortkombination*) sen precisar cal é a diferenza entre ambos. Pola nosa parte, seguindo a Cabré Castellví, Lorente Casafont e Estopà Bagot (1996) e Bevilacqua (2004), empregarémo-la denominación *unidade fraseolóxica especializada* (en adiante UFE) para referirnos a aquelas unidades polilexemáticas que presentan restricións de combinación establecidas polo uso, no sentido coseriano do termo[2], e unha frecuencia de uso relevante en textos especializados, reservando a denominación *colocación léxica* para aqueles sintagmas que presentan restricións combinatorias na lingua xeral.

Como xa mencionamos máis arriba, a revisión bibliográfica lévanos a constatar que o estudo das UFE pódese acometer dende perspectivas lingüísticas diferentes tales como a fraseoloxía xeral ou a teoría da terminoloxía. O obxectivo do noso traballo é, por un lado, presentar unha visión das diferentes concepcións sobre as unidades fraseolóxicas especializadas que podemos atopar na bibliografía dispoñible, ó tempo que expo-la importancia que o contexto ten na identificación e estudo das variacións discursivas das UFE verbonominais. Neste sentido, seguindo a proposta de Gouadec (1994), expómo-la necesidade de amplia-lo concepto actual de fraseoloxía especializada, de modo que non só se consideren fraseolóxicas as combinacións verboniminais fixas do discurso especializado, senón tamén determinadas fórmulas supraoracionais estereotipadas que presentan alto grao de fixación e recorrencia en determinados tipos de texto. É o noso desexo que, deste xeito, se poida dar resposta ás necesidades lexicográficas e terminográficas que demandan os profesionais da tradución e redacción de textos especializados. No entanto, non se debe esquecer que, como fai constar Lorente Casafont (2001), tódalas perspectivas son complementarias e os postulados e traballos elaborados dende calquera óptica son de grande utilidade para aborda-lo estudo das UFE.

---

[2] Entendemos polo tanto que se trata de unidades fixadas na norma e non no sistema como é o caso das locucións idiomáticas, posto que é o uso que delas fan os falantes o que crea a estabilidade do vínculo semántico entre os dous lexemas. Se tomamos un exemplo da lingua xeral,vemos que polo xeral dicimos *zanjar una polémica* e non *cortar* ou *parar una polémica*, aínda que non hai ningunha norma no sistema da lingua que nos impida tales combinacións.

2. Unidades fraseolóxicas especializadas e terminoloxía

A investigación no terreo da fraseoloxía especializada non xurdiu dentro do marco dos estudos de fraseoloxía xeral, senón que ten as súas raíces no estudo dos termos e das relacións que estes establecen co resto de unidades léxicas dentro do discurso especializado. De feito, o mesmo Fleishcher (1982:71ss.) propón que sexa a terminoloxía a encargada do estudo dos termos plurilexemáticos. Porén, o interese principal dos estudos terminolóxicos non son as combinacións de palabras en si mesmas, senón as combinacións de palabras só na súa capacidade de representar conceptos (termos plurilexemáticos) ou de constituí-la contorna estable dos termos dentro do discurso (unidades fraseolóxicas especializadas); por iso é polo que, en lugar de realizarse traballos de corte integral co obxectivo de analizar e caracteriza-los diferentes tipos de combinacións de palabras "máis ou menos" estables que aparecen nos diferentes campos da comunicación especializada, a maioría de estudos realizados ata a data céntranse fundamentalmente na relación existente entre a terminoloxía e a fraseoloxía (Kjaer 2007). Polo tanto, ata ben entrados os anos 80, non houbo unha relación constante entre os estudos de corte terminolóxico e os estudos de corte fraseolóxico.

Dende a perspectiva da terminoloxía, e máis concretamente dende a Teoría Comunicativa da Terminoloxía (en adiante TCT) proposta por Cabré Castellví (1993) preténdese dar conta do léxico especializado como un compoñente máis da comunicación especializada. Para a TCT, os termos, do mesmo xeito que o resto de unidades lingüísticas, poden estar suxeitos a unha normalización, poden ser obxecto de estudo para a confección de glosarios e aplicacións terminográficas, poden estar suxeitos a accións destinadas á planificación terminográfica, pero sempre partindo dunha descrición previa dos usos reais nos que os termos ocorren. Polo tanto, trátase dun modelo eminentemente descritivo. É precisamente esta convicción de que o estudo da terminoloxía dun ámbito concreto se debe levar a cabo no contexto natural no que esta ocorre, no noso caso, nos textos especializados, a que leva á TCT a amplia-lo seu radio de estudo para dar conta non só dos termos como elementos illados, senón tamén do resto de unidades que se relacionan con eles no discurso especializado. De aí, o interese da TCT polo estudo da fraseoloxía.

O interese pola fraseoloxía por parte da TCT deriva da convicción de que tanto unidades terminolóxicas como unidades fraseolóxicas son transmisoras de coñecemento especializado e, polo tanto, deben ser obxecto de estudo da terminoloxía. Para este modelo lingüístico, as UFE defínense como o "ambiente" ou coocorrentes máis frecuentes dos termos (Bevilacqua 2004:23; Cabré Castellví, Lorente Casafont e Estopà Bagot 1996). Trátase, pois, de combinacións sintagmáticas formadas por dous elementos, un núcleo terminolóxico, formado por unha unidade terminolóxica (en adiante UT) independentemente de que se trate dunha unidade simple ou plurilexemática, e un núcleo verbal que pode estar formado por un verbo derivado verbal[3] (substantivo deverbal ou participio). Según Bevilacqua (2004:26) e Cabré

[3] Por este motivo Bevilacqua (2004: 27) prefire falar de *núcleo eventivo*, no canto de *núcleo verbal*.

Castellví, Lorente Casafont e Estopà Bagot (1996) a frecuencia destes sintagmas é elevada en determinados textos ou ámbitos especializados[4]. Dende esta perspectiva o punto de partida da descrición é o termo, a partir do cal se busca identifica-los seus coocorrentes, mentres que dende outras perspectivas como a fraseoloxía xeral, a análise parte dunhas estruturas morfosintácticas preestablecidas[5].

3. Unidades fraseolóxicas especializadas e fraseoloxía xeral

Segundo Kjaer (2007), moitos fraseólogos mostráronse ata agora reticentes a estudar en detalle as combinacións de palabras propias dos textos especializados, porque a comprensión en detalle do seu significado e funcionamento dentro do discurso é inseparable dun coñecemento profundo da ciencia ou profesión concreta que se pretende estudar. Neste sentido, Greciano (1995) argumenta que tanto o tema (en orixinal "*Sachverhalt*") como a lingua configuran o texto especializado. Isto implica que non se poida analiza-la lingua dun texto especializado sen ter en conta a interdependencia que se establece entre a fraseoloxía e o contexto social e profesional no que se usa. Polo tanto, como propón Sandrini (1996), para analizar unha unidade calquera, xa sexa esta fraseolóxica ou terminolóxica, dun ámbito concreto do saber, primeiro hai que estudar que función representa a unidade que nos propoñemos estudar dentro do ámbito concreto do que é propia.

A estreita relación entre lingua e ámbito de especialidade podería facer pensar que a fraseoloxía das linguaxes de especialidade constitúe un caso singular e que os conceptos, categorías e métodos de análise da fraseoloxía xeral non son aplicables ó estudo das combinacións restrinxidas de palabras dentro dos textos especializados. Neste sentido, autores como Kjaer (2007) opinan que aínda que moitas das categorías da fraseoloxía xeral non son aplicables ó estudo das UFE (p. ex. as unidades fraseolóxicas propias dun autor concreto) outras, como as construcións con verbo soporte, cobran gran relevancia no estudo da fraseoloxía dos textos especializados, sobre todo no que respecta ó discurso xurídico.

Polo tanto, a maioría dos fraseólogos coinciden en considera-la fraseoloxía especializada un subxénero da disciplina fraseolóxica, que precisa unha revisión e redefinición dos conceptos e métodos de análise establecidos, de modo que poida dar resposta ás particularidades e trazos propios do seu obxecto de estudo.

Os recentes estudos no campo da lingüística de corpus en relación co funcionamento das unidades fraseolóxicas dentro dos textos especializados puxeron de manifesto que

[4] Como sinalan Lorente (2001) e Bevilacqua (1996: 31) hai que ter en conta que a frecuencia de determinadas "fórmulas rutineiras" dos textos xurídicos, cuxa aparición normalmente se limita a unha vez por texto, non se pode medir en relación a un único texto, como é o caso das colocacións especializadas, senón en relación a todo o ámbito de especialidade.

[5] Dende o punto de vista morfosintáctico, traballos como os de Koike (2001), Írsula Peña (1994) ou Corpas Pastor (1996) para as colocacións da lingua xeral seguen a proposta de Hausmann (1990), que establece unha serie de patróns morfosintácticos para clasificalas. A citada proposta establece seis estruturas diferentes: subst. + (prep.) + subst. (*bomba de calor*), subst. + adx. (*sentencia absolutoria*), V + subst. (*presentar una denuncia*), subst. + V. (*el juez ha dictaminado*), V. + adv. (*rogar encarecidamente*) e adv. + adx. (*estrechamente relacionado*).

os trazos definitorios das unidades fraseolóxicas, isto é idiomaticidade, lexicalización e estabilidade estrutural, deben ser redefinidos de maneira que poidan dar conta das particularidades que presentan as UFE do discurso especializado. Neste sentido, é importante destacar que nas linguaxes de especialidade non é apropiado falar de "idiomaticidade", entendida esta como o feito de que o significado dunha UFE non sexa produto dos significados individuais dos seus constituíntes. Isto débese a que, aínda que existan significados figurados en moitos dos verbos que forman parte de UFE, as unidades das linguaxes de especialidade tenden a revelar un significado monosémico, de maneira que se garanta a comunicación fluída entre expertos evitando dar lugar a dobres interpretacións dunha mesma mensaxe. Neste sentido, autores como Kjaer (2007) argumentan que a natureza do vínculo que se establece entre os diferentes constituíntes da unidade está causada por factores como recorrencia e reprodución de determinadas combinacións de palabras en situacións extralingüísticas e contextos textuais concretos, de aí que non se poida falar de idiomaticidade como tal nas UFE, senón máis ben de idiosincrasia e estereotipicidade en determinadas situacións discursivas e xéneros textuais concretos.

Neste mesmo sentido, Feilke (2004: 58) considera que o modelo de centro-periferia introducido por Fleischer (1982)[6] parece estar obsoleto e debe dar paso a un modelo de análise diferente no que a coocorrencia convencional das unidades léxicas en determinadas situacións comunicativas concretas constitúa o trazo fundamental das unidades fraseolóxicas.

Moi en consonancia coa proposta de Feilke, o centro prototípico da fraseoloxía especializada está ocupado por construcións verbonominais de significado transparente, que presentan restricións combinatorias establecidas polo uso e cuxa frecuencia de uso é relevante en determinados tipos de textos ou de discursos especializados. Trátase, polo tanto, de unidades que se achegan máis ó terminolóxico que ó fraseolóxico. Neste sentido, as UFE débense analizar en termos de idiosincrasia, estabilidade externa ou pragmática (no sentido de Írsula Peña 1994), reproducibilidade e recorrencia en determinadas situacións comunicativas, e non tanto en termos de idiomaticidade ou irregularidades sintácticas e semánticas como ocorre coas unidades da fraseoloxía xeral. Estámonos referindo a unidades de tipo *dictar sentencia*, *sentar precedente*, *casar una sentencia* etc.

Ó igual que na lingua xeral, no estudo da fraseoloxía dos textos de especialidade establécense dúas concepcións do fenómeno fraseolóxico. Unha estreita, que considera

[6] Fleischer na súa proposta de 1982 considera que o prototipo de unidade fraseolóxica está formado por unidades poliléxicas, cun alto grao de fixación semántica e sintáctica e cuxo significado como unidade é idiomático. É dicir, aqueles fraseoloxismos, cuxo significado como unidade non é o resultado da suma dos significados individuais dos seus compoñentes, ó contrario do que ocorre coas unidades que nos ocupan no presente traballo. Neste sentido, algúns especialistas baséanse na proposta de Fleischer (1982) que expón que as unidades fraseolóxicas están integradas dentro dun *continuum*, cuxo núcleo está representado polo prototipo de unidade fraseolóxica, poliléxica, fixa e con trazo de idiomaticidade. Na periferia deste *continuum* fraseolóxico sitúanse as unidades que nos interesa estudar no presente traballo, posto que son unidades que presentan o nivel de fixación máis baixo e cuxo significado non é idiomático senón composicional, por iso están situadas no límite cos sintagmas libres do discurso.

que os estudos fraseolóxicos deben dar conta unicamente do funcionamento das unidades prototípicas e que está representada por autores como Kjaer (2007) ou o propio *Instituto Alemán de Normalización* (DIN) que na súa norma DIN 2342 define a fraseoloxía especializada como o "conxunto de unidades fraseolóxicas que forman parte dunha linguaxe de especialidade" e as unidades fraseolóxicas especializadas como "a unión dun verbo e un grupo nominal fixo co fin de expresar accións, procesos, estados e relacións propias dun campo ou unha actividade especializada concreta, como por exemplo: *girar una letra de cambio*, *extraer una muela* ou *otorgar un testamento*" (DIN 2342 1992:3). Disto pódese deducir que dende esta concepción o obxecto de estudo da fraseoloxía son exclusivamente as construcións verbonominais fixas do discurso especializado.

Ó mesmo tempo, hai autores como Gouadec (1994) ou Hohnhold (1993) que expoñen a necesidade de amplia-lo obxecto de estudo da fraseoloxía especializada a outro tipo de combinacións fixas de palabras de maneira que se poida dar resposta ás necesidades lexicográficas que cada vez máis se están demandando dende os profesionais da tradución e redacción de textos especializados.

4. Unidades fraseolóxicas especializadas e teoría da tradución

Como xa comentamos no apartado anterior, dende a perspectiva da tradución de textos especializados, estase a demandar cada vez máis un concepto de fraseoloxía especializada máis amplo que non só atenda ós comportamentos das construcións verbonominais propias dos textos especializados.

Entre as propostas tradutolóxicas para o estudo das UFE destacan sobre todo os traballos de Gouadec (1994) e Roberts (1995). Trátase dun modelo de análise que intenta identificar e describir aquelas unidades útiles para a redacción e tradución de textos especializados. Así, Gouadec (1994) argumenta que as UFE se caracterizan pola súa estereotipicidade, entendida esta como a recorrencia nos textos especializados, e a súa especificidade nun determinado dominio. Para este autor, as UFE non son unicamente os sintagmas fixos do discurso especializado, senón que tamén son unha serie de carácteres que se repiten de modo invariable nun tipo de discurso especializado. Estas series de carácteres forman segundo este autor unha *matriz*, composta por elementos fixos e elementos que están suxeitos á variación. En certos aspectos, as *matrices* de Gouadec lembran ás locucións con "casas baleiras" da fraseoloxía xeral do tipo *ser el vivo retrato [de alguien]*; onde a casa *[de alguien]* se debe actualizar en función do contexto comunicativo concreto. Estas matrices propostas por Gouadec están constituídas tanto por elementos léxicos autosemánticos como por elementos gramaticais sinsemánticos e, en certa medida, como propón Tabares Plasencia (2008), poden considerarse análogas ás *colocacións gramaticais* de Benson (1985). Os elementos léxicos que compoñen estas secuencias estereotipadas poden estar ocupados por unidades terminolóxicas ou por unidades da lingua xeral.

Segundo Bevilacqua (1994), que aplicou os criterios de Gouadec (1994) para tratar de acoutar e analiza-las UFE propias do ámbito do Dereito Medioambiental, forman exemplos típicos deste tipo de secuencias: *a efectos de [X]*, *establecimiento de criterios*

y patrones de [X], *causar [X]*, *responder por [X]*, *en cumplimiento de la lei [X]*, *compete a [X] hacer [Y]* etc. Segundo esta autora, a tipoloxía sintáctica das unidades que Gouadec recolle como fraseolóxicas oscila entre o sintagma e a cláusula completa. O problema fundamental que atopa Bevilacqua ó aplica-los criterios de Gouadec para o seu traballo é que lle resultan insuficientes para a discriminación entre unidades da lingua xeral e da lingua especializada, xa que matrices como *causar [X]* ou *a efectos de [X]* aparecen tanto en textos xerais coma nos especializados, e só forman parte do léxico especializado cando a "casa baleira" da matriz está ocupada por unha UT. Porén, a perspectiva de Gouadec resulta interesante para o estudo de determinadas "fórmulas estereotipadas" do discurso especializado que polo xeral adoitan abarcar máis dunha cláusula e nas que frecuentemente se atopan inseridas outras unidades fraseolóxicas menores, compostas polas UFE sintagmáticas que constitúen o núcleo da fraseoloxía especializada. Estámonos referindo a fórmulas do tipo "*debemos condenar y condenamos*", "*debemos declarar y declaramos haber lugar al recurso de casación interpuesto por D. [X]*", "*Así, por esta nuestra sentencia, lo pronunciamos, mandamos y firmamos*" etc. Así podemos comprobar como dentro destas tres fórmulas estereotipadas podemos atopar inseridas diferentes UFE menores tales como: *condenar a un acusado*, *interponer un recurso de casación*, *pronunciar una sentencia*, *mandar una sentencia*, *firmar una sentencia* etc.

Polo tanto, dende a óptica da tradución preténdese amplia-lo concepto de UFE de maneira que se poidan identificar e acoutar aqueles segmentos textuais que presentan un índice de recorrencia elevado en determinados tipos textuais e que poidan ser útiles para a práctica da tradución. Este concepto de UFE excede os límites do sintagma e ten moito en común coa tipoloxía que ofrecen Wotjak e Heine (2005) para as unidades da lingua xeral. Estas autoras ofrecen unha clasificación moi similar á de Corpas Pastor (1996). Porén, presentan algunhas diferenzas dignas de mención. Así, aínda que se respecta a división entre as UFE que sintacticamente funcionan como un constituínte da cláusula daquelas que se sitúan ó nivel da cláusula, a súa subclasificación varía un pouco. Wotjak e Heine (2005) a nivel suboracional diferencian entre *colocacións*, *construcións con verbo soporte* e *fraseolexemas* (locucións na clasificación de Corpas Pastor). Polo que respecta ó nivel supraoracional, estas autoras diferencian entre *paremias*, *fórmulas rutineiras* e *textos formularios*. Como veremos no apartado seguinte, o concepto de *textos formularios* ou de fragmentos de texto que presentan un alto nivel de estereotipicidade e fixación será de grande utilidade á hora de trata-las UFE de textos marcadamente estereotipados como é o caso dos textos legais.

5. Cara a un concepto formulario das UFE

Unha vez revisadas as diferentes concepcións de UFE que podemos atopar na bibliografía ó respecto, o obxectivo do presente apartado é propor unha definición de UFE que resulte operativa para a práctica da tradución e redacción de textos especializados.

Coincidimos con Cabré Castellví (1996) ó considerar que o estudo dos comportamentos lingüísticos de calquera unidade do discurso e das relacións que esta establece co resto de unidades que compoñen o discurso debe acometerse dentro dos

contextos de uso reais nos que a unidade ou tipos de unidades que nos interesa estudar ocorren. Por este motivo, e dado que o noso obxecto de estudo son as unidades terminolóxicas e os seus coocorrentes máis frecuentes no discurso xurídico procesal-penal, construímos un corpus con sentenzas de tipo penal. Os textos que forman o noso corpus español están extraídos da páxina web do Tribunal Supremo español (www.poderjudicial.es), que foi consultada en repetidas ocasións entre o 15 de marzo e o 3 de xullo do 2009. Trátase pois de sentenzas de ámbito xurídico-penal que dirimen recursos de casación e que foron ditadas e publicadas na citada páxina web entre o 1 de xaneiro e o 3 de xullo do 2009. Pola súa parte, o corpus alemán está formado por sentenzas extraídas da páxina web do *Bundesgerichtshof* (www.bundesgerichtshof.de), tamén do ámbito xurídico-penal, que resolven igualmente recursos de casacións (*Revision*) e que foron ditadas e publicadas nas mesmas datas que as sentenzas que compoñen o corpus español. O período de consulta das mesmas correspóndese así mesmo co do corpus español. Neste punto, cabe destacar que aínda que ámbolos tribunais representan a última instancia xudicial dentro dos seus respectivos ordenamentos xurídicos, o *Bundesgerichtshof* e o Tribunal Supremo español non son exactamente equivalentes, xa que o primeiro só posúe xurisdición en materia civil e penal, posto que as xurisdicións militar, contencioso-administrativa xeral, contencioso-administrativa da Facenda Pública, contencioso-administrativa de asuntos sociais e a social (ou laboral) alemás están representadas por cadanseu tribunal supremo, a diferenza do que ocorre en España, onde unicamente hai un Tribunal Supremo dividido en distintas salas: a Sala do Civil, a Sala do Penal, a Sala do Contencioso-Administrativo, a Sala do Social e a Sala do Militar.

Polo xeral, o tradutor ante a tarefa de traducir unha UFE dunha lingua a outra pode verse ante diversas situacións, das que imos destacar tres: a) descoñece se na lingua de chegada existe unha unidade fraseolóxica fixada para formula-la noción que se propón traducir; b) os dicionarios bilingües ou multilingües especializados ofrécenlle diversas posibilidades e ignora cal pode se-la máis axeitada para o suposto concreto da tradución ó que se enfronta; c) non é consciente de que a súa decisión tomada a favor dunha das alternativas ofrecidas pola(s) ferramenta(s) terminográfica(s) empregada(s) pode xerar confusión no receptor do texto traducido. Ademais destes problemas, derivados da falta de competencia terminolóxica que xeralmente posúen os tradutores, o principal problema adoita radicar na inserción da unidade dentro do discurso especializado. Neste sentido é importante salientar que os equivalentes de tradución non se establecen a nivel do sistema da lingua senón en función do contexto comunicativo concreto, de aí que sexa preciso que as obras lexicográficas e terminográficas dean información non só do compoñente semántico das unidades fraseolóxicas que recollen, senón tamén dos comportamentos discursivos das mesmas, entendendo por comportamentos discursivos as relacións sintagmáticas e paradigmáticas ou transformacionais que as unidades poden presentar dentro do discurso e que, polo xeral, acostuman ser bastante diferentes nunha e noutra lingua. Así, por exemplo, o feito de que unha UFE en español poida aparecer nominalizada en determinados contextos non significa que en alemán tamén vaia presentar esa mesma posibilidade transformacional, xa que hai que ter en conta que estas posibilidades transformacionais son ata certo punto idiosincrásicas en cada lingua. Ademais, en tipos

textuais tan estereotipados como as sentenzas, como veremos a continuación, as posibilidades transformacionais das UFE dependen en gran medida da súa inserción en fragmentos textuais que se repiten invariablemente ó longo do noso corpus.

Así, se tomamos, por exemplo, a UFE *anular una sentencia* observamos que aparece recollida no corpus español en 23 ocasións. Destaca, ademais, que a UFE *anular una sentencia* aparece sempre nos mesmos contextos que a UFE *casar una sentencia*[7], e que sempre que estas dúas UFE coocorren no noso corpus é dentro dunha fórmula fixa de casación que se repite invariablemente nas 23 sentenzas. Polo que respecta ás variacións sintácticas e morfolóxicas vemos que nesta fórmula as UFE aparecen sempre conxugadas en perfecto de voz pasiva:

(1) *En la causa incoada por el Juzgado de Instrucción número 5 de Lorca, con el número 3/2006 contra Miguel Ángel, en libertad provisional por la presente causa, en la cual se dictó sentencia por la mencionada Audiencia con fecha 20 de Noviembre de 2007, que* ***ha sido casada y anulada*** *por la pronunciada en el día de hoy por esta Sala Segunda del Tribunal Supremo, integrada por los Excmos. Sres. expresados al margen, bajo la Ponencia del Excmo. Sr. D. José Antonio Martín Pallín, que hace constar lo siguiente:* (459/2009)

Esta fórmula de casación que aparece invariablemente no encabezamento de 23 sentenzas diferentes do noso corpus, dános idea do grao de fixación destas UFE maiores. Dentro desta fórmula supraoracional, atopamos inseridas diferentes UFE verbonominais, que presentan sempre as mesmas variacións sintácticas e transformacionais. Así, a unidade *incoar una causa* aparecerá nas 23 ocasións nas que se repite esta fórmula co núcleo verbal en forma de adxectivo deverbal modificando a base da 'causa'. Ó mesmo tempo, observamos que a UFE *dictar sentencia* aparece invariablemente co núcleo verbal conxugado en indefinido e atópase inserida dentro dunha oración subordinada de relativo cuxo antecedente é o substantivo 'causa'. Polo tanto, parece que as UFE verbonominais constitúen os segmentos fixos destas fórmulas, que á súa vez abren ocos para que o falante (no noso caso o xurista) poida introduci-la información relativa ós detalles no caso concreto que se está a xulgar.

Durante a exploración do corpus para a extracción dos coocorrentes máis frecuentes do termo *sentencia*, puidemos comprobar que non se trataba dun fenómeno illado e que outras UFE como *leer una sentencia* e *publicar una sentencia*, que están recollidas cada unha en 26 casos en todo o corpus español, tamén aparecen sempre nunha mesma fórmula supraoracional que se sitúa ó final das sentenzas nas que aparece. Ademais, canto ás variacións paradigmáticas vemos que nesta fórmula as UFE se atopan co núcleo verbal sempre conxugado en voz pasiva:

[7] Cabe destacar que en castelán as UFE *casar* e *anular una sentencia* non se poden considerar absolutamente sinónimas, xa que só o Tribunal Supremo e os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas teñen potestade para casar, mentres que calquera tribunal pode anula-la decisión doutro tribunal inferior.

(2) ***Leída*** *y* ***publicada*** *ha sido la anterior sentencia por el Magistrado Ponente Excmo. Sr. D Luís-Román Puerta Luís, estando celebrando audiencia pública en el día de su fecha la Sala Segunda del Tribunal Supremo, de lo que como Secretario certifico*. (234/2009)

Este fenómeno non é exclusivo do español e vemos como no alemán tamén ocorre con frecuencia. Así a UFE *ein Urteil Aufheben*, equivalente semántico da unidade española *casar una sentencia*, aparece en 50 dos 53 casos nos que está reflectida no corpus alemán dentro dunha mesma fórmula supraoracional fixa. Dentro desta fórmula a UFE está recollida invariablemente en voz pasiva:

(3) *Auf die Revisionen der Staatsanwaltschaft* ***wird das Urteil*** *des Landgerichts Trier vom 3. Juni 2008 mit den Feststellungen* ***aufgehoben*** (3 StR 45/08)

É precisamente esta característica formularia da linguaxe especializada a que leva a Gouadec (1994: 64) a considera-las unidades fraseolóxicas como cadeas de carácteres especializadas formadas por elementos variables e invariables que asumen o carácter dunha "matriz" representativa dun dominio. Este carácter matricial permítelle a Gouadec considera-la fraseoloxía como un paradigma que posibilita, en función da capacidade destas unidades para aceptar substitucións e conmutacións dalgún dos seus elementos integrantes, a identificación dos seus distintos graos de fixación semántica e sintáctica. A nosa análise dos corpus español e alemán permitiunos constatar que a maioría das UFE se atopan inseridas dentro doutras unidades fraseolóxicas supraoracionais como as que describe Gouadec, e que, como mostran os exemplos anteriores, é precisamente en función da súa inserción dentro destas fórmulas supraoracionais que as UFE presentan unhas ou outras variacións sintácticas e transformacionais.

Polo tanto, se dende a perspectiva terminolóxica se consideraba as UFE como o ambiente do termo, podemos considerar que as "fórmulas supraoracionais estereotipadas", que se veñen propoñendo dende a perspectiva tradutolóxica, constitúen o contexto habitual das UFE dentro dos textos especializados, xa que en virtude da súa inserción dentro destas UF maiores as combinacións verbonominais presentan unhas posibilidades transformacionais concretas. Na nosa opinión, estas unidades fraseolóxicas maiores deberían ser obxecto de estudo en futuras investigacións, de maneira que se poida presentar unha clasificación e caracterización delas que permita o seu axeitado tratamento nas diferentes obras lexicográficas e terminográficas.

6. Conclusións

O obxectivo deste traballo foi o de facer un repaso sobre os aspectos teóricos e aplicados da fraseoloxía especializada que, aínda que fosen estudados por varios autores nos últimos anos, seguen sendo moi debatidos.

Neste sentido, revisámo-las distintas definicións e denominacións das UFE e identificámo-la súa delimitación en relación con outras unidades poliléxicas, como as UTS, para as que non existen criterios claros de diferenciación, sobre todo cando o

núcleo verbal da UFE se atopa nominalizado. Así mesmo, revisámo-las diferentes tendencias na descrición e caracterización das unidades fraseolóxicas especializadas. Neste sentido identificamos tres tendencias diferentes que se poden agrupar en dúas formas de concibi-las UFE:

- As caracterizadas como sintagmas xa sexan nominais, verbais, adxectivas ou preposicionais; (fraseoloxía xeral e teoría da terminoloxía).
- As caracterizadas como frases ou fórmulas típicas de determinado ámbito (modelos descritivos destinados á tradución ou redacción de textos especializados).

Estas dúas grandes concepcións do concepto UFE caracterízanas como unidades fixas ou semifixas, frecuentes e específicas dun determinado ámbito especializado. Pero distínguense en relación coa aplicación de criterios sintácticos e semánticos, así como nas propostas para a súa descrición.

Finalmente, puidemos comprobar que nun tipo textual tan estereotipado como as sentenzas, as variacións sintácticas dunha UFE están moi relacionadas con determinadas unidades fraseolóxicas supraoracionais nas que as UFE suboracionais están inseridas a modo de invariables.

Somos conscientes de que os resultados obtidos con este estudo só son aplicables ó tipo de texto escollido para a creación dos corpus, e que en futuras investigacións sería interesante compara-los resultados obtidos da análise das UFE contidas nunha sentenza, coas variacións sintácticas e paradigmáticas que mostran esas mesmas unidades en tipos de texto diferentes, xa que os aspectos comunicativos dos textos inflúen no grao de variación e no uso das UFE.

Por último, queremos destacar tamén que en próximas investigacións queremos afondar máis na descrición e clasificación das unidades supraoracionais nas que as UFE están inseridas, de modo que poidamos ofrecer un catálogo de fórmulas nas que cada UFE é susceptible de ser inserida.

7. Referencias bibliográficas

ALONSO RAMOS, Margarita (1993): "Hacia una definición del concepto de colocación: de J. R Firth a I. A Mel'cuck", en *Revista de lexicografía*, vol. 1, 9-28.

BENSON, Morton (1985): "Collocations and Idioms", en ILSON, R. (ed.): *Dictionaries, lexicography and language learning*. Oxford: Pergamon, 61-68.

BEVILACQUA, Cleci (1996): "Do domínio jurídico-ambiental: proposta de critérios para seleção e tratamento de unidades fraseológicas", en *Actas del Primer Congreso Iberoamericano de Terminología: Terminología, Ciencia y Tecnología*. México: Riterm, 34- 50

(1999): *Unidades fraseológicas especializadas: estado de la cuestión y perspectivas*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.

(2004): *Unidades fraseológicas eventivas: descripción y reglas de formación en el ámbito de la energía solar*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.

BUSSE, Dietrich (2002): "Wortkombinationen", en CRUSE, Alan.; HUNDSNURSCHER, Franz; JOB, Michael; LUTZEIER, Paul (eds.): *Lexikologie. Ein internationales Handbuch zur Natur und Struktur von Wörtern und Wortschätzen*, 1. Halbband. Berlin / New York: De Gruyter, 408-415.

CABRÉ CASTELLVÍ, María Teresa (1993): *La terminología, teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Empuries.

CABRÉ CASTELLVÍ, Maria Teresa; ESTOPÁ BAGOT, Rosa; LORENTE CASAFONT, Mercè (1996): "Terminología y fraseología", en *Actas del V Simposio Iberoamericano de Terminología: Terminología, Ciencia y Tecnología*. México: Riterm, 34- 50.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DIN 2342 (1994): *Begriffe der Terminologielehre. Deutsches Institut für Normung*: Berlin.

FLEISCHER, Wolfgang (1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: Bibliographises Institut.

GONZÁLEZ REY, María Isabel (2002): "Contribución a una reflexión sobre las colocaciones", en VEIGA, Alexandre; GONZÁLEZ PEREIRA, Miguel; SOUTO GÓMEZ Montserrat (eds.): *Léxico y gramática*. Lugo: Tris Tram, 155-171.

GOUADEC, Daniel (1994): "Nature et traitement des entités phraséologiques. Terminologie et phraséologie. Acteurs et amenageurs", en *Actes du deuxième Université d'Automne en Terminologie*. Paris: La Maison du Dictionnaire, 164-193.

GRÉCIANO, Gertrud (1993): "Vers une modélisation phrasélogique: acquis et projets d'EUROPHRAS", en *Terminologies Nouvelles* 10, 16-22.

(1995): "Fachfraseologie", en METRIECH, H. et alii: *Rand und Band. Abgrenzung und Verknüpfung als Grundtendenzen des Deutschen*. Tübingen: Narr, 183-195.

HAUSMANN, Franz Joseph (1990): "Le dictionnaire de collocations", en HAUSMMAN, Franz Joseph (ed.): *Wörterbücher: ein internationales Handbuch zur Lexicographie*. Berlin / New-York: De Gruyter, 1010-1019.

HEINE, Antje; WOTJAK, Barbara (2005): "Überlegungen zur Abgrenzung und Beschreibungverbonominaler Wortverbindungen (Wortidiome, Funktionsverbgefüge, Kollokationen): Vorleistungen für die (lerner-) lexikographische Praxis", en *Zeitschrift „Deutsch als Fremdsprache"*, 3/2005, 143-165.

HÖHNHOLD, Ingo (1993): "Terminologisch relevante Phraseologie in Fachtexten", en *Terminologie et traduction* 2-3, 251- 270.

ÍRSULA PEÑA, Jesús (1994): *Substantiv-Verb- Kollokationen, kontrastive Untersuchungen Deutsch-Spanisch*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

KJAER, Anna Lise (2007): "Phrasemes in Legal texts", en BURGER, Harald et alii (eds.): *Phraseology, Phraseologie: Ein internationales Handbuch der zeitgenösichen forschung*, vol.1. Berlin / New York: De Gruyter, 506-516.

KOIKE, Kazumi (2001): *Colocaciones léxicas en el español actual: estudio formal y léxico semántico*. Madrid: Universidad de Alcalá.

LAINÉ, Christine et alii (1992): "La phrasélogie - nouvelle dimension de la recherche terminologique. Travaux du module canadien du RINT", en *L'Actualité terminologique* 25, 5-9.

LORENTE CASAFONT, Mercè (2001): "Terminología y fraseología especializada: del léxico a la sintaxis", en GUERRERO, Gloria; PEREZ LAGOS, Luis (eds.): *Panorama actual de la terminología*. Granada: Comares, Colección Interlingua, 30, 234- 289.

ROBERTS, Roda P. (1995): "Identifying the Phraseology of LSPs", en *ALFA* 7/8, 61-73.

RUIZ GURILLO, Leonor (2002): "Compuestos, colocaciones, locuciones: intento de delimitación", en VEIGA, Alexandre; GONZÁLEZ PEREIRA, Miguel; SOUTO GÓMEZ Montserrat (eds.): *Léxico y gramática*. Lugo: Tris Tram, 327-339.

SANDRINI, Peter: (1996): "Terminologiearbeit im Recht. Deskriptiver, begriffsorientierter Ansatz vom Standpunkt des Übersetzers", en *IITF Series* 8. Wien: TermNet.

TABARES PLASENCIA, Encarnación (2008): "Ausgewählte Übersetzungsprobleme der juristischen Fachphraseologie. Vergleich Deutsch-Spanisch", en *Actas del Congreso Europhras 2008* (Helsinki 13 al 16 agosto), 245-258.

Información superflua de orixe pragmática na definición lexicográfica das locucións[1] verbais[2]

Inmaculada Penadés Martínez

Universidad de Alcalá

Este traballo ten como obxectivo mostrar que as definicións lexicográficas dalgunhas locucións verbais do español, do catalán e do portugués inclúen informacións de natureza circunstancial que non se corresponden con todos os usos dunha locución e que poden ser deducidas do contexto lingüístico que a envolve ou do coñecemento enciclopédico dos usuarios do dicionario. A partir desta constatación, proponse a supresión destes datos circunstanciais de orixe pragmática das definicións que os recollen.

Palabras clave: lexicografía, fraseografía, pragmática, locucións, español, catalán, portugués.

The aim of this article is to show that the lexicographical definitions of some Spanish, Catalan and Portuguese verbal idioms include some circumstantial information which does not accord with all uses of an idiom and may be deduced from the linguistic context in which it is embedded or from the encyclopaedic knowledge of the dictionary users. On the basis of this assertion, the article proposes the elimination from the definitions of these circumstantial data of a pragmatic origin.

Keywords: lexicography, phraseography, pragmatics, idioms, Spanish, Catalan, Portuguese.

1. Introdución

En obras de referencia sobre lexicografía, publicadas en España en datas relativamente recentes, é habitual ocuparse, nas primeiras páxinas, da relación da lexicografía coas disciplinas lingüísticas da lexicoloxía, a semántica e a gramática (Porto Dapena 2002:16-34; Azorín Fernández 2003:47-52), sen tratar a súa posible vinculación coa

Data de recepción 24/09/2010 Data de aceptación 28/09/2010

[1] Tradución de Ghizlane Baatti.

[2] Este artigo enmárcase no proxecto de I+D+i "Fraseografía teórica y práctica. Bases para la elaboración de un diccionario de locuciones" (HUM2007-60649), financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia. Por outra parte, recolle, ampliándoo e reelaborándoo, o contido da comunicación Penadés Martínez (no prensa a). Finalmente, agradézolles aos dous expertos anónimos que revisaron o artigo, os comentarios que me fixeron nos seus informes; estou absolutamente convencida de que as súas achegas enriqueceron o que poida haber de bo neste traballo.

pragmática, disciplina máis nova que as mencionadas, pero fixada xa na actualidade en canto ao seu obxecto de estudo, abordado desde diferentes perspectivas.

Esta particularidade contrasta co feito de que, ao se referiren á definición das unidades na microestrutura dos dicionarios, os lexicógrafos (Medina Guerra 2003:129-132) afánanse en precisar que o dicionario non recolle significados lingüísticos, senón sentidos, usos, variantes de significado, acepcións, en canto sentidos consolidados polo uso e aceptados pola comunidade de falantes, que son as que realmente se definen. Deste modo, de rexeitamento, dáselle entrada á pragmática no dicionario, pois non en van a súa misión é estudar non o significado lingüístico, senón o significado das palabras usadas en actos de comunicación. Non obstante, paradoxalmente, para certos cultivadores da pragmática (por exemplo Reyes, 1998:7-9), o dicionario informa sobre o significado lingüístico da palabra illada de contexto, fronte á pragmática, que estuda os principios regulares que guían os procesos de interpretación lingüística das palabras e dos enunciados utilizados polos falantes nun contexto.

Con todo, a finalidade deste artigo non é subliñar a relación entre lexicografía e pragmática –cuestión que, se ben non ocupa un lugar na teoría lexicográfica española[3], si é obxecto de análise polos cultivadores da crítica metalexicográfica[4]– nin buscar solucións á contradición formulada no parágrafo anterior sobre cal debe ser a natureza do significado das unidades definidas no dicionario: ou ben o significado como concepto ou ben o significado como información referencial ou intencional. O obxectivo deste traballo é moito máis preciso e consiste en observar como algunhas definicións de locucións verbais en dicionarios de español, e doutras linguas románicas, conteñen partes, fragmentos ou datos que non se corresponden co uso da locución en cuestión en distintos exemplos e que poden ser deducidos, xustamente, polo contexto lingüístico que a envolve ou polo coñecemento enciclopédico dos usuarios dos dicionarios.

2. Cuestións previas

Antes de abordar de maneira específica o tema do artigo, convén establecer uns puntos básicos:

1) O termo *información pragmática* concíbese de modo distinto desde a pragmática e desde a lexicografía. Na primeira destas ramas da lingüística, para Escandell Vidal (1993:37), seguindo a Dik (1989), a información pragmática é o conxunto de coñecementos, crenzas, supostos, opinións e sentimentos dun individuo nun momento calquera da interacción verbal e consta, ademais, de tres subcompoñentes: o xeral, o situacional e o contextual. Pola súa parte, en lexicografía, *información pragmática* pode entenderse, en sentido restrinxido, como a información relativa ás etiquetas ou ás marcas de uso das unidades léxicas (Burkhanov 2003) e, en sentido amplo, do modo en que o fai Yang (2007)[5], para quen a información pragmática

[3] Non ocorre así, non obstante, noutras tradicións lexicográficas (Burkhanov 2003).
[4] Tal como se desprende da consulta de Ahumada Lara (2006) e (2009).
[5] Ademais, en Yang (2007:148-150) pode encontrarse unha breve revisión do concepto *información pragmática* no ámbito da lexicografía.

consiste na incorporación do significado pragmático ao significado lexicográfico, o que dá lugar a que xurdan tres niveis de información pragmática: no nivel léxico, no nivel da oración e no do discurso. No nivel léxico a información pragmática é transmitida por seis tipos de palabras ou de expresións: formas de tratamento (*Madam*, *daddy*, (*my*) *darling*, *Majesty*), marcadores discursivos (*therefore*, *all in all*), atenuadores (*perhaps*, *I believe*), verbos de actos de fala (*advise*, *order*), verbos modais (*can*, *may*) e marcadores contextuais (*elderly*, *hereat*). No nivel oracional, a información pragmática refírese ao acto de fala co que se asocia convencionalmente unha expresión (o refrán *An apple a day keeps the doctor away* emprégase máis coma suxestión que coma afirmación) ou parte dunha expresión (a cláusula condicional introducida por *if* emprégase convencionalmente para construír varios tipos de actos de fala que van desde o consello ou a advertencia ata o pedimento); relaciónase, así mesmo, co xeito en que un acto de fala é construído, en cuxo caso a cortesía é o factor chave e, por último, baséase no tempo, o aspecto e a voz, os cales determinan, así mesmo, usos máis ou menos corteses. Finalmente, no nivel do discurso, a información pragmática atinxe á elección do tópico da conversa, aos contornos culturais relativos aos tópicos e aos pares de actos de fala convencionais (*Really? Thank you*, onde se dan dous pares de actos de fala: obsequio e aceptación ao recibir o obsequio)[6].

Non obstante, a maneira en que aquí se toma o termo difire das tres apuntadas, pois *información* fai referencia á parte informativa do artigo lexicográfico contida na definición das unidades, neste caso locucións verbais; xunto a isto, o adxectivo *pragmática* empregouse para cualificar o substantivo *información* porque, como se comprobará ao longo da lectura deste artigo, nas definicións dalgunhas locucións verbais en diversos dicionarios aparecen datos, fragmentos de información que poden deducirse do contexto lingüístico en que se insiren as locucións ou do coñecemento do mundo. Posto que contexto lingüístico e coñecemento enciclopédico forman parte do uso da lingua, non do seu sistema, e son obxecto de análise para a pragmática, parece apropiado usar o cualificativo *pragmático* para especificar a orixe destes datos, destes fragmentos de información que facilitan as entradas dos dicionarios para algunhas locucións verbais.

2) Por outra parte, independentemente da disparidade de termos que existe para denominar as que xenericamente poden chamarse *unidades fraseolóxicas*, parto da asunción de que hai unha clase, a das locucións que, seguindo a Casares (1950:170), se define como: "combinación estable de dos o más términos, que funciona como elemento oracional y cuyo sentido unitario consabido no se justifica, sin más, como una suma del significado normal de los componentes". Ademais, dentro das locucións diferéncianse case tantas clases como clases de palabras establece a gramática e, claro está, unha destas corresponde ás locucións verbais, que son definidas por Casares (1950:171, 178-179) de dúas maneiras: como aquelas que se compoñen dun verbo que, asimilando o seu complemento directo ou preposicional, forma un predicado complexo

[6] E, precisamente, o traballo de Yang (2007) está dedicado a avaliar como todo este amplo conxunto de informacións pragmáticas está incluído na cuarta edición do *Longman Dictionary of Contemporary English*.

e como locucións oracionais con equivalencia e función verbal; pola súa parte, desde a concepción de Melendo (1965:17), son locucións que teñen o valor dunha oración, ben copulativa, ben predicativa; para Corpas Pastor (1996:102) as locucións verbais expresan procesos que poden formar os predicados con complementos ou sen eles e, segundo Ruiz Gurillo (1998:38), actúan como os verbos simples, polo que a súa función é a de núcleo do predicado e, como tal, poden constituír un enunciado.

3) Sabido é que, ao redactaren a definición lexicográfica de calquera unidade, un dos principios que se intenta seguir é o da identidade categorial entre definido e definidor. Con todo, no caso particular das locucións, non parece adecuado, desde a perspectiva do usuario, preservar a identidade categorial entre ambos os dous elementos, pois conduciría a definir unha locución mediante outra, senón que é máis conveniente, pola contra, a definición da locución verbal a través dun verbo ou dun sintagma cuxo núcleo sexa un verbo (Olímpio de Oliveira Silva 2007:171-177).

Xunto a isto, a teoría lexicográfica distingue (Porto Dapena 2002:239-249; Medina Guerra 2003:139-140) dous tipos de metalingua na elaboración das definicións: a de contido e a de signo, propia esta última da definición funcional, na que o definido se explica desde o punto de vista do seu funcionamento gramatical, contextual ou pragmático. As definicións funcionais pragmáticas son aplicables a unidades fraseolóxicas como as fórmulas oracionais, dada a súa equivalencia con distintos tipos de actos de fala. Non obstante, as locucións verbais, pola súa identidade funcional con unidades da clase verbo, deben ser obxecto, en principio, dunha definición conceptual[7], xa sexa esta sinonímica, é dicir, feita cun sinónimo pertencente á clase verbo, ou perifrástica, en cuxo caso unha frase ou un sintagma analizan o contido da locución verbal que é obxecto de definición. Así pois, parto de que unha locución verbal equivale a un verbo que, ademais, serve para parafrasear o contido da locución cando esta se define no dicionario. Xunto con isto, considero que o verbo se constitúe en núcleo dunha predicación que, para o caso que estamos tratando, se corresponde, xustamente, coa paráfrase definitoria da locución en cuestión. Deste modo, *caer el gordo* equivale a "Suceder a una persona una cosa buena de manera inesperada"[8], onde o verbo "suceder" é o núcleo do predicado, "una cosa buena" o argumento suxeito que esixe "a una persona", o argumeto complemento indirecto, e "de manera inesperada" un complemento adxunto de modo.

Pois ben, cando a definición das locucións verbais se fai mediante unha frase ou un sintagma que expresa o seu contido conceptual, orixínase a situación que se formula no seguinte apartado.

---

[7] En Núñez Bayo (en prensa) trátase da conveniencia de diferenciar no dicionario fórmulas oracionais de locucións verbais a partir do distinto tipo de definición lexicográfica que se debe utilizar para unha e para outra clase de fraseoloxismos.

[8] Se non aparece ningunha referencia bibliográfica tras a definición dunha locución, debe entenderse que esa definición corresponde á redactada para o *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual* (DILEA), obra que se está confeccionando no marco do proxecto de investigación ao que se fai referencia na primeira nota (Penadés Martínez 2008; Penadés Martínez en prensa b).

3. Ilustración do problema

O desenvolvemento do proxecto de investigación ao que se fixo mención anteriormente, determinou que, nestes momentos, estea levando a cabo unha análise das definicións que diferentes dicionarios do español ofrecen das locucións verbais, clase pola que se vai iniciar a confección do dicionario, que está orientado a definir as locucións non como unidades do sistema da lingua que teñen un significado funcional, entendido como conxunto de trazos, senón como unidades da lingua que teñen un sentido que se manifesta no uso que delas fan os falantes; ao cabo esa é a perspectiva que, dun modo ou doutro, se adopta ao confeccionar os dicionarios de lingua, a menos que se parta explicitamente dunha metodoloxía funcional, xerativa ou cognitiva, que non é aquí o caso. As obras lexicográficas que están sendo obxecto de investigación son de distinta natureza, unhas constitúen dicionarios xerais de lingua: o da Real Academia Española (*DRAE*) e os de uso de María Moliner (*DUE*) e Aquilino Sánchez (*GDUEA*); outras son dicionarios orientados, máis especificamente, ao ensino da lingua, en concreto os dirixidos por Moreno Fernández (*DIPELE*) e por Gutiérrez Cuadrado (SALAMANCA) e, por último, hai dous especificamente destinados a recoller unidades fraseolóxicas, o dicionario de Varela e Kubarth (*DFEM*) e o de Seco, Andrés e Ramos (*DFDEA*)[9].

Partindo de cada unha das locucións verbais rexistradas neste último, a análise que se fai consiste 1) en documentar se se inclúe ou non nos outros dicionarios citados; 2) en rexistrar o lema baixo o que cada dicionario recolle a locución verbal en cuestión; 3) en constatar se trata, malias as posibles diferenzas na forma e na definición dunha locución nos distintos dicionarios, da mesma unidade; 4) en contrastar, a continuación, as definicións destas obras lexicográficas cun amplo conxunto de exemplos obtidos, fundamentalmente, dos dous corpus da Real Academia Española: o *CREA* e o *CORDE*[10], e tamén con exemplos dese mundo lingüístico que é Internet, e 5) en redactar a definición da locución analizada. E, precisamente no penúltimo paso do estudo que para cada locución verbal se fai, é dicir, no exame que contrasta as definicións dos dicionarios con exemplos de uso, observouse un feito recorrente, non illado nin ocasional que, ademais, lles afecta aos sete dicionarios tomados como referencia.

3.1. Informacións na definición derivadas do contexto lingüístico e do coñecemento enciclopédico

Esta metodoloxía de análise levoume a constatar que, en moitas ocasións, a definición de determinadas locucións verbais nos dicionarios inclúe informacións que poden considerarse de natureza circunstancial por referirse a nocións como 'modo', 'causa', 'finalidade' ou 'situación espazo-temporal'. Vexamos algúns exemplos tomados do dicionario de Seco, Andrés e Ramos (2004).

[9] A partir de agora referireime a eles coas denominacións indicadas entre parénteses.
[10] Coa excepción, para este último, de que non se teñen en conta exemplos anteriores ao 1900.

A locución *echarse los años encima* defínese como "Envejecer de repente" (*DFDEA*, p. 147), onde a locución adverbial "de repente" constitúe o elemento adxunto que indica o modo ou a maneira súbita de 'envejecer'. Pola súa parte, *dar diente con diente* significa "Tiritar de frío o de miedo" (*DFDEA*, p. 393), e a parte da definición "de frío o de miedo" explicita a causa da sensación fisiolóxica ou do estado psicolóxico experimentados. En *dar alas*, que ten como definición perifrástica "Alentar[le] o dar[le] facilidades para que se atreva a algo que no conviene" (*DFDEA*, p. 124), atopamos, ademais do predicado "alentar o dar facilidades", o argumento "le" e o adxunto con valor final "para que se atreva a algo que no conviene". Por último, as circunstancias de espazo e tempo que poden enmarcar calquera predicación quedan ilustradas nas locucións *grabar a fuego* e *dar cuartel*; a definición da primeira delas é "Fijar[lo] en la memoria de modo indeleble" (*DFDEA*, p. 477), onde "en la memoria" establece o marco espacial; pola súa parte, a segunda, ao definirse como "Perdonar[le] la vida o tratar[le] con benevolencia cando se rinde o cae prisionero" (*DFDEA*, p. 339), contén o marco temporal ("cuando se rinde o cae prisionero") da predicación "perdonar la vida o tratar con benevolencia".

Nada hai que obxectar, en principio, a estas definicións ata que se contrastan con exemplos de uso[11]. Así, de *echarse los años encima* temos:

(1) […] *Carl Fredricksen, un vendedor de globos retirado y viudo que ha visto como se le han echado los años encima sin haber cumplido uno de sus sueños de juventud: explorar algunos paraísos perdidos en América del Sur*: <http://www.cinematical.es/2009/06/04/critica-up/>.

(2) *si veo que se me echan los años encima, no me importaría tener un hijo sin estar casada*. <http://servicios.laverdad.es/panorama/corazonprotagonista290703.htm>.

(3) *ya se me echan los años encima y tengo alguna duda* […] *Creo que tal vez, si solo usase máscara de pestañas, se vería un maquillaje más natural, y no me pondría años encima. ¿Que opináis?*. <http://foros.elle.es/belleza/maquillaje-y-edad/?action=printpage>.

Ningún deles xustifica que a definición da locución deba incluír a circunstancia de modo "de repente"[12], e iso é así aínda que noutros exemplos, como o (4), si pode considerarse que o proceso de envellecer se realizou deste xeito:

(4) *Te avergüenzas de que se nos hayan echado los años encima, así de pronto. Lo mismo me pasa a mí contigo. Eras el más guapo de Albacete y ahora estás viejísimo* (J. J. Alonso Millán (1995): *Sólo para parejas*. Madrid: SGAE).

[11] Desde outra perspectiva, baseada na distinción entre significado recto e significado translaticio, e por outros motivos, a redacción dun dicionario de locucións do español dirixido a alemáns, Torrent-Lenzen e Uría Fernández (2009) tamén analizaron, utilizando exemplos reais, os problemas que suscita o *DFDEA* na definición de moitas locucións.

[12] O *DRAE*, p. 172, utiliza "de golpe".

É o contexto lingüístico no que se insire a locución verbal, concretamente o sintagma *así de pronto*, o que permite deducir que falante e que oínte envelleceron de súpeto. Pero o feito de que existan exemplos nos que esa circunstancia non se dá leva a pensar que a información modal que a definición contén non se corresponde con todos os usos da locución e, que polo tanto, o dicionario non debería recoller na súa definición, senón todo o máis ilustrala con algún exemplo. Malia que deste modo *echarse los años encima* queda definida como "Envejecer", non significa isto que a locución e o verbo *envejecer* correspondan a un mesmo tipo de acontecemento; ao contrario, *echarse los años encima* é unha locución verbal cuxo aspecto léxico é do tipo dinámico e delimitado ou télico como proba a súa incompatibilidade en calquera dos exemplos anteriores co modificador adverbial *durante x tiempo*, mentres que *envejecer* é un feito progresivo e durativo (Miguel 2000:3009-3022). Cuestión distinta é, claro está, se este tipo de diferenzas deben quedar reflectidas nas definicións lexicográficas das unidades lingüísticas, xa sexan locucións ou unidades simples.

O mesmo ocorre coa expresión da causa na locución *dar diente con diente*. Os exemplos (5), (6) e (7) contextualizan o seu uso de maneira suficiente para deducir que é o frío a causa de sufrir o proceso fisiolóxico de tremer, polo que sería redundante a información indicada na definición con "de frío":

(5) *el frío de los barracones era tan vivo que debían dormir con las botas y el gorro puestos* […] *Pasaban la noche dando diente con diente, transformados en carámbanos* (F. Arrabal (1983): *La torre herida por el rayo*. Barcelona: Destino).

(6) *Le cubrió con una manta y un edredón. Daba diente con diente.*

(7) *Los goterones de lluvia le empapan la camisa y resbalan luego hasta la pretina del pantalón. El viento repiquetea sobre las paredes* […] *Y allí continúa sentado, sin fuerza ya para moverse, ovillado, convulso bajo la lluvia, dando diente con diente* (A. Grosso (1984): *La zanja*. Madrid: Cátedra).

Pola súa parte, no (8) e no (9), o contexto, especialmente o adxectivo *medroso*, indica, sen ningún tipo de dúbida, que o medo causa ou orixina o estado padecido, ata tal punto que este non é xa o proceso fisiolóxico de tremer, senón, precisamente, o psicolóxico de experimentar medo, de aí que, fronte á única acepción rexistrada no *DFDEA*, conviría distinguir na locución *dar diente con diente* dúas acepcións: unha para "tiritar", sen ningunha información adicional e co sentido de axitarse con movementos rápidos, continuos e involuntarios, e a outra para "sentir mucho miedo" sen máis, porque ese sentimento na realidade pode ir ou non acompañado do proceso fisiolóxico de tremer[13]:

[13] Téñase en conta, por exemplo, que o *DRAE*, p. 820, diferencia dúas acepcións: "padecer demasiado frío" e "tener excesivo miedo". Pola súa parte, o *DUE*, p. 994, dicionario no que parece inspirarse o *DFDEA*, recolle unha soa acepción: "«Castañetear». Tiritar de *frío o de miedo".

(8) *Los acompañó al medroso ascensor y los dejó en camino. Llegaron a la última planta dando diente con diente, porque el ascensor se las traía para los no habituados* (A. Gala (2002): *Los invitados al jardín*. Barcelona: Planeta).

(9) *Como la fábrica no estaba cerca de la parada del autobús, anduvo, anduvo, y llegó a la meta, después de veintitantos minutos por la avenida de Madrid, descampada y medrosa, dando diente con diente* (A. Gala (2002): *Los invitados al jardín*. Barcelona: Planeta).

Canto á circunstancia da finalidade, a parte da definición "para que se atreva a algo que no conviene" da locución *dar alas* non sempre é válida nos exemplos en que esta aparece. Así, (10) permitiría que a definición incluíse esa circunstancia; non obstante (11) imposibilitaríao:

(10) *El Rey a Suárez y Carrillo: "Damos tantas alas a los hijos que cualquier día el Príncipe se casa con una corista… o una periodista*.

(11) *El gol dio alas a los cántabros, que pudieron aumentar su renta, cuando aún no se había cumplido el primer cuarto de hora de juego, en una nueva internada por banda izquierda*. <http://hemeroteca.abcdesevilla.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/sevilla/abc.sevilla/2001/01/11/14c.html>.

Con todo, como o contexto que rodea o enunciado "damos tantas alas a los hijos" de (10), concretamente a subordinada consecutiva "que cualquier día el Príncipe se casa con una corista… o una periodista", así como o coñecemento enciclopédico que temos, permiten deducir que a persoa á que se alenta se atreverá a algo que non lle convén desde a perspectiva do emisor do enunciado, non é necesario que a definición explicite unha circunstancia final que non sempre se cumpre. De feito, o *DRAE*, p. 83 non a recolle na definición desa locución: "Estimularlo, animarlo".

O papel que desempeña o coñecemento do mundo queda máis claro no exame da seguinte locución. *Dar dos tiros*, e as variantes *dar cuatro tiros*, *dar un tiro*, é definida no *DFDEA*, p. 976, como: "Matar[le] disparando contra él"[14]. Abondaría, non obstante, con definila como "Matar a una persona", dado que, ao incluír o lema da locución o substantivo *tiro*, o usuario do dicionario pode deducir polo seu coñecemento do mundo que a acción de matar se realiza disparando[15]. Neste caso, pois, a información sobre o modo da acción é redundante polo coñecemento que se ten da realidade.

[14] Obsérvese que a parte da definición de Seco correspondente a "disparando" se puido redactar tomando como modelo a definición do *DUE*, p. 1323, de *pegar cuatro tiros*: "Disparar un arma repetidamente contra ella [una persona]", pois o *DRAE*, p 2182, defínea sen utilizar "disparando".

[15] Pénsese que unha das acepcións de *tiro* no dicionario é "Disparo de un arma de fuego" (*DRAE*, 2182). Téñase en conta, por outra parte, que esa inferencia do usuario do dicionario non ten por que darse sempre, o que redunda a favor de definir a locución simplemente como "Matar a una persona". O seguinte exemplo demostra o que acabo de dicir: *El estado de derecho admite la negociación y la persecución del delito. Háganse las dos cosas, pero si se tiene la miopía política de querer erradicar el problema de Euskadi a base de policía y cárcel auguro otros cincuenta años de atentados. Un año habrá más y otro menos, pero estaremos siempre a expensas de la mala leche de un hijo de puta que se levante con ganas*

Coas circunstancias de lugar e tempo ocorre algo semellante ao que se vén explicando para os outros tipos de circunstancias. A de lugar referida á localización na memoria do fixado non sempre se dá no uso da locución *grabar a fuego* como proba (12), aínda que se infira polo noso coñecemento do mundo que é nesa facultade psíquica de quen enuncia o fragmento onde está fixado o físico, o riso, os ollos etc. da persoa da que se fala. E isto independentemente de que noutros casos o propio contexto proporcione ese dato, como ocorre en (13) e (14), aínda que non é a memoria a sede do fixado, senón o corazón e o recordo, razón de máis para que a localización espacial "na memoria" non figure na definición:

(12) *Tengo su físico grabado a fuego. Su risa, sus ojos marrones, su pelo negro, sus babas* (A. Miralles (1994): *Comisaría especial para mujeres*. Madrid: SGAE).

(13) *a mi cabeza acude la imagen de Lutero y su manceba, la monja renegada, Catalina Bora. De niño, de muy niño, lo leí en el Seminario y me quedó grabado a fuego en el corazón* (J. P. Aparicio (1990): *Lo que es del César*. Madrid: Alfaguara).

(14) *El recuerdo del refugio nuclear de Al Amiriya, atacado con dos bombas de profundidad estadounidenses cuando en su interior dormían más de 400 civiles, ha quedado grabado a fuego en el recuerdo de los iraquíes* (*EL MUNDO – Crónica (Suplemento)* (09/02/2003): "Consecuencias de la guerra". Madrid: Unidad Editorial).

Respecto á circunstancia de tempo "cuando se rinde o cae prisionero" da locución *dar cuartel*, é, así mesmo, o contexto lingüístico no que esta se insire nos seguintes exemplos o que permite asignar ese marco temporal, en (15) porque a aparición do verbo *fusilan* implica que quen sofre esa acción previamente foi feito prisioneiro e en (16) porque o substantivo *detenido* indica explicitamente que é cando caeu prisioneiro o momento en que non se recibe un trato benevolente por parte da persoa designada con *El Gordo*:

(15) *También los nuestros fusilan sin dar cuartel. Todos somos caínes* (A. Buero Vallejo (1994): *La detonación*. Madrid: Espasa Calpe).

(16) *Si conducían a Madrid a un detenido, le esposaban con las manos delante, para que no se lesionara durante el viaje. El Gordo no. El Gordo los llevaba con las muñecas amarradas a la espalda y no daba cuartel* (A. Rojo (2002): *Matar para vivir*. Barcelona: Plaza y Janés).

A situación descrita neste artigo é máis frecuente do que a primeira vista puidese parecer. Por razóns de espazo non vou presentar detalladamente o xeito de proceder de cada un dos dicionarios anteriormente citados, polo que me referirei só á locución *echar el resto*, pois dáse a circunstancia de que as definicións do *DUE*, do SALAMANCA, do *GDUEA* e do *DFEM* conteñen unha parte relativa á expresión da

---

de dar cuatro tiros a alguien; é sabido que o tiro na caluga non é o único medio utilizado nos asasinatos de ETA.

finalidade, "para conseguir algo"[16], que está presente no contexto que rodea á locución e, en consecuencia, é deducible a partir del, tal como confirman os fragmentos en redonda destes dous exemplos:

(17) Si queremos ganar *–señaló Arsenio– hay que correr mucho. Al equipo no le queda más remedio que echar el resto. Correr y pelear"*. (*LA VANGUARDIA* (27/03/1994). Barcelona: T.I.S.A.).

(18) *Se consumó el fichaje del siglo. Los Angeles Lakers decidieron echar el resto* en busca de revivir su época más dorada de los ochenta. *Shaquille O'Neal, definitivamente, jugará las próximas siete temporadas en el Forum de Inglewood a cambio de ¡121 millones de dólares!* (*EL MUNDO* (17/07/1996). Madrid: Unidad Editorial).

Como puido comprobarse nos casos explicados, non todos os exemplos de uso das locucións xustifican a inclusión destas informacións circunstanciais na súa definición e, por outra parte, en ocasións, o propio contexto en que se inclúe o enunciado que contén a locución e o coñecemento enciclopédico que teñen os falantes ou usuarios do dicionario permiten deducir a información de natureza circunstancial. A idea xa foi apuntada, dalgún modo, por García Benito (2002-2003) ao abordar algúns dos principais aspectos das definicións lexicográficas das expresións idiomáticas verbais no dicionario da Real Academia Española. En concreto, esta autora refírese ao feito de que a definición atenda ao *qué* do significado, evitando o *como*, o *cuando*, o *donde*, elementos que denomina *circunstancias de lo enciclopédico*. Con todo, o desenvolvemento dese traballo afástase moito das ideas aquí expostas pois, en definitiva, céntrase nos problemas que presenta a definición sinonímica das locucións verbais, na non inclusión de acepcións actuais destas unidades fraseolóxicas no dicionario académico, na falta de criterios para delimitar acepcións distintas, na redacción de entradas distintas para unha mesma unidade, na non distinción entre definición lexicográfica e definición enciclopédica para estes fraseoloxismos e na necesidade de redactar definicións adaptadas aos usuarios actuais do dicionario.

3.1.1. Locucións verbais que describen un xesto

De entre todas as locucións verbais que levo analizadas ata o momento para a redacción do *Diccionario de locuciones idiomáticas del español* existe un pequeno conxunto relativo ás que corresponden á realización de xestos. Nel inclúense *alzar los hombros* (e a variante *alzarse de hombros*), *arrugar el ceño*, *arrugar el entrecejo*, *arrugar la nariz*, *fruncir el ceño* y *fruncir el entrecejo*. Todas elas, na súa definición no *DFDEA*, conteñen información circunstancial de modo, relativa á propia descrición do xesto que

[16] *Echar el resto* é definida do seguinte modo neses dicionarios: "Poner todos los medios de que se dispone para conseguir una cosa" (*DUE*, p. 1022); "Poner <una persona> todos los medios de que dispone para conseguir una cosa" (*SALAMANCA*, p. 1388); "emplear alguien todos los medios a su alcance para conseguir algo" (*GDUEA*, p. 1780), y "*Hacer todo lo posible para conseguir algo*" (*DFEM*, p. 244). En cambio, o *DRAE*, p. 1961, defínea, na súa acepción 2, como "*Hacer* todo el esfuerzo posible"; esa mesma definición é a do *DIPELE*, p. 1003 e, finalmente, o *DFDEA*, p. 883, ofrece como definición "*Hacer* el máximo esfuerzo, o poner todos los medios a su alcance".

literalmente indican[17]. Agora ben, hai razóns para pensar que ese fragmento de información non debe formar parte da súa definición. En efecto, nos seguintes usos da locución *fruncir el ceño*, por exemplo, cabe considerar que a aparición dos sintagmas *a buena parte de la población española* (suxeito tácito da locución en infinito *fruncir el ceño* en (19)) e *con los extranjeros* (antecedente do relativo *que*, suxeito de *fruncen el ceño* en (20)), así como do cuantificador negativo *nadie* (suxeito de *haya fruncido el ceño* en (21)), determinan que o falante se refire a un gran número dos elementos designados co partitivo intrínseco *parte* e a todos os elementos da clase designada polo substantivo *extranjero*, o cal, xunto co carácter universal do cuantificador negativo *nadie*, impide que o emisor poida aludir á circunstancia de que todas as persoas designadas realizaron o xesto de engurrar o espazo comprendido entre as cellas, pola imposibilidade de que realmente teña comprobado a súa execución:

(19) *Es también el primer presidente de los EEUU que pisa suelo de nuestro país sin que su presencia mueva a buena parte de la población española a fruncir el ceño* (*EL MUNDO* (03/12/1995): "Editorial: Clinton en Madrid". Madrid: Unidad Editorial).

(20) *Ocurre también con los extranjeros, turistas de paso, que fruncen el ceño decepcionados en el instante en que el sol se oculta tras una nube* (*EL PAÍS* (02/08/1984): "Se fueron los franceses y llegan los italianos". Madrid: Diario *EL PAÍS* S. A.).

(21) *es un trabajo que habrán leído cuatro radicales nostálgicos, publicado en español, suficientemente desconocido para que nadie haya fruncido el ceño*. (M. Vázquez Montalbán (1993): *Galíndez*. Barcelona: Seix Barral).

En consecuencia, en usos coma os anteriores, *fruncir el ceño* é unha locución verbal que significa simplemente "mostrar enfado, disgusto o preocupación". Por outra parte, cando en determinados contextos o emisor se refire literalmente ao xesto indicado, é dicir, cando *fruncir el ceño* non ten o significado idiomático anterior, esta combinación de palabras deixa de ser unha locución verbal e constitúe un sintagma libre ou, como moito, unha colocación que describe o xesto de aproximar as cellas engurrando o

[17] En efecto, *alzar los hombros* e *alzarse de hombros* defínense como "mostrar indiferencia o desinterés, gralm. realizando el acto físico de alzar los hombros" (*DFDEA*, p. 530). A definición de *arrugar el ceño* é "mostrar preocupación o disgusto, gralm. haciendo el gesto de arrugar el espacio comprendido entre las cejas" (*DFDEA*, p. 269). Pola súa parte, *arrugar el entrecejo* é definida como "Arrugar el espacio comprendido entre las cejas, como gesto de preocupación o de disgusto" (*DFDEA*, p. 424); obsérvese como o que era información circunstancial de modo e descrición do xesto na locución anterior se converte nesta no elemento nuclear da definición. De *arrugar la nariz* dise que significa "mostrar repugnancia o disgusto, gralm. haciendo el xesto de arrugar la nariz" (*DFDEA*, p. 681). A definición de *fruncir el ceño* é "mostrar preocupación o disgusto, gralm. haciendo el gesto de arrugar el espacio comprendido entre las cejas" (*DFDEA*, p. 269). Por último, *fruncir el entrecejo* é "arrugar el espacio comprendido entre las cejas, como gesto de preocupación o de disgusto" (*DFDEA*, p. 424); as definicións das locucións *fruncir el entrecejo* e *fruncir el ceño* relaciónanse da mesma maneira que se indicou para as locucións *arrugar el entrecejo* e *arrugar el ceño*: o que era unha información circunstancial de modo convértese na outra en elemento nuclear da definición. Véxanse, tamén, os comentarios que fan Torrent-Lenzen e Uría Fernández (2009: 9-10) sobre as definicións deste tipo de locucións no *DFDEA*.

cello[18], como mostran os seguintes exemplos, onde ou ben tal combinación de palabras se atribúe explicitamente á clase dos xestos (caso de (22)), ou ben a aparición da coordinada copulativa *y* determina que o primeiro elemento da coordinación (*frunció el ceño* (23) / *frunce el ceño* (24) / *frunció el ceño* (25)) se interprete de maneira análoga ao segundo (*apretó las mandíbulas* / *se cruza de brazos* / *arqueó el mentón*), referido sen lugar a dúbida á descrición dun xesto:

(22) Frunce el ceño, *espesas y repeinadas las cejas, en un* gesto *característico*. (*ÉPOCA* (10/02/1997). Madrid: Difusora de Información Periódica S. A.).

(23) *Tyson, al ver que el público mostraba con claridad su simpatía por Holyfield, frunció el ceño y apretó las mandíbulas* (*EL MUNDO* (11/11/1996). Madrid: Unidad Editorial).

(24) *Se aparta un poco más de mí, frunce el ceño y se cruza de brazos* (J. Sierra i Fabra (1995): *El regreso de Johnny Pickup*. Madrid: Espasa Calpe).

(25) *Rafa frunció de nuevo el ceño y arqueó otra vez el mentón en un mohín que pretendía estudiar y descifrar las palabras de David* (J. García Sánchez (1991): *La historia más triste*. Barcelona: Anagrama).

Os exemplos de *fruncir el ceño* como colocación que describe un xesto poderían multiplicarse; de feito, este uso parece máis frecuente que o da locución idiomática *fruncir el ceño* co significado de "mostrar enfado, disgusto o preocupación". Con todo, se se quixer incluír nun dicionario unha acepción correspondente ao significado literal e outra ao idiomático, bastaría con marcar a primeira como colocación e a segunda como locución para que ambas as dúas quedasen diferenciadas.

Ben é certo que, neste pequeno conxunto de locucións, o *DFDEA* introduce a circunstancia de modo que describe a realización do xesto mediante o adverbio *generalmente*, que polo seu significado, "común o habitualmente", *DUE*, p. 1386, pode facerlle pensar ao usuario do dicionario que esa circunstancia non sempre se dá. Non obstante, a especificación dunha alta frecuencia marcada polo adverbio esixe, de maneira previa, documentar nos corpus que existen moitos casos en que o feito de mostrar enfado, desgusto ou preocupación, por exemplo, vai acompañado, na realidade, do xesto de engurrar o cello. Non obstante, o que os corpus mostran é o contrario: que non é posible deducir que a persoa que experimenta enfado, desgusto ou preocupación realiza á par o xesto correspondente[19].

---

[18] Así podería deducirse da segunda parte da definición de *fruncir* no DUE, p. 1346, "arrugar una tela o cosa semejante con arrugas paralelas; como se hace, por ejemplo, con una pieza de tela para unirla con otra de menos longitud […] Se aplica particularmente a la piel de algunas partes de la cara: 'fruncir la boca [el ceño, las cejas, el entrecejo, la frente]'", e da propia entrada *fruncir* no dicionario combinatorio de Bosque (2004:1056).

[19] Obsérvense os seguintes exemplos extraídos, de maneira aleatoria, do CREA. De todos, menos talvez do último, cabe pensar que os suxeitos que experimentan os estados psicolóxicos de enfado, desgusto ou preocupación non realizan o xesto de engurrar o cello: (a) *Es también el primer presidente de los EEUU que pisa suelo de nuestro país sin que su presencia mueva a buena parte de la población española a fruncir el ceño*; (b) *Cuando explicas que se obtendrán resultados en 20 años, las entidades fruncen el*

3.2. Sobre outras informacións do artigo lexicográfico

A cuestión exposta non só atinxe as informacións circunstanciais incluídas na definición das locucións verbais, tamén se manifesta en relación con outro tipo de datos que inclúe a entrada dunha locución verbal, como a combinatoria sintagmática da locución e/ou a especificación da condición semántica dalgún dos elementos desa combinatoria. Así, coma tal, na locución *dar tierra*, da que se di: "[a un muerto]. *v* enterrar[le]" (*DFDEA*, p. 967), [a un muerto], que representa un dos argumentos da locución semanticamente especificado ademais, pódese suprimir, deixando como definición "enterrar unha persoa", porque xa se sabe polo coñecemento do mundo que se enterran os mortos, e de aí que, só en caso contrario ao naturalmente esperable, se diga de alguén que o enterraron vivo.

Canto á condición semántica dalgún dos argumentos, a locución *dar tres cuartos al pregonero* e a variante *dar un cuarto al pregonero* son exemplos de que non é necesario especificar os trazos semánticos do argumento complemento. Estas dúas locucións defínense no *DFDEA*, p. 339, como "publicar lo que debería mantenerse en la intimidad o en un ámbito privado", pero os exemplos de uso indican que basta con definila como "hacer pública una cosa", xa que a aclaración "que debería mantenerse en la intimidad o en un ámbito privado", referida á cousa publicada ou feita pública, non sempre se corresponde co uso da locución, como mostran (26) e (27), nin se deduce claramente do contexto lingüístico, caso de (28) e (29):

(26) *Tampoco se trataba de dar tres cuartos al pregonero en Italia de los pequeños "desencuentros" con EE UU* (*LA RAZÓN* (01/10/2004): "En baja". Madrid: Audiovisual Española, S. A.).

(27) *Observe el lector que Rajoy y Urkullu pueden reunirse cuantas veces quieran, y negociar lo que les venga en gana, sin que los simples mortales nos enteremos. En otras palabras: para hablan, negociar o pactar, Rajoy y*

---

ceño", resume el investigador; (c) *Ocurre también con los extranjeros, turistas de paso, que fruncen el ceño decepcionados en el instante en que el sol se oculta tras una nube*; (d) *Como en este país frecuentemente el éxito ajeno duele, y principalmente determinados héroes populares molestan, a un sector de la Prensa le dio por fruncir el ceño a costa del susodicho sobre*; (e) *No era aquél el momento de entrar en polémicas con los fariseos, que habían fruncido el ceño con claro disgusto por las irónicas y silenciosas manifestaciones del resto del tribunal*; (f) *Muchacha, no te ciegues, es un trabajo que habrán leído cuatro radicales nostálgicos, publicado en español, suficientemente desconocido para que nadie haya fruncido el ceño*; (g) *El ciclismo es realmente muy duro y ésa es la prueba, dijeron unos. Lo más duro, fue la apostilla de otros ante la inesperada tragedia de Simpson. Y los más fruncieron el ceño comentando, entre consternados y críticos, la proclividad de aquel corredor inglés a las drogas*, e (h) *Larrocha frunce el ceño cuando se dice que ella fue niña prodigio*. "No acepto ese término, se lo ha inventado la gente para explotar a cualquier niño con aptitudes. Mi familia para esto fue excepcional, ya que me dejó desarrollar mis cualidades normalmente". Non deixa de ser curioso que os suxeitos de todas as oracións en que aparece a locución *fruncir el ceño* vaian en plural ou se refiran a un conxunto de persoas (de aí se deriva a imposibilidade de que o emisor puidese constatar a realización do xesto), excepto no último fragmento, xustamente no uso da locución en que podería interpretarse que se realiza o xesto descrito á par que se experimenta enfado, desgusto ou preocupación, aínda que só a percepción visual da situación podería confirmalo. Xa Olza Moreno (2006:160, 164) subliña que non cómpre realizar o xesto para locucións semellantes a estas. Por outra parte, para unha visión de conxunto sobre este tipo de unidades véxase Mellado Blanco (2000).

Urkullu no necesitaban dar tres cuartos al pregonero. Lo cual indica, por supuesto, que se trata de una escenificación buscada: lo que se pretendía no era hablan o pactar, sino transmitir a la opinión pública el mensaje de que PP y PNV hablan y pactan. <http://blogs.libertaddigital.com/enigmas-del-11-m/los-muertos-al-hoyo-6687/3.html>.

(28) *–Las malas lenguas aseguran que su matrimonio hace aguas. –Me da igual lo que dicen, y no voy a dar tres cuartos al pregonero de mi vida privada* (*TIEMPO* (16/07/1990): "Me molesta que se metan con Francis". Madrid: Ediciones Tiempo).

(29) *no hay que dar tres cuartos al pregonero de la vida de cada uno.* (*TIEMPO* (09/04/1990): "Beatriz Santana". Madrid: Ediciones Tiempo).

A locución *guardar la ausencia* e a variante *guardar las ausencias* presentan no *DFDEA* un tratamento semellante ao que se está comentando, só que agora, en vez de especificarse a condición semántica do argumento complemento na definición, aquela ofrécese como explicación que segue a esta. En efecto, desta locución verbal dise: "mantenerse fiel [a esa pers.] cuando está ausente. *Frec referido a enamorados*" (*DFDEA*, p. 165). Non obstante, se se examina o seu emprego, constátase que hai exemplos en que o argumento suxeito e o argumento complemento indirecto non teñen a condición de persoas namoradas, caso de (30) e (31), e que, cando isto é así, o contexto lingüístico permite deducilo sen ningún tipo de dúbida, exemplos (32) e (33):

(30) *–Me esfumo. Y espero que sepa usted guardarme las ausencias, no me interesa que me echen el ojo. Voy al maizal…* (L. M. Díez Rodríguez (2002): El oscurecer (Un encuentro). Madrid: Ollero y Ramos).

(31) *Se acabaron las vacaciones. Y me he quedado asombrada de la cantidad de entradas que ha tenido a pesar del mes de descanso que me he tomado. Muchas gracias por guardarme las ausencias. Empecé ayer a trabajar, […] y aunque tenía pensado escribiros este post no pude en todo el día* <http://blogs.20minutos.es/martacibelina/tag/marta/>.

(32) *la pasión entre Pili y Jordi es evidente, pero ella se siente culpable por no guardarle "la ausencia" a su novio Sergio* <http://www.formulatv.com/series/3/cuentame-como-paso/capitulos/5093/>.

(33) *Yo, el novio que me eché con 15 años es el que he tenido toda la vida. Con él iba a todos los sitios. ¿Cómo iba a ir sola o con amigas? Fíjate que cuando él se fue a la mili hacíamos eso de "guardarle la ausencia"* <http://www.diariodenavarra.es/20100308/navarra/orgullosas-ser-mujer.html?not=2010030801335984&dia=20100308&seccion=navarra&seccion2=politica>.

Non son poucos os casos en que a definición das locucións verbais inclúe adverbios como o anterior, *frecuentemente*, ou outros como *generalmente* ou *especialmente*[20]. A seguinte locución inclúe este último, aínda non comentado. No *DFDEA*, p. 268 e 783, defínense *dejarse las cejas* e *dejarse las pestañas* como "trabajar intensamente en tareas que exigen esfuerzo visual, esp. leer o estudiar durante la noche". O significado de *especialmente*[21] induce a pensar que as tarefas ás que se lles aplica a locución son sobre todo ler ou estudar durante a noite. Agora ben, o exame de exemplos de uso destas dúas locucións indica que é preferible definilas como "Esforzarse mucho en una cosa o para conseguir una cosa", dado que ou ben o esforzo realizado non corresponde a ler ou a estudar pola noite, ou ben o contexto lingüístico é suficiente para aclarar a natureza das tarefas que esixen esforzo. Véxanse os seguintes fragmentos: (34), (35) e (36) proban que as tarefas non teñen por que ser ler e estudar; pola súa parte, (37), (38) e (39) indican explícita ou implicitamente que son esas as que esixen esforzo:

(34) *Ahora sí es el momento de suspender la campaña, plantarse en Washington y dejarse las cejas para buscar una solución al problema* <http://staging.elperiodico.com/BLOGS/blogs/10avenida/archive/2008/09/30/bush-el-m-s-cojo-de-los-patos-cojos.aspx?ppage=2>.

(35) *Victoria Prego señala que se encuentra muy satisfecha con el trabajo realizado. "En él me he dejado las pestañas. Creo que el documental encantará a los telespectadores"* (*EL MUNDO* (24/09/1994). Madrid: Unidad Editorial).

(36) *Yo no me he ido a Onda Cero porque no puedo dejar en el camino a Antonio y Luis Herrero, la gente que se había dejado las pestañas allí durante diez años* (L. Díaz (1993): *La radio en España (1923-1933)*. Madrid: Alianza Editorial).

(37) *nos hemos dejado las cejas leyendo libros y libros que debieran habernos hecho mejores* <http://www.abc.es/hemeroteca/historico-24-02-2007/abc/Opinion/elegia-de-la-bombilla_1631633784320.html>.

(38) *Hay oposiciones para todos los gustos y todos los estilos* […] *Todo aquel que quiera un puesto de trabajo seguro y para toda la vida sólo tiene un modo de conseguirlo: dejarse las cejas delante de los libros* <http://www.aidex.es/observatorio/informa/itraballo/opositores.htm>.

(39) *él ocupado en comités, ella dejándose las pestañas para acabar su tesis* (A. Berlanga (1990): *La gaznápira*. Barcelona: Noguer).

Entón, a utilización destes adverbios (*generalmente*, *frecuentemente*, *especialmente*), por parte do lexicógrafo, esixe un coidadoso labor de comprobación documental con

[20] Hanks (1987:116,125) denomina os termos ingleses correspondentes (*usually*, *often, sometimes*) *mitigadores* e afirma deles que, malia seren moi comúns nos dicionarios, son de significado confuso para moitos lectores.

[21] No *DUE*, p. 1202, defínese como "de manera especial"; pola súa parte, no mesmo dicionario *especial* é "«particular». *Limitado a cierta cosa o para cierta cosa o persona, pero no para todas".

vistas a que a marcación que achegan sobre unha elevada frecuencia se corresponda co uso real das locucións, en vez de ser froito dunha tradición lexicográfica que ata hai ben pouco non era debedora da consulta de corpus lingüísticos.

3.3. O caso doutras linguas románicas

A lexicografía doutras linguas románicas non é allea ao feito que aquí se trata. No que atinxe o catalán na súa variedade valenciana, o *Diccionari valencià* (*DV*) dirixido por Lacreu (1996), por exemplo, define a locución *petar de dents* como "Fer batre les dents unes contra les altres pel fred, per la por, etc." (*DV*, p. 610), onde "pel fred, per la por, etc." indica que as causas da acción de tremer son variadas, como manifesta sobre todo o etcétera que pecha a paráfrase definitoria. Agora ben, os exemplos de uso da locución demostran suficientemente que a circunstancia de causa pode ser ben o frío, en (40), ben o medo, en (41), ou incluso a tristeza a partir do indicado no exemplo (42):

(40) *el dia de l'estrena de* Galatea *–segona quinzena de desembre–, es produí un fred insòlit; al Victoria no hi havia calefacció suficient, i el públic sense treure's els abrics petava de dents* <http://www.google.es/search?q=%22el+dia+de+l%E2%80%99estrena+de+Galatea%22&hl=es&cr=countryES&tbo=1&prmdo=1&sa=X&aq=f&aqi=&aql=&oq=&gs_rfai=>.

(41) *L'article és molt interessant... Si Flandes s'independitzés dins la UE seguint les normes de Montenegro seria la bomba! Tremolor de cames, petar de dents, delíriums trèmens generalitzats* <http://www.racocatala.cat/forums/fil/42576/consequencies-de-montenegro?pag=1>.

(42) *I a l'escena darrera apareix tota una nòmina de lèxic d'ambient trist que porta a l'accident i a la cloenda del relat: primavera plujosa i humida, gris clar i argentat, pàl·lid, cara blanca, ulls rígids, com la cara d'un mort... tremolava i petava de dents violentament... Dues llàgrimes baixaven lentament sobre les galtes pàl·lides* <http://www.aldeaglobal.net/josepvicenspascual/analisicucsdeseda.pdf>.

En consecuencia, o significado da locución debería restrinxirse a "tremolar" ou, de maneira análoga á locución española equivalente *dar diente con diente*, estenderse a unha segunda acepción relativa a experimentar estados psicolóxicos negativos, de modo que se inclúa o medo ou a tristeza.

Algo semellante ocorre con estoutra locución: *parar la mà*, definida no mesmo dicionario como "Demanar diners, béns, etc., especialment estenent-la amb el palmell cap amunt" (*DV*, p. 1260). A circunstancia de modo recollida no "estenent-la amb el palmell cap amunt" non é aplicable a todos os usos da locución como o testemuñan os exemplos (43) e (44), onde o pronome *tothom* e o colectivo *gent*, suxeitos xenérico e inespecífico, respectivamente, dos enunciados en que a locución funciona como predicado, favorecen unha lectura universal (Mendikoetxea 2000:1643-1647), dito doutro modo, impiden que quen enuncia o texto poida referirse a esa circunstancia de

modo pola imposibilidade real de constatar fidedignamente que todo o mundo e determinada xente dos partidos leva a cabo o xesto de estender a man coa palma cara a arriba cando realiza a acción de pedir diñeiro:

(43) *Els socialistes li foten canya a en Millet i fan molt ben fet, perquè aquest home és el paradigma del que ha estat la sociovergència dels negocis, la corrupció i, en bona part, "l'oasi català" on, com tothom parava la mà, mai passava res* <http://www.eldebat.cat/cat/viewer.php?IDN=63039>.

(44) *Ara resulta que era veritat el que sospitavem tots: que els nostres polítics tots roben, i que a l'hora de la veritat gent d'un i altre partit parava la mà. No era un 3%. Era un 5% o més* <http://www.elsingulardigital.cat/cat/notices/2010/05/mas_ldquo_si_volen_investigar_que_tambe_investiguin_santa_coloma_i_els_informes_52288.php>.

Pola contra, cando o suxeito da locución non ten ese carácter xenérico ou inespecífico, senón que designa uns individuos ou un individuo determinado, pode interpretarse que se dá a circunstancia de modo, como ocorre no (45), onde se describe o feito de que os nenos dun lugar percórreno cantando unha canción e pedindo diñeiro por isto, acción que moi ben pode ir acompañada do xesto coa man que describe a definición da locución:

(45) *Els nens recorren el poble trucant a les portes i cantant una cançó, i els adults els donen alguna moneda* […] *Aquí va la meva lletra, ja que cadascú te la seva versió* […] *(A continuació es parava la mà)* <http://quartsdenou.blogspot.com/2008/12/val-ms-tard-que-mai.html>.

Ou ben pode entenderse que seguramente a acción de pedir diñeiro, polo seu carácter habitual, reiterativo, non vai á par do xesto, interpretación máis probable para o exemplo (46):

(46) *És clar, com que ell havia estat sempre l'amo absolut de les seves finances, la mama, a la lluna de València! Ella parava la mà per a les despeses de la casa, i a callar* (M. Foradada (2005): *Centaures*. Valls: Cossetània).

Por outra banda, o noso coñecemento enciclopédico indícanos que existe toda unha casuística xestual relacionada co tipo de pedimento descrito por *parar la mà*, pois pode intervir, efectivamente, unha man estendida coa palma cara a arriba, pero tamén as dúas mans formando unha cunca coas palmas e, tamén, sobre todo cando o acto de pedir se corresponde coa petición de esmola, unha serie de obxectos nos que depositar o diñeiro ou os bens solicitados: caixiñas de distintos materiais, un simple cartón colocado no chan, prendas de vestir como un mandil ou un sombreiro e incluso os seiróns dunha cabalería, procedemento este último utilizado antigamente nunha vila do sur da provincia de Valencia para recoller donativos co fin de poxalos e obter cartos para a celebración da festa de Santo Antonio Abade[22]. En calquera caso, o que queda claro é que a definición da locución non se debe referir a un só dos múltiples xestos que poden

[22] Refírome á cidade de Albaida e débolle o dato a Reme Albert Navarro, cuxa familia paterna, "Maquita", colabora tradicionalmente na organización da festividade do santo.

acompañar á petición de diñeiro. A explicación deste dato, de natureza enciclopédica, especificamente cultural, corresponde, máis ben, a un dicionario de xestos.

Tamén o portugués falado en Brasil ofrece casos desta maneira de definir as locucións verbais. O dicionario Aurélio (Ferreira 2004) indica da locución *bater o queixo* que significa "tremer de frio ou de medo"[23], aínda que a circunstancia de causa é superflua porque os exemplos de uso da locución xa a mostran explicitamente:

(47) *Alguns meses de dias mais frios e o resultado: mulheres que adoram ficar bronzeadas já estão exibindo um opaco branco escritório. Nesta hora, não adianta colocar biquini para tentar captar o fraquíssimo sol de inverno e ficar batendo o queixo de tanto frio* <http://www.bandnoticias.jex.com.br/band+fm+brasilia/inverno+tempo+ideal+para+uma+pele+de+pessego>.

(48) *É um vulto. Caminha entre as árvores. Veio cedo. É ele. Madame Vargas (Cai na poltrona sentada, batendo o queixo no auge o pavor) – É ele! É ele! É ele! Carlos –(tirando o revólver do bolso da calça e colocando-o no bolso do casaco)–* <http://www.scribd.com/doc/7233454/Joao-Do-Rio-S-Bela-Madame-Vargas>.

E, en relación co tratado neste traballo, é curioso o caso da locución *dar as caras*. Un dos dous dicionarios do portugués consultados, o Aurélio, defínea como "aparecer (pessoa)"; o outro, o dicionario Houaiss, como "aparecer em algum lugar (compromisso, festa, reunião etc.)", con indicación da circunstancia de lugar que o primeiro non achega. Pola súa parte, nos exemplos de uso, atopamos fragmentos en que a circunstancia indicada corresponde ao tempo, non ao lugar, (49), e outros nos que a localización espacial se mostra explicitamente (50). O cal permite afirmar que é mellor a definición do dicionario Aurélio, que non inclúe a circunstancia de lugar, que a do Houaiss:

(49) *O fórum, o ponto de encontro, o ágora brasileiro por excelência, sempre foi o botequim. Pelo menos até a chegada da geração saúde. Mas ela ainda não tinha dado as caras* no começo dos anos 80. *Bebia-se e fumava-se em público. Ninguém se importava. Também em público, destilavam-se neuras em doses industriais.*

(50) *Os jornais* espanhóis El Periódico e Marca *mandaram enviados especiais ao Rio com a missão de perguntar ao baixinho metido da Vila da Penha quando ele vai dar as caras* por lá <http://www.google.es/search?hl=es&source=hp&q=%22Os+jornais+espanh%C3%B3is+El+Peri%C3%B3dico+e+Marca+mandaram+enviados+especiais+ao+Rio%22&meta=&aq=f&aqi=&aql=&oq=&gs_rfai=>.

[23] Non obstante, o dicionario Houaiss (Houaiss 2008) defínea simplemente como "tremer de frio".

4. Conclusións

Os exemplos do que se explicou poderíanse multiplicar, pero os presentados mostran suficientemente que determinadas partes nas entradas dalgunhas locucións verbais, relativas especialmente a informacións circunstanciais da definición e, así mesmo, á súa combinatoria sintagmática, non son necesarias[24] porque se poden deducir ben polo contexto lingüístico no que a locución se inclúe cando esta se ilustra con exemplos, ben polo coñecemento enciclopédico con que conta o usuario do dicionario. Tales fragmentos da definición son incluso incorrectos, porque non se corresponden con moitos dos usos da locución.

Posto que o contexto lingüístico e o coñecemento enciclopédico forman parte do uso da lingua, non do seu sistema, e son obxecto de análise para a pragmática (Escandell Vidal 1993:16) ou, polo menos, para a gramática cunha perspectiva pragmática polo que se refire ao contexto lingüístico[25], pareceume conveniente utilizar o cualificativo *pragmático* para especificar a natureza destes datos, destes fragmentos de información que facilitan as entradas dos dicionarios e que xorden, xustamente, do contexto lingüístico ou do coñecemento do mundo.

Con todo, propoño a supresión desta información pragmática das definicións que a recollen, dado o seu carácter inferencial. A mellor proba de que debe procederse así é a imposibilidade de substituír a locución verbal por unha paráfrase definitoria que inclúa tales informacións, polo carácter parcialmente redundante do resultado. Por exemplo, *guardar cama* defínese no *DFDEA*, p. 232, como "permanecer sin levantarse de la cama durante cierto tiempo a causa de una enfermedad"; se esta paráfrase definitoria substitúe a locución no exemplo (51a) o resultado, (51b), sería unha secuencia inaceptable desde todos os puntos:

(51) a. *A los siete años –cuenta su madre– tuvo que guardar cama varios meses debido a una hepatitis"* (C. del Val (1998): *Nacho Duato. Por vos muero*. Barcelona, Martínez Roca).

[24] Tamén desde a lexicografía que se basea na semántica de marcos de Fillmore (Atkins, Fillmore e Johnson 2003), os elementos non nucleares dun marco non son relevantes desde o punto de vista lexicográfico. Estes elementos non nucleares son adxuntos correspondentes a modificadores adverbiais que poden aparecer en calquera expresión dun acontecemento (adxuntos de tempo e lugar) e a modificadores adverbiais dun acto intencional (finalidade, maneira, por exemplo), curiosamente os mesmos tipos de elementos que aquí se consideraron informacións circunstanciais. Así mesmo desde a semántica de marcos, Hanks (2002:163) apunta que para os redactores de dicionarios é a miúdo difícil decidir canto saber pode ser asumido por parte do lector e canto contexto explícito é necesario nunha definición; de todos os modos, citando a Wierzbicka; Hanks (2002:174) inclínase pola definición breve para non caer no defecto que xa sinalou Aristóteles: cada palabra superflua nunha definición é unha transgresión importante.

[25] De aí o termo *pragmagramática*, independentemente de cal sexa a súa concepción (Martí Sánchez 2004:7-10).

(51) b.**A los siete años –cuenta su madre– tuvo que permanecer sin levantarse de la cama durante cierto tiempo a causa de una enfermedad varios meses debido a una hepatitis*[26].

Podería pensarse, non obstante, na utilidade destas informacións pragmáticas para diferenciar locucións polisémicas, pero dáse a circunstancia de que ningunha das aquí analizadas –refírome agora ás do español– ten ese carácter polisémico, excepto *dar cuartel*, aínda que a información circunstancial da primeira acepción no *DFDEA*, p. 339, "cuando se rinde o se cae prisionero" non pode empregarse como trazo diferenciador respecto á segunda e á terceira acepción, dada a distancia conceptual entre unhas e outras: "Perdonar[le] la vida o tratar[le] con benevolencia cuando se rinde o cae prisionero" / "Dar[le] tregua o descanso" / "Dar[le] facilidades".

Agora ben, non toda a información circunstancial contida nas definicións ten o carácter pragmático da que aquí se analizou. En ocasións, esas informacións circunstanciais son necesarias para definir a locución e, ademais, non poden deducirse dos exemplos de uso, de aí que non constitúan información pragmática. Ocorre, sobre todo naquelas locucións verbais cunha forte carga cultural como, por exemplo, *dar el paseo*, cuxa comprensión cabal por parte do usuario do dicionario esixe indicar as circunstancias de modo, lugar e finalidade sinaladas en cursiva na seguinte definición: "llevarse *por la fuerza* a una persona *a las afueras de una población para matarla sin juicio previo*". Polo contrario, a explicación da natureza temporal que ofrece o *DFDEA*, p. 746, en cursiva antes da propia definición: "*en la Guerra Civil de 1936:* Llevárse[lo] por la fuerza y matar[lo] sin juicio previo", así como a marca de ámbito (*hist*)[27] con que se caracteriza, non son axeitadas porque o uso da locución se estendeu a situacións alleas á Guerra Civil, como se observa en exemplos como:

(52) *si la tienen allí, fastidiándolos y arriesgándose, es justamente porque ellos no son chinos. Los chinos, con una duda, le habrían dado el paseo. Ésta es la diferencia* (V. Alba (1975): *El pájaro africano*. Barcelona: Planeta).

---

[26] A doutora Margarita Lliteras (Universidad de Valladolid), en comunicación persoal, sinaloume a posibilidade de que os elementos circunstanciais de tempo e causa da definición puideran corresponder a argumentos –o que os lexicógrafos denominan *contorno definicional*– que se deberían encher cos respectivos complementos ao usar a locución en enunciados. Os exemplos de uso mostran, non obstante, que a maioría das veces a locución *guardar cama* aparece en enunciados que non levan complementos circunstanciais de lugar nin de causa. Sirvan como mostra: (a) "Isabel, que guarda cama en Segovia, es informada de los graves problemas que su hija está causando en Medina"; (b) "vértigos, jaquecas, dolores en la espalda, cansancios tan persistentes que la obligaban a guardar cama", e (c) "Si hay catarro o gripe, dejar que se eliminen las mucosidades de nariz, faringe y bronquios, y, si hay fiebre, guardar cama". Se neles *guardar cama* se substituíse por "permanecer sin levantarse de la cama durante cierto tiempo a causa de una enfermedad", as secuencias obtidas tampouco serían aceptables: "*Si hay catarro o gripe, dejar que se eliminen las mucosidades de nariz, faringe y bronquios, y, si hay fiebre, permanecer sin levantarse de la cama durante cierto tiempo a causa de una enfermedad", fronte á aceptabilidade da substitución sen os complementos circunstanciais: "Si hay catarro o gripe, dejar que se eliminen las mucosidades de nariz, faringe y bronquios, y, si hay fiebre, permanecer sin levantarse de la cama".

[27] Seco, Andrés e Ramos (2004:XXX) definen o termo *histórico* como "uso que se refiere a una realidad perteneciente a una época anterior a la aquí estudiada".

Tamén son imprescindibles estas informacións circunstanciais cando actúan de semas diferenciadores dunha locución fronte a outras unidades coas que contrae algunha clase de relación semántica. Por exemplo, *abrir el pico*, *darle a la lengua* ou *despegar los labios* significan simplemente "hablar", fronte a *alzar la voz* ("hablarle a una persona con insolencia, sin respeto"), *bajar el tono* ("hablar con menos altivez o arrogancia"), *cantar las verdades* ("hablarle claramente a una persona haciéndole los reproches que se merece"), *cantarlas claras* ("hablar claramente aunque moleste lo que se dice"), *cortar un traje* ("hablar mal de una persona"), *dar cuatro gritos* ("hablar en tono enérgico"), *dar el mitin* ("hablar en tono polémico o de propaganda") ou *gastar saliva* ("hablar inútilmente"). Os trazos semánticos presentados como informacións circunstanciais de modo nas definicións destas últimas son fundamentais para diferencialas canto a locucións verbais hipónimas das primeiras, que por significar só "falar" constitúense en hiperónimas das presentadas en último lugar, cohipónimas estas, ademais, entre si (Penadés Martínez 2000). Quere dicirse con isto que, nestes casos, as informacións circunstanciais non poden considerarse información superflua de orixe pragmática; ao contrario, as oposicións de significado que establecen entre *abrir el pico* e *dar el mitin*, por exemplo, son proba da súa utilidade para diferenciar os significados de ambas as dúas. De todo o cal se deduce que lle compete ao lexicógrafo valorar tales informacións baseándose en exemplos de uso, para decidir sobre a conveniencia ou non de incluílas nunha definición, tarefa que, por suposto, non é fácil dado que, como afirma Considine (2005:195), o problema é decidir ata que punto as explicacións sobre as cousas representadas por palabras deben ir no dicionario.

En calquera caso, que se anulen esas partes da definición non significa unha perda na información ofrecida polo dicionario, pois os exemplos de uso que, xa de maneira habitual, forman parte das entradas dos dicionarios permiten proporcionala de maneira implícita[28]. Si supón, non obstante, unha revisión das definicións das locucións verbais, polo menos do español, o catalán e o portugués, nas obras lexicográficas que as recompilan ou, dito doutro xeito, hai que ter en conta a pragmática á hora de definir as locucións verbais[29]. Un dicionario non deixa de ser un determinado xénero textual e unha entrada lexicográfica, un acto comunicativo emitido polo autor do dicionario e recibido polo usuario[30]. Non debe resultar, pois, estraño que a pragmática xogue un papel na actividade comunicativa que se inicia coa redacción do dicionario e finaliza coa súa consulta, así como na análise posterior desta peculiar interacción lingüística.

[28] Pénsese na función pragmática que se lle asignou aos exemplos no dicionario (Olímpio de Oliveira Silva 2007:267-268).

[29] Esta necesidade é subliñada tamén para outras linguas. Así, Jiménez Hurtado (2001:14) afirma que o *Longman Dictionary of Contemporary English*, na súa edición de 1990, non segue directrices que partan do ámbito da pragmática na elaboración das definicións, a pesar do apartado "Pragmatics and the Dictionary" de Leech que o precede.

[30] A idea non é, por suposto, nova; véxase, por exemplo, Albert Galera (1996).

5. Referencias bibliográficas

AHUMADA LARA, Ignacio (dir./ed.) (2006): *Diccionario bibliográfico de la metalexicografía del español. Orígenes-año 2000*. Jaén: Publicaciones de la Universidad de Jaén.

(dir./ed.) (2009): *Diccionario bibliográfico de la metalexicografía del español 2001-2005*. Jaén: Publicaciones de la Universidad de Jaén.

ALBERT GALERA, Josefina (1996): "La pragmática en los dicionarios españoles actuales", en FORGAS BERDET, Esther (coord.): *Léxico y diccionarios*. Tarragona: Departament de Filologies Romàniques / Universitat Rovira i Virgili, 7-23.

ATKINS, Sue; FILLMORE, Charles J.; JOHNSON, Christopher R. (2003): "Lexicographic Relevance: Selecting Information from Corpus Evidence", en *International Journal of Lexicography*, 16, 3, 252-280.

AZORÍN FERNÁNDEZ, Dolores (2003): "La lexicografía como disciplina lingüística", en MEDINA GUERRA, Antonia M.ª (coord.): *Lexicografía española*. Barcelona: Ariel, 31-52.

BURKHANOV, Igor (2003): "Pragmatic Specifications: Usage Indications, Labels, Examples; Dictionaries of Style, Dictionaries of Collocations", en STERKENBURG, Piet van (ed.): *A Practical Guide to Lexicogrraphy*. Ámsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 102-113.

CASARES, Julio (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

CONSIDINE, John (2005), "'Our Dictionaries Err in Redundancy': The Problem of Encyclopedism, Past, Present, and Future", en GOTTLIEB, Henrik et alii (eds.): *Symposium on Lexicography XI: Proceedings of the Eleventh International Symposium on Lexicography, May 2-4, 2002, at the University of Copenhagen*. Tübingen: Niemeyer, 195-205.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DIK, Silmon C. (1989): *The Theory of Functional Grammar*. Dordrecht: Foris.

ESCANDELL VIDAL, M.ª Victoria (1993[1]): *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Anthropos.

GARCÍA BENITO, Ana Belén (2002 / 2003): "Definición lexicográfica y fraseología", en *Archivum*, LII / LIII, 2002 / 2003, 125-139.

HANKS, Patrick (1987): "Definitions and Explanations", en SINCLAIR John M. (ed.): *Looking Up: An Account of the COBUILD Project in Lexical Computing and the Development of the Collins COBUILD English Language Dictionary*. London: Harper Collins, 1987, 116-136.

(2002): "Mapping Meaning onto Use", en CORREARD, Marie Hélène (ed.): *Lexicography and Natural Language Processing: A Festschrift in Honour of B. T. S. Atkins, EURALEX. August 2002*. 2002, 156-198.

JIMÉNEZ HURTADO, Catalina (2001): *Léxico y pragmática*. Frakfurt am Main: Peter Lang.

MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel (2004): "El enriquecimiento pragmático de la gramática (pragmagramática) en el E/LE", en MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel (coord.):

Estudios de pragmagramática para la enseñanza del español como lingua extranjera. Madrid: Edinumen, 7-18.

MEDINA GUERRA, Antonia M.ª (2003): "La microestructura del dicionario: la definición", en MEDINA GUERRA, Antonia M.ª (coord.): *Lexicografía española*. Barcelona: Ariel, 127-146.

MELENDO, A. (1965): "De las locuciones en español", en *Les Langues Néo-Latines*, 173, II, 1-31.

MELLADO BLANCO, Carmen (2000): "Formas estereotipadas de realización no verbal en alemán y español: los cinegramas desde un enfoque contrastivo-histórico", en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las linguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Comares, 389-410.

MENDIKOETXEA, Amaya (2000[1]): "Construcciones inacusativas y pasivas", en BOSQUE Ignacio; DEMONTE Violeta (dirs.): *Gramática descriptiva de la lingua española*, 2, 3ª reimp. Madrid: Espasa, 1575-1629.

MIGUEL, Elena de (2000[1], 3.ª reimp.): "El aspecto léxico" en BOSQUE Ignacio; DEMONTE Violeta (dirs.): *Gramática descriptiva de la lingua española*, 2. Madrid: Espasa, 2977-3060.

NÚÑEZ BAYO, Zaida (en prensa): "El tratamiento lexicográfico de la distinción locucións verbais / fórmulas oracionales", en *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*, *Valladolid, 21-23 de junio de 2010*. Valladolid: Universidad de Valladolid.

OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, M.ª Eugenia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

OLZA MORENO, Inés (2006): "Metáfora y coñecemento del linguaje: fraseología somática metalingüística en español y francés actuales", en GONZALEZ RUIZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (eds.): *Discurso, lingua y metalingua. Balances y perspectivas*. Hamburg: Helmut Buske, 155-174.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2000): *La hiponimia en las unidades fraseolóxicas*. Cádiz: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz.

(2008): "Proyecto para la redacción de un dicionario de locucións del español", en BERNAL, Elisenda; DECESARIS, Janet (eds.): *Proceedings of the XIII EURALEX International Congress* (*Barcelona, 15-19 July 2008*). Barcelona: IULA, Universitat Pompeu Fabra, 1379-1384.

(en prensa a): "Información pragmática en la definición de las acepciones de locuciones verbales", en *XXVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques*, *del 6 a l'11 de setembre de 2010*, *València*.

(en prensa b): "El *Dicionario de locucións del español actual* (DILEA)", en MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia; HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.): *Nuevas perspectivas de la fraseografía en el siglo XXI*. Berlin: Frank und Timme.

PORTO DAPENA, José Álvaro (2002): *Manual de técnica lexicográfica*. Madrid: Arco/Libros.

REYES, Graciela (1998): *El abecé de la pragmática*. Madrid: Arco / Libros.

RUIZ GURILLO, Leonor (1998[1]): *La fraseología del español coloquial*. Barcelona: Ariel.

TORRENT-LENZEN, Aina; URÍA FERNÁNDEZ, Lucía (2009): "Los niveles de significado recto y traslaticio en las definiciones del *Dicionario fraseológico documentado del español actual* de Seco *et al*.", en *Lingüística en la Red* VI, 2009, 1-24. [http://www.linred.es/numero6_articulo_7.html] [Data de Consulta: 20/08/2010]

YANG, Wen Xiu (2007): "'On Pragmatic Informartion in Learners' Dictionaries, with Particular Reference to *LDOCE$_4$*", en *International Journal of Lexicography*, 20, 2, 147-173.

6. Dicionarios

Aurélio = FERREIRA, Aurelio Buarque de Holanda (2004): *Novo Dicionário Eletrônico Aurélio* (versão 5.11a). Rio de Janeiro: Positivo.

BOSQUE, Ignacio (dir.) (2005): *Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Madrid: SM.

DFDEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locucións y modismos españole*s. Madrid: Aguilar.

DFEM = VARELA, Fernando; KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.

DIPELE = MORENO FERNÁNDEZ, Francisco (dir.) (1995): *Dicionario para le enseñanza de la lengua española*. Barcelona / Alcalá de Henares: Biblograf / Universidad de Alcalá de Henares.

DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001[22]): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.

DUE = MOLINER, María (1984, reimp.): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.

DV = LACREU, Josep (dir.) (1996[2]): *Diccionari valencià*. València: Edicions Bromera / Generalitat Valenciana.

GDUEA = SÁNCHEZ, Aquilino (dir.) (2001[1]): *Gran diccionario de uso del español actual*. Alcobendas-Madrid: SGEL.

Houaiss = HOUAISS, Antônio (2008): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa* (versão 2.0.1). Rio de Janeiro: Objetiva.

SALAMANCA = GUTIÉRREZ CUADRADO, Juan (dir.) (1966): *Diccionario Salamanca de la lengua española*. Barcelona: Círculo de Lectores.

O emprego da fraseoloxía como recurso específico na publicidade

Mª Ángeles Recio Ariza[1]

Universidade de Salamanca

O presente artigo ocúpase do estudo da fraseoloxía na publicidade e a súa correspondente tradución. Para iso, o traballo céntrase en diversos aspectos fraseolóxicos que aparecen na publicidade traducida ou adaptada. Analizarase ata que punto se trata dun recurso específico na publicidade e determinarase a forma concreta na que adoita aparece-la fraseoloxía. Por último, establécese a súa pertinencia e importancia nos estudos de Tradución e Interpretación.

Palabras clave: fraseoloxía, publicidade, tradución, metáfora, recurso estilístico.

This paper deals with the study of phraseology in advertising and its translation. The focus is on the type of phraseology used in translated or adapted advertisements. Our aim is to analyse to what extent phraseology is a specific resource in advertising and to determine how it is used specifically. This paper also aims to establish the importance of phraseology in Transalation and Interpreting Studies.

Keywords: phraseology, advertising, translation, metaphor, stylistic resource.

1. Introdución

A intención do presente estudo é, en primeiro lugar, a de achegármonos ó concepto de fraseoloxía na publicidade; en segundo lugar, a de pescudar se o emprego da fraseoloxía que aparece na publicidade traducida e adaptada obedece a un recurso específico e, por último, establece-la súa pertinencia e importancia nos estudos de Tradución e Interpretación.

Nos últimos anos, o estudo da tradución na publicidade cobrou cada vez maior importancia dentro da tradutoloxía. A razón de que aínda haxa poucos estudos desta

Data de recepción 31/05/2010 Data de aceptación 15/09/2010

[1] Tradución de Rosa M.ª Amarelle Pereira e Marta Araújo González.

índole reside, por un lado, na propia historia da tradutoloxía, pois ó tratarse dunha disciplina relativamente nova, experimentou a necesidade de facerse ver entre as disciplinas que levaban xa anos de antigüidade, como acontece, por exemplo, coa filoloxía, coa lingüística etc.; polo outro, en que resulta unha tarefa non exenta de complicacións. A diferenza de hai tan só unha década, hoxe é posible inicia-la descrición do noso campo sen verse na obriga de xustificar, ou incluso de reivindicar, a lexitimidade da tradución como obxecto do saber de pleno dereito e disciplina autónoma. Na actualidade, esta autonomía relativamente recente é un feito innegable, o cal permitiu volve-la nosa mirada cara a campos, nun principio, de índole máis secundaria, como pode se-lo caso da tradución da publicidade.

En canto ó concepto de fraseoloxía, hai que salientar que se trata dun termo cuxa delimitación e tratamento, por parte dos estudosos, non sempre obedece a un uso do concepto de forma inequívoca, de tal xeito que os diversos termos e conceptos se adoitan empregar de maneira indistinta. Así, por exemplo, é frecuente o emprego indistinto dos termos *paremia*, *locución*, *frase feita*, *modismo*, *frases proverbiais* etc. Non obstante, nos últimos anos obsérvase a tendencia a usa-lo termo *unidade fraseolóxica* (UF) pola súa aparente neutralidade. En fraseoloxía, este termo responde a unha expresión formada por dúas ou máis palabras que se caracterizan pola súa frecuencia de uso, pola coaparición simultánea dos elementos que a integran e pola súa tendencian á fixación. Para Corpas Pastor (2000:484 e ss.) as colocacións son UUFF que están formadas por varias unidades léxicas, esta autora fai unha clasificación actualmente apoiada por varios estudosos, como son Nénkova e González (2008), Mena Martínez (2003), Zamora Muñoz (2004), Battaner e DeCesaris (2006), entre outros. Así, para Nénkova e González (2008:16) hai que distinguir entre colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos. Na súa opinión, "as colocacións son sintagmas usuais e estables como as locucións e os enunciados fraseolóxicos. Son sintagmas completamente libres ós que o uso lles confire certo grao de restrición combinatoria", mentres que as "locucións son sintagmas que se comportan como palabras simples" e os enunciados fraseolóxicos "son expresións fixas equivalentes ou superiores á frase" (Zuluaga 1980:191). Battaner e de DeCesaris (2006), que tamén seguen a Zuluaga (1980) e Corpas (2000) na súa clasificación, fan unha distinción fundamentalmente lexicográfica. Para estes autores, os enunciados fraseolóxicos funcionan como oracións en si mesmas.

Como podemos observar, unha clasificación fraseolóxica non está exenta de dificultades. Como afirma Burger (1998:33), para calquera intento taxonómico sistemático faise necesario tomar decisións *ad hoc* para ofrecer non unha clasificación, senón unha proposta de clasificación.

En todo caso, as publicacións sobre fraseoloxía poñen de manifesto certo descontento e insatisfacción respecto ás distintas definicións propostas[2]. No presente estudo non pretendemos repasa-las correntes taxonómicas que se foron achegando á clasificación

[2] Véxase neste sentido: Arribas Esteras (2007), Mena Martínez (2003), Zamora Muñoz (2004), Castillo Carballo (2002), Prieto del Pozo (2009).

da fraseoloxía[3]. Entendemos que se escapa do noso campo de investigación proposto, cuxa intención é reflecti-las implicacións tradutolóxicas na publicidade.

2. O tratamento fraseolóxico na publicidade

Como afirman os autores Bueno García (2000), de Mooij (2004), Montes Fernández (2003), Adab (2001), Shakir (1995) etc., e desenvolto na miña publicación (Recio 2007), un dos aspectos que teñen en común a tradución e a publicidade, así como a fraseoloxía, é que son marcadores da lingua, da sociedade e da súa cultura. O emprego da fraseoloxía na publicidade pode responder ó que en fraseoloxía se denomina *desautomatización*, a cal se pode entender como un recurso estilístico baseado na creatividade que, por outra banda, é propia da publicidade.

O estudo levado a cabo por Molina Plaza (2008) merece especial atención xa que fai unha análise dende o punto de vista metafórico. Na súa opinión:

> *a esencia da metáfora é entender e experimentar unha clase de obxectos en termos doutra clase de obxectos (…) outra característica importante das metáforas é que son apoio físico das ideas mediante unha estrutura lingüística, a cal non posuía antes*. (Molina Plaza 2008:208)

Deste xeito, queda patente que as metáforas comparten coa fraseoloxía a dificultade traslativa de que ámbalas dúas, UUFF e metáforas, son creativas e orixinais e se atopan en constante evolución, xa que son un elemento vivo e dinámico da lingua. Como apuntabamos, o campo conceptual da fraseoloxía é un campo difícil de delimitar. Así, por exemplo, para Alonso Ímaz (2003:85) hai que diferenciar entre paremioloxía e fraseoloxía, que esta autora define como "campo que estudia las expresións idiomáticas o los modismos". Opina que, porén, ámbalas dúas son complementarias, o cal pon en manifesto a confusión conceptual que existe neste campo na actualidade.

Un dos aspectos que podería iluminar e apunta-lo camiño que hai que percorrer na investigación, podería se-lo da importancia do contexto no uso fraseolóxico, xa que, como é obvio, débese facer unha análise partindo do contexto de uso. Gondar Portasany (2008), coma a maioría dos estudosos, resalta a estreita relación entre a idiosincrasia de cada cultura e a fraseoloxía[4]. De feito, existe certa relación entre a competencia comunicativa e a competencia fraseolóxica. A competencia fraseolóxica abrangue os elementos lingüísticos, comunicativos, así como os culturais.

Este autor fai unha interesante reflexión, posto que unha segunda regra que se debe ter en conta é a implicación da gramática, distinguindo, por un lado, entre a gramática da metáfora e a gramática do símbolo e, por outro, a gramática da palabra e o concepto; polo tanto, atópanse implicadas tanto a gramática do símbolo coma a gramática da metáfora. Este autor sitúase así na vertente pragmática do estudo fraseolóxico,

[3] Un estudo fondo e exhaustivo ofréceo Zuluaga, A. (1980). Unha publicación máis recente ó respecto, pero, en termos de extensión, non tan completa é Castillo Carballo, M. A. (2002).

[4] Véxase Recio 2002.

tendencia que se vén observando nos últimos anos[5]. O estudo da metáfora e da metonimia conceptual en fraseoloxía cobra nos últimos anos maior importancia, como se pode desprender dos estudos levados a cabo por Cala Carvajal (2008), Stepien (2007), Molina Plaza (2008), entre outros. Nesta liña, Stepien (2007) afirma que unha clasificación das UUFF no marco teórico-práctico da Teoría da Metáfora conceptual[6] ilustraría a cuestión da motivación e da idiomaticidade. Para el (2007:393), os tres grandes principios desta teoría –a natureza metafórica do pensamento, a base corporal da cognición humana e a conexión entre estrutura semántica e conceptual– permiten aprehender ó mesmo tempo unha clasificación das UUFF, xa que a metáfora se entende aquí como un proceso mental de conceptualización. Hai que salienta-lo importante labor que realizaron neste sentido os estudos contrastivos, xa que permiten non só observa-las diferenzas entre as distintas comunidades lingüísticas, senón tamén as características propias de cada unha.

A metáfora adoita poñer de manifesto unha determinada concepción e visión do mundo, de tal xeito que as imaxes que evoca o sentido figurado das palabras ou unha determinada metáfora non sempre se corresponden entre os falantes dunha lingua, o cal é aínda máis evidente entre os falantes de dúas comunidades lingüísticas. Algúns teóricos como Cala Carvajal (2009:246) incluso falan de "(in)traducibilidade da metáfora", xa que é moi difícil traducir aquilo que non evoca ningunha imaxe e que, polo tanto, se descoñece. Neste sentido, Molina Plaza (2008:217) afirma que os refráns e ditos, debido ó seu dinamismo e creatividade, adoitan ser "reticentes a ser parafraseados" o cal "explica por qué son tan difíciles de traducir (…) si se desea mantener su valor metafórico o metonímico".

Para Gondar Portasany (2008), a linguaxe metafórica permite acceder a un nivel de comprensión ó que os conceptos non accederon, de tal xeito que non son os conceptos os que explican a metáfora, senón ó revés, as metáforas explican os conceptos.

Chegados a este punto hai que chama-la atención sobre o feito de que a metáfora foi clasificada en metáfora conceptual e en metáfora de imaxe. A metáfora conceptual responde a unha base cognitiva semántica, mentres que a segunda corresponde a unha estrutura externa dunha imaxe sobre outra.

Outro aspecto que comparten a publicidade e a fraseoloxía é o seu marcado carácter iconográfico. Vyshnya e Sztuba (2006) falan da interacción entre símbolos culturais e lingüísticos. Estas autoras afirman que:

> *La iconicidad como el fenómeno linguocultural proviene de uno de los postulados cognitivistas principales sobre el isomorfismo del idioma y de la psicología humana; tiene su reflejo en la mentalidad nacional cultural al activar el uso de las paremias y los fraseologismos* (…) *Cada hablante procesa el fraseologismo o la paremia de manera individual y sólo los experimentos psicolingüísticos pueden arrojar luz en este terreno, porque cada UF puede ser*

[5] Para unha reflexión profunda e pormenorizada sobre a historia da investigación fraseolóxica remitimos a Zuluaga, A. (1980).

[6] Baseado na teoría de Lakoff, G. e Johnson, M. (1980).

> *motivada de distinta manera por cada hablante, lo que destaca la importancia de la experiencia diaria o la de poseer cierta educación y conocimientos compartidos culturales* (…) (Vyshnya, Sztuba 2006:107)

Podemos observar, polo tanto, que existe certa motivación semántica e icónica, o cal abre outro subcampo máis: a semioloxía. Non é a intención deste estudo afondar nesta vertente, xa que é un campo moi amplo que nos levaría por outros roteiros distintos ó campo que nos ocupa; porén, si que nos parece unha liña investigadora interesante que deberá terse en conta nun futuro.

Con respecto ó tema que nos ocupa, o uso da fraseoloxía na publicidade e en definitiva a súa tradución, hai que salienta-la investigación levada a cabo por Shakir (1995). No seu estudo analizou a tradución de 57 anuncios con 243 frases; algunhas constaban simplemente de dúas ou tres palabras e outras eran frases máis complexas, das cales, non obstante, non había máis de 28. Chama a atención que centrase a súa investigación nas estratexias cognitivas empregadas polos estudantes de tradución, do mesmo xeito que polos tradutores en xeral, no proceso de manexa-los anuncios culturalmente opacos. Non deixa de ser significativo o feito de que no momento no que isto acontece, a estratexia que parece resultar máis útil e eficiente sexa aquela que se basea no cognitivismo. Unha vez máis parece que o cognitivismo evidencia a súa importancia e eficacia na tradución, xa que permite, a través daquilo que coñecemos e dominamos, chegar a resolver e desentraña-lo descoñecido. Isto amósanos que para ser un bo tradutor non é necesario ser experto en todas aquelas materias que hai que traducir. Non é imprescindible ser xurista, médico, enxeñeiro ou publicista para realizar unha tradución correcta, basta con coñece-las estratexias cognitivas que están de baixo, para poder trasladar axeitadamente o contido e a intención (*Aussagekraft*) do texto orixinal ó texto meta e incluso chegar a resolver de forma satisfactoria unha posible escolla na tradución.

En relación coa tradución da publicidade, Shakir (1995) pon de manifesto a importancia do compoñente cultural.

> (…) *the linguistic givens in an advertisement that may enhance or impede translating; and the situative and cultural dimensions associated with the advertisement in question. Thus, rendering into the target language message conveyed via text equivalent in content and function to that conveyed in the source language seems to derive not only from linguistic knowledge, but also from schematic or encyclopedic knowledge, especially when the text/ advertisement is culturally based*. (Shakir 1995:63)

Este estudo proba que a tradución da publicidade esíxelle ó tradutor ter ben esteados dous tipos de coñecemento: o relacionado coa tipoloxía textual e o relacionado co coñecemento cultural.

Neste sentido, a fraseoloxía, como elemento cultural, é habitual que apareza nos anuncios publicitarios, como xa apuntabamos en anteriores estudos (Recio 2007). Adóitase empregar por razóns diversas: axuda a fixa-lo anuncio, achégao ó consumidor

(trátase dunha linguaxe máis próxima e cotiá por se valer do emprego de expresións idiomáticas) e, por último, esperta así o interese do consumidor no produto anunciado.

3. A fraseoloxía como recurso empregado na publicidade e a súa tradución.

As últimas pescudas no campo da publicidade parecen apuntar ó crecente número de anuncios publicitarios nos cales soe ser habitual o uso da fraseoloxía. Se partimos da relación estreita entre a competencia comunicativa e a competencia fraseolóxica, compréndese por qué o uso da fraseoloxía na publicidade parece ser un recurso moi empregado. Algúns autores, coma Conca (2005), chamaron a atención sobre esta relación. Así, a competencia fraseolóxica contén tódolos elementos da competencia lingüística e comunicativa, ademais do compoñente cultural.

Para Mogorrón (2005), cando os falantes dunha lingua utilizan as UUFF, expresan un desexo de empregar no acto da fala unha fórmula referendada pola maior parte da comunidade lingüística á que pertencen, posto que desta maneira se engade un valor cultural, social etc. Isto significa ademais que se presupoñen determinados coñecementos culturais e lingüísticos comúns co interlocutor. Nesta mesma liña, Martí Sánchez (2005:73) afirma que "un fraseologismo es seña de identidad de una colectividad, dadas sus peculiaridades de uso e de interpretativas regidas por normas culturales". Baixo este prisma, pódese comprende-la razón pola cal o uso da fraseoloxía na publicidade parece un recurso útil, posto que consegue unha das máximas da publicidade, o que se coñece baixo as siglas AIDA: Atención, Interese, Desexo, Adquisición, é dicir, debe chama-la atención do consumidor, esperta-lo seu interese, provocar un desexo e, finalmente, consegui-la adquisición do produto anunciado. Cando se consegue implica-lo consumidor, este, moi probablemente, vai adquiri-lo produto. Parece, polo tanto, que a fraseoloxía pode acadar ese obxectivo, xa que consegue facer participe ó consumidor da súa cultura. Dito consumidor identificará os trazos idiosincráticos que están baixo a mesma e sentirase máis achegado ó produto anunciado ó se recoñecer nos trazos culturais empregados, neste caso, mediante a fraseoloxía.

Nos últimos anos, a investigación en fraseoloxía ocupouse cada vez máis da desautomatización. De feito, Mena Martínez (2003:102) afirma que o seu emprego adoita estar vinculado a determinados rexistros e tipos de texto e cita entre os mesmos a linguaxe publicitaria. Opina que unha das razóns de peso para o seu uso podería se-la funcionalidade que presenta nos diversos textos, o que denominan unidades fraseolóxicas modificadas. A súa capacidade de "llamar la atención del receptor, condensar información por medio de su intertextualidad" fai que a desautomatización sexa un bo recurso en publicidade. Baséase en Burger (1998), para quen aquelas se soen utilizar para "destaca-las calidades do produto, para influír na decisión do consumidor potencial, e sobre todo, para chama-la atención". Mena Martínez (2003), ademais, pon de manifesto que non tódolos autores comparten esa opinión. Para Zamora Muñoz (2004), este recurso emprégase por dúas razóns distintas: pola eficacia e porque favorece a memorización do produto e a marca publicitaria. Non obstante, cremos que ámbalas dúas concepcións non teñen porque ser excluíntes. De feito, as

estratexias publicitarias en realidade utilizan varios recursos e con varias intencións, entre outras, as mencionadas tanto por Burger (1998) coma por Zamora Muñoz (2004). Na opinión desta autora (2004:104), a publicidade constitúe "una fuente importante para aquellos fraseólogos interesados en la vertiente creativa de la variabilidad fraseológica".

A desautomatización na fraseoloxía é un claro exemplo disto, tal e como sinalabamos. Enténdese como recurso estilístico que se basea na creatividade e parece que é moi dada a empregarse na publicidade. Non debemos esquecer, por outra banda, que a creatividade, á súa vez, é un compoñente importante da faceta que nos ocupa. O seguinte exemplo é ilustrativo do emprego da desautomatización fraseolóxica na publicidade.

O lema alemán fai referencia á expresión *das Tüpfchen/Tüpfelchen auf dem i* . Este exemplo, empregado por Burger (2008:90), parécenos moi acertado por dúas razóns: por un lado, permite observar de forma visual o que se pretende transmitir mediante o emprego da expresión, xa que a imaxe da culler coa maionesa parece escenificar de forma visual o significado da expresión. E, por outro lado, a dificultade que entraña a tradución da expresión en si, xa que dita expresión significa en alemán *darlle* [a algo] *o último toque, redondear unha acción de forma case perfecta*.

A tradución desta publicidade esixe considerar, polo tanto, a imaxe visual, e tamén o xogo de palabras –*Das Tüpfchen auf dem (E)i*[7]–. Ademais débese ter en conta a propia modificación que sufriu a expresión en alemán, xa que, como afirma Burger (2008),

[7] Esta expresión en alemán é un xogo de palabras: *Tüpfchen* é o diminutivo da palabra alemá *Tupfen* que significa 'mancha', na expresión utilizada significa 'moreíña' e *Ei* significa 'ovo', polo tanto, sería a 'moreíña' de maionesa por enriba do ovo, que é o que evoca á imaxe que se pretende transmitir co lema.

nalgúns dicionarios a expresión aparece coa palabra *Tüpfelchen* e non *Tüpfchen*. Polo tanto, neste caso levouse a cabo unha desautomatización. Parece, pois, que a desautomatización é un claro recurso estilístico empregado con frecuencia na publicidade. Neste sentido, Ventura (2009) salienta o feito de que sexa unha práctica cotiá na tradución publicitaria altera-los anuncios e que é moi raro que estes aparezan sen ningunha modificación. Daquela é frecuente que unha marca acuda a recursos argumentativos complexos, posto que non só a lingua, senón tamén a cultura dificultan unha campaña internacional. Así, para Arregui (2010), as referencias culturais soen presentar case sempre algunha dificultade na tradución, tanto pola falta de referencias en ocasións coma polo seu dinamismo e uso nas distintas linguas.

Zamora Muñoz (2004) distingue os marcadores discursivos das UUFF; así, as UUFF implican sempre un acto da fala mentres que os marcadores discursivos non o precisan. Para algúns estudosos coma Corpas Pastor (2001), as UUFF equivalen a auténticas unidades de tradución. Na súa opinión (2001:74), a variabilidade é unha característica inherente e propia das UUFF, por isto afirma que desenvolve-la subcompetencia fraseolóxica do tradutor debe ser unha tarefa prioritaria.

Gréciano (2000:94) chámano-la atención sobre o feito de que os lemas sexan especialmente propicios para o emprego das UUFF. Como exemplos cita entre outros: "*Da geht Ihnen ein Licht auf*", no caso dunha lámpada, ou "*Den Nagel auf den Kopf treffen*", no caso dun trade e porcas da marca AEG.

Neste sentido, o estudo levado a cabo por Calzada Pérez (2008:176) resulta moi esclarecedor. Esta autora chama a atención sobre a gran cantidade de figuras retóricas que aparecen en anuncios publicitarios. Ademais, vai máis aló cando afirma que "facilitan tanto a comprensión coma o recordo". Para esta teórica, os estudos en tradutoloxía non lle prestaron a suficiente atención á tradución das figuras retóricas na publicidade. Así mesmo, comproba que os lemas traducidos manteñen as figuras retóricas orixinais, o cal obedece a estratexias de mercadotecnia inherentes á publicidade. Cremos que acerta ó afirma-lo seguinte:

> *Habida cuenta de que la publicidad es uno de los fenómenos más representativos del mundo contemporáneo y ante el uso mayoritario que se hace, en ella, de las figuras retóricas, este artículo se ha propuesto examinar dicho fenómeno desde un punto de vista traductológico*. (Calzada Pérez 2008:184)

Se temos en conta a importancia da tipoloxía textual e dos distintos rexistros da lingua en tradución, debemos prestar atención tanto ás figuras retóricas coma ás distintas expresións das mesmas na publicidade, xa que non deixan de ser un marcador lingüístico. Así mesmo, o emprego da fraseoloxía na publicidade parece ser un recurso estilístico importante. Se ademais temos en conta, como afirma Guidère (2009), que a tradución da publicidade, tanto audiovisual coma impresa, se está a converter nunha das máis demandadas nos servizos de tradución especializada, cobra maior importancia o seu ensino e aprendizaxe nas distintas facultades de Tradución e Interpretación.

Posto que se trata dun aspecto interesante para o ensino e aprendizaxe na disciplina de Tradución e Interpretación, aspecto ademais relativamente novo, pode ser de utilidade basearse naquelas estruturas que xa demostraron o seu beneficio no ensino que nos ocupa. De aí que quizais sexa conveniente traslada-lo tratamento que adoita facerse na tradución dos refráns que aparecen na literatura e describir cales soen se-las estratexias de maior utilidade neste sentido para o campo da fraseoloxía na publicidade e na súa tradución. Sobre todo, se temos en conta que os refráns, ben sexan empregados en literatura ou na publicidade, teñen como característica xeral que son actos da fala e como tales refiren certa espontaneidade. Barsanti (2006) resalta que os refráns, se ben aparentemente son estruturas simples, son actos da fala non exentos de complicacións, xa que esixen do tradutor un elevado dominio sociolingüístico.

Varios autores, como por exemplo Fraile Vicente (2007), Crida Álvarez (2007), Mogorrón (2005) ou Battaner e DeCesaris (2006) chaman a atención sobre o feito da codificación das UUFF nos dicionarios en xeral. Para Fraile Vicente (2007:91), a falta de tratamento homoxeneo dificulta o labor do tradutor. Este autor tamén opina que "una indicación exacta del potencial comunicativo" facilitaría o labor. Parece pois que a fraseoloxía en xeral e a fraseoloxía na publicidade, esixen un tratamento interdisciplinar, o cal implica varios campos do saber: lingüística, lexicografía, tradutoloxía, semántica etc. Nesta liña debemos citar a Wotjak (2006), quen distingue no ámbito da noción de cultura entre paracultura, diacultura e idiocultura. Isto permítenos abarca-la cultura dende distintos enfoques, como por exemplo a clasificación en lingüística de diastrático, diatópico etc. Tamén Ettinger (2008) expón as diversas maneiras de enfrontarse a este tipo de estudo, indicando, por exemplo, o achegamento dende o punto de vista diacrónico, sincrónico, contrastivo etc. Este autor avoga pola fraseodidáctica, xa que esta permite o ensino dos fraseoloxismos cunha base científica, posto que os seus discursos teóricos se someten constantemente á practica e son, polo tanto, revisados continuamente. Apunta que a súa misión consiste en que os fraseoloxismos se poidan recoñecer, aprender e empregar, o que resulta de gran utilidade para o tradutor e intérprete no seu labor traslativo. Nesta liña debemos citar a Prieto del Pozo (2009), quen acuña un novo termo: "alioculturemas". Para esta autora, trátase dun neoloxismo que fai referencia a expresións linguísticas que están na lingua de orixe e na lingua meta e que non é traducido de forma deliberada, o que fai que se diferencie claramente de, por exemplo, os culturemas. Tamén chama a atención sobre a mestura de palabras de distintas linguas na publicidade, ás que denomina alioculturemas. Vexamos como exemplo a publicidade do Mc Donalds en España, na cal aparecen a lingua española e a lingua inglesa:

Para esta autora, o estilo publicitario é unha manifestación cultural cuxo papel de mediador entre culturas é innegable; porén, cando hai ausencia de tradución non se pode falar de adaptación cultural, senón que se dá unha transferencia dunha cultura a outra sen máis. Ó igual que a maioría dos investigadores, opina que a natureza do discurso publicitario provoca actitudes e sentimentos diversos. Así, para algúns é unha arte do século XXI, mentres que para outros se trata dun instrumento ó servizo do capitalismo

4. Conclusións

Nos últimos anos veuse observando un crecente interese pola fraseoloxía na tradución, así como pola publicidade na tradución. Ámbolos dous campos poñen de manifesto a importancia da interdisciplinariedade na tradutoloxía, posto que demostra que esta disciplina debe enfocarse dende varios puntos de vista. Como temos apuntado ó longo do presente estudo, a fraseoloxía é o reflexo dunha lingua e cultura determinadas, o cal, ó igual que a publicidade, supoñen un reto para o tradutor e intérprete. Por todo isto, resulta de vital importancia proporcionarlle ó futuro tradutor as claves e ferramentas necesarias para poder afrontar dunha forma exitosa a tradución da publicidade en xeral e da fraseoloxía na publicidade en particular. Esta é a razón pola cal cobra suma importancia explicita-la fraseoloxía como recurso específico na publicidade.

5. Referencias bibliográficas

ADAB, Beverly (2001): "The Translation of Advertising: A Framework for Evaluation", en *Babel* 47 (2), 133-157.

ALONSO ÍMAZ, Mª Carmen (2003): "Estudio contrastivo de paremias españolas y alemanas relativas a los animales", en *Paremia* 12, 85-96.

ARREGUI BARRAGÁN, Natalia (2010): "La traducción de marcas comerciales", en *Synergies Espagne* 3, 119-128.

ARRIBAS ESTERAS, Nieves (2007): "Contraste entre unidades fraseológicas españolas e italianas sobre fobias y supersticiones", en *Paremia* 16, 73-87.

BATTANER, Paz; DECESARIS, Janet (2006): "Inserciones en el discurso de los enunciados fraseológicos", en *Paremia* 15, 93-103.

BARSANTI VIGO, María Jesús (2006): "Cinco refranes retóricos de Sancho en *El Quijote* de Ludwig Tieck", en *Paremia* 15, 179-186.

BUENO GARCÍA, Antonio (2000): *Publicidad y Traducción*. Soria: Ediciones Universidad de Valladolid. (Vertere Monográficos de la Revista Hermeneus 2)

BURGER, Harald (1998) : *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.

(2008): "Das idiomatische „Bild" und seine Modifikationen durch materielle Bilder – theoretische und empirische Aspekte", en MELLADO BLANCO, Carmen: *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. 1ª edición. Hamburg: Dr. Kovac, 89-113.

CALA CARVAJAL, Rafael (2009): "De la (in)traducibilidad de la metáfora a la luz de algunas locuciones y unidades fraseológicas del español, francés y catalán", en *Revista de Investigación Lingüística* 12, 245-273.

CALZADA PÉREZ, María (2008): "La recepción de las figuras retóricas de textos publicitarios", en *Cuaderns* 15, 169-186.

CASTILLO CARBALLO, María Auxiliadora (2002): "El universo fraseológico. Algunos enfoques", en *Revista de fraseología* 8, 25-41.

CONCA, María (2005): "Achegas da fraseología á didáctica da lengua e a literatura", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 75-89.

CORPAS PASTOR, Gloria (2000): "Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología", en CORPAS PASTOR, Gloria: *Las lenguas de Europa: Estudios de Fraseología, Fraseografía y Traducción*. 1ª edición. Granada: Editorial Comares. 483-522.

(2001): "La creatividad fraseológica", en *Paremia* 10, 67-77.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos (2007): "Marzo en los refraneros español, griego moderno y de otras lenguas europeas", en *Paremia* 16, 29-43.

ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 95-127.

FRAILE VICENTE, Esther (2007): "Las expresiones idiomáticas en los diccionarios generales de inglés y de español, y en los diccionarios bilingües inglés/español – español/inglés. Propuesta de codificación terminográfica", en *Hermeneus*, vol. 9, 61-96.

(2008): "Sugerencias para mejorar el tratamiento de las expresiones idiomáticas en los diccionarios fraseológicos en inglés y español", en *Trans*, vol. 12, 123-148.

GONDAR PORTASANY, Marcial (2008): "A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseología. O caso dos 'dicta' populares sobre o paseo e a paisaxe", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 129-161.

GRÉCIANO, Gertrud (2000): "Phraséologie, ses co(n)textes et ses contrastes", en *Paremia* 9, 91-102.

GUIDÈRE, Mathieu (2009): "De la traduction publicitaire à la communication multilingüe", en *Meta*, vol. 54 (3), 417-430.

LAKOFF, George; JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors We live by*. Chicago: University of Chicago Press.

MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel (2005) : "Aproximaciones genéticas a los fraseologismos", en *Paremia* 14, 71-82.

MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): "Modificaciones fraseológicas y tipología textual: los textos publicitarios", en *Paremia* 12, 97-106.

MOLINA PLAZA, Silvia (2008): "Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 207-219.

MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2005): "As locucións verbais nos diccionarios", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 149-176.

MONTES FERNÁNDEZ, Antonia (2003): "Die interkulturelle Dimension von Werbeanzeigen. Eine übersetzungsrelevante kontrastive Textanalyse", en *Translation Journal*. Vol. 7 (2). URL: http://accurapid.com/journal/24werbung.htm [Data de consulta: 25/05/2010]

DE MOOIJ, Marieke (2004): "Translating Advertising. Painting the Tip of an Iceberg", en *The Translator*, vol. 10 (2), 179-198.

NENKOVA, Véselka Ángelova; GONZÁLEZ, Carlos (2008): "Alternancia e fijación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 15-33.

PRIETO DEL POZO, Lourdes (2009): "Les alioculturèmes et la publicité en Europe au XXIe siècle", en *Meta*, vol. 54 (3), 431-449.

RECIO ARIZA, María Ángeles (2002): "De la teoría a la práctica: Fraseología y coloquialismos. Propuestas didácticas para su aplicación en el aula", en *Actas del Congreso Internacional: Hacia la unidad en la diversidad: Difusión de las lenguas europeas (Año europeo de las lenguas 2001)*. Salamanca: Universidad de Salamanca, Diputación de Salamanca, Unión Europea, 404-415.

(2007): "Traducción y publicidad. El tratamiento fraseológico en el texto publicitario y su traducción (alemán-español)", en SANTANA, Belén; ROISS, Silvia; RECIO, Mª Ángeles (eds.) : *Puente entre dos mundos: últimas tendencias en la investigación traductológica alemán-español*. Salamanca: Colección Aquilafuente. Ediciones Universidad de Salamanca, 298-311.

SHAKIR, Abdullah (1995): "The translation of advertisements: registeral and schematic constraints", en *Meta*, vol. 40, 62-72.

STEPIEN, Maciej Adam (2007): "Metáfora y metonimia conceptual en la fraseología de cinco partes del cuerpo humano en español y polaco", en *Anuario de Estudios Filológicos* 30, 391-409.

VENTURA, Daniela (2009): "Présent et futur de la traduction publicitaire: entre 'eikos' et 'pathos'", en *Meta*, vol. 54 (3), 450-464.

VYSHNYA, Natalia; SZTUBA, Anna (2006) : "Símbolos culturales y lingüísticos en fraseologismos y paremias (español, ucraniano y polaco) ", en *Paremia* 15, 105- 114.

WOTJAK, Gerd (2006): "La traducción como comunicación interlingüística transcultural mediada", en *Hitama* 5, 221-253.

ZAMORA MUÑOZ, Pablo (2004): "La fraseología italiana y su enseñanza-aprendizaje", en *Paremia* 13, 125-136.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt a. M: Peter D. Lang.

Unidades fraseolóxicas na sección de agradecementos dos escritos académicos

Begoña Sanromán Vilas[1]

Helsingin Yliopisto/Universidade de Helsinki

Neste estudo ofrécese unha caracterización da sección de agradecementos dos escritos académicos a partir dun corpus de medio centenar de teses de doutoramento, prestándolle especial atención ás unidades fraseolóxicas que expresan o sentido de "agradecemento". O marco teórico e metodolóxico que seguimos é, fundamentalmente, o da lexicoloxía explicativa combinatoria. Trala presentación do inventario das unidades fraseolóxicas máis frecuentes, desde refráns e citas ata colocacións pasando por locucións e fórmulas discursivas, inclúese un estudo pormenorizado da combinatoria léxica do nome *agradecemento* a partir dos datos proporcionados pola tese. A continuación, tomando como modelo o *Dicionario de colocacións do español* (*DiCE*) e ampliando os datos con exemplos extraídos do *Corpus de referencia español actual* (*CREA*), do *Corpus do español* (*CdE*) e de Internet, créase unha entrada lexicográfica para *agradecemento*.

Palabras clave: unidades fraseolóxicas, colocacións, agradecementos, discurso académico.

The study presents a characterization of Acknowledgements accompanying 50 Ph.D. dissertations focusing on the phraseological units used to express the meaning 'gratitude'. This paper is carried out mainly within the theoretical and methodological framework of the Explanatory Combinatorial Lexicology. An inventory of the most frequent phraseological units used in the dissertations is offered: proverbs, idioms, collocations, among others. The different types of lexical relations of the Spanish noun agradecimiento *found in the corpus are described in detail. This data with the addition of new one from the* Corpus de referencia del español actual *(*CREA*), the* Corpus del español *(*CdE*), and Internet is utilized to create a lexicographical entry of* agradecemento *following the lines of the* Diccionario de colocaciones del español *(*DiCE *).*

Keywords: phraseological units, collocations, acknowledgements, academic discourse.

Data de recepción 30/03/2010 Data de aceptación 07/05/2010

[1] Tradución de Minia Ferro Fernández.

1. Introdución

Encabezar un texto coa expresión pública de recoñecemento e gratitude é un costume que pode remontarse á época na que era necesario o beneplácito dunha autoridade como requisito previo á súa publicación. Dentro do discurso académico, a creación dunha sección dedicada exclusivamente ós agradecementos data de 1949 e difúndese en torno a 1960 (Bazerman 1988). Na actualidade, esta práctica, se ben é opcional, xeneralizouse ata o punto de que algúns autores, observando a repetición dunha serie de elementos formais e a recorrencia de certos motivos temáticos, outorgáronlle a categoría de xénero discursivo (Giannoni 2002; Hyland 2003, 2004; Hyland, Tse 2004).

Nas páxinas que seguen ocuparémonos, en primeiro lugar, da sección de agradecementos de teses escritas en español por falantes nativos. O interese por esta sección radica no forte contraste que establece coa propia tese. Na tese o autor transmítelle ó lector os seus coñecementos especializados sobre un tema, marcando unha sutil distancia entre a súa persoa e o obxecto de estudo. O uso que neste caso fai da lingua é simplemente descritivo. Nos agradecementos, en cambio, non se describe un estado de cousas do mundo, senón que se realiza un acto por medio da palabra. Por este medio, o autor asume o papel de beneficiario doutro acto anterior que redundou no seu beneficio coa intervención de compensar simbolicamente o seu benfeitor (Haverkate 1994:93-97; Kerbrat-Orecchioni 2001:122). Na realización deste acto de fala, o autor non se distancia do obxecto senón que se presenta a si mesmo de maneira directa, onde a primeira persoa de singular é a forma máis empregada. Na nosa opinión, dúas son as principais características que crean a distancia entre esta sección e o texto científico propiamente dito: a modalidade discursiva ou a maneira na que o axente-autor do agradecemento fai referencia a si mesmo e o emprego de innumerables expresións con maior ou menor grao de fixación, desde refráns e citas ata colocacións, pasando por locucións e diferentes fórmulas discursivas ou rituais.

O noso obxectivo neste traballo é ofrecerlle a quen ten que redacta-los agradecementos da súa tese unha descrición xeral das principais características destes escritos de maneira que coñeza e poida segui-las convencións do "xénero" e ó mesmo tempo teña a capacidade para selecciona-las variantes que mellor se axeiten ás súas intencións comunicativas: na estrutura, na modalidade discursiva e, especialmente, no léxico. Con este obxectivo, o corpus da nosa investigación está constituído por medio centenar de teses de doutoramento defendidas en diferentes universidades españolas e publicadas en Internet. As teses seleccionadas cobren un amplo abano de áreas de coñecemento que vai desde Enxeñería, Matemáticas e Ciencias da Saúde ata materias como Historia, Socioloxía ou Lingua Española, e foron defendidas nos anos que levamos do século XXI.

Trala presentación da estrutura da sección e as principais modalidades discursivas empregadas á hora de facer explícita a mención ó autor dos agradecementos, centrarémonos finalmente nas unidades fraseolóxicas. Describiremos en primeiro lugar

os enunciados fraseolóxicos e as locucións empregadas na sección de agradecementos da tese, chamando a atención sobre a súa variación dependendo do rexistro. A continuación, analizaremos en detalle a combinatoria léxica do nome *agradecemento* nesta mesma sección, comparándoa posteriormente coa entrada lexicográfica desta unidade léxica (UL), que elaboraremos seguindo o modelo do *Diccionario de colocaciones del español* (*DiCE*) (Alonso Ramos 2003/2005). A entrada lexicográfica de agradecemento do *DiCE* contén, ademais dos exemplos extraídos das teses de doutoramento, outros tomados de diferentes fontes: o *Corpus de referencia del español actual* (*CREA*), o *Corpus del español* (*CdE*) e Internet.

Se é certo que se podería pensar que os agradecementos, liberados do rigor expositivo e argumentativo da linguaxe da ciencia, farían gala dunha maior creatividade lingüística, neste traballo, defendémo-la hipótese contraria: a función relacional destes textos, case carentes de contido proposicional, convérteos en escritos altamente estereotipados cunha mínima marxe de liberdade. Para proba-la nosa hipótese comparámo-la cantidade de colocacións e derivados semánticos –combinatoria léxica de agradecemento– que se explota na sección de agradecementos das teses coas posibilidades que ofrece a lingua, representadas por medio da entrada lexicográfica de agradecemento no *DiCE*, dicionario orientado á codificación da mensaxe e no que se aspira a ofrecer todo o potencial combinatorio das UULL para producir textos variados desde o punto de vista estilístico.

Neste sentido, entre os obxectivos do estudo figura o de presentar un esbozo da entrada lexiocográfica do nome *agradecemento* para o *DiCE* . Neste dicionario toda entrada aparece dividida en tres zonas: a semántica, a sintáctica e unha especial dedicada á combinatoria léxica. Nesta última, consignarémo-las diferentes colocacións e derivados semánticos de *agradecemento*. Entre eles, colocativos nominais como *palabras de ~*, verbais do tipo *expresar ~*, adxectivais como *profundo ~* e tamén derivados semánticos como *agradecer* –verbalización do nome–, *agradecido* –adxectivo para nomea-lo que sente gratitude–, *débeda* –sinónimo– etc. Para a clasificación da combinatoria léxica usámo-la ferramenta lexicográfica das funcións léxicas (FFLL) (Wanner 1996), traducidas por medio de glosas (Alonso Ramos 2006).

O estudo inscríbese fundamentalmente no marco teórico e metodolóxico da Lexicoloxía explicativa e combinatoria (LEC) (Mel'čuk et alii 1995), posto en práctica en dicionarios como o *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain* (*DEC*) (Mel'čuk et alii 1984-1999), o *Lexique actif du français* (*LAF*) (Mel'čuk e Polguère 2007), o *Dictionnaire fondamental de l'informatique et de l'Internet* (*DiCoInfo*) (L'Homme 2008) e o *DiCE* .

2. Estrutura da sección de agradecementos

De acordo con Haverkate (1994:93), a finalidade de todo acto de agradecemento é "restablece-lo equilibrio da relación custo-beneficio entre falante e oínte", dado que o falante se beneficiou dun acto previo do oínte. Deste xeito, as expresións de agradecemento veñen compensar de maneira simbólica o custo invertido polo oínte en

beneficio do falante. No caso das teses de doutoramento, Hyland (2004) matiza que o propósito dos agradecementos é recoñecer tanto ás persoas individuais como ás institucións que dalgún xeito contribuíron á realización da tese.

En varios dos seus artigos, o mesmo autor insiste na importancia dos agradecementos outorgándolle-la categoría de xénero discursivo (Hyland 2004:305):

> *While physically set apart from the main text, acknowledgements metadiscursively point to the processes of its creation. They look inwards to the text and its author and outwards to the factors which help construct them both, and it is this which distinguishes acknowledgements as a genre.*

pero non sempre recoñecida (Hyland 2003:243):

> *Acknowledgements seem to fall through the cracks here and represent something of a "Cinderella" genre. Like the heroine in the children's fairy tale, acknowledgements are taken-for-granted part of the background, a practice of unrecognized and disregarded value deserving of greater attention.*

Neste estudo non nos manifestaremos verbo da conveniencia ou non de considera-la sección de agradecementos como un xénero discursivo. Non obstante, a partir do noso corpus, examinaremos en que medida a estrutura proposta por Hyland (2004) –extraída a partir da análise de teses de doutoramento e de mestría escritas en inglés por falantes nativos de mandarín e cantonés– é válida tamén para as teses escritas en español por falantes nativos[2].

Antes de abordármo-la estrutura interna dos agradecementos, comentaremos brevemente o lugar físico que ocupan no noso corpus. En xeral, existe unha clara tendencia a situalos nun espazo propio, independente doutros contidos. Así, non sendo en tres destas teses (o 6%), nas que os agradecementos forman parte da introdución, en tódalas outras, constitúen unha sección á parte. Delas, o 74% vai encabezado co título "Agradecimientos" (unha delas lévao en singular), un 17% non leva título e o 9% restante está introducido por enunciados do tipo "Deseo expresar mi agradecimiento" ou "Mis agradecimientos más sinceros a" seguidos de dous puntos ortográficos e unha lista de individuos e institucións, especificando o motivo do agradecemento. A extensión desta sección no noso corpus é moi irregular: pode variar desde un mínimo de tres liñas ata un máximo de tres páxinas.

Seguindo a proposta de Hyland (2004:308), distinguimos tres secuencias dentro da estrutura dos agradecementos[3]: unha de apertura, na que o investigador reflexiona sobre

---

[2] É interesante a observación de Haverkate (1994:94) cando afirma que os actos de agradecemento presentan trazos específicos culturais, amosando exemplos concretos de situacións comunicativas nas que os españois e holandeses reaccionan de diferente xeito ante o acto de agradecemento. Véxase, neste senso, Pablos Ortega (2006).

[3] En lugar de *movimientos* (*moves*), termo usado por Hyland (2003, 2004), en español preferimos usar *secuencias*, tomado de Gallardo-Paúls (1993), aínda que a autora se refire ás microestruturas discursivas que se suceden durante unha interacción.

a súa experiencia; unha secuencia principal, constituída polos agradecementos propiamente ditos, e outra de peche, na que o autor, ocasionalmente, declárase responsable do contido da súa tese e/ou lle dedica a mesma a algunha persoa. Como se pode observar a partir do Cadro 1, as secuencias de apertura e peche, coma na análise de Hyland (2004), son opcionais. En concreto, temos que precisar que no noso corpus a dedicatoria, cando aparece, non sempre aparece inserida nos agradecementos, senón que pode incluírse a modo de sección independente, antes ou despois deles. A única secuencia obrigatoria é a que contén os agradecementos explícitos e, dentro dela, comprobamos que en tódolos casos se expresa a gratitude pola axuda académica, especialmente a prestada polo director da tese. A axuda moral, proporcionada en particular pola familia e amigos, aparece en case tódalas mostras do corpus e, na maioría delas (o 66%), tamén se recoñecen outro tipo de axudas como as bolsas de institucións públicas ou privadas, o fácil acceso ós datos, a hospitalidade en universidades estranxeiras etc.

		Nº teses	%
1. Apertura: REFLEXIÓN	Sobre a experiencia investigadora etc.	9	18
2. Secuencia principal: AGRADECEMENTOS	2.1. Presentación dos participantes	24	48
	2.2. Axuda académica	50	100
	2.3. Axuda por financiamento, datos etc.	33	66
	2.4. Axuda moral	44	88
3. Peche: ANUNCIO	3.1. Declaración pública de responsabilidade	3	6
	3.2. Dedicatoria	6	12

CADRO 1. Número e porcentaxe de teses do noso corpus que inclúen cada unha das diferentes partes da sección de agradecementos.

No que se refire á ordenación dos agradecementos polo tipo de axuda prestada, comprobamos que en máis do 90% dos casos séguese o modelo presentado no Cadro 1. En concreto, á hora de nomea-las persoas merecentes de gratitude pola axuda académica séguese unha orde xerárquica de maior a menor importancia, comezando polo director (ou directores) da tese doutoral, seguindo con outros profesores e rematando cos compañeiros. Este patrón, seguido no 84% dos nosos exemplos , alterna cun modelo xerarquicamente inverso, de menor a maior importancia, que só rexistramos nun 4% dos casos. Sen dúbida, o autor, a quen supoñemos escribindo os agradecementos por primeira vez, ten unha experiencia previa como lector de cousas semellantes: de aí debe procede-la adopción maioritaria da xerarquía máis convencional. A continuación, ofrecémo-lo exemplo dun comentario metadiscursivo dun dos autores, consciente do carácter estereotipado da estrutura:

(1) *Todos esperan a ver cómo el autor distribuye los agradecimientos, qué le debe a cada uno […] así que en este caso seguiré el orden estándar*[4].

Nas seguintes mostras, os autores, presupoñendo que o lector tamén está familiarizado coa orde seguida, tratan de mitiga-la forza deste contido implícito:

(2) *Por último, pero no en último lugar...*

(3) *Por último, y no menos importante...*

Cómpre mencionar que os nosos resultados en español con falantes nativos son moi semellantes ós obtidos por Hyland (2004) ou Nahra Al-Ali (2006) con falantes non nativos de inglés. Tendo en conta que as teses das tres investigacións pertencen a estudantes que falan linguas nativas e culturas que distan tanto entre si –mandarín e cantonés, no caso de Hyland; árabe, no de Nahra Al-Ali e español, no presente estudo– non deixa de resultar curiosa a coincidencia da estrutura dos agradecementos.

3. A subxectividade dos agradecementos fronte á obxectividade do texto científico: a referencia ó axente-autor do agradecemento

Se, en xeral, o discurso académico se caracteriza por un máximo de obxectividade, cousa que se percibe na eliminación de todos aqueles trazos que teñen como finalidade contextualiza-lo escrito (Montolío, Santiago 2000), comprobamos que, pola contra, a sección de agradecementos abunda en marcas de contextualización. Unha destas marcas, que establece un forte contraste co texto científico, é a maneira de se referir ó autor ou emisor do texto[5]. Así fronte a unha maioría de emprego da primeira persoa de plural nos textos científicos, tódolos agradecementos aparecen escritos na primeira persoa de singular:

(4) a. *Ante todo debo expresar* mi *gratitud a…*
b. *Para intentar asegurar*me *de no quedar mal con nadie, si* me olvido *de mencionar…*
c. Quiero *dejar pública constancia de* mi *admiración,* mi *reconocimiento y* mi *lealtad incondicional…*[6]

Neste sentido, é interesante observa-la transición da primeira persoa do plural, empregada no texto propiamente científico, á primeira persoa de singular dos agradecementos nunha tese na que estes forman parte da introdución xeral.

---

[4] Os exemplos están tomados das teses que forman o corpus do estudo. Cando se usan exemplos doutras fontes indícase expresamente.

[5] En realidade contamos con algunha excepción. Por exemplo, unha das seccións de agradecementos, de tres liñas de extensión, aparece encabezada en terceira persoa gramatical, pero sinalando inequivocamente o emisor: "*O autor quere expresa-lo seu agradecemento*".

[6] Ademais dos deícticos de persoa atopamos algún caso de deíxe de lugar, por exemplo "desde estas líneas […] quiero rendir tributo...", "vayan desde aquí, de antemano, mis agradecimientos..." e tamén deíxe de tempo "quiero manifestar en este momento mi agradecimiento..." (o subliñado é noso).

(5) [Ó comezo dun parágrafo] *Nos queda, por último, una larga lista de agradecimientos. En primer lugar […]* [No parágrafo seguinte] *En segundo lugar, pero no menos importante, agradezco a* mi *familia…*

A modo de ilustración, amosamos en (6) o caso da combinación da primeira persoa de singular (6a) coa terceira persoa (6b) na mesma tese:

(6) a. Quiero *rendir tributo sincero de admiración y agradecimiento…*
b. *Tampoco olvida,* quien esto escribe*, la formidable deuda de gratitud contraída con los que fueron sus guías y maestros…*

Ademais das referencias ó *eu*, propias dos textos de agradecemento xa que teñen por obxecto expresar e transmiti-lo sentimento persoal de gratitude, tamén encontramos casos de sinalización explícita do *ti* ou *vós* como destinatario(s) dos agradecementos [7]. Así, non é estraño atopar casos nos que o autor expresa o seu agradecemento a un profesor referíndose a el en terceira persoa (7a) e máis adiante, dá as grazas ós seus compañeiros (7b), dirixíndose a eles como destinatarios directos do seu enunciado en segunda persoa de plural:

(7) a. *Gracias al Dr. X por su ayuda…*
b. *Gracias a A Y, Z y W por* vuestra *ayuda…*

Tamén localizamos unha mostra esporádica de *nosotros* que inclúe o lector, destinatario ou non dos agradecementos:

(8) *[…] estamos tan acostumbrados a leer dedicatorias y agradecimientos […] que supongo que mis palabras…*

Finalmente, mencionaremos algúns casos, non moi frecuentes, nos que o grao de informalidade se achega ó da conversa coloquial prototípica (Briz 1996:32-33). Neles, os autores usaron hipocorísticos para nomear non só os seus amigos, senón mesmo o director da tese –en dúas teses diferentes, *Tinín* e *Chus* empréganse para se referir ó Dr. Florentino e á Dra. María Jesús respectivamente.

O contraste entre a maneira de facer referencia ó autor nos agradecementos e no texto científico xa o observaron tamén Hyland e Tse (2004:270-273), aínda que os resultados deles difiren dos nosos maiormente no uso da primeira persoa, limitada no corpus deles ó 66%, e no emprego de formas pasivas, inexistentes no noso. Nada se di, en cambio, sobre a deíxe de segunda persoa.

[7] Atopamos un uso da segunda persoa de singular sinalando deicticamente ó autor da tese "*Todo ello te permite afrontar cada día de trabajo como si fuera el primero*".

4. Enunciados fraseolóxicos e locucións na expresión de agradecementos

Neste apartado presentaremos unha panorámica dos principais enunciados fraseolóxicos –refráns, citas e fórmulas rutineiras– e das locucións idiomáticas que aparecen na sección de agradecementos das teses, seguindo fundamentalmente a clasificación de Corpas (1996). O número de expresións idiomáticas que atopamos nos textos en relación co contido proposicional que se transmite é moi elevado. Sen caermos na esaxeración, podiamos afirmar que practicamente todo o que non son nomes propios ou detalles ocasionais sobre o contido das teses presenta algún grao de fixación. Aínda que, por unha parte, non resulta estraño o emprego abundante deste tipo de expresións, por se-lo agradecemento un acto altamente convencionalizado[8], sorprendéuno-la variación diafásica, dado que a situación comunicativa non se altera no esencial dunha tese a outra. Contrariamente ó esperado, o grao de formalidade desta sección é moi variable e por iso algunhas das unidades fraseolóxicas que rexistramos difiren entre si non só polo grao de fixación senón tamén pola súa adaptación ó rexistro no que se empregan. Así, encontramos refráns como os de (9) e, dependendo do autor, locucións oracionais (García Page 2008:152-165) ou fórmulas rutineiras (Corpas 1996:205) como as de (10), propias dun rexistro máis coloquial:

(9) a. *pues como DiCE el refrán: "de bien nacido es ser agradecido"*[9]
b. *DiCE n que más vale lo malo conocido que lo bueno por conocer*[10].

(10) a. *qué deciros que no sepáis*[11]
b. *Por estar siempre a mi lado* pase lo que pase[12]

e a carón deles encontramos tamén citas características do rexistro formal coma a reproducida en (11):

(11) *haciendo bueno aquel "desprecia cuanto ignora" del que lamentábase amargamente el poeta* [13]

---

[8] A propósito da relación entre convencionalización e o uso de expresións realizativas, véxase González Ruíz 2006.

[9] As comiñas son do autor da tese. "Bien nacido", segundo o *Diccionario de uso del español* (de aquí en diante, *DUE*), debe interpretarse como "de proceder noble".

[10] A letra redonda neste e nos exemplos que seguen é nosa. Segundo o *DUE*, con este refrán exprésase "que es preferible conservar lo que ya se conoce, aunque no satisfaga plenamente, que arriesgarse a perderlo por conseguir algo desconocido".

[11] Unha variante desta locución,"qué te voy a decir", aparece no *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (de aquí en diante, *DFDEA*) onde se clasifica como fórmula oracional e se especifica que "se usa para comentar que el interlocutor conoce de sobra lo que se va a decir".

[12] De acordo co *DFDEA*, esta locución, tamén catalogada como fórmula oracional, "se usa para ratificar enfáticamente una decisión, una afirmación, una orden o una propuesta".

[13] As comiñas son do autor da tese. O poeta refírese no texto a Antonio Machado e ó poema "A orillas del Duero", incluído en *Campos de Castilla* (Machado 1984:45).

pasando por outro tipo de locucións máis neutras polo seu grao de formalidade. Véxanse, por exemplo, as de (12):

(12) a. *[…] muchas personas han contribuido a que esta historia llegase a buen puerto / […] por toda la energía y tiempo dedicados a que ésta haya llegado a buen puerto / […] es evidente que ésta no podría llegar a buen puerto sin el consejo y tutela de unos guías*[14]

b. *por […] aguantarme y no dejarme tirar la toalla en los momentos difíciles* [15]

c. *cómo no*[16]

Os refráns presentados en (9) e a cita en (11) constitúen un tipo de enunciado fraseolóxico que funciona como unha unidade autónoma (Zuluaga 1980:192). A diferenza entre ámbolos dous radica en que coñecémo-la orixe da cita, pero descoñecémo-la do refrán (Corpas 1996:143, 147); os dous, refráns e citas, forman parte do acervo cultural do español e, como sinalan Piera e Valera (1999:4413), non presentan características gramaticais distintivas[17].

A presenza do elemento coloquial se cadra pode explicarse pola intención de marca-lo contraste co texto científico. A diferenza deste, o agradecemento é un acto de fala contextualizado e, por selo, pode facer referencia a persoas concretas e con iso dar entrada a formas coloquiais que coinciden con expresión máis formais.

Consonte a clasificación de Corpas (1996:170), as fórmulas rutineiras constitúen outro tipo de enunciado fraseolóxico que se diferenza dos refráns e das citas en que carece de autonomía textual. Segundo Coulmas (1979:240), estas fórmulas danse en situacións sociais específicas e pódense predicir durante o transcurso dun acto comunicativo. Dentro desta categoría, recollemos exemplos das dúas clases sinaladas por Corpas (1996): as fórmulas discursivas e as psico-sociais. Como organizadoras do discurso, as fórmulas discursivas poden ter unha función de apertura, de peche e de transición. Entre as de apertura figuran as seguintes:

(13) a. *Esta tesis ha sido posible gracias a…*

b. *Esta tesis no habría sido posible sin…*

c. *Decir que este libro no existiría si no fuera gracias a ellos no es algo justo ni verdadero ni para ellos ni para mí. Creo que este libro lo hubiera realizado antes o después […] Pero, también es cierto que sin ellos, seguramente, habría sido un libro peor*

---

[14] "Llegar a buen puerto" é unha locución verbal frecuente que significa "llegar a la meta propuesta, tras superar una situación difícil o peligrosa" (*DFDEA*).

[15] "Tirar la toalla" é, segundo *DFDEA*, unha locución verbal de uso xeral que significa "abandonar [alguien] una empresa dificultosa, dándose por vencido".

[16] Consonte o *DFDEA*, "cómo no" é unha locución adverbial que significa "naturalmente" e, segundo o *DEA*, úsase para expresar "que algo no puede ser dicho de otro modo".

[17] Falaremos das locucións idiomáticas no final deste apartado, por seren unidades fraseolóxicas diferentes dos enunciados fraseolóxicos –refráns, citas e fórmulas rutineiras.

En (13) presentamos un tópico recorrente: o da factibilidade da tese grazas á colaboración ou axuda doutras persoas. A expresión pode aparecer en forma afirmativa (13a) ou por medio dunha lítote, é dicir, negando o contrario do que se quere afirmar (13b). A pesar de que non sempre é unha fórmula de apertura, esta expresión aparece nun 40% das teses. Rexistramos ademais unha variante estilística, (13c), na que o autor, facendo uso da popularidade da expresión, sen dúbida coñecida para o lector, repite esta fórmula limitando o seu alcance ós límites da verosimilitude, é dicir, restablecendo o seu significado orixinal, tras elimina-la esaxeración. Outros exemplos de fórmulas de apertura son os presentados en (14), (15), (16) e (17):

(14) a. *Esta tesis es el resultado de…*
b. *Esta tesis es el fruto*[18] *de…*

(15) a. *Quiero comenzar…*
b. *Quiero encabezar…*

(16) *Aprovecho estas líneas…*

(17) a. *En primer lugar…*
b. *Ante todo…*

No caso de (17), estamos ante un tipo de conectores discursivos específicos para a función demarcadora de inicio. Atopamos tamén abundantes mostras de conectores demarcativos de continuación como *en segundo/tercer lugar*, *además*, *así mismo/asimismo*, *de igual modo*, *de la misma manera* etc., ou demarcativos de peche como *finalmente* e *por último*.

A continuación ofrecemos máis mostras de fórmulas de transición ou continuación - en forma negativa, os exemplos en (18) e en afimativa, os de 19)- e de peche - exemplos (20) e (21)

(18) a. *No pueden faltar en estos agradecimientos…*
b. *No puedo dejar de dar las gracias…*
c. *Tampoco olvido…*
d. *Mis deudas no acaban aquí*
e. *No menos importantes han sido a lo largo de estos años*

(19) a. *y cómo no,*
b. *Mención aparte merecen*

(20) a. *Finalmente, pero no en último lugar…*
b. *Por último y no por ello menos importante…*
c. *No quiero acabar este apartado de agradecimientos sin dedicar unos momentos…*

[18] Ademais de *fruto*, a experiencia investigadora pode aparecer conceptualizada como *aventura personal*, *historia*, *largo camino recorrido*, *trayecto lleno de imprevistos…* O labor realizado polo director da tese descríbese tamén con metáforas como *guía*, *padre* etc.

(21) a. *Con la alegría de llegar a la recta final…*
b. *Solo me queda como cierre de estos agradecimientos…*

Dentro da categoría de fórmulas psico-sociais, Corpas (1996) inclúe un grupo de fórmulas expresivas que engloban os chamados actos de fala de agradecemento[19] entre os que cita expresións como *Muchas gracias*, *Es usted muy amable, Muy agradecido* ou *Dios se lo pague*. Como as expresións do noso corpus non forman parte dunha interacción conversacional propiamente dita, é máis difícil establece-los límites entre os actos de fala e as expresións descritivas: un verbo como *agradecer,* en primeira persoa, é unha expresión realizativa na medida en que, ó pronunciala, estase executando a acción de dá-las grazas e ó mesmo tempo é unha expresión descritiva do acto que se está realizando. En calquera caso, a unidade non descritiva por excelencia empregada nesta sección é *gracias a Y por Z*, que pode aparecer intensificada con outras UULL como *muchas, muchísimas* ou *mil* e acompañada ou non do seu réxime: onde Y é o individuo ou institución ó que se agradece, e Z, o beneficio que se agradece. Rexistramos 63 exemplos desta UL en 15 documentos.

A diferenza dos enunciados fraseolóxicos, as locucións non son secuencias autónomas senón que a expresión pluriverbal completa equivale gramaticalmente a un elemento que cumpre unha función determinada dentro da oración (Corpas (1996:88). Xa Casares (1969:170) definiu a locución como "la combinación estable de dos o más términos, que funciona como elemento oracional y cuyo sentido unitario consabido no se justifica, sin más, como una suma del significado normal de los componentes". Do mesmo xeito, no *DFDEA* (Seco et alii 2004:XII), as locucións descríbense como agrupacións máis ou menos fixas de palabras que teñen unha función gramatical e un valor estable propio, aínda que –engaden os autores– "este valor no es la suma de los valores de sus componentes". A natureza non composicional do significado é tamén o criterio destacado na LEC (Mel'čuk 1995:181; Mel'čuk et alii 1995) onde as locucións –chamadas aquí *frasemas completos*– considéranse unidades fraseolóxicas nas que o significante resulta da suma dos significantes dos seus constituíntes pero non así o seu significado, razón pola que se defende a súa inclusión nos dicionarios cunha entrada lexicográfica independente. Unha formulación diferente é o que defende García-Page (2008:152), para quen unha locución pode presentar "una estructura formal lexicalizada de oración", de aí que as expresións anteriormente presentadas *qué deciros que no sepáis* (10a) e *pase lo que pase* (10b) sexan consideradas locucións do tipo oracional no seu modelo e fórmulas rutineiras no de Corpas (1996). Outros exemplos de locucións extraídas da tese son *llegar a buen puerto* (12a) y *tirar la toalla* (12b) –locucións verbais– e a locución adverbial *cómo no* (12c). A expresión *dar las gracias* –expresar agradecemento dicindo "grazas"–, ou outra expresión, da que rexistramos 16

[19] Haverkate (1994) clasifica as expresións realizativas de agradecemento como "actos de habla corteses expresivos" e outros autores, como Almeida Monteiro et alii (2008), inclúenas nun grupo de actos rituais da interacción conversacional, nos que tamén están os saúdos e mailas desculpas.

ocorrencias en 10 documentos, considérase tamén unha locución verbal[20] nos dicionarios consultados –*DEA*, *DFDEA*, *DRAE*, *DSLE*, *DUE*– pero non no *DELE*.

5. Combinatoria léxica de agradecemento: as colocacións e os derivados semánticos

Ademais dos enunciados fraseolóxicos descritos no apartado anterior, o noso corpus contén outro tipo de unidades fraseolóxicas, as colocacións. Seguindo a LEC, entendemos que unha colocación AB é a combinación de dous lexemas de tal maneira que o seu significante é a suma dos significantes A+B e o seu significado inclúe o do lexema A e un significado engadido 'C', que pode corresponder ou non ó significado 'B'. Para que a expresión AB poida chamarse colocación, será necesario ademais que o lexema A sexa seleccionado de xeito regular e non restrinxido polo falante e que, en cambio, a selección de B se faga de maneira irregular e/ou restrinxida, isto é, en función de A e do sentido que se queira expresar (Alonso Ramos 1994-1995:25; Mel'čuk 1995:182; Mel'čuk, Žolkovskij 1970:15). Consonte a doutrina de Hausmann (1979:191), AB formará unha colocación, onde A é a base e B, o colocativo. Así, na colocación adxectival *profundo agradecimiento*, o colocativo *profundo* é seleccionado pola base nominal *agradecemento* para expresa-lo sentido "intenso". A expresión *mostrar agradecimiento*, á súa vez, é unha colocación verbal na que o falante escolle a base, *agradecimiento*, libremente e en función do seu significado. O colocativo *mostrar*, en cambio, funciona como un verbo de apoio e perde o seu significado básico como verbo pleno ("poner una cosa de manera que sea vista", segundo o *DUE*) ó ser seleccionado por *agradecimiento* para verbaliza-lo sentido deste nome. Neste exemplo particular, *mostrar agradecimiento* equivale a *agradecer*.

Dentro da LEC distínguese entre as relacións léxicas restritivas a nivel sintagmático, é dicir, as colocacións e as relacións léxicas paradigmáticas ou *derivados semánticos*. Nun sentido amplo, por derivación semántica enténdese a relación entre dúas UULL, L_1 e L_2, na que L_1, L_2 manteñen unha relación semántica recorrente na lingua, que se manifesta xeralmente de maneira morfolóxica (Polguère, Mel'čuk 2006:68-69; Mel'čuk, Polguère 2007:18-19). No exemplo anterior, *mostrar agradecimiento*, *mostrar* e *agradecimiento* están en relación sintagmática. Ó mesmo tempo, a colocación *mostrar agradecimiento* está en relación paradigmática co verbo *agradecer*.

Nas teses de doutoramento que analizamos, hai exemplos de ámbolos dous tipos de combinatoria léxica, utilizados en relación de sinonimia ampla. Cómpre observar que a impresión que queda trala primeira lectura do corpus é a dunha grande abundancia de colocacións e derivados semánticos de *agradecimiento*, así e todo, trala análise máis

[20] Neste sentido, queda anulada a posibilidade de considerar "dar las gracias" como unha colocación formada polo verbo de apoio *dar* e a base nominal *gracias* posto que esta base aquí ten un valor descritivo que a diferenza de "gracias", UL non descritiva, en plural, descrita anteriormente como fórmula psico-social de carácter expresivo (Corpas 1996:198). Esta é, con todo, a descrición que ofrece o *DELE* e a que adopta Wotjak (2008:200).

detallada observamos que son moi poucos os exemplos de colocacións diferentes e que estes se repiten constantemente.

A continuación, describirémo-la combinatoria léxica do nome *agradecimiento*. En total rexistramos 48 ocorrencias en 29 documentos. Este nome aparece combinado con outros substantivos, con adxectivos e con verbos. Entre os substantivos rexistramos *intento* [*de* ~] (22) e *palabras* [*de* ~] (23):

(22) *En cualquier caso ahí queda* mi intento de agradecimiento *de esta etapa de mi vida*

(23) *Vayan entonces dirigidas a ellos estas breves* palabras de agradecimiento…

Os adxectivos en coocorrencia con *agradecimiento* son *profundo*, empregado en grao positivo e superlativo, e só en posición anterior ó nome (24), e *especial*, en ámbalas dúas posicións (25). *Profundo* e *especial* en combinación co nome toman o sentido "intenso".

(24) *De igual modo, me gustaría mostrar mi más* profundo agradecimiento *a mi familia…*

(25) a. Especial agradecimiento *merece mi directora de tesis…*
b. *En tercer lugar,* un agradecimiento especial *a F. M., quien me introdujo en el programa…*

Outros adxectivos que se combinan co *agradecimiento* son *sincero* –como ten que se-lo acto– (26) e *primer y principal* (27). Estes últimos fan referencia á xerarquía establecida na orde dos agradecementos, que rivaliza coas expresións anteriores de intensificación.

(26) *[…] son muchas las personas que merecen mi más* sincero agradecimiento.

(27) El primer y principal agradecimiento *va dirigido a mi director de tesis…*

Se observámo-los verbos, diferenciamos dous grupos principais: aqueles nos que *agradecimiento* funciona como suxeito –*el agradecimiento va dirigido a Y* y *el agradecimiento va para Y*– e aqueles nos que *agradecimiento* funciona como primeiro obxecto verbal. Neste último grupo distinguimos verbos colocativos cos seguintes sentidos:

sentido baleiro:	***dar***[21][Det$_{pos}$ ~], ***deber*** [~]; ***manifestar***, ***mostrar***, ***expresar***, ***hacer constar***, ***hacer expreso*** [Det$_{pos}$ ~], ***dejar constancia*** [*de* Det$_{pos}$ ~]; ej.: *quiero dar mis agradecimientos…*; *la gente a la que debo agradecimientos*; *me gustaría expresar mi más sincero agradecimiento a…*;
'X manifesta ~ en extremo a Y'	***deshacerse*** [*en ~s hacia* N]; ej.: *No puedo sino deshacerme en agradecimientos hacia los…*
'algo se transforma en ~s'	***resultar*** [*en ~s*]; ej.: *la felicidad por la obra terminada y el alivio por […] resulta en agradecimientos*
'Y debe ser obxecto de ~'	***merecer*** [~]; ej.: *Especial agradecimiento merece mi directora de tesis*
X estende o ~ a Y'	***hacer extensivo*** [Det$_{pos}$ ~ *a* N]; ej.: *Hago extensivo mi agradecimiento a todos los profesores*

As UULL en relación paradigmática con agradecemento que vimos de rexistrar no corpus, pódense clasificar nos seguintes grupos:

— substantivos que funcionan como sinónimos de *agradecimiento*: entre eles destaca *gratitud* (14 ocorrencias en 10 documentos) acompañada de colocativos como *sincera*, *cordial*; *expresar*, *extender*; outros: *reconocimiento*, *deuda*, *mención*, *consideración*, *palabras*, *débitos*;

— a verbalización do sentido de *agradecimiento*, *agradecer* (61 ocorrencias en 30 documentos) –en coocorrencia frecuente cos adverbios *profundamente*, *especialmente*– e sinónimos: *mencionar*, *no olvidar*, *recordar*, *deber*, *devolver*, *reconocer*, *citar*;

— nomes e/ou adxectivos para nomea-lo que fai o *agradecimiento*: *beneficiario*, *deudor*, *agradecido*;

— nomes e/ou adxectivos para nomea-lo que recibe o *agradecimiento: responsable, culpable;*

— nome para o obxecto do agradecemento: *motivo*; menciónanse obxectos concretos: *ayuda –prestada–*, *apoyo –brindado–*, *confianza –depositada–*, *hospitalidad –recibida–* etc.

— locución prepositiva típica para introducir unha causa positiva*: gracias a*.

[21] A expresión *dar agradecimientos* presenta un grao de aceptabilidade límite para algúns falantes nativos. É posible que se trate dunha creación analóxica a partir de *dar las gracias*. Agradecémo-la observación ós profesores Antonio Pamies e Rosa Piñel López.

A esta información haille que engadir que na maioría das teses (o 86%), as diferentes expresións verbais de agradecemento, sexa coa UL *agradecimiento, agradecer* ou cos seus respectivos sinónimos, van encabezadas por verbos modais ou expresións equivalentes de obrigación *–deber, haber de, tener que, obligado es–* en (28), de desexo *–desear, querer, gustar–* en (29) e de capacidade *–no poder*, *no saber cómo–* en (30):

(28) a. *La primera persona a la que* debo *agradecer, y mucho, es…*
b. *[…]* he de *agradecer sinceramente su ayuda y sus consejos…*
c. *Es tanto lo que* tengo que *agradecer y a tanta gente que no sé si seré capaz de plasmarlo en estas líneas*.
d. Obligado es *hacer mención extraordinaria para mi esposa e hijas…*

(29) a.Deseo *también expresar mi gratitud a mis compañeros del Departamento…*
b. *Y por último,* quiero *expresar mi más profundo agradecimiento a las personas que más me han ayudado a superar las penas…*
c. Me gustaría *expresar mi agradecimiento al Departamento…*

(30) a. No puede *faltar mi agradecimiento al Prof. T. H. y…*
b. *A P.,* no sé cómo *agradecerte el que siempre haya podido contar contigo…*

Hyland e Tse (2004), que rexistran o mesmo fenómeno no seu corpus –aínda que en menor proporción: só no 52% dos casos–, suxiren que, a pesar de que o feito de introducir estes verbos antes da expresión de agradecemento podería constituír un intento de diminuí-la forza ilocutiva do acto en si, todo parece indicar que se trata dun exemplo máis do carácter formulístico deste xénero para engadir un elemento de formalidade á expresión de gratitude (Hyland, Tse 2004:269)[22].

6. Cara a unha entrada lexicográfica de agradecemento

A continuación, presentamos un esbozo de entrada lexicográfica para AGRADECEMENTO seguindo o modelo do *DiCE*. A nosa proposta supón unha revisión da actual entrada que presenta este dicionario en Internet (http://www.DiCE_sp.com). O *DiCE* é unha base de datos en formación que se está a levar a cabo na Universidade da Coruña (Alonso Ramos 2003, 2005). Na elaboración deste dicionario séguese o marco teórico e metodolóxico da LEC (Mel'čuk et alii 1995), onde as colocacións se describen por medio de FFLL (Wanner 1996). Unha FL codifica a relación entre dúas UULL na que unha delas, a base da colocación, controla a elección léxica da outra, o colocativo. Así, por exemplo, a FL `Magn` codifica a relación entre os seguintes pares de nome e adxectivo: *agradecimiento infinito, gratitud desmedida* e *deuda impagable*. Cada un destes adxectivos *–infinito, desmedido* e *impagable–* é seleccionado polo nome

[22] Con todo, cómpre advertir que a noción de 'agradecemento' e a de 'obriga' non parecen estar demasiado distanciadas. No *DUE*, rexístrase *obligado* como sinónimo de *agradecido* e o portugués usa a expresión *obrigado/a* como fórmula de agradecemento.

correspondente *agradecimiento, gratitud* e *deuda* para expresa-lo sentido 'intenso'. Ademais de describi-la relación semántica entre dúas UULL, as FFLL tamén poden dar conta da estrutura actancial da colocación. Así, as colocacións *mostrar agradecimiento* e *recibir agradecimiento* codifícanse por medio das FFLL `Oper1 e Oper2. Oper` fai referencia a un verbo baleiro de significado (Alonso Ramos 2004:84-96) o colocativo que toma a UL base da colocación como o seu obxecto directo. Os subíndices indican cal é o suxeito gramatical da colocación: o subíndice 1 refírese ó primeiro actante do nome (**X** en *el agradecimiento de X a Y*); e o subíndice 2, ó segundo actante (**Y** en *el agradecimiento de X a Y*). Usaron as FFLL os catro volumes do *DEC* (Mel'čuk et alii 1984-1999) e mailo *LAF* (Mel'čuk, Polguère 2007), entre outros. Véxanse tamén aplicacións terminolóxicas en Mortchev-Bouveret (2006) e Orliac (2006). Como veremos a continuación, o *DiCE* tamén contén FFLL. Non obstante, conscientes da dificultade que esta ferramenta lexicográfica supón para o manexo do dicionario, o *DiCE* inclúe unha glosa ou explicación coa finalidade de axudar ó usuario a selecciona-lo colocativo axeitado.

Neste apartado describiremos como se organiza a entrada lexicográfica de AGRADECEMENTO no *DiCE* tomando como punto de referencia a demostración que se ofrece en Internet. No *DiCE* accédese á información principalmente a través da base da colocación, que é o lema. Por esta razón, dicimos que o *DiCE* é un dicionario orientado á codificación. Se o usuario quere saber que verbos se combinan con *agradecimiento**1***[23] para expresa-lo sentido completo 'agradecer**1**', atopará os seguintes colocativos: *sentir, tener, rendir tributo de* ou *deber*. O usuario pode escoller un dos verbos anteriores, por exemplo, *deber*, e comprobar qué outras bases, ademais de *agradecimiento**1***, se combinan con este verbo. A busca daranos como resultado os nomes *admiración**1***, *adoración**1***, *agradecimiento**2a***, *consideración**III.1***, *gratitud*, *respeto**I.1a***, entre outros[24].

A unidade lexicográfica será a UL. Como se trata dun nome polisémico, abriremos tantas entradas como acepcións conteña o nome. En concreto, en AGRADECIMIENTO distinguimos tres acepcións[25]:

*agradecimiento**1**,*

— que hace referencia a un sentimiento, próximo a *gratitud*;
— ej.: *Le tiene ese agradecimiento de perro porque gracias a ella come*[26];

---

[23] Abaixo explícanse as diferentes acepcións (*agradecimiento**1***, ***2a*** y ***2b***) do vocábulo polisémico AGRADECIMIENTO.

[24] Este é o tipo de orientación descodificadora que se lle ofrece ó usuario no *REDES* (Bosque 2004).

[25] Só atopamos no corpus un caso evidente de *agradecimiento1* –sentimento– *quiero rendir tributo sincero de admiración y agradecimiento*; as ocorrencias de *agradecimiento2b* –'texto oral o escrito que contiene los *agradecimientos**2a***'– aparecen maiormente no título que encabeza a sección e, nalgunhas ocasións, dentro do texto mesmo onde pode aparecer en coocorrencia con substantivos como *cierre* [*de* DET ~] etc. No sucesivo, non marcarémo-lo número da acepción porque nos estaremos referindo a *agradecemientos**2a***. Só se existir algunha posibilidade de confusión entre as acepcións, volveremos emprega-la numeración aludida.

[26] *CdE* [Data de consulta: 16/06/2008], Vargas Llosa, Mario. *La tía Julia y el escribidor*.

*agradecimiento**2a**,*

— es un acto de habla (acto de *agradecimiento**1***), sinónimo de *comunicación*;
— ej.: *Y por ello os doy mi profundo agradecimiento*[27];

*agradecimiento**2b***, [más frecuente en plural][28]

— se refiere al texto oral o escrito que contiene los *agradecimientos**2a***, cuasi-sinónimo de *dedicatoria*;
— ej.: *El volumen primero, que comienza con distintas dedicatorias y agradecimientos […] nos ofrece siete capítulos divididos en secciones*[29]

Desde un punto de vista metodolóxico o *DiCE* está sendo elaborado por campos semánticos e, polo momento, a nomenclatura limítase ó campo semántico das emocións; non obstante, cando o nome de emoción forma parte dun vocábulo polisémico, elaboramos unha entrada para cada unha das acepcións que o compoñen. No que segue centrarémonos maiormente na entrada de *agradecimiento**2a***, aínda que presentaremos algúns exemplos de *agradecimiento **1*** e ***2b***.
Para cada unha destas UULL ofrecerémo-la seguinte información:

1) A etiqueta semántica, que representa o significado xenérico da UL. Así por exemplo, a etiqueta semántica de *agradecimiento**1*** é SENTIMIENTO; e de *agradecimiento**2a*** é COMUNICACIÓN.

2) A forma proposicional, na que figuran os participantes da situación descrita polo nome. Por exemplo, para *agradecimiento**1*** sería *"agradecimiento del individuo X al individuo o institución Y por la acción Z"*, é dicir, o que sente agradecemento, cara a quen sente ese sentimento e o motivo polo que o se sente (*Juan Carlos Wasmosy expresó el agradecimiento de su pueblo y gobierno al presidente Gonzalo Sánchez de Lozada por el apoyo brindado en...*[30]).

3) Un ou máis exemplos con indicación da fonte.

4) Os (cuasi-) sinónimos e os (cuasi-) antónimos da UL, que axudan o usuario a selecciona-lo sentido. *Agradecimiento**1*** tería como sinónimos *gratitud* e *reconocimiento* e como antónimos *desagradecimiento*, *ingratitud* ou *olvido*.

Dentro de cada UL, pódese escoller entre cinco tipos de consulta:

---

[27] *CREA* [Data de consulta: 16/11/2007], García Candau, Julián (1996): *Madrid-Barça. Historia de un desamor*. Madrid: El País-Santillana, 221.

[28] A pesar de que este sentido aparece dunha maneira clara en varias ocasións, incialmente dubidamos en abrir unha entrada independente para o mesmo, porque con moita frecuencia *agradecimiento**2a*** úsase en coocorrencia con substantivos do tipo *relación* [*de* ~], *apartado* [*de* ~], *lista* [*de* ~], para expresa-lo sentido *agradecimiento**2b***. Diremos que a nosa intuición orixinal corroborouse ó consultármo-la terceira edición do *DUE* (2007), na que este sentido xa aparece incluído.

[29] *CREA* [Data de consulta: 16/06/2008], "Hospitales coloniales". *ABC Cultural*, 20/12/1996, parágrafo 1.

[30] *CdE* [Data de consulta: 17/06/2008], Bolivia: ERBOL:04/30/96.

1) Atributos dos participantes: Nesta sección, o usuario pode atopar derivados semánticos como *agradecido* ou *deudor*, *acreedor* e *deuda* para nomea-lo experimentador, obxecto e causa do *agradecemento**1*** ou ***2a*** respectivamente. Ó mesmo tempo aparecerán colocativos como *lleno de* e *digno de* que, unidos á base *agradecimiento**1*** achegarán os significados X sentindo agradecemento intenso" e "Z, que merece ser agradecido", respectivamente.

2) UL + Adxectivo: Inclúense aquí os adxectivos que se combinan coa UL, tanto antepostos coma pospostos ou en posición atributiva. Por exemplo, os adxectivos *profundo, eterno* e *sincero* combínanse con *agradecimiento**1*** e ***2a*** para expresar "intensidade", "duración permanente" e "calidade adecuada", respectivamente.

3) Verbo + UL: Baixo este título atopámo-los verbos que toman a UL como o seu obxecto directo ou o seu obxecto preposicional. Por exemplo: *expresar agradecimiento**1*** e ***2a*** [a alguén] ou *deshacerse en agradecimientos**2a*** [cara a alguén] "*manifestar agradecemento en extremo*".

4) UL + Verbo: Esta sección contén os verbos que toman a UL como o seu suxeito gramatical: *o meu agradecimiento**2a** vai para…*, *o agradecimiento**1** dura…*

5) Nome *de* UL: Aquí agrúpanse os nomes colocativos que preceden á UL introducida pola preposición *de*. Así, por exemplo, *palabras de agradecimiento**1*** e ***2a***, *lista de agradecimientos**2a*** e *cierre de agradecimientos**2b***.

Cada unha das seccións descritas preséntase no *DiCE* en forma de listas de colocativos. Se o usuario busca un verbo que tome a UL *agradecimiento**2a*** como o seu primeiro obxecto, seleccionará a sección Verbo + UL dentro da entrada de *agradecimiento**2a***. Inmediatamente, despregarase unha lista con verbos colocativos agrupados a partir da FL e a correspondente glosa. O obxectivo das glosas é o de axudaren o usuario a identifica-lo colocativo axeitado ofrecendo información semántica verbo do mesmo. Ademais da FL e da glosa, o colocativo irá acompañado do réxime da colocación e dalgúns exemplos para ilustra-lo seu uso. A continuación, ofrecemos unha mostra dalgúns colocativos verbais de *agradecimiento**2a.*** As FFLL sinálanse co tipo de letra `Courier New`, as glosas aparecen entre comiñas simples e os colocativos verbais en negriña. No remate de cada exemplo incluído na entrada, indicarase a fonte de onde foi extraído entre parénteses.

AGRADECIMIENTO

2a COMUNICACIÓN

'agradecimiento del individuo X al individuo o institución Y por la acción Z'

Quiero expresar mi agradecimiento al Prof. M. A. G. V. por su desinteresada ayuda en la preparación de este artículo. (*CREA*)

[VERBO] + AGRADECIMIENTO

`Oper`$_1$

'comunicar agradecimiento'

dar [(Det$_{pos}$) ~] doy a todos ustedes mi más profundo *agradecimiento*. (CE) **deber [Det$_{ArtInd}$ ~]** Al primero le debo un *agradecimiento* especial por la invitación a "conversar" con él… (WEB) **dejar constancia [de Det ~]** TVE quiere dejar constancia del *agradecimiento* por la labor profesional cumplida por J. M. P… (*CREA*) **demostrar [(Det$_{pos}$) ~]** …nos surge la primera ocasión en la que podemos demostrar nuestro *agradecimiento* a quienes vinieron a acompañarnos… (*CREA*) **expresar [(Det$_{pos}$) ~]** Le expreso mi *agradecimiento* a mis amigos y vecinos en Caimito que han brindado sus ideas… (*CREA*) **hacer constar [(Det$_{pos}$) ~]** Quisiera hacer constar mi *agradecimiento* a todas las personas que, directa o indirectamente, han contribuido a la realización de este libro (*CREA*) **hacer expreso [(Det$_{pos}$) ~]** Queremos hacer expreso nuestro *agradecimiento* a la comunidad del Monasterio Cisterciense de Santa Ana por… (WEB) **hacer público [(Det$_{pos}$) ~]** Deseo hacer público mi *agradecimiento* a la Dra. D. L. B. (*CREA*) **manifestar [(Det$_{pos}$) ~]** Como lectora habitual de su diario quiero manifestarle mi *agradecimiento* por habernos mostrado en esa maravillosa entrevista el perfil de una santa que… (*CREA*) **mostrar [(Det$_{pos}$) ~]** Esta vez no puedo sino mostrar mi *agradecimiento* (*CREA*) **proclamar [(Det$_{pos}$) ~]** Póstumamente debo proclamar mi *agradecimiento* (*CREA*) **rendir tributo [de ~]** …quiero rendirle tributo de *agradecimiento* en homenaje al hombre que me salvó la vida (*CE*) **testimoniar [(Det$_{pos}$) ~]** Allí se encontraban actores veteranos como Chus Lampreave, que quería así testimoniar su *agradecimiento* a la AISGE… (*REDES*) **transmitir [(Det$_{pos}$) ~]** Queremos transmitir *agradecimiento* y respeto a toda esa gente que hizo posible llevar acabo el proyecto (WEB) **tributar [(Det$_{pos}$) ~]** …directores de compañías, poetas, críticos, periodistas y público tributan *agradecimiento* y honores. (*REDES*)

`Magn(cantidad) + Oper`$_1$

'comunicar agradecimiento también a'

extender [(Det$_{pos}$) ~ a Y] Asimismo, quiero extender mi *agradecimiento* a la gente de infecciosas… (WEB) **hacer extensivo [(Det$_{pos}$) ~ a Y]** Quiero también hacer extensivo mi *agradecimiento* al personal del… (WEB)

`Oper`$_2$

'recibir agradecimiento'

recibir [(Det$_{pos}$) ~] …usted coloca a cualquier esperreque en una escala superior y aparte de no recibir *agradecimiento* ninguno […], le digo, le hará luego la vida imposible… (*CREA*)

`de nuevo Oper1`

'volver a comunicar agradecimiento'

reiterar [(Det$_{pos}$) ~] Si la Sala acepta la posición de Su Señoría, reitero mi *agradecimiento* y expreso mi disposición a representar al Senado en dicha Comisión. (*CREA*)

`Real`$_2$

'reconocer el agradecimiento'

corresponder [a Det ~] Esta mañana he recibido un comentario […] agradeciéndonos el apoyo que le estamos demostrando desde el blog y […] he llamado para corresponder al *agradecimiento* (WEB) **devolver [Det ~]** Y tengo que devolver el *agradecimiento* mirando a los ojos de quien me lo da (WEB)

`Magn+Oper`$_1$

'manifestar el agradecimiento en extremo'

deshacerse [en ~] Podría deshacerme en *agradecimientos* pero creo que no hace mucha falta y lo mejor es dar paso a los ganadores, que son… (WEB) **entregarse [en ~]** El protagonista se entrega en *agradecimientos* al club, a la afición y a sus compañeros (*DiCE*) **morirse [de ~]** …a lo mejor una noche se te moriría de *agradecimiento* entre los brazos…(*CREA*)

`PredAble`$_2$

'que debe ser objeto de agradecimiento'

merecer [(Det$_{pos}$) ~] Por el mero hecho de venir a verme ya merece el *agradecimiento*. (*DUE*)

`VSympt`

'manifestar corporalmente el agradecimiento'

llorar [de ~] Conmovida, lloré de *agradecimiento*, silenciosamente (*CREA*)

[VERBO + AGRADECIMIENTO]

`V`

'comunicar agradecimiento'

agradecer Estás en tu derecho y te agradezco que me lo digas personalmente (*CREA*)

`QV`

'comunicar agradecimiento'

dar las gracias Yo le doy las gracias de todo corazón… (*CREA*)

AGRADECIMIENTO + [VERBO]

$\mathtt{Func}_2$

'el agradecimiento se dirige a alguien'

dirigirse [a Y] Mis más sinceros *agradecimientos* y reconocimientos se dirigen a una serie de personas e instituciones que hicieron de este trabajo una empresa posible durante cada una de sus diversas etapas (WEB) **ir [a/para Y]** A las autoras de estas excelentes colecciones destinadas a la investigación va mi profundo *agradecimiento* (*CREA*) Mientras tanto, mi *agradecimiento* va para ellos y también para el túnel. (*CREA*) **ir dirigido [a Y]** Mi *agradecimiento* más especial va dirigido a C. O. G. (*CREA*)

7. Conclusións

Aínda que a primeira vista podería parecer que existe unha gran variedade de formas para expresa-la gratitude, a análise detida da sección de agradecementos en medio cento de teses de doutoramento escritas por falantes nativos de español, demostra que, ben mirado, o significado 'da-las grazas' non admite unha cantidade ilimitada de fórmulas expresivas, senón que é posible establecer un inventario máis ou menos pechado de variantes que se empregan repetidamente.

A partir desta hipótese inicial tratamos de amosar unha serie de constantes lingüísticas no noso corpus. Observamos que os agradecementos, ademais de presentaren unha estrutura similar e uns recursos semellantes para se referiren ó autor-axente dos mesmos, conteñen unha serie de UULL que constitúen a proba máis evidente da reiteración á que aludimos. Un inventario das unidades fraseolóxicas que aparecen nas teses e a súa frecuencia –desde refráns e citas ata colocacións e derivados semánticos pasando por locucións– revela que entre as expresións máis usadas están a locución verbal *dar las gracias*, xunto a outras como *llegar a buen puerto*, fórmulas discursivas do tipo *esta tesis fue posible gracias a...* e as UULL *agradecimiento, agradecer* e *gracias* acompañadas de colocativos como *profundo agradecimiento, agradecer en especial, muchas/muchísimas gracias*. Cómpre observar tamén que o uso de verbos modais introducindo as expresións de gratitude chega a constituí-lo 86% do corpus analizado. Realizamos un estudo pormenorizado da combinatoria léxica que presenta o nome *agradecimiento* nas teses e comparámolo coa información que contería o *DiCE* , un dicionario orientado á codificación, aínda en formación, que pretende consignar tódalas posibilidades combinatorias dunha UL. O resultado desta comparación amosa que, a pesar de que os agradecementos son escritos altamente estereotipados (como se comprobou nas teses observando a aparición dunha serie de constantes, maiormente léxicas), un dicionario como o *DiCE* ofreceríalle ó usuario unha selección máis ampla e variada.

En última instancia, esta descrición proporciona un modelo para a redacción dos escritos de agradecemento que, ademais de lle resultar útil ó doutorando, podería

empregarse na aula de español para estranxeiros, combinado con exercicios para producir variantes expresivas dun mesmo contido. Coidamos que, nun sentido máis amplo, a aplicación ó ensino de estudantes de español resulta moi axeitada se consideramos que os agradecementos son, cos saúdos e as desculpas, os actos de fala corteses máis empregados nas linguas.

Agradecementos

E, como nun artigo con este tema non podería faltar unha sección de agradecementos, aproveito para expresar aquí a miña gratitude á profesora Margarita Alonso Ramos pola lectura deste manuscrito. Tamén dou as grazas ós avaliadores anónimos que revisaron o texto. Tódolos comentarios e suxestións recibidos tivéronse en conta na versión final deste artigo e axudaron a mellora-lo resultado. Este traballo está subvencionado polo Ministerio de Educación e Ciencia (España) a través do proxecto de investigación FFI2008-06479-C02-01/FILO.

8. Abreviaturas empregadas

CDE = DAVIES, Mark: *Corpus del español*. Banco de datos [en liña], (http://www.corpusdelespanol.org.) [Data de consulta: 16/06/2008]

CREA = RAE, *Corpus de referencia del español actual*. Banco de datos [en liña], (http://www.rae.es) [Data de consulta: 16/06/2008]

DEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (1999): *Diccionario del español actual*. Madrid: Aguilar.

DEC = MEL'ČUK, Igor et alii (1984-1999): *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain. Recherches lexicosémantiques*, vols. I-IV. Montreal: Les Presses de L'Université de Montréal.

DELE = ALVAR EZQUERRA, Manuel (dir.) (2006): *Diccionario para la enseñanza de la lengua española. Español para extranjeros*. Universidad de Alcalá / Barcelona: Vox_Bibliograf.

DFDEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Madrid: Aguilar.

DiCoInfo = L'HOMME, Marie-Claude (2008): *Dictionnaire fondamental de l'information et de l'Internet*. (http://olst.ling.umontreal.ca/ressources/base-dicoinfo/lang-pref/en/) [Data de consulta: 19/06/2008]

DRAE = RAE (2001[22]): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.

DSLE = GUTIÉRREZ CUADRADO, Juan (dir.) (2006): *Diccionario Salamanca de la lengua española*. Madrid: Santillana.

DUE = MOLINER, María (1966-67/1998/2007[3]): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.

LAF = MEL'ČUK, Igor; POLGUÈRE, Alain (2007): *Lexique actif du français. L'apprentissage du vocabulaire fondé sur 20000 dérivations sémantiques et collocations du français*. Louvain-la-Neuve: De Boeck.

REDES = BOSQUE, Ignacio (dir.) (2004): *REDES. Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Madrid: SM.

9. Referencias bibliográficas

ALBELDA, Marta; CONTRERAS, Josefa; HERNÁNDEZ FLORES, Nieves (eds.) (2008): *Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral*. Valencia / Estocolmo: Universidad de Valencia / programa E*DICE* (http://www.e*DiCE* .org/programa/wp-content/files/3coloquioE*DICE* .pdf) [Data de consulta: 24/06/2008].

ALMEIDA MONTEIRO, Flávia de; LOPES, Célia Regina dos Santos; REBOLLO COUTO, Leticia (2008): "Agradecementos y disculpas en el cine iberoamericano", en BRIZ, Antonio et alii (eds.): "Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral". *III Coloquio Internacionla. Programa EDICE* . València: Departamento de Filología Española, Universitat de València, 604-622.

ALONSO RAMOS, Margarita (1994-1995): "Hacia una definición del concepto de colocación: de J. R. Firth a I. A. Mel'čuk", en *Revista de Lexicografía* 1, 9-28.

(2003): "Hacia un Diccionario de colocaciones del español y su codificación", en MARTÍ, M. Antònia; Fernández, Ana; Vázquez, Glòria (eds.): *Lexicografía computacional y semántica*. Barcelona: Edicions de la Universitat de Barcelona, 11-34.

(2004): *Las construcciones con verbo de apoyo*. Madrid, Visor Libros.

(2005): "Semantic Description of Collocations in a Lexical Database", en KIEFER, Ferenc et alii (eds.): *Papers in Computational Lexicography COMPLEX 2005*. Budapest: Linguistics Institute and Hungarian Academy of Sciences, 17-27.

(2006): "Glosas para las colocaciones en el Diccionario de Colocaciones del Español", en *Diccionario y Fraseología*. Coruña: Universidade da Coruña, 59-88.

BAZERMAN, Charles (1988): *Shaping Written Knowledge*. Madison: University of Wisconsin Press.

BRIZ, Antonio (1996): *El español coloquial: situación y uso*. Madrid: Arco / Libros.

CASARES, Julio (1969): *Introducción a la lexicología moderna*, en Anejo LII de la *Revista de Filología Española*. Madrid: CSIC.

CLAS, André; POLGUÈRE, Alain (1995): *Introduction a la lexicologie explicative et combinatoire*. Louvain-la-Neuve: Duculot.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

COULMAS, Florian (1979): "On the Sociolinguistic Relevance of Routine Formulae", en *Journal of Pragmatics* 3, 239-266.

GALLARDO-PAÚLS, Beatriz (1993): *Lingüística perceptiva y conversación: Secuencias*. Valencia: Universitat de València (http://www.uv.es/pauls/Secuencias.PDF) [Data de consulta 19/06/2008]

GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las* locuciones. Barcelona: Anthropos.

GIANNONI, Davide S. (2002): "Worlds of Gratitude: A Contrastive Study of Acknowledgement Texts in English and Italian Research Articles", en *Applied Linguistics* 23, 1, 1-31.

GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2006): "Enunciados performativos y verbos performativos: Acerca de la performatividad como propiedad gradual (con especial referencia al español)", en *Hesperia. Anuario de Filología Hispánica* 9, 107-126.

HAUSMANN, Franz-J. (1979): "Un dictionnaire des collocations est-il possible?", en *Travaux de littérature et de linguistique de l'Université de Strasbourg* 17, 2, 187-195.

HAVERKATE, Henk (1994): *La cortesía verbal. Estudio pragmalingüístico*. Madrid: Gredos.

HYLAND, Ken (2003): "Dissertation Acknowledgements. The Anatomy of a Cinderella Genre", en *Written Communication* 20, 3, 242-268.

(2004): "Graduates' Gratitude: The Generic Structure of Dissertation Acknowledgements", en *English for Specific Purposes* 23, 3, 303-324.

KERBRAT-ORECCHIONI, Catherine (2001): *Les actes de langage dans le discours. Théorie et fonctionnement*. Paris: Nathan.

MACHADO, Antonio (1984[9]): *Campos de Castilla*. Madrid: Cátedra.

MEL'ČUK, Igor (1995): "Phrasemes in Language and Phraseology in Linguistics", en EVERAERT, Martin; LINDEN, Erik-Jan van der; SCHENK, André; SCHREUDER, Rob (eds.): *Idioms. Structural and Psychological Perspectives*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates, 167-232.

MONTOLÍO, Estrella; SANTIAGO, Marisa (2000): "Objetividad e implicación en el texto académico", en MONTOLÍO, Estrella (coord.): *Manual práctico de escritura académica*, vol. III. Barcelona: Ariel, 153-182.

MORTCHEV-BOUVERET, Myriam (2006): "Lexical Functions for the Typing of Syntagmatic and Paradigmatic Relations: A Lexical Approach", en *Terminology* 12, 2, 235-259.

NAHRA AL-ALI, Mohammed (2006): "Conveying Academic and Social Identity in Graduate Dissertation Acknowledgments", en NEUMAN, Claus-Peter; PLO ALASTRUÉ, Ramón; PÉREZ-LLANTADA AURÍA, Carmen (coords.): *Actas del V Congreso Internacional AELFE*. Zaragoza: Prensas universitarias de Zaragoza, 34-42.

ORLIAC, Brigitte (2006): "Colex: A Tool Based on Lexical Functions for the Extraction Specialized Collocations", en *Terminology* 12, 2, 261-280.

PABLOS ORTEGA, Carlos de (2008): "Análisis sociopragmático del acto de habla expresivo de agradecemento en español", en BRIZ, Antonio et alii (eds.): "Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral". *III Coloquio Internaciona. Progama EDICE* . València: Departamento de Filología Española, Universitat de València , 685- 691.

PIERA, Carlos; VALERA, Soledad (1999): "Relaciones entre morfología y sintaxis", en BOSQUE, Ignacio y DEMONTE, Violeta (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española. Entre la oración y el discurso: Morfología*, vol. 3. Madrid: Espasa Calpe, 4367-4422.

POLGUÈRE, Alain (2007): "Lexicologie et apprentissage du vocabulaire", en *LAF* = MEL'ČUK, Igor; POLGUÈRE, 11-79.

POLGUÈRE, Alain; MEL'ČUK, Igor (2006): "Dérivations sémantiques et collocations dans le DiCo/LAF", en *Langue française* 150, 66-83.

TSE, Polly (2004): "'I Would Like to Thank my Supervisor'. Acknowledgments in Graduate Dissertations", en *International Journal of Applied Linguistics* 14, 2, 259-275.

WANNER, Leo (ed.) (1996): *Lexical Functions in Lexicography and Natural Language Processing*. Amsterdam: John Benjamins.

WOTJAK, Gerd (2008): "Acerca del potencial combinatorio de las UL: procedimientos escenogenésicos y preferencias sintagmático-colocacionales", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 193-210.

ŽOLKOVSKIJ, Alexander (1970): "Towards a Functioning 'Meaning-Text' Model of Language", en *Linguistics* 57, 10-47.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: Peter Lang.

Símbolos nos fraseoloxismos con nomes de animais en alemán e español

Martina Silva López

Universidade de Santiago de Compostela

O obxecto deste artigo son os fraseoloxismos do alemán e español que conteñen compoñentes de nomes de animais ou zoónimos. Os devanditos fraseoloxismos representan un dos grupos máis produtivos, significativos e variados do léxico fraseolóxico en ambas as dúas linguas e ademais aparecen frecuentemente na lingua cotiá. A finalidade da análise é pescudar que peculiaridades e símbolos encarnan os animais en alemán e español e constatar os posibles paralelismos e diverxencias. Ademais preténdese comparar os significados simbólicos na linguaxe, é dicir, nos fraseoloxismos, cos que aparecen na cultura e comprobar se os símbolos dos fraseoloxismos tamén están representados nesta.

Palabras clave: fraseoloxismos con compoñentes animais, análise contrastiva, símbolo fraseolóxico, símbolo cultural.

The object of this article are the phraseologisms of German and Spanish that contain components of animal names. Those phraseologisms represent one of the most productive, significant and varied groups of the phraseological lexical in both languages and they appear frequently in the daily language. The aim of the analysis is to find out, which peculiarities and symbols embody the animals in German and Spanish and ascertain the possible parallelisms and divergences. Furthermore we pretend to compare the symbolic meanings in the language, that is to say, in the phraseologisms with those, that appear in the culture and at the same time to check if the symbols of the phraseologisms are also represented in the culture.

Keywords: phraseologisms with animal names, contrastive analysis, phraseological symbol, cultural symbol.

1. Introdución

A lingua cotiá é rica en unidades fraseolóxicas que conteñen nomes de animais. Suponse que é así porque as raíces dos fraseoloxismos chegan ata os tempos nos que o ser humano aínda vivía en contacto coa natureza e cos animais. O feito de que os

Data de recepción 28/05/2010 Data de aceptación 30/07/2010

animais domésticos fosen e sigan sendo moi importantes para el reflíctese na lingua[1]. Por esta razón en numerosas linguas as unidades fraseolóxicas con nomes de animais forman un dos grupos de constituíntes máis amplos dentro dos seus fraseoloxismos (Dobrovol'skij; Piirainen 1997:158). No que ao número de fraseoloxismos con nomes de animais se refire, o máis amplo é o dos animais domésticos, nos que o *can* ocupa o primeiro lugar.

En moitas culturas os animais desempeñan unha función simbólica, como constata Röhrich (1992:15):

> *Bestimmte Tiere stehen sinnbildlich für bestimmte menschliche Eigenschaften: Biene für Fleiß, Schwein für Schmutz, Wolf für Hunger, Schlange für listige Klugheit, Hund für Müdigkeit (aber auch für Treue), Fuchs für Schlauheit, ...*[2]

As características que se lle adxudican a cada animal baséanse normalmente nas observacións do comportamento animal na natureza ou tamén están ancoradas na mitoloxía, no folclore e nas obras literarias dun determinado pobo (Činkure 2005:30). Os devanditos fraseoloxismos tenden así mesmo a ser negativos. Pamies Bertrán, Iñesta Mena e Carlos Lorenzo (1998:72) proporcionan a seguinte explicación respecto a este feito:

> *Las expresiones zoomórficas son uno de los vehículos más propensos para las connotaciones negativas, a menudo heredadas de las que ya tiene la palabra aislada que actúa como comparado, aunque su referente no sea un animal "maldito" para la comunidad.*

Isto vese claramente no caso do *can*, por exemplo en esp. *vida de perros*, coa cal se manifesta a miseria. Naturalmente tamén existen expresións con animais que mostran unha connotación positiva, por exemplo en esp. *trabajar más que una hormiga*, que simboliza o esforzo. Non obstante tamén hai grupos ambivalentes, é dicir, que representan tanto trazos positivos coma negativos, o caso máis característico é o da *abella*. Por unha banda, é moi laboriosa, como se pode ver na expresión española *ser como una abeja*, entre outras. Esta función simbólica é tamén perceptible no plano da comunicación mediática, por exemplo nas series de animación como é *A Abella Maya*, onde se relatan as aventuras da abella Maya, que non só é moi traballadora, senón tamén moi intelixente e valente. Como esta serie marcou varias xeracións de nenos pertencentes á cultura europea, non é de estrañar que os conceptos simbólicos relacionados con ela estean presentes aínda hoxe en día nas persoas que naceron nos anos 70 (Schauer-Trampusch 2002:66). Por outra banda, en cambio, como apuntan Nazárenko e Iñesta Mena (1998:105 e ss.), a *abella* tamén pode representar a tolemia, por exemplo en esp. *estar más zumbado que una abeja*.

---

[1] Este reflexo non só se aprecia nas comparacións con nomes de animais, senón tamén nos refráns con estes compoñentes. Piñel López (1999:411) opina o seguinte ao respecto: *Los refranes reflejan la experiencia de generaciones de ancestros que han dado lugar a lo que se denomina 'sabiduría popular'*.

[2] *Determinados animais simbolizan determinadas características humanas: a* abella *o esforzo, o* porco *a sucidade, o* lobo *a fame, a* serpe *a astucia, o* can *o cansazo (pero tamén a fidelidade), o* raposo *a intelixencia,…*

A maioría dos fraseoloxismos con compoñentes animais está ligada á caracterización plástica do ser humano polo que se refire ao seu aspecto físico, ás súas calidades psíquicas e físicas, entre outras.

Como os animais que aparecen nas expresións fraseolóxicas son personificados, estes relaciónanse así mesmo con características masculinas e femininas. Por esta mesma razón pódese falar de *gender*, é dicir, da presenza da xenealoxía na fraseoloxía. Con este termo desígnase todo aquilo que nunha cultura e nun idioma é característico de cada un dos dous sexos, que se pode asociar cos animais cando se quere describir a un home ou a unha muller (Ignatova 2008:92). Un trazo "feminino" sería, por exemplo, alem. *falsch wie eine Katze sein* (esp. *ser falsa como una gata*) e un "masculino" alem. *arbeiten wie ein Stier* (esp. *trabajar como un toro*).

A finalidade da nosa análise é pescudar:

1- As peculiaridades e símbolos que encarnan os animais en alemán e español.

2- Os paralelismos e diverxencias cos que nos atopamos ao comparar estas dúas linguas.

En último lugar tamén se levará a cabo unha comparación dos significados simbólicos na linguaxe cos que aparecen na cultura e tentarase atopar unha resposta á seguinte pregunta: están os símbolos fraseolóxicos tamén reflectidos na cultura?

Optamos por este tema de investigación porque, aínda que existen traballos desta temática sobre os dous idiomas, non hai ningún corpus que se dedique ao estudo da simboloxía comparada nos fraseoloxismos con nomes de animais entre o alemán e o español. Algúns dos traballos aos que aludiamos son Činkure (2005) para o alemán – letón ou Brumme (2006) para o español e catalán. Dobrovol'skij e Piirainen (1997) céntranse en 6 linguas (o alemán, o neerlandés, o inglés, o ruso, o finlandés, o xaponés, e o *Westmünsterländisch*, un dialecto do baixo alemán), pero non estudan ningunha lingua románica. Parécenos interesante contrastar o alemán e o español posto que, por mor de varios factores, por exemplo a cultura, a relixión ou a distinta situación xeográfica, as dúas linguas poden diferir desde un punto de vista simbólico.

2. A fraseoloxía contrastiva: problemas

Desde un principio eramos conscientes de que a comparación de fraseoloxismos procedentes de distintos idiomas achega moitas cousas positivas e non só para a fraseoloxía en si, senón tamén para outros ámbitos. Con toda a razón asegura Korhonen (2007:586) que os correspondentes esforzos produciron múltiples avances teóricos e resultados descritivos de gran valor e cunha gran importancia práctica para a tradutoloxía, para o ensino de linguas estranxeiras e para a lexicografía. Non obstante, hai que ter en conta que estes avances van acompañados así mesmo de problemas nada fáciles de solucionar (Chrissou 2001:117).

Os problemas concretos que traen consigo os fraseoloxismos son sobre todo visibles na tradutoloxía, así como na transmisión e didáctica dunha lingua estranxeira, onde a fraseoloxía xoga un papel moi importante. Non obstante, a aprendizaxe e o uso dos

fraseoloxismos representan un gran problema á hora de aprender unha lingua estranxeira posto que levan aparellada a cuestión das faltas de interferencia: *weil die Bedeutung des Idioms aus der Muttersprache analog auf das der Fremdsprache übertragen wird*[3] (Chrissou 2001:117).

Así, por exemplo, nun primeiro nivel de análise, os seguintes fraseoloxismos cos compoñentes *Katze* / *gato* e un sema [+quente] poderían parecer equivalentes no seu significado fraseolóxico:

alem. *herumschleichen wie die Katze um den heißen Brei (esp. rondar algo como el gato la papilla caliente)*

esp. *correr/ir/pasar como gato por/sobre brasas*

Con todo non o son, posto que o fraseoloxismo alemán significa segundo o *Duden 11* (2008:353) 'über etwas reden, ohne den eigentlichen [heiklen] Kern der Sache zu berühren.[4]', mentres que segundo Seco et al. (2004:491), o fraseoloxismo español ten como significado 'con toda rapidez, como quien huye de un daño' e segundo a versión on-line do DRAE significa 'correr con celeridad huyendo de un daño, de un peligro o de un inconveniente'.

Coa expresión *Schwein haben* preténdese mostrar que os fraseoloxismos teñen que ser aprendidos dunha forma distinta aos lexemas e que o coñecemento sobre o uso é decisivo en contextos e situacións. A alguén que está a aprender alemán como lingua estranxeira ten que resultarlle moi difícil entender que, por unha banda, en alemán *Schwein haben*[5] (a tradución literal ao español é *tener cerdo*) significa 'ter sorte' pero que as comparacións con porcos, en cambio, teñen un significado ofensivo. Este feito ten que ser sobre todo moi desconcertante para estudantes de países árabes, xa que nestes países as comparacións con porcos son positivas e considéranse un eloxio. Isto demostra que no proceso de aprendizaxe destas unidades tamén hai que ter en conta a cultura.

No que ás traducións se refire, a fraseoloxía contrastiva pon á súa disposición os fraseoloxismos correspondentes no outro idioma, algo que ás veces resulta moi complicado por mor das distintas culturas. A estes problemas aluden Luque Durán e Manjón Pozas (2004:7) e para iso comparan o español co xaponés:

> *El ejemplo de los toros nos sirve para plantear una disyuntiva que se presenta en la traducción de la fraseología cultural; esto es, la casi imposibilidad de salvar al mismo tiempo la exactitud y la expresividad. Por poner un ejemplo, si*

---

[3] "porque o significado dun xiro que aparece na lingua materna é transmitido de maneira análoga á lingua estranxeira".

[4] *Falar de algo sen tocar o propio fondo [delicado] dunha cuestión*. Piñel López (1997:266) di o seguinte ao respecto: *El alemán se refiere a los rodeos que alguien da antes de abordar una cuestión, bien sea por miedo o por timidez. Sin embargo, y según la definición del DRAE, la expresión española alude a 'la celeridad con que se huye de un daño, peligro o inconveniente'*.

Cazal (1997:35) define esta expresión da seguinte maneira: *Pasar por algo de corrida*. Esta mesma autora di que o modo rápido de pasar polas brasas ten que ver tamén coa prudencia do gato (1997:45).

[5] Segundo o *Duden 11* (2008:694) descoñécese a orixe exacta desta locución. Probablemente se remonta ao costume medieval de regalarlle ao perdedor dunha competición un porco como premio de consolación.

> *se traduce un fraseologismo cultural japonés sobre el mundo del sumo por otro en español del mundo de los toros, se conservará la expresividad, pero difícilmente se podrá encontrar un equivalente exacto. Si por el contrario, se hace una paráfrasis se conseguirá una versión ajustada pero, naturalmente, inexpresiva y falta de fuerza lo que también es una traición al texto original* (Luque Durán; Manjón Pozas 2004:7).

Para ilustrar este problema, os autores mencionan entre varios, e moi acertadamente, o fraseoloxismo xaponés *gunbai ga agaru*, que literalmente significa *alzarse o gunbai* (o *gunbai* é unha especie de abanico que alza o árbitro ao final da loita e con el sinala ao vencedor). Como o significado é 'resultar vencedor' pódese traducir ao español con *salir por la puerta grande*, xa que para un toureiro o maior recoñecemento é ser sacado aos ombreiros pola porta grande da praza de touros.

3. A elaboración do corpus

Para a elaboración do corpus deste traballo seguimos o procedemento de Schauer-Trampusch (2002). Ao noso parecer esta autora propón unha clasificación moi interesante dos nomes de animais en categorías sistemáticas, isto é, en espazos vitais, que seguen un concepto do mundo antropocéntrico. Os grupos propostos son os seguintes: *animais domésticos*, *animais de granxa*, *animais salvaxes*, *animais exóticos* e *animais mitolóxicos*. Como, na nosa opinión, non pode faltar o grupo dos *insectos*, tamén o incluímos. No que a eles se refire, estamos de acordo con Schauer-Trampusch (2002:63), no feito de que son seres diminutos e insignificantes, que non se perciben no noso mundo urbanizado e que apenas se perciben na natureza ou no campo, pero como conceptos fraseolóxicos representan calidades moi relevantes para o ser humano e para a súa linguaxe cotiá, por exemplo o esforzo ou a preguiza, entre outras. Como o seu comportamento se expresa en todos os fraseoloxismos con nomes de animais incluíuse tamén, entre outras, o grupo dos animais en xeral: a metáfora ontolóxica *DER MENSCH IST EIN TIER* (*O HOME É UN ANIMAL*) é moi representativa. Segundo Rakusan trátase dunha *ancient metaphor which expresses human nature through its comparison to other living creatures* (citado por Schauer-Trampusch 2002:61).

Landfester opina de maneira moi similar:

> *Die Anthropomorphisierung der Tierwelt, in der Tiere zu Spiegelbildern menschlichen Handelns werden, gehört wahrscheinlich zu den ältesten Wahrnehmungsmustern des Menschen überhaupt*[6] (citado por Schauer-Trampusch 2002:61).

Por outra banda, por mor da arraigada tradición taurina en España, pensamos que tamén é apropiado incluír o touro como *animal cultural* no corpus. En total seleccionáronse 15 nomes de animais e estes á súa vez distribuíronse en 8 grupos, segundo acabamos de mencionar.

[6] "O antropomorfismo do mundo animal, no que os animais son o reflexo dos actos humanos, pertence en suma probablemente a un dos modelos de observación máis antigos do ser humano".

Omitíronse os fraseoloxismos que conteñen un substantivo que, como di García-Page Sánchez (2008:69), simulan pola súa forma externa nomes de animais sen selo[7]. Isto sucede, por exemplo en esp. *estar sin perra*, onde non se alude ao animal, senón á antiga moeda española (a expresión significa 'non ter diñeiro'). Prescindimos destas unidades fraseolóxicas con compoñentes polisémicos ou homónimos, posto que os devanditos fraseoloxismos esixen un tratamento específico no proceso de aprendizaxe e/ou adquisición dunha lingua estranxeira. Pensamos que momentaneamente é mellor deixar a un lado fraseoloxismos destas características, xa que un falante non nativo nun primeiro nivel seguramente interpretará de forma equivocada o contido metafórico e/ou simbólico. O máis seguro é que para deducir o significado destas expresións un falante estranxeiro parta do significado extrafraseolóxico dos compoñentes animais ou tamén do significado que os ditos compoñentes animais poidan ter en unidades fraseolóxicas na súa lingua materna ou noutras linguas coñecidas por el.

Ao contrario do que sucedeu na elección dos grupos de animais, na elección dos animais específicos non se seguiu ningún criterio en concreto. Algúns animais seleccionáronse porque son imprescindibles para a xente ou para a cultura dunha das comunidades lingüísticas; outros, en cambio, pola coincidencia na simboloxía ou polo seu interese intercultural[8].

Así, chegouse á seguinte clasificación:

1. **Animais en xeral: o animal.**
2. **Animais domésticos: o can.**
3. **Animais de granxa: o galo, a galiña.**
4. **Animais salvaxes: o oso, a curuxa/o moucho[9], o lobo.**
5. **Animais exóticos: o mono, o elefante, a cóbrega/serpe/víbora[10].**
6. **Animais mitolóxicos: a ave fénix.**
7. **Insectos: a abella, a mosca, a pulga.**
8. **Animais "culturais": o touro.**

O corpus está formado por unha parte alemá e outra española. A alemá consta de 219 fraseoloxismos que foron recompilados coa axuda dos seguintes dicionarios: *Duden 11 - Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik* (2008), *Deutsche Idiomatik –*

---

[7] García-Page Sánchez (2008:73) di o seguinte ao respecto: *También pueblan el territorio léxico de la fraseología española algunos animales falsos, cosas o seres oportunamente disfrazados o vestidos con la piel fonológica o morfológica de los animales verdaderos, voces que, por razones históricas en la evolución fonética, etimología popular, préstamos, desfiguraciones fónicas, desplazamiento semántico (metáfora…) etc. resultan homónimas de nombres sustantivos que designan individuos del reino animal auténticos, …*

[8] Por este motivo elixíronse o *oso*, a *curuxa*/o *moucho*, o *lobo* e a *cóbrega/serpe/víbora*. Trátase dalgúns dos animais analizados na obra de Dobrovol'skij e Piirainen (1997).

[9] *Eule* en alemán leva a *lechuza* e *mochuelo* en español.

[10] *Schlange* tamén se pode traducir ao español con varias expresións: *culebra/serpiente/sierpe/víbora*.

Die deutschen Redewendungen im Kontext (1993), *Wörterbuch deutscher sprichwörtlicher und phraseologischer Vergleiche. Teil 1* (2008).

A parte española componse de 184 fraseoloxismos e estes á súa vez foron compilados a partir das seguintes obras: *Das Tier in der spanischen Bildsprache* (1949)[11] e *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (2004).

Unha posible razón respecto ao desequilibrio nos corpus das linguas respectivas pode ser que en alemán haxa unha maior dispoñibilidade de obras fraseolóxicas ca na española. Isto á súa vez pode deberse a que a fraseoloxía alemá xa se puxese en marcha nos anos 70, mentres que a española comezou aínda na década dos 80[12].

4. Símbolos, lingua e cultura

Os símbolos desempeñan un papel moi importante nos contos e nas fábulas, na arte e na literatura e, sobre todo, en sistemas de coñecemento culturais. Segundo Dobrovol'skij e Piirainen (1997:13) son moi importantes na lingua e na fraseoloxía, isto é, nun dos subsistemas de tales sistemas de coñecemento. Estes autores conciben o símbolo como un elemento dun sistema de signos primario, por exemplo, unha palabra dunha lingua natural que na súa lectura literal sinala un determinado obxecto. Estes elementos obteñen, como unidades semióticas, unha función secundaria, é dicir, simbólica, pasando a designar outros obxectos por medio dunha asociación condicionada culturalmente (Dobrovol'skij; Piirainen 1997:13). En fraseoloxía pódese falar de símbolos cando unha palabra é utilizada en sentido secundario, ou sexa figurado, estando relacionada con determinados sistemas de coñecemento culturais (Schauer-Trampusch 2002:60).

Para a análise de, por exemplo, conceptos animais que se poden interpretar como símbolos lingüísticos é imprescindible illar en primeiro lugar estes conceptos da unidade fraseolóxica. Un exemplo moi apropiado, que serve como proba, é a *curuxa*/o *moucho*, que nas culturas das linguas analizadas por Dobrovol'skij e Piirainen é un símbolo da sabedoría e do intelecto, pero que independentemente disto, nos fraseoloxismos pode simbolizar xustamente o contrario: a estupidez ou algo malo e feo (Dobrovol'skij; Piirainen 1997:70 e ss.).

---

[11] Aínda que esta obra non sexa un dicionario, hai que dicir que actúa como tal, posto que o autor fixo unha lista de fraseoloxismos españois con nomes de animais e comentounos en alemán mediante as súas observacións dos españois e da lingua española. A pesar de tratarse dunha obra moi antiga hai que dicir que moitos dos fraseoloxismos non son arcaicos e que se seguen utilizando na actualidade.

[12] Cabe lembrar que en Alemaña empezou a prestarse atención á fraseoloxía nos anos 60 e 70. A primeira exposición conxunta sobre a fraseoloxía alemá é obra da investigadora soviética I. Černyševa, que viu a luz en 1970. A partir deste momento é cando empeza a investigación na fraseoloxía alemá, xa que é aquí cando se determinan e clasifican os fraseoloxismos. Wolfgang Fleischer, Harald Burger e outros contribuíron ao seu desenvolvemento cos seus traballos de 1982. Respecto da fraseoloxía española, esta xorde bastante máis tarde; Casares xa fixo unha clasificación dos fraseoloxismos na terceira parte da súa obra de 1950 *Introducción a la lexicografía moderna*, que foi decisiva tanto para a fraseoloxía como para a lingüística en xeral. Con todo, a fraseoloxía púxose en marcha con Alberto Zuluaga, xa que o seu libro *Introducción al estudio de las expresiones fijas* do ano 1980 é a primeira obra completa que se dedica á fraseoloxía española. Publicacións científicas de distintos investigadores como, por exemplo, Corpas Pastor ou Ruiz Gurillo non viron a luz ata os anos 90.

5. Obxectivos da análise

Un dos obxectivos é a elaboración dun corpus alemán-español, que estea organizado segundo o valor simbólico e outro, a compilación dunha ferramenta didáctica para a fraseoloxía de ambos os dous idiomas; con esta preténdese que os posibles usuarios entendan o maior número posible de fraseoloxismos e saiban facer uso deles correctamente. Demostraranse as vantaxes dunha organización segundo o valor simbólico dos compoñentes fraseolóxicos e segundo un principio de ordenación onomasiolóxico. A tal fin seguiuse un procedemento indutivo, é dicir, primeiro elaborouse o corpus e despois tratouse cada exemplo de forma individual. Para iso apoiámonos no concepto de Saussure sobre o *símbolo*[13], que está moi ligado ao principio de ordenación onomasiolóxico.

A dita ordenación permite:

1. Atopar unha unidade que parte dun significado semántico ou conceptual, un *concepto clave*.

2. Dar con outras unidades cun significado similar ou mesmo (case)- sinónimo.

3. Que os posibles usuarios establezan tanto relacións sintagmáticas (combinacións, colocacións, expresións fixas) como paradigmáticas (sinonimia, antonimia, polisemia etc.) (Mansilla Pérez 2009:1118).

4. Así mesmo, levar a cabo unha análise contrastiva das características lingüísticas, pragmáticas e sociolingüísticas dentro do mesmo campo.

6. Dificultades

Naturalmente tamén nos atopamos con dificultades. Estas son enumeradas a continuación:

1. Non sempre é fácil situar un fraseoloxismo dentro dun campo conceptual. Cando aparecen fraseoloxismos con varios significados, estes teñen que ser colocados en distintos campos.

Isto sucede co seguinte fraseoloxismo que presenta dous significados:

esp. cantar el gallo

A) "dominio/centro de atención" (segundo Beinhauer 1949:85: 'tonangebend sein, die erste Geige spielend, der beherrschende Teil sein', o que significa en español algo parecido a 'llevar la voz cantante, ser la parte dominante').

B) "levantarse pronto" (segundo Seco et alii (2005:485): 'llegar el amanecer')

2. Nun campo poden aparecer unidades que a primeira vista parecen ter un significado idéntico, pero que poden distinguirse. Ás veces esta distinción pode ser mínima.

[13] Para Ferdinand de Saussure o *símbolo* é un portador de significado, no que aínda existe unha relación de similitude entre a forma do signo e o que expresa, é dicir, no que aínda hai unha *relación natural* (Glück 1993:621 e ss.).

"falta de educación/insensibilidad": esp. *ser un animal* (segundo Beinhauer 1949, 12: 'unmenschlich, grob und rücksichtslos sein', esp. 'ser inhumano, bruto y desconsiderado'); esp. *bestia de carga* (segundo Beinhauer 1949:12: 'brutaler Mensch', esp. 'persona bruta')

3. Para que a lista dos campos non sexa interminable, subdivídese, por exemplo, o campo da 'intensificación'.

OSO 'intensificación'

sudor: alem. schwitzen wie ein Bär/die Bären (esp. sudar como un oso/los osos)

fealdad: esp. más feo que un oso/como un oso

4. Un animal en alemán pode ter varios equivalentes en español e tamén viceversa.

alem. schlange ➔ esp. serpiente, sierpe, víbora e culebra

esp. gallina ➔ alem. Huhn e Henne

5. Un acordo unánime respecto da clasificación das unidades é imposible. A razón é segundo Mellado Branco e Buján Otero (2007:507) que *eine Anordnung ist nicht immer sprachgemeinspezifisch, sondern eher menschspezifisch*[14].

7. Resultados da análise contrastiva

A modo de conclusión pódese dicir que todos os elementos analizados nas dúas linguas teñen en común varios compoñentes semánticos. Só unha minoría de animais, concretamente dous, isto é, a *abella* e a *curuxa*/o *moucho* comparten un só compoñente e que os lexemas *can* e *animal* comparten o maior número de paralelismos. Aquí ademais chama a atención que tanto en alemán como en español se expresan trazos negativos e que os positivos son moi escasos.

Os factores que inflúen na concordancia dos valores simbólicos son debidos a que ambos os idiomas comparten a mesma base sociocultural (a antigüidade [a mitoloxía grega, as fábulas de Esopo], o cristianismo ou a literatura universal). Os factores responsables das discrepancias entre os valores simbólicos, en cambio, son as tradicións específicas de cada país, as anécdotas, a historia do país, os costumes específicos, o folclore ou no caso de España, a tradición taurina.

O cristianismo, por exemplo, reflíctese co fraseoloxismo *ave fénix*, posto que este simboliza a 'perseveranza' en ambos os dous idiomas.

el ave fénix (der Phoenix)

alem. *wie (ein) Phoenix aus der Asche (auf)steigen*

esp. remontar/renacer de las cenizas como el Ave Fénix

[14] *Unha agrupación non é sempre específica da comunidade lingüística, senón máis ben específica do ser humano.*

ALEMÁN	ESPAÑOL
'perseverancia'	'perseverancia'

Co exemplo do *oso* vense as diferenzas culturais.

ALEMÁN	ESPAÑOL
'mentira[15]	
'buen humor'[16]	
'torpeza/grosería'	'torpeza/grosería'
'estupidez'	'estupidez'
'intensificación'	'intensificación'

Aínda que en xeral se comprobou que os conceptos de animais nos fraseoloxismos representan tanto significados simbólicos positivos coma negativos, observouse que se impoñen as características negativas. Segundo Schauer-Trampusch (2001:73) confírmase *die in der Phraseologie immer wieder hervor gehobene Tendenz, dass mit phraseologischen Einheiten "vorwiegend negative menschliche Verhaltensweisen* (Palm 1995:36) *bezeichnet werden*[17]. Isto ponse de manifesto mediante características como a 'manía de disputar', o 'mal humor' etc.

Así mesmo observouse que, ás veces, na análise contrastiva atopámonos con *equivalentes funcionais*, é dicir, encóntrase un fraseoloxismo español que se utiliza na mesma situación comunicativa na que tamén se usa o alemán, a pesar de que se empreguen imaxes diferentes: por exemplo, alem. *ein hohes Tier* (literalmente *animal alto*) e esp. *pez gordo*, para referirse a alguén cun alto cargo (Jesenšek 2006).

Mediante esta análise tamén se pode demostrar que no que a un único concepto se refire, os significados simbólicos poden coincidir de maneira sincrética, é dicir, que en certo xeito poden aparecer mesturados. Este é o caso, por exemplo, de *cóbrega/serpe/víbora*, xa que aquí a 'perfidia' e o 'perigo' no son nada fáciles de separar, de maneira que os dous símbolos teñen que aparecer xuntos (Dobrovol'skij; Piirainen 1997:430).

culebra/serpiente/sierpe/víbora = 'perfidia/peligro'

[15] En alemán existen os fraseoloxismos *jmdm. einen Bären aufbinden* (esp. *atarle un oso a alguien*) e *sich einen Bären aufbinden lassen* (esp. *dejarse atar un oso*). Nos dous fraseoloxismos o *oso* encarna 'a mentira', xa que significan 'contarlle algo incerto a alguén de tal maneira que o cre' (*Duden 11* 2008:94).

[16] En alemán existen os fraseoloxismos *da ist der Bär los/geht der Bär ab* (esp. *ahí se divierte el oso*) e *da steppt der Bär* (esp. *ahí baila el oso*). Ambos os dous significan que hai bo ambiente e o *oso* encarna 'o bo humor'. Estas expresións probablemente se refiren aos osos nas feiras ou tamén aos osos que actúan no circo (*Duden 11* 2008:94).

[17] "Na fraseoloxía existe a tendencia destacada de que con unidades fraseolóxicas se denotan principalmente formas de comportamento humanas negativas".

alem. *beißen wie eine Schlange* (esp. *morder como una serpiente*); *tückisch wie eine Schlange sein* (esp. *ser traicionera como una serpiente*).

Un símbolo, ademais, pode mostrar significados moi dispares, posto que os significados simbólicos dun mesmo concepto non son sempre similares. Ás veces poden diferenciarse moito uns doutros e mesmo contradicirse. Isto pódese ver claramente no caso da *pulga* que, por unha banda, simboliza "algo positivo", como en alemán *jemand ist voller Freude wie ein Hund voll Flöhe* (esp. *alguien está lleno de alegría como un perro lleno de pulgas*), que significa que alguén se alegra moito de algo, pero que, por outra banda, tamén simboliza todo o contrario, "algo negativo", como en alemán *jemand ist schwieriger zu hüten als ein Sack (voll) Flöhe* (esp. *alguien es más difícil de cuidar que un saco (lleno) de pulgas*), empregado para indicar que é moi complicado coidar, por exemplo, dun neno traveso.

Un significado simbólico tamén pode ser representado por varios signos lingüísticos ou conceptos. Este é o caso da 'estupidez' que en español e alemán é realizada a través da *galiña* e o *oso*. En alemán dise, por exemplo, *Da lachen ja [sogar] die Hühner*[18] (esp. *incluso las gallinas se ríen*) e tamén *drei Sinne haben wie ein Bär* (esp. *tener tres sentidos como un oso*).

Chama sobre todo a atención que as características dos conceptos de animais na cultura poden aparecer de maneira completamente distinta na lingua, de modo que, como afirman Dobrovol'ski e Piirainen (1997:442), pódese dar o caso de que as *Kultursymbolik und Sprachsymbolik völlig getrennt voneinander, sogar in antonymischen Verhältnis zueinander existieren können*[19]. Isto vese claramente no caso do *elefante*, no que ningún símbolo lingüístico coincide cun símbolo cultural e viceversa.

No seu *Diccionario de símbolos*, Cirlot (1997:185) xa menciona desde o principio que o simbolismo deste animal ten certa complexidade, pero que en xeral o *elefante* é un símbolo da forza e da potencia da libido: *Es muy interesante que, por su forma redondeada y su color gris blanquecino, se consideren símbolo de la nubes* (Cirlot 1997:186). Por esta razón crese que os elefantes poden producir nubes e que tamén existen elefantes con ás. Na Idade Media usábase o elefante como emblema da sabedoría, da temperanza, da eternidade e mesmo da piedade (Cirlot 1997:186). Ningún destes símbolos aparece nos fraseoloxismos analizados, posto que aquí, tanto en alemán coma en español, o *elefante* encarna os seguintes símbolos: a 'torpeza', a 'boa memoria', a 'insensibilidade', a 'gordura' e 'algo grande'. En alemán tamén simboliza a 'presunción'.

O *elefante* como símbolo nos fraseoloxismos:

[18] A expresión parte de que as *galiñas* son consideradas parvas. Se estas se decatan de algo e se rin, é porque a cousa en cuestión é moi absurda (*Duden 11* 2008:381).

[19] "A simboloxía cultural e a simboloxía lingüística poden aparecer totalmente separadas, mesmo poden existir nunha relación antonímica".

'torpeza'

alem. **-** *[sich benehmen] wie ein Elefant im Porzellanladen* (esp. - *comportarse como un elefante en una cacharrería*)

'boa memoria'

alem. - *ein Gedächtnis wie ein [indischer] Elefant haben/das Gedächtnis eines Elefanten haben/(ein (richtiges/(...)) Elefantengedächtnis haben*

esp. - *tener memoria de elefante*

'insensibilidade'

alem. - *ein Gemüt haben wie ein Elefant/dickhäutig wie ein Elefant sein (esp. tener el corazón como un elefante/ser paquidermo como un elefante)*

esp. - *dormirse de pie como los elefantes*

'gordura'

alem. - *gehen wie ein Elefant (esp. andar como un elefante)*

- *plump wie ein Elefant (esp. pesado como un elefante)*

esp. - *parecer un elefante*

'algo grande'

alem.**-** *aus einer Mücke einen Elefanten machen;* esp. * - *hacer de una pulga/un mosquito un elefante*[20]

alem. - *nachtragend wie ein [indischer] Elefant sein* (esp. *ser rencoroso como un elefante [indio]*)

esp. - *no digerirlo un elefante*

'presunción'

alem. - *angeben wie ein Elefant* (esp. "presumir como un elefante")

8. Referencias bibliográficas:

8.1. Dicionarios

CIRLOT LAPORTA, Juan Eduardo (1997[2]): *Diccionario de símbolos*. Madrid: Ediciones Siruela.

[20] A pesar de atopar este fraseoloxismo español, que fronte ao alemán, presenta unha equivalencia exacta, hai que mencionar que *hacer una montaña de un grano de arena* o *hacer de una pulga un camello*, utlizados no mesmo sentido, son máis frecuentes en español. Chama a atención que non se usa a mesma imaxe, pero si a mesma idea: "de algo pequeño" (alem. *Mücke* [esp. 'mosquito'], esp. *grano de arena/pulga*) faise "algo grande" (alem. *Elefant* [esp. 'elefante'], esp. *montaña/camello*).

DUDENREDAKTION (ed.) (2008[3]): *Duden 11 - Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik*. Mannheim: Dudenverlag.

SCHEMANN, Hans (1993): *Deutsche Idiomatik – Die deutschen Redewendungen im Kontext*. Stuttgart: Klett.

SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.

WALTER, Harry (2008): *Wörterbuch deutscher sprichwörtlicher und phraseologischer Vergleiche. Teil 1*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.

8.2. Bibliografía secundaria

BEINHAUER, Werner (1949): *Das Tier in der spanischen Bildsprache*. Hamburg: Hanseatischer Gildenverlag Heitmann. (Hamburger Romanistische Studien, B: Iberoamerikanische Reihe, 20).

BRUMME, Jenny (2006): "Las expresiones fijas con animales. El valor simbólico a través de las lenguas", en *7è Congrés de Lingüística General*. Barcelona: Departament de Lingüística General, Universitat de Barcelona, Publicacions i edicions, UB, 1-19.

CAZAL, Françoise (1997): "Gatos y gatas en el *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* de Gonzalo de Correas (1627)", en *Criticón 70*, 33-52 (http://cvc.cervantes.es/literatura/criticon/PDF/071/071_035.pdf) [Data de consulta 26/05/2010].

CHRISSOU, Marios (2001): *Deutsche und neugriechische Phraseologismen mit animalistischer Lexik. Eine kontrastive Analyse auf der Wörterbuch- und der Textebene* (http://www.elise.uni-essen.de/elise/elise_01_01/elise_01_07_01.pdf) [Data de consulta: 12/05/2010].

ČINKURE, Inese (2005): *Eine kontrastive Analyse von Tierphraseologismen im Deutschen und Lettischen* (http://www.ceeol.com) [Data de consulta: 16/05/2009].

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN; Elisabeth (1997): *Symbole in Sprache und Kultur. Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Sicht*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer.

GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): "Los animales verdaderos y falsos de la fraseología", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 69-79.

GLÜCK, Helmut (1993): *Metzler Lexikon Sprache*. Stuttgart: Metzler.

IGNATOVA, Elena (2008): "Die Phraseologismen mit dem Tierkomponent als Darstellung des Menschen". (http://www.slavica.org/journals/index.php/als/article/view/170) [Data de consulta: 22/05/2010]

JESENŠEK, Vida (2006): "Phraseologie und Fremdsprachenlernen. Zur Problematik einer angemessenen phraseodidaktischen Umsetzung" (http://www.linguistik-online.de/27_06/jerensek.html) [Data de consulta: 18/05/2010]

KORHONEN, Jarmo (2007): "Probleme der kontrastiven Phraseologie", en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij; KUHN, Peter (eds.): *Phraseologie: ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung / Phraseology: an international handbook of contemporary research*. Berlin: Walter der Gruyter, 575-589.

LUQUE DURÁN, Juan de Dios; MANJÓN POZAS, Francisco José (2004): *Claves culturales del diseño de las lenguas: Fundamentos de tipología lingüística*. (http://elies.rediris.es/elies16/Claves.html) [Data de consulta: 20/05/2010].

MANSILLA PÉREZ, Ana (2009): "Las entradas léxicas en un corpus onomasiológico español-alemán", en CANTOS GÓMEZ, Pascual; SÁNCHEZ PÉREZ, Aquilino (eds.): *Actas del Congreso de Panorama de investigaciones basadas en corpus*. Murcia: Asociación Española de Lingüística del Corpus, 1115-1129.

MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN OTERO, Patricia (2007): "Die festen Vergleiche im Deutschen, Spanischen und Galicischen unter einem lexikografischen Gesichtspunkt", en KRŽIŠNIK, Erika; EISMANN, Wolfgang (eds.): *Phraseologie in der Sprachwissenschaft und anderen Disziplinen*. Ljubljana: Univerza v Ljubljani, 501-516.

NAZARÉNKO, Lilia; IÑESTA MENA, Eva María (1998): "Zoomorfismos fraseológicos", en LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Léxico y Fraseología*. Granada: Método Ediciones, 101-110.

PAMIES BERTRÁN, Antonio; IÑESTA MENA; Eva María; CARLOS LOZANO, Wenceslao (1998): "El perro y el color negro, o el componente valorativo en los fraseologismos", en LUQUE DURÁN, Juan de Dios; PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Léxico y Fraseología*. Granada: Método Ediciones, 71-86.

PIÑEL LÓPEZ, Rosa María (1997): "El mundo animal en las expresiones alemanas y españolas y sus connotaciones socioculturales", en *Revista de Filología Alemana* 5, 259-274.

(1999): "El animal en el refrán, reflejo de una cultura. Estudio contrastivo alemán-español", en *Paremia* 8, 411-416.

RÖHRICH, Lutz (1992): *Das große Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Freiburg: Herder. 3 Bd.

SCHAUER-TRAMPUSCH, Tatjana (2002): "Klein, aber oho! Symbole und Metaphern in der slowenischen Tierphraseologie am Beispiel der Konzepte AMEISE, BIENE, WESPE und FLIEGE", en PIIRAINEN, Elisabeth; PIIRAINEN, Ilpo Tapani (eds.): *Phraseologie in Raum und Zeit*. Münster: Baltmannsweiler, 57-75.

SCHEMANN, Hans (1991[2]): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Stuttgart: Ernst Klett Verlag.

Referencias electrónicas

http://www.rae.es/rae.html [Data de consulta: 27/05/2010]

Recadádivas

Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)

Anxo González Guerra[1]

I.E.S. Sánchez Cantón. Pontevedra

Recadádiva fraseolóxica e paremiolóxica realizada espontaneamente na primeira década do século XXI por unha muller rural de 75 anos de Carballedo (Lugo). Resulta unha radiografía tanto do efecto actual do contacto de linguas (galego-castelán) coma do volume e calidade da súa memoria activa fraseolóxica e paremiolóxica. Aínda que os datos resultantes son dunha persoa concreta, probablemente son representativos do que podería facer hoxe calquera outra persoa de idade e entorno semellante ao dela.

Palabras clave: fraseoloxía, fraseoloxía galega, paremioloxía galega.

Phraseological and paroemiological compilation spontaneously created in the first decade of the 21st century by a 75-year-old rural woman from Carballedo, Lugo, Spain. It is like a radiography of the present effect of the contact between languages (Galician-Spanish) and also of the volume and quality of her phraseological and paroemiological active memory. Although this information is the result of a particular person, it is probably representative of what anybody else of the same age and environment could do nowadays.

Key words: phraseology, Galician phraseology, Galician paroemiology.

1. A informante: caracterización lingüística e interese fraseolóxico

Pilar Guerra Otero naceu no Barrio de Puga (Carballedo, Lugo) o 2.5.1935. En 1952 casou e pasou a residir ata hoxe (2010) en Trasar de Carballo, no mesmo concello, a menos dunha hora de camiño a pé.

A riqueza fraseolóxica da súa fala e a súa natural curiosidade levárona a reparar con intensidade nos primores fraseolóxicos da súa lingua galega. Animada por algunhas

Data de recepción 01/03/2010 Data de aceptación 03/11/2010

[1] O autor agradece ós correctores anónimos e a Xesús Ferro Ruibal numerosas observacións que lle permitiron mellorar este traballo.

persoas próximas empezou a anotar os ditos (locucións, fórmulas e refráns) que lle ían vindo á boca segundo as máis diversas situacións e, sobre todo, nas horas mortas de alindar o gando. E así nos primeiros anos do século XXI traía canda ela sempre un caderniño e un bolígrafo e, cando tiña vagar, gardando as vacas ou facendo outros labores do campo, anotaba as frases para non esquecelas.

Con aquelas folliñas de letra picuda fun eu facendo a mediados desta década un listado para logo consultar con ela un a un o significado de cada entrada e así mellorar a fraseoloxía. O resultado está publicado na rede (www.ogalego.eu). No outono de 2010, convidado a participar en Cadernos de Fraseoloxía Galega, deille a aquela recadádiva unha estrutura algo máis lexicográfica e volvínlle consultar a pronuncia e o significado. Houbo pequenos cambios e algunhas entradas novas.

Permítaseme chamar a atención sobre a riqueza léxica de Pilar Guerra que é consciente de utiliza palabras pouco frecuentes e -engado eu- que nalgúns casos nin aparecen nos dicionarios. Ela anotounas porque as consideraba fraseolóxicas pero elimínoas desta recadádiva por seren simple léxico: *acongrear* [a alguén] (facer algo para que [alguén] non poida vender legalmente o seu); *allanarse* (chegar [dúas persoas] a un acordo [nun preito]: *non se allanan*); *augallar* (gustarlle [a alguén] botarlle auga leite, ao viño, ao caldo); *bailanacriba* (persoa informal, inconstante: *é un bailanacriba*); *cágado* (larva dos anfibios da orde dos anuros); *ceba* (porcos de cría); *chapón* (persoa que está coa boca aberta escoitando o que se di); *cinestro* (teima [por algo], cisma: *ten cinestro*); *delamber* (395) (lamber); *enxamear* (dar moitas voltas, non parar); *falsario* (persoa na que un non pode fiar); *fato* (pequeno de estatura ou curto de entendemento); *garampallos* (restos de leña sen moito valor: *coller garampallos* é coller trapalladas); *guicho* (persoa moi fina, moi aguda e lista: *é moi guicho*); *gulumión* (persoa que non saber conterse na comida, que come demasiado do que gusta); *larafuzas* (1. persoa moi porca; 2. home moi amigo de andar con mulleres); *nobeleiro* (mentireiro, xurdir cousas [2]); *taludo* (maniático e de ideas fixas: *é moi taludo; é malo de entrar*); *sularmeira* (que ten moito conto, labieira); *tarougos* (anacos moi gordos de pan que se botan ao leite, caldo, etc: *cortar o pan en tarougos*); *tenente* (xordo: *está un pouco *teniente*: "está un pouco xordo").

No mapa dialectal de Galicia, o galego de Pilar Guerra está claramente dentro do bloque central, como indica o sufixo *–ao /-au*: *temperao* (448), *grao* (448,449) pero tamén *chau* (376); *maus* (189), *maus* (33, 143, 152, 238, 363), *marrau* (15); plural en *–ós /-ás / -és*: *capós* (515), *aguillós* (387); *pas* (192), *cas* (25, 457, 482) e *campás* (520), *mañás* (474); *bés* (385) por *bens*); a forma *bon / boa* do adxectivo (*bon pagador, bon bico* (74, 146, 394)). É tamén característica a palabra *mai* (13, 99, 133). E tamén ten trazas da área Lucu-Auriense: *il* (134,171), *iles* (51,243); *iste* (216), *niste* (491); e *eiquí* (197); pero con esa curiosidade de fronteira dialectal de dicir *alí* (400), *eso* (205), *esto* (206) e non *iso*, *isto*.

[2] *Nobeleiro* de nobelo "bolo de fío de la". Nótese tamén que para Pilar Guerra o verbo *xurdir* é transitivo co significado de "inventar"; probable variante local de *urdir*.

Unha recadádiva non é un dicionario normativo, senón un tesouro previo e independente; por esa razón procuro non esvaer nin falsear a color local que aflora nos fraseoloxismos e paremias de Pilar Guerra. Ademais hai casos nos que as variantes dialectais son importantes: no refrán *Na casa do carpinteiro, sentarse no chau; e na do ferreiro*, **cuchilo de pau* (376) a variante dialectal consegue rima consonante (*chau ~ pau*), mentres que a forma normativa só a conseguiría asonante (*chan ~ pau*); e isto podería indicar que esta é a zona orixinal do refrán.

Vexamos, logo, algunhas peculiaridades fonéticas do vocalismo: *custureira* por *costureira* (157,318); *trasfugueiro* (44) por *trasfogueiro*; *fuciños* (327) por *fociños*; *Useira* (490) por *Oseira*; *zarralleiro* (245) por *cerralleiro*; *ceu* (313) por *ceo*; *boutizaron* (234) por *bautizaron* e *fruto* (402) por *froito*. Tamén as hai no consonantismo onde fai metáteses como *frebeiriña* (485) por *febreiriña* aínda que despois di sempre *febreiro*; e mantén *defeuto* (198), forma moi común antes que hoxe non é normativa. Das variantes que a norma admite usa *verlo* (147) (var. de *vélaro*) e *faltriqueira* (112) (var. de *faldriqueira*).

Nas peculiaridades morfolóxicas, ademais das xa vistas, destaco, nos pronomes, *unhos* (457) fronte ao normativo *uns*. Na morfoloxía verbal *tran* (498) por *traen*; *día* e *dían* (199, 200, 201, 306, 311) por *dea* e *dean*; *sirve* (292) por *serve*; *usma* (453) por *osma*; **sepan* (390) por *saiban*; **anduvo* (178) por *andou*; *tuvera* por *tivera* (403). Nas preposicións predomina a forma *sin* (318, 370, 385, 428, 464, 481, 486, 504) por *sen*; *con* que contrae en *cas* (253) pero *coas* (34, 117); e *pra* coas súas contraccións *pró* (302, 308, 471, 508), *prós* (146,474), *prá* (319) e *prás* (80, 355) (*Prós curas e prós cas nunca faltan boas mañás*), aínda que algunha vez usa *pa* (120, 166, 208, 470). Nos adverbios *eiquí* (197) pero *alí* (400); *dispois* (484), non *despois*; *mentras* (245, 271, 346, 368-9) e non *mentres*.

Peculiaridades do xénero son *o calor* (128) por *a calor*. Hai un caso (377) no que a rima forza o xénero feminino nunha palabra que adoita ser masculina (*nacho* > *nacha* (377): en *Nariz *nacha, boa rapaza*). Curiosa é a variante sufixal *cheirumio* (275) que é menos usual ca *cheirume*.

En canto ao léxico, mantén aparentemente diferenzas entre *taza* (289) e *cunca* (54), *bico* (74) e *pico* (85, 265, 295). Curiosa é a variante popular da estricnina (*esternina*) (23).

Nalgunhas unidades aparecen castelanismos que non sempre deberían indicar que é importado o fraseoloxismo enteiro senón só unha palabra: así cando aparece **Dios* por *Deus*, **adiós* por *adeus* (179), **gobierno* (92) por *goberno*; **gallego* por *galego* (403); **escribano* (235) por *escribán*; **maestra* (4) por *mestra*; **libreta* por *caderno* (213); **viuda* por *viúva* (273); **alparagata* (164); **deuda* (197) por *débeda*; **palacio* (447)

por *pazo* ou *pacio* [3]; **güesped* (495) por *hóspede*; **abuelo* (309) por *avó*; **niebla* por *néboa* (308); **nublado* por *nubrado* (283); **sopla* por *sopra* (432); *doblados* por *dobrados* (343); **hermosura* por *fermosura* (317); **arregleime* (345) por *arranxeime*; **largo* (244) por *longo*. A reintegración da lingua galega á vida pública e formal nos últimos trinta anos fai que eses usos empecen a ser hoxe estridentes. Caso semellante é o de *Pra o pan engraiar, ten que o cabalo *temblar* (472), onde non é posible restituír *tremer* por *temblar* pero ese *engraiar* non é imaxinable no castelán falado en Galicia. Noutros casos o ritmo esixe algunhas formas que hoxe non son normativas en galego (*testigo* por *testemuña*) (450) pero o propio ritmo esixe a palabra galega *demo* e exclúe a castelá *demonio* (*Os rapaces son fillos de *Dios e *testigos do demo*) (459) co que o refrán sería orixinariamente galego. Nalgún outro caso debe de ser realización ocasional como cando di **corcho* (212), para referirse ao tapón con que se cerra o barril cun anaco de cortiza envolto nun pano, sendo que ela rexistra *face-las rollas* (72).

Pero as interferencias léxicas poderían indicar importación e posterior aclimatación lingüística do fraseoloxismo ou da paremia enteira, maiormente cando a rima impide normalizar o xénero (*nacha* > *nacho*: en *Nariz *nacha, boa rapaza*) (377) ou depurar o léxico e, por iso non cambio *mercader* por *mercador* (no refrán *A pataca e a muller, ao primeiro mercader*) (274); non cambio *olvidar* por *esquecer* (*A raíz do toxo verde é moi mala de arrincar e os amores primeiros son malos de olvidar* (279); nin cambio *mortaxa* por *mortalla* (en *Casamento e mortaxa, do ceu baixa*) (313); nin cambio *peña* por *pena* (en *A sombra, a da *peña; i-o abrigo, o da leña*) (281); nin cambio *testigo* por *testemuña* (en *... o amigo é mañá *testigo* (450); nin cambio *Dios* en *Deus* na rima *Dios* con *dous* (463). Á mesma conclusión poden levar outras formas coma o verbo *casarse* (pronominal) fronte ao normativo *casar*: *Non <u>te cases</u> por facenda que son bes sen fortuna, cásate con boa xente: a mala sempre dura. Non <u>te cases</u> cun *viúdo por moitos cartos que teña, porque sempre che dirá 'Mullerciña, a primeira'* (384,385).

Poucos casos coma *a cárcel* (375), *herencia* (375), *bofetada* (514), *donde* (58), *cuchilo* (376) ou *güesped* (495) (*Na cárcel e na sepultura todos temos unha *herencia. Na casa do carpinteiro sentarse no chau e na do ferreiro *cuchilo de pau. Vale máis unha *bofetada a tempo ca un anaco de pan*). As poucas diverxencias coa norma corresponden case sempre a formas que a norma galega revisou aínda en tempos máis ou menos recentes: *mentras* (245, 271, 346, 368-9), *sin* (318, 370, 385, 428, 464, 481, 486, 504), *según* (329), *santidá* (331), *mitá* (331), *Dios* (199, 200, 201, 209, 252, 329, 459, 463) *adiós*. É sorprendente constatar que en tempos recentes o uso fixo entrar todas estas interferencias nun proceso social de depuración.

Diferente é o caso de palabras que o uso e a norma actual prefiren (*chanzo* ou *banzo* a *escalón* (324); e *veleno* a *veneno* (351)), pero que teñen unha boa base etimolóxica que non lles tira galeguidade. Só nun caso a forma dialectal impide a rima: *O que queira do*

[3] A castelanización dalgún elemento léxico é máis frecuente, como se ve, en palabras do mundo político (**gallego*) e do mundo relixioso (**Dios, san *Juan*) e explicables porque dende os inicios do século XVI ata o último terzo do século XX o galego non tivo acceso nin á actividade oficial (política, notarial, xudicial) nin á litúrxica.

porco o entrecostre que o faga no mes de agosto. Neste caso viría mellor a forma normativa *entrecosto*.

En calquera caso, aquí e alí aparecen variantes importantes como *verlo,* metátese do normativo *vélaro* (do latín *vellus, velleris*); ou *cerno* (69) fronte ó maioritario *cerna*; ou *ventaxe*, que xa se documenta no XVII (*O que vai adiante sempre leva ventaxe*) (442). E tamén variantes sintácticas como esta completiva de infinitivo introducida por preposición *pra*: *De caste lle vén ao can pra non ser coelleiro* (196). Ou o réxime tradicional galego do verbo *fiar* que esixe preposición *en*: *Fíate en *Dios e non corras*.

Pero todas estas minucias de carácter filolóxico, necesarias nunha edición, non xustificarían o interese fraseolóxico. O que o xustifica, porque chama a atención, é a riqueza metafórica ou imáxica da expresión dunha única muller (Pilar Guerra), porque é un índice do que sería o corpus total dunha lingua se se fixese unha experiencia semellante con tódolos falantes. Xa de entrada sorprende que ela mesma dea colocacións diferentes no lema (a tradicional) e na definición (a moderna): *traer o pelo á gremensa* (Levar o pelo rizado) (168). Sorprende, ademais, que algunhas das unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas desta recadádiva, que un falante común recoñece como galegas na estrutura, no estilo e no uso (ou, polo menos, como verosímiles no uso), ou non están entre as que se levan citado ata o momento como de máis alto índice de frecuencia na paremioloxía galega [4], ou son variantes ata agora non rexistradas e que, por parte, conteñen un elemento cultural exclusivo deste pobo galego, como é o que di *O que non ten cruz ten cruceiro* (430) [(Todos temos moitos traballos na vida e o que non os ten pequenos tenos grandes, porque é máis grande o cruceiro cá cruz)] e que fai referencia a un elemento moi caracterizador da paisaxe galega. Hai tamén numerosas fórmulas que aínda non se rexistraran, coma esta tan simple: *O que teña apuro, que vaia andando!* (230) ou a vella fórmula de saúdo en Trasar: *Veña con *Dios! -Que quedemos co mesmo santo!* (252) e que ofrece, na resposta do interlocutor, un leve matiz de humor porque Deus é máis ca un santo calquera. Ofrece ademais Pilar Guerra variantes amplificadas, nunca antes rexistradas, que lle dan unha semántica nova a un fraseoloxismo ben coñecido: *comer coma un cura* é ben coñecido co significado de "comer moito", valor que nos fala de abundancia; pero Pilar Guerra di *comer calado coma os curas* (52) e iso non exclúe a abundancia pero pon o acento no silencio e remite ás comidas monásticas escoitando unha lectura que dura toda a refección ou ao silencio forzoso de quen ten a boca ocupada coa comida. É ben coñecida a locución *comungar con rodas de muíño* ("crer como verdades grandísimas mentiras") pero Pilar Guerra anota *contalas tan grandes coma rodas de muíños*, en plural, ("contar mentiras enormes"), que non estaba antes

[4] Das primeiras 19 do índice de frecuencia publicado por Ferro Ruibal (FERRO 2002:9) non figuran aquí estas 14: *Xente nova e leña verde toda é fume. En maio aínda a vella queima o tallo. En abril, augas mil. Ano de ameixas, ano de queixas. Morra Marta, morra farta. Canta máis présa máis vagar. Na terra dos lobos hai que auvear coma todos. Onde hai patrón non manda mariñeiro. O que non chora non mama. Polo pan baila o can. Non hai atallo sen traballo. Nunca chova como trona. A muller e a sartén na cociña están ben. Despois de san Martiño deixa a auga e bebe o viño.*

rexistrada, e que, como se ve, é complementaria porque non pon a mira no receptor senón no emisor.

Moitas outras veces o interese está na definición - nova, orixinal e máis precisa - coa que o seu innato sentido lingüístico mellora as definicións que deran anteriormente outros fraseológos ou lexicógrafos ou que lle engade por primeira vez explicacións das que antes se carecía. Estaba ben anotado *Bestas en pelo hainas en Monterroso* (81). Monterroso é concello lugués cunha importante feira o 1 de novembro. O ourensán Saco y Arce comentábao así en 1881 dicindo que "Alude groseramente a la facilidad de hallar mujeres sin dote" e outros din que se aplica ao mozo ou moza pobre que non achega nada ao casamento; pero ninguén anotara a motivación que ofrece Pilar Guerra: á feira de Monterroso as bestas ían sen aparello, sen nada. Estaba ben anotado o significado de *ir de mirras prás encollas* (**"**Ir indo para a vellez") pero non a explicación de que no final da vida primeiro o corpo mirra e despois encolle.

Poderían poñerse máis exemplos; pero todo isto é o que xustifica a publicación desta recadádiva nunha revista especializada.

O que aquí se ofrece é, polo tanto, unha recadádiva de fraseoloxía viva, que ten o interese de estar localizada no espazo (Trasar, Carballedo, na provincia de Lugo) e no tempo (primeiro decenio do século XXI). Esta é, polo tanto, unha instantánea fotográfica persoal, si, pero representativa do que é o estado da lingua e da fraseoloxía dunha persoa galega rural de 75 anos en 2010, porque, aínda que os datos resultantes procedan dunha persoa concreta (Pilar Guerra), probablemente son representativos do que podería facer hoxe calquera outra persoa de idade e entorno semellante ao dela. En boa medida, a informante é a autora deste traballo.

2. Recadádiva fraseolóxica

2.1. Abreviaturas e símbolos utilizados:

COL. = coloquial
comp. = expresión comparativa
dial.= dialoxismo
EUF. = eufemismo
fór.= fórmula
HUM. = humorístico
IRÓN. = irónico
loc. *adv*. = locución adverbial
loc. *adx*.= locución adxectiva
loc. *pron*. = locución pronominal
loc. *subst*.= locución substantiva
loc. *v*.= locución verbal
PEX.= pexorativo
ref.= refrán
VULG.= vulgar
# forma como di a frase Pilar Guerra

2.2. Locucións

1. **cara de ferreiro** *loc. subst.* COL. Aspecto de mal xenio, cara de enfado.# ten cara de ferreiro
2. **dentes de rato** *loc. subst.* COL. Dentes pequenos e raros.
3. **entende o que di** *loc. subs.* Persoa que non sabe do que fala.
4. ***maestra de cu colorado** *loc. subst.* COL. Mestra que fai substitucións sen ter a carreira esixida.
5. **o mexarrán de Oleiros** *loc. subs.* COL. PEX. Viño desta parroquia (Carballedo-Lugo), frouxo e con poucos graos.
6. **oído de porco** *loc. subst.* COL. Oído fino e sensible. # ten oído de porco.
7. **ollos de gorrión** *loc. subst.* COL. Ollos pequenos. # ten ollos de gorrión.
8. **pel de sapo** *loc. subst.* COL. Pel como de galiña, asarrabullada. # ten pel de sapo.
9. **porca de maio** *loc. subst.* COL. Quince días de mal tempo que adoita haber no mes de maio.
10. **sabas de tomento** *loc. subst.* Sabas de mala calidade por seren de tomento [o malo que se lle saca ao liño].
11. **o de marras** *loc. pron.* COL. Persoa ou cousa de quen falan outras dúas persoas sen nomeala. [Cando dous están falando dun asunto coñecido por eles, danlle ese nome para que un terceiro -un rapaz- non saiba de que se trata].
12. **acedo coma o rabo dun can** *loc. adx.* COL. Moi acedo. Colócase co verbo *estar*. [Dise dunha comida moi aceda, sobre todo do caldo de nabizas].
13. **bravo coma un teixo** *loc. adx.* COL. Moi bravo, moi forte.# É bravo coma un teixo.
14. **cego como unha toupa** *loc. adx.* COL. Con moi pouca vista ou case cego. # está cego como unha tiopa.
15. **contento como marrau da capa** *loc. adx.* COL. IRÓN. Moi descontento. Colócase co verbo *ir*.
16. **criado coma un porco** *loc. adx.* COL. Malcriado, como se fose un animal. Colócase co verbo *ir* # Ese rapaz vai criado coma un porco.
17. **delgado coma unha espadela** *loc. adx.* Moi fraco [coma a espadela do liño].
18. **feo coma os meus pecados** *loc. adx.* COL. Moi feo.
19. **fino coma a la de gato** *loc. adx.* COL. (persoa) moi aproveitada, moi fina, é dicir, pícara.
20. **grande coma un día *sin pan** *loc. adx.* Inmenso [un día sen comer faise moi longo].
21. **home feito e dereito.** *loc. adx.* Adulto, mociño que acadou suficiente madurez física e psíquica. # Xa deixou de ser rapaz, xa é un un home feito e direito.
22. **máis vello** [algo] **ca andar a pé** *loc. adx.* COL. Moi antigo.
23. **malo coma a esternina** *loc. adx.* COL. Moi malo. Refírese á estricnina.
24. **o que di o que entende e non entende o que di** *loc. adx.* COL. Persoa que non sabe do que fala.
25. **os mismos cas, pero con distintos *collares** *loc. adx.* Persoas de conduta moi semellante aínda que de aparencia diferente. # *Son os mismos cas, pero con distintos *collares*.
26. **pequeno coma un cágado** *loc. adx.* COL. Moi pequeno. O cágado é a larva dos anfibios da orde dos anuros.
27. **rabo aberto / cu aberto** *loc. adx.* COL. persoa) que non pecha as portas ao saír. # é un rabo ~ cu aberto.
28. **tan contento** [alguén] **que non lle cabe un garavanzo no cu** *loc. adx.* COL. HUM. moi contento.# Vai tan contento, que non lle cabe un garavanzo no cu.

29. **tanto como cabe na meniña dos ollos** *loc. adx.* COL. Pouco. *Ha de levar tanto como cabe na meniña dos ollos***.** Espera levar moito [na herdanza], pero pouco ha levar.
30. **zorro vello** *loc. adx.* COL. (persoa) que ten moita experiencia e non se deixar enganar. # É un zorro vello.
31. **alargar os pés máis cá manta** *loc. v.* COL. Facer máis do que logo se pode pagar.
32. **andar algo trousado** *loc. v.* COL. Estarlle empezando a aparecer unha enfermidade [a alguén], non estar moi axudado.
33. **andar ás dúas maus coma a vaca do pobre** *loc. v.* COL. [As vacas estaban acostumadas a andaren xunguidas pola dereita ou pola esquerda, as dos pobres polas dúas].
34. **andar coa cabeza polo aire** *loc. v.* Estar pensando noutra cousa. # andar ca cabeza polo aire.
35. **andar coma un farrapeiro** *loc. v.* COL. Andar mal vestido, remendado [coma os que mercaban farrapos polas portas].
36. **andar con pés de chumbo** *loc. v.* Ir moi amodo. # andar con pés de plomo.
37. **andar da outra maneira** [unha muller] *loc. v.* COL. EUF. Estar embarazada.
38. **andar de arredor coma o can do señor** *loc. v.* COL. Andar dando voltas. # andar darredor coma o can do señor.
39. **andar de refaixo** *fór.* COL. Ser aínda un meniño pequeno.
40. **andar na punta do pé** *loc. v.* COL. Ser moi presumido.
41. **andar tino con tino** *loc. v.* COL. Andar con coidadiño.
42. **andar todo enlarafuzado** *loc. v.* COL. Andar moi porco, cheo de merda.
43. **aniñarse en calquera lado** [unha muller] *loc. v.* COL. IRÓN. Ter amores con calquera home.
44. **arrimarse moito ao trasfugueiro** *loc. v.* COL. Ser persoa moi frienta, ter moito frío sempre.
45. **buscarlle os pés ao gato** *loc. v.* COL. Procurar saber algo, buscar as raíces do asunto.
46. **cantar coma un carro vello** *loc. v.* COL. Cantar moi mal.
47. **cantar coma unha frauta** *loc. v.* Cantar moi ben. # cantar coma unha flauta.
48. **chamarlle as de San Quintín** [a alguén] *loc. v.* COL. Rifar e dicirlle de todo, do peor.
49. **cheirar coma un ovo podre** *loc. v.* COL. Cheirar moi mal.
50. **cheirar coma unha bubela** *loc. v.* COL. Cheirar moi mal [porque esta ave fai o niño con merda de xente].
51. **comer** [alguén] **as castañas, e darlles** [a outros] **os picos** *loc. v.* COL. Comer [alguén] bo, deixar [para os outros] o ruín. # Ela come as castañas, a iles dálles os picos.
52. **comer calado coma os curas** *loc. v.* COL. Non falar mentres se come [os curas primeiro comían e non falaban ata estaren fartos]. É norma non falar mentres se come.
53. **comer coma unha frieira** *loc. v.* COL. Comer moito e ben. # comer coma un sabañón.
54. **comer en cunca de la coma o gato** *loc. v.* COL. Pasar fame por ser moi nugallán. # Se non lle fora ela (a muller), había de comer en cunca de la coma o gato.
55. **contalas tan grandes coma rodas de muíños** [mentiras] *loc.v.* COL. Contar unhas mentiras moi exaxeradas.
56. **coser algo pra fóra** [unha muller] *loc. v.* COL. IRÓN. Ter amores con varios homes.
57. **dar o punto** [o mestre ou mestra] [aos alumnos] *loc. v.* Darlles vacacións aos alumnos. # A mestra deulles o punto aos rapaces.

58. **darlle** [a un home] **por *donde lle doe** *loc. v.* COL. HUM. Acertarlle ben [golpealo nos testículos].
59. **darlle** [a alguén] **unhas fregas a repelo** *loc. v.* **1**. Aplicar a un doente o remedio dunha masaxe intensa para melloralo. **2**. HUM. Golpear [a alguén] ou darlle un escarmento. Dise para facer a burla dunha persoa.
60. **degolarlle** [a alguén] **a cabeza** *loc. v.*. Ir indo unha persoa cara abaixo, envellecendo. *Xa lle degola a cabeza***.** Xa vai indo cara abaixo, envellecendo.
61. **duras coma nabos** [mozas] *loc. adx.* COL. [Mozas] que non se deixan enganar.
62. **empezar con zocos e acabar con zapatos** *loc.v.* COL. Ir mellorando de situación económica aos poucos e sobre seguro.
63. **entrar pola porta grande** *loc. v.* Ir directo, sen rodeos a un asunto.
64. **estar arrancado** *loc. v.* COL. Non ir para arriba economicamente, arruinarse.
65. **estar ben aleitado** *loc. v.* COL. Estar ben coidado, lustroso. # estar ben aleitoado.
66. **estar** [alguén] **como ha de ir** *loc. v.* COL. Estar moi namorado, listo para casar.
67. **estar de torradas** [unha muller] *loc. v.* COL. EUF. Estar parida [as mulleres, ao pariren, merendaban torradas].
68. **estar no cabo das contas** *loc. v.* COL. Estar de volta dun asunto.
69. **estar no cerno** [alguén] *loc. v.* **1**. Ser moi duro e forte. **2**. Ser moi maniático e de ideas fixas.
70. **estar tras da retorta** *loc. v.* COL. Estar ben pechado [porque alguén ten a chave e non a deixa].
71. **estoupar coma unha castaña** *loc. v.* COL. Rebentar.
72. **facer as rollas** *loc. v.* COL. Quitarlle as cueiras aos calzóns para facer rollas de fregar. Nas terras pontevedresas a *rolla* é o conxunto de tapón de cortiza envolto en pano de saco con que se tapa o baldón do bocoi de viño. Pero en Trasar é habitualmente o pano da cociña e tamén o pano que se pon na cabeza para asentar unha cesta (*rodela*): *rolla* e *rodela*, **do latín *rótula* e *rotullela*.
73. **facerlle a benia** [a alguén] loc. v. COL. Dicirlle a frase *Benia a mai que te pariu e o pai que te fixo!* cando fai algunha cousa ben.
74. **facerlle bon bico** [a alguén] *loc. v.* COL. Poñerlle [a alguén] as cousas fáciles.
75. **ferver como pote de papas** [unha persoa] *loc. v.* COL. Ter moita alegría no corpo.
76. **fiar delgado** *loc. v.* COL. Estar delgado, fraco.
77. **fumarlle as tripas a un can** *loc. v.* COL. Fumar moito.
78. **ir co rabo entre as pernas** [alguén] *loc. v.* COL. Ir con vergoña e coa cara baixa polo que se fixo ou lle fixeron [así escapan os cans cando teñen medo ou lles rifan].
79. **ir cos da feira e vir cos do mercado** *loc. v.* COL. Cambiar de opinión moi facilmente.
80. **ir de mirras prás encollas** *loc. v.* COL. Ir indo para a vellez [primeiro vai o corpo mirrando e logo encollendo].
81. **ir en pelo coma as bestas en Monterroso** *loc.v.* COL. Non levar nada que aportar no casamento [na feira de Monterroso as bestas ían sen aparello, sen nada].
82. **ir en pés de puta** [alguén] *loc. v.* COL. VULG. Ir moi disparado, con moita présa.
83. **ir *sin cabezadas** *loc. v.* Ir sen freos, ir louco [á besta sen cabezadas non hai quen a controle].
84. **irlle** [algo] [a alguén] **como a pez en bota** *loc. v.* COL. Acaerlle moi ben. # Vaille como o pez en bota.

85. **irse moito do pico** *loc. v.* COL. Soltarse da lingua. Non gardar os segredos.
86. **írselle o tempo nos camiños** [a alguén] *loc. v.* COL. Ter que andar moito decote [por ter os eidos lonxe da casa].
87. **levar o inferno en vida** *loc. v.* COL. Ter pasado moitos traballos.
88. **mala coma a peste** *loc. adx.* COL. Moi mala.
89. **mamar polas tetas de diante** *loc. v.* COL. IRÓN. Estar ben alimentado [coma o leitón que mama polas tetas dianteiras da porca].
90. **mamar por unha teta seca** *loc. v.* COL. IRÓN. Non conseguir nada.
91. **medrar coma sebo na vela** *loc. v.* COL. Non medrar nada.
92. **mirar / remirar contra o *gobierno** *loc.v.* COL. HUM. Mira atravesado; ser estrábico. # Parece que mira / remira contra o *gobierno.
93. **morder e non ladrar** *loc. v.* COL. Mancar, facer dano sen aviso previo.
94. **nacer de pé coma o gato** . *loc. v.* COL. Ter moita sorte. *Hai quen nace de pé coma o gato*.
95. **non asentar cabeza** *loc. v.* Non parar quieto nun sitio.
96. **non facer onza de ben** *loc. v.* Non facer favores, non axudar aos demais.
97. **non facer falta preguntar de quen é** *loc. v.* COL. Semellarse moito [alguén] á familia.
98. **non gardar a mexa** *loc. v.* COL. IRÓN. Non saber gardar segredos.
99. **non lle quedar a lengua presa ao cu da mai** [a alguén] *loc.v.* COL. IRÓN. Ter moita lingua, falar de máis.
100. **non saír da borralla** *loc. v.* COL. Non mellorar nada na vida. # non salir da borralla.
101. **non ver un burro a tres pasos** *loc.v.* COL. Non ver nada.
102. **pagarllas a pel** *loc.v.* COL. Sufrir as consecuencias dalgún feito.
103. **pararlle ben as cabras** [a alguén] *loc.v.* COL. Acostumarse ben nun sitio. Darse ben nun sitio. *Páranlle ben as cabras*.
104. **parecer que** [alguén] **vai con misa** *loc. v.* COL. Ir con moita présa, como se fose dicir a misa.
105. **parecer un can galgo** *loc.v.* COL. Correr moito, ir de présa.
106. **parecer un pito cairo** *loc. v.* COL. Estar moi mollado [*pito cairo* é o pito con poucas plumas]
107. **pasar polo cribo** [alguén] *loc. v.* COL. Someterse coma os demais. *Tamén ten que pasar polo cribo; ten que ser coma os demais*.
108. **pasarlle** [a alguén] **coma o rato cando lle vai a donicela enriba** *loc.v.* COL. Ter medo [alguén] ante unha persoa, forza ou acontecemento que o pode prexudicar. # O que manda é o xefe, vaille enriba e ten medo del: pásalle coma ao rato cando lle vai a donicela enriba.
109. **pensar que o birimbau é gaita** *loc.v.* COL. Pensar [alguén] equivocadamente que unha cousa é dun xeito e ser doutro. # Pensa que o birimbau é gaita. Pensa que é así, mais é outra cousa.
110. **perder a caneca** *loc. v.* COL. Caerlle algo que trae na man.
111. **perder *hasta a faca** *loc. v.* COL. Perder as cousas facilmente. # *Hai xente que perde *hasta a faca*
112. **pesarlle a faltriqueira** [a alguén] *loc.v.* COL. Ter moitos cartos soltos.
113. **pescar os gaios vivos** *loc.v.* COL. Ser moi fino, agudo e listo.
114. **picar coma un toxo** *loc. v.* Picar moito.
115. **picar fino** *loc. v.* COL. Andar a pasos moi pequenos.
116. **pintar o San Lourenzo** *loc. v.* COL. Enfadarse moito.
117. **poder andar coa cara destapada** *loc.v.* Ser persoa que nunca fixo mal, e pode ir tranquilo a calquera sitio.
118. **poñer** [a alguén] **o cu onde non o vexa** *loc. v.* COL. Darlle uns

azoutes. *#Vouche poñer o cu onde non o vexas!*

119. **quedar descalzo** *loc. v.* COL. Quedar sen nada, quedar pobre.
120. **quedar pa amparo de miñotos** *loc. v.* COL. Morrer. [*miñotos* son os bichos que comen os cadáveres]. # Pensas que vas quedar pa amparo de miñotos.
121. **quentarlle a pavana** [a alguén] *loc. v.* COL. Baterlle, andarlle no lombro # Vaiche quentar a pavana! Vaiche andar no lombo!.
122. **romper coma a merda** *loc. v.* COL. VULG. Romper moi facilmente.
123. **romper pouco a roupa nos cóbados** *loc. v.* COL. Esforzarse pouco nos estudos. # romper pouco a roupa nos codos.
124. **saber** [alguén] **onde o manca o zapato** *loc.v.* COL. Sabe que é o que lle doe, o que o apura ou preocupa.
125. **saber ben a cartilla** *loc. v.* Saber ben o que se fai.
126. **saber coma resolio** *loc. v.* Ter moi bo sabor un viño.
127. **saltar coma un castrón** *loc. v.* COL. Saltar moito.
128. **sentir o calor como unha vaca vella** *loc. v.* Non aturar a calor [como lles pasa ás vacas vellas].
129. **ser coma a rapina** *loc. v.* COL. Non deixar nada, levar todo.
130. **ser coma folla de olmo** *loc. v.* COL. Ser unha persoa informal, con dúas caras [a folla do olmo ten dúas caras de diferente color].
131. **ser coma un bandallón** *loc. v.* COL. Ser moi bruto.
132. **ser coma un toxo bravo** *loc. v.* COL. Ser unha persoa de carácter serio, pouco cariñosa.
133. **ser filla de mai / de pai** *loc. v.* Herdar os xeitos da nai / do pai.
134. **mexar por unha perna e cagar pola outra** *loc. v.* COL. VULG. Facer cousas ás que outros non lles darían xeito. # Se se ve no canto dil, mexa por unha perna e caga pola outra.
135. **ser moi mazada** [unha muller] *loc. v.* Ser moi descansada.
136. **subir coma un gato** *loc. v.* Agatuñar moi ben.
137. **subir polas paredes arriba** *loc. v.* COL. Moverse moi áxil e lixeiro.
138. **te-la tiriz** *loc.v.* Ter mala cor, estar amarelo como se tivese esa enfermidade. # Parece que ten a tiriz.
139. **ter** [algo / alguén] **coma meniña do ollo** *loc.v.* COL. Ter [algo/ alguén] en moita estima. *Téñoa coma meniña do ollo*.
140. **ter a cabeza quente** *loc. v.* COL. Estar borracho.
141. **ter a cama coma un cubil** *loc. v.* COL. Ser moi descoidado co aseo, moi porco.
142. **ter a lengua mui sucia (hai que lavarlla con sal e vinagre)** *loc. v.* COL. Dicir moitas palabras desagradables.
143. **ter as maus moi suaves** [un home] *loc. v.* COL. EUF. Ter amores con varias mulleres.
144. **ter as orellas grandes coma un burro** *loc. v.* COL. HUM. telas [as orellas] moi grandes.
145. **ter as uñas *largas** *loc. v.* COL. Ser raspuñeiro, coller o que non é dun.
146. **ter bon cu prós azoutes** *loc. v.* COL. IRÓN. **1**. Ter un bo cu; un cu grande **2**. Poder ser castigado se se merece.
147. **ter bo verlo** [unha muller] *loc. v.* COL. Ter un bo dote [polo *vélaro*, a la da ovella ao rapala).
148. **ter boa colada** *loc. v.* COL. Valerlle todo, sexa para ben ou para mal.
149. **ter cara de can** *loc. v.* COL. **1**. Ter moi mal xenio . **2**. Estar [un día] moi ruín, de mal tempo.
150. **ter** [alguén] **dúas caras coma os de Buciños** *loc. v.* COL. HUM. Ser persoa de actitudes contraditorias. [Dise da xente da parroquia de Buciños –Carballedo- porque a lámpada da igrexa ten dúas caras].
151. **ter lengua de víbora** *loc. v.* COL. Ser moi ferinte falando dos demais.

152. **ter maus de prata** *loc. v.* Ser moi xeitoso, saber facer as cousas.
153. **ter narices de can** *loc. v.* Cheirar moi ben, ter bo olfacto, buscar ben os olores.
154. **ter o cascabel no cu** *loc. v.* COL. Correr moito.
155. **ter o corazón negro coma a noite** *loc. v.* COL. Estar moi desgustado e triste.
156. **ter o cu preso á casca do ovo** *loc. v.* COL. **1**. Estar aínda moi serodio; ser inmaduro **2**. Querer facerse ver máis do que se é .
157. **ter o estómago cosido coma as custureiras** *loc. v.* COL. Comer pouco [as costureiras que andaban polas casas comían pouco porque non se movían debido ao seu traballo].
158. **ter o ril quente** *loc. v.* COL. Andar en manga curta cando vai frío.
159. **te-la risa falsa** *loc. v.* Facer que se ri ou coma se se estivese rindo [dun]**.**
160. **ter o teo** *loc. v.* **1**. Non dar saído dunha doenza. **2**. Non saber que é o que se ten, de que se padece. Realmente o teo (cenurose) é unha enfermidade parasitaria propia das ovellas que ataca o cerebro e fainas andar arredor de si ata que caen ao chan.
161. **ter sete folgos como os gatos** *loc. v.* COL. Non morrer aínda que teñan moitas doenzas. Ter sete vidas.
162. **ter un cu coma un cesto** *loc. v.* COL. HUM. Ter moito cu.
163. **ter un peito coma un lobo** *loc. v.* COL. **1**. Ser unha persoa moi forte e dura. **2**. Ser quen de facer calquera tolería.
164. **ter unha boca coma unha alparagata** *loc. v.* COL. Ter unha boca moi grande.
165. **ter unha lingua ben raspada** *loc. v.* COL. Atreverse a dicir calquera cousa.
166. **tirar pa tras** *loc. v.* COL. Producir moi mal olor. # Tira pa tras.
167. **tirarlle polo rabo á pega** *loc. v.* COL. Durmir.
168. **traer o pelo á gremensa** *loc. v.* Levar o pelo rizado. [Así se dicía antes por rizar o pelo, facer a permanente].
169. ***temblar coma vara verde** *loc. v.* COL. Ter frío [a vara verde non ten consistencia, abala co aire].
170. **verse nos pantalóns** [doutra persoa] *loc. v.* COL. Verse na mesma situación doutra persoa. *Se se ve nos seus pantalós* indica o que faría [el] na mesma situación.
171. **verse no canto** [doutra persoa] *loc.v.* COL. Verse na situación na que está outra persoa. # Se se ve no canto dil, mexa por unha perna e caga pola outra.
172. **vir á cantada do can** *loc. v.* COL. Volver moi tarde cando se sae de noite.
173. **virlle** [algo] [a alguén] **coma á burra os peidos** *loc.v.* COL. VULG. Acaerlle moi ben [coma os peidos que alivian á burra]. *Veulle coma á burra os peidos*.
174. **virlle** [algo] [a alguén] **polo río abaixo** *loc. v.* COL. Virlle moi ben, moi a xeito [algo] [a alguén] porque cumpría. # Vénche polo río abaixo.
175. **vivir pra comer ou comer pra vivir** *loc. v.* [Os dous xeitos de comer, ou moito ou pouco].
176. **inda andaba de refaixo** *loc. adv.* No tempo en que os nenos andaban aínda de refaixo ata seren grandes.
177. **tintín por tintín** *loc. adv.* Ben aclarado e explicado con detalle.

2.3. Fórmulas

178. **A casa nunca *anduvo a pedir** *fór.* COL. Dise cando nunha familia sempre houbo que comer, non se pasou fame; sempre houbo para as necesidades básicas.
179. ***Adiós díselle aos mortos e aos que teñen os pés tortos** *fór.* COL. HUM.

Dise cando alguén se despide dicindo **Adios!* ou **Adeus!*

180. **Andan os ladróns atrás dos que rouban** *fór*. COL. Dise cando todos son igualmente malos e se xuntan # Andan os ladrós atrás dos que rouban.
181. **As cousas claras e o chocolate espeso** *fór*. COL. Dise para pedir ou xustificar o falar claro, sen enganos nin dobres sentidos.
182. **As mozas de** [nome do lugar] **todas presas nun cordón, pasa o cura polo medio e estas burras de onde son** *for*. COL. HUM. [Dise para facer a burla das mozas dun lugar] Tal e como van [as mozas] xa nin o cura da súa parroquia as coñece.
183. **As perdas non son ganancias** *for*. COL. [Dise cando acontece unha perda, unha desgraza na casa].
184. **Ás veces teñen oídos as silveiras** *for*. COL. Dise para recomendar que se fale con xeito, mirando ben o que se di, que o pode oír calquera.
185. **Ás veces un porco ruín topa unha castaña boa** *for*. COL. IRÓN. Dise para comentar que alguén, que non o merece, tivo sorte.
186. **Benia a mai que te pariu e o pai que te fixo** *fór*. COL. Fórmula de felicitación a quen fai algo ben. [*facerlle a benia* a alguén era dicirlle esta frase cando facía algunha cousa ben].
187. **Bos ollos te vexan!** *fór*. COL. Díselle a unha criatura a primeira vez que se ve.
188. **Bótalle un can ao rastro** *fór*. COL. IRÓN. Dise para indicar que algo xa pasou, que se perdeu, ou que non lle hai que facer.
189. **Buscala que traia o dote na mau** [a muller para casar] *fór*. Para casar é mellor unha muller traballadora ca rica.
190. **Cambiarás de muiñeiro e non de ladrón** *fór*. COL. Díselle ao interlocutor para advertilo de que vai seguir na mesma situación aínda que cambie de persoa [os muiñeiros tiñan fama de ladróns por roubaren na maquía].
191. **Chámalle antes que che chame** [a alguén] *fór*. COL. IRÓN. Sempre é mellor adiantarse en chamarlle ao outro, mellor atacar ca defender [á hora de insultarse].
192. **Cocemos catro pas e sete debemos** *fór*. COL. Díselle a quen debe máis do que ten.
193. **Curuxa papou!** *fór*. COL. Xa non ten remedio, acabouse.
194. **Da que me caguen pouco importa que me limpen** *fór*. COL. VULG. Cando o mal xa está feito, non hai remedio, pouco importa poñer boa cara.
195. **Dálle aire á saia!** *fór*. COL. Apura, axiña!
196. **De caste lle vén ao can pra non ser coelleiro** *fór*. COL. IRÓN. É un home moi conquistador, anda con moitas.
197. **Debíalle unha *deuda ao demo e veuna pagar eiquí** *fór*. COL. Que mala sorte, a onde veu parar!
198. **Defeuto é roer a roupa** *fór*. COL. [Iso] non é ningún defecto, hainos ben peores.
199. ***Dios che día paciencia e no cu *ocurrencia** *fór*. COL. HUM. [Saber botar un peido a tempo cando a situación está tensa e é moi bo].
200. ***Dios lle día o que lle cómpre** [a alguén] *fór*. COL. Que teña o que lle gusta, que non o ten.
201. ***Dios nos día moito e nos conforme con pouco** *fór*. COL. [Díselle a quen come moito].
202. **Dixo o demo que non estaba ben** *fór*. COL. [Dise despois de rematar un traballo] Non quedou ben acabado.
203. **É bo mozo, ten a cabeza por riba do pescozo** *fór*. COL. HUM. [Dise para facer a burla dun mozo].
204. **En boa hora vaia dito** *fór*. COL. Equivale a "A min nunca tal me pasou" pero esta é unha fórmula de

cautela relixiosa que se usa, cando un di algo que pode soar a soberbia, a exceso de autoconfianza ou cando se menciona unha cousa mala que lle pasou a outro, coma se non lle puidese acabar pasando tamén a quen fala. Late aquí a crenza de que *As soberbias sempre caen*.

205. **Eso son contos podres** *fór*. COL. Dise para comentar que o que están dicindo e vendendo coma novidade é unha cousa que xa se sabe de vello.
206. **Esto cheira a torrado** *fór*. COL. Dise para comentar que polos indicios non vai saír ben o asunto do que se está a falar.
207. **Eu en carnes de can!** *fór*. COL. [Aplícaselle a frase a alguén que obriga a traballar demasiado aos demais, que é malo para a familia, que non é recomendable].
208. **Fai trampas, trampón, que pa ti che son** *fór*. COL. Se fas trampas sufrirás as consecuencias.
209. **Fíate en *Dios e non corras** *fór*. COL. Pouco importa confiar na providencia se un non traballa.
210. **Ha de ir coma os meus zocos** *fór*. COL. IRÓN. Parece que nunca vai suceder iso, que non se chegará a algo.
211. **Hache chegar a terra por riba dos ollos** *fór*. COL. Tamén ti has morrer e acabarás cuberto de terra [díselle a alguén egoísta, que todo o quere para si].
212. **Hai que lle poñer un *corcho no cu** *fór*. COL. VULG. Bota moitos aires, moitos peidos e cómpre porlle unha rolla no cu.
213. **Heite apuntar na libreta** *fór*. COL. [Díselle a alguén para pedirlle un favor, aínda que logo se esqueza devolverllo].
214. **Inda a sogra levanta ben a tapa da artesa** *fór*. COL. [Dise cando van casar dous]. Aínda é nova a sogra.
215. **Inda non perdeu os fumes** *fór*. COL. Aínda pensa que é o que xa non é.
216. **Iste mundo é unha trampa e eu de trampas vivo; se se acaban as trampas, queda o mundo perdido.** *fór*. COL. Dise para recomendar resignación.
217. **Manda chover na Habana!** *fór*. COL. Que cousa, que marabilla!
218. **Menos dá un toxo** *fór*. COL. Hai que aproveitar todo o que se poida.
219. **Moito te matas por ver Madrid** *fór*. COL. Xa se esgotaron todas as posibilidades para conseguir ver algo.
220. **Nin que fora fillo dun cura** *fór*. COL. PEX. Dise cando non se lle sabe do pai [a unha persoa].
221. **Non dá sarna a gato** *fór*. COL. Non se pode esperar [del] nada.
222. **Non lle aprenderon** [a alguén] **a cartilla da boa crianza** *fór*. É un maleducado.
223. **Non lle partas a mexa** [a alguén] *fór*. COL. **1**. Non o cortes no traballo, déixao continuar. **2**. [Os rapaces mexaban ao lume da lareira e dicíase isto pensando que era mellor deixalos, non os interromper].
224. **Non van comer xuntos a arroba de sal** *fór*. COL. Dise para manifesta-la impresión de que dúas persoas pouco durarán xuntas. [Aplícase a unha parella que comezan a convivir].
225. **O cortizo das malas abellas mide as súas polas alleas** *fór*. COL. Dise de alguén que obra mal e considera que os demais tamén obraron mal.
226. **O dito, dito** *fór*. COL. Xa queda dito, non hai volta.
227. **O que con rapaces se deita, mexado se levanta** *fór*. COL. Dise cando acontece algo que xa se podía pensar que pasaría, porque as trasnadas son propias dos rapaces e un non se pode fiar neles.
228. **O que ha de levar xa o ten alá** *fór*. COL. Non vai levar máis da casa [na herdanza ou outra situación].
229. **O que o pille ten que madrugar, que cedo érguese il** *fór*. COL. Dise

cando unha persoa é moi aguda, moi fina, esperta e lista.

230. **O que teña apuro, que vaia andando** *fór*. Quen teña présa, que marche.
231. **O qué? - O ollo do cu que non ve.** *fór*. COL. HUM. [Resposta tópica para alguén moi curioso, que sempre anda preguntando *o que?*].
232. **Para na ponte dos burros** *fór*. COL. Ten que parar no mesmo sitio ca todos, non pode seguir adiante.
233. **Pra o /a pillar, hai que se descalzar** *fór*. COL. É moi fino, moi agudo e listo.
234. **Parece que lle botaron ben sal cando o / a boutizaron** *fór*. COL. É moi pándego e divertido.
235. **Parece que morreu un *escribano** *fór*. COL. HUM. [Dise cando vai moito aire, máis vento do normal].
236. **Que me miren por tras, que por diante mírome eu** *fór*. COL. Fórmula para manifestar indiferencia ante os comentarios alleos. [Dise cando murmuran de un].
237. **Que non lle mexen torto** [a alguén] *fór*. COL. Que lle vaian as cousas dereitas.
238. **Que non teñas que botar as maus á cabeza** *fór*. Mira ben o que fas, para non te arrepentires.
239. **Quen mallou, mallou** *fór*. COL. [Cando xorden dificultades nun traballo, o que xa o ten feito di esta frase].
240. **Retrato fino e barato** *fór*. COL. HUM. [Dito popular]. Díselle a alguén a quen se lle ve o cu.
241. **Seica lle nacen os dentes!** [a alguén] *fór*. COL. Dise cando alguén fai algo mal, atolado.
242. **Seica tes as cataratas!** *fór*. COL. Díselle a alguén que quere ver algo e non é quen de velo.
243. **Son iles algo fatiños** *fór*. COL. Dise de xente pequeneira de estatura ou de xente curta de entendemento.
244. **Tan largo foi o día coma a romería** *fór*. COL. Xa acabou todo.
245. **Tapa, masa, tapa, mentras o zarralleiro non pasa** *fór*. COL. Dise cando se fura unha pota e se tapa provisionalmente con masa ata que veña o cerralleiro que a repare en condicións.
246. **Ten a súa pasada** *fór*. COL. [Dise cando morre alguén]. Todos temos que morrer, todos temos a nosa hora e o defunto xa acaba de pasar esa hora difícil, el xa a ten pasada; nós aínda a temos que pasar.
247. **Ten máis que dicir o que caga a cama có que a limpou** *fór*. COL. VULG. Dise cando o culpable ten máis que dicir que o que sofre as consecuencias.
248. **Todos queren meter a súa con día** *fór*. COL. Todos queren arranxar a súa vida antes e mellor cá dos outros [a xente procura recoller de día a herba seca ou outras colleitas antes de que se estraguen].
249. **Unha vella de bagos xuntou cen canados** *fór*. COL. [Dise na vendima para animar os vendimadores a que apañen os bagos caídos no chan].
250. **Vai tirar pedras a un río!** *fór*. COL. Non deas a lata, non importunes!.
251. **Vale máis que comera unha bica de rapas** *fór*. COL. Saíu algo mal, mellor fora estar quieto. As rapas son os restos de masa e fariña que quedan pegados ás mans ou ás paredes da artesa; en tempos, con ese desperdicio que non ía coa masa, aínda se facía despois un boliño, chamado *bica de rapas*.
252. **Veña con *Dios! -Que quedemos co mesmo santo!** *fór*. COL. [Saúdo e contestación habituais hai tempo en Trasar].
253. **Vouche dar un corre verás cas pernas para tras!** *fór*. COL. [Díselles aos nenos para que se entreteñan e non dean a lata].

254. **Xa lle cadra ben (cumpría que lle viñera e vén)** *fór*. COL. Que ben, que [algo] sucedeu!

2.4. Refráns

255. **A bica, o que a fai, pícaa** *ref*. COL. Quen fai a bica na cociña será quen lle faga os buratos para cocela.
256. **A cabra co vicio dá co corno no cu** *ref*. COL. HUM. Coidado, que se pode estragar. Non hai que confiarse.
257. **A cara é o reflexo do corazón** *ref*. Na cara reflíctense os sentimentos das persoas.
258. **A carne carne cría i-o peixe auga fría** *ref*. COL. Comer carne cría carne, comer peixe non cría nada [a carne alimenta moito, o peixe non].
259. **A carne en calceta que a coma o que a meta** *ref*. COL. O que fai os embutidos é o que mellor sabe como están para despois comelos.
260. **A carne no sal un mes e no fume tres** *ref*. A carne de porco para curar ben debe botar un mes no salgadoiro e tres meses a afumar.
261. **A cartos vai a vaca (o que non a ten non a papa)** *ref*. COL. Aínda que haxa pouco, algo é algo; hai que aproveitalo todo.
262. **A confianza mata o labrego** *ref*. Non se pode confiar na xente sempre, hai que desconfiar máis.
263. **A corda sempre creba polo máis delgado** *ref*. O máis débil leva as de perder sempre.
264. **A falta de pan cómese bica** *ref*. COL. **1**. Se non hai centeo, comerase o pan de millo feito na lareira. **2**. Ás veces hai que se conformar co que hai, non hai outras posibilidades.
265. **Á galiña e á vaca polo pico se cata** *ref*. COL. Se se lles dá ben de comer teñen logo boa carne, alimentalas dá bo resultado.
266. **A gata co apuro trouxo os fillos cegos** *ref* COL. IRÓN. Co moito apuro, coa moita présa pódense estragar as cousas.
267. **A letra con sangue entra** *ref*. Para aprender hai que esforzarse e mesmo recibir castigos físicos se cómpre. # A letra con sangre entra.
268. **A *lengua ten o seu curral** *ref*. COL. Hai que falar sempre con xeito, mirando o que se di.
269. **A mera de San Xoán leva o viño e non deixa o pan** *ref*. A choiva miúda, a néboa mesta de xuño son prexudiciais para os campos, sobre todo para as viñas e os cereais. # A mera de San Juan leva o viño e non deixa o pan.
270. **Á muller e á mula, cada día súa tunda** *ref*. COL. PEX. Dito denigrante para as mulleres [segundo o cal as mulas e as mulleres son moi teimudas e só se educan baténdolles].
271. **A muller e a sardiña, pola máis pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena varre a cociña.** *ref*. COL. [Eloxio das mulleres miúdas, pequeniñas, moi apreciadas coma as xoubiñas e por seren traballadoras].
272. **A muller que non come canda o home, ou xa o comeu ou inda o come** *ref*. COL. A muller da casa non ha quedar sen comer, sempre atopa algo aínda que non coma co marido [para atender os labores].
273. **A muller *viúda, ata as silvas se prenden nela** *ref*. COL. Todo é contra unha viúva, todo son contratempos, ten poucas axudas.
274. **A pataca e a muller, ao primeiro mercader** *ref*. COL. PEX. Dito para denigrar as mulleres por teren pouca garda coma as patacas [ao primeiro que as pague, que dea algo por elas, aínda que sexa pouco, dánselle porque co tempo a pataca podrece e a muller faise vella].
275. **A perdiz, que entre o cheirumio polo nariz** *ref*. COL. Antes de comer, á perdiz hai que deixala uns

días ata dar algo de cheiro [estará máis rica]..

276. **A porca de maio ou no principio ou no cabo (e han parar os bois quince días antes ou despois)** *ref.* COL. En maio ten que haber 15 días de mal tempo no que non se poderá traballar nos eidos, sexa ao inicio ou ao final.
277. **A porca de maio vale máis no principio ca no cabo** *ref.* COL. A chuvia é máis beneficiosa para o campo nos primeiros de maio ca no final.
278. **Á porta do rezador non poñas o trigo ao sol (e do que non reza nada, nin o trigo nin a cebada)** *ref.* COL. IRÓN. Non se pode un fiar do que reza moito e menos aínda do que non reza nada: os dous extremos son malos.
279. **A raíz do toxo verde é moi mala de arrincar e os amores primeiros son malos de olvidar.** *ref.* COL. Os primeiros amores sempre permanecen na lembranza.
280. **A roupa lavada polo sol agarda** *ref.* COL. **1**. A roupa xa lavada non se estraga, xa virá o sol para secala. **2**. O traballo feito xa non corre présa.
281. **A sombra, a da *peña; i-o abrigo, o da leña** *ref.* A sombra mellor é a producida por unha pedra grande, o mellor abrigo é o dunha fraga.
282. **A xente quere pingar antes de asar** *ref.* COL. A xente quere obter beneficios antes de tempo ou sen esforzo ningún.
283. **Agosto *nublado, nabo furado** *ref.* O ceo cuberto en agosto favorece a peste nos nabos e énchenselles as follas de buracos.
284. **Ano de herba, ano de merda** *ref.* COL. VULG. Ano de moita herba, ano de ruíns colleitas [porque choveu moito e houbo pouco sol].
285. **Antes de beber faille a cama primeiro** *ref* COL. Antes de tomar unha bebida alcohólica é mellor comer algo [para que non sente mal].
286. **Ao caer as follas é cando se ven os niños** *ref.* COL. Ao pasar o tempo é cando se vai vendo a verdade nun suceso.
287. **Ao home desafortunado párenlle a muller e a burra no mes de maio** *ref.* COL. [Maio é mes de moitísimo traballo no campo e precísase o esforzo de tódalas persoas e de tódolos animais que teña a familia].
288. **Ao lado da roca nada lle toca, ao lado do fuso es escuso** *ref.* [A roca non che toca, mais se te pos ao lado do fuso molestas porque hai que estirar o brazo para traballar].
289. **Ao que non quere unha taza de caldo, darlle tres** *ref.* COL. Se alguén non quere algo, darlle máis do mesmo, insistirlle.
290. **Ao que non ten chámanlle ninguén** *ref.* Quen non ten bens non é considerado nin respectado.
291. **Ao que porcos lle faltan, á porta lle roncan / Ao que porcos lle faltan, róncanlle as silveiras** *ref.* Cando [a alguén] lle marcharon os porcos sempre lle parece que andan cerca, polos arredores.
292. **Ao que sirve a señores non lle faltan dolores** *ref.* Sempre terá problemas quen traballa ao servizo doutro [o mellor é traballar para si porque servir a señores é moi traballoso].
293. **Ao rico mórrenlle os fillos; e ao pobre, os porcos** *ref.* COL. O valor dos porcos na economía dos pobres é tanto que a súa morte a senten tanto como un rico sente a dun fillo.
294. **Aos cinco faime un circo, que aos seis eu me terei** *ref.* COL. [Aos cinco meses facíaselles aos meniños un círculo de roupa, porque aínda non se tiñan, para que se mantivesen sentados dentro del; aos seis meses xa se tiñan en pé].
295. **As aves de *pico non poñen ao home rico** *ref.* As aves producen

pouco, non crean riqueza coma outros animais [porque comen moito].

296. **Ás nove déitate home; ás dez, muller, se a tes; e se te deitas canda o home, para ben pouco muller es** *ref.* COL. [Considerábase que a boa muller debía sempre deitarse despois do marido para rematar os labores da casa].
297. **As pernas do criado non cansan** *ref.* COL. IRÓN. O amo manda e manda e non cansa porque quen traballa é o criado.
298. **Auga que non é de beber, déixaa correr** *ref.* Se unha moza/mozo non che fai caso, mellor déixaa/o ir.
299. **Boa roca fía o que a seu fillo cría** *ref.* Ben fai quen atende o fillo [aínda que desatenda a roca ou outros labores, o importante é o meniño].
300. **Boca pechada non colle mosquitos** *ref.* COL. É mellor estar calados que meter a zoca, equivocarse.
301. **Cabra coxa non quere sesta; se lla dan, mal lle presta** *ref.* COL. IRÓN. Cando alguén quere facer un traballo, ha de ser axiña, logo de descansar xa custa máis [a cabra coxa non pode andar moito; se bota a sesta, xa non chega].
302. **Cada cousa é pró que é i-o zapato pró pé** *ref.* COL. Todas as cousas acaen ben naquilo para o que foron feitas.
303. **Cada santo chégalle o seu día** *ref.* COL. Chegará un día en que tamén se farán as cousas que levan retraso.
304. **Cando a galiña canta coma o capón, matala, que trae mala sorte** *ref.* COL. [Crenza de antes]
305. **Cando a silva bota a flor, pon a canada ao sol** *ref.* No tempo de floración da silva as vacas dan pouco leite e sobra a canada de muxir.
306. **Cando as formigas pisen forte e os carballos dían uvas han ser bos homes os das barbas rubias** *ref.* COL. HUM. [Dise para facer a burla dos homes louros].
307. **Cando canta a cobra en marzo, neve en maio** *ref.* [Crenza popular]
308. **Cando canta o galo á mediodía, *niebla pró o outro día** *ref.* Os galos cantan de mañanciña; se o fan a esta hora, virá a néboa.
309. **Cando o neto ao *abuelo lle desquita a comida, non lle fai mal, que lle prolonga a vida** *ref.* COL. O meniño colle da comida do avó [nos tempos de fame]; como na vellez se debe estar delgado para ter boa saúde, non lle fai mal.
310. **Cando o vello incha, a sepultura rincha** *ref.* COL. A gordura repentina nun vello é sinal de morte próxima.
311. **Cántalle á túa tía para que che día** *ref.* COL. IRÓN. Faille festas á tía e darache algo.
312. **Canto máis amigos, as contas máis claras** *ref.* Non pode [un] fiarse dos amigos nos negocios, hai que tratalos coma descoñecidos.
313. **Casamento e *mortaxa, do ceu baixa** *ref.* O casamento e a morte veñen rexidos pola vontade de Deus.
314. **Co roubado ninguén medra** *ref.* O que se rouba pouco axuda a mellorar.
315. **Compra barato e compra diario; e se compras caro, levas comprado** *ref.* É mellor comprar algo bo e facelo unha vez, que algo mao moitas veces.
316. **Con pan e viño ándase camiño** *ref.* Xa é suficiente para subsistir.
317. **Contra brancura non hai *hermosura** *ref.* O branco é sempre a cor máis bonita.
318. **Custureira sin dedal cose pouco i-apreta mal** *ref.* Sen dedal non se pode coser ben.
319. **Da noite prá mañá o carneiro perde a la** *ref.* COL. **1**. Hai que aproveitar o que se ten en cada momento. **2**. Se non se anda listo pódese perder axiña o que se ten.

320. **Da panza sae a danza** *ref.* COL. Despois de comer ben si que se pode bailar e divertirse na festa. # Da panza sale a danza.
321. **Das flores a máis fea é a do viño** *ref.* Ao se acabar o viño na pipa saen as flores brancas no líquido e xa sabe peor.
322. **De burro abaixo non hai máis pra onde ir** *ref.* COL. HUM. Nada hai peor que a ignorancia.
323. **De marco a marco non hai arco** *ref.* COL. Nos eidos a estrema sempre vai recta, non fai curva.
324. **De muiñeiro a ladrón *sólo vai un escalón** *ref.* COL. PEX. [Os muiñeiros tiñan mala fama por roubaren na maquía].
325. **De paus fanse achas** *ref.* COL. Dunha cousa sae outra.
326. **De pequeno, rei; de mozo, galán; de casado, burro; e de vello, can** *ref.* As etapas da vida das persoas [o rei da casa-meniño, o conquistador-mozo, o traballador-marido, o vello que leva unha vida mala coma un can].
327. **De tres porcos seis touciños, doce patas, tres fuciños, seis orellas e tres rabos, trinta anacos ben contados** *ref.* COL. [Frase para practicar a suma].
328. **Desconfiarás e acertarás** *ref.* Hai que ser desconfiado sempre.
329. ***Dios dá o frío *según é a manta** *ref.* Deus vai repartindo os males segundo as necesidades.
330. **Din que somos tres, eu digo que somos cinco: eu hei de ser o da mellora no terzo e no quinto.** *ref.* COL. IRÓN. [Pensamento do avogado ao facer as partillas nunha casa] eu si que vou cobrar moito e ben. # Din que somos tres, eu digo que somos cinco (eu hei de ser o mellorante no tercio e no quinto).
331. **Diñeiro e *santidá, *mitá pola *mitá** *ref.* COL. [O mellor é non pasarse en ningún dos dous].
332. **Do San Antonio ao San Xoán once días van** *ref.* [Celébranse as súas festas o 13 e o 24 de xuño]. # Do San Antonio ao San Juan once días van.
333. **Do San Xoán ao San Pedro bota a conta polo dedo** *ref.* [Son 5 días, do 24 ao 29 de xuño]. # Do San Juan ao San Pedro bota a conta polo dedo.
334. **Dous é un; e un é ningún** *ref.* Se se teñen dous fillos e morre un, aínda queda un; pero se só se ten un e morre, xa non queda ningún.
335. **Entra, se podes, á casa, míralle ben os cornellos: para ben pouco muller é, se non varre máis cós medios.** *ref.* [A muller da súa casa debe varrer tamén os recantos e sitios ocultos].
336. **Entre marzo e abril ou o cuco ou a fin** *ref.* Ou vén o cuco [nestes meses] ou acaba o mundo.
337. **Entre santo e santa, parede de *calicanta*** *ref.* COL. IRÓN. Hai que separar os mozos e as mozas, que a ocasión pode levar ás relacións amorosas.
338. **Fai ben e non mires a quen** *ref.* Hai que facer o ben sempre.
339. **Fai mal e vélate** *ref.* Se obras mal, ten coidado, podes sufrir as consecuencias.
340. **Fai o que o cura diga, non o que o cura faga** *refr.* COL. O cura predica ben, as obras son outra cousa [non sempre predica co exemplo].
341. **Febreiriño curto cos seus vinteoito; se duraras dous máis, non deixarías cornas ao carneiro nin orellas ao pegureiro** *ref.* En febreiro vai moito frío.
342. **Febreiro quente leva o diaño no ventre** *ref.* COL. En febreiro cómpre que vaia frío [a calor non é boa para as terras neste mes].
343. **Fillos criados, pesares doblados** *ref.* Os fillos xa criados dan dobre traballo.
344. **Fillos, tantos coma ollos** *ref.* Os matrimonios deben ter dous fillos.

345. **Fun á casa do veciño e avergonceime (volvín á miña e arranxeime)** *ref.* O veciño non me emprestou algo e logo arranxeime eu na casa sen axuda. Dise para recomendar non pedirlle cousas a outros se un as pode amañar. # Fun á casa do veciño e avergonceime (volvín á miña e *arregleime).
346. **Goberna, mentras tes qué** *ref.* Aproveita que logo non haberá.
347. **Hai que pedir a quen ten** *ref.* Quen non ten non pode dar nada; quen ten, si.
348. **Hai quen di o que sabe e non sabe o que di** *ref.* COL. Fala moito, mais sen tino.
349. **Home casado muller é** *ref.* COL. O home casado xa non é home, fai de muller [porque manda ela].
350. **Home pequeno en hasta pon** *ref.* COL. HUM. O home pequeno ten o sexo grande.
351. **Home pequeno, fol de *veneno** *ref.* COL. PEX. O home pequeno ten mal xenio.
352. **Ir e vir chámase carrear** *ref.* COL. As cousas vanse facendo aos poucos.
353. **Labrador pescador e cazador, arañas no fumeiro e fame no comedor** *ref.* [Cazar e pescar son oficios de xente que traballa pouco e non haberá na casa deste labrador moito que comer].
354. **Labradores novos, mal polas silveiras** *ref.* COL. Os labregos novos non fan os arredores, non cortan as silvas.
355. **Lebres arriba, coellos abaixo, mulleres prás festas e prás romerías** *ref.* COL. HUM. Dito popular [as lebres corren para arriba, os coellos para abaixo, ás mulleres gústanlles as festas].
356. **Leite con viño fai do vello un mociño** *ref.* COL. Esta mestura transforma o vello en novo.
357. **Leite mazado, peido no rabo** *ref.* COL. VULG. O leite mazado provoca moitos peidos.
358. **Lonxe da vista, lonxe do corazón** *ref.* COL. Quen marcha, pronto esquece o amor de antes.
359. **Máis vale dar ca pedir** *ref.* É mellor non depender de ter que pedir emprestado.
360. **Mal arransallado, morte no cabo** *ref.* Doenza da que non se dá saído acabará na morte.
361. **Mal de mulleres e coxeas de cas, nunca caso lles farás** *ref.* COL. PEX. [As mulleres acostuman a queixarse sen motivo e os cans a finxir coxeiras].
362. **Malia o ben que polo trono vén** *ref.* COL. A treboada trae auga pero tamén moitas desgrazas.
363. **Maus que non dades, que esperades!** *ref.* Quen non traballa non recolle nada.
364. **Mar revolta, sorte para os pescadores** *ref.* COL. Co mar bravo péscase máis. # Mar revolta, sorte pós pescadores.
365. **Martes, día dos amantes** *ref.* O martes é o mellor día para visitar os amores [antes cando os mozos ían para onda as mozas, se era martes, dicían esta frase].
366. **Marzo, ventoso; e abril, chuvioso** *ref.* O mellor para as terras é moito vento en marzo e chuvia en abril.
367. **Marzo, iguarzo** *ref.* En marzo tan grande é o día coma a noite.
368. **Mentras non hai morte, non hai mala sorte** *ref.* Menos a morte, todo se arranxa.
369. ***Mentras un é zafra, non é martelo** *ref.* Mentres un está debaixo doutro non manda el [logo cando el estea por enriba xa mandará].
370. **Mercar *sin ter, vender sin querer** *ref.* Quen fai unha compra sen ter con que, vende do del sen querer.
371. **Moitas veces vai a ola á fonte e, dunha, rompe** *ref.* COL. Se se repite moito algo perigoso acaba por pasar o que non debía.

372. **Muller con bigote escusa dote** *ref.* COL. PEX. Non vai casar polo seu aspecto.
373. **Muller morta, sete á porta** *ref.* COL. Un viúvo axiña atopa unha nova muller.
374. **Muller sularmeira, puta ou meiga** *ref.* COL. PEX. VULG. [*Sularmeira* é a muller con moito conto, labieira].
375. **Na *cárcel e na sepultura todos temos unha herencia** *ref.* En calquera momento podemos ir á cadea ou morrer.
376. **Na casa do carpinteiro, sentarse no chau; e na do ferreiro, coitelo de pau** *ref.* COL. [Moitas veces o profesional traballa fóra e non na propia casa, que a ten abandonada].
377. **Nariz *nacha, boa rapaza** *ref.* COL. Son boas rapazas as que teñen o nariz nacho, achatado.
378. **Neno de teta é coma o pan de porreta** *ref.* COL. O neno que aínda mama é moi tenro, aparenta, engana, porque a bonitura non dura cando o neno medra.
379. **Nin de risas nin de veras, non xogues co pai ás peras** *ref.* COL. [Non se lle debe perder o respecto ao pai, non xogar con el como se fose un cativo].
380. **No mes de abril, *cenar *sin candil** *ref.* Xa son os días longos, pódese cear coa luz do día en abril.
381. **No mes de abril vai a vella onde quere ir** *ref.* COL. O día xa é grande en abril e, así, aínda que vaia devagar, sempre chegará.
382. **No mes de xaneiro sube ao outeiro; se ves verdear, bota a chorar; se ves *negrear, bota a cantar** *ref.* COL. En xaneiro debe xear e estar todo seco.
383. **No tempo e na morte non hai fundanza** *ref.* Non hai firmeza: en calquera momento pode mudar o tempo ou vir a morte.
384. **Non te cases cun *viúdo por moitos cartos que teña, porque sempre che dirá *Mullerciña, a primeira*** *ref.* COL. A primeira muller sempre é a máis importante.
385. **Non te cases por facenda que son bes sin fortuna, cásate con boa xente: a mala sempre dura** *ref.* O importante no casamento é a persoa, non o que teña.
386. **Non hai casamento pobre nin enterro rico** *ref.* COL. [Ao casar ninguén é pobre porque ten un futuro e está ledo; ao morrer é o contrario: pérdense as riquezas].
387. **Non hai mel sin aguillós** *ref.* COL. Non hai rosas sen espiñas, alegrías sen tristuras [as abellas dan o mel pero tamén pican].
388. **Non hai pan *sin afán** *ref.* Para conseguir algo, hai que traballar.
389. **Non hai sábado *sin sol** *ref.* COL. [Cando un sábado chove moito, dise a frase, dando a entender que nalgún momento ha de raiar o sol].
390. **Non se fai cousa de noite que non se *sepa de día** *ref.* COL. Todo se acaba sabendo.
391. **Non todos van á misa por rezar** *ref.* COL. IRÓN. Hai xente que aproveita para roubar nos santuarios, para falar mal de outros á saída a misa, etc.
392. **Non te gabes ata que te acabes** *ref.* Ata rematar o traballo non se sabe como quedará.
393. **Nunca pidas a quen pediu nin nunca sirvas a quen serviu** *ref.* [Son os peores, xa non lembran cando estaban mal e non son solidarios].
394. **O bon pagador é dono da bolsa allea** *ref.* COL. Como paga ben, sempre lle emprestan.
395. **O boi na súa corte de seu se delambe** *ref.* COL. Onde mellor se está é no dun, na propia casa.
396. **O borracho di o que ten no papo** *ref.* COL. Os bébedos non saben gardar segredos.
397. **O can ladrador nunca foi o máis mordedor** *ref.* Quen moito fala e ameaza pouco fai finalmente.

398. **O casado casa quere** *ref.* Cada parella debe ter a súa vivenda [e non vivir con outros familiares].
399. **O chocolate do amigo, mal cocido e ben batido** *ref.* Así é o bo chocolate, ben remexido e medio cru.
400. **O cura onde canta**, **alí xanta** *ref.* COL. Na casa onde se traballa deben dar a comida [coma os curas que comen nas parroquias onde foron dicir os oficios].
401. **O demo que as fai deixa o rabo fóra** *ref.* COL. Sempre se acaba coñecendo algunha trampa ou falcatrúa que se fixo.
402. **O *fruto, raro no eido; e basto na arca** *ref.* Hai que sementar os froitos raros para que dean boa colleita.
403. **O *gallego se *tuvera o acordo coma o trasacordo, non había quen o fodera** *ref.* COL. IRÓN. [Se tiveramos tan boa a memoria como somos desconfiados, mellor nos iría aos galegos].
404. **O gardar sempre foi ben** *ref.* O aforrar é bo.
405. **O gato escaldado á auga fría ten medo** *ref.* COL. Quen pasou por unha mala situación sempre ten medo a que se repita, desconfía sempre.
406. **O hábito non fai o monxe** *ref.* Non chega coas maneiras, co comportamento exterior.
407. **O home i-o oso, canto máis feo máis *hermoso** *ref.* COL. O home non ten porque ser guapo.
408. **O home, onde nace; o boi, onde pace** *ref.* As persoas sempre tiran para a terra natal.
409. **O martes non te cases nin embarques nin a túa ceba mates** *ref.* COL. O martes é mal día, trae mala sorte.
410. **O mundo durará mil, non miles** *ref.* No ano mil acabarase o mundo.
411. **O ollo do gato mira por catro** *ref.* COL. O gato todo o ve.
412. **O pai de escaravello e o fillo de espello** *ref.* COL. Pensábase que era mellor que non estudasen os fillos; que logo os pais ao se veren no espello filial, ollábanse máis baixos, a fozaren na terra.
413. **O pau de pino, se rompe, rompino** *ref.* COL. [A madeira de piñeiro é fácil de romper e non ten moito valor].
414. **O paxaro habilideiro fai o niño no xaneiro** *ref.* COL. O paxaro listo e previsor xa fai o niño en xaneiro.
415. **O *pichón cando empeza voar é cando lle hai que cortar as *alas** *ref.* COL. Non se pode deixar que alguén colla o mando pronto, logo xa é tarde xa para o evitar [sobre todo aplicado á educación dos cativos].
416. **O que becerros non vende e vacas non ten, a ver de onde lle vén / O que becerros non vende e vacas non ten, de algures lle vén** *ref.* COL. Ou o rouba ou o consegue por outros medios ilícitos xa que non ten bens de seu.
417. **O que cedo adenta, cedo aparenta** *ref.* COL. Quen bota dentes cedo vai ter irmáns pronto.
418. **O que co vello queira acabar que lle día vacas a gardar** *ref.* Gardar vacas é un ruín traballo que acaba coa xente.
419. **O que con auga se cura pouco dura** *ref.* A auga é un mal remedio.
420. **O que contas non bota, contas non lle saen** *ref.* COL. Hai que ser precavido e mirar o que se ten, antes de se meter nun negocio ou gasto. # O que contas non bota, contas non lle salen.
421. **O que escoita, de si oe** *ref.* COL. A xente de todos fala ou critica, ninguén escapa.
422. **O que garda, sempre ten** *ref.* Hai que aforrar.
423. **O que lle *desea mal ao veciño, vénlle a súa polo camiño** *ref.* COL. O que ten envexa pronto lle pasará a

el tamén. # O que lle desea mal ao veciño, vénlle a súa polo camiño.

424. **Ó que lle doe o dente, que o leve a dentuza** *ref.* COL. O que necesita algo é quen se ten que mover, quen ten que procuralo [*dentuza* é o dentista].
425. **O que lle teña medo ao trono, que se meta debaixo da cama da sogra (que esa non hai raio que a parta)** *ref.* COL. HUM. [Dito sobre as sogras].
426. **O que lonxe vai casar, ou chata leva ou vai buscar** *ref.* COL. [Está mal visto o casar lonxe]. Ou se esconde algún defecto ou se pode levar un calote coa parella.
427. **O que mal empeza mal acaba** *ref.* Quen ten malos principios acabará mal.
428. **O que merca sin ter vende sen querer** *ref.* Verase obrigado a vender axiña.
429. **O que moito apreta, pouco agarra** *ref.* Non se pode abusar, pedir máis do debido.
430. **O que non ten cruz, ten cruceiro** *ref.* Todos temos moitos traballos na vida e o que non os ten pequenos tenos grandes, porque é máis grande o cruceiro cá cruz.
431. **O que o seu cede en vida, que colla o fol e pida** *ref.* COL. Se se ceden os bens aos descendentes en vida quedarase sen nada.
432. **O que pon o lume ao pé das estopas, vén o demo e *sopla** *ref.* COL. Non se debe [un] poñer diante dos perigos, é mellor evitalos.
433. **O que queira do porco o entrecostre que o faga no mes de agosto** *ref.* COL. Hai que lle dar ben de comer ao porco no mes de agosto para que críe ben graxa e unto.
434. **O que se ha cocer é mellor asalo** *ref.* COL. Se se ha de facer, mellor facelo axiña.
435. **O que se usa non se escusa** *ref.* As cousas que se necesitan hai que telas na casa.
436. **O que ten fillos na muller allea, perde fillo e feitura** *ref.* COL. [Pérdeos, porque os fillos quedarán coa nai].
437. **O que ten fillos que non bote por ela** *ref.* COL.Un pai ou nai non debe ter soberbias [sempre lle pode pasar a el o que a outro lle pasou cos seus fillos].
438. **O que ten padriño boutízase** *ref.* Quen vai recomendado consegue o que pide.
439. **O que ten rabo non se senta** *ref.* COL. Dise polos animais que teñen rabo e non sentan. Tamén se di pola xente cando teñen medo de que algo lles saia mal e teñen que ser precavidos.
440. **O que un pendango queira ver, que lle día unha luz a acender** *ref.* COL. PEX. [Antes había moita xente que non tiña habilidade para acender a luz do gas].
441. **O que vai á voda, que leve que coma** *ref.* COL. Ás vodas hai que levar agasallo.
442. **O que vai adiante sempre leva ventaxe** *ref.* Os primeiros sempre van mellor.
443. **O que xoga e perde, paga e cala** *ref.* COL. No xogo hai que pagar as débedas e non discutir.
444. **O rei, onde non está, non parece** *ref.* COL. Por moitas voltas que se lle dea, se non hai non parece.
445. **O río, cando roxe, porque auga leva** *ref.* COL. Se se escoita falar de algo é porque algo hai.
446. **O saber non ocupa lugar** *ref.* Os coñecementos sempre son bos.
447. **O sol de marzo queima a dama no *palacio** *ref.* O sol de marzo non é san para as persoas.
448. **O temperao nunca lle pediu nada ao serodio** *ref.* Sempre é mellor sementar antes ca despois do habitual.
449. **O temperao, ou en palla ou en grao** *ref.* O centeo sementado cedo cargará ou na palla ou no gran

[sempre dará algo dos dous en abundancia].

450. **O teu *secreto non llo contes ao amigo hoxe, o amigo é mañá *testigo** *ref.* COL. Hai que ser precavido cos amigos: ese mesmo amigo pode no futuro testemuñar en contra un.
451. **O tolo pola pena é cordo** *ref.* Co castigo o tolo colle xuízo.
452. **O traballo dos rapaces é pouco, o que o perde é un louco** *ref.* COL. Aínda que os rapaces non fan moito, non se deben desaproveitar nunha casa.
453. **O vello, onde non sabe, usma** *ref.* COL. Os vellos cando non saben [de algo] inventan.
454. **Onde hai galo non canta galiña** *ref.* COL. Onde hai home non manda muller.
455. **Onde non te chaman, que che quererán** *ref.* COL. Mellor non ir onde non chaman [a un].
456. **Os bes do sancristán por onde veñen van** *ref.* COL. [Como veñen do que xunta no seu traballo secundario de sancristán, desprézaos, non os valora].
457. **Os cas grandes non se morden unhos aos outros** *ref.* COL. Os ricos axúdanse entre si para amolar ao pequeno.
458. **Os lobos tiran ao monte** *ref.* COL. A xente mala obra mal sempre.
459. **Os rapaces son fillos de Deus e *testigos do demo** *ref.* COL. Canto oen, canto din; non gardan segredos.
460. **Ovella que berra, bocado que perde** *ref.* COL. Mentres se fala, pérdese de traballar.
461. **Pais porcos, fillos marraus** *ref.* COL. PEX. Todo se herda.
462. **Pan con pan, comida de bobos** *ref.* COL. A boa comida ha de ter compango para que alimente.
463. **Pan de millo, pan de *Dios: dunha miga fanse dous** *ref.* COL. O pan de millo esfaragulla moito [por iso hai que amasalo mesturado con centeo para que *bregue* -que se poña duro sen esfaragullar-].
464. **Pan sin graxa, pan sin taxa** *ref.* COL. Hai que comer moito pan sen graxa porque non mantén.
465. **Pano ruín non ten mau dos mendos** *ref.* Non vale nada o pano ruín, non merece a pena arranxalo e remendalo.
466. **Papas e casamento, en quente** *ref.* COL. As papas hai que comelas ben quentes e os namorados deben casar canto antes.
467. **Pra aprender a capar hai que cortar moitos collós** *ref.* COL. VULG. A experiencia vale moito e cóllese coa práctica.
468. **Pra baixo tódolos santos axudan** *ref.* COL. Camiñar cara abaixo non supón esforzo.
469. **Pra botar o millo ten que quecer o cu na pedra** *ref.* Para poder facer a sementeira do millo debe quecer o tempo. # Pra bota-lo millo ten que quece-lo cu na pedra.
470. **Pa cobrar todo o mundo anda agudo** *ref.* COL. Cobrar non é ningún esforzo.
471. **Pró aforrador nunca faltou un despreciador** *ref.* COL. Sempre hai alguén que lle gaste todo ao aforrador.
472. **Pra o pan engraiar, ten que o cabalo *temblar** *ref.* Para que o centeo bote o gran ten que ir frío.
473. **Para o pan espendoar, ten que o cabalo *temblar** *ref.* Para que o centeo bote o pendón ten que estar o tempo frío.
474. **Prós curas e prós cas nunca faltan boas mañás** *ref.* COL. IRÓN. [Para os curas todos os días hai algún morto que trae cartos co enterro, para os cans algunha carnaza que comer].
475. **Paraugueiro e caldeireiro, canto máis burro, máis *parrandeiro** *ref.* COL. HUM. Dito sobre estes dous oficios.

476. **Pecado encuberto é medio perdoado** *ref.* Se non se sabe o pecado, é menos pecado.
477. **Pedir é de homes, dar é de mulleres** *ref.* COL. Son os homes os que deben pedir [as relacións sexuais], son as mulleres as que acceden ou non.
478. **Pés, na cama; e brazos, na estribeira** *ref.* Cando alguén se manca nun pé, debe curalo na cama; se é nun brazo, debe traelo na estribeira.
479. **Peso levantado é medio levado** *ref.* COL. Se lle erguen a un o feixe xa está medio esforzo pasado.
480. **Pola merda comemos o pan** *ref.* COL. O esterco bótaselle á terra para que dea pan.
481. **Polo San Brais tanto ten que chores coma que deixes de chorar (a metade do inverno está sin pasar)** *ref.* Aínda falta moito mal tempo por vir [o 3 de febreiro]. # Polo San Blas tanto ten que chores coma que deixes de chorar (a mitá do inverno está sin pasar).
482. **Polos rapaces e polos cas sempre empezan os paus** *ref.* COL. **1**. Os rapaces o os cans axiña comezan a pelexar. **2**. Os rapaces e os cans son os que levan sempre as culpas de algo.
483. **Por tras chámanlle ao rei cornudo** *ref.* COL. Poden dicir o que queiran por detrás, non importa.
484. **Primeiro pídelle un bico e dispois un abrazo e despois o que tes debaixo do refaixo** *ref.* COL. [Dito sobre ás relacións amorosas].
485. **Que non dure máis a mala veciña que dura a neve na frebeiriña** *ref.* COL. A neve en febreiro pronto derrete.
486. **Queixo sin ollos e pan con ollos** *ref.* [Son os mellores].
487. **Quen ben empeza ben acaba**. *ref.* Hai que facer as cousas ben desde o inicio.
488. **Quen fai rocas, logo morre** *ref.* Aplícase a un home que xa non pode traballar forte noutras cousas e fai rocas.
489. **Rézalle a Santa Apolonia *pa que non che doia dente nin moa** *ref.* Dito sobre esta santa avogosa para os males da dentadura.
490. **Rubio para Useira, vellos á raxeira** *ref.* COL. Vén tempo firme e seco. [Oseira está cara ao oeste en Trasar de Carballo] .
491. **Se niste mundo queres gozar, tes que oír, ver e calar** *ref.* COL. Hai que ser discreto para vivir ben.
492. **Se non pagas en copas tes que pagar en bastos** *ref.* COL. Dun xeito ou doutro has de pagar [como nos paus da baralla das cartas].
493. **Se queres baixar, dálle moito ao zapato e pouco ao *plato** *ref.* Para adelgazar hai que andar moito e comer pouco.
494. **Se queres o criado ben mandado, ponlle o caldo e mándao ao recado** *ref.* Así volverá pronto para comer.
495. **Se se lava o gato, venta *güesped** *ref.* Virá xente á casa [se se lava da orella para baixo, virá unha muller; se é da orella para riba será un home].
496. **Se soñas con dentes, morte nos parentes** *ref.* [Crenza popular].
497. **Se tes o pano e as liñas, cortas por onde queiras** *ref.* COL. Se tes algo do teu fas o que queres, se tes que agardar polo de fóra, xa non é o mesmo.
498. **Somos de Albán, que, canto teñen, ao lombo tran** *ref.* HUM. **1**. Dito sobre a xente de Albán (Coles) que se lle di a alguén que anda sempre coa mesma roupa.
499. **Somos de Chouzán donde non hai viño nin pan e no tempo das cereixas damos as queixas** *ref.* [Dito sobre esta parroquia de Carballedo na ribeira do Miño na que había moita pobreza]. # Somos de Chouzán donde non hai viño nin

pan e no tempo das cireixas damos as queixas.

500. **Terceiro con quinto, casamento limpo** *ref.* [Para casar xa non facía falta dispensa cando os graos de parentesco eran terceiro con quinto].
501. **Todo se di das mulleres, dos homes non se di nada, son borrachos, mullereiros, todo é unha trapallada** *ref.* COL. Ás mulleres todos se lles critica, aos homes todo se lles permite.
502. **Un ano e un pan logo se van** *ref.* COL. O tempo corre axiña.
503. **Un día de sol no febreiro come por cantos cabalos hai no reino** *ref.* O sol en febreiro reseca as terras.
504. **Un ovo sin sal sete anos fai mal** *ref.* COL. Non se deben comer os ovos sen salgar.
505. **Un xantar no Entroido, unha cama en agosto dánselle a calquera** *ref.* [No Entroido faise moita comida, un máis non importa; en agosto non vai frío e dórmese de calquera xeito].
506. **Unha vella e un candil son dous demos na casa (a vella roña que roña e o candil queimando a graxa)** *ref.* COL. HUM. O candil non para de queimar e a vella non deixa de rosmar. # Unha vella e un candil son dous demonios na casa (a vella roña que roña e o candil queimando a grasa).
507. **Vai á casa da tía e non cada día** *ref.* COL. Faille visitas mais sen abusar.
508. **Vai o ouro pró tesouro** *ref.* Ao rico todo lle sae ben, todos os cartos lle veñen.
509. **Vale máis dar a un pillo ca pedir a un home de ben** *ref.* COL. Vale máis emprestar, aínda que se perda o dado, que ter que pedir emprestado.
510. **Vale máis o que o sol deixa có que a auga cría** *ref.* O sol é indispensable para que os froitos medren.
511. **Vale máis onza de trato ca arroba de traballo** *ref.* O tratante vive moito mellor có que traballa.
512. **Vale máis ser burra dun sardiñeiro ca muller dun zapateiro** *ref.* COL. PEX. Non é aconsellable casar cun zapateiro.
513. **Vale máis un ruín *arreglo ca un bo preito** *ref.* Gástase máis no preito ca chegando a un acordo desfavorable. # Vale máis un ruín arreglo ca un bon pleito.
514. **Vale máis unha *bofetada a tempo ca un anaco de pan** *ref.* Educa mellor un castigo preventivo ca un premio.

2.5. Dialoxismos

515. **Cantan os capós en Ferreira: *Fame no millo*; contéstanlles os de Pantón: *Sempre cha acordo*** *ref.* COL. IRÓN. [Dito aplicable aos dous sitios por estaren cerca un do outro].
516. ***Quen é o meu herdeiro? O que me limpa o traseiro***. *dial*. COL. Herdará os meus bens quen me coide.
517. ***Pra donde vas, muller ben casada? Pra donde non teñas sogra nin cuñada dial.*** COL. [O mellor para a casada nova é vivir en casa de seu sen as mulleres da familia do marido]. # Pra donde vas, muller ben casada? (pra donde non teñas sogra nin cuñada).

2.6. Wellerismos

518. **Cando falaba a auga: *Quérome ver cos que non saben nadar, que os outros xa están seguros*** *ref.* COL. Todos han acabar caendo, ninguén se libra [os que saben nadar xa caen, pero os que non saben non se meten e por iso lle interesan máis].

519. **Di a curuxa: "*Anda de día, que la noche es mía*"**. COL. [Ela anda de noite e por iso o di].

520. **Din as campás de Gueral: *Quen ten, val*.** COL. IRÓN. Vales o que tes [Gueral (A Peroxa. OU)].

3. Bibliografía

FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. A Coruña: La Voz de Galicia. Biblioteca Galega 120; 119.

A cabalo regalado non se lle mira o dente. Compilación da fraseoloxía equina galega actual

Fernando Groba Bouza[1]

Edición de 1951 unidades fraseolóxicas do actual caudal paremiolóxico galego referido aos équidos, extraído de diversas fontes. Así, usáronse tanto compilacións escritas (Cadernos de Fraseoloxía Galega, diferentes dicionarios fraseolóxicos e refraneiros varios – algúns dos cales se poden atopar na rede) como tamén recolleitas *in situ* da oralidade da zona do Condado (Pontevedra). Esta recadádiva súmase ás que vén exhumando *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

Palabras clave: équidos, fraseoloxía, locucións, refráns.

Publication of 1951 phraseological units of the present Galician paroemiological wealth about the equidae, extracted from several sources. Written compilations (Cadernos de Fraseoloxía Galega, phraseological dictionaries and collections of proverbs -some of which can be found on the Internet) and the orality collected in the area of O Condado, Pontevedra, Spain, were used. This compilation joins those disinterred by Cadernos de Fraseoloxía Galega.

Keywords: equidae, Galician phraseology, Galician paroemiology, phrases, expressions, proverbs.

1. Introdución

Segundo os censos equinos, Galicia é, despois de Andalucía, a comunidade autónoma do Estado español con maior cantidade de équidos. Para exemplificar isto, mostramos os datos que o *Censo de Ganado Equino en España y Otros Países*[2] de *El sector equino en cifras. Principales indicadores económicos en 2005* recolle para Galicia:

TIPO	CABALAR	MULAR	ASNAL	TOTAL
CANTIDADE	29 293	4038	14 676	48 007

Data de recepción 22/07/2010 Data de aceptación 03/11/2010

[1] Ex-bolseiro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
[2] O censo traballa con datos do ano 1999.

Logo de observar estes datos, non nos pode estrañar que en Galicia anualmente superemos o centenar de "certames ecuestres": feiras, curros, festas, rutas, concentracións, concursos morfolóxicos, concursos de salto, concursos de andadura, concursos de doma, campionatos de *raid*, carreiras, *horseball* etc., todo un repertorio de accións que trata de dinamizar un sector moi activo que gozou e goza dunha vital importancia na nosa sociedade.

Cómpre, xa que logo, que sinalemos a gran transcendencia que teñen estes animais na nosa cultura económica e lingüística. Esa importancia reflíctese nos fraseoloxismos que recollemos nesta colectánea a través dunha serie de valores que nos transmiten experiencia e sabedoría. Entre estas apreciacións, podemos destacar: a importancia que tiñan -agora menos- estes animais como forza motriz e como medio de transporte; as diferentes calidades que os seres humanos establecen entre os distintos équidos (de peor a mellor: burro, rocín, cabalo, mula); anotacións sobre o aspecto, comportamento e alimentación dos equinos; e o enriquecemento do noso acervo paremiolóxico e fraseolóxico con expresións que nos valen tanto para falar deles mesmos como para explicarmos metaforicamente comportamentos e actitudes das persoas.

O propósito principal deste traballo é recompilar e recoller toda a fraseoloxía actual da lingua galega que ten como referente os équidos. Con tal motivo, seleccionamos e subtraemos todas as unidades fraseolóxicas que teñen que ver con estes animais a partir dunha serie de compilacións electrónicas e impresas. Engadimos tamén fraseoloxismos que escoitamos na zona do Condado porque non aparecían nas fontes escritas e cremos que é importante recollelos.

En canto ao contido do compendio, a persoa que o consulte vai atopar todos os fraseoloxismos ordenados alfabeticamente e clasificados en locucións, fórmulas, dialoxismos, wellerismos, frases proverbiais, refráns, refráns con topónimo e ditos tópicos. Asemade, a carón de cada unha das unidades, achará as abreviaturas das fontes das que foron extraídas xunto co número de orde ou referencia que lles correspondía no orixinal. Por último, nas notas a pé de páxina, deixamos toda a información léxico-gramatical dos orixinais porque consideramos que pode ser de grande importancia para entender o seu significado.

2. Advertencia sobre as notas a rodapé

As notas a rodapé reproducen ordinariamente os comentarios ou explicacións que a ese fraseoloxismo dá a fonte que citamos. Iso explica, primeiro, que unhas notas estean en galego (e non sempre coa grafía actual) e que outras estean en castelán; que a segunda forma do artigo e a contracción de preposicións se realice unhas veces e outras non dando lugar deste xeito a dobretes coma 156-157, 174-175 ou o caso da grafía da semiconsoante [j] (*hai* 205 – *hay* 1157). E, segundo, explica tamén as manipulacións da toponimia percibirá o lector que, aínda que no corpo dos fraseoloxismos os topónimos aparecen na súa forma galega correcta, nas notas a rodapé máis dunha vez aparecen deformados (*Puenteferreira, San Jorge de Aguas Santas*), porque nesas notas nós reproducimos as explicacións que dan as fontes citadas. Para un lector de 2010 será sorprendente; pero debe comprender que esa práctica deformadora dos nomes dos

lugares habitados (non así os da toponimia menor) era case obrigada na época anterior á Constitución de 1978 e á autonomía de Galicia: daquela a forma galega corría na linguaxe informal (da que forma parte a fraseoloxía por ser galega) pero nos actos oficiais e en todo canto era escrito a castelanización dos nomes dos lugares habitados era obrigada ou admitíase calquera intervención espontánea nesa dirección.

3. Fraseoloxía equina

3.1. Locucións

1. *a cabaleiro* (AFG: 2139)[3], (DC: 0184)[4], (LGC)[5]
2. *a cabaleirogas* (AFG: 2138)[6]
3. *a cabaleirolas* (AFG: 2138)[7]
4. *a cabaliño* (LGC)
5. *a cabalo* (DC: 0183[8], 0184[9]), (DFS21)[10], (FM: 2)[11], (LGC)[12]
6. *a cabalo de* (DFS21)
7. *a pé ou a cabalo* (DFS21)
8. *a renda solta* (DFS21), (DFGX)[13]
9. *a unlla de cabalo* (DFS21)[14], (AFG: 2207)[15]
10. *a uña de cabalo* (LGC)[16]
11. *achega-la albarda* (AFG: 1967)[17]
12. *achegar a albarda* (DFS21)[18]
13. *achegar a albarda adiante* [a alguén] (DFG: 0020)[19]
14. *achegarlle a albarda adiante* (DFS21)
15. *afrouxar as rendas* (DFS21)
16. *agarrar o burro* (DC: 0912)[20]
17. *agarrar un burro* (DC: 0912)[21], (DFS21)
18. *albarda sobre albarda* (DFGX)[22]
19. *alma de cabalo* (LGC)[23]
20. *amosar as ferraduras* (DFGX)[24], (AFG: 1971)[25]
21. *andar a cabalo* (LGC)[26]
22. *andar a couces* (DFS21)[27]
23. *andar a couces* [con algo/alguén] (DFGX)[28]

---

[3] Montado nas costas doutro.

[4] Montar [alguén] encol do lombo dunha persoa coas pernas abertas de xeito que rodeen a zona dos cadrís desta, ó tempo que se agarra cos brazos á zona dos ombreiros e a *cabalgadura* o suxeita polas pernas. Utilízase máis ca nada cando unha persoa monta sobre outra que a leva no lombo, do xeito que se explica, durante un traxecto non moi longo. Ex.: *Ás veces, nos adestramentos faciamos carreiras por parellas montando a cabaleiro*.

[5] Ver a nota 2. Tamén se di *ó cabaleiro*.

[6] Coas pernas abertas, ó xeito de quen monta un cabalo.

[7] Ver a nota 5.

[8] Montado ou sentado [alguén] encol dunha cabalería, nomeadamente coas pernas abertas sobre o seu lombo; e, por extensión, encol dunha persoa ou cousa. Ex.: *Abriu a portiña do púlpito, escorregou a cabalo polo pasamáns, e ó aterrar sobre a alfombra de nós, dixo*.

[9] Ver a nota 3.

[10] Montado nun cuadrúpede ou ao lombo dunha persoa.

[11] Loc. adv.

[12] Montando sobre un cabalo.

[13] Libremente. *Quería camiñar a renda solta por mor de liberarse mellor da compaña*.

[14] A toda a velocidade dun cabalo.

[15] A todo correr.

[16] Fuxir a todo correr.

[17] Zoupar.

[18] Maltratar fisicamente ou de palabra.

[19] 1. Dar golpes [a alguén]: *Botárono da policía porque era moi dado a achegarlle a albarda adiante á xente* 2. Dominar a situación nunha discusión: *Púxose farruco pero achegámoslle a albarda adiante*.

[20] Ver a nota 20.

[21] Anoxarse, enfadarse, atufarse [alguén] Ex.: *Como lle dicen que non saíse, agarrou un burro de tres pares de collóns e non falou máis en todo o día*.

[22] Dise cando unha persoa leva varias pezas de roupa sobrepostas sen que sexa necesario: *Non te abrigues tanto, non é preciso levar albarda sobre albarda, que aínda non veu o inverno*.

[23] Sen escrúpulos.

[24] Mostrarse desagradecido, devolver mal por ben, rebelarse: *Despois de tanto desvelo e preocupación, agora non ten reparo en amosar as ferraduras a quen tanto mirou por todos eles*.

[25] Dar couces.

[26] Ir montado nunha cabalería.

[27] Discutiren varias persoas entre si e de forma irada.

[28] Tratar de mala maneira, sen consideración: *En realidade, don Peregrino, coa súa voz de capón de Vilalba, tamén andaba a couces co roman paladino, para el un híbrido entre a fala do imperio e a fala ancestra*l.

24. *andar a couces con un ou con algo* (AFG: 1972)[29]
25. *andar a paso* (AFG: 2230)[30]
26. *andar ao arrieiro* (DFS21)[31]
27. *andar buscando a besta e ir d'acabalo dela* (VS: 65)
28. *andar buscando a besta i-andar a cabalo dela* (VS: 66)
29. *andar co burro* (*enriba*/*encima*) (DC: 0913)[32]
30. *andar cun burro* (*enriba*/*encima*) (DC: 0913)[33]
31. *andar de arrieiro* (DFS21)[34]
32. *andar enriba da besta* (DFS21)[35], (AFG: 3388)[36]
33. *andar na mula* (DFG: 0763)[37]
34. *andar no cabalo de San Fernando* (AFG: 2303)[38]
35. *andar no cabalo de san Francisco* (LGC)[39], (AFG: 2303)[40]
36. *andar ó arrieiro* (DC: 1242)[41]
37. *andar polos pés dos cabalos* (LGC)[42]
38. *andar quente coma un burro* (DC: 0294)[43]
39. *andar quente coma unha burra* (DC: 0294)[44]
40. *andar un todo o día na mula* (DFS21)
41. *andaren a couces* (DFS21)[45]
42. *andarlle coa albarda* [a alguén] (DFGX)[46]
43. *ao cabaleiro* (DFS21)[47]
44. *ao cabalete* (DFS21)[48], (DFGX)[49]
45. *ao cabaliño* (DFS21)[50], (DFGX)[51]
46. *ao trote* (DFS21)
47. *arco de ferradura* (DFS21)
48. *arrancada de cabalo e parada de burro* (LGC)[52], (NVS: 6)[53]
49. *arre aquí xo*, *torna alí peor* (AFG: 4305)[54]
50. *ás cabaleirolas* (DFS21)[55], (DFGX)[56], (DC: 0689)[57]
51. *ás cabaliñas* (DFS21)[58], (DFGX)[59], (AFG: 2330)[60], (DC: 0689)[61]
52. *asentarlle a albarda* (*nas nádegas*) [a alguén] (DFGX)[62]

---

[29] Maltratalo.
[30] Con xeito, ó xeito.
[31] Ter a menstruación.
[32] Ver a nota 32.
[33] Estar [alguén] enfadado, anoxado ou atufado. Ex.: *Eu de min a ti non lle iría pedir ningún favor, porque anda cun burro enriba que mete medo*.
[34] Ter a menstruación.
[35] Úsase para censurar a quen se gaba moito.
[36] Gabarse.
[37] Estar borracho: *Mira para aí, anda todo o día na mula, non ten vergonza ningunha*.
[38] Andar a pé.
[39] Ver a nota 37; Eladio Rodriguez.
[40] Ver a nota 37.
[41] Estar [a muller] no período de menstruación, no período cíclico –aproximadamente unha vez cada mes- que abrangue uns días e durante o cal expulsa unha certa cantidade de sangue pola vaxina.
[42] Dise das cousas que son tan baratas que ninguén as aprecia.
[43] Estar [unha persoa] sexualmente excitada, ter moitas ganas de practicar sexo.
[44] Ver a nota 42.
[45] Discutiren violentamente dúas ou tres persoas.
[46] Darlle castigo físico, zorregarlle; fig. sometelo: *Foi para a casa con idea de facer na esterqueira unha morea de bosta para que a vira o pai cando viñera, e non lle andara coa albarda*.
[47] Montado nun cuadrúpede ou ao lombo dunha persoa.
[48] Ver a nota 46.
[49] Ver a nota 50.
[50] Ver a nota 46.
[51] Montado coas pernas abertas sobre os ombros: *Ao mellor un tomaba medo; comezaba a chorar e había que agarralo ao cabaliño*.
[52] Dise dos que acometen un traballo con moito ímpetu para abandonalo ó pouco.
[53] Se dice de los que se entusiasman al empezar un asunto y lo abandonan después.
[54] Indicar que non hai elección posible.
[55] Ver a nota 46.
[56] Montado coas pernas abertas sobre os ombros: *O pai non parecía cansar e o rapaz ía feliz ás cabaleirolas*.
[57] Montado ou sentado [alguén] encol dos ombreiros dunha persoa coas pernas abertas. Ex.: *Os tres toureiros saíron ás cabaleirolas. / Déixame que te suba e te poña ás cabaleirolas, porque se non, non vas ver nada da actuación*.
[58] Montado nun cuadrúpede ou ao lombo dunha persoa.
[59] Montado coas pernas abertas sobre os ombros: *Ben me podías dar un bocado, que tamén te levei onte ás cabaliñas*.
[60] Coas pernas abertas, ó xeito de quen monta un cabalo.
[61] Montado ou sentado [alguén] encol dos ombreiros dunha persoa coas pernas abertas. Ex.: *Os tres toureiros saíron ás cabaliñas. / Déixame que te suba e te poña ás cabaliñas, porque se non, non vas ver nada da actuación*.

53. *bailar como un cabalo* (LGC)[63]
54. *baixar da burra* (DFGX)[64]
55. *baixar do ceo a couces* (DFGX)[65]
56. *bate-lo cabalo* (DC: 0542)[66], (LGC)[67]
57. *bater o cabalo* (DFS21)
58. *besta brava* (DFS21)[68]
59. *besta de arrieiro* (DFGX)[69]
60. *besta de carga* (DFGX)[70]
61. *besta moura* (DFS21)[71]
62. *besta negra* (DFS21)[72]
63. *bota-la mula* (DC: 1019)[73]
64. *bota-lo burro* (DC: 0615)[74]
65. *botar* [a alguén] *a couces* (DFGX)[75]
66. *botar a mula* (DFS21)[76]
67. *botar o burro* (DFS21)[77]
68. *botarlle o burro a alguén* (AFG: 3618)[78]
69. *bourar en alguén coma nun faco* (DC: 1001)[79]
70. *burra fateira* (FFA: 20)[80]
71. *burro cansado* (DFG: 0131)[81]
72. *burro cego* (DFG: 0132)[82]
73. *burro como unha porta* (FMO: 256)
74. *burro de carga* (DFGX)[83]
75. *burro fariñeiro* (DFS21)
76. *buscar a burra e ir a cabalo dela* (DFG: 0133)[84]
77. *cabalaría andante* (DFS21)
78. *cabalaría lixeira* (DFS21)
79. *cabaliño do demo* (DFS21), (DFGX)[85]
80. *cabalo bravo* (DFS21)
81. *cabalo cubridor* (DFS21)
82. *cabalo de batalla* (DFS21), (DFGX)[86]
83. *cabalo de mar* (DFS21)
84. *cabalo de parada* (DFS21)
85. *cabalo de semente* (DFS21)
86. *cabalo de Troia* (DFGX)[87]

---

[62] Darlle castigo físico, zorregarlle; fig. sometelo: *Por nos deixar asentar ben a albarda nas nádegas*.

[63] Dise da muller que brinca máis do debido ó bailar.

[64] Decatarse do erro en que estaba; caer na conta, por fin, de algo que non se daba entendido: *Baixa da burra, a razón tena quen manda, quen ten a forza Manuel*.

[65] Ter mal carácter, ser de condición rabuda: *Coñézome. Se cadra baixei do ceo a couces. Okay. Podo ser unha acabación*.

[66] Crávalle [o xinete] as esporas ó cabalo para que se bote a correr ou para que corra máis. Ex.: *Bateu o cabalo e galopando saíu con dirección a Santaella*.

[67] Ferilo coas esporas para que apure máis.

[68] Persoa que provoca odio ou rexeitamento.

[69] (Persoa) moi castigada, moi sufrida: *Comezaron a mallarme a paus (...) non parecía se non que me volvera besta de arrieiro. / ¿Como xuncras habedes andar lixeiros na tentación, indo como bestas de arrieiros?*

[70] (Persoa) moi castigada, moi sufrida: *Fai falla que os tales saiban o que traballan os seus escravos, estas bestas de carga que neste libro vou pintar*.

[71] Persoa que provoca odio ou rexeitamento.

[72] Ver a nota 70.

[73] Vomitar [alguén], devolve-lo que comeu.

[74] Ser [unha persoa] a que consegue facerse con algo ó que están optando varias, ou se-la primeira que consegue facer algo o que aspiran varias. Ex.: *Con quince anos a todos os do grupo nos laiqueaba Ana e todos queriamos se-lo seu mozo, pero foi Anxo o que botou o burro*.

[75] (Tratalo) con moi malos modos, sen respecto nin consideración: *Eu son da opinión que agora mesmo debemos de ir á súa procura e botalo a couces do lugar. / Ese goberno se tiveramos vergonza debiamos botalo a couces no cenzo*.

[76] Trousar.

[77] Saír vitorioso nun enfrontamento.

[78] Rematar algo o primeiro de todos.

[79] Darlle [unha persoa] a outra moitos golpes, pegarlle ou baterlle moito.

[80] Loc. sub. COL. PEX. Persoa falsa e maliciosa. *Ten coidado con ela, que é unha burra fateira*. Unha *burra fateira* é unha burra falsa, pouco segura, que tira coa persoa que a monta ou que cando a vai montar foxe.

[81] Persoa con pouco ánimo para emprender algo: *Non creo que o faga ese burro cansado do Emilio*.

[82] Persoa moi pouco intelixente, moi torpe ou parva: *É un burro cego, non te mates a explicarllo que non vai entender*.

[83] Persoa que traballa moito e moi duramente: *Sen ter en conta que os señores din que nós non somos máis que burros de carga*.

[84] Non darse conta de algo evidente: *Que parvo son que buscaba a burra e ía a cabalo dela*.

[85] Libélula: *A muller tamén lle pareceu máis antiga e máis atractiva que a primeira vez, con esas unllas pintadas e movéndose como cabaliños do demo*.

[86] Factor principal nunha controversia ou á hora de determinar a mestría de alguén: *O novo plano de Infraestruturas do Estado, o cabalo de batalla ao que se terá que enfrontar...*

[87] Recurso enganoso co que se pretende conseguir algo de maneira indirecta: *Boa parte deses novos*

87. *cabalo de vapor* (DFS21)
88. *cabalo do demo* (DFS21), (DFGX)[88]
89. *cabalo enteiro* (DFS21)
90. *cabalo pai* (DFS21)
91. *cabalo semental* (DFS21)
92. *caer da burra* (DFS21)[89], (DFGX)[90], (AFG: 0785)[91]
93. *caer da burra* (*abaixo*) (DFG: 0134)[92], (FM: 53)[93]
94. *caer do burro* (AFG: 0785)[94], (DFS21)[95]
95. *caer do burro* (*embaixo*) (DFGX)[96]
96. *cair da burra abaixo* (FMO: 41)
97. *caír do burro* (VS: 256)
98. *camiño de ferradura* (LGC)[97]
99. *cargado/a coma un burro* (DFG: 0136)[98]
100. *cargar coma unha burra* (DFGX)[99]
101. *chega-lo burro ó pesebre* (AFG: 4134)[100]
102. *chegarlle a albarda adiante a un* (AFG: 2024)[101]
103. *choverlle no pesebre ó faco* (AFG: 0215)[102]
104. *coas esporas ben postas* (DFS21)[103]
105. *cola de cabalo* (DFS21)
106. *coller máis ca unha burra peidos* (DFG: 0140)[104]
107. *coller o burro* (DC: 0912)[105], (DFG: 0138)[106]
108. *coller un burro* (DC: 0912)[107]
109. *coma o cabalo do mesquiño*, *farto de auga*, *mal mantido e ben corrido* (LGC)[108]
110. *coma unha burra vella* (DFS21)[109]
111. *comer coma mulos* (AFG: 0205)[110]
112. *comer coma un burro* (DFS21), (AFG: 0211)[111]
113. *comer coma un mulo* (DFS21)
114. *como poldros* (LGC)[112]
115. *comprar unha mula* (AFG: 0214)[113]
116. *correrlle a albarda a un* (AFG: 2017)[114]
117. *dacabalo* (DC: 0183[115], 0184[116])

---

membros de número non cumpriron, desde logo, ningunha das hipotéticas funcións benfeitoras polas que foron designados e actuaron máis ben como un auténtico «cabalo de Troia» na Academia. / Foi quen inventou a maior argucia que se coñece, a do cabalo de Troia.

[88] Libélula: *Os cabalos do demo ruxían ao acoplarse.*

[89] Recoñecer que non se ten razón.

[90] Decatarse do erro en que estaba; caer na conta, por fin, de algo que non se daba entendido: *-¡Ah...! –dixemos nós caendo da burra.*

[91] Recoñecer un erro. Desistir.

[92] Recoñecer estar equivocado/a; rectificar: *Despois de moito insistirlles e explicárllelo por fin caeron da burra abaixo e recoñeceron que eu tiña razón*

[93] Loc. ver.

[94] Recoñecer un erro. Desistir.

[95] Recoñecer que non se ten razón.

[96] Decatarse do erro en que estaba; caer na conta, por fin, de algo que non se daba entendido: *Ao fin vin tantas señas e tantas probas, que tiven que caer do burro maldicindo, con perdón da miña burremia. / Se queren saír do erro monten e caerán do burro embaixo.*

[97] Apto para andar a cabalo pero non para carros.

[98] Moi cargado/a: *Fanlles levar tantos libros ao colexio que andan sempre cargados coma burros.*

[99] Moito e moi duramente.

[100] Ir gastando mentres se teña para vivir.

[101] Mallar nel.

[102] Estar morto de fame.

[103] Preparado para acometer unha acción , e precavido sobre algún perigo.

[104] Coller/Ter algo en cantidade: *Este ano collemos pexegos máis ca unha burra peidos.*

[105] Anoxarse, enfadarse, atufarse [alguén]. Ex.: *Como lle dicen que non saíse, colleu o burro e non falou máis en todo o día.*

[106] Incomodarse: *Como lle dixen que non saíse, colleu o burro e non falou máis en todo o día.*

[107] Anoxarse, enfadarse, atufarse [alguén].

[108] Dise de quen é tratado mal, que non se lle dá nada pero que se lle esixe moito.

[109] Con falsidade, sen verdadeiro propósito de cumprir o que se promete.

[110] Comer moito.

[111] Ver a nota 109.

[112] Dise das persoas inquietas, nada xuízosas, especialmente dos rapaces.

[113] Embebedarse.

[114] Pegar.

[115] Montado ou sentado [alguén] encol dunha cabalería, nomeadamente coas pernas abertas sobre o seu lombo; e, por extensión, encol dunha persoa ou cousa. Ex.: *Abriu a portiña do púlpito, escorregou dacabalo polo pasamáns, e ó aterrar sobre a alfombra de nós, dixo.*

[116] Montar [alguén] encol do lombo dunha persoa coas pernas abertas de xeito que rodeen a zona dos cadrís desta, ó tempo que se agarra cos brazos á zona dos ombreiros e a *cabalgadura* o suxeita polas pernas. Utilízase máis ca nada cando unha persoa monta sobre outra que a leva no lombo, do xeito que se explica, durante un traxecto non moi longo. Ex.: *Ás veces, nos*

118. *dar couces contra a(s) parede(s)* (DC: 1063)[117], (DFS21)[118], (AFG: 0523)[119]
119. *dar couces contra o aguillón* (DFGX), (VS: 30)
120. *dar couces contra un aguillón* (AFG: 0524)
121. *dar sopas de mel a un burro* (DFGX)[120]
122. *dar sopas de mel o'n burro* (VS: 152)
123. *dar un couce* (DFS21)
124. *dar un couce coma unha burra (a alguén)* (DFG: 0349)[121]
125. *dar unha no clavo i-outra na ferradura* (VS: 6443)[122]
126. *dar unha no cravo e cento na ferradura* (DD)
127. *dar unha no cravo e outra na ferradura* (LGC), (AFG: 1207)[123], (DC: 0018 suplemento)[124], (DFGX)[125]
128. *darlle un (bo) couce* (DC: 0728)[126]
129. *darlle un couce* (DFS21)
130. *darlle un couce (no cu)* [a alguén] (DFGX)[127]
131. *darlle un couce coma unha burra* (DC: 0728)[128]
132. *darse como á burra os peidos* (DFGX)[129]
133. *darse de couces* [con algo] (DFGX)[130]
134. *dás no clavo e outras na ferradura* (VS: 6436)
135. *de (todo) trote* (DC: 1456)[131]
136. *de burro* (FFN)[132]
137. *de cabalo* (LGC)[133]
138. *de cabalo regalado a cabalo barrufeiro* (VS: 46)[134], (DFGX)[135], (AFG: 0351)[136]
139. *de sete en besta* (DFGX)[137]
140. *de todo trote* (DFS21)
141. *deixar beber a besta* (VS: 153)
142. *dentes de burro* (FFN)[138]

---

adestramentos faciamos carreiras por parellas montando dacabalo un no outro.

[117] Estar ou amosarse [alguén] desesperado ou arrepentido por mor de algunha cousa. Ex.: *A Axencia Central de Intelixencia .. é sinónimo de omnipresencia e case de omnipotencia, polo que a ninguén se lle ocorre dar couces contra a parede ó saber que, entre os seus obxectivos figuran 10 000 cidadáns americanos*.

[118] Amosar unha grande irritación por despeito ou por unha contrariedade sufrida.

[119] Desesperarse ante o imposible.

[120] Dar algo valioso a quen non o sabe apreciar: *Xa o di o Evanxeo: non lle botes margaridas aos porcos, ou como din alá, non lle deas sopas de mel a un burro*.

[121] Dise cando unha persoa fai algo mao a outra que non o esperaba: *Tanto como confiabas nel e tantos anos xuntos e deuche un couce coma unha burra*.

[122] Var.: *Dar unha no cravo e outra na ferradura*.

[123] Acertar por veces.

[124] Alternancia de algo positivo ou agradable con algo negativo ou desagradable. Ex.: *O Badaxoz segue a dar unha no cravo e outra na ferradura*.

[125] Acertar unhas veces e errar outras: *A vida é así, ás veces dás unha no cravo e outra na ferradura, pero é preciso arriscar mentres hai unhas mínimas posibilidades*.

[126] Comportarse [unha persoa] con outra de xeito desleal, enganándoa e facéndolle sufrir algún prexuízo. Ex.: *Tocóulle-lo premio gordo nun décimo comprado a medias, pero o sogro deulle un bo couce e marchoulle cos cartos, sen lle dar nin un patacón*.

[127] Desprezalo, agravialo: *Aquel señorito (...) ía roubar a galega do tren (...) e despois, cando se cansara dela, daríalle con perdón un couce no cu...*

[128] Comportarse [unha persoa] con outra de xeito desleal, enganándoa e facéndolle sufrir algún prexuízo. Ex.: *Tocóulle-lo premio gordo nun décimo comprado a medias, pero o sogro deulle un couce coma unha burra ó xenro e marchoulle cos cartos, sen lle dar nin un patacón*.

[129] Darse algo abundante e facilmente: *A Pura dánselle as escobas* -no xogo de cartas- *como á burra os peidos*.

[130] Sufrilo mal; resultar amolada por ese algo: *Do que, en cambio, segue contenta, pese a que se dá de couces co cheirume a macho do seu fillo, é do recendo do seu perfume*.

[131] Para uso diario e continuado [peza de vestir].

[132] Loc. adx. COL. Incomodado, de mal humor. [Úsase con verbos como andar, estar e vir]: *Esa non fala ás dereitas, está de burro, mais xa lle pasará*.

[133] Montando sobre un cabalo.

[134] Dícese del que pasa de la prosperidad a la desgracia.

[135] Dise de quen pasa da prosperidade á desgraza; que baixa de categoría social: *De cabalo regalado a cabalo barrufeiro só hai un paso: caer en desgraza diante dos seus xerifaltes políticos*.

[136] Dise do que pasa da prosperidade á desgracia.

[137] (Ser) de pouco rango; pouco de fiar: *Porque o tal señorito era de Beade, dos de sete en besta, e deles non se pode agardar nada bo*.

[138] Loc. sub. COL. Dentes moi grandes: *Cando ri mostra eses dentes de burro que ten*.

143. *despois de burro*, *apaleado* (AFG: 0534)[139]
144. *despois de burro, apalexado*. (RG)
145. *dispois de burro*, *apaleado*. (VS: 14300)
146. *do trote* (DFS21)
147. *é coma o burro do gitano que cando estaba acostumbrado a non comer morreu*. (OR)
148. *é como as bestas do arreeiro que levan viño e beben auga* (FMO: 270)
149. *é com'os burros da Limia*, *qu'apañan viño e beben auga* (NVS: 13)[140]
150. *éche un herdeiro fresco*: *ten tres vacas i-un besto* (NVS: 17)[141]
151. *en greas* (AFG: 0412)[142]
152. *encherlle a albarda de palla* [a alguén] (DFGX)[143]
153. *encima de burro, apaleado*. (OR)
154. *ergue-los candeeiros* (LGC)[144]
155. *erguerse aos couces* (DFGX)[145]
156. *esporea-lo cabalo* (DC: 0542)[146]
157. *esporear o cabalo* (DFS21)
158. *estar a dente como egua galega* (LGC)[147]
159. [*estar*] *aos pés dos cabalos* (DFGX)[148]
160. *estar coas esporas postas* (DFS21)
161. *estar na mula* (DFG: 0764)[149]
162. *estar para cabalgar a pelo* (DFS21)[150]
163. *estar pensando na morte da burra* (DFS21)[151]
164. *estar que nin arre nin xo* (DFS21)[152]
165. *estar quente coma un burro* (DC: 0294)[153]
166. *estar quente coma unha burra* (DC: 0294[154], 0569[155])
167. *facelas os burros e pagalas os arrieiros* (DC: 0732)[156], (DFS21)
168. *facer como a besta do arreeiro que leva viño e bebe auga* (FMO: 274)
169. *facer de un argueiro un Cabaleiro* (FMO: 192)
170. *facer dun arqueiro un cabaleiro* (DFS21)
171. *fai como os burros de arrieiro que carretan o viño e beben auga* (VS: 16738)
172. *fai como os burros dos arrieiros que carrean u viño e beben a auga* (VS: 16739)
173. *fanas os burros e páganas os arrieiros* (RG)
174. *ferrar ou deixa-lo banco*. (FMO: 196)
175. *ferrar ou deixar o banco*. (VS: 6287)
176. *ferrarlla ben* (*ferrada*) [a alguén] (DFGX)[157]
177. *ferrarlle un couce* (AFG: 2063)[158]
178. *ferrarse con alguén* (DFGX)[159]
179. *foi por burro e volveu por asno* (VS: 209)
180. *fuches de burro e viñeches d'albarda*. (NVS: 26)
181. *fuches por besta e viñeches por burro*; *fixeches así un viaxe papudo* (VS: 11135)
182. *fuches por besta*, *volviches por burro*, *quen fai así é un testarudo* (RG)
183. *gaña-lo que gañou a burra en maio* (AFG: 3308)[160]

---

[139] Dise cando a unha contrariedade lle sucede outra.

[140] Se dice de las personas excesivamente económicas.

[141] Para encarecer la conveniencia de un chico.

[142] Formando multitude.

[143] Aproveitarse de alguén mediante enganos: *Aos labregos énchelles a albarda de palla e despois aínda lles queren cobrar máis impostos*.

[144] Bota-las cabalerías as patas traseiras por alto para dar couces.

[145] Volverse intratable: *Vós os homes sodes moi aloumiñeiros e moi compracentes ao comezo, pero logo vos erguedes aos couces*.

[146] Crávalle [o xinete] as esporas ó cabalo para que se bote a correr ou para que corra máis. Ex.: *Esporeou o cabalo e galopando saíu con dirección a Santaella*.

[147] Pasar fame e penalidades.

[148] (Estar) en perigo, (estar) ao borde do desastre; ser desprezada: *A Palestina que deixou Arafat volve estar aos pés dos cabalos*.

[149] Insistir nun tema: *-¿Por que non me compras aquel xogo que che dixen? -Xa estamos na mula outra vez, coidado que es teimoso*.

[150] Ser desexable sexualmente.

[151] Estar distraído ou alleo ao que sucede.

[152] Estar ante dúas opcións semellantes ou iguais.

[153] Estar [unha persoa] sexualmente excitada, ter moitas ganas de practicar sexo.

[154] Ver a nota 152.

[155] Estar/Vir… [unha persoa] con moita carraxe, anoxo, rabia ou enfado.

[156] Pagaren os inocentes, ou aqueles que non fixeron nada malo, as culpas que outros cometeron. Ex.: *Inda non se sabe nin cómo nin cándo se producirán as represalias israelís. Se se centran sobre esta pequena República, acabarán pagando os arrieiros as que fixeron os burros*.

[157] Enganalo: *-¿E ti non estabas aquí para o saber? -Eu durmín un pouco e puidéstesme ferrar ben*.

[158] Darlle unha patada.

[159] Conxeniar: *Quere ir á casa do outro fillo porque non se ferra coa nora*.

184. *gañar a cebada* (DFG: 0270)[161]
185. *gañar o que gañou a burra en maio* (DFGX)[162]
186. *gardar o aparello* (DFS21)[163]
187. *herba da ferradura* (DFS21)
188. *ida sen volta*, *coma os poldros á feira* (LGC), (AFG: 2543)[164]
189. *ir a cabalo do burro e andar ó seu precuro* (VS: 59), (DD)
190. *ir cabaleiro no burro*, *e andar ó seu precuro* (DD)
191. *ir coa egua á venta* (AFG: 0952)[165]
192. *ir de burra e volver de albarda* (DFG: 0139)[166]
193. *ir de cabalo e vir de burro* (FMO: 51)
194. *ir de cabalo regalado a cabalo barrufeiro* (DC: 0427)[167], (DFS21)
195. *ir e vir como os poldros á feira* (VS: 259)
196. *ir no cabalo de san Fernando*: *un pouco a pé i-un pouco andando*. (FMO: 142)
197. *ir o burro a ferrar* (DFGX)[168]
198. *ir por besta e volver por burro* (FMO: 52), (VS: 225)
199. *ir por besta e volver por burro é un viaxe papudo* (DD), (RGC)
200. *írselle a burra* [a alguén] (DFGX)[169]
201. *ise non é besta cega* (LGC)[170]
202. *levar a alforxa ao lombo* (DFGX)[171]
203. *levar ás cabaliñas* (LGC)[172]
204. *levar ó cabalete* (LGC)[173]
205. *medrar como rabo de cabalo* (FMO: 291, 292)[174]
206. *meterse nunha mula rabena* (DFGX)[175]
207. *mosca burriqueira* (DFS21)
208. *mosca das bestas* (DFS21)
209. *mozo dos cabalos* (DFS21)
210. *mula criada ao pan* (DFG: 0766)[176]
211. *nin arre nin xo* (DFS21), (DFGX)[177], (DFG: 0055)[178], (AFG: 3367)[179], (FFA: 73)[180]
212. *nin ferrar nin deixar o banco*. (VS: 6288)
213. *non* (*querer*) *baixar da burra* (DC: 1448)[181]
214. *non* (*querer*) *caer da burra* (DC: 1448)[182]
215. *non baixar da burra* (DFS21), (AFG: 2861)[183]
216. *non bote-lo cabalo ó monte* (DC: 0024)[184]

---

[160] Non gañar nada.

[161] Envorcallarse [as cabalarías polo chan (humoristicamente tamén as persoas)]: *Vinde ver como gaña a cebada a besta*.

[162] Non gañar absolutamente nada: *Pensaba facer un negocio nunca visto, pero, ao fin, acabou gañando o que gañou a burra en maio*.

[163] Retirarse da actividade que se estea exercendo.

[164] Non regresar.

[165] Ir ó cabalo a que a cubra.

[166] Non aprender nada: *-Ese parece que non aprendeu nada nestes anos. -Non, ese foi de burra e volveu de albarda*.

[167] Quedar [alguén] na maior das pobrezas despois de ter bens abondos, nomeadamente por estragalo ou desbaldilo todo. Ex.: *Non soubo administra-lo capital que herdara e en dous anos foi de cabalo regalado a cabalo barrufeiro*.

[168] Realizar o acto sexual: *Ponlle unhas bragas de certa cor (...) Púxollas verdes a ver se ía o burro a ferrar, e nada*.

[169] Dicir algo inconveniente: Perdeuse polas propias palabras, fóiselle a burra sen querer.

[170] Dise de quen non ten un pelo de parvo.

[171] Proverse do necesario: *Non teñas medo que pase fame ou frío por alá. Leva a alforxa ao lombo*.

[172] Levar a ombros.

[173] Ver a nota 171

[174] Forma irónica de espricar o caimento económeco de alguén.

[175] Peñorar os bens ou pedir un empréstito: *Porque ¡malpocados! Tivemos que meternos na mula rabena para chegar a esta América case en coiros e coas mans metidas nos petos*.

[176] Persoa ignorante e bondadosa: *Ese é unha mula criada ao pan*.

[177] Expresa indiferenza ante algo/alguén. *Os poemas de Saramago, que a Inés, en fin, nin arre nin xo. / Para os que queren mudar os nomes: rúa dos Irmandiños, en Compostela. Para os que non queren: rúa do Olvido, en Ourense. Para os que nin arre nin xo: rúa das Adormideiras, na Coruña*.

[178] Expresión coa que se comenta a indefinición dunha persoa ou unha cousa. Equivale a "nin unha cousa nin outra": *Esa película nin é unha comedia nin un drama, non é nin arre nin xo*.

[179] Nin unha cousa nin outra.

[180] Fór. COL. [Dise cando alguén non dá escollido entre dúas opcións opostas]: *A ver, cómpralo ou non o compras?, que xa levamos aquí media hora. Nin arre nin xo!*

[181] Manter de xeito teimoso [alguén] unha actitude ou opinión xa manifestada, mesmo tendo practicamente a evidencia de que é errada.

[182] Ver a nota 180.

[183] Teimar. Turrar.

[184] Expresións con que se dá a entender que o futuro é imprevisible e que as vindeiras circunstancias non poden forzar a facer cousas que nunca pensariamos. Ex.: *Teño claro coma o día que*

217. *non botes o cabalo ao monte* (DFS21), (DFG: 0147)[185]
218. *non deixarse ferrar sen aceal* (LGC)[186]
219. *non dicir nin arre nin xo* (AFG: 3374)[187]
220. *non estar a pé nin a cabalo* (DFGX)
221. *non estar a pé nin dacabalo* (AFG: 3375)[188]
222. *non estar para estes trotes* (DFS21)
223. *non facer falta tantas alforxas* [para algo] (DFGX)[189]
224. *non ha morrer da cornada de burro* (AFG: 3099)[190]
225. *non ha morrer da cornada dun burro* (AFG: 3099)[191]
226. *non levar dous a cabalo* (DC: 0051)[192]
227. *non mirar un burro a catro pasos* (OR)
228. *non poder dar no burro e dar na albarda* (AFG: 2083)[193]
229. *non se deixar ferrar sen aceal* (DFS21), (AFG: 1154)[194]
230. *non se deixar ferrar sen arreal* (DFS21)
231. *non ser besta cega* (DC: 1062)[195]
232. *non ser nin arre nin xo* (DFS21)
233. *non te acabas de apear da burra* (NVS: 38)
234. *non ver a tres montados nun burro* (VS: 184)
235. *non ver a tres nun burro* (DFGX)[196]
236. *non ver un burro a catro pasos* (DC: 1451[197], 1452[198]), (DFS21), (DFGX)[199]
237. *non ver un burro a tres pasos* (DC: 1451[200], 1452[201]), (DFS21), (DFGX)[202], (AFG: 3351)[203]
238. *novela de cabalarías* (DFS21)
239. *ó cabaleiro* (DC: 0184[204]), (LGC), (AFG: 2139)[205]
240. *ó cabalete* (AFG: 2613)[206]
241. *ó cabalín* (AFG: 2613)[207]
242. *ó cabaliño* (DC: 0184[208], 0689[209]), (LGC), (AFG: 2613)[210]
243. *ollos de cabalo* (DFS21), (LGC)[211]
244. *onde perderon as ferraduras os cabalos dos mouros* (DFGX)[212]

---

nunca me hei vender por cartos: a miña ética non mo permitiría. Non bóte-lo cabalo ó monte que nunca se sabe.

[185] Expresión coa que se indica que nunca se pode dicir que non se fará unha determinada cousa: -*¿Fuches a que che fixesen esa operación? ¡Que horror, eu non iría nin anque me pagasen! ¡Nin tola deixaba que me cortasen! -Filla, non botes o cabalo ao monte que nunca se sabe*.

[186] Dise do que non obedece, ou das mozas que non se deixan meter man.

[187] Ser indeciso.

[188] Estar na incerteza; estar indeciso.

[189] Non ser preciso un esforzo especial para facer iso: *Cómpre axustarse ao marco histórico porque para desvirtuar a historia non fan falta tantas alforxas*.

[190] Dise de quen toma as debidas precaucións.

[191] Ver a nota 189.

[192] Non aturar [alguén] chanzas ou bromas pesadas, nin tampouco ladrases. Ex.: *Procura non buscarlle o xenio, que este éche dos que non leva dous a cabalo*.

[193] Castigar ó inocente por non atreverse co culpable.

[194] Non se someter facilmente á obediencia.

[195] Non ser [alguén] nada parvo.

[196] Ver a nota 201.

[197] Ser [alguén] moi pitoño, ter moi mala vista.

[198] Non ter [alguén] capacidade para desenvolverse nunha determinada actividade por falta de aptitude e coñecementos. Ex.: *No teu, no ramo da mercería, onde ti te perdas xa se quixera atopar calquera, pero sácante de aí e non ves un burro a catro pasos*.

[199] Haber moi pouca ou nula visibilidade.

[200] Ver a nota 196.

[201] Ver a nota 197.

[202] Haber moi pouca ou nula visibilidade: *Non se vía un burro a tres pasos*.

[203] Non se decatar de nada; ver ou entender mal.

[204] Montar [alguén] encol do lombo dunha persoa coas pernas abertas de xeito que rodeen a zona dos cadrís desta, ó tempo que se agarra cos brazos á zona dos ombreiros e a "cabalgadura" o suxeita polas pernas. Utilízase máis ca nada cando unha persoa monta sobre outra que a leva no lombo, do xeito que se explica, durante un traxecto non moi longo. Ex.: *Ás veces, nos adestramentos faciamos carreiras por parellas montando ó cabaleiro*.

[205] Montado nas costas doutro.

[206] Coas pernas abertas, ó xeito de quen monta un cabalo.

[207] Ver a nota 205.

[208] Ver a nota 203. Ex.: *Ás veces, nos adestramentos faciamos carreiras por parellas montando ó cabaliño*.

[209] Montado ou sentado [alguén] encol dos ombreiros dunha persoa coas pernas abertas. Ex.: *Os tres toureiros saíron ó cabaliño. / Déixame que te suba e te poña ó cabaliño, porque se non, non vas ver nada da actuación*.

[210] Coas pernas abertas, ó xeito de quen monta un cabalo.

[211] Ollos saíntes e abombados.

[212] Moi lonxe*: Alá non sei onde, onde, onde perderon as ferraduras os cabalos dos mouros*.

245. *orellas de burro* (DFS21)
246. (*ou*) *arre ou xo* (DFG: 0054)[213], (VS: 6289), (DFS21)
247. *ou ferrar ou quitar o banco*. (VS: 6291)
248. *palla para o burro* (FM: 183)[214]
249. *para* (*todo*) *trote* (DC: 1456)[215]
250. *parecer un cabalo montado* (FM: 188)[216]
251. *pasar* [a alguén] *coma ao burro dos xitanos* (*que cando xa se acostumara a non comer*, *morreu*) (FFA: 94)[217]
252. *pasar de cabalo regalado a cabalo barrufeiro* (LGC)[218]
253. *pegar do burro pra qu'outro o monte* (NVS: 44)[219]
254. *pensar na morte da burra* (DFG: 0756)[220]
255. *perder os estribos* (DFS21), (DFGX)[221], (DC: 0554)[222]
256. *perder as estribeiras* (DFS21), (DC: 0554)[223], (FMO: 62)
257. *pesada coma unha mosca de cabalo* (DFGX)[224]
258. *pesado coma unha mosca burriqueira* (DFGX)[225]
259. *picar de burro para besta* (DFGX)[226]
260. *picar de esporas* (DC: 0542)[227], (DFS21)
261. *picar esporas* (DC: 0542)[228]
262. *pillar o burro* (DC: 0912)[229]
263. *pillar un burro* (DC: 0912)[230]
264. *poñer a caer dun burro* (DFS21)[231], (DC: 0311)[232], (DFGX), (AFG: 2097)[233]
265. *poñer a caer dunha burra* (DC: 0311)[234]
266. *poñer pexa* (DFS21)
267. *poñer pexas* (DFS21)[235]
268. *pór a caer dun burro* [alguén] (DFG: 0142)[236]
269. *por riba de burro*, *apaleado* (DFS21)[237]
270. *por riba de burro*, *aparellado* (DFGX)
271. *por riba de burro*, *mazado* (AFG: 0676)[238]
272. *pórlle os aparellos* [a alguén] (DFGX)[239]
273. *primeiro a albarda e despois a besta* (DFS21)
274. *quitar os pés das alforxas* (DFGX)[240]

---

[213] Dise a alguén para que tome unha decisión: *¿Quedas aí ou ves comigo? Non sabes o que queres. Pois decide: ou arre ou xo*.

[214] Loc. subst.

[215] Para uso diario e continuado [peza de vestir].

[216] Loc. ver.

[217] Loc. ver. COL. [Dise de quen come pouco]: *Si, ti non comas, a ver se che vai pasar coma ao burro dos xitanos*.

[218] Dise cando se cae da prosperidade á desgraza.

[219] Hacer una cosa en provecho de otra: Sujetar el burro para que otro lo monte.

[220] Estar abstraído/a: *Sempre estás a pensar na morte da burra e despois non me sabes contar nada do que pasa*.

[221] Perder a paciencia e o autodominio, obrar sen xuízo nin razón: *Fíxolle tanta graza ver o moina perder os estribos, que se botou a rir*.

[222] Perder [alguén] a paciencia e o dominio de si mesmo, o cal o leva a obrar ou falar sen tino. Ex.: *Agora, prudencia, ¿eh?, e non perde-los estribos se a sorte se dá mal*.

[223] Perder [alguén] a paciencia e o dominio de si mesmo, o cal o leva a obrar ou falar sen tino. Ex.: *Agora, prudencia, ¿eh?, e non perde-las estribeiras se a sorte se dá mal*.

[224] Ser moi pesada: *Entre eles había un molexa, terco e pesado coma unha mosca de cabalo, que non saía de enriba de José, pedíndolle a todas as horas do día que lle dera unha navalliña*.

[225] Ser moi pesada.

[226] Úsase para ponderar a ignorancia de alguén: *O tesoureiro Rafael Nogueira Codesido era un ignorante e que os que andaban detrás del picaban todos de burros para bestas*.

[227] Crávalle [o xinete] as esporas ó cabalo para que se bote a correr ou para que corra máis. Ex.: *Picou de esporas e galopando saíu con dirección a Santaella*.

[228] Ver a nota 226. Ex.: *Picou esporas e galopando saíu con dirección a Santaella*.

[229] Ver a nota 229.

[230] Anoxarse, enfadarse, atufarse [alguén]. Ex.: *Como lle dicen que non saíse, pillou un burro de tres* pares de collóns e non falou máis en todo o día.

[231] Criticalo asperamente.

[232] Criticar [unha persoa] a alguén moi duramente, falar mal del.

[233] Insultalo, maltratalo.

[234] Ver a nota 231.

[235] Impedir ou poñer atrancos.

[236] Reprender, criticar con acritude [alguén]: *Estivemos falando de política, pero como non teño as mesmas ideas ca el, comezamos a discutir e púxome a caer dun burro*.

[237] Expresión que indica a volta dunha penuria despois de sufrir outra.

[238] Dise cando unha situación empeora.

[239] Administrarlle o sacramento da unción de enfermos: *Un cólico tan enrabechado, que fixo andar ao abade máis de présa para lle pór os aparellos (como soe dicirse) para marchar para o outro mundo*.

275. *sacar os pés das alforxas* (DFGX)[241]
276. *saírlle a burra capada* (DC: 1410)[242]
277. *¡Sempre foi un besta!* (LGC)[243]
278. *ser* (*burra*) *coma un arado de pau* (DFGX)
279. *ser* (*testán*) *coma unha mula* (DFGX)[244]
280. *ser* (*un*) *bo poldro* (DFGX)[245]
281. *ser coma a mula do arrieiro* (AFG: 1169)[246]
282. *ser coma o burro do arrieiro* (AFG: 1169)[247]
283. *ser coma sacar pallas dunha albarda* (DFS21)[248]
284. *ser falso coma unha besta* (DC: 0929)[249]
285. *ser falso coma unha burra vella* (AFG: 1921)[250]
286. *ser falso coma unha burra* (DFG: 0765)[251]
287. *ser falso coma unha mula* (DC: 0929)[252]
288. *ser máis besta que un burro* (LGC)[253]
289. *ser máis burro ca feito de encarga* (AFG: 3554)[254]
290. *ser máis burro cós que andan aparellados* (AFG: 3555)[255]
291. *ser máis duro ca un cabalo* (AFG: 3557)[256]
292. *ser máis falso cá burra dun panadeiro* (OR)
293. *ser máis falso cás bestas* (DC: 0929 Nota)[257]
294. *ser máis lento có cabalo da paciencia* (DC: 1431)[258]
295. *ser máis lento có cabalo do malo* (DC: 1431)[259]
296. *ser mula do arrieiro* (AFG: 1169)[260]
297. *ser peor ca unha besta* (DFGX)[261]
298. *ser teimoso coma unha mula* (DC: 1391)[262]
299. *ser terco coma unha mula* (DFGX Nota)[263]
300. *ser testudo coma unha burra* (DFGX)[264]

---

[240] Actuar con decisión, con ousadía; moverse dilixentemente para obter resultados favorables; mostrar unha actitude arrogante ou desprezativa: *Daba gloria, afellas, ver como aquela xente... quitaba os pés das alforxas*.

[241] Actuar con decisión, con ousadía; moverse dilixentemente para obter resultados favorables; mostrar unha actitude arrogante ou desprezativa: *Desenganémonos: non sacando os pés das alforxas como se di entre nosoutros, (...) seremos o que fumos sempre, esquecidos por todos. / Si, Elixio si, que dun tempo a ista parte andas con présa por sacar os pés das alforxas... e amosarnos a cada paso que sabes máis que nós...*

[242] Saírenlle a alguén as cousas mal e á avesas de como esperaba ou de como tiña planeado. Ex.: *Acudiron os outros e á minuta se desfixo a loita. Agora Tito e Fernando mirábanse esgotados .. –Viñan meténdose comigo –dixo Mely-; pero saíulle-la burra capada*.

[243] Dise de quen é un groseiro, burrán.

[244] Ser moi testán: *Manuel Fernándes, por exemplo (...), testán coma unha mula e leal coma un mastín leboreiro*.

[245] Ser moi traveso, falcatrueiro: *Pero un día collérono alí en Muimenta nunha cantina entre uns cinco ou seis, que eran bos poldros, e dixeron: (...) hoxe ha de levar un susto*.

[246] Dise daquel de quen todos abusan.

[247] Ver a nota 245.

[248] Ser moi fácil.

[249] Ser [alguén] unha persoa moi falsa, ser unha persoa que non é nada de fiar. Ex.: *Non te fíes de ningún dos dous, que son máis falsos cás bestas*.

[250] Moi hipócrita.

[251] Moi falso/a, traidor/a: *Non fiedes nel que é falso coma unha burra*.

[252] Ser [alguén] unha persoa moi falsa, ser unha persoa que non é nada de fiar. Obviamente, todas estas expresións tamén se poden usar empregando a comparativa de superioridade: máis falso ca unha mula, máis falso cás cobras, máis falso cá cascarilla... Ex.: *Non te fíes de ningún dos dous, que son máis falsos cás mulas*.

[253] Indica a máxima ignorancia.

[254] Ser moi parvo.

[255] Ver a nota 253.

[256] Ter boa saúde, ser rexo.

[257] Ser [alguén] unha persoa moi falsa, ser unha persoa que non é nada de fiar. Ex.: *Non te fíes de ningún dos dous, que son máis falsos cás bestas*.

[258] Ser [alguén] moi lento facendo as cousas, tardar en facelas máis do que é normal, obrar con moita lentitude. Ex.: *A ver se andamos un pouquiño máis lixeiros, home, que non hai outro coma ti que es máis lento có cabalo da paciencia*.

[259] Ver a nota 257. Ex.: *A ver se andamos un pouquiño máis lixeiros, home, que non hai outro coma ti que es máis lento có cabalo do malo*.

[260] Dise daquel de quen todos abusan.

[261] Ser moi parva, moi animal: *O home que se bota de noite, fóra da súa casa, sen levar unha defensa consigo... é peor ca unha besta, fora a alma que Deus lle deu*.

[262] Ser [alguén] unha persoa que ten paciencia a persistir nas súas ideas ou actitudes, mesmo sabendo que está errado ou que está obrando mal.

[263] Ser moi testán: *Pero ademais é terca coma unha mula*.

[264] Ser moi testudo: *-¿Que me dis? -Que es testudo coma unha burra*.

301. *ser un burro fariñeiro* (DFS21)
302. *ser un desbocado* (DC: 0757)[265]
303. *ser un parto coma o dunha burra* (DFG: 0866)[266]
304. *ser un santo baixado do ceo a couces* (AFG: 3005)[267]
305. *ser unha* (*mala*) *besta* (DFGX)[268]
306. *ser unha besta* (DFS21)[269]
307. *ser unha besta brava* (DFS21)[270], (LGC)[271]
308. *ser unha besta do monte* (LGC)[272]
309. *ser unha besta negra* (DFS21)[273], (DFGX)[274]
310. *ser unha besta parda* (DFS21)[275], (DFGX)[276]
311. *ser unha moza como unha potra* (LGC)
312. *soltar un couce* (AFG: 2110)[277], (DFS21)
313. *soltar unha patada* (DFG: 0876)[278]
314. *soña o burro co farelo* (DFGX)[279], (AFG: 4420)[280]
315. *sopas de burro cansado* (FM: 230)[281]
316. *sopas de burro canso* (DFS21)
317. *sopas de cabalo canso* (DFS21)
318. *tan bo é o burro coma quen o tangue* (DC: 1370)[282], (DFG: 0143)[283]
319. *tanto ten ir a pé coma a cabalo* (DFG: 0904)[284]
320. *teimoso/a coma unha mula* (DFG: 0767)[285]
321. *te-la alforxa chea* (AFG: 4206)[286]
322. *te-las ferraduras da morte* (AFG: 1552)[287]
323. *ter a alforxa chea* (DFS21)
324. *ter a burra no pau* (FFN)[288]
325. *ter a vara e a besta* (DFS21)[289], (DFGX)[290]
326. *ter a vara e mais a besta* (DFS21)
327. *ter arreos* (DFGX)[291]
328. *ter forza coma un cabalo* (LGC)
329. *ter máis ca unha burra peidos* (DFG: 0140)[292]
330. *ter moitos aparellos* (DFS21)
331. *ter o burro* (*enriba/encima*) (DC: 0913)[293]
332. *ter o burro á porta* (DFGX)[294]

---

[265] Ter [unha persoa] o costume de falar dicindo groserías ou blasfemias.

[266] Ser un asunto lento en resolverse ou facerse: *Pois prepárate a esperar que ese creo que vai ser un parto coma o da burra*.

[267] Ironicamente dise da persoa mala.

[268] Ser moi bruta; ser unha persoa desapiadada e cruel: *O poeta di que o filántropo foi unha besta. / Agora que aquela mala besta (...) enviara a Antípatro. / E engadira tamén que non lle sería difícil, porque o pai era un besta*.

[269] Ser moi ignorante.

[270] Ver a nota 268.

[271] Dise da persoa zafia e ruda.

[272] Ver a nota 270.

[273] Ser moi ignorante.

[274] Ser moi bruta; ser unha persoa desapiadada e cruel: *E que, agora que morreu aquela besta negra abusadora chamada Herodes (...)*

[275] Ser moi ignorante.

[276] Ver a nota 273.

[277] Contestar iradamente, ofender.

[278] Dicir unha indirecta; contestar ofensivamente ou de má maneira; sacar un conto gracioso: *Nunca che pensei que Manuel, tan bo como parece, me soltase aquela patada cando lle preguntei pola saúde da muller*.

[279] Dise cando alguén soña ou pretende un imposible: *Si fillo si, soña o burro co farelo... eu tamén quería volver ser moza*.

[280] Soñar con imposibles, soñar co que se desexa.

[281] Loc. subst.

[282] Expresións que se lles aplica a dúas persoas que presentan gran semellanza en algo, nomeadamente cando ese algo non se considera precisamente unha calidade positiva. Ex.: -*¿Sabes que Pepe o Becho fala con María a Chita? –Non che me estraña nada: tan bo é o burro coma quen o tangue*.

[283] Expresa que dúas persoas son iguais, do mesmo estilo, normalmente en sentido negativo: *Chora porque o irmao tiroulle polos pelos, pero antes déralle el unha patada. Tan bo é o burro coma quen o tangue*.

[284] Expresa que dúas opcións son igualmente más: -*¿Queres que cha mande por Luís ou vela buscar ti? -Tanto ten ir a pé coma a cabalo. O meu problema é que a necesita agora mesmiño*.

[285] Moi teimoso/a: *Xa levo insistido moito nel, pero ¿pensas que vén ao rego?, ¡non ho!, se é teimoso como unha mula*.

[286] Ser rico.

[287] Ter moi mala cara.

[288] Loc. ver. COL. Non saber que facer, estar indeciso: *Quero ir á feira, mais agora téñoche a burra no pau, se vén a miña filla queda de porta a fóra*.

[289] Mandar ou decidir nun asunto.

[290] Ter poder, ter capacidade de influír: *Vaillo pedir a el, que ten a vara e a besta, e é ademais, unha persoa receptiva, afable*.

[291] Ter valor, determinación: *Non tivo arreo para ir facelo*.

[292] Coller/Ter algo en cantidade: *Este ano collemos pexegos máis ca unha burra peidos*.

[293] Estar [alguén] enfadado, anoxado ou atufado.

333. *ter o burro* (DFG: 0138)[295]
334. *ter un burro* (*enriba*/*encima*) (DC: 0913)[296]
335. *ter un cabaleiro* (AFG: 1560)[297]
336. *ter un cabalo no pescozo* (LGC)[298], (AFG: 1561)[299]
337. *ter unha mula* (DFS21)
338. *terse as crinas* (AFG: 1178)[300]
339. *tirado aos sete cabalos* (FFN)[301]
340. *tirar unha patada* (DFG: 0876)[302]
341. *tirarlle couces* [a alguén] (DFGX)[303]
342. *traballar coma un burro* (DFS21), (DFGX)[304], (DFG: 0144)[305]
343. *traballar coma unha besta* (DC: 0017 suplemento)[306], (DFGX)[307]
344. *traballar coma unha burra* (DC: 0017 suplemento)[308], (DFGX)[309]
345. *traballar coma unha burra de carga* (DC: 0017 suplemento)[310]
346. *traballar coma unha mula* (DFGX)
347. *traballar coma unha mula de carga* (DC: 0017 suplemento)[311]
348. *traballar máis ca unha besta* (DC: 0017 suplemento)[312]
349. *traballar máis ca unha burra* (DC: 0017 suplemento)[313]
350. *traballar máis ca unha burra de carga* (DC: 0017 suplemento)[314]
351. *traballar máis ca unha mula de carga* (DC: 0017 suplemento)[315]
352. *tratar* [a alguén] *a couces* (DFGX)[316], (DC: 0102)[317], (DFS21)
353. *verse na pel da burra* (DFS21), (AFG: 1428)[318]
354. *vir quente coma unha burra* (DC: 0569)[319]
355. *vólvense as bestas ós arrieiros* (VS: 13[320], 202)

3.2. Fórmulas

1. *A á é a primeira letra qu'o burro dá*. (RGP: 1)
2. *A burra non é chosca* (FM: 1)
3. *A carne de burro non é trasparente*. (VS: 1)[321]

---

[294] Ser obxecto de burla: *Cando a alguén lle sucede unha cousa pola que poida facerse burla, dinlle que ten o burro á porta*.

[295] Incomodarse.

[296] Estar [alguén] enfadado, anoxado ou atufado. Ex.: *Eu de min a ti non lle iría pedir ningún favor, porque ten un burro enriba que mete medo*.

[297] Ter unha postura.

[298] Sufrir unha contractura no pescozo.

[299] Ter unha tortícole.

[300] Vencer a un inimigo superior en forzas.

[301] Loc. adx. COL. De moito nivel, de moito luxo. [Úsase con substantivos como casamento]. Este si que foi un casamento tirado aos sete cabalos. Non faltou de nada, había fartura de todo.

[302] Dicir unha indirecta; contestar ofensivamente ou de má maneira; sacar un conto gracioso.

[303] Dicir despropósitos; dar malas contestacións: *Educouno con exceso de mimo e agora é un déspota que de cando en vez lle tira un par de couces*.

[304] Moito e moi duramente: *¿Ti traballaches coma un burro vinte horas das vinte e catro que ten o día?*

[305] Traballar moito: *Traballa coma un burro, eu non sei como resiste eses dous choios. Dígoche que iso non é vida*.

[306] Traballar [alguén] moito, matarse a traballar, ou ter que cargar co traballo máis duro.

[307] Moito: *Para el non había outra que erguerse cediño, traballar todo o día coma unha besta*.

[308] Ver a nota 305.

[309] Moito e moi duramente: *Deitándome tarde, traballando todo o día coma unha burra -¡ti ben o sabes!-*.

[310] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal], *facendo de burra de carga unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[311] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal],*facendo de mula de carga unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[312] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal], *traballando máis ca unha besta unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[313] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal], *traballando máis ca unha burra unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[314] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal], *facendo de burra de carga unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[315] Ver a nota 305. Ex.: *Xa van tres anos que estou aquí* [no xornal], *facendo de mula de carga unhas veces e pasando desapercibido outras*.

[316] (Tratalo) con moi malos modos, sen respecto nin consideración.

[317] Tratar [unha persoa] a outra con excesiva dureza ou severidade, e mesmo con desprezo.

[318] Verse nun aperto.

[319] Estar/Vir… [unha persoa] con moita carraxe, anoxo, rabia ou enfado.

[320] Contra los que se vuelven contra sus superiores.

4. *A carne de burro non é transparente*. (RSS: 63)
5. *¡A lúa está no couce!* (AFG: 1222)[322]
6. *Aguanta (d)os cabalos* (DC: 0529)[323]
7. *Aguanta dos cabalos* (DFS21)[324]
8. *¡Ah! A primeira orneada que o burro dá* (VS: 11)
9. *¡Alá vai o burro coas noces!* (DFS21)[325], (DFGX)[326]
10. *Alá vai o burro tras da nai*. (VS: 3)
11. *Alá vai, alá vai o burro detrás da nai*. (DD)
12. *Alá vai, alá vai o burro tras da mai*. (RG)
13. *Alá vai, alá vai o burro tras de súa nai*. (DD)
14. *Alá vai, alá vai, o burro atrás da nai*. (RSS: 311)
15. *Alá vai, alá vai, o burro tras d'a nai*. (RGP: 46)
16. *Alá vai, alá vai, o burro tras da nai*. (RG), (VS: 4)[327], (FMO: 1723)
17. *Amigos si, pero a burra ao linde.* (DFS21)
18. *Amigos, amigos, pero a burra á linde*. (AFG: 1200)[328]
19. *Anda, burro animal, que non estamos no tempo do Carnaval*. (VS: 236)
20. *Baixa os cabalos Toniño*. (DFGX)[329]
21. *Ben vale a besta unha cabezada nova*. (DFGX)[330]
22. *¡Boa burra mercamos!* (AFG: 4309)[331], (DFGX)[332]
23. *¡Cantos burros mantén a fariña!* (VS: 56)
24. *¡Chámalle burro ao cabalo!* (DFG: 0137)[333], (DFGX)[334]
25. *Chámalle burro ó cabalo*. (DC: 0025)[335], (AFG: 0039)[336]
26. *Con unha burra e un rabo xa van dacabalo*. (VS: 6)
27. *De aquí a alá ou morre a burra ou quen a tangue* (OR)
28. *Eu como (o) cabalar, ou comer ou andar*. (VS: 1)
29. *Non é nada unha copa pra unha mula*. (FMO: 8b)
30. *Non sei se chegará a burra ó pesebre*. (VS: 138)
31. *Nunca tal burra albardei*. (APRG)
32. *O burro deb'ir detrás*. (NVS: 47)
33. *O burro diante pa que non se espante*. (VS: 7)
34. *O burro diante para que a recua non se te espante*. (VS: 711)
35. *O burro diante pra que non se espante*. (VS: 712), (FMO: 21)

---

[321] Se dice cuando uno se pone a curiosear, estorbando la vista de los demás.

[322] Dise cando alguén está esaxerando.

[323] Expresións con que se lle di a alguén que acougue ou se calme, que depoña a cólera ou o enfado, nomeadamente cando se considera que o dito enfado está fóra de lugar ou non ten motivo de ser. Ex.: *¡¡¿Pero como te atreviches a publicar isto sen me consultares?!! –Aguanta os cabalos, que eu non tiven nada que ver no asunto*.

[324] Expresión que exhorta á calma.

[325] Estragarse.

[326] Expresión de forte contrariedade cando algo é desbaratado: *Agora si que a foi, ¡alá vai o burro coas noces!, o coche sen gasolina e eu sen carteira*.

[327] Para motejar a los que siguen los consejos de los poco avisados.

[328] *Amigos si, pero a cada un o seu*.

[329] Díselle a alguén que manifesta unha actitude ou comportamento soberbio: *¡Baixa os cabalos Toniño, que se non hanchos de baixar os demais!*

[330] Dise cando o beneficio obtido vale con creces o que se sacrifica: *Suprimindo as deputacións aforraremos máis de sesenta millóns; ben vale a besta unha cabezada nova*.

[331] Dise cando se fai mal negocio.

[332] Dise cando se fai un mal negocio ou non saíu algo como se esperaba: ¡*Boa burra mercamos!, ás veces querer aforrar non é ningún negocio, mira que mal resultado nos deu este coche*.

[333] Dise de alguén que nos parecía pouco esperto mais que demostrou con algún feito ou dito ser persoa aguda: *Crías que era parvo, ¡chámalle burro ao cabalo!*.

[334] Dise ironicamente para se referir a alguén que aparenta ser máis parvo do que é: *¡Érache boa! Cortou a muller carraxenta. ¡Chámalle burro ao cabalo! Casar non quere pero arrimarse...*

[335] Expresións que se usan cando se descobre de súpeto que unha persoa que parecía ser curta coma o rabo dunha boina, ou moi sinxela e limitada, ten talento ou malicia, ou que fai algo que supera as espectativas que dela podía te-la xente que a coñecía. Ex.: *-¿Sabedes que a Cándido lle deron o primeiro premio no concurso de inventos con máis proxección de futuro? -¡Chámalle burro ó cabalo!*

[336] *Non é tan parvo como parece*.

36. *O burro diante, pra que a recua non se espante*. (DD)
37. *¡Outra besta no trigo!* (FFA: 90)[337]
38. *P'o burro que é, ben chegha a albarda*. (VS: 143)
39. *Pensando morreu un burro*. (DFGX)[338]
40. *Por algo Dios [non] lle deu cornos ós burros*. (NVS: 42)[339]
41. *Pra ese viaxe non fan falla alforxas*. (FMO: 137)
42. *Que pare a burra!* (FG: 79)[340]
43. *¡Quen fora rei, pra andar a cabalo!* (DD), (VS: 59)
44. *Sebo de burro que é manteigudo*. (FMO: 25)
45. *Van dous burros nun animal, á moda de Portugal*. (FMO: 56)
46. *¡Volta a burra ao millo!* (FG: 104)[341]

3.3. Dialoxismos

1. *-Non son reló de repetición. –Pero eres burra de contestación*. (VS: 171)
2. *A egua: xear, xear, hastr'a o coiro regañar*. (VS: 6)
3. *A egua xear xear hastr'o coiro regañar*. (RSS: 90)
4. *A vaca: chover hasta o corno amolecer; a egua: xear hasta o lombo regañar*. (VS: 7)
5. *A vaca, chover, chover, ata o corno amolecer; a besta, secar, secar, ata o beizo regañar*. (BF)
6. *Boi: "chover, chover hasta o corno torcer". Cabalo: "xear, xear hasta o beizo regañar"*. (VS: 9)
7. *-O cabalo branco está tumbado no campo; éntranlle as moscas pola boca e sálenlle por baixo do rabo. -¿Logo morreu?* (VS: 172)[342]
8. *-¿Por onde pasa o tren? –Pola vía. –Cálate, burra, que eu xa o sabía*. (VS: 174)

3.4. Wellerismos

1. *Decían as ovellas cuando falaban: "Sácam'a marzo, verás cómo pazo; sácam'abril, xa me verás fuxir; sácam'a maio, qu'hei correr com'un cabalo"*. (VS: 10)
2. *Dice la yegua: Costa arriba, non me afrontes*[343]*; costa abaixo non me montes, e polo chan non me aforres*. (RG)
3. *Dixo a besta ó montador: Pra riba non m'afrontes, pra baixo non me montes e polo chan non me perdones*. (NVS: 3)
4. *Dixo a besta ó montador: -Pra riba non me afrontes, pra baixo non me montes e polo chan non me perdones*. (FMO: 883)
5. *Dixo a besta: "Abaixo non me montes, arriba non me afrontes, e diante non me perdones"*. (VS: 13)
6. *Dixo a besta: "Líbrame do vento, e venteo; xear e nevar hastra o fuciño regañar; xear, xear, hastra o fuciño encarambelar"*. (VS: 14)
7. *Dixo a besta: "Non teño medo á morte hastra que o aire veña do norte"*. (VS: 15)
8. *Dixo o burro ás coles: pax vobis*. (DD)
9. *Dixo o burro ó mulo: arre alá, orelludo*. (DD)
10. *Dixo o que caiu do burro: "Xa me quería baixar"*. (VS: 202)
11. *Díxolle o burro ás coles: pax vobis*. (DD), (NVS: 6)
12. *Díxolle o burro ó mulo: "Tírate alá, orelludo"*. (VS: 204), (DD)

---

[337] *Fór*. COL. [Utilízase cando alguén fai ou di algo mal que xa fixera ou dixera outra persoa mal]: *Si home si, así tamén o facía eu. Outra besta no trigo!*

[338] Dise cando convén actuar e non seguir perdendo o tempo en pensamentos varios: *Reflexionar, reflexionar... Pensando morreu un burro, ¿sabíalo?*

[339] Se dice de las personas mal intencionadas, pero impotentes.

[340] COL. [Expresa aborrecemento e a necesidade de acabar con algo excesivo. Equivale a "¡basta xa!"]. *Este home non nos sae da casa nunca, e aínda quere que lle sirva máis! Que pare a burra!* // Caldeliñas, Verín; inf: e ex. de Marcos Lago Álvarez.

[341] COL. [Dise cando alguén teima nunha cousa]. *Volta a burra ao millo! Que non, que che digo que non é así!* // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

[342] Ridiculiza los rodeos que se dan para decir las cosas de frente. / Los obstáculos se salvan con rodeos.

[343] Apures.

13. *Díxolle san Froilán ó lobo: "Xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo"*. (VS: 624, 180)[344]

3.5. Frases proverbiais

1. *Eu cunha cabezada de palla, o Chiquito a cabalo de min, i-o Mariano chamando, ¡canto rimos!* (VS: 27)

3.6. Refráns

2. *A albarda debe ser conforme ó burro*. (DD), (RGE)
3. *A albarda non cansa a besta*. (VS: 113)
4. *A albarda non cansa á besta*. (APRG)
5. *A albarda non carga a besta*. (VS: 114)
6. *A albarda segundo é o burro* (VS: 20226 Nota)[345]
7. *Á albarda ponlle carga*. (RG)
8. *A albarda, á medida do burro*. (VS: 20226)[346]
9. *A alforja do probe con todo pode*. (RSS: 17)
10. *A alforxa do probe con todo pode*. (BF), (RSS: 18)
11. *A besta amatada de lonxe ve vir albarda ou de lonxe ve vir as pegas*. (RG)
12. *A besta amatada, de lonxe ve vir a albarda*. (DD), (RGC)
13. *Á besta axionllada ponlle máis carga*. (DD), (RGC)
14. *Á besta boa, dalle vara i espora*. (DD), (RGC)
15. *A besta brava, monte longo*. (CLC)
16. *Á besta cargada, a cincha mátaa*. (DD), (RGC)
17. *Á besta comedora, pedras na cebada*. (DD), (RGC)
18. *Á besta dada non se lle mira a cara*. (VS: 115)
19. *Á besta dada non se lle mira prá cara*. (VS: 116)
20. *A besta de amatada, de lonxe ve vi-las pegas*. (APRG)
21. *A besta de todos cómena os lobos*. (VS: 20197)
22. *A besta e a muller, que a preste quen quixer*. (DD), (RC), (RGC)
23. *A besta falsa, corda larga*. (VS: 117)
24. *A besta golosa, talega de area*. (RG)
25. *A besta golosa, taleiga de area*. (VS: 118)[347]
26. *Á besta golosa, taleiga de area*. (DD), (RGC)
27. *A besta golosa, taleigo de area*. (FMO: 830)
28. *A besta i-a pistola nunca se deixa andar sola*. (VS: 20310)
29. *A besta i-a porca, pola máis descomposta*. (NVS: 10)
30. *A besta i-o señor, todo dun color*. (NVS: 11)
31. *A besta leva ben a carga, mais non a sobrecarga*. (DD), (RC), (RGC)
32. *A besta mala, espora e vara*. (DD), (RGC)
33. *A besta no carro, fidalgo en zocos i-o tempo arreglado de noite, malo*. (VS: 119)
34. *A besta non pregunta quen a monta*. (DD), (RGC), (VS: 120)
35. *A besta pola carga, e o home pola palabra*. (DD), (RGC)
36. *A besta pola cebada non he paga*. (MPM), (DD)
37. *A besta porca, a máis torta*. (VS: 121)
38. *A besta preñada cargala ata que para; e dispois de parida, cargala cada día*. (RGC)
39. *A besta preñada cargala hastra que para; e dispois de parida, cargala cada día*. (DD)
40. *A besta que xeme, a carga non teme*. (RSS: 34), (VS: 122)
41. *A besta tonta, arrieiro louco*. (VS: 16572)
42. *A besta vella non entra en varas*. (VS: 123)[348]
43. *Á besta vella nunca lle faltan esparavás*. (NVS: 12)
44. *A besta vella que non come, osma*. (VS: 124)
45. *A besta, de amatada, de lonxe ve vir a albarda*. (FMO: 831)
46. *A besta, de amatada, de lonxe ve vir as pegas*. (VS: 125)[349]
47. *A besta, o dono dela* (*enténdea*). (VS: 126)

---

[344] Se funda en el conocido milagro que se atribuye a San Froilán, en el que se basa también la iconografía del Santo Patrón de Lugo.

[345] Var.: *A albarda segundo é o burro*.

[346] Ver a nota 344..

[347] Var.: *Besta golosa, talego de m*…. Dice que a los demasiados se les dé sofrenada y se les ponga límite. / Aconseja sofrenar el apetito.

[348] Por lo difícil que es renunciar a costumbres inveteradas.

[349] Var.: *A besta de amatada, de lonxe ve vir a albarda*. Es uno de los casos en que de los escarmentados salen los avisados.

48. *A besta, pola cebada, non é cara*. (VS: 127), (FMO: 979), (APRG)
49. *A besta, polo medo, i-o boi, polo meimo*. (VS: 128)
50. *A bestas vellas, todo se lle volven esparavás*. (RG)
51. *A boa man, de rocín fai cabalo, e a ruín, de cabalo fai rocín*. (VS: 129)
52. *A boa vida bon cabalo (che) cría*. (VS: 16512)
53. *A boa vida bon cabalo cría*. (VS: 16511)
54. *Á burra axionllada, dobrarlle a carga*. (DD)
55. *A burra co pollino non vai dereita ó muíño*. (DD)
56. *A burra do noso xués non ten máis ca cinco pés*. (NVS: 13)[350]
57. *A burra e a muller a paus hainas que tanguer*. (APRG)
58. *Á burra e á muller, a paus hainas que tanguer*. (DD)
59. *A burra i-a muller, a paus hainas que tanguer*. (VS: 14954)
60. *A burra i-a ovella pola xeada medra*. (VS: 137)
61. *A burra preñada cargala hastra que para; e dispois de parida, cargala cada día*. (DD)
62. *Á burra que é tarda ponlle a pior albarda*. (DD)
63. *A burra que ten pollino non vai direita ó muíño*. (VS: 138)[351]
64. *Á burra vella non lle falta picatela*. (RG)
65. *Á burra vella, albarda nova*. (DD)
66. *A burro froxo arrieiro tolo que lle malle o lombo*. (VS: 20231), (DD)
67. *A burro morto cebada ô rabo*. (RGP: 12)
68. *A burro morto, cebada ó rabo*. (DD), (VS: 19755)[352]
69. *A burro novo, aparello vello*. (DD)
70. *A burro pardo, arrieiro arroutado*. (DD)
71. *A burro vello, albarda nova*. (DD)
72. *A burro vello, múdalle o alimento e darache o pelexo*. (DD)
73. *A burro vello, pouco verde*. (DD)
74. *A cabaleiro novo, cabalo vello*. (DD), (RGC)
75. *A cabaleiro vello, cabalo novo*. (DD), (RGC)
76. *A cabalo alleo, espora propia*. (DD), (RC), (RGC),
77. *A cabalo cansado, mudarlle o prado*. (DD), (RGC)
78. *A cabalo comedor, ronzal curto*. (DD), (RGC)
79. *A cabalo dado non lle mírelo dente*. (DD)
80. *A cabalo dado non lle mires o dente*. (DD), (RGC)
81. *A cabalo dado non se lle olla a boca*. (FMO: 1953)
82. *A cabalo dado non se lle ollan os dentes*. (FMO: 834)
83. *A cabalo dado, non se lle mira o dente*. (RG), (BF), (DC: 0185)[353]
84. *A cabalo grande, esporas grandes*. (DD), (RGC)
85. *A cabalo morto... chourizos no matadeiro*. (VS: 139)
86. *A cabalo morto, cebada ó rabo*. (DD), (RGC)
87. *A cabalo novo, cabaleiro vello*. (DD), (RGC)
88. *A cabalo regalado non lle miran o dente*. (RGC)
89. *A cabalo regalado non lle mire-lo dente*. (REG)
90. *A cabalo regalado non lle mire-los dentes*. (REG)
91. *A cabalo ragalado non lle mires o dentado*. (REG)
92. *A cabalo regalado non lle mires o dente*. (REG), (VS: 140)[354], (REG), (RGE), (RCC)
93. *A cabalo regalado non lle mires os dentes*. (REG)
94. *A cabalo regalado non mires a ferramenta*. (VS: 140 Nota)[355]

---

[350] Quizais axuden a entender este enigmático refrán algún destes outros: *Catro pes ten o gato e cinco ten co rabo*; ou ben *Ó cura i-ó xues hai que pagarlles cos pés*, é dicir, indo á casa deles.

[351] Aplícase a los que un cuidado o preocupación distrae de lo que van a hacer. La aplicación es que la moza con enamorado, y otro cualquiera con otro cuidado, se divierte con el de lo que va a hacer.

[352] Reprende la necedad de buscar remedio a las cosas que ya no lo tienen.

[353] Refráns con que se dá a entender que o que sae de balde o hai que aceptar sen pórlle tachas ou pégas.

[354] Ver a nota 154.

[355] Var.: *A cabalo regalado non mires a ferramenta. / A cabalo regalado non se lle mira o dente. / A cabalo regalado non se lle mira o rabo*.

95. *A cabalo regalado non se lle levanta o rabo*. (NVS: 14)
96. *A cabalo regalado non se lle mira o dente*. (RG), (DRV: 158), (REG), (BF), (RGC), (DC: 0185)[356]
97. *A cabalo regalado non se lle mira o ollo*. (APRG)
98. *A cabalo regalado non se lle mira o rabo*. (BF), (DC: 0185)[357], (REG), (RG)
99. *A cabalo regalado non se lle miran os dentes*. (REG)
100. *A cabalo regalado, non lle mires o dente*. (RGP: 13)
101. *A cabalo regalao non se lle mira o dente*. (REG)
102. *A cabalo reghalado non se lle mira dente*. (RSS: 44), (VS: 141)
103. *A cabalo vello pouco verde*. (DD)
104. *A cabalo vello, cabezadas novas*. (VS: 142)[358]
105. *A cabalo vello, pouca ferraia e moita cebada*. (DD), (RGC)
106. *A cabalo vello, pouco verde*. (DD), (RGC)
107. *A cabra, a muller e a mula teñen a testa dura*. (REG)
108. *A concencia é verde e comeuna un burro*. (RG)
109. *A concencia é verde, i-o verde cómeno os burros*. (VS: 12011)
110. *A conta de burros viven os agudos*. (VS: 15788)
111. *Á conta do chao calquera burro ten mao: a silva no muro, i-o muro no chao; como é duro, de todo ten mao*. (VS: 14155)
112. *Á conta dos burros viven os agudos*. (VS: 15789)
113. *A culpa do burro botáronlla á albarda*. (DD)
114. *A empresa dos tres: o burro, o amiguiño i-o portugués*. (VS: 20354)
115. *A esquina coma un puño, e o trascanto coma un burro*. (DD)
116. *A home parlanchín e faco relinchón, pouca cebada e moito albardón*. (VS: 11081), (RGC)
117. *A ida de Paio Gomes, fora a cabalo e veu nas alforxas*. (RGC)
118. *A mala besta no bo camiño entropeza*. (DD), (RGC)
119. *A medida do burro ten que ser a albarda*. (VS: 20236)
120. *A mellor besta dá coa carga no chan*. (DC: 0532)[359], (RG)
121. *A millor besta dá coa carga no chan*. (DD), (RGC)
122. *A millor besta, quer aguillón, e a millor muller, quer varón*. (DD), (RGC)
123. *A mosca está no cabalo, se non na cabeza, no rabo*. (REG)
124. *A moza prá festa e prá casa a besta*. (VS: 7912, 14792)
125. *A moza, pra festa; e pra casa, a besta*. (DD)
126. *A moza, prá festa; prá casa, a besta*. (FMO: 1614)
127. *Á mula comedora, reata corta*. (RG)
128. *Á mula con matadura, nin cebada nin ferradura*. (VS: 15503)
129. *A mula de alquiler, se non leva dous, leva tres*. (VS: 15504)
130. *A mula e a muller ten doce ideas no día*. (VS: 14969)
131. *A mula moiña*[360] *o demo a trasquila*. (FMO: 841)
132. *A mula que ha ir á guerra non morre no ventre da égoa*. (RG)
133. *A mula roedora, talega ó fuciño*. (VS: 191)
134. *Á mula vella, cabezada nova*. (DD)
135. *Á mula, con matadura, nin cebada nin ferradura*. (DD)
136. *A muller beilar e ao burro ornear, o diaño debeullo ensiñar*. (APRG)
137. *Á muller beilar, e ao burro ornear, o diaño debéullo ensinar*. (DD)
138. *Á muller beilar, e ó burro ornear, o diaño debeullo ensiñar*. (DD)

[356] Refráns con que se dá a entender que o que sae de balde o hai que aceptar sen pórlle tachas ou pégas.

[357] Refráns con que se dá a entender que o que sae de balde o hai que aceptar sen pórlle tachas ou pégas.

[358] Ridiculiza a los que, habiendo logrado una responsable edad, intentan disimularla con atavíos impropios de su edad, presumiendo de joven.

[359] Refráns con que se indica que ata a persoa mellor preparada nunha determinada actividade comete algún erro nela.

[360] De remoiño.

139. *A muller e a besta a nadie s'empresta*. (RSS: 137)
140. *A muller e a besta a naide se empresta*. (VS: 19848)
141. *A muller e a besta a ninguén as emprestes que chas poden foder*. (REG)
142. *A muller e a besta a ninguén se empresta*. (DD)
143. *A muller e a besta a ninguién se empresta*. (DD)
144. *A muller e a besta que a empreste quen queira*. (DD)
145. *A muller e a besta seu amo a teña*. (RG)
146. *A muller e a besta, a ninguén se presta*. (APRG)
147. *A muller e a burra, cada día a súa*. (RG)
148. *A muller e a burra, con paus se cura*. (VS: 15077 Nota)
149. *Á muller e á burra, cada día unha zurra*. (REG)
150. *Á muller e á mula pola boca lle entra a fermosura*. (VS: 15031)
151. *Á muller e á mula vara dura*. (APRG)
152. *A muller e a mula, cada día súa tunda; e o que así non fixere, nin terá boa mula nin boa mullere*. (VS: 15029)
153. *A muller e a mula, pola boca a hermosura*. (VS,15030)
154. *Á muller e á mula, pola boca éntralle a fermosura*. (DD)
155. *Á muller e á mula, pola boca lles entra a fermosura*. (APRG)
156. *A muller falar i-a burra ornear o demo llo debeu de enseñar*. (VS: 15062)
157. *A muller i-a besta a naide se empresta*. (FMO: 1617)
158. *A muller i-a mula, cada día unha tunda*. (VS: 15077)[361]
159. *A muller i-a mula pola boca ll'entra a hermosura*. (VS: 15076), (RGP: 89)
160. *Á muller i-á mula pola boca lle entra a formosura*. (FMO: 14)
161. *A muller que asubía e as mulas que fan "gi" do[u]chas pra ti*. (RSS: 162)
162. *A muller que asubía i-as mulas que fan "gin" douchas pra ti*. (VS: 15116)
163. *A muller y-a besta, a nadie se empresta*. (RGP: 86)
164. *Á muller, á cabala e á mula, pola boca lles entra a fermosura*. (RGC), (APRG)
165. *A muller, a cabra i-a burra, a máis cabezuda*. (VS: 15160)
166. *A muller, a escopeta e o cabalo, non prestalo*. (RG)
167. *A muller, o cabalo e a espada a nadie se debe ceder*. (RSS: 169), (VS: 19839)
168. *Á muller, ó cabalo e á mula, pola boca lles entra a fermosura*. (DD), (VS: 15168)
169. *A oración da burra nunca chega ó ceu*. (RSS: 176), (VS: 20701)
170. *A patada da besta non lle fai mal ó potro*. (VS: 194)[362]
171. *A regla do labrador: ser burro, sementar basto e arar menudo*. (RSS: 203), (VS: 1224, 1225)
172. *A vaca, que sea longha e a éghua que sea corta*. (NVS: 21)
173. *A ventura corre máis que o cabalo i a mula*. (DD), (VS: 22484)
174. *A vergonza era verde e comeuna un burro* (FG: 3)[363]
175. *A viña i o poldro que os crien outros*. (DD), (RGC)
176. *A viña i-o poldro que o críen outros*. (VS: 22847)
177. *A vista do amo engorda o cabalo*. (DD), (FMO: 849), (RGC)
178. *A'lforxa adorn'a besta*. (VS: 187)
179. *Abril chove para as xentes e maio para as bestas*. (RGE)
180. *Abril chove prá xente e maio prás bestas*. (VS: 2813)
181. *Abril chove prá xente e mayo prás bestas*. (RSS: 253)
182. *Abriles e mulos engañan a todos*. (VS: 2846)[364]

[361] Más exigente aún que *A muller e a burra, con paus se cura*.

[362] Los castigos justos y dados con amor, no hacen daño a nadie.

[363] COL. [Úsase para criticar, con humor, a falta de pudor de alguén para facer algo pouco aceptábel]. *-Olla que putada lle fixo. –A vergonza era verde e comeuna un burro.* // Verea; inf. e ex. de Miguel Rubinos Conde. Outra variante é a que recolle Maite Veiga en Castro de Rei: *A vergonza era verde e comeuna unha vaca*. [VEIGA DÍAZ (1996)].

[364] La traición de abril, si niega las lluvias mansas, que, con mayo le convierten en la llave de todo

183. *Abrís e cabaleiros, son ás veces traizoeiros*. (RGE)
184. *Afiador e paragüeiro, canto máis burro máis parrandeiro*. (VS: 16590)
185. *Afilador e paragüeiro, canto máis burro, máis parrandeiro; paragüeiro afilador, canto máis burro, millor*. (VS: 16592)
186. *Afixose o burro ás berzas, e non deixou verdes nin secas*. (DD)
187. *Agora que vai no xo, ¡xo, burro, xo!* (VS: 19767 Nota)
188. *Agora que ten poldro parece outro*. (VS: 19582), (RGC), (DD)
189. *Albarda non carga a bestia*. (VS: 229)
190. *Alégrate, albardeiro, que se queima a palla*. (DD)
191. *Almorzar con cazador, xantar con carpinteiro e cear con arreiro*. (FMO: 30)
192. *Alza, anda burrico, o que naceu para probe non val para rico*. (BF)
193. *Amigo de verba, cabalo de herba e casa de terra, todo é merda*. (REG), (DD), (RGC)
194. *Amigo e mulas fallan ás duras*. (VS: 4881 Nota)
195. *Amigos e mulas, ás maduras*. (VS: 4881)
196. *Amor de asno, couce e bocado*. (VS: 4895)
197. *Amor de burro, couce e bocado*. (VS: 4896)
198. *Ande a récoa, que xa está cargada*. (VS: 20663)
199. *Ande non ande, besta grande*. (RGP: 93)
200. *Ande ou non ande, bestia grande*. (RSS: 345), (VS: 233)
201. *Ande, non ande, besta grande*. (RSS: 346), (VS: 234)
202. *Anseas alleas matan os asnos*. (RG)
203. *Ánseas alleas matan ôs asnos*. (RGP: 101)
204. *Ansias alleas matan os asnos*. (RSS: 372), (VS: 18296), (FMO: 1727)
205. *Ao amigo e ao cabalo non hai que cansalo*. (VS: 4921)[365]
206. *Ao burro e ao mulo, a carga no cu*. (VS: 238)
207. *Ao cabalo e á muller, a ningún has de ofender*. (VS: 15193)
208. *Ao home parlanchín e ao faco relinchón, pouca cebada e moito albardón*. (APRG)
209. *Arrédate dos pés da besta, así da grande como da pequena*. (VS: 19626)[366], (RGC), (DD)
210. *Arrédate dos pés das bestas*. (VS: 19626 Nota)
211. *Arreeiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta e pescador de cana, mais perde d'o que gana*. (DD)
212. *Arreeiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana*. (RSS: 408)
213. *Arreeiro de unha besta, canto gana, canto pesca*. (FMO: 1007)
214. *Arriba non me afrontes, abaixo non me montes, e no chan non mas perdoes*. (BF)
215. *Arrieiriño dunha besta, cesteiriño dunha cesta, troiteiriño dunha cana vale máis do que gana*. (VS: 16600)
216. *Arrieiriños somos e no camiño nos encontramos*. (FMO: 2209)
217. *Arrieiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta, e pescador de cana, mais perde d'o que gana*. (RGP: 130)
218. *Arrieiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, perde máis do que gana*. (DD)
219. *Arrieiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana*. (CLC), (VS: 16599)
220. *Arrieiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana mais perde ca gana*. (FMO: 2120)
221. *Arrieiro dun[ha] besta e troiteiro dunha cana, perde mas que do que gana*. (RSS: 410)
222. *Arrieiro dunha besta e troiteiro dunha cana, perde mas do que gana*. (VS: 16604)
223. *Arrieiro dunha besta, canto gana, canto pesca*. (VS: 16601)
224. *Arrieiro dunha besta, cesteiro de unha cesta, e pescador de cana, máis perde do que gana*. (RG)
225. *Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana*. (VS: 16602)
226. *Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de caña máis perden do que ganan*. (VS: 16603)

el año, se comparan con las traiciones de los mulos.

[365] No se debe abusar de la amistad.

[366] Var.: *Arrédate dos pés das bestas*.

227. *Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta, e pescador de cana, máis perde que gana*. (RG)
228. *Arrieiro dunha besta, tendeiro dunha cesta e pescador de caña, comen máis que ganan*. (NVS: 879)
229. *Arrieiro perdido, atares de seda*. (RG)
230. *Arrieiro que come conexo, adios candalexo*. (VS: 16605)
231. *Arrieiro rabudo, malla na albarda e malla no burro*. (DD)
232. *Arrieiro tonto, se non entendes de viño, busca a terra*. (VS: 16606)
233. *Arrieiros no porto, tempo revolto*. (VS: 16608)
234. *Arrieiros somos e no camiño da feira nos atoparemos*. (VS: 192)[367]
235. *Arrieiros somos e no camiño nos encontraremos*. (RG)
236. *Arrieiros somos, e no camiño andamos, e moitos días nos atopamos*. (DD)
237. *Arrieiros somos, e no camiño nos tropezamos*. (DD)
238. *Arrieros somos e no camiño encontrarémonos*. (REG)
239. *As amatas do meu burro fixeron de min albéitar*. (VS: 242)
240. *As bestas queren frío hasta que lle reghaña o fuciño. As vacas queren aughoa, hasta que ll'amolecen os cornos*. (VS: 244)
241. *As bestas queren frío hasta que lles regañe o fuciño*. (VS: 243)
242. *As bestas vellas son as que máis apañan*. (VS: 245)
243. *Ás dez, muller, si tes, e si non te deitas, máis burro es*. (VS: 13404)
244. *As mulleres a bailar i-os burros a ornear, o demo lles debeu enseñar*. (VS: 15197)
245. *Ás mulleres i-ós burros, paus*. (VS: 15199)
246. *As mulleres prá romería e as burras prá casa, todas andan*. (VS: 7913)
247. *As mulleres son testarudas como as ovellas i-as burras*. (VS: 15205)
248. *As oracións do burro non chegan ó ceo*. (VS: 227)[368]
249. *As penas son pra os homes e non prás bestas*. (NVS: 916)
250. *Ás veces manca máis a patada dun burro que a dunha besta grande*. (VS: 257)
251. *As veces manca máis a patada dun burro que dunha besta grande*. (NVS: 24)
252. *Asegún é o burro fáiselle a albarda*. (RG)
253. *Asegún sea o burro tèn que ser a albarda*. (DD)
254. *Asegún sexa o burro, ten que ser a albarda*. (FMO: 853)
255. *Así que a burra está no po, ¡xo, burra, xo!* (DC: 0737)[369], (DFG: 0130)[370]
256. *Ata que morre o arrieiro non se sabe de quen son as bestas*. (FMO: 1014)
257. *Ata xaneiro, calquera burro avanta o regueiro, pero de xaneiro para diante non hai can nin burro que o avante*. (BF)
258. *Auga de abril vale cabalos mil*. (RG)
259. *Auga de maio vale o cabalo dun ano*. (RG)
260. *Augas por san Mateo, porcas vendimias e gordos burros*. (REG)
261. *Ave de albarda, anque non voe ben se garda*. (DD)
262. *Ave de pico non fai o seu dono rico, i-o que o dice é un gran borrico*. (VS: 262)
263. *Avezouse o burro ás berzas, e non deixou verdes nin secas*. (DD)
264. *Azadós moi relocentes, escaleiras dos xuzgados, auntamentos con musgo, o panadeiro a cabalo, o médico de pé: o universo ben gobernado*. (RGC)
265. *Azadós relucientes, escaleiras dos xuzgados e aun[ta]mientos cheos de musgo, o médico a pé i-o panadeiro a cabalo, maneira d'andar o universo ben gobernado*. (VS: 11697)

---

[367] Amezana de represalia por parte de aquel que no recibe el favor o justicia que merece.

[368] Se dice al que pide males con imprecaciones y maldiciones contra el prójimo.

[369] Expresión con que se indica que, unha vez feito algo mal, nada serve pensar que era mellor facelas doutro xeito, pois xa non te remedio. Ex.: *-Se eu tocase o ouro no canto de arrastrar, facíalle o monte. –Pois fixéralo, amigo: así que a burra está no po, ¡xo, burra, xo!*

[370] Expresa que feitas as cousas, de nada serve pensar se se fixesen doutra maneira pois xa no teñen remedio: *Non gardaches a distancia de seguridade e ao frear o de diante déchesslle un golpe, pero non te lamentes que xa non ten remedio: así que a burra está no po ¡xo burra xo!*

266. *Azadós relucientes, escaleiras dos xuzgados e auntamentos cheas de musgo, o médico a pé i-o panadeiro a cabalo, maneira de andar o inverno gobernado*. (VS: 11696)
267. *Bachiller en artes, burro en todas partes*. (VS: 15795)
268. *Ben burro é o home que ten besta e anda a pé*. (VS: 15796)[371]
269. *Ben burro é o que padece por culpas que outro merece*. (VS: 17334)
270. *Ben burro é o que pensa que outro non pensa*. (VS: 18359)
271. *Ben burro é quen burro ten; pero inda é máis burro quen, podendo, non o ten*. (VS: 15797), (DD)
272. *Ben burro é quen tendo burro viaxa a pè*. (DD), (BF)
273. *Ben sabe a besta a quen leva, i o demo a quen atenta*. (DD), (RGC)
274. *Ben sabe o burro cándo é día de misa*. (VS: 280)
275. *Ben sabe o burro en qué cara rebuzna*. (VS: 281)
276. *Ben sabe o burro en que casa ornea*. (VS: 282)[372]
277. *Ben sabe o burro onde ornea*. (DD)
278. *Ben sabe o burro onde ornea cando quer el ornear*. (VS: 20609), (DD)
279. *Ben sabe o demo a quen atenta, e a besta a quen leva*. (DD)
280. *Ben sabe o demo a quen precura, e a besta a quen derruba*. (DD)
281. *Ben sabe o diaño a quen tenta, e a besta a quen derruba*. (DD)
282. *Ben vai a vella na burra cando é súa*. (APRG), (DD), (VS: 20184)
283. *Besta alegre, deitada apasta*. (DD), (RGC)
284. *Besta allea, anda que rabea*. (APRG), (NVS: 564)
285. *Besta amarrada, se non come, paga*. (RG)
286. *Besta andadora, nunca a vella chega*. (VS: 285)
287. *Besta atada, se non come, paga*. (VS: 286)[373]
288. *Besta branca non a come o lobo*. (VS: 287)
289. *Besta brava, corda larga*. (RSS: 495), (VS: 288)
290. *Besta cega ben a ves*. (VS: 289)
291. *Besta comedora, ramal corto*. (RG)
292. *Besta de andadura pouco dura*. (VS: 290)
293. *Besta de arrieiro vai sempre en recua e nunca sabe o que leva*. (DD), (RGC)
294. *Besta de herba, besta de m... .* (RGP: 175)
295. *Besta de herba, besta de merda*. (DD), (RG), (VS: 292), (REG), (RGC)
296. *Besta de herba, besta de merda; besta de toxo, besta que dá noxo; besta de pan e cebada, besta prá xornada*. (VS: 291)
297. *Besta de herba, besta de perda*. (DD), (RGP: 176), (VS: 293), (RGC)
298. *Besta de herva, besta de merda*. (FMO: 1403)
299. *Besta de herva, besta de perda*. (FMO: 343)
300. *Besta de moitos, cómena os lobos*. (RG), (APRG)
301. *Besta de monte, a orella cortada*. (VS: 294)
302. *Besta do demo: ¿vas baleira e déitaste?* (RGC)
303. *Besta do demo: ¿vas valeira e déitaste?* (DD)
304. *Besta golosa, talega d'area*. (VS: 295)
305. *Besta golosa, talego de m....* (VS: 118 Nota)
306. *Besta grande, ande non ande*. (RSS: 497), (FMO: 855), (VS: 297)
307. *Besta grande, ande ou non ande*. (DD), (RG), (RGP: 177), (RSS: 498), (VS: 296)[374], (FRG: 79), (DRV: 190), (REG), (RGC), (RG), (REG)
308. *Besta moína, falsa ou fina*. (RSS: 499), (VS: 298)
309. *Besta mular, ben comer, ben andar*. (RG)
310. *Besta mular, comer e andar*. (VS: 299)
311. *Besta mular, ou comer ou andar*. (RG), (DD), (CLC), (RGP: 178), (RSS: 500), (VS: 300), (FMO: 856), (REG), (RGC)
312. *Besta na coadra, se non come paga*. (APRG)
313. *Besta na corte, non gana e come*. (REG), (DD), (RGC)
314. *Besta na cuadra, se non come, paga*. (VS: 5983)
315. *Besta ougada, reata curta*. (RG)
316. *Besta parada non fai jornada*. (DD), (RSS: 501)

[371] Var.: *Ben burro é quen tendo burro viaxa a pé*.
[372] Reprende la excesiva familiaridad, que ocasiona serios inconvenientes.
[373] Besta atada para comer, aunque no come, paga lo mismo, por ej. en un mesón, etc. A eso se aplica el refrán, que se acomoda también a las personas.
[374] Censura a los que prefieren la cantidad a la calidad.

317. *Besta parada non fai xornada*. (DD), (RG), (RGP: 179), (VS: 16479)[375], (REG), (RGC), (CLC)
318. *Besta peluda, engañ'a tres*. (VS: 301)
319. *Besta qu'é parada non fai jornada*. (RSS: 502)
320. *Besta que anda por calquera chan, pra min a quero, non pra meu irmán*. (DD), (RGC)
321. *Besta que anda por mal camiño, quéroa pra min e non pró meu veciño*. (RGC), (DD)
322. *Besta que fai "¡iu!" é porque é falsa*. (VS: 302)
323. *Besta que gème à carga non teme*. (DD)
324. *Besta que non caga non dorme na corte*. (RG)
325. *Besta que non dá esterco fóra coela da estrabería*. (RG)
326. *Besta que non fai esterco fóra da cuadra*. (RG)
327. *Besta que non fai esterco, fóra da corte*. (APRG)
328. *Besta que non poidas manter débela vender*. (DD), (RGC)
329. *Besta que non poidas manter, levala a vender*. (VS: 303)
330. *Besta que non poidas pagar, deixala apastar*. (VS: 304)
331. *Besta que pouco anda, nunca falta quen a tanga*. (DD), (RGC)
332. *Besta que vai a tódalas feiras algún defeuto ten*. (VS: 22730)
333. *Besta que xeme, a carga non teme*. (RGP: 180), (CLC), (RG)
334. *Besta que xeme, á carga non teme*. (DD), (VS: 305)[376], (RGC)
335. *Besta roán, ou pobre ou san*. (VS: 306)
336. *Besta sen cebada, nunca fixo boa cabalgada*. (BF), (DD), (RGC)
337. *Besta sin rabo, o demo a aparella*. (VS: 307)
338. *Besta vella botala ó toxo*. (RG)
339. *Besta vella n'entra en paso*. (VS: 309)
340. *Besta vella n'entra en paso, pero a leña i-a muller, cantas máis tomas alcance, tanto millor son de arder*. (VS: 308)
341. *Besta vella na feira andaba, anque non via, toutiriñaba*. (FMO: 857)
342. *Besta vella non colle andadura e, se a colle, pouco lhe dura*. (FRG: 80)
343. *Besta vella non colle enseño*. (VS: 310)
344. *Besta vella non dá paso*. (VS: 311)
345. *Besta vella non entra en paso*. (DD), (FMO: 858), (APRG), (RGC)
346. *Besta vella non entra ó paso*. (RG)
347. *Besta vella non fai capital*. (RG)
348. *Besta vella non muda de paso*. (RG), (NVS: 27)
349. *Besta vella non sigue paso*. (VS: 312)
350. *Besta vella non toma andadura e, se a toma, pouco lle dura*. (FMO: 859)
351. *Besta vella todo é callos*. (VS: 313)
352. *Besta vella, botala ós toxos*. (DD), (REG), (RGC), (VS: 314)[377], (FMO: 860)
353. *Besta vella, cómena os lobos*. (VS: 315)
354. *Besta vella, ó toxo*. (RG)
355. *Besta vella, ós toxos*. (RSS: 503), (VS: 317), (REG), (MPM)
356. *Besta vella, ós toxos co'ela*. (FRG: 81)
357. *Besta vella, ós toxos, e home vello, ós arredores*. (VS: 316)
358. *Besta vella, pouco verde*. (VS: 318)
359. *Bestas no monte e barcos no mar nunca faltan*. (VS: 319), (BF)
360. *Bestia de moitos cómena os lobos*. (VS: 20199)
361. *Bestias do monte non comen cebada*. (VS: 320)
362. *Bico de burro e couce d'home, han d'ir dar sempre ó probe*. (DD)
363. *Boa pata e boa orella son siñal de boa besta*. (VS: 322)
364. *Boa pata e boa orella, señal de boa besta*. (DRV: 191), (RGP: 183)
365. *Boa pata e boa orella, señal é de boa besta*. (VS: 323)
366. *Boi corvo, burro combo e cabalo fondo*. (DD), (RGC)
367. *Boi de palla, besta de herba e home de moita verba, todo é merda*. (VS: 328)
368. *Boi de palla, besta de herba e home de verba, todo é merda*. (APRG)
369. *Boi frontudo e cabalo cascudo*. (RGC)
370. *Boi longo, cabalo redondo*. (DD)
371. *Boi, frontudo; e cabalo, cascudo*. (DD)
372. *Bordar e facer albardas, todo é dar puntadas*. (VS: 21966)

[375] Contra la pereza.

[376] Entiéndela en alegoría que el que rezonga y gruñe, quiere carga de palos.

[377] Por inservible.

373. *Brincos de homes, patadas de burros*. (NVS: 811)
374. *Burra de moitos, cómea o lobo*. (VS: 20200), (RGP: 198)
375. *Burra prestada, ou coxa ou amatada*. (DRV: 193)
376. *Burra vella tamén quer a súa cebada*. (DD)
377. *Burras de herba, burras de m[erda]*. (DRV: 194)
378. *Burro cargado de ouro consígueo todo*. (DD)
379. *Burro con fame cardos come*. (FMO: 863)
380. *Burro con ouro consígueo todo*. (VS: 7608)
381. *Burro de moitos lobos cómeno todos*. (VS: 20202)
382. *Burro de moitos, cómeno os lobos*. (VS: 20201), (DD)
383. *Burro grande ande ou non ande*. (RG)
384. *Burro grande, ande ou non ande*. (RG), (RCC), (REG)
385. *Burro grande, ande, non ande*. (VS: 349)
386. *Burro lavado, xabrón perdido*. (DD)
387. *Burro morto, cebada ó rabo*. (RG), (VS: 350)
388. *Burro pexado non salta valado*. (DD), (APRG)
389. *Burro que entra na devesa allea, volverá cargado de leña*. (VS: 351)
390. *Burro que entra na leira allea, sairá dela carregado de leña*. (DD)
391. *Burro sea quen a burro protexa*. (VS: 15800)
392. *Burro sea quen con burro leitea*. (VS: 15801)
393. *Burro sea que ser burro queira*. (VS: 15802)
394. *Burro son, patas teño, máis burro é quen me está lendo*. (REG)
395. *Burro valente leva a carga e non a sente*. (RCC)
396. *Burro vello non colle andadura, e se a colle pouco lle dura*. (APRG)
397. *Burro vello tamén quer a sua cebada*. (DD)
398. *Burro vello, albarda nova*. (VS: 352)
399. *Buscas un bo cabalo pra túa égoa, e dás a túa filla ó primeiro que chega*. (DD), (RGC)
400. *Cabaleiro, en bo cabalo; en ruín, nin bo nin malo*. (DD)
401. *Cabalo á carreira, sepultura aberta*. (DD), (RGC)
402. *Cabalo alazán non o teñas contigo en San Xoán*. (RGC)
403. *Cabalo alazán nono teñas contigo en San Xoan*. (DD)
404. *Cabalo alleo non come nin se cansa; e se se cansa moito, alá o seu dono*. (DD), (RGC), (RC)
405. *Cabalo corredor, home rifador, vaso de vidro e tinalla de viño, sempre están en perigo*. (RGC), (DD)
406. *Cabalo dado non se lle mira a boca*. (FRG: 84)
407. *Cabalo de andadura, pouco dura*. (DD), (RGC)
408. *Cabalo de bamba, que non come, nin bebe nin anda*. (DD), (RGC)
409. *Cabalo farto, non ten fame*. (RGC), (DD)
410. *Cabalo grande, ande non ande*. (RSS: 525)
411. *Cabalo grande, ande ou non ande*. (BF), (RG), (DD), (CLC), (RSS: 526), (VS: 355), (FMO: 864), (REG), (BF), (RCC), (RGC)
412. *Cabalo grande, ande, non ande*. (VS: 356)
413. *Cabalo grande, besta de pau*. (FMO: 865)
414. *Cabalo morto, chourizos no matadeiro*. (VS: 357)
415. *Cabalo que diga "hin", home e muller que sepa latín e fonte que regue no fondo do prado, renégoche deles coma do diablo*. (VS: 358)
416. *Cabalo que ha d'ir á guerra no es poltro o égua*. (VS: 359)
417. *Cabalo que ha de ir á guerra non o aborta sua nai*. (FMO: 1556)
418. *Cabalo que ha de ir á guerra, nin o come o lobo, nin o malpare a égoa*. (RGC)
419. *Cabalo que ha de ir á guerra, nino come o lobo, nino malpare a égoa*. (DD)
420. *Cabalo que ha de ir á guerra, non-o aborta súa nai*. (VS: 360)
421. *Cabalo que non conozas non montes*. (VS: 361)
422. *Cabalo que ten os ollos de diferente cor, é mui corredor*. (APRG)
423. *Cabalo que ten que ir á guerra non morre no ventre da égoa*. (RG)
424. *Cabalo que vai á guerra non morre na barriga da miña égoa*. (RG)
425. *Cabalo que voa non precisa espora*. (DD), (RGC)

426. *Cabalo regalado cóllese cos ollos pechados*. (BF), (DC: 0185)[378]
427. *Cabalo regalado non se lle mira o dente*. (REG)
428. *Cabalo vello, non aprende nova cabalgadura*. (RG)
429. *Cabalo, espada e muller, a naide se han de ceder*. (VS: 362)
430. *Cabalo, galgo e fidalgo, bos, pero non medianos*. (DD), (RGC)
431. *Cada burro dá a súa sentencia*. (VS: 15841)
432. *Cada cual co seu igual, e cada burro co seu atafal*. (APRG)
433. *Cada home, como o cabalo, ten o seu lado de montar*. (APRG)
434. *Cae un burro ás catro patas ¿e non vai caer o que tén dúas?* (VS: 8911)
435. *Camiño de dura, pra mulo ou mula*. (DD)
436. *Can, de can vello; e poldro, de cabalo novo*. (DD), (RGC)
437. *Cando a burra está morta, está a pelexa á porta*. (DD)
438. *Cando a burra vai no xo, ¡xo burra, xo!* (VS: 19767 Nota)
439. *Cando espendoa o pan, o cabalo de frío ha de temblar*. (VS: 1335)[379]
440. *Cando está o pelexo á porta, siñal de que a burra é morta*. (DD), (VS: 81)
441. *Cando me eu casei, meu burriquiño alquilei*. (FMO: 1635)
442. *Cando nace a vasoira, nace o burro que a roa*. (DD), (VS: 15682)
443. *Cando o arrieiro bota a bota, ou cheira a pez ou está rota*. (DD)
444. *Cando o arrieiro vende a bota ou dá ó pez ou está rota*. (RG)
445. *Cando o arrieiro vende a bota, ou sabe a pez ou está rota*. (BF)
446. *Cando o arrieiro vende a bota, ou sabe ó pez, ou é que está rota*. (DD)
447. *Cando o burro pode, a burra non quer*. (DD)
448. *Cando o burro vén ó lugar, tóda-lo queren tomar*. (FMO: 871)
449. *Cando o burro vén ó lugar, todas io queren tomar*. (RG)
450. *Cando o burro vèn ó lugar, todos o queren montar*. (DD)
451. *Cando o burro vén ó lugar, todos o queren tomar*. (VS: 419)
452. *Cando o ceo está de panza de burro, chove duro*. (VS: 16277)
453. *Cando o mal é moito amansa os cabalos, e mais son ben bravos*. (NVS: 917)
454. *Cando o pan anda no pendón, pra ben granar, ten que o cabalo co frío tembrar*. (VS: 1345)[380]
455. *Cando o vilán vai no mulo, coida que é seu todo o mundo*. (DD)
456. *Cando se sacan as albardas, vense as amatas*. (BF)
457. *Cando todos che digan que es burro, ornea*. (VS: 15804), (DD)
458. *Cando un burro fala, catorce escoitan*. (NVS: 868)
459. *Cando un burro fala, o outro ornea*. (NVS: 869)
460. *Cando un burro fala, o outro escoita*. (RSS: 708), (VS: 15843)
461. *Cando un burro ornea, o outro escoita*. (RSS: 709)
462. *Cando un burro ornea, o outro pica n'o toxo*. (RGP: 248)
463. *Cando un burro ornea, outro baixa a orella*. (VS: 15844 Nota)
464. *Cando un burro ornea, outro escoita*. (RSS: 710), (VS: 15844)[381]
465. *Cando un burro ornea, outro pica no toxo*. (VS: 10219)
466. *Cando un burro ornea, sempre hai outro que escoucea*. (DD)
467. *Cando un burro ornea, u outro escoita*. (VS: 15845)
468. *Canto máis besta, máis peixes*. (RGP: 257), (VS: 18807)

[378] Refráns con que se dá a entender que o que sae de balde o hai que aceptar sen pórlle tachas ou pégas.

[379] Equivale al refrán: *Cando o pan anda no pendón, pra ben granar, ten que o cabalo co frío tembrar*. / Espendoar = echar la flor el centeno. Espendoar = andar no pendón. Por eso se dice: *Abril, pendoril, porque en este mes echa el pendón o espendoa*.

[380] *Pendón* = Flor del centeno. *Andar no pendón* = echar la flor. Carré y *Diccionario Enciclopédico* sólo lo aplican a la flor del maíz.

[381] *Cando un burro ornea, outro baixa a orella*. / *Cando un burro fala, catorce escoitan*. / *Cando un burro ornea, sempre hai outro que escoucea*.

469. *Canto máis burro é un, máis lle poñen a albarda*. (VS: 20247)
470. *Canto máis burro, máis grande é a albarda*. (VS: 20248)
471. *Canto máis burro, máis grande é albarda*. (RSS: 730)
472. *Canto máis burro, máis palla*. (RSS: 731), (VS: 436)
473. *Canto máis burro, máis peixe*. (CLC), (DFG: 0135)[382], (FMO: 2518), (VS: 18808), (REG)
474. *Canto máis burro, máis te avergonzas*. (RSS: 732), (VS: 15805)
475. *Canto máis lle dan ó burro, máis o burro quere*. (DC: 1389)[383]
476. *Car[g]a larga, mau de illarga, ó cabo do ano nin besta nin carga*. (RG)
477. *Carga larga e man na illarga, ao cabo do ano nin besta nin carga*. (DD)
478. *Carga larga e man na illarga, ó cabo do ano nin besta nin carga*. (DD)
479. *Carga larga, man n'a illarga, ò cabo d'o ano, nin besta, nin carga*. (DD)
480. *Carga larga, man n'a illarga; o cabo do ano, nin besta, nin carga*. (RGP: 267)
481. *Carga larga, man na illarga; ó cabo do ano nin besta nin carga*. (DD), (RSS: 772)
482. *Carga larga, man na illarga; ó cabo dun ano, nin besta nin carga*. (VS: 441)
483. *Carreira que non dá o cabalo, no corpo a leva*. (DD)
484. *Carreira que o cabalo non dá, no corpo a ten*. (RG)
485. *Carreira que o cabalo non dá, no corpo lle queda*. (RG)
486. *Carro untado, mula menos*. (VS: 1379)
487. *Carta ó santo, que saliu o burro do barranco*. (CLC)
488. *Casa de terra, cabalo de herba e amigo de pousada, non valen nada*. (VS: 22390), (DD), (RGC)
489. *Casa de terra, cabalo de herba e amigo de verba, todo é merda*. (DD)
490. *Casa, viña e poldro, fágano outros*. (DD)
491. *Casa, viño e poldro, fáganos outro*. (RGC)
492. *Casamento e comprar mula, acertalo gran fortuna*. (VS: 13055)
493. *Casar calquera se casa, calquer burro é casado: manter fillos e muller, retórcelle á porca o rabo*. (RSS: 793), (VS: 13072 Nota)
494. *Casar, calquera casa; calquera burro é casado; pero manter fillos e muller, retórcelle á porca o rabo*. (VS: 13072)[384]
495. *Casar, cásase calquera, calquera burro é casado, manter fillos e muller, retórcelle a porca o rabo*. (VS: 13072 Nota)
496. *Castigo de dura: unha no cravo i outra na ferradura*. (DD), (VS: 6435)
497. *Catro cousas hai no mundo e as catro testarudas: as mulleres e as cabras, as ovellas e as burras*. (VS: 15231)
498. *Catro cousas hai no mundo, todas catro cotarrudas: os porcos e as ovellas, as mulleres e as mulas*. (VS: 15232)
499. *Catro cousas hai no mundo, todas elas testarudas: os porcos i-as ovellas, as mulleres i-as burras*. (VS: 15233)
500. *Cebada do día non fai andar caballería*. (VS: 1396)
501. *Cebada do día non fai andar moito á cabalaría*. (RGC)
502. *Cebada e regalo fan o bo cabalo*. (DD)
503. *Cebada e regalo fan o bon cabalo*. (REG)
504. *Ceo de panza de burra, auga segura*. (DD)
505. *Chanzas con burros acaban en couces*. (DD)
506. *Co louco dómase o poldro*. (DD), (VS: 12278)
507. *Coitas alleas matan os asnos*. (VS: 8855)
508. *Coma come a besta, dío a besta, y también dío a bosta*. (DD)
509. *Come mais herva un dia de sol no mes de febreiro ca os cabalos do rei no ano enteiro*. (FMO: 361)
510. *Come máis pan un día de sol de febreiro cós cabalos de todo reino*. (VS: 2400)

[382] Dise cando alguén saca proveito en algo, aínda que traballe mal: *-¿Ti viches o novato ese?, ensinámoslle a xogar a semana pasada e xa gaña todas as partidas. -Si, canto máis burro máis peixe*.

[383] Refrán con que se expresa a insaciabilidade da xente cobizosa, ou con que se expresa que canto máis ten ou gaña unha persoa, máis quere ter ou gañar.

[384] Var.: *Casar calquera se casa, calquer burro é casado: manter fillos e muller, retorcerlle á porca o rabo. / Casar, cásase calquera, calquera burro é casado, manter fillos e muller, retórcelle a porca o rabo*.

511. *Come máis pan un día de sol de febreiro que os cabalos de todo o reino*. (RGC)
512. *Come mais pan un dia de sol do mes de febreiro que os cabalos de todo o reino*. (FMO: 362)
513. *Come máis pan un día de sol en febreiro que os cabalos de todo o reino*. (APRG)
514. *Come máis un día de sol de febreiro ca tod'os cabalos do reino*. (VS: 2401)
515. *Come máis un día de sol en febreiro que cantos cabalos ten o reino*. (VS: 2402), (REG), (RGC)
516. *Come máis unha xeada de febreiro que os burros do Reino*. (RG)
517. *Come máis unha xeada de xaneiro que tódolos cabalos do reino*. (VS: 2143)[385]
518. *Como come a besta, dío a besta*. (DD), (RGC)
519. *Como come a besta, dío a bosta*. (FMO: 1416), (VS: 449)
520. *Como come o burro, dicho o seu cu*. (VS: 450)
521. *Como come o mulo, así caga o cu*. (VS: 451)
522. *Con ferradura ou sin ferradura, coida ben a túa mula*. (VS: 10984)
523. *Con ferradura ou sin ferradura, coida ben á tua mula*. (DD)
524. *Con unha burra e un rabo xa van dacabalo*. (RSS: 844)
525. *Consulta de camiño, resposta de espola*. (VS: 5889, 13493)
526. *Cornada de burro non mata a xente*. (RSS: 848), (VS: 458)
527. *Corre máis un galgo dun mes c'on burro de tres*. (VS: 18727)
528. *Coser e facer albardas, todo é dar puntadas*. (DD), (VS: 20481), (RGE)
529. *Costa abaixo non me montes, costa arriba non m'afrontes, por llano non ma perdones*. (VS: 463)
530. *Costa abaixo non me montes, costa arriba non me aprontes, e polo chan dáme da man*. (RSS: 856), (VS: 462)[386]
531. *Costa arriba non me montes, costa abaixo non me afrontes, polo chan non me perdones*. (VS: 464)[387]
532. *Costa arriba, non me afrontes; costa abaixo non me montes, e polo chan, non me aforres*. (RG)
533. *Costas abaixo, eu me as subo; costas arriba, and'o meu burro*. (VS: 465)
534. *Costas arriba non m'apures, costas abaixo non me montes, e polo llano non me aforres* (*o cabalo*). (VS: 466)
535. *Couces de burro non chegan ó ceo*. (FMO: 1757)
536. *Couces de égoas non matan poldros*. (DD), (VS: 22924), (RGC)
537. *Criado e burro, un ano*. (RG)
538. *Cuidado coas bestas, que nin se confesan nin van a misa*. (VS: 5840)
539. *¡Cuidado coas bestas, que non se confesan nin van á misa!* (VS: 21084)
540. *Cuidados alleos matan os asnos*. (VS: 18310)
541. *Da besta á mular, e de home ó de pouco falar*. (MPM)
542. *Da besta, a mular, e do home, o de pouco falar*. (DD), (RGC)
543. *Da besta, a mular; de home, o de pouco falar*. (FMO: 1039)
544. *Dá ferraña ao caballo para o agarrar no tallo*. (NVS: 34)
545. *Da muller e do burro, canto máis lonxe máis seguro*. (APRG)
546. *Dábanme o ramal pero eu quería a besta*. (VS: 8471)
547. *De aquí a un ano, ou morre a burra ou quen a tangue*. (VS: 19568)
548. *De arrieiro a arrieiro, non pasa diñeiro*. (DD)
549. *De arrieiro pra arrieiro non hai diñeiro*. (FMO: 2220)
550. *De besta mular e de home de pouco falar*. (MPM)
551. *De besta vella, aos toxos*. (VS: 485)
552. *De besta, a mular, e de home, o de pouco falar*. (RSS: 913), (VS: 486)[388], (RG)
553. *De besta, a mular, e de home, o pouco falar*. (RSS: 914), (VS: 487)

[385] Var.: *O sol de xaneiro come máis pan que os cabalos do mundo enteiro*.

[386] Lo dice el caballo.

[387] En la Tierra Llana se pone en boca del caballo. *Afrontar* es lo mismo que fatigar, cansar, y en este sentido lo incluye en su *Diccionario* Carré Alvarellos.

[388] Lo primero por su buena andadura, y lo segundo, porque la prudente reserva es nota de discreción.

554. *De besteiro a ladrón non hai máis c'un escalón*. (VS: 16695)
555. *De bestia mular, é de home de paso falar*. (MPM)
556. *De bestia vella, ós toxios*. (VS: 496)
557. *De burro abaixo non hai máis r[u]ín besta*. (VS: 489)
558. *De burro abaixo non hai máis roín bestío*. (VS: 490)
559. *De burro abaixo non hai máis ruín besta*. (VS: 493)
560. *De burro abaixo non hai menos besta*. (VS: 491)[389], (FMO: 876)
561. *De burro abaixo non hai pior besta*. (DD)
562. *De burro abaixo non hai pr'ond'ir*. (VS: 492)
563. *De burro embaixo non hay millor besta*. (VS: 491 Nota)
564. *De burro morto cebada ao rabo*. (FFA: 36)
565. *De burro morto, cebada ó rabo*. (RSS: 918), (VS: 19764)
566. *De burro pra abaixo non hai besta de menos monta*. (DD)
567. *De home galiña e de muller cabalón, líbranos, Señor*. (VS: 11119)
568. *De home maricas e de muller cabalón, libértanos Señor*. (RGC), (VS: 11121), (RAB)
569. *De homes é equivocarse; de bestas, amansarse*. (DD), (VS: 8916)
570. *De letras, como unha besta; de latín, como un rocín*. (VS: 18149)
571. *De muller que fala latín e a mula que faga "hin", líbreme Dios a min*. (VS: 15246)
572. *De muller que sabe latín, e da mula que fai in, arrenega hasta o fin*. (APRG)
573. *De muller que sabe latín, e mula que fai ¡hin!, arrenega hastra o fin*. (DD)
574. *De neno, rei; de joven, capitán; de casado, burro; e de vello, can*. (VS: 18648)
575. *De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can*. (VS: 11125)
576. *De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can; i-o que como non-o merece; i-o que pide non llo dan*. (VS: 18647)
577. *De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can*. (REG)
578. *De noite á candea, a burra parece doncella*. (APRG)
579. *De pai bodegueiro, fillo cabaleiro e neto limosneiro*. (RGC)
580. *De palla ou palleiro enche á besta o comedeiro*. (VS: 1431)
581. *De pequeno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e, de vello, can*. (RG)
582. *Deixade ao mestre anque seña un burro*. (FMO: 2527), (VS: 18155)
583. *Deixar ao maestro aunque sea un burro*. (VS: 18156)
584. *Desconfía da besta que fai "hin" e da muller que sepa latín*. (VS: 502)
585. *Despois de burro morto, cebada ó rabo*. (VS: 19766)
586. *Desqu'a burra xa vai no pó, ¡xo! burra ¡xo!* (DD)
587. *Desque a burra vai no pò, xò, burra, xò*. (DD)
588. *Desque a burra vai no po: -Xo, burra, xo!* (FMO: 12)
589. *Desque a burra vai no xo, ¡xo, burra, xo!* (VS: 19767)[390]
590. *Desque o burro entra no illó, ¡xò burro, xò!* (DD)
591. *Desque o burro vai no illó, ¡xo, burro, xo!* (VS: 19768)[391]
592. *Deus fixo as bestas para descanso dos homes*. (APRG)
593. *Deus nos deixe andar a cabalo de quen o entende*. (RGC)
594. *Deus nos deixe andar dacabalo de quen non entende*. (RGC)
595. *Dio-lo queira, Dio-lo queira, que o meu burriño non vaia á feira*. (FMO: 1771)
596. *Dios fixo as bestas pra descanso dos homes*. (VS: 7657)
597. *Dios te garde de dianteira de viuda e da traseira de mula*. (DD)
598. *Do bispo e do mulo, canto máis lexos, máis seguro*. (VS: 20792)
599. *Do burro abaixo non hay menos besta*. (RSS: 1015)

[389] Var.: *De burro embaixo non hay millor besta*. Indica el probe concepto que merece el asno.

[390] Var.: *Agora que vai no xo, ¡xo, burro, xo! / Cando a burra vai no xo, ¡xo burra, xo!*

[391] Var.: *Desque a burra vai no po, ¡xo, burra, xo! / Desque o burro entra no illó, ¡xo, burro, xo! / Desque o burro vai no po, ¡xo, burro, xo!*

600. *Do burro pra baixo non hai máis ruín besta*. (VS: 505)
601. *Do demo a besta que non gana a cebada*. (NVS: 37)
602. *Do home o falar da besta a mular*. (RSS: 1020)
603. *Do home, o falar, e da besta, a mular*. (VS: 508)
604. *Do superior e do mulo, canto máis lexos máis seguro*. (VS: 513 Nota)
605. *Do superior e do mulo, canto máis lexos millor*. (VS: 513)[392]
606. *Doce galiñas e un galo comen máis que un cabalo*. (REG)
607. *Donde canta un crego e ornea un burro, nunca falta un peso duro*. (VS: 21171)
608. *Donde hai cura ou albarda, sempre hai hora mellorada*. (VS: 21172)
609. *Donde hai égoas, poltros nacen*. (VS: 516)[393]
610. *Donde hai eguas, poldros nacen*. (FMO: 885)
611. *Donde vexas corpo, bota carga, e donde vexas orellas, albarda*. (VS: 523)
612. *Dos homes é errar e dos burros rebuznar*. (RG)
613. *Dou ó demo a besta que non gana a cebada*. (DD), (RGC)
614. *Dou ó demo o poldro que en vendo égoas non relincha*. (DD), (RGC)
615. *Dou ó demo o poldro que vendo égoas non relincha*. (VS: 19583)
616. *Dous cabalos rifadores non poden xuntos comer*. (DD), (RGC), (VS: 8095)
617. *Dous poldros a un can, ben o morderán*. (DD), (RGC), (VS: 19584)
618. *Dous Xans e un Pedro fan estar o burro quedo*. (VS: 14306)
619. *Dúas cousas quer o cabalo: paso de andadura e pescozo de galo*. (DD), (VS: 8103)
620. *Dúas cousas quere o cabalo: paso de andadura e pescozo de galo*. (RGC)
621. *Dun burro solo se poden esperar patadas e chichos*. (VS: 17246)
622. *Duras de cabeza son tres criaturas: a muller, a cabra e maila burra*. (APRG)
623. *É ben borrico o que vive pobre por morrer rico*. (VS: 4702)
624. *É lidar en van con un burro sin un pau*. (VS: 528)
625. *É mellor ser dono dunha besta que criado dunha recua*. (RSS: 1059)
626. *É millor andar ca ornear*. (FMO: 2368)
627. *É millor calar que con burro falar*. (VS: 10228)
628. *É millor morrer dunha bala ca da patada dun burro*. (NVS: 38)[394]
629. *É millor ser amo de un burro que criado de un mulo*. (VS: 16717)
630. *É millor ser amo dun burro ca criado dun mulo*. (NVS: 343)
631. *É millor ser burro que alcalde: alcalde é un hoxe e non é mañá, i-o que é burro, é burro sempre*. (VS: 11752)
632. *É millor ser dono dun burro ca criado dunha recua*. (VS: 16718)
633. *É millor ser dono dunha besta que criado dunha recua*. (VS: 16719)
634. *É pecado borrical ter besta e levala de ramal*. (VS: 15807)
635. *E se o grande é agudo poñe o pequeno no cu dun burro*. (REG)
636. *Eí vén San Martiño co seu cabaliño*. (NVS: 258)
637. *El que la burra presta y la mujer trai en festa, logo se quedará cornelán e sin besta*. (DRV: 383)
638. *En canto non morre a burra non se sabe quen é o arrieiro*. (APRG)
639. *En de morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua*. (RSS: 1126), (VS: 16724)[395]
640. *En de morrendo o arrieiro, sábese de quén é o gando*. (VS: 16724)
641. *En febreiro comerá máis o sol que tódolos cabalos do reino*. (REG)
642. *En maio unha besta vella parece cabalo*. (VS: 542)
643. *En maio, a besta é cabalo*. (APRG)
644. *En maio, auga para o cabalo e o galo*. (RA)
645. *En maio, calquer besta é cabalo*. (RG)

[392] Var.: *Do superior e do mulo, canto máis lexos máis seguro*.

[393] No se deben estrañar los acontecimientos cuando están inmediatos a las causas de que provienen. / *Dum causa existit, effectus natura consequitur*.

[394] Var.: *É millor morrer dunha bala ca dun noxo*.

[395] Se dice de los que hacen alarde de lo que no tienen.

646. *En maio, calquera besta é cabalo*. (DD), (RG), (VS: 3056), (REG), (RGC)
647. *En maio calquera burro é cabalo*. (FMO: 385)
648. *En maio, o barrufeiro faise cabalo*. (DD), (RG), (RGC)
649. *En maio tembla o cabalo*. (VS: 3086)
650. *En maio vai a mosca do boi ó cabalo, e si é de lei, vai ó cabalo e non deixa o boi*. (VS: 3087)[396]
651. *En morrendo o arrieiro, sábese de quén era o gando*. (RG)
652. *En santa Mariña andan a cabalo du[nh]a espiña*. (RSS: 1245), (VS: 4205)
653. *En terra de ladróns, alforxas diante*. (VS: 21257)
654. *En xaneiro e febreiro busca a sombra o can; en marzo búscaa o burro*. (VS: 2163)
655. *En xaneiro, millor cabalo que o castiñeiro*. (VS: 2196)
656. *En xunio quítase a mosca ó boi e pégase ó burro*. (VS: 3239)[397]
657. *Ende morrendo o arrieiro, sábese de quén é o gando*. (RG)
658. *Enredos de homes, beixos de burro*. (RG)
659. *Entender de todo un pouco, e de albardeiro, dúas puntadas*. (VS: 16729)
660. *Entre Santos e Nadal arrieiro non vaias ó sal*. (REG)
661. *Entre Santos e Nadal, arrieiriño non vaias ó sal*. (REG)
662. *Entre santos e natal, arreeiriño non vaias ó sal, ca perdes o burro e o capital*. (FRG: 111)
663. *Enxame de maio vale un bo cabalo*. (DD)
664. *Enxame de maio vale un cabalo*. (VS: 8804)[398]
665. *Enxame de maio, val un cabalo*. (BF)
666. *Enxame de marzo val un cabalo*. (FMO: 405)
667. *Enxamio de maio vale un cabalo; o de san Xoán, un can; o da sega, unha cadela; i-o de agosto, un magosto*. (VS: 8808)[399]
668. *Errar é de homes e ser herrado de bestas*. (VS: 11131)
669. *Erreiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador dunha cana perden máis ca gañan*. (REG)
670. *Eu iba a cabalo daquel burro, caín del embaixo i-entón eu fun o burro*. (VS: 6210)
671. *Falou o burro e orneou*. (DD), (VS: 10180)
672. *Ferra a besta lixeiro e andarás cabaleiro*. (VS: 10985)
673. *Ferra á besta lixeiro, e andarás cabaleiro*. (DD)
674. *Ferradura que chouqueletea, cravo lle falta*. (DD), (VS: 10986)
675. *Férrase o burro á vontade do dono*. (FMO: 893)
676. *Festa de curas, inferno de bestas*. (VS: 9709)
677. *Festa de curas, morte de Burras*. (FRG: 115)
678. *Fidalgo pobre e bestas vellas acaban as nosas terras*. (RSS: 1428), (VS: 19352)
679. *Fidalgo pobre e bestas vellas acaban coas terras*. (VS: 19353), (APRG)
680. *Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras*. (RG), (VS: 19354)
681. *Fuxe o burro, paus na albarda*. (RG)
682. *Galope do meu cabalo non leva, no corpo queda*. (REG)
683. *Gárdate da mula que fai ¡hin! e da muller que sabe latín*. (FMO: 1644)
684. *Gracias de burro non chegan ó ceo*. (APRG)
685. *Grande pé e grande orella é sinal de grande besta*. (VS: 596)
686. *Hai cabalos tolos, e burros cordos*. (DD), (RGC)
687. *Hai cousas que parecen mal: o tempo composto de noite, a besta no curro i-o fidalgo en zocos*. (VS: 1568)
688. *Hai moitos burros da mesma color de coiro*. (VS: 597)
689. *Hai moitos burros da mesma color do coiro*. (RG)
690. *Hai moitos burros da mesma color que o coiro*. (VS: 598), (RSS: 1504)

[396] Por el aumento de calor que se observa ya en algunas zonas.

[397] Otros lo refieren a mayo, como notamos en su lugar.

[398] Var.: *Enxame de maio vale un bo cabalo*.

[399] Var.: *Enxamio de maio vale un cabalo*. / *No mes de maio o enxame vale un cabalo; o de san Xoán non vale un can, i-o da sega, unha cadela*.

691. *Hai moitos burros da mesma coor do coiro*. (DD)
692. *Hai moitos burros da mesma cor do coiro*. (FMO: 1804)
693. *Hai moitos burros do mesmo pelo*. (DD)
694. *Hai moitos burros dun color*. (VS: 599)[400]
695. *Hasta que morra o arrieiro non se lle ven as matas ó burro*. (RG)
696. *Hasta que non morre a besta non se sabe de quén son os aparellos*. (RG)
697. *Hasta xaneiro calquera burro pasa o regueiro*. (APRG)
698. *Hasta xaneiro, calquer burro avanta o regueiro, pro de xaneiro pra diante non hai can nin burro que o avante*. (RG)
699. *Hastra que morre o arrieiro non se sabe de quen é a récoa, o de quen son as bestas*. (DD)
700. *Home casado, burro amolado*. (REG)
701. *Home casado, burro escarallado*. (APRG), (REG)
702. *Home casado, burro estropeado*. (REG), (RG), (RSS: 1513), (VS: 11155)
703. *Home mozo que non troula, nin fuma, nin xoga, nin bebe, nin bica, nin cuspe no curro, máis que home é burro*. (VS: 11231)
704. *Home orelludo, señal de burro*. (VS: 15809)
705. *Home reñedor, cabalo corredor e odre de bo viño, nunca moito duran*. (APRG)
706. *Home reñidor, caballo corredor, odre de bon viño, nunca dura muito*. (MPM)
707. *Home reñidor, cabalo corredor e odre de bo viño nunca moito duran*. (FMO: 2374)
708. *Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño nunca dura moito*. (VS: 11279)[401]
709. *Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño nunca dura muito*. (MPM)
710. *Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura muyto*. (MPM)
711. *Home rifador, cabalo corredor, xerro de bo viño e besta de andadura, nunca moito dura*. (DD)
712. *Home rifador, cabalo corredor, xerro de bo viño e besta de andadura, nunca moito duran*. (RGC)
713. *Home viúvo, cabalo picado*. (RGC)
714. *Home xeniudo, pequeno e burro*. (RSS: 1555)
715. *Home xeniúdo, pequeno e burro*. (VS: 11302)
716. *Horta e torta, moza e poldra e muller que mira mal, quérense saber tratar*. (DD), (VS: 11497)
717. *Horta e torta, moza, poldra e muller que mira mal, quérense saber tratar*. (RGC)
718. *Lavarlle a cabeza on burro é gastar xabrón e perder tempo*. (VS: 9120)
719. *Lebou o demo a besta a mays quen a tangue*. (DD)
720. *Leite de cabra e leite de burra danse camiño da sepultura*. (DD), (VS: 13546), (FMO: 1236)
721. *Leite fresco con manteca é o almorzo das mulleres; e ó burro que vén dos toxos, come verzas, si as queres*. (VS: 15278)
722. *Líbrate de dianteira de viúda e de traseira de mula*. (DD), (VS: 601)
723. *Líbrate de traseira de mulo e de dianteira de viuda*. (APRG)
724. *Macho burreño, macho ferreño*. (VS: 603)
725. *Mágoas alleas matan os burros*. (FMO: 2546), (RG), (RG), (VS: 13549), (RSS: 1615)
726. *Maio pardo e san Xoán claro val máis que usté, as mulas e o carro*. (VS: 3137)
727. *Maioraza de aldea e besta de herba, todo é merda*. (VS: 1606)[402]
728. *Máis corre un galgo de un mes que un burro de tres*. (VS: 5740)
729. *Máis fácele é ó burro preguntar que ó sabio responder*. (VS: 15810)
730. *Máis fácil é ó burro ornear có sabio responder*. (RAB)
731. *Máis que cen de pardal vale unha de asnal*. (VS: 17785)
732. *Máis quero burro que me leve ca cabalo que me derrengue*. (VS: 604)
733. *Máis quero burro que me leve, que cabalo que me deixe*. (FMO: 903), (VS: 20497), (DD)
734. *Mais val a besta que carrexa, que a besta que espoldrexa*. (DD), (RGC)

[400] Se emplea jocosamente cuando se confunde una cosa con otra por su mucho parecido.

[401] Var.: *O home reñidor, cabalo corredor e odre de bon viño, nunca duran moito*.

[402] La caballería no le basta la hierba para andar, necesita pienso y el mayorazgo tiene de que hacer dinero, pero alcualmente no dispone de una perra.

735. *Máis val besta que carrexe que non que espeldrexe*. (VS: 605)
736. *Máis val burro vivo ca sabio morto*. (FMO: 2009)
737. *Máis val burro vivo que sabio morto*. (APRG)
738. *Máis val unha asnal que cen de pardal*. (VS: 606)
739. *Máis vale andar que asnear*. (VS: 6319)
740. *Máis vale asno que me leve que cabalo que me derrube*. (VS: 607)
741. *Máis vale gran de pimenta que bosta de besta*. (VS: 10079), (DD)
742. *Máis vale o can pequeno agudo có can grande e burro*. (VS: 8351)
743. *Máis vale pequeno e agudo que grande e burro*. (RSS: 1629), (VS: 8352)
744. *Máis vale pequeno listo que burro grande*. (RSS: 1630), (VS: 8353)
745. *Máis vale ruín besta que bon burro*. (VS: 608)
746. *Máis vale burro vivo que sabio morto*. (VS: 15811)
747. *Máis vale ser amo dun burro ca criado dunha recua*. (DC: 0188)[403], (DFS21)
748. *Máis vale ser arrieiro dunha besta ca criado dunha recua*. (DC: 0188)[404], (DFS21)
749. *Máis vale ser pequeno agudo que grande burro*. (RSS: 1634), (VS: 8354)
750. *Máis vale un día de sol en febreiro ca cantos cabalos ten o reino*. (VS: 2492)
751. *Máis vale unha asnal que cento de pardal*. (VS: 609)
752. *Mal a pé e peor d'a cabalo*. (VS: 8642)
753. *Maldito sea o burro que non gana a cebada*. (VS: 619)[405]
754. *Malia o burro que non gana a cebada*. (FMO: 909)
755. *Maquinista e conductor, canto máis burro, millor*. (VS: 16790)
756. *Maragato feato, rabo de la chincha, cando o galo canta o cabalo rincha*. (RSS: 1682)
757. *Marzo moscoso, abril chuviñoso, maio pardo, san Juan claro, valen máis cás mulas i-o carro*. (VS: 2703)
758. *Marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro*. (VS: 2715)
759. *Mentras a burra non paire, non se sabe que cría sal*. (RG)
760. *Mentras a burra non pare, non se sabe que cría sale*. (APRG)
761. *Mentras hai burros, ándase a cabalo*. (VS: 631)[406]
762. *Mentras o burro non pare, non se sabe que cría sale*. (VS: 17842)
763. *Mentres a burra non pare, non se sabe que cria sale*. (FMO: 910)
764. *Millor é ser listo pobre que rico burro*. (VS: 19145)
765. *Moitas veces a mula reponse ó arrieiro*. (VS: 634)
766. *Moito madruga Xan de Guedella, moito madruga e tarde aparella*. (VS: 18556)
767. *Morra a recua e quede o arrieiro*. (VS: 16801)
768. *Mozo galán, nin besta nin can*. (VS: 8359)
769. *Mula con remoiño407 o dèmo a trasquila*. (DD)
770. *Mula con remuíño doulla ó meu veciño*. (DD)
771. *Mula de alquiler, se non leva dous leva tres*. (DD)
772. *Mula e tea non se han de escoller á candea*. (DD), (VS: 15505)
773. *Mula mohína, ou falsa ou fina*. (RSS: 1765)
774. *Mula moína, ou falsa ou fina*. (VS: 642)
775. *Mula môiña408 ó demo á trasquila*. (DD)
776. *Mula que fai ¡hin! non é pra min*. (DRV: 253)
777. *Mula que fai ¡hin!, e muller que sabe latín, nunca fixeron a naide bo fin*. (DD), (VS: 15506)
778. *Mula que fai "hin" e a muller que charla latín non se fixeron para min*. (REG)
779. *Mula que fai hin e muller que chalra latin, non se fixeron pra min*. (DD)

[403] Refráns que expresan que é mellor ser alguén que goza de certa consideración nun lugar, empresa, etc. pequenos ca non pintar nada nun lugar, empresa, etc. grandes ou de máis nivel.
[404] Ver a nota 402.
[405] Var.: *Do demo a besta que non gana a cebada*.
[406] Alude figuradamente al abuso que se hace de los desheredados de la fortuna.
[407] Ou moiña.
[408] De remoiño.

780. *Mula que fai hin e muller que sabe latín, nunca fixeron bo fin*. (DD)
781. *Mula que teña remuíño non a quero pra andar camiño*. (DD)
782. *Mulas e muletas entran cas mismas letras*. (RG)
783. *Mulas, mulleres e muletas empezan coas mismas letras*. (RG)
784. *Muller casada, burra e amolada*. (APRG)
785. *Muller e besta, a naide se empresta*. (VS: 19853), (DD), (RG), (RSS: 1769)
786. *Muller e mula sin zuna, ningunha*. (VS: 15330)
787. *Muller que asubía, mula que griñe e galiña que canta como capón, na miña casa non, non*. (VS: 15355)
788. *Muller que axubee e mula que faga "iii", garda pra ti que pra min non sirve*. (VS: 15359)
789. *Muller que do cuco fióu, ou era moi burra ou cucar desexóu*. (APRG)
790. *Muller que sabe latín e burra que fai jin, jín, líbranos, Señor, dela hastra o fin*. (RG)
791. *Muller que sabe latín e mula que fai ¡hin!, arrenega dela ata o fin*. (FMO: 1826)
792. *Muller que sabe latín e mula que fai "hin", arrenega dela hastra o fin*. (VS: 15367)
793. *Muller que sabe latín e mula que fai hín, hín, arrenegar delas hasta o fin*. (APRG)
794. *Muller que sepa latín e besta que diga in apárteios Dios de min*. (RG)
795. *Muller que sepa latín e mula que faga "hin", si non é mula, é ruín*. (VS: 15372)
796. *Muller que sepa latín e mula que faga "in", nin o demo as monta*. (VS: 15373)
797. *Muller, reló e besta non se empresta*. (VS: 15395)
798. *Mulleres e mulas hai poucas sen zuna*. (FMO: 1664)
799. *Mulleres e mulas hai poucas sin zunas*. (VS: 15390)
800. *Mulleres e mulas, hai poucas sin zuna*. (VS: 15391)
801. *Mulleres e mulas, haiche poucas sen zunas*. (APRG)
802. *Mulleres, mulas e muletas escríbanse todas coas mismas letras*. (RG)
803. *Na casa onde cantou un cura i-orneou un burro, nunca faltou un peso duro*. (VS: 21185)
804. *Na súa terra, ou o burro fala ou o burro ornea*. (VS: 21911), (DD)
805. *Na túa terra, o burro fala ou ornea?* (APRG)
806. *Nadie lle tira polo rabo á burra como seu amo*. (RSS: 1853), (VS: 645)
807. *Nadie turra do rabo do poltro como seu dono*. (DD)
808. *Naide turra do rabo do poltro como seu dono*. (VS: 646)
809. *Naide turra do rabo do poldro coma seu dono*. (DD), (RGC), (VS: 19585)
810. *Nas bestas vellas todos son sobrehuesos*. (VS: 647)
811. *Nas bestas vellas todos son sobreosos*. (APRG)
812. *Negra é a pementa e cómena os fidalgos, branca é a neve e trípana os cabalos*. (RGC)
813. *Negra é a pimenta e cómena os fidalgos, e branca é a neve, e trípana os cabalos*. (VS: 15889)
814. *Neva menudo, cebada ó burro*. (VS: 1648)
815. *Neva menudo, cebada pró burro; neva delgado, cebada pró cabalo*. (VS: 1649)
816. *Nin "arre" que escapes nin "xo" que te deites*. (VS: 648)
817. *Nin besta de moita herba nin home de moita verba*. (VS: 649)
818. *Nin besta de soilo herba, nin home de moita verba*. (DD)
819. *Nin besta de solo herba nin home de moita verba*. (APRG), (RG), (RGC), (VS: 650)
820. *Nin bo Pedro nin bo burro negro nin bo lameiro por riba do rego*. (APRG), (BF)
821. *Nin bo Pedro nin bo burro negro nin bo lameiro pra riba do rego*. (FMO: 439)
822. *Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego*. (DD), (RG), (DD)
823. *Nin bo porco, nin bo marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga xin, nin boa muller que fale latín*. (APRG)
824. *Nin bo Xoán, nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro encima do rego*. (RG)
825. *Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon lameiro por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira nin ola sin asa, todos os demos fóra da miña casa*. (VS: 651)

826. *Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon lameiro por riba do rego*. (VS: 1652)[409]
827. *Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon prado por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira, nin ola sin asa; todas cos demos, fóra da miña casa*. (VS: 1653)
828. *Nin bon Pedro, nin bon burro negro nin bon lameiro por riba do rego*. (VS: 652)
829. *Nin boo Pedro nin boi marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga ghin, nin boa muller que fale latín*. (VS: 1654)
830. *Nin burra coxa nin bolsa froxa*. (VS: 14411)
831. *Nin burro orneante, nin home rallante*. (DD)
832. *Nin couce de poldro, nin rascadura de un pè con outro*. (DD)
833. *Nin hai montañés burro, nin hai mal comedor*. (APRG)
834. *Nin meu pai nin meu abuelo foron veterinarios i-eu metinme a ferrador*. (VS: 16811)
835. *Nin mula que faga "hin" nin muller que sepa latín*. (VS: 653, 15403)
836. *Nin mula que xema ¡hin! nin muller que saiba latín*. (FMO: 1666)
837. *Nin tanto "so" que pare nin tanto "arre" que fuxa*. (VS: 657)
838. *Nin tanto arre que corra nin tanto xo que pare.* [410](DFG: 0056)
839. *Nin tanto arre que fuxa nin tanto xo que pare*. (FMO: 2026), (RSS: 1885), (VS: 655)
840. *Nin tanto arre que fuxa nin tanto xo que se deite*. (BF), (RSS: 1886), (VS: 656)
841. *Nin tanto arre que fuxa, nin tanto so que pare*. (APRG)
842. *Nin tanto que fuxa nin moito que se deite*. (RSS: 1887), (VS: 654)
843. *Nin tanto so que pare nin tanto arre que fuxa*. (RSS: 1888)
844. *Nin xo que pare nin arre que fuxa*. (BF)
845. *Ninguén lle tira polo rabo á burra como seu amo*. (RSS: 1889), (VS: 660)
846. *Ninguén turra do rabo do poldro coma o seu dono*. (RGC)
847. *Ninguién turra do rabo do poldro como o seu dono*. (DD)
848. *Ningún burro se quedou calvo*. (DD)
849. *No agosto está a iegua tras o toxo*. (RSS: 1896)
850. *No hai que esperar o día do mercado para ferrar o cabalo*. (BF)
851. *No maio na corte treme o cabalo*. (VS: 3165)
852. *No maio, o barrufeiro vólvese cabalo*. (DD)
853. *No mes de maio o enxame vale un cabalo; o de san Xoán non vale un can, i-o da sega, unha cadela*. (VS: 8808 Nota)
854. *No mes de maio, nin besta nin cabalo*. (BF)
855. *No mes de maio, nin égoa nin cabalo*. (RG), (DD), (VS: 13334)
856. *No pisar conócese o cabalo, i o cabaleiro no gobernalo*. (DD)
857. *No pisar coñécese ó cabalo, e o cabaleiro no gobernalo*. (RC), (RGC)
858. *No pueblo onde canta un crego e ornea un burro non falta un duro*. (RG)
859. *No seu esterco, o cabalo engorda cando ben repousa*. (DD), (RGC)
860. *Non amanses poldros nin chufes a muller doutro*. (RGC)
861. *Non amanses poldros se queres ter ben os ósos*. (REG), (RGC), (RG)
862. *Non amanses poltros nin chufes a muller doutro*. (VS: 15406)
863. *Non cabalgues en poldro nin a túa muller gabes a outro*. (RGC), (DD)
864. *Non come o lobo besta branca*. (DD), (VS: 12255, 14417)
865. *Non compres besta coxa pensando que sanará; a que está sana coxea ¿que fará a que coxa está?* (VS: 5102 Nota)

---

[409] Var.: *Nin bo Pedro nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello, nin de cuñado un bo consello. / Nin bo Pedro nin bo burro negro, nin bo carreiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello nin de cuñado un bo consello*.

[410] Expresa a conveniencia de procurar un termo medio, equivale a "nin excederse nin ficar curto": *Non lle botes tanto sal ás patacas, nin tanto arre que corra nin tanto xo que pare*.

866. *Non compres besta coxa pensando que sanará; as sanas coxean, i-a coxa ¿que fará?* (RSS: 1957), (VS: 5102)[411]
867. *Non compres burro de recueiro nin te cases con filla de mesoneiro*. (VS: 13154)
868. *Non compres burro de recuero nin te cases con fillo de mesonero*. (VS: 13155)
869. *Non é moi burro o que sabe qu'é burro*. (VS: 18173)
870. *Non é o mel pra boca do burro*. (DD)
871. *Non é tan burro o que sabe qu'é burro*. (VS: 18174)
872. *Non esperes ó día do mercado pra ferra-lo cabalo*. (VS: 7428)
873. *Non hai besta sin freo nin espora*. (DD), (RGC)
874. *Non hai bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego*. (RG)
875. *Non hai boa mula, nin bon can negro nin bon prado por cima do rego*. (VS: 672)
876. *Non hai home cordo posto dacabalo*. (VS: 11313)
877. *Non hai home quedo a cabalo*. (VS: 11315)
878. *Non hai Pedro bo, nin burro neghro, nin lameiro por riba de regho*. (DD)
879. *Non hai quen ande atrás da besta como o arrieiro*. (VS: 16821)
880. *Non hai quen ande atrás da besta como o dono dela*. (VS: 677)
881. *Non hai quen arree a burra como seu dono*. (NVS: 44)
882. *Non hai quen tire da burra coma seu dono*. (VS: 16822), (RSS: 2019)
883. *Non levarán por ben o burro á auga se él non tèn gana*. (DD)
884. *Non merques burro de recoeiro, nin te cases con filla de mesoneiro*. (DD)
885. *Non merques mula coxa pensando que vai sanar, nin cases con puta pensando que se vai enmendar*. (APRG)
886. *Non pesques con anzó de ouro nin montes poldro novo nin a túa muller gabes a outro*. (RGC)
887. *Non plantes árbores nin amanses poldros nin chufes412 a muller doutro*. (BF)
888. *Non podo dar na besta e mallo na albarda*. (DD), (RGC)
889. *Non poñas albres nin amanses poltros, nin chufe-la muller pouco nin moito*. (VS: 15417)
890. *Non prantes árbores nin amanses poldros, nin chúfe-la muller doutro*. (RGC)
891. *Non prantes árbores nin amanses poldros, nin chúfe-la muller pouco nin moito*. (RGC)
892. *Non prestes besta a quen non ten besta*. (VS: 19842)
893. *Non prestes besta ó que non ten besta*. (RSS: 2033), (VS: 19843)
894. *Non pudo dar na besta e deu na albarda*. (VS: 14460)
895. *Non se sabe de quen é a récoa hasta que morre o arrieiro*. (DRV: 271)
896. *Non se sabe de quen é a récoa hastra que morre o arrieiro*. (DD)
897. *Non se sabe de quén é a recua hasta [que] morre o arrieiro*. (RSS: 2041)
898. *Non se sabe de quèn è a rècua hasta que mòrre o arreeiro*. (DD)
899. *Non se sabe de quen é a recua hasta que morre o arrieiro*. (VS: 16825)
900. *Non se sabe de quén é a recua hasta que morre o arrieiro*. (RG)
901. *Non se sabe de quén é a recua mentras non morre o arrieiro*. (VS: 16824)
902. *Non se sabe de quén e el macho, hasta que morre el arrieiro*. (DD)
903. *Non se sabe o que pode ensinar a muller ao bailar e o burro ao ornear*. (APRG)
904. *Non se sabe o que pode ensinar á muller o bailar e ó burro o ornear*. (VS: 8828), (DD)
905. *Non se vai ó ceo a cabalo*. (DD)
906. *Non se ven as amatas en canto non se quita a albarda*. (VS: 14453)
907. *Non se ven as amatas hasta quitalas albardas*. (APRG), (VS: 14454)
908. *Nubes de panza de burra, auga segura*. (VS: 16305)
909. *Nunca amanses poldros nin chufes á muller doutro*. (RGC), (APRG)
910. *Nunca compres besta coxa pensando que sanará, que inda enferma a qu'está sana, canto máis a qu'está xa*.. (VS: 5102 Nota)

[411] Var.: *Nunca compres besta coxa pensando que sanará, que inda enferma a qu'está sana, canto máis a qu'está xa. / Non compres besta coxa pensando que sanará; a que está sana coxea ¿que fará a que coxa está?*

[412] Gabes.

911. *Nunca pela un burro anque non teña o pelo moi duro*. (VS: 15814)
912. *Nunca pela un burro anque teña o pelo moi duro*. (VS: 15815)
913. *Nunca se sabe de quén é o burro hasta que morre o arrieiro*. (RG)
914. *Nunca se viu burro calvo nin melón con pelos*. (VS: 18180)
915. *Nunca un burro morreu calvo*. (RSS: 2100), (VS: 15816)[413]
916. *O alabardeiro fai da palla diñeiro*. (RGE)
917. *O albardeiro fai da palla diñeiro*. (DD)
918. *Ó albéitar non lle doe a carne da besta*. (RGE)
919. *Ó albéitar non lle doi a carne da besta*. (DD)
920. *O amigo amais o cabalo non hai que cansalo*. (VS: 4993)
921. *O amigo e o cabalo n'os canses*. (RSS: 2103), (VS: 4994)
922. *Ó amigo e ó cabalo non hai que cansalo*. (DD), (RGC)
923. *Ó amigo e ó cabalo non hai que forzalo*. (RG)
924. *Ó amigo e ó cabalo non o leves ó teu cabo*. (RGC), (DD)
925. *O amigo e o cabalo, non cansalo*. (BF)
926. *Ó amigo i ó cabalo non hai que esforzalo*. (RG)
927. *O amigo i-o cabalo non hai que esforzalo*. (VS: 4995)
928. *O barrufeiro non lle acai ben ó bo cabaleiro*. (DD), (RGC)
929. *O barrufeiro, no maio vólvese cabalo*. (DD), (RGC)
930. *O bo cabaleiro non se axeita nun barrufeiro*. (DD), (RGC)
931. *O boi frontudo e o cabalo cascudo*. (VS: 693)
932. *O boi peludo; e o cabalo, barrigudo*. (DD)
933. *O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo*. (VS: 706)
934. *O burro acarra o viño e bebe a iauga*. (APRG)
935. *O burro burreño ten a forza dun camello*. (VS: 710)
936. *Ó burro de Cristo nunca lle faltou cebada*. (VS: 20876)
937. *O burro do sardiñeiro reventou cunha sardiña*. (NVS: 48)
938. *O burro do vilán é mulo no vran*. (DD)
939. *O burro do xitano, en vendo o pan alonga o paso*. (DD)
940. *Ó burro e ó carro, a carga ó rabo*. (DD)
941. *O burro é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra*. (RSS: 2131)
942. *O burro é o único animal que tropeza dúas veces na misma pedra*. (VS: 11323)
943. *O burro no maio vólvese cabalo*. (VS: 3175)[414]
944. *O burro non anda senón coa albarda e a carga*. (DD)
945. *O burro pequeniño sempre é borriquiño*. (DD)
946. *O burro por onde pasa sempre deixa as ferraduras*. (VS: 15817)[415]
947. *O burro que máis traballa é o que máis rota trae a albarda*. (RG)
948. *O burro que máis traballa é o que ten a albarda rachada*. (RG)
949. *O burro que máis traballa, máis axiña se cansa*. (DD)
950. *O burro que máis traballo, máis rota leva a albarda*. (VS: 713)[416]
951. *O burro que moito carga, logo rompe o aparello*. (DD)
952. *O burro sofre a carga, mais non a sobrecarga*. (DD)
953. *O burro traseiro que zarre o boqueiro*. (RG), (FMO: 921), (VS: 714)
954. *O burro vai diante pa que non se espante*. (OR)
955. *Ó burro vello, a millor cebada i o pior aparello*. (DD), (VS: 20262)
956. *O burro, canto máis grande, máis lambe*. (RSS: 2132), (VS: 715)
957. *Ó cabalo dado non lle regañas o dente*. (VS: 6183)
958. *O cabalo do mesquiño, farto de auga, mal mantido e ben corrido*. (DD), (RGC)
959. *cabalo e a muller, a ninguén se han de ofrecer*. (DD), (RGC)
960. *O cabalo fai a égoa*. (DD), (RGC)

[413] Ningún burro quedou calvo.

[414] Como: *En maio, calquera besta é cabalo*.

[415] Los efectos de su mala actuación; aplícase a las personas.

[416] Recomienda la prudencia en el trabajo, a fin de no agotarse prematuramente.

961. *O cabalo farto non é comedor*. (DD), (RGC)
962. *O cabalo grande, ande non ande*. (RSS: 2133), (VS: 716)
963. *O cabalo no seu esterco engorda, cando ben come e descansa*. (VS: 9246), (DD)
964. *O cabalo que ha de ir á guerra non morre no ventre da égoa*. (RG)
965. *O cabalo que non dá a carreira, no corpo lle queda*. (VS: 717)[417]
966. *O cabalo que ten os ollos de diferente cor, é moi corredor*. (BF)
967. *Ó cabalo regalado non se lle mira o dente*. (RGC), (VS: 718)
968. *Ó cabalo regalado non se lle mira un dente*. (RSS: 2134), (VS: 719)
969. *O cabalo regalado, cólleo cos ollos pechados*. (DD)
970. *Ó cabalo regalado, cólleo cos ollos pechados*. (RGC)
971. *O cabalo sube a calzada comendo, chega á vila e tropeza na lama i-están os da vila todos na cama*. (VS: 720)
972. *O cabalo torto poder dar carreira dereita*. (RG)
973. *Ó cabalo vello, cabezadas novas*. (VS: 721)
974. *O cabalo, a muller i-a escopeta non se presta*. (VS: 15431)
975. *O cabalo, no seu esterco engorda, cando ben come e repousa*. (RGC)
976. *O cabalo, pando, e o boi, corvado*. (RGC)
977. *O cabalo, pando, i o boi corvado*. (DD)
978. *O cabalo, pra pelar, ha de temblar*. (VS: 722)
979. *O can ouvea e o burro ornea*. (APRG), (VS: 18758), (DD)
980. *O couce da égoa non fai mal ó poldro*. (DD)
981. *O couce da égoa non fire ó cabalo*. (DD)
982. *O cura vendeu a burra por non lle dar a cebada, i-agora vai aos enterros a cabalo da criada*. (OR)
983. *O demo ben sabe a quen toma i-a besta a quen derriba*. (FMO: 1842)
984. *O día que me casei un borriquito alquilei*. (VS: 13186)
985. *O enxame de maio vale un cabalo*. (VS: 8813)
986. *O fillo bastardo i a mula, cada día se mudan*. (DD)
987. *O fillo bastardo i-a mula, cada día se muda*. (VS: 11033)
988. *O fillo do burro ben sabe ornear*. (DD), (VS: 20157)
989. *O fume vai pró seu lugar; burro é quen se deixa estar*. (VS: 14481)
990. *O fruto basto trai o amo arrastro, e o rabo d'acabalo*. (FRG: 163)
991. *O home de rapás é rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can*. (FMO: 2412)
992. *O home reñidor, cabalo corredor e odre de bon viño, nunca duran moito*. (VS: 11279 Nota)
993. *Ó home e ó cabalo non hai que apuralo*. (RGC)
994. *Ó home i-ó cabalo non hai que apuralo*. (FMO: 930)
995. *O home ten catro edades: de neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can*. (RG)
996. *O home, cando é rapaz, é rei; de mozo capitán; de casado, burro; e de vello, can*. (VS: 11395)
997. *O home, de neno é rei e de mozo capitán, de casado pasa a burro, e de vello pasa a can*. (VS: 11397)
998. *Ó macho tonto pónselle un arrieiro loco*. (VS: 16844)
999. *O maestro, anque seña un burro, hai que deixalo*. (VS: 18184)
1000. *O médico que non é burro saca o enfermo de apuro*. (VS: 13663)
1001. *O mellor cabalo ten un tropezón*. (DC: 0532)[418]
1002. *O mellor penso do cabalo está no ollo do amo*. (RGC)
1003. *O millor cabalo dá un tropezón*. (DD), (RGC)
1004. *O millor penso do cabalo está no ollo do amo*. (DD)
1005. *O negocio das bestas, canto dá, canto pesca*. (VS: 15881)
1006. *O oficio do albardeiro é meter palla e sacar diñeiro*. (DD), (RGE)

[417] Recomienda que no se gasten las fuerzas de una vez, y que es conveniente reservarse para el porvenir.

[418] Refráns con que se indica que ata a persoa mellor preparada nunha determinada actividade comete algún erro nela.

1007. *O ollo do amo engorda ao cabalo*. (RSS: 2330)
1008. *O ollo do amo engorda o cabalo*. (APRG), (RGC), (DD), (RG), (RSS: 2331), (VS: 788)
1009. *O ollo do amo engorda ó cabalo*. (DD), (REG)
1010. *O ollo do amo, mantén o cabalo*. (BF)
1011. *O ollo do dono engorda o cabalo*. (RSS: 2332)
1012. *O ollo do dono engorda ó cabalo*. (REG)
1013. *O pan de millo moita besta cria*. (FMO: 1854)
1014. *O pedir moito é de louco; e de burro o pedir pouco*. (VS: 18908)
1015. *O pensar é de burros*. (VS: 15821)
1016. *O poldro antes teu que de outro*. (VS: 19586)
1017. *Ó poldro e ó mozo, albardón novo e apretado o bozo*. (RGC)
1018. *Ó poldro i ó mozo, albardón nòvo e apretado o bozo*. (DD)
1019. *Ó poldro i-ó mozo, albardín novo e apretado o bozo*. (VS: 19587)
1020. *O poldro no maio, vólvese cabalo*. (BF)
1021. *O poldro, antes teu que de outro*. (DD)
1022. *O poldro, antes teu que doutro*. (RGC)
1023. *O poldro, primeiro de outro*. (DD), (VS: 19588), (RGC)
1024. *O potro, da potrela, i-o becerro, da vaca vella*. (VS: 799), (RSS: 2351)
1025. *O primeiro d'abril van os burros onde non deben ir*. (FRG: 31)
1026. *O primeiro de abril van os burros onde non deben de ir*. (REG)
1027. *O primeiro de abril van os burros onde non deben ir*. (VS: 7298)
1028. *O primeiro de abril van os burros onde non teñen que ir*. (APRG)
1029. *O primeiro de maio van os burros ó ensaio*. (REG)
1030. *O qu'é burro, pida a Dios que o mate*. (VS: 15822)
1031. *O qu'é burro, pida ó demo que o leve*. (NVS: 867)
1032. *O que abusa da montura nin vai lexos, nin lle dura*. (RG)
1033. *O que ameaza ó cabalo, ás veces faino malo*. (DD), (RGC)
1034. *O que aos trinta non se casa, aos coarenta non fai casa e aos cincuenta non é rico, ¡arre, borrico!* (RG)
1035. *O que aos vinte non se casa, aos trinta non fai casa e aos coarenta non é rico, ¡arre, borrico!* (RG)
1036. *O que besta ha ter, besta ha de ser*. (RSS: 2385), (VS: 804)
1037. *O que besta ha ter, besta ha ser*. (RG)
1038. *O que burro ha de ter, burro ha de ser*. (VS: 15824)
1039. *O que di mal da égoa, ese é o que a merca*. (VS: 22925)
1040. *O que dí mal da égoa, ese é quen a merca*. (DD), (RGC)
1041. *O que é burro pede a Dios que o mate i-ó demo que o carregue*. (FMO: 2570)
1042. *O que é burro, que o aparellen*. (VS: 15826)
1043. *O que é burro, verte as papas*. (FMO: 144), (VS: 15828)
1044. *O que é burro, Dio-lo mate*. (VS: 15829)
1045. *O que en agosto non dá cebada, en xaneiro colga a albarda*. (VS: 3402)
1046. *O que fala mal da egua, é o que a leva*. (FMO: 1861), (RGC)
1047. *O que fala mal da égua é o que a leva*. (VS: 13270 Nota)
1048. *O que foi mandar o seu, cando foi, foi dacabalo; cando volveu, veu andando*. (VS: 8036)
1049. *O que ha de ser arrieiro, ten que nacer entre as albardas*. (VS: 16862)
1050. *O que lava a cabeza a burros, perde o xabrón i-o tempo*. (VS: 9124)[419]
1051. *O que lava a cabeza da burra, perde o xabrón e a lavadura*. (DD)
1052. *O que mal pensa, cánsalle a besta*. (VS: 816)
1053. *Ó que mal pensa, cánsalle a besta*. (DD)
1054. *O que nace burro, burro morre*. (VS: 15830)
1055. *O que nace pra burro non chega a cabalo*. (RG)
1056. *O que naceu pra burro, non pode chegar a cabalo*. (VS: 826)[420]
1057. *que non anda en burro anda en besta*. (NVS: 52)
1058. *O que non é burro, le no rubio*. (VS: 18194)

---

[419] Var.: *O que lava a cabeza da burra, perde o xabrón e a lavadura*.

[420] Con la misma enseñanza que el que dice: *O que nace para ichavo, non pode ser carto*. Desgracia (Pesimismo en la desgracia).

1059. *O que non monta a cabalo, nunca cae do cabalo*. (BF)
1060. *O que non monta a cabalo, nunca se cai no cabalo*. (VS: 20330), (DD)
1061. *O que non monte a cabalo, nunca se cae do cabalo*. (RGC)
1062. *O que non pode dar na besta, dá na albarda*. (VS: 828)[421]
1063. *O que non pode mallar no burro, malla na albarda*. (DD), (APRG), (VS: 14522)
1064. *O que non queira couces, que non vaia á feira das bestas*. (VS: 19695 Nota)
1065. *O que non queira patadas, que non vaia á feira das bestas*. (VS: 19695)[422]
1066. *O que non viu mundo é como unha besta brava*. (CLC)
1067. *O que o burro ha de ter, burro ha de ser*. (VS: 833)
1068. *O que o burro gaba, tal fillo lle naza*. (VS: 15834)
1069. *Ó que o burro gaba, tal fillo lle naza*. (DD)
1070. *Ó que ó burro gaba, tal fillo lle naza*. (APRG)
1071. *O que oie o cuco en aúnas, leva albarda pró ano*. (VS: 834)[423]
1072. *O que ós corenta anos non chega a rico, despois "arre borrico"*. (VS: 8195)
1073. *O que ós corenta anos non chega rico, despois "arre borrico"*. (RSS: 2615)
1074. *O que ós trinta non se casa e ós corenta non ten casa i-ós cincuenta non é rico, é un solemne borrico*. (VS: 8198)
1075. *O que pensa mal, cánsalle o burro no camiño*. (VS: 836)[424]
1076. *O que pensa sin cebada, sálelle a burra mal pensada*. (VS: 837)
1077. *O que perde o burro e atopa a albarda, xa non sufre perda tanta*. (RG), (DD)
1078. *O que perde o burro e encontra a albarda, non é a perda tanta*. (RSS: 2629), (VS: 838)
1079. *O que pèrde o burro e tòpa a albarda, ja non sufre pèrda tanta*. (DD)
1080. *O que perde o burro e topa a albarda, xa non sufre perda tanta*. (VS: 839)[425]
1081. *O que pon chatas, ten máis que o burro amatas*. (VS: 7393)
1082. *O que queira burra sin chata que ande a pata*. (RG)
1083. *O que queira ganar o inferno, que compre un cabalo no vrao e un burro no inverno*. (VS: 6438)
1084. *O que queira levar boa vida no mes de maio que chegue a súa burriña ó contrario*. (RG)
1085. *O que queira ter unha ruín besta, que compre un burro bo*. (VS: 844)
1086. *O que queira unha mala besta, que compre un burro bon*. (VS: 845)
1087. *O que quere ter besta, ten que ser el besta dela*. (VS: 846)
1088. *O que se pon ó lado do fuso ou é burro ou non ten uso*.. (FMO: 1873)
1089. *O que se pon do lado do fuso, ou é burro ou non ten uso*.. (VS: 6040)
1090. *O que só come o seu galo, só aparella o seu cabalo*. (RGC)
1091. *O que soilo come o seu galo, soilo aparella o seu cabalo*. (DD), (VS: 9974)
1092. *O que ten besta e anda a pé ben burro é*. (APRG), (RGC)
1093. *O que ten besta e anda a pé máis besta é*. (RC), (RGC)
1094. *O que tèn besta e anda a pè máis besta é, o ben burro é*. (DD)
1095. *O que ten besta e anda a pé, ben burro é*. (RSS: 2684), (VS: 9126)
1096. *O que ten besta e anda a pé, máis besta é*. (RSS: 2686), (VS: 9128)[426]
1097. *O que ten besta e anda a pé, máis besta el é*. (BF), (DD), (RSS: 2685), (VS: 9127)
1098. *O que ten besta e vai a pé, máis besta el é*. (RSS: 2687), (VS: 9129)
1099. *que ten besta soña coa albarda*. (DD), (RGC)
1100. *que ten besta, soña na albarda*. (VS: 852)

[421] Como último recurso del que no puede tomar venganza en la misma persona del ofensor.
[422] Var.: *O que non queira couces, que non vaia á feira das bestas*.
[423] Creencia supersticiosa, que asegura mala suerte al que oye al cuco antes de desayunar.
[424] Todos repiten la idea del ya registrado: *O que mal pensa, cánsalle a besta*.
[425] Del mal, el menos.
[426] *Quen ten burro e non vai nel, máis burro é el. / Quen tendo burro vai a pé, máis burro é el*.

1101. *que ten bo cabalo ten que saber montalo*. (APRG), (RGC), (DD)
1102. *O que ten burro e anda a pé, máis burro el é*. (RG)
1103. *O que ten burro e muller, monta e f... cando quer*. (RG)
1104. *O que ten burro e sal a pé, ben burro é*. (VS: 9130), (REG), (DD)
1105. *O que ten burro e vai a pé, máis burro el é*. (VS: 9131)
1106. *O que ten burro non pode ir calado; cuando ¡arre burro! cuando mandando aquedalo*. (DRV: 330)
1107. *O que ten chatas, ten máis que o burro amatas*. (VS: 7394)
1108. *Oque ten fillos e bestas, non lle faltan novedades frescas*. (VS: 9571)
1109. *O que ten fillos e bestas, sempre espera novidades frescas*. (BF)
1110. *O que ten mulleres, cabras e bestas sempre ten novidades frescas*. (REG)
1111. *O que ten un burro e o vende... ben s'entende*. (RSS: 2716)
1112. *O que trata con mulleres e bestas, nunca lle faltan novedades frescas*. (VS: 859)
1113. *O que vai buscar unha mula i-atopa un ramal, inda menos mal*. (NVS: 382)
1114. *O que vai no carro, non vai a pè nin vai a cabalo*. (DD), (VS: 18617 Nota)
1115. *O que vai nunha mula e con un francés, vai tolo e vai de a pé*. (VS: 860)[427]
1116. *O que vive pobre e morre rico é ben borrico*. (VS: 14922)
1117. *Ó rico empréñalle a besta e maila vaca; e ó pobre, a muller e a gata*. (REG)
1118. *O rocín de maio vólvese cabalo*. (RGC)
1119. *O rocín en maio vólvese cabalo*. (VS: 3190 Nota)
1120. *O rocín no maio vólvese cabalo*. (APRG), (DD), (FMO: 470), (MPM), (VS: 3190)[428]
1121. *O rocín no mayo verase cabalo*. (VS: 3190 Nota)
1122. *O rocin no mayo vólvese cabalo*. (MPM)
1123. *O sol de xaneiro come máis pan que os cabalos do mundo enteiro*. (VS: 2143 Nota)
1124. *O sol dun ano mata o cabalo dun ano*. (VS: 1818)
1125. *O tempo non recúa, porque non é mula*. (DD), (VS: 21868)
1126. *O traballo é prós burros*. (VS: 22122)
1127. *trote que colle a mula, todo o día lle dura*. (DD), (VS: 22266)
1128. *O vinte de abril vai o burro onde non debe ir, i-o vinte de maio vai o burro buscar o recado*.. (VS: 2988)[429]
1129. *Obra feita, espello de burros*. (FMO: 2259)
1130. *Obras feitas, escola de burros*. (VS: 16417)
1131. *Odre de bo viño, cabalo saltador e home rifador, nunca dura moito co seu señor*. (DD)
1132. *Odre de bo viño, cabalo saltador e home rifador, nunca duran moito co seu señor*. (RGC)
1133. *Oficio de albardeiro mete palla e saca diñeiro*. (MPM), (VS: 16884)
1134. *Ollo de amo engorda o cabalo*. (RSS: 2788), (VS: 879)
1135. *On burro nunca lle falta albarda*. (NVS: 369)
1136. *Ond'hay crègo, ou albarda, sèmpr'hai hora millorada*. (DD)
1137. *Onde a mula dianteira mexa, mexa toda a récoa*. (DD), (VS: 9295)
1138. *Onde burro mexa, tódolos demais mexan*. (DD), (VS: 9296)
1139. *Onde burros andan, alí escoucean*. (VS: 18269)
1140. *Onde cai o burro dánselle os paus*. (DD)
1141. *Onde cai o burro, alí lle dan os paus*. (VS: 17128)[430]
1142. *Onde canta un crego e ornea un burro, alí nunca falta un peso duro*. (DD)
1143. *Onde canta un crego e ornea un burro, nunca falta un peso duro*. (APRG)
1144. *Onde canta un crego i-ornea un burro, nunca falta un duro*. (VS: 21211)
1145. *Onde canta un crego, moe un muíño e ornea un burro, nunca falta un peso duro*. (FMO: 1377), (VS: 21212)
1146. *Onde canta un crego, moe un muíño e ornea un burro, nunca faltará un duro*. (APRG)

[427] Con una reliquia del odio que se atrajeron los franceses desde la guerra de la Independencia.
[428] Var.: *O rocín no mayo verase cabalo*. / *O rocín en maio vólvese cabalo*.
[429] El 20 de abril es día clásico para meter pullas en toda aquella comarca.
[430] Var.: *Onde cai o burro, alí lle dan os paus*.

1147. *Onde égoas pacen, poldros nacen*. (DD), (RGC), (VS: 22926)
1148. *Onde hai crego ou albarda, sempre hai hora mellorada*. (VS: 21216), (CLC)
1149. *Onde hai cura ou albarda, hai sempre hora millorada*. (RG)
1150. *Onde hai égoas nacen poldros*. (DD), (VS: 22927)
1151. *Onde hai égoas nacen potros*. (VS: 20172)
1152. *Onde hai égoas, poldros nascen*. (CLC)
1153. *Onde hai eguas, nacen poldros*. (RGC)
1154. *Onde hai potros, yeguas nacen*. (RG)
1155. *Onde hai un crego enriba de albarda, sempre hai hora millorada*. (DD)
1156. *Onde hai crego o[u] albarda, sempre hay hora mellorada*. (RSS: 2797)
1157. *Onde hay crego ou albarda, hay hora mellorada*. (RSS: 2801)
1158. *Onde hay crego ou alborada* [sic], *sempre hay hora mellorada*. (RSS: 2802)
1159. *Onde non hai burro non se pode botar carga*. (RG)
1160. *Onde non vexas burro, non botes carga*. (REG)
1161. *Onde ornea un burro nunca faltou un peso duro*. (RG)
1162. *Onde os burros andan, alí escoucean*. (DD)
1163. *Onde poida andalo carro, non vaia cabalo*. (DD)
1164. *Onde poldros nacen, égoas pacen*. (DD), (RGC), (VS: 19589)
1165. *Onde vai o burro vai a albarda*. (DD)
1166. *Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro*. (VS: 22397)
1167. *Oraciós de burro non chegan ó ceo*. (VS: 892)[431]
1168. *Orneadas de burro non chegan ao ceo*. (DFG: 0810)[432], (DFS21)[433]
1169. *Orneadas de burro non chegan ó ceo*. (AFG: 1955)[434], (DC: 0997)[435]
1170. *Orneos de burro non chegan ao ceo*. (DD)
1171. *Orneos de burro non chegan ó ceo*. (DD), (DC: 0997)[436]
1172. *Os amigos i-as mulas fallan ás duras*. (VS: 5029)
1173. *Os bestas da miña terra, pillan-á carne e vánse con-ela*. (MPM)
1174. *Os burros acarrean o viño e beben a auga*. (VS: 6744)
1175. *Os burros da miña terra pillan a carga e quedan con ela*. (CLC)
1176. *Os burros do arrieiro levan viño e beben auga*. (FMO: 1882)
1177. *Os burros na miña terra collen a carga e están con ela*. (RSS: 2841)
1178. *Os burros na miña terra collen a carga i-están con ela*. (VS: 893)
1179. *Os couces das égoas non fan dano ós poldros*. (DD), (RGC)
1180. *Os couces das eguas non fan dano ós poldros*. (VS: 22928)
1181. *Os dacabalo pasan de largo, i-os da pé non dan chegado*. (VS: 13241)[437]
1182. *Os machos, velos vir, e as mulas, velas ir*. (VS: 898)[438]
1183. *Os poldros caíndo e os mozos brincando, van asisando*. (RGC)
1184. *Os poldros caíndo i os mozos brincando, van asisando*. (DD), (VS: 6021)
1185. *Os tres arrieiros que levan o viño do val son Miguelete, Crucete e Marquete*. (RG)
1186. *Outro burro virá que mellor rebuznará*. (VS: 9153)

---

[431] Así se ataja a los que inconsideradamente piden pestes contra sus semejantes.

[432] Dise cando alguén di unha parvada ou tenta ofender ou molestar, para dar a entender que non se lle fai caso: *A Xulia anda a dicir que me deron este traballo pola miña cara bonita, pero eu non lle fago caso. ¡Patadas de burro non chegan ao ceo!*

[433] Indica indiferencia ou despreocupación.

[434] Ante necias palabras o mellor é non facer caso.

[435] Refrán con que se recomenda ignorar e non lles dar nin a máis mínima importancia a aqueles comentarios estúpidos ou que non veñen ó caso. Ex.: *-Pois a min non me estrañaría nada que fose Gonzalo quen lle enviou a carta de amor a Susana –comentou o Careca. –Orneadas de burro non chegan ó ceo –respondeu Gonzalo*.

[436] Ver a nota 434. Ex.: *-Pois a min non me estrañaría nada que fose Gonzalo quen lle enviou a carta de amor a Susana –comentou o Careca. –Orneos de burro non chegan ó ceo –respondeu Gonzalo*.

[437] Lamento de las solteronas. A las solteronas.

[438] Como: *O boi velo vir, i-a vaca vela ir*. / A los machos se les admira y elige por la estampa que presentan por delante: pecho, etc. A las mulas, al revés.

1187. *Pa quen é burro, bastante é a albarda*. (RSS: 2894)
1188. *Pa quen é burro, boa é a albarda*. (RSS: 2895), (VS: 14564)
1189. *Pacen os poldros o mesmo uns que outros*. (RGC)
1190. *Pacen os poldros, o mesmo us que outros*. (DD), (VS: 19590)
1191. *Palabras de burro non chegan ó ceo*. (DC: 0997)[439], (VS: 10296, 228)
1192. *Pan e viño, sopas de burro cangadiño*. (NVS: 658)
1193. *Para quen é burro, bastante é a albarda*. (RSS: 2922), (VS: 14566)
1194. *Para quen é o burro ben serve a albarda*. (DFG: 0141)[440]
1195. *Para quén é o burro, ven vale a albarda*. (APRG)
1196. *Para quen é o cabalo, chega ben a ferradura*. (RGC)
1197. *Para ser bon arrieiro hay que nacer entre as albardas*. (DD)
1198. *Para tal besta, abóndalle tal albarda*. (RSS: 2925), (VS: 14569), (RG)
1199. *Paragüero i-afilador, cuanto máis burro, millor*. (VS: 16900)
1200. *Patada de besta non mata cabalo*. (RSS: 2940), (VS: 909)
1201. *Patada de burro non mata a ninguén*. (VS: 910)
1202. *Patada de yegua non mata o caballo*. (RSS: 2941)
1203. *Patada de yegua non mata o cabalo*. (VS: 911)
1204. *Patadas de burro non chegan ao ceo*. (DFG: 0875)[441]
1205. *Patadas de burro non chegan ó ceo*. (DC: 0997)[442], (VS: 912)
1206. *Pensando morreu o burro*. (APRG)
1207. *Pobriño el, pobriña ela que morreron da cornada dun burro*. (AFG: 4598)[443]
1208. *Poda o burro e Dios dá viño*. (NVS: 482)
1209. *Pola corda vai a besta*. (VS: 927)
1210. *Pola forza nin os burros beben*. (OR)
1211. *Pola Santa Lucía non hai besta vacía*. (VS: 4345)
1212. *Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella*. (DD), (RGC)
1213. *Polo can e o cabalo conócese o amo*. (VS: 14579)
1214. *Polo San Pedro444, o burro quedo*. (DD)
1215. *Polo san Pedro, burro quedo*. (VS: 4421)
1216. *Polo Santiago non hai mal cabalo*. (DD)
1217. *Poltro, de poldra; e macho, de besta vella*. (NVS: 59)
1218. *Poltro, de poltrela, e boi, de vaca vella*. (DD), (RGC)
1219. *Poltro, de poltrela; becerro, de vaca vella*. (FMO: 496), (RG)
1220. *Por culpa da besta mataron o bispo*. (VS: 9323)
1221. *Por culpa da besta mataron ó bispo*. (DD)
1222. *Por culpa do burro mallan na albarda*. (APRG), (DD)
1223. *Por culpa do burro zorregan na albarda*. (DD), (VS: 9324)
1224. *Por san Pedro xa é burro e medio*. (RSS: 3123), (VS: 937)
1225. *Por San Pedro, burro quedo*. (DD)
1226. *Por Santiago non hai cabalo malo e hasta o burro é cabalo*. (VS: 4560)
1227. *Por un clavo perdeuse unha ferradura; por unha ferradura, un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; por un cabaleiro,*

---

[439] Ver a nota 434. Ex.: *-Pois a min non me estrañaría nada que fose Gonzalo quen lle enviou a carta de amor a Susana –comentou o Careca. –Palabras de burro non chegan ó ceo –respondeu Gonzalo*.

[440] Dise para comentar a correspondencia entre dúas cousas. Por exemplo, unha cousa e o seu dono, ou cando se compara a beleza dalguén coa do seu cónxuxe: *-A ver cando cambias de coche que este está moi vello. -Estou ben así, para quen é o burro ben serve a albarda*.

[441] Dise cando alguén di unha parvada ou tenta ofender ou molestar, para dar a entender que non se lle fai caso: *A Xulia anda a dicir que me deron este traballo pola miña cara bonita, pero eu non lle fago caso. ¡Patadas de burro non chegan ao ceo!*

[442] Refrán con que se recomenda ignorar e non lles dar nin a máis mínima importancia a aqueles comentarios estúpidos ou que non veñen ó caso. Ex.: *-Pois a min non me estrañaría nada que fose Gonzalo quen lle enviou a carta de amor a Susana –comentou o Careca. –Patadas de burro non chegan ó ceo –respondeu Gonzalo*.

[443] Úsase para rir das lamentacións alleas.

[444] 29 de Junio.

unha guerra; e por unha guerra, un reino. (VS: 5648)[445]

1228. *Por un cravo pérdese a ferradura*. (DD)

1229. *Por un cravo pérdese un cabalo, por un cabalo, un cabaleiro, e por un cabaleiro, un reino*. (RGC), (DD)

1230. *Por unha besta dar un couce non se lle corta a perna*. (FMO: 2068)

1231. *Por unha sardiña cansou a burra*. (VS: 12934), (RSS: 3180)

1232. *Por unha sardiña casou a burriña*. (VS: 13260)

1233. *Por unha sardiña non arreventa o burro*. (VS: 12935)

1234. *Porcos, bestas e demos, grandes; sea porco, sea besta, sea o demo maior, canto máis grande millor*. (VS: 945)[446]

1235. *Porque a besta día un couce, non lle vou cortar a perna*. (VS: 946)

1236. *Porque un burro dea un couce non se lle ha cortala pata*. (DD)

1237. *Posto no burro, aturalas azoutas*. (DD)

1238. *Potro de cabeiro d'un ano se libra é de dous se deixa comer*. (DD)

1239. *Potro de potrela, becerro de vaca vella*. (RSS: 3187)

1240. *Potro e becerro que haxas de castrar, de octubre nunca ten que pasar*. (VS: 947)

1241. *Potro estrelado, nin na corte nin no prado nin en ningún lado*. (VS: 948)

1242. *Potro, de potrela; becerro, de vaca vèlla*. (DD), (VS: 949)

1243. *Pouco importa que vaia o agudo, se non vai o burro*. (VS: 18210)

1244. *Pra almorzar, con cazadores; pra xentar, con carpinteiros; pra merendar, con serradores; pra cenar, con arrieiros*. (VS: 16906)

1245. *Pra andar, unha mula; pra correr, un cabalo; e pra marchar de andadura, un borrico castellano*. (VS: 951)

1246. *Prá boca do burro non se fixo o mel*. (DD)

1247. *Pra costas arriba quero o meu mulo, que as costas abaixo eu as subo*. (VS: 1874)

1248. *Pra destetar a burra nova non hai como matar a vella*. (NVS: 61)

1249. *Pra entender de burros, os gitanos*. (RG)

1250. *Pra pasar boa vida, cabalo de militar, can de rico, servicio de guardia civil, ou chaqueta de camiñeiro*. (VS: 16909)

1251. *Prá porta é a pechadura, e pró cabalo a ferradura*. (VS: 80)

1252. *Pra porta é a pechadura; e pro cabalo a ferradura*. (DD)

1253. *Pra quen é o burro, ben lle chega a albarda*. (VS: 14589)

1254. *Pra subir quero a miña mula e pra baixar quérome sólo*. (VS: 1886)

1255. *Pra tal besta, abóndalle tal albarda*. (RG)

1256. *Primeiro a albarda e despois a besta*. (AFG: 2899)[447]

1257. *Prós burros de Cristo nunca falta cebada*. (FMO: 1383)

1258. *Prós enfermos do peito, o leite de burra é remedio feito*. (DD), (VS: 8714)

1259. *Proyeutos d'homes pobres, peidos de burra vella*. (VS: 19390)

1260. *Que queira que non queira, o burro ha de ir á feira*. (DD)

1261. *¿Que sabe un burro cándo é día de festa?* (VS: 14602)

1262. *Queira non queira, meu burriño ha d'ir á feira*. (FMO: 84)

1263. *Queira ou non queira, o burro ha de ir á feira*. (APRG), (BF)

1264. *Queira, que non queira, o burro ha de ir á feira*. (VS: 958), (DD)

1265. *Quen bebe o viño do arreeiro, págao co conto ou con diñeiro*. (FMO: 1457)

1266. *Quen calza espola, a febilla aforra*. (VS: 4756)

1267. *Quen calza espora, a fibela aforra*. (FMO: 1160)

1268. *Quen con burros anda pola maña ornea*. (APRG)

1269. *Quen dí mal da égoa, ese é quen a merca*. (DD)

1270. *Quen fala mal da egua é o que a leva*. (VS: 13270)[448]

1271. *Quen monta con carga, mata ó burro e gasta a albarda*. (DD)

---

[445] Var.: *Por un clavo pérdese unha ferradura*.

[446] Lema de los que prefieren la cantidad a la calidad, como dijimos en *Cabalo grande, ande ou non ande*.

[447] Dise cando se actúa ó revés.

[448] Var.: *O que fala mal da égua é o que a leva*. / *O que fala mal da yegua, é o que a leva*. / *Se aplica figuradamente al matrimonio, como O que fala da ovella, casa con ela*.

1272. *Quen non monta a cabalo, nunca se cai do cabalo*. (DD), (RGC)
1273. *Quen non pode dar no burro, dá na albarda*. (VS: 14609)
1274. *Quen non ten pés non pode dar couces*. (VS: 18969)
1275. *Quen perda o burro e topa albarda, non sufre perda tanta*. (VS: 963)
1276. *Quen perde o burro e atopa a albarda, eso gana*. (DD)
1277. *Quen perde o burro e topa albarda, non sufre perda tanta*. (RSS: 3307)
1278. *Quen predica en deserto, perde o sermón, e quen lava a cabeza ó burro, perde o xabrón*. (VS: 19818)
1279. *Quen queira mula sin chata, ten que andar a gatas*. (DD), (VS: 15507)
1280. *Quen quer besta sin chata, a pé anda*. (DD), (RGC)
1281. *Quen rico queira ser estas cousas ha de ter: ovella, abella e a pedra terbella, égoa parideira e muller gobernadeira*. (RG)
1282. *Quen rico queira ser, estas cousas ha de ter: ovella i-abella i-a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira*. (VS: 21232)
1283. *Quen rico ser queira, estas cousas ha de ter: ovella e abella e a pedra que terbella, egua parideira e muller goberneira*. (RGC)
1284. *Quen rico ser queira, que teña égoa parideira e muller goberneira*. (DD)
1285. *Quen rico ser queira, que teña egua parideira e muller goberneira*. (RGC)
1286. *Quen ten besta e anda a pé, máis besta el é*. (FMO: 958), (RG)
1287. *Quen ten besta e vai a pé, máis besta el é*. (RSS: 3317), (VS: 9134)
1288. *Quen ten burra e a vende, ben s'entende*. (FRG: 221)
1289. *Quen ten burro e anda a pé, ben burro é*. (APRG), (BF)
1290. *Quen ten burro e non vai nel inda máis burro é él*. (DD)
1291. *Quen ten burro e non vai nel, máis burro é el*. (VS: 9128 Nota)
1292. *Quen ten mulleres e bestas sempre ten novidades frescas*. (FMO: 1912)
1293. *Quen ten un bon cabalo e unha bonita muller, nunca está sin aflicción*. (VS: 15467)
1294. *Quen tendo burro vai a pé, máis burro é el*. (VS: 9128 Nota)
1295. *Quen trasnoita e madruga, vai montado en boa burra*. (DD), (VS: 12350)
1296. *Quen vai en carro, nin vai a pé nin a cabalo*. (RG), (RSS: 3325), (DD)
1297. *Quen vai en carro, non vai a pé nin a cabalo*. (RSS: 3326), (VS: 18617)[449]
1298. *Quítalle a mosca ó boi en junio e pónselle ó burro*. (VS: 965)
1299. *Rebuznos de burro non chegan ó ceo*. (VS: 969)[450]
1300. *Renego da besta que no inverno quer sesta*. (DD), (RGC)
1301. *Renego da besta que no inverno ten xesta*. (VS: 2098)
1302. *Rompen os burros e páganas os arrieiros*. (VS: 11958)
1303. *Sachar, quen sepa; podar, un burro*. (RG)
1304. *Santos de Natal, inverniño caroal, arrieiro non vaias ó sal si perdes o burro e o caudal*. (REG)
1305. *Sardiña a sardiña rebenta o burro*. (APRG)
1306. *Sarradéla á boa herba, meu cabalo come dela*. (MPM)
1307. *Se che dixeren dous que eres burro, ornea*. (DD), (VS: 20610)
1308. *Se en agosto e setembro non hai cebada, no resto do ano non poñas albarda*. (RGE)
1309. *Se non é frade, será femia, e se non, mula galega*. (APRG)
1310. *Se non fora o rabo, empreñaba a burra*. (VS: 7397), (FFA: 106)[451]
1311. *Se non fose polo rabo, empreñaba a burra*. (APRG)
1312. *Se os burros ornean moito, non saldrás enxoito*. (VS: 20128)
1313. *Se queres saber o que valen os poldros, vende os teus e merca os de outros*. (DD), (VS: 19591), (RGC)
1314. *Se queres ter un bo poldro, que cho amanse outro*. (RGC)
1315. *Se queres un bo poldro, que cho amanse outro*. (DD), (RGC), (VS: 19592)

---

[449] Var.: *O que vai no carro, non vai a pé nin vai a cabalo*.
[450] Como *Oraciós de burro non chegan ó ceo*.
[451] Fór. COL. [Dise cando hai algún inconveniente para facer algo]: *–Se non fose aquel semáforo, aprobaba o carné de conducir. –Home claro, se non fora o rabo empreñaba a burra*.

1316. *Se se quer destetar o burro, matala nai*. (NVS: 62)
1317. *Se tódolos burros trouxeran albarda, os albardeiros moito ganaban*. (DD)
1318. *Según é o burro según é a albarda*. (OR)
1319. *Según é o burro tállanlle a albarda*. (VS: 20271)
1320. *Según é o burro ten que ser a albarda*. (VS: 20272)[452]
1321. *Según é o burro, así se lle tasa a albarda*. (VS: 20274)
1322. *Según é o burro, así se lle fan os aparellos*. (RSS: 3472), (VS: 20273)[453]
1323. *Según é u burro, esí se lle fan us aparellos*. (VS: 20275)
1324. *Según sea o burro, así se lle pon a albarda*. (RSS: 3474)
1325. *Según sea o burro, así ten que se-la albarda*. (RG), (RSS: 3475)
1326. *Según sea o burro, así ten que ser a carga*. (VS: 20277)
1327. *Según sexa o burro así ten que ser a albarda*. (RG)
1328. *Según sexa o burro, así se lle pon a albarda*. (VS: 20276)
1329. *Seis galiñas e un galo comen a ración dun cabalo*. (RGC)
1330. *Sementar basto e arar miúdo é a regla de un gran burro*. (VS: 1957)
1331. *Sementar vasto e arar miúdo é a regra de un gran burro*. (VS: 1959)
1332. *Señores á porta e cabalos na horta, anque non os haxa, pouco importa*. (NVS: 1029)
1333. *Señores pobres e bestas vellas acaban cas terras*. (VS: 19866)
1334. *Señores pobres e bestas vellas, ao monte con elas*. (VS: 19367)
1335. *Seso ten de borrico quen vive pobre para morrer rico*. (REG)
1336. *Sete galiñas e un galo comen tanto como un cabalo*. (VS: 984)[454]
1337. *Sete pitas e un galo comen a cebada dun cabalo*. (DD)
1338. *Sete pitas e un galo comen a renta dun cabalo*. (APRG)
1339. *Sete pitas e un galo comen o pienso dun cabalo*. (RG)
1340. *Sete pitas i-un galo comen a ración de un cabalo*. (NVS: 63)
1341. *Sete pitiñas co galo comen ración de cabalo*. (FMO: 1189)
1342. *Sete pitiñas co galo comen ración dun cabalo*. (RG)
1343. *Sete por nove, sesenta e tres: o que non-o sepa ben burro é*. (VS: 14642)
1344. *Si en agosto e setembro non dás cebada, en todo o ano non poñas albarda*. (VS: 3429)
1345. *Si en Agosto e Setembro non hai cebada, no resto do año non poñas albarda*. (DD)
1346. *Si máis dixeras máis burro eras*. (VS: 10305)
1347. *Si no inverno queres besta, colle no vran herba seca*. (VS: 9223)
1348. *Si non queres levar patadas, non vaias á feira das bestas*. (RSS: 3530), (VS: 19720)
1349. *Si os burros ornean, non saldrás enxoito*. (VS: 992)
1350. *Si queres ter unha mala caballería, compra un bo burro*. (RG)
1351. *Si tódolos burros trouxeran albarda, os albardeiros moito gañaban*. (VS: 15846)
1352. *Si ve-lo médico na mula, morte segura*. (NVS: 795)
1353. *Siñal é de boa besta a boa pata e a boa orella*. (DD), (RGC)
1354. *Sirve ó cura pra que che preste a mula*. (VS: 20648)
1355. *Sofre o burro a carga, máis non a sobrecarga*. (DD)
1356. *Sofre un burro a carga, mais non a sobrecarga*. (REG)
1357. *Sogra, cabalo e león son malos de corazón*. (APRG), (RGC)
1358. *Sol madrugadín, muller que lee latín e mula que faga "hin", todo ten mal fin*. (VS: 15480)
1359. *Sol madrugadín, burra que faga "in", muller que fale latín, Dios che mos aparte de min*. (VS: 15481)
1360. *Sol madrugador, mula que fai "hin" e muller que sabe moito latín nunca tran bo fin*. (REG)

---

[452] Var.: *A albarda ten que ser conforme o burro*. / *Según sea o burro, así ten que se-la albarda*.
[453] Enseña que en todo han de guardarse las debidas proporciones.
[454] Var.: *Sete pitas e un galo comen tanto como un cabalo*. / *Sete galiñas e un galo comen a cebada dun cabalo*.

1361. *Sol madrugador, muller que lee latín e mula que dice ghim, todo ten mal fin*. (RSS: 3606)
1362. *Sol madrugante, mozo ruante e mula que fai "hin..." nunca terán bo fin*. (REG)
1363. *Sonche fillo de un burro e neto de un frade; aquel que pregunta é porque non sabe*. (FMO: 2608)
1364. *Tales tempos, tales verdades; tales burros, tales atafales*. (VS: 20287)
1365. *Tarde ou cedo, queda o burro sin pelexo*. (VS: 21739), (DD)
1366. *Ten burro e anda a pé máis burro é*. (RG)
1367. *Tirando pola corda vén o burro*. (RSS: 3639), (VS: 5955)
1368. *Tódolos burros comen palla, o caso é saber darlla*. (VS: 2026)
1369. *Todos somos arrieiros e xa nos atoparemos*. (DD)
1370. *Tres anos, unha sebe; tres sebes, un can; tres cans, un cabalo*. (FMO: 971)
1371. *Tres cunha besta perdidos van: un agarra, outro ten man e outro tira coa carga no chan*. (VS: 1008)
1372. *Tres cunha besta perdidos van: un agarra, outro ten man i-outro arréalle a carga pró chan*. (FMO: 1934)
1373. *Tres Jàs e un Pedro fan estar o burro quedo*. (DD)
1374. *Un burro calado pasou por un sabio*. (FMO: 2104)
1375. *Un burro con albardas cheas de cartos non deixa de ser un burro*. (APRG)
1376. *Un día de sol no febreiro come por cantos cabalos ten o reino*. (VS: 2522)
1377. *Un enxamio en maio vale un cabalo*. (VS: 8821)
1378. *Un home, tres bestas; unha besta, tres cas; un can, tres sebes; e unha sebe, tres anos*. (VS: 8136)
1379. *Un potro e mais un rabo forman un bo cabalo*. (VS: 1012)
1380. *Un potro máis un rabo forma un bo cabalo*. (RSS: 3678)
1381. *Un potro máis un rabo forman un bo cabalo*. (VS: 1013)
1382. *Unha besta non fai feira*. (DD), (RGC)
1383. *Unha besta non quer outra*. (DD), (FMO: 975), (RG), (RGC), (RSS: 3682), (VS: 1016)
1384. *Unha besta non quere outra*. (RG)
1385. *Unha hora dorme o galo e dúas o cabalo*. (VS: 1017)
1386. *Unha sebe dura tres anos; un can dura tres sebes; unha besta, tres cans e un home tres bestas*. (APRG)
1387. *Unha sebe tres anos dura, un can tres sebes: unha mula tres cans; un home tres mulas*. (DD)
1388. *Unha sebe tres anos, tres sebes un can, tres cás un cabalo, tres cabalos un home*. (APRG)
1389. *Unha sebe tres anos, un can tres sebes, unha besta tres cas e un home tres bestas*. (DD)
1390. *Unha sebe, tres anos; tres sebes, un can; tres cas, unha égoa; tres égoas, un home; tres homes; un corvo*. (VS: 8137)
1391. *Unha sebe, tres anos; un can, tres sebes; e unha mula, tres cas*. (VS: 8138)
1392. *Unha sebe, tres anos; un can, tres sebes; un cabalo, tres cas; i-un home, tres cabalos*. (NVS: 497)
1393. *Unha sebe, tres anos; un can, tres sebes; unha besta, tres cas; un home, tres bestas*. (VS: 8139)
1394. *Val máis andar que ornear*. (RSS: 3723), (VS: 6332)
1395. *Val máis arrieiro de unha besta, que criado de unha récoa*. (DD)
1396. *Val máis burro ser que con burros debater*. (VS: 15838)
1397. *Val máis pan duro que consello de burro*. (FMO: 202), (VS: 10922)
1398. *Val máis pequeno agudo que grande burro*. (RSS: 3728), (VS: 8376)
1399. *Val máis pequeno agudo que grande e burro*. (VS: 8377)
1400. *Val máis pequeno e agudo que grande e burro*. (VS: 8378)
1401. *Val máis pequeno i-agudo que grande e burro*. (FMO: 1939)
1402. *Val máis que sobre a cebada ca que rabee o burro*. (VS: 2052)
1403. *Val mais ser amo de unha mula ca criado de unha recua*. (FMO: 1940)
1404. *Val máis ser arrieiro dunha besta que criado dunha recua*. (RSS: 3733)
1405. *Vale máis andar ca ornear*. (REG)
1406. *Vale máis andar que ornear*. (RSS: 3743), (VS: 6340)
1407. *Vale máis andar qu'arnexar*. (VS: 6339)

1408. *Vale máis arrieiro dunha besta que criado dunha recua*. (REG)
1409. *Vale máis arrodear que ornear*. (BF)
1410. *Vale máis burro que me leve que cabalo que me mate*. (RG)
1411. *Vale máis burro vivo que doutor morto*. (VS: 15839)
1412. *Vale máis burro vivo que sabio morto*. (RSS: 3745), (VS: 15840)
1413. *Vale máis calar que con burros falar*. (VS: 10313)
1414. *Vale máis pequena e aguda que grande e burra*. (VS: 8379)
1415. *Vale máis pequeno aghudo que grande burro*. (RSS: 3751)
1416. *Vale máis pequeno agudo que grande burro*. (RSS: 3752)
1417. *Vale máis pequeno e listo que grande e burro*. (VS: 8380)
1418. *Vale máis ser amo dun burro ca guía dunha récoa*. (VS: 16978)
1419. *Vale máis ser amo dun burro que criado dun señor*. (VS: 16979)
1420. *Vale máis ser amo dun burro que criado dunha recua*. (RG), (VS: 16980)
1421. *Vale máis ser amo dun xumento que criado dun convento*. (VS: 16981)
1422. *Vale mais ser arreeiro d'unha besta que criado d'unha rècua*. (DD)
1423. *Vale máis ser arrieiro dunha besta que criado dunha récoa*. (DD)
1424. *Vale máis ser arrieiro dunha besta que criado dunha recua*. (RG), (RSS: 3757), (VS: 16982)
1425. *Vale máis ser dono de un burro que criau dunha recua*. (VS: 16983)
1426. *Vale máis ser dono dun burro que criado dunha recua*. (NVS: 521)
1427. *Vale máis ser home pequeno forzudo que grande burro*. (RSS: 3758), (VS: 8381)
1428. *Vale máis ser pequeno e agudo que grande burro*. (RSS: 3759), (VS: 8382)
1429. *Vale máis ser pequeno e agudo que grande e burro*. (VS: 8383)
1430. *Vale máis un pequeno agudo que un grande burro*. (VS: 8384)
1431. *Vale máis ser pobre que burro*. (VS: 19260)
1432. *Vale máis un burro vivo que un home morto*. (VS: 11448)
1433. *Vale máis un pequeno agudo que un grande burro*. (RSS: 3770)
1434. *Vén de parvo e foi de burro*. (VS: 6213)
1435. *Ven máis catro bestas que un avogado*. (RG)
1436. *Vezouse o burro ás berzas, e non deixou verdes nin secas*. (DD)
1437. *Xa común o burro, agora traede a albarda*. (RG)
1438. *Xan da Guedella moito madruga e tarde aparella*. (VS: 18578)
1439. *Xan de Guedella cedo madruga e tarde aparella*. (VS: 18579)
1440. *Xaneiro escarcheiro, febreiro nevadeiro, marzo airoso, abril chuviñoso, maio pardo e San Juan claro, valen máis que las mulas y el carro*. (VS: 2335)
1441. *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro*. (VS: 2354)[455]
1442. *Xaneiro xadeiro, febreiro berceiro, marzo ventoso, abril chuvinoso, maio pardo e san Xan claro, co'axuda de Díos, vale máis que su mula y su carro*. (VS: 2355)
1443. *Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xuan claro valen máis que as mulas e o carro*. (VS: 2360)
1444. *Xaneiro xiadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Juan claro, valen máis que las mulas y el carro*. (VS: 2365)
1445. *Xente nova e besta vella acaban coa terra*. (VS: 8387)
1446. *Xò, que te estrozo, burra de meu sogro*. (DD)
1447. *Xogan os burros e páganas os arrieiros*. (DD), (VS: 1046)
1448. *Xogan os burros e perden os arrieiros*. (REG), (VS: 1047)[456]
1449. *Yeguas e vacas que paren, nos estabros se reparen*. (VS: 1049)
1450. *Zapato burgués e besta de andadura, pouco dura*. (DD)

[455] *Xabreiro* es bravo, duro.
[456] Lo mismo que *Pagar xustos por pecadores*.

3.7. Refráns con topónimo e ditos tópicos

1. *¡Ai!, rapaces de Santomé: o que non ten besta, anda a pé*. (VS: 1188)
2. *-Ai, pai ¿i-a ovella morta, lévoa ó monte? –Ai, fillo dun burro ¿e non lle darás unha guichiña de herba e déixala na corte?* (VS: 383)[457]
3. *A Fufín non hai que ir; en Quintela non te metas; en Seber, sonche bruxos, e na Airexe, pretas; a Corbeira, a curiosidá; Vilareal, a Tolda; cabalgantes, os das Lamas; puntuales, os de Vilar do Monte; chatoleiros os de Quintián; andantes os de Nodar; lobos ruzos, os de Agreixán; roubamantas os de Pico; acubilladores, os de Inxerto; rosquilleiros, os de Marrubio; fariñeiros os de Aguada, e calcapelicos, os de Vidueiros*. (VS: 468)
4. *Arriba, cabalos de Foles, que atrás dos ricos veñen os dos pobres*. (VS: 446)[458]
5. *Arrieiros de Loiván, cunha besta catro van: dous arrean, e un ten i-outro mira si vai ben*. (VS: 16607, 598)
6. *Arrieiros de loiván, cunha besta catro van: dous arrean, un contén, e outro mira se vai ben*. (DD)
7. *Besta de Liñares, mora de Mellide, e troita de Furelos, arrenegar de todas as tres como de todos os demos*. (DD)
8. *Besta de Liñares, moza de Melide e troita de Furelos, arrenega de todos tres como do demo*. (VS: 472, 584)
9. *Besta luguesa, muller coruñesa e home pontevedrés líbrenos Dios de todos tres*. (FMO: 1475)
10. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, merda prós tres*. (VS: 314, 617, 1177)
11. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, ningún dos tres*. (RG)
12. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, para amolalos a todos tres*. (APRG)
13. *Besta de Narla e zapato d'amalló, fo*. (RSS: 496)
14. *Besta de Narla e zapato de amalló*. (VS: 809)[459]
15. *Besta roxa de Laxosa*. (VS: 562)
16. *Besta roxa, de Laxosa*. (VS: 563)
17. *Besta vella os de Laxosa*. (VS: 564)
18. *Bestas en pelo, hainas en Monterroso*. (VS: 775)[460], (FMO: 1476), (RGP: 181), (DD), (RGC)
19. *Bestas en pelo, na Ponte de Outeiro*. (VS: 972)[461]
20. *Besteiros, na Corredoira*. (VS: 307)
21. *Burros blancos, burros negros, lameiros arriba do rego e mozas de Boborás, vai que ben vas*. (VS: 353[462], 125)
22. *Burros van a Santarén, burros van e burros vên*. (VS: 1169)
23. *Cabalgantes, os das Lamas*. (VS: 548)
24. *Caballeros en Fingoi; patrós de lancha en Monzoi; carreteiros en Ponteagos; tripeiros na Viña; lavacús, no Baño; n'Esperante, carrasqueiros; en Sanfiz, pataqueiros; en Piugos, argalleiros; hinchafoles os de Carreiros; maquieiros nos Cangos; muiñeiros en Peiteiros; chingadores en Soñar; borrachos, no Carballal; famentos na Madanela; fachendiñas en Villalbite; estrigapolos no Vilar; retorcidos en Cuíña; planetas e direuciós, zancanillas i-apertadores de carabillas en Cabo de Vila; berrallós, en Vilamiñao; demoños vivos en Cumbraos; pantoxas en Ribeira; caladiños en Santalla; choqueiros na Tolda; en Piteiro pitos coxos; en Renque, bestas mortas; en Penoucos, laroucos; os de Bravos, letrados; os de Paredes, cagados; e limpan os de Risende e poñen os trapos os*

[457] Matraca que dan los de Caurel a los vecinos de Eiriz (Folgoso), para tratarlos de tontos.

[458] Quedó en refrán de un jefe carlista que pronunció la frase después de requisar unos caballos en una casa rica de Foles.

[459] Narla, en el municipio de Ferrol.

[460] Tiene fama en toda la provincia de Lugo, su feria de ganado caballar.

[461] Var.: *Bestas é pelo na ponte de Outeiro*.

[462] *Burros blancos e negros, lameiros arriba do rego e mozas de Boborás, vai que ben vas*.

de Anguieiro i-auga os de Barbaín i-o gas os de Bóveda. (VS: 439)[463]

25. *Camiño de Roma nin mula coxa nin bulsa froxa*. (DD)
26. *Camiño de Roma, nin mula coxa nin bolsa floxa*. (VS: 9688)
27. *Cando corren as nubes para Santiago, pon a sella e o cabalo*. (DD)
28. *Cando corren as nubes pra Santiago, pon a silla ó cabalo*. (VS: 3690, 1172)
29. *Cando nace unha muradana, nace unha dama; cando nace unha montañesa, nace unha cesta; cando nace unha mariñana, nace unha besta*. (NVS: 428)
30. *De besta luguesa, de muller coruñesa e de home pontevedrés, líbrenos Dios dos tres*. (NVS: 429)
31. *De Lugo, nen boa besta nen bo burro, mais montadores, os mellores*. (REG)
32. *De Lugo, nin bo home nin bo burro*. (FMO: 1490)
33. *De Lugo nin boa besta nin bo burro, pro montadores os millores*. (FMO: 1491)
34. *De Lugo, nin boa besta nin bon burro*. (DD)
35. *De Lugo, nin boa besta nin bon burro; pero montadores, os millores*. (VS: 622)[464]
36. *De Lugo, nin boa besta, nin bo burro; máis montadores, os millores*. (DD)
37. *En Castilla o cabalo leva a silla*. (RSS: 1123), (VS: 14323, 239)
38. *En Arzúa todo se volven mulas*. (RSS: 1109), (VS: 64)
39. *En Deza, nin boa besta nin bo burro*. (VS: 373)
40. *En Deza, nin boa besta nin boa peza*. (DD), (RGC)
41. *En Lugo nin boa albarda nin bo burro, pro montadores, dos millores*. (FMO: 1501)
42. *En Lugo, nen boa besta, nen bon burro*. (CLC)
43. *En Lugo, nin boa besta nin bo burro*. (DD), (RGC)
44. *En Lugo, nin boa besta nin bon burro, pero montadores, os mellores*. (VS: 625)
45. *En Meira nin boa besta nin boa feira*. (FMO: 1503)
46. *En Penacrespa morreu unha besta: os de Vilar comeron'a fresca, y'os de Montouto mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo*. (VS: 783, 920, 1362)
47. *En Renque, bestas mortas*. (VS: 1044)[465]
48. *En (os de) santa Susana matan á besta ós de (en) Conxo cómena fresca y os de (en) Sar mandaron recado de que lles gardasen á croca do rabo*. (MPM)
49. *En santa Susana matan á besta ós de Conxo cómena fresca i os de Sar mandaron recado de que lles gardasen á croca do rabo*. (APRG)
50. *En Santa Susana matan a besta, en Sar cómena fresca, i-en Conxo mandan recado de que lles manden a croca do rabo*. (NVS: 461)
51. *En Xudán, catro nunha besta van: un carga i-outro ten, i-outro mira si vai ben, i-outro mira de acolá pra decir: "ajajá"*. (VS: 1403)
52. *Espantapegas, de Lamas; Mirandelas, de Cadrón; Cerraportas, do Castelo; Estafetas, de Muimenta; Pantrigueiros de Mengumín; fidalguería, de Parada; Cagarría, de Alperiz; Besta roxa, de Laxosa; picapeidos, de Gorgueiro; Ladroízos de Goiás; Encubridores, de Santón; Abolleiros, os de Ponte; Mangueiraos, de Carballeda*. (VS: 545)[466]

---

[463] Todos son parroquias, o lugares de las cercanías de Lugo. *Caballeros* equivale a señoritos. / Porque eran poco trabajadores, mas bien señoritos. / Los nombrados son todos pueblos, lugares y aldeas de las cercanías de la ciudad de Lugo. *Caballeros* = señoritos, poco trabajadores.

[464] Var.: *En Lugo, nin boa besta nin bon burro*. / *O gaiteiro de Lugo, nin boa besta nin bon burro*.

[465] *Bestas mortas*, lo explican unos porque son muy calmosos y llenos de pachorra, y otros, porque en aquel lugar se enterraban los caballos que morían en toda la comarca. / Allí llevaban a enterrar las caballerías que morían, y se les llama así también porque son muy calmosos, *teñen pachorra*. / *Bestas mortas* = llevaban allí a enterrar las caballerías, también se les llama así porque son muy calmosos. *Tienen pachorra*.

[466] Parroquias y lugares de la comarca de Lalín. Mirandelas, curiosas, fisgonas; cerraportas, asustadizas; porque cierran las puertas, en cuanto ven personas forasteras por los alrededores; estatefas, estafadores; abolleiros, abusones;

53. *Fariñeiros, os de Aguada*. (VS: 13)
54. *Fidalguía de Parada; abreportas, de Castelo; espantosos, os de Lamas; manqueiros de Manxomín; picapeidos, en Gurgueiro; besta roxa de Laxosa, e borrachos, os de Ventosa*. (VS: 895)
55. *Fidalguía, de Parada; cascarría, de Alpiriz; besta vella os de Laxosa; e borrachos os de Ventosa*. (VS: 896)
56. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles Dios che me libre como dos demos*. (VS: 319, 473, 628[467], 716), (FMO: 1515, 14)
57. *Na provincia de Lugo non hay boa besta nin bon burro, pero montadores... dos millores*. (VS: 633)
58. *Nin muller de Chamoso nin besta de Arroxo*. (VS: 62, 353)
59. *O que burro vai a Roma, burro vén a volta*. (VS: 1092)
60. *O que che é burro, tanto é aquí coma en Lugo*. (REG)
61. *O que che é burro, tanto e eiquí coma en Lugo*. (REG)
62. *O que é burro, tanto é aquí como en Lugo*. (VS: 15827)
63. *O que é burro, tando é en Horta como en Lugo*. (RSS: 2446)
64. *O que non foi a Lugo, morre como un burro*. (VS: 636)
65. *O Ribeiro é o inferno das bestas e o purgatorio dos cans*. (VS: 1065)
66. *O señor Eusebio de Portalodoso éche un home mui agudo: de día busca a grade e de noite amansa o burro*. (NVS: 924)[468]
67. *Os da Estación mataron un burro; os da Chanca, comérono crudo; os de Paraday mandaron recado que lles gardaran a punta do rabo*. (VS: 354, 403, 897)
68. *Os de Baíña, tiñosos; os de san Paio, carpaceiros; os de Carmoega, fariñeiros; os de Esperante, cucos; os de Vilariño, cereixeiros; os de Merlín, lagartos; os de Orrea, gorriós; os de Brántega, croieiros; os de Tuiriz, sadiñeiros*. (VS: 81)
69. *Os de Bealo, nin boa besta nin bo cabalo*. (VS: 108)
70. *Os de Berredo, burros; os de Orrea, gorriós; Ventosinos, cadelos finos, patadas e cucha metidas na ucha; os de Brántega, croeiros; os de San Paio, lagarteiros; os de Artoño, fariñeiros; os de Baíña, carrapelos; os de Sangorza, rateiros*. (VS: 117)
71. *Os de Berberetoros, burriqueiros*. (VS: 115)
72. *Os de Cardoeiro comen o burro tras do outeiro*. (RG)
73. *Os de Carmoega, fariñeiros*. (VS: 216)
74. *Os de Corzáns mataron un burro, os de Meder comérono crudo, i-os de Leirado mandaron recado que lle gardasen as tripas i-o rabo*. (FMO: 16)
75. *Os de Curra moxen a burra, i-os de Prada danlle a canada, i-os de Riomao danlle cun pao i-os de Neda móntanlle nela*. (VS: 350, 681, 1006, 1075)
76. *Os de Ferreira mataron un burro, os de Escairón comérono crudo, os de Monforte mandaron recado que lles garden a punta do rabo*. (VS: 392, 422[469], 76)
77. *Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo, os de Muimenta a gritas e gritas que lles gardaran a merda das tripas*. (VS: 163, 243, 547,799)
78. *Os de Lugo, nin boa besta nin bon burro; montadores, os millores*. (RSS: 2849)
79. *Os de Meiraos comen caldo e tabaos, i-un burro que mataron a paus en Fontaos*. (VS: 454[470], 710)
80. *Os de Oleiros mataron o burro, os de Liñares comérono crudo, os de Leirado mandaron recado, pa que lle deixaran a punta do rabo*. (OR)
81. *Os de Pacios, comen o burro a pedazos; os de San Vitorio, roéronlle o coiro; i-os de San Martín, comen o cabritín*. (NVS: 456)

mangueiraos, mandantes; cagarrías, cobardes. En Mengumín se dá el trigo mejor de la comarca.

[467] Var.: *Muller de Melide e can de Furelos, arrenega de el coma dos demos*.

[468] Se dice del que es muy holgazán. *Señor Eusebio* = personaje popular inexistente. Portalodoso, de San Juan de Mos.

[469] Se atribuyen los mismos conceptos a muchos otros pueblos de Galicia.

[470] Pueblos de Caurel.

82. *Ós de Paradela morreulles a burra rabela; todos os que aquí non canten levan o camiño dela*. (VS: 899)[471]
83. *Os de Salagosa mataron un burro fórono cocer e comérono crudo, os da Serralleira levantaron bandeira e coméronlle o rabo i-a tripa cagueira*. (FMO: 15)
84. *Os de Santa Susana matan a besta, en Conxo cómena fresca i en Sar mandaron recado de que lles gardasen a croca do rabo*. (APRG)
85. *Os de Trasar matan a besta, os de Lobelle cómena fresca, i-os de Quintá mandaron recado que lles gardaran a mitá do rabo*. (VS: 1016, 1275[472])
86. *Os de Masma, os do burro*. (VS: 675)
87. *Os de San Xorxe, burriqueiros*. (VS: 1148)[473]
88. *Os de Vilamaior, conexos; os de Ferreira, sombrizos; os de San Román, zorros; os de San Xorxe, burriqueiros; os do Pacio, rupelos*. (VS: 1350)[474]
89. *Os de Villaquinte, facos; os de Vilar de Donas, lobos; os de Lestedo, os marelos; os de Cubelo, os zorros; os de Ligonte, ranchos; os de Aday, garruchos; os de Grallás, guímaros; os de Villapedre, coellos; os de Goyán, coceiros; os de Sáa, cureños; os de Beleigán, cereixeiros; os de Maceda, fabeiros; os de Lapío, lagartos; os de Bocamaos, fabeiros*. (VS: 1361)
90. *Os do cabaliño*. (VS: 679)[475]
91. *Paragüeros en Orense, cesteiros en Redondela, capas negras en Santiago, bos aparellos en Mondoñedo, vacas flacas na Cañiza*. (VS: 848)
92. *Pra bestas, Monterroso*. (VS: 779)
93. *Quen é burro tanto é aquí como en Lugo*. (FMO: 1529)
94. *Se os cabalos corren pra Viana, culle os bois e vai á arada; se corren pra Quiroga, culle os naipes e xoga*. (RGC)[476]
95. *Veu un home de Monterroso cunha besta i-un burro coxo*. (VS: 780)
96. *Zapato burgués, besta d'andadura e amigo coruñés, pouco duran todos tres*. (DD)
97. *Zapato burgués, besta d'andadura e amigo cruñés pouco duran todos tres*. (FMO: 1545)

[471] Var.: *Os de Paradela, teñen a burra rabela*.
[472] Pueblos de Carballedo.
[473] Se refiere a Villamayor de Negral, Puenteferreira, San Román de Retorta, San Jorge de Aguas Santas y Santa María de Pacio, en el municipio de Guntín y Palas de Rey.
[474] Se refiere a Villamayor de Negral, Puenteferreira, San Román de Retorta, San Jorge de Aguas Santas y Santa María de Pacio, en el municipio de Guntín y Palas de Rey.
[475] Var.: *Os de Cabaliño. Los de Mazura. (Mazúa)*
[476] Aquí os cabalos son metáfora por nubes.

4. Abreviaturas empregadas

Desenvolvemos agora as abreviaturas dos traballos que nos serviron como fontes para recadar os fraseoloxismos, converténdoas na referencia bibliográfica que se cita na epígrafe 5. Referencias bibliográficas.

AFG – LÓPEZ (1995).

APRG – PÉREZ

BF – FILLOS 4.0 (2009).

CLC – PAZ (2003).

DC – PENA (2001).

DD – INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

DFG – MARTÍNEZ (2000).

DFGX – LÓPEZ (2008).

DFS21 – FEIXÓ (2007).

DRV – FERRO (2009).

FFA – PENÍN (2008).

FFN – BARBEITO (2005).

FG – MARTÍNS (2007).

FM – HERMIDA (2009).

FMO – VENTÍN (2007).

FRG – FERRO (2008).

LGC - Wikipedia: Locucións galegas sobre o cabalo.

MPM – VIDAL (2003).

NVS – PAZ (2007)

OR – Fonte Oral. Fraseoloxismos de persoas da comarca do Condado.

RA – GONZÁLEZ

RAB – CUNS (2001).

RC – Wikipedia: *Refraneiro*

RCC – CONCELLO DE CARBALLEDO

REG – PRIETO (2009).

RG – TABOADA (2000).

RGC – Wikipedia: Refraneiro galego sobre o cabalo.

RGE – REIGOSA

RGP – PRACER (2003).

RSS – BUJÁN (2003).

VS – VÁZQUEZ (2003).

5. Referencias bibliográficas

BARBEITO LORENZO, María Dolores (2005): "Frases feitas do Concello das Neves", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 7. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

BUJÁN OTERO, Patricia et alii (2003): "Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)", en *Estudos e recadádivas. Cadernos de fraseoloxía galega* 4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

CUNS LOUSA, Xulio (2001): "O refrán" en *Anuario Brigantino* 24. [Documento en liña] http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2001PDF/2001%20497_508.pdf [Data de consulta: 18/02/2010]

FEIXÓ CID, Xosé (coord.) (2007): *Dicionario fraseolóxico Século 21 castelán/galego e de correspondencias galego/castelán*. Vigo: Xerais e Edicións do Cumio.

FERRO RUIBAL, Xesús (2008): "Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 10. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

FERRO RUIBAL, Xesús; GROBA BOUZA, Fernando (2009): "Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5)", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

GONZALEZ, Isabel; SANCHEZ, Artemia; o alumnado de 1º da ESO: *Refráns de auga*. [Documento en liña] A Coruña, IES Salvador de Madariaga. http://centros.edu.xunta.es/iessalvadordemadariaga/files/Documentos/Refrans_Auga.pdf [Data de consulta: 16/02/2010]

HERMIDA ALONSO, Anxos (2009): "Fraseoloxía de Matamá (Vigo)", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

LOPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.

(2008): Dicionario de fraseoloxía galega. Vigo, Xerais.

MARTINEZ SEIXO, Ramón Anxo (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2007): "108 fórmulas galegas", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 9. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PAZ ROCA, M.ª Carmen (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)", en *Estudos e recadádivas. Cadernos de fraseoloxía galega* 4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

(2007): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 9. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PENA ROMAY, Xosé Antonio (2001): *Dicionario Cumio de expresións e frases feitas galego-castelán*. Vigo: Edicións do Cumio.

PENIN RODRIGUEZ, Dorinda (2008): "Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 10. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PEREZ PAZ, Jacobo; PEREZ RODRIGUEZ, José Antonio: *Refraneiro*. [Documento en liña] Boqueixón, Asociación Pura Raza Cabalo Galego. http://www.cabalogalego.com/refraneiro.htm [Data de consulta: 15/02/2010]

PLACER LÓPEZ, Gumersindo (1929/2003): "Refranero gallego", en *El Obrero de Nazaret*, 16, 1929 – 24, 1930. Reedición en VAZQUEZ, Lois (2003): "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López", en *Estudos e recadádivas. Cadernos de fraseoloxía galega* 4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PRIETO DONATE, Estefanía (2009): "Refraneiro escolar galego do cambio de milenio", en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

REIGOSA, Antonio; FERNANDEZ PRADO, Manuel (coords.): *Literatura de tradición oral* en *Galicia encantada. Enciclopedia de fantasía popular de Galicia*. [Base de datos en liña] http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=11 [Data de consulta: 12/02/2010]

TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de fraseoloxía galega* 2. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

VAZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de fraseoloxía galega* 5. Santiago de Compostela: CENTRO RAMON PIÑEIRO PARA A INVESTIGACION EN HUMANIDADES.

VENTIN DURAN, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Anexo 1 de *Cadernos de fraseoloxía galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía", en *Estudos e recadádivas. Cadernos de fraseoloxía galega* 4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Referencias electrónicas

RCC = http://www.concellocarballedo.info/node/143 [Data de consulta: 16/02/2010]
BF = http://biblioteca.fillos.org/category/refrans-galegos/ [Data de consulta: 16/06/2010]
DD = http://sli.uvigo.es/DdD/index.html [Data de consulta: 13/06/2010]
http://www.eurocarne.com/informes/pdf/sectorequino05.pdf [Data de consulta: 30/06/2010]
http://wapedia.mobi/gl/Cabalo [Data de consulta: 16/02/2010]
http://es.wikilingue.com/gl/El_burro_en_la_cultura_popular_gallega#Refraneiro [Data de consulta: 16/02/2010]
LGC = http://gl.wikipedia.org/wiki/Locuci%C3%B3ns_galegas_sobre_o_cabalo [Data de consulta: 15/02/2010]
http://gl.wikipedia.org/wiki/O_cabalo_na_cultura_popular_galega [Data de consulta: 15/02/2010]
RC = http://ir2.me/s/browse.php?u=Oi8vZ2wud2lraXBlZGlhLm9yZy93aWtpL0NhYmFsbw%3D%3D&b=13 [Data de consulta: 16/02/2010]

RGC = http://gl.wikipedia.org/wiki/Refraneiro_galego_sobre_o_cabalo [Data de consulta: 15/02/2010]

120 locucións verbais galegas

Ramón Anxo Martíns Seixo

Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Nesta recadádiva recóllense e explícanse 120 locucións verbais que se empregan ou recordan na actualidade en diferentes puntos do país galego. Inclúense exemplos de uso e indícase a procedencia de cada unidade fraseolóxica.

Palabras chave: fraseoloxía, locucións verbais, galego

In this compilation, 120 verbal locutions, which are presently used or remembered in different parts of the Galician country, are collected and explained. Examples of use are included as well as the origin of every phraseological unit.

Keywords: phraseology, verbal locutions, Galician.

Recado neste traballo unha presada de locucións verbais ouvidas ou coñecidas por min ou, as máis das veces, polas persoas que se mencionan en cada caso. A maioría delas son unidades fraseolóxicas non moi coñecidas se nos atemos á información dos principais dicionarios actuais. A intención ao publicalas é dalas a coñecer para propiciar que volvan, polo menos algunhas delas, á boca da xente, xa que sospeito que xa foron máis coñecidas e por tanto tiveron maior difusión que na actualidade. Coido que nelas son innegábeis non só o reflexo da cultura espiritual e material senón tamén o enxeño e o humorismo do noso pobo.

Con traballos coma este queremos, de camiño, reivindicar unha maior atención, en xeral, para esta parte do idioma tan rica, mais aínda tan descoidada e, en particular, no ensino da lingua e nos medios de comunicación. Por outra parte, quero mencionar tamén a necesidade e a urxencia dunha depuración das unidades fraseolóxicas, como acontece xa con aspectos como a gramática ou o léxico.

Como se verá, a maioría das locucións que presento pertencen ao nivel coloquial e por iso marco só as que son do nivel vulgar e un só caso do nivel normal. Por outra parte,

indico entre corchetes o suxeito de cousa ([u.c.]) e de persoa ([u.p.]. Para os complementos utilizo as palabras "alguén" e "algo" precedidas ou non de preposición.

Quixera, finalmente, aproveitar para agradecer a todos os meus colaboradores ese seu labor, que aínda é preciso facer, de andaren ao rebusco da nosa fraseoloxía enxebre, palabra esta que, como ben di Marcial Valladares no seu dicionario, significa "pura, sen mestura".

Abreviaturas:

inf. = información
EUF. = eufemismo
ex. = exemplo
u.c. = (unha cousa) suxeito de cousa
u.p. = (unha persoa) suxeito de persoa
IRÓN. = irónico
VULG. = vulgar
PEX. = pexorativo

1. **abrir** [u.p.] **a boca como un arroás / abrir** [u.p.] **máis a boca que un arroás** Pedir moito; ser moi pedichona. *Ti sempre pedindo, meu fillo! Abres máis a boca que un arroás!* // Concellos de Bueu e Vigo; inf. e ex. de Begoña Fernández González.

2. **afiar** [u.p.] **agullas** Facer algo inútil, perder o tempo. *Eu creo que iso é afiar agullas*. | *Lavares o coche antes de chover é como afiar agullas*. // Concello de Vedra; inf. e 2º ex. de Henrique Neira Pereira.

3. **(aínda) gastar** [u.p.] **uns zocos novos** / **(aínda) romper** [u.p] **unhas zamancas** Estar (aínda) rufa, ben conservada [unha persoa maior]. *Ela inda che rompe unhas zamancas*. **2**. Ter (aínda) atractivo físico [unha persoa de certa idade]. *Ten 60 anos mais tenche moitos pretendentes porque aínda che gasta uns zocos novos*. // Sdo. 1. *gastar us zocos novos* (Mouriz, Rodeiro; inf.: Azucena Vázquez Lamazares); *inda rompe unhas samancas* (Saiáns, Vigo). Incluímos unha 2º acepción como en *(aínda) gastar unhas mangas novas / (aínda) romper unhas mangas* [MARTÍNEZ SEIXO (2000)].

4. **andar/apuntarse** [u.p.] **a todas como as rosquilleiras** Ser moi amiga de andar de troula e con contos e a rexoubar; apuntarse axiña para toda festa e non así para o traballo. [Aplícase xeralmente a aquelas persoas máis dispostas para esmorgas, andar con contos, etc., que para axudar no traballo]. *Onde haxa unha discusión ou problema está ela metida! Anda a todas como as rosquilleiras*. // Teis, Vigo; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

5. **andar un rato na barriga** [a alguén] Comezar a ter fame. *Vamos para a casa xantar que xa me anda un*

rato na barriga. // Bande; inf. de Vitoria Pérez Rodríguez.

6. **apampar** [u.p.] **como a vaca del Treixo** [Dise de alguén cando queda apampado]. *Que?, non dis nada? Apampaches como a vaca del Treixo*. // Tapia de Casariego; inf.: Xosé Manuel Vázquez González.

7. **bailar** [u.p.] **no aro dunha peneira** Bailar moi ben. *A Pepe e Carme dá xenio velos, bailan no aro dunha peneira*. // *bailar no aro dunha pineira* (Concello de Bueu; inf. e ex. de Carmen Malvido López).

8. **bebelas** [u.p.] **como o caldo** Non se dar por aludida, non facer caso, mostrarse indiferente. *Aínda hoxe lle dixo seu pai que estaba enfadado con el e que non o deixaba ir á festa e velaí o tes a divertirse. Bébeas como o caldo!* // San Martiño, O Grove; inf. e ex. de Ana Prieto Domínguez.

9. **botar** [u.p.] **a vida dun preso** Tardar moito tempo en facer algo. *Os meus netos son moi diferentes: a nena acaba de comer logo, mais o pequeno non dá acabado. El bota a vida dun preso, comezando a falar non para nunca*. // Castrelos, Vigo.

10. **botar** [u.p.] **as poutas antes que as moutas** Precipitarse en facer algo aloucadamente; facer unha acción antes que outra que por lóxica debería facerse primeiro. *Non fagas proxectos tan optimistas, non botes as poutas antes que as moutas*. // Concello de Ourense; Inf. e ex. de Elisa Fernández-Pedrera Aboal.

11. **botar** [u.p.] **o fel pola boca** Estar moi cansa. *Sachamos toda a terra nunha tarde, pero ao final xa botabamos o fel pola boca*. // San Martiño, O Grove; inf. e ex. de Ana Prieto Domínguez.

12. **botar** [u.p.] **para abaixo** Comer. *A xente botaba pra abaixo canto podía, parecía que viñan esfameados*. // *botar pra baixo* (Vilariño, Parada das Achas, A Caniza).

13. **caer a maleta ao mar** [a alguén] IRÓN. [Dise do emigrante que volve pobre. Úsase en pasado]. *–E non veu da América? –Veu, mais a ese caeulle a maleta ao mar*. // *caíulle a maleta ao mar* (Vilar de Flores, Allariz; inf.: Daniel Conde).

14. **caer** [u.p.] **como un cesto (barreleiro)** Caer sen xeito, con todo o peso do corpo. [Aplícase, sobre todo, aos nenos cando son pequenos e a quen cae con demasiada frecuencia]. *Caín como un cesto e non me manquei de puro milagre*. | *O Xanciño do Farruco anda a aprender a andar e cae como un cesto barreleiro*. // *caer coma un cesto* (Concello de Oleiros; inf.: Mª Soledad Carbón Rioboo), *caer(?) coma un cesto (barreleiro)* (Flariz, Monterrei; inf. e 2º ex. de Manuel Díaz Rodríguez).

15. **cagar o demo no camiño** [a alguén] VULG. Malograrse algo que se tiña previsto. *Que má sorte, coa de proxectos que tiñan e cagoulles o demo no camiño! Foi unha pena!* // O Barqueiro, Mañón e comarca de Ortegal; inf.: Anxo Rosende Fernández.

16. **chamar** [u.p.] [a alguén] **de cantas haber** Dicir [a alguén] toda clase de ditos ofensivos, inxuriosos; insultar [a alguén]. *Chamoulle ao pai de cantas había*. // Castrelos, Vigo; inf. de Lucía Seixo Alonso.

17. **chegar** [u.c.] **ao óso** [a alguén] Afectar moito, provocar un fondo sentimento [a alguén]. *Púxeno a andar, díxenlle cousas que lle chegaron ao óso*. // Concello de Noia; inf. e ex. de Manuel Caamaño Mariño).

18. **chegar (xa) o tempo de durmir fóra** [a alguén] Aproximarse a hora da morte de alguén, ser xa moi vella unha persoa. *Pois eu non creo que chegue alá que xa me vai chegando o tempo de durmir fóra*. // Mondoñedo; inf.: Azucena Vázquez Lamazares.

19. **chorar** [u.p.] **a morte da becerra** Chorar moito. *Cando chegou caéronlle dous aguilladazos, alumoulle a gusto, aquel día chorou a morte da becerra*. // Castillón, Pantón; inf. e ex. de Rosana Prieto Florines.

20. **comer** [u.p.] **como unha gaivota** Comer ás présas, engulir a comida. *Así, comendo como unha gaivota sempre, é lóxico que che sente mal: hai que comer amodo*. // *comer como unha gavota* (Cangas do Morrazo, inf.: Lucía Durán Paredes).

21. **cortar** [u.p.] **á panela** Botar menos comida, non comer de máis. *Xa sabes o que tes que facer: cortarlle á panela*. // Vigo; inf. e ex. de Begoña Fernández González.

22. **dar** [u.p.] **coa porta na cara** [a alguén] **1**. Pechar [a alguén] a porta bruscamente ou con hostilidade. *Viñeron pedir para a festa e deilles coa porta na cara, mais despois desculpeime*. **2**. Negar axuda [a alguén], non acceder a un rogo ou pedido [de alguén]. *Cando precisou del utilizouno, mais cando foi o contrario, deulle coa porta na cara*. // Vilarín, Doncos, As Nogais; inf.: Carmen Pérez Fernández.

23. **deitarse** [u.p.] **co sol** Deitarse cedo. [No canto de *deitarse* úsanse tamén equivalentes como *ir para a cama*]. *Déitome co sol porque madrugo moito*. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

24. **descubrir/inventar** [u.p.] **a pólvora** IRÓN. Crer ou dar como novo ou orixinal algo moi coñecido ou moi evidente. *Así que esa é a túa xenial teoría sobre a causa dos incendios? Pois inventaches a pólvora!* // Concello de Vigo.

25. **durar** [u.p./u.c.] **menos que un fogo no aire / ter** [u.p./u.c.] **menos futuro que un fogo no aire** Durar moi pouco tempo, ser moi breve ou fugaz. *Paréceme a min que nese traballo vai durar menos que un fogo no aire, se non xa verás*. // *durar menos ca un fuego no aire* / *ter menos futuro ca un fuego no aire* (Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez).

26. **enlear** [u.p.] **o palangre** Complicar as cousas, meter en leas, crear problemas. *Deixa xa de enlear o palangre que xa temos problemas abondos*. # *lia-lo palangre* (Bueu; inf.:

Luís Miguel Lustres Blanco). Outra variante é a que recolle Paco Rivas na Mariña Luguesa: *enlear o palangre* [RIVAS (2000)].

27. **escapar/fuxir** [u.p.] [de algo/alguén] **como do lume** Ter moito medo a [algo ou alguén], evitar a todo custo [algo ou alguén]. *Éche un lacazán, cando hai que traballar foxe como do lume*. // Concello de Vilaboa; inf. e ex. de Palmira Calvar Rosendo; Vigo.

28. **escapar/fuxir** [u.p.] [a alguén/algo] **como o demo á auga bendita** Ter moito medo a [algo ou alguén], evitar a todo custo [algo ou alguén]. *Ela fóxelle a esas reunións como o demo á auga bendita*. // *escaparlle/fuxir coma o demo á auga bendita* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán; *escapar a algo como o demo á agua* (Vigo).

29. **escunchar** [u.p.] **croques** Durmir. *O teu pai está a escunchar croques*. // Concello de Bueu; inf. e ex. de Carmen Malvido López.

30. **estar** [u.p.] **un grao por enriba da merda** VULG. PEX. [Dise de quen se dá moita importancia ou se gaba moito diante doutros da mesma condición]. – *Non che sei por que se dá tanta importancia agora! –Mira ti..., estache un grao por enriba da merda*. // *estar un grau por enriba da merda* (Caldeliñas, Verín; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez).

31. **facer** [u.p.] **as voltas** [a alguén] **1**. Cortexar [alguén], namorar [alguén]. *O meu fillo faille as voltas á túa filla*. **2**. Adular. procurar o xeito de agradar [a alguén] para tirar proveito. *Disimula un pouco, home, que se nota moito que lle fas as voltas ao xefe*. // San Xosé de Ribarteme, As Neves; inf.: María Dolores Barbeito Lorenzo; Vilamelle, Pantón; inf.: de Clara de la Torre Buxán.

32. **facer** [u.p.] **boa masa** [con alguén] Conxeniar [con alguén], ser amiga [de alguén]. *Que boa masa fan eses dous, nunca o puiden imaxinar*. // Vilar de Flores, Allariz; inf.: Daniel Conde.

33. **facer** [u.c./u.p.] **xeito** [a alguén] Ser de utilidade, cadrar ben. *Esa gabeta aí faime moitísimo xeito*. | *Se vos fai xeito, cando vaiades á vila, traédelle o viño ao teu pai*. // Vilariño, Parada das Achas, A Caniza; inf. e 1º ex. de María Lourdes Blanco Rodríguez.

34. **falar** [u.p.] **máis que unha tarabela dos paxaros** Falar moito e con pouca substancia. *Rómpeme a cabeza cada vez que vén á casa, fala máis que unha tarabela dos paxaros*. // Concello de Meira; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

35. **falar** [u.p.] **sen permiso da cabeza** Falar sen coñecemento do que se di ou sen xuízo. *A túa nai di que me viu na feira do Corpus e estaba en Madrid nun exame. Ela fala sen permiso da cabeza*. // Vilamelle, Pantón; inf. e ex. de Clara de la Torre Buxán.

36. **gardar** [u.p.] **das risas para as choras** Ser previsor, pensar no futuro. *Non debes gastar de máis no Nadal que despois quedas a abanar. Tes que gardar das risas para as choras*. // Vilamelle, Pantón; inf. e ex. de Clara

de la Torre Buxán. Cangas do Morrazo; inf.: Beatriz Dacosta Molanes.

37. **ir** [u.p.] **á malla e vir** [u.p.] **mallado** Tentar enganar e acabar sendo enganada; tentar tirar proveito dun asunto e acabar saíndo prexudicada. *O moi trampulleiro foi á malla e veu mallado: fixo unha reclamación para que revisasen os resultados e acabaron descualificándoo a el.* // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

38. **ir** [u.p.] **á Peneda** Non dar feito bazas ou puntos [nunha partida de cartas]. *El é un consumado xogador; vas ir á Peneda, xa verás.* // Albeos, Crecente; inf. de María Xosé González Domínguez. [Refírese á Peneda, no Parque Nacional da Peneda-Gerês de Portugal, non moi lonxe de Crecente, onde está o santuario de Nossa Senhora da Peneda. Dise sobre todo no xogo do tute].

39. **ir** [u.p.] **ao mar e non encontrar** [u.p.] **agua** Non achar algo que está á vista ou fácil de achar. *Non sabes onde está a pota? Xa a collo eu; anda, que ti has de ir ao mar e non has de encontrar agua.* // San Martiño, O Grove; inf. e ex. de Ana Prieto Domínguez.

40. **ir** [u.p.] **ás troitas** [Dise cando alguén ten os pantalóns rabelos. Ás veces úsase precedido de *parece que* ou *seica*]. *–Que? Seica vas ás troitas! | Sempre anda con esas calzas curtas, parece que vai ás troitas.* // Concello de Vigo.

41. **ir** [a alguén] [as cartas] **como un porco ao millo** Saíren as mellores cartas [nos xogos de cartas]. *Que sorte tendes, vanvos como un porco ao millo.* // Vilamelle, Pantón; inf. e ex. de Clara de la Torre Buxán.

42. **ir** [u.p.] **pescar** [Dise cando alguén ten os pantalóns rabelos. Ás veces úsase precedido de *parece que* ou *seica*]. *–Vas pescar ou que? –Vou como me peta! | Levaba unhas calzas curtas de máis, parecía que ía pescar.* // Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez.

43. **ir** [u.c.] **polo camiño vello** [a alguén] Obstruírse a gorxa [a alguén, con algo que comeu ou bebeu]. *–Que che pasou? –Foime polo camiño vello.* // Concello de Vigo; inf. e ex. de Fernando Vilaboa Martínez.

44. **lamber a vaca (marela/pinta)** [alguén] **/ lamber unha vaca** [alguén] [Dise de alguén que vai moi peiteado ou que vai moi peiteado e co cabelo mollado pegado á cabeza]. *Víchelo?, parece que o lambeu a vaca marela, non sei a onde irá ese así. | Agora non mires para atrás, mais á secretaria do teu xefe parece que a lambeu unha vaca. // lamber unha vaca [alguén]* (Concello de Ribadeo; inf.: Xosé Manuel Vázquez González; Matamá, Vigo; inf. e 2º ex. de Anxos Hermida Alonso), *parece que te lambeu a vaca pinta* (Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez. [Incluímos tamén a información de Paco Rivas (RIVAS: 1992): *lambeute a vaca marela*].

45. **ler** [u.p.] **a ladaíña** [a alguén] Dicir o que pensa [de alguén], recriminar [algo a alguén]. *O meu pai vaime ler a ladaíña cando chegue.* //

Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

46. **levar** [u.p.] **máis paus que a aira do trigo 1**. Levar unha malleira, levar moitos golpes. *Dixéronlle que ía levar máis paus que a aira do trigo se non cedía*. **2**. Sufrir moitos contratempos ou desgrazas. *Olla, muller, ultimamente lévoche máis paus que a aira do trigo. Os cartos que lle emprestei a meu irmán non mos pode devolver de momento e o que me ten alugado o baixo para gardar o camión leva meses sen me pagar, total que teño que pedir un crédito ao banco para facer fronte a estes pagamentos. Ti podes crelo? // levar máis paos cá aira do trigo* (Concello de Meira; inf. e 2º ex. de Anxos Trabada Crende).

47. **levar** [u.p.] **un coso que non** [lle] **marca a corredeira** Ir con moita présa, ir a correr. *Xa pasou por nós hai un anaco. Leva un coso que non lle marca a corredeira*. ["coso" é 'velocidade'. A corredeira marca a velocidade en nós. De aí a frase]. // *levar un coso que non lle marca a corredera* (Concello de Bueu; inf. e ex. de Carmen Malvido López).

48. **mandar** [u.p.] **á Peneda** [alguén] Deixar [alguén] a cero [nunha partida de cartas]. *Onte mandámolos á Peneda*. // Albeos, Crecente; inf. de María Xosé González Domínguez. [Refírese á Peneda, no Parque Nacional da Peneda-Gerês de Portugal, non moi lonxe de Crecente, onde está o santuario de Nossa Senhora da Peneda. Dise sobre todo no xogo do tute].

49. **mandar** [u.c.] **carallo** VULG. Ser sorprendente [xeralmente por ser moi boa, magnífica, extraordinaria]. *Está unha churrascadiña ao lume que vai mandar carallo*. | *Aquela festa mandou carallo*. // Concello de Vigo.

50. **mazar** [u.p.] **a lendia** [a alguén] Bater [a alguén]. *A ese cando o agarre voulle mazar a lendia*. // Cangas do Morrazo, inf. e ex. de Ana María Fernández Soliño.

51. **melar** [u.p.] **o ollo** [a alguén] Procurar o xeito de agradar [a alguén] para tirar proveito; adular. *Sempre che está a rirlle todas as parvadas. Anda a melarlle o ollo todo o día*. // Arcade, Soutomaior; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

52. **mesturar** [u.p.] **sapos con bolboretas** Confundir ou mesturar cousas ou feitos moi diferentes, que non teñen nada en común. *Non sabe o que di, mestura sapos con bolboretas*. // Souto, Vilaquinte, Carballedo; inf.: Anunciación Grande Grande.

53. **meter** [u.p.] **o pote grande dentro do pequeno** Facer un banquete farturento e que non se fai habitualmente. *Este ano non se fixo a festa, mais metemos o pote grande dentro do pequeno*. // Souto, Vilaquinte, Carballedo; inf. e ex. de Anunciación Grande Grande.

54. **meter** [u.p.] **peixe a bordo** Comer moito e con gana. *Como lle metemos peixe a bordo, eh? É que este cocido arde nun candil!* // Concello de Bueu; inf. e ex. de Carmen Malvido López.

55. **nacer** [u.c.] **no corpo** [a alguén] Sentar [a roupa, unha peza...] moi ben [a alguén]. *Olla que ben che vai a filla da Helena. Nácelle no corpo*. // Vilamelle,

Pantón; inf. e ex. de Clara de la Torre Buxán.

56. **nin agarrar** [u.p.] **do santo nin ter** [u.p.] **man da vela** Non facer nin unha cousa nin outra. *Céntrate nunha cousa soa que así nin agarras do santo nin tes man da vela*. // Dornelas e Torroso, Mos: inf.: Tareixa Mariña Lourido Giráldez.

57. **non caber** [dúas ou máis persoas] **nun fol** Non conxeniaren. [Dise de persoas que rifan con frecuencia, que nunca están de acordo ou que rematan sempre discutindo]. *Miña filla e o home non caben nun fol. Se non fose polos fillos xa se terían separado hai tempo*. // As Ribas, Ameixeira, Crecente; inf. e ex. de Dolores Gregorio González.

58. **non cagar un corvo** [algo] VULG. Non ser cousa de pouca importancia; ser cousa de bastante valor ou importancia, algo que non se debe subestimar. *Tocáronme sesenta euros na rifa! Non os caga un corvo!* // *non o caga un corvo* (Concello de Cuntis; inf.: Victoria Cerviño Ferrín; Concello de Ordes; inf. e ex. de Carlos Calvo Varela), *menos caga un corvo* (Armenteira, Meis; inf.: Cruz Martínez Vilas).

59. **non chegar** [u.c./u.p.] **á costeira** Durar pouco, non aguantar todo o tempo. *Non teñas medo que eses proxectos non chegan á costeira, xa verás*. // Concello de Cariño; inf.: Anxo Rosende Fernández.

60. **non coller** [u.p.] **na cuncha** Estar moi satisfeito ou orgulloso [de algo/alguén] *Dixéronlle que a filla sacara moi boas notas na escola e xa non colle na cuncha*. // San Martiño, O Grove; inf. e ex. de Ana Prieto Domínguez.

61. **non dar as liñas** [a alguén] **1**. Estar moi atarefado, non dar feito por amontoarse o traballo. *Quixo facer tanto que non lle deron as liñas*. **2**. Estar moi impaciente, non poder aguantar. *Non me daban as liñas e tiven que actuar aínda que ao cabo me arrepentín de o facer*. // Cangas do Morrazo; sdo.1: inf. de Ana Mª Fernández Soliño, Beatriz Dacosta Molanes e Lucía Durán Paredes (1º ex.). Incluímos tamén o sdo 2 que recollen, (amais do 1º), Castro Otero e outros [CASTRO OTERO (2005)].

62. **non dar o santo para a vela** [a alguén] Seren máis as perdas (ou os gastos) que os beneficios, non ser [a alguén] rendíbel un asunto. *Herdei varias leiras de meu pai mais teño que pagar máis en gastos do que valen. A verdade, non dá o santo para a vela*. // Concello de Meira; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

63. **non entrar nin o ferro** [a alguén] Ser persoa dura fisicamente. *Antes non o entraba nin o ferro, mais duns anos para acá é diferente*. // *non o entra nin o ferro* (Vilamelle, Pantón; inf.: de Clara de la Torre Buxán).

64. **non estar a ferraia para gaitas / non estar o alcacén para gaitas** Non ser propicio o momento [para facer ou dicir algo, xeralmente por causa do estado de ánimo de alguén]. [Úsase normalmente en presente de indicativo]. *Será mellor non lle dicires ao teu pai que che roubaron a moto, que arestora non che está o alcacén para gaitas*. | *Naquel momento non quixen dicir nada*

porque estaban todos un bocado alterados e non estaba a ferraia para gaitas. // *non esta-lo alcacén para (ou pra) gaitas* (Forcarei, inf.: Margarita López Barreiro; Muxía, inf.: Pilar Lema Alvarellos; Palas de Rei, inf.: Rosa Ana Quintero Vázquez; Vedra, inf.: Henrique Neira Pereira); *non esta-lo alcacer para (ou pra) gaitas* (As Nogais, inf.: Carmen Pérez Fernández; Vilalba, inf.: María Jesús Guizán Durán); *non esta-la ferraia para (ou pra) gaitas* (Mouriz, Rodeiro, inf.: Azucena Vázquez Lamazares); *non esta-la ferraña para (ou pra) gaitas* (Concello de Guntín, inf.: Teresa López Rejo); *non está sempre o alcacén pa gaitas* (Ordes, inf.: Mª Luísa Calvo Germales).

65. **non gardar** [u.p.] **a mexa** VULG. Contar todo, ser indiscreta, murmuradora. *A ese non lle podes contar cousa ningunha que non garda a mexa*. // Vilamelle, Pantón; inf.: de Clara de la Torre Buxán.

66. **non pisar** [u.p.] **outras herbas** Non durar moito, estar preto da morte. *Seica lle deron ben, oxalá non pise outras herbas*. // Flariz, Monterrei; inf. e ex. de Manuel Díaz Rodríguez.

67. **non poder** [u.p.] **co cu** Estar moi cansa. *Levanteime cedo para ir traballar despois de non durmir en toda a noite e non podo co cu*. // Vilamelle, Pantón; inf. e ex. de Clara de la Torre Buxán.

68. **non quedar a lingua pegada ao cu da mai** [a alguén] VULG. [Dise de quen di o que pensa con claridade e sen medo]. *Non, ho, a ese non che lle quedou a lingua pegada ao cu da mai, arre carallo!* // *non lle queda-la lengua pegada ao cu da mai* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán); *non lle quedou a lengua no cu da mai* (Concello de Guntín; inf.: Teresa López Rejo).

69. **non querer** [u.p.] **nin con mollo de tomate** [alguén/algo] Non querer de maneira ningunha. *Non te quero nin con mollo de tomate*. // Prado de Canda, Covelo, inf.: Presentación da Silva.

70. **non ser** [u.p.] **pola do meu/teu... poleiro nin galo do meu/teu... galiñeiro** Non resultar simpática ou non parecer de fiar [a alguén]. *Non é pola do meu poleiro nin galo do meu galiñeiro, así que non quero con el trato nin barato*. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

71. **orballar** [u.p.] **a boca** Comer ou beber en pouca cantidade [algo que apetece moito]. *Os percebes están carísimos mais vou levar estes pouquiños para orballar a boca*. | *Un figo para cada un para orballar a boca*. // Bueu e Vigo; inf. e exemplos de Begoña Fernández González.

72. **pagar** [u.p.] **as fabas** Recibir o castigo ou as consecuencias de algo sen o merecer, cargar coa culpa de algo que outra persoa fixo. *Por acaso eu era inocente mais paguei eu as fabas pola fama que botara*. // Vilariño, Parada das Achas, A Caniza.

73. **para alá ir** [u.p./u.c.] Ser pouco máis ou menos, ser case o mesmo [que a persoa ou cousa mencionada]. [Úsase xeralmente en presente]. *Tes ben a quen saír que túa nai é boa cociñeira e ti pra alá vas*. | *Cando unha persoa*

pouco ollecida se xunta con outra que para alá vai dise que se xunta a fame coa gana de comer. // Vilariño, Parada das Achas, A Caniza; concello de Arbo, inf. e 2º ex. de Pilar Leal Varela.

74. **parecer** [u.p.] **a aira dos paus 1**. Levar unha malleira, levar moitos golpes. *Sempre che toca apañar a ti, pareces a aira dos paus*. **2**. Sufrir moitos contratempos ou desgrazas. *Ai, ese rapaz parece a aira dos paus. Sempre anda enleado e os pais non fan máis que berrarlle. // parece-la aira dos paos* (Concello de Meira; inf. e 2º ex. de Anxos Trabada Crende).

75. **parecer** [u.p.] **o burro do Couto: sempre cargado dun lado para o outro** [Dise de quen adoita andar cargado]. *Parecemos o burro do Couto: sempre cargados dun lado pró outro*. // Vilar, Padrenda.

76. **parecer** [u.p.] **o repertorio zaragozano** [Aplícase (criticándoo) a quen repite sempre o mesmo]. *Cala con iso xa, que pareces o repertorio zaragozano*. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

77. **pasar** [u.p.] **máis fame que unha puta en coresma** VULG. Estar sen diñeiro; pasar moita fame. *Daquela pasabamos máis fame que unha puta en coresma. // pasar máis fame que unha puta en cuaresma* (Comarca de Ortegal; inf.: Anxo Rosende Fernández).

78. **pegarse** [u.p.] [a alguén] **como a la de gato** Acompañar [u.p. a alguén] insistentemente e sen se separar, facéndose pesada e chegando a importunar. *–Falaches con Mariña? – Non, sempre a vexo con Miguel, pégaselle como a la de gato*. // Concello de Meira; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

79. **pegarse** [u.p] [a alguén] **como un isqueiro** [Aplícase a persoas molestas das que é difícil librarse, que non se separan de alguén]. *Que aborrecido é, pégase como un isqueiro, non hai maneira de se ver libre del*. [Un isqueiro é o mesmo que unha carracha]. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

80. **picar o buraz** [a alguén] Caer de sono, cabecear. *Vai para a cama que xa che pica o buraz. // pica-lo burás a alguén* (Concello de Bueu; inf. e ex. de Carmen Malvido López).

81. **querer** [u.p.] **sacar o grilo (da toba) sen facer terra** Querer algo sen esforzo, sen traballo. *–Vendeu a leira e gañou un milagre de cartos e non repartiu nada connosco, cos familiares. –Ti queres sacar o grilo sen facer terra*! // Barreiro, Lavadores, Vigo; inf.: María Fernanda García Collazo.

82. **querer** [u.p.] **un no papo e outro no saco** Pretender beneficiarse excesivamente, querer tirar proveito ao mesmo tempo de varias cousas ou querer algo á súa conveniencia. *Ti queres un no papo e outro no saco. Non che chega con levares ti os méritos, tamén queres que che dean o traballo feito*. // Concello de Mos; inf.: María Belén Míguez Míguez.

83. **rebentar/toupar** [u.c./u.p.] **como unha castaña 1**. Suceder de repente algo negativo ou que trae más

consecuencias. *No 2004, ningún dos dous partidos conseguiu despegarse do outro e seguiron condenados a entenderse. E a cousa acabou toupando como unha castaña.* **2**. Non resistir [u.p.], esgotarse de cansazo. *Ía no quilómetro 9 da carreira e rebentei como unha castaña.* // Sdo. 1: *toupar coma unha castaña* (Concello de Crecente; inf. e 1º ex. de Dolores Gregorio González); sdo 2: *rebentar como unha castaña* (Concello de Ordes; inf. e 2º ex. de Carlos Calvo Varela).

84. **saber** [u.p.] **de que lado vén o vento** Ter claras as ideas, coñecer un asunto, ter idea dun asunto. [Úsase xeralmente en construcións negativas como "sen saber de que lado vén o vento" ou "non saber de que lado vén o vento"]. *Ti non sabes de que lado vén o vento. Non che é así como dis.* // Concello de Pol; inf. e ex. de Carme Murado Rodríguez.

85. **saber** [u.p.] **o leite que dá** [alguén] Coñecer ben [alguén]. *Pídesme novas sobre Amaro e non sei ben que che contar... Ti xa coñeces o teu fillo, xa sabes o leite que dá. É bo rapaz, eu non teño queixa ningunha del.* // Vigo; inf. e ex. de Begoña Fernández González.

86. **saber** [u.p.] **o que é** EUF. Non ser xa virxe. *A pesar de ter xa idade, ela inda non sabe o que é.* // O Ribeiro; inf.: David Troncoso Suárez.

87. **saber** [u.p.] **que trapos queima o demo** Coñecer a maneira de ser, o carácter [de alguén]. *Ti a min non me faltes ao respecto! Ten conta comigo que ti non sabes que trapos queima o demo! | O pai díxolle que non podía vir para a miña casa porque eu tiña traballo, e o outro día ao entrar pola porta preguntoume se tivera moito traballo na véspera; mais eu, que xa sei que trapos queima o demo, respondinlle que si, que tivera; entón non dixo nada.* // Concello de Arbo; inf. e 1º ex. de Pilar Leal Varela; Cequeliños, Arbo; inf. e 2º ex. de Mercedes Carmueja Groba.

88. **saír o pau á racha** Ser moi parecida, fisicamente ou no carácter, unha persoa aos seus familiares, sobre todo ao pai ou á nai. *Coñecendo o pai eu xa esperaba esa reacción do fillo: sae o pau á racha.* // *salir o pau á racha* (Concello de Vigo; inf.: Susana Villar González).

89. **saltar** [u.p.] **de allos a cebolas** Mudar dun tema (do que está a falar) a outro moi diferente. *É incríbel, salta de allos a cebolas como se nada e así non hai quen o entenda.* // *saltar de allos a cebolas* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán); *estás falando de allos e vén o outro con cebolas* (Vigo; inf.: Xosé Avelino Hermida Borrajo).

90. **sentir** [u.p.] **medrar a herba** Ser moi perspicaz. *Este rapaz sente medrar a herba.* // A Esfarrapada, Santo Ourente de Entíns, Outes; inf. e ex. de Ernesto Rodríguez Bolívar.

91. **ser** [u.p.] **a cara** [de alguén] **pintada** Parecerse moito [a alguén]. *Este neno é a cara do pai pintada.* // Vilariño, Parada das Achas, A Caniza.

92. **ser** [u.p.] **como as cabras de san Barbero (marchan tarde e veñen cedo)** Ser persoa que vai tarde ao traballo e volve cedo. *Os da familia dos cacos andan pouco agudos para o traballo, son como as cabras de san Barbero*. // Flariz, Monterrei; inf. e ex. de Manuel Díaz Rodríguez.

93. **ser** [u.p.] **como as trécolas dunha chanfona** Mudar facilmente de opinión. *Hoxe dis que vas, onte dicías que non, ti tamén... es como as trécolas dunha chanfona*. // Carnota; inf. e ex. de María Sendón Lestón.

94. **ser** [u.c.] **o deus de** [alguén] Gustar moito de [esa cousa, xeralmente unha actividade], ter moita ilusión por [esa cousa]. *O deus do neno é andar co cabalo e co gado*. // *se-lo dios de alguén* (O Biduedo, Triacastela).

95. **ser** [u.p.] **o que marca os días santos** Ser quen decide, quen leva a iniciativa, quen manda [nun asunto ou situación]. *Na nosa empresa o comité é o que marca os días santos*. // Quins, Melón.

96. **ser** [unha ou varias cousas ou persoas] **todo(s) un(s)** ou **toda(s) unha(s) 1**. Seren [unha ou varias cousas ou persoas] da mesma clase ou grupo, teren as mesmas características, seren iguais. *Vese que a herba que plantastes non é toda unha*. | *Estas mazás non son todas unhas, están mesturadas varias castes*. | *Aquí somos todos uns, así que non penses que vas ter un tratamento diferente*. **2**. Non estar [u.c.] dividida, ser unha unidade. *Esta herdade é moi grande: deica os bidueiros é toda unha*. // É unha locución corrente. Pertence ao nivel normal.

97. **subhastar** [u.p.] **as leiras** Cabecear [por causa do sono]. *Cando comece a subhastar as leiras o avó chámasme que o axudo a deitarse*. // Escuadro, Silleda; inf.: Xosé Couñago Ribeira.

98. **ter** [u.p.] **a merda por enriba do sangue** VULG. PEX. Ser pouco espelido, ser un pasmón, unha persoa sen ansias nin vontade. *Mira que disposición che ten o Toniño! Nin que tivese a merda por enriba do sangue!* // Caldeliñas, Verín; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

99. **ter** [u.p.] **(ben) onde levalas 1**. Ter suficiente desenvolvemento físico como para levar un castigo corporal [especialmente nos nenos un azoute ou unha labazada]. *Se queres educar ben o teu fillo dálle de vez en cando un azoute que xa ten ben onde levalas*. **2**. Ter [unha moza en idade de ter compañeiro] o desenvolvemento corporal suficiente. *A filla do Monfortino éche ben bonita e xa ten onde levalas*. // Flariz, Monterrei; inf. e exemplos de Manuel Díaz Rodríguez.

100. **ter** [u.p.] **bo muíño** Ter bo apetito, comer moito e de todo. *O teu pai e mais eu sempre tivemos bo muíño*. // Concello de Bueu; inf.: de Carmen Malvido López).

101. **ter** [u.p.] **entre dentes** [alguén] Sentir antipatía por [alguén], ter animadversión cara a [alguén]. *A profesora teno entre dentes. Despois do que lle fixo non o pode ver*. //

Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

102. **ter** [u.p.] **man do carro** Ter coidado do asunto, preocuparse polo asunto [Pódese aplicar a moitas cousas]. *Vós tende man do carro e aforrade que hai que pensar no futuro*. // *ter mau do carro* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán)

103. **ter** [u.p.] **menos crédito/creto que unha puta na lama** VULG. PEX. Non ter creto ningún, ter má reputación. *Non sei como andas con esa xente, ten ela menos creto que unha puta na lama*. // *ter menos crédito que unha puta na lama* (Vigo; inf.: Juan Campos Lago).

104. **ter** [u.p./u.c.] **o arneirón** Estar sucia. *Se non ía vento, mao, a cociña non tiraba, e se ía, peor, pois con cada refacho o fume viña pola cheminea abaixo e abafabamos ademais de nos deixar como se tivésemos o arneirón*. // Concello da Pobra do Caramiñal; inf. e ex. de Ánxeles Martínez Villa.

105. **ter** [u.p.] **o leite cortado** Estar incomodada. *Non lle digas nada, hoxe ten o leite cortado*. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

106. **ter** [u.p.] **pouco que agradecer a Deus** EUF. [Dise de quen é moi feo]. *Ese ten pouco que agradecer a Deus*. // *ter pouco que agradecer a Dios* (Vilar de Flores, Allariz; inf.: Daniel Conde).

107. **ter** [u.p.] **o sentido a compoñer** Ter moi pouco siso. *A ese non lle fagas moito caso que ten o sentido a compoñer*. // Concello de Vedra; inf.: Henrique Neira Pereira.

108. **terse** [a alguén] **a culler no caldo** Ser rico. *Ese tenche moito inda que non o pareza, a ese ténselle a culler no caldo*. // Concello de Pol; inf. e ex. de Carme Murado Rodríguez.

109. **ter/traer** [u.p.] **a fouce picada** Ter moita fame. *María, ponme logo a xanta que traio a fouce picada!* // Flariz, Monterrei; inf. e ex. de Manuel Díaz Rodríguez.

110. **ter/traer** [u.p.] **o forno quente** Ter unha dixestión pesada ou sentir molestias despois de comer moito. *Tes sede? Ou é que tes o forno quente?* // Corvillón, A Merca; inf. e ex. de Pilar Carrera Ferreiro.

111. **tirar** [u.p.] **con pólvora allea** Xogar con diñeiro gañado a outro(s) no xogo. *–Vainos custar traballo gañarvos esta partida. –E iso que tirades con pólvora allea, mais creo que desta vez veunos a sorte a nós*. // Concello de Pol; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

112. **tirar** [u.p.] **polo rabo á sota** Xogar ás cartas. *Pois despois imos ir tirar polo rabo á sota un bocado*. // Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez.

113. **traballar** [u.p.] **para a torre** Traballar (ou esforzarse) inutilmente ou sen recibir en troco un beneficio. *Eu non penso traballar para a torre, que busque outro a quen explotar*. // Concello de Cangas do Morrazo; inf.: Sandra Santomé Nogueira e Lucía Durán Paredes.

114. **traballar** [u.p.] **para o conde** Traballar (ou esforzarse) inutilmente ou sen recibir en troco un beneficio. *Non perdas o tempo niso, é traballar para o conde*. // Concello de Cangas do Morrazo; inf.: Lucía Durán Paredes. Concello de Mos; María Carme González Rodríguez.

115. **vender** [u.p.] **o (seu) peixe** Expor as súas razóns ou puntos de vista, procurar convencer con argumentos; contar algo, falar sobre algo. *–Pois a min pasoume a dor que tiña na perna... –Mira, ela tamén quere vender o seu peixe, coma nós*. | *As dúas mulleres estiveron toda a tarde na sala do hospital a vender o peixe*. // *querer vende-lo peixe* (Arbo, inf. e 1º ex. de Ana María Vila Pita); *vende-lo peixe* (Coia, Vigo; As Neves, inf.: María Dolores Barbeito Lorenzo; A Caniza, inf. e 2º ex. de Laura Gil Esteves).

116. **virse** [u.p.] **ás boas** Transixir, ceder, avirse, deixarse persuadir. *Ao primeiro resistiuse mais despois veuse ás boas*. // Concello de Guntín; inf.: Teresa López Rejo.

117. **volverse os paxaros ás escopetas** Querer mandar o inferior, o que debe obedecer; invertérense as xerarquías. *– Ese rapaz está moi mal educado, non me estraña o que fixo. –Vólvense os paxaros ás escopetas*. // Concello de Guntín; inf.: Ana Belén Moreda Rodríguez.

118. **xa non doer nada** [a alguén] Estar morto. *Non, muller, eu falo do fillo, que ao pai a ese xa non lle doe nada*. // Vilar de Flores, Allariz; inf.: Daniel Conde.

119. **xa non pedir** [u.p.] **pan** Ser abondo madura para se valer por si mesma. *O fillo do ferreiro, malia a desgraza do seu pai, non ten perigo pois xa non pide pan*. // Flariz, Monterrei; inf. e ex. de Manuel Díaz Rodríguez.

120. **xogar** [u.p.] **a vida** Arriscar moito a vida, pór a vida en grave perigo. *Deixou o choio porque xogaba a vida todos os días*. // É unha expresión corrente.

Referencias bibliográficas:

CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Xunta de Galicia, Museo Massó.

MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Vigo: A Nosa Terra.

RIVAS, Paco (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense*. Lugo: Deputación de Lugo.

(2000): *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. *Cadernos de Fraseoloxía* 1.

Recensións

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmtrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, 651 páxinas.

Prolegómenos

Por terceira vez Galicia e a lingua galega ofrecen en primicia ó mundo románico un libro de importantes fraseólogos rusos. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de Santiago de Compostela, que no 2000 xa ofrecera dous libros de Valerii Mokienko (*Fraseoloxía eslava* e *As imaxes da lingua rusa*), ofrece agora esta obra conxunta dos profesores Baránov e Dobobrovol'skij, un ano despois da edición orixinal, realizada en Moscova no 2008. Este dato resulta relevante se temos en conta que o libro suma unhas 651 páxinas; así, o curto espazo de tempo que separa as dúas edicións permite pensar que o impacto desta nova contribución ós estudos fraseolóxicos está a ser simultáneo nos dous sitios, Rusia e Galicia. Este feito sitúanos no mapa da actualidade xa que, deste xeito, deixamos de se-lo país onde chegan os avances neste eido científico e noutros anos despois de que ocorran, para poñernos ó par dos demais.

Esta tradución, que nos vén da man dun tradutor avantaxado, Fernando de Castro García, ofréceno-la oportunidade de nos achegarmos non só á longa tradición dos estudos fraseolóxicos en Rusia, tradición que ten como punto de partida os traballos de V. V. Vinogradov[1] nos anos 40 do século XX, senón tamén á contribución duns autores que son actualmente un referente mundial dentro do panorama xeral das investigacións sobre fraseoloxía. Tanto A. Baránov coma D. Dobrovol'skij contan con numerosas monografías e dicionarios entre as súas publicacións, tanto por separado coma en obras conxuntas. Pódense citar, por exemplo, dentro das súas colaboracións o *Dicionario–Tesouro da idiomática rusa actual* (Moscova 2007) e o *Dicionario fraseolóxico explicativo da lingua rusa* (Moscova 2009).

Neste volume en concreto, que empeza cun repaso ás diferentes clasificacións xurdidas nas distintas concepcións teóricas da fraseoloxía, os autores preséntanno-la súa achega ó mundo da fraseoloxía baixo o título *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Con este nome,

[1] A súa concepción da fraseoloxía foi determinante durante moitos anos no marco da rusística e, en parte, incidiu noutras linguas.

esta monografía xa se anuncia como unha obra de interese teórico, que achega elementos útiles para unha reflexión sobre as cuestións mais importantes da fraseoloxía. Artéllase o traballo en catro partes: 1) as categorías fundamentais da fraseoloxía; 2) a semántica e a sintaxe das unidades fraseolóxicas; 3) as unidades fraseolóxicas e o dicionario; 4) as unidades fraseolóxicas no discurso. Cada parte contén unha división en capítulos que suman 11 ó total.

A primeira parte abrangue dous capítulos (cap. 1 e 2) onde se estudan, por unha banda, os principais compoñentes da categoría da idiomaticidade e, por outra, os tipos de unidades fraseolóxicas. A segunda parte comprende catro capítulos (cap. 3 a 6), os dous primeiros dedicados ó plano do contido dos fraseoloxismos, a súa forma interna como parte da semántica e a modelación cognitiva do seu significado real, o terceiro ó aspecto nacional-cultural da fraseoloxía e o cuarto á semántica da sintaxe nas unidades fraseolóxicas. A terceira parte contén dous capítulos (cap. 7 e 8) que xiran ó redor da fraseografía, verbo da construción dun Tesouro das unidades fraseolóxicas rusas e do proxecto dun novo *Dicionario fraseóloxico ruso*. A cuarta parte inclúe os tres últimos capítulos (cap. 9 a 11) que se centran no funcionamento das unidades fraseolóxicas no discurso, na relación entre a semántica dos fraseoloxismos e a intención comunicativa dos usuarios, no seu emprego na idiomática de autor (en particular nas novelas de F. M. Dostoievski e as obras en prosa de A. S. Púxkin), e nas súas marcas estilísticas que permiten distinguir características discursivas significativas.

Seguindo a división proposta da obra en catro partes, imos salienta-los temas máis importantes tratados polos autores: a definición e identificación das unidades fraseolóxicas (UUFF), a importancia da súa forma interna, a elaboración dun tesouro da idiomática rusa e a dimensión discursiva das UUFF.

Definición e identificación das UUFF

Afondando polo miúdo nos distintos capítulos que conforman este volume, podemos comprobar que se centra na análise dun tipo de fraseoloxismo concreto, as unidades fraseolóxicas (UUFF). Os autores distínguenas dentro dun conxunto de cinco **tipos de fraseoloxismos**: as UUFF, as colocacións, os proverbios, os fraseoloxismos gramaticais e os fraseoloxismos sintácticos. Este reparto ofrece varias particularidades: a de incluí-los ditos, non dentro dos proverbios, senón dentro das UUFF; as palabras aladas (citas cuxa fonte ou orixe é universalmente coñecida) forman un subconxunto de fraseoloxismos que pode pertencer tanto ás UUFF coma ós proverbios; e dentro das UUFF, ademais das tradicionais expresións idiomáticas, tamén están as expresións deícticas que pertencen á pragmática, as chamadas fórmulas da fala. Os autores dividen estas últimas en expresións-comentarios (ditos que comentan determinados aspectos da situación comunicativa, como a expresión rusa *é parvo e aínda por riba ten as orellas frías*); as expresións-performativas, que confirman unha veracidade (*velaquí unha cruz para ti*) ou expresan sorte (*nin peluxe nin pluma*); as expresións que funcionan coma respiradoiros emocionais expresando un sentimento (abraio, *meu Deus!*; descontento, *ese é boa peza!*); as fórmulas de resposta (*Que tal? – Coma a feluxe branca*, "imos tirando"); as fórmulas de interrogación (*es/é parvo ou de nacemento?*) e, finalmente, as fórmulas de modalidade epistémica que expresan unha valoración de

veracidade/falsidade, seguridade/inseguridade (*pemento claro*, "algo está claro, enténdese ben"), fórmulas moi parecidas ás expresións-comentarios. Recoñecen os autores que esta proposta de clasificación permite solapamentos (p. 98), coma moitas outras tipoloxías e que mesmo unha expresión "se pode empregar tanto como fórmula de fala coma UF non-formulaica". Desta proposta destácase que as UUFF forman a clase que mais variedade de fraseoloxismos contén, polo que esta obra se centra fundamentalmente nelas.

Empezan os autores o seu estudo formulando "unha definición de unidade fraseolóxica fundamentada en criterios máis ben operacionais, que permita distinguir con certa fiabilidade **as UUFF** dos fraseoloxismos doutras clases" (p. 29). Fíxanse como obxectivo que esta definición corresponda á intuición do falante da lingua, ou polo menos que non entre en contradición con ela. Esta finalidade resulta importante para comprender que o punto de vista que van adoptar vai ser un punto de vista descritivo á vez que analítico. As UUFF, pola súa importancia, ocupan unha posición central con respecto ó conxunto dos fraseoloxismos, e dentro destas unidades as expresións idiomáticas tamén destacan como "formacións superiores á palabra caracterizadas por un alto grao de idiomaticiade e fixación" (p. 60). A idiomaticidade e a fixación representan pois as categorías fundamentais que deben servir para defini-las UUFF. Son as que as definen como parte da idiomática da lingua, núcleo central da fraseoloxía. Con todo, cada unha delas posúen os seus propios elementos definitorios. Así para medi-la idiomaticidade dunha expresión idiomática débense de observar tres parámetros: a reinterpretación, a opacidade e a complexidade do modo de indica-lo obxecto denotado. O mesmo ocorre coa fixación na que é preciso distinguir parámetros estruturais (restricións de transformación, defectividade do paradigma etc.) e parámetros de uso como son a recepción da expresión por parte da comunidade lingüística e a percepción da frecuencia de uso. Aínda así, estas dúas categorías non están relacionadas entre si, xa que non todo o fixo é idiomático nin todo o idiomático é fixo. Non obstante, o que si teñen en común é que ámbalas dúas pertencen á categoría da irregularidade.

Como a definición dada para as UUFF non basta para separa-las expresións idiomáticas dos demais tipos de fraseoloxismos (colocacións, fraseoloxismos gramaticais etc.), os autores optan por distinguir primeiro dentro deste conxunto de UUFF grupos concretos de expresións de acordo a **factores propios**, antes de decidir cales son idiomáticas e cales non. Así, o primeiro factor corresponde ó tipo de modelo metafórico no que se basean as expresións. Ilustran esta idea coas que conteñen compoñentes ligados ó concepto *mente* e delimitan as metáforas máis ligadas a ese concepto, que son as de ESPAZO (con dúas variantes, unha relativa ó espazo externo á persoa, LOCUS EXTERNO e outra relativa ó espazo interno da persoa, LOCUS INTERNO), as de RECIPIENTE (tamén con dúas variantes, RECIPIENTE EXTERNO e RECIPIENTE INTERNO), as de INSTRUMENTO e as de RECURSO. Unha vez analizadas as metáforas, os autores van estudando se son idiomáticas ou non. Así expresións rusas coma *vir á cabeza*, "ocorrérselle algo a alguén", *manter na mente*, "reter na memoria" etc. non son UUFF, conforme a análise dos autores, pero si o é unha expresión como *escribimos un, na mente temos dous*; *o que está a dicir ou escribir non é idéntico ó que*

un pensa polo feito de posuír esta expresión na lingua rusa trazos de irregularidade. Un segundo factor que tamén pode incidir en defini-las expresións idiomáticas fronte ós demais fraseoloxismos é a importancia do compoñente opaco. Así, se unha expresión ten un compoñente opaco pero ese non é importante para a denominación, entón non é unha UF, senón unha colocación[2]. O terceiro factor consiste no carácter non-estándar do segundo termo da comparación, xa que tradicionalmente esta clase de expresións foi incluída no eido da idiomática. Non obstante hai que distinguir entre expresións coma *branco como a neve* e *coidar como a meniña do ollo,* posto que as que son como a primeira resultan regulares polo carácter evidente do segundo termo (o que as exclúe do grupo das UUFF), mentres que as que son como a segunda necesitan ser reinterpretadas. Dedúcese entón, por mor destes tres factores, que as UUFF se definen como tales se posúen as propiedades da irregularidade presentes nos trazos da idiomaticidade e da fixación.

Importancia da forma interna das UUFF

Non obstante, é a **forma interna** das UUFF o que máis lles interesa ós autores describir, para dar conta da súa influencia na configuración do seu significado real, idiomático e no seu uso na lingua. Fano abordando a cuestión desde tres liñas de investigación: desde a psicolingüística, a lingüística e a semiótica.

Na liña **psicolingüística**, dúas orientacións (a tradicional e a desenvolvida nos EUA e Italia) estudan o problema da realidade psicolóxica das UUFF para o falante. Das dúas destacan as investigacións cognitivo-psicolóxicas centradas na natureza da figuratividade, o seus status cognitivo e o seu papel na concepción das UUFF realizadas por dúas correntes paralelas independentes que seguen concepcións que rivalizan entre si: a primeira, denominada polos autores "hipótese conceptual-metafórica", basea a interpretación das UUFF en entidades metafóricas abstractas (chamadas "modelos metafóricos") como modo de interpretación "postfactum" da motivación das UUFF que se activan por igual nos falantes[3]; a segunda, chamada "hipótese das interferencia", fundaméntase nos significados literais dos compoñentes para explica-las imaxes que suscitan na conciencia de cada falante, de xeito individual, sen que as asociacións figurativas sexan idénticas dun suxeito a outro[4]. Con todo, ningunha destas dúas concepcións resulta suficiente para explica-lo xeito de plasmarse o compoñente figurativo na estrutura da definición dunha UF. Falta ter en conta un nivel máis na interpretación do significado. Partindo dunha expresión como *to fall off the back of a lorry*, os autores demostran que se lle debe de prestar tamén atención ó "nivel das estruturas do coñecemento, dos frames e dos scenarios que se atopan na base do compoñente figurativo dunha UF e que inflúen nas particularidades da súa

[2] Por exemplo, na expresión *noz grega*, 'noz, froito seco', mesmo se *grega* resulta opaco, o compoñente máis importante para a denominación, *noz*, é transparente.

[3] Por exemplo, o sentido da expresión *to spill the beans*, 'revelar un segredo', corresponde á activación simultánea de dous modelos metafóricos, A CONCIENCIA É UN RECIPIENTE e AS IDEAS SON ENTIDADES FÍSICAS.

[4] Así o sentido de 'retoma-lo contacto con alguén' na expresión *to break the ice* estaría relacionado cos significados literais dos compoñentes *break* e *ice*.

semántica e da súa pragmática" (p. 114). Son estruturas de coñecemento do modelo do mundo dunha persoa nas que se basea a motivación do significado real. Con estas 3 vías dentro da perspectiva cognitivo-psicolóxica estipúlase que as imaxes mentais se poden considerar conforme a tres niveis:

— o das representacións individuais, semi-visuais;

— o das estruturas de coñecementos (*frames* e *scenarios*);

— o das relacións abstractas dos modelos metafóricos.

A liña **lingüística** investiga a natureza do compoñente figurativo, afondando en dous aspectos: a súa función como modificador de conceptos, sobre todo entre as UUFF con significado semellante nunha mesma lingua; e a súas restricións combinatorias e/ou situacionais, coa finalidade de demostrar que as UUFF dun campo semántico con diferentes compoñentes figurativos se comportan de maneira diferente na fala. Así, no primeiro caso analízase a imaxe e o significado real das UUFF correspondentes ó concepto de "amoestación/castigo" (*chamar á alfombra*; *quita-la cabeza*; *tira-lo pelello*...), e dese estudo despréndese que a maioría son polisémicas e que a súa relación co acto da fala depende do seu significado concreto. Aínda activando un mesmo concepto, estas UUFF presentan diferenzas semánticas. En calquera caso, para os autores "estas particularidades semánticas de ningún xeito se poden deducir da interpretación da imaxe" (p. 127) senón dos seus contextos de uso.

A liña **semiótica**, pola súa banda, investiga a natureza do compoñente simbólico ou "material" da forma interna da UF e o xeito de expresalo nun modelo lexicográfico. O compoñente simbólico consiste nunha entidade material, concreta, contida no compoñente figurativo das UUFF. As entidades materiais teñen asociados significados reais dotados dunha función semiótica secundaria. Así, palabras como PEDRA, CORAZÓN, CABEZA, CRUZ, LEBRES, en expresións rusas coma *[caer] (coma) unha pedra dos ombreiros (a alguén)*, *unha pedra sobre o corazón*, o *peixe podrece pola cabeza*, *leva-la súa cruz*, ou *botarse a correr detrás de dúas lebres*, forman entidades materiais que corresponden a diferentes categorías simbólicas (culturais, lingüísticas, culturais e lingüísticas, ou lingüisticamente non produtivas). O interese dos autores por esta faceta das UUFF explícase polo feito de que "o ámbito da idiomática supón precisamente un campo de acumulación de fenómenos de *secundariedade semiótica*" (p. 207). Resúltalles particularmente interesante porque no campo da idiomática están presentes case tódalas categorías simbólicas que van incluídas nas entidades materiais das UUFF.

En definitiva, estas tres liñas permiten achegarse ó estudo da forma interna das UUFF como formación complexa desde diferentes disciplinas.

Non obstante para a análise do status da **motivación** do significado real destas unidades, o punto de vista propiamente lingüístico é o que máis interese esperta. A descrición desa motivación fana os autores desde un enfoque cognitivo baseado en operacións realizadas sobre os coñecementos que se atopan detrás da imaxe das expresións metafóricas. Resolven o problema dividindo a tarefa descritiva dos procesos

metafóricos en dúas partes: a "semántica da metaforización" (como combinación do dominio fonte e do dominio meta na conciencia inxenua como modo de representa-los nosos coñecementos sobre o mundo; p. ex. A POLÍTICA É UNHA GUERRA nas expresións rusas como *cargador de argumentos, a fronte política* etc.) e a "sintagmática das operacións cognitivas" (coma resultado da interacción de diferentes *frames* na xeración do significado real; p. ex. interacción dos *frames* ESTADO e PERSOA na expresión rusa *sen o tsar na cabeza* no senso de "superficial, pouco serio [dito dunha persoa]). Para os autores este achegamento cognitivo "resulta máis aceptable có tradicional. O significado non se *despraza*, senón que se xera como resultado das operacións sobre os coñecementos" (p. 219). Por ese motivo presentan unha proposta de descrición formal da interacción entre os *frames* fonte e os *frames* meta como primicia no conxunto desta obra xa que nunca existiu ningún modelo desta índole para explicar tal interacción ata o de agora. Representa, pois, unha achega moi relevante no ámbito da idiomática posto que permite descubri-los fundamentos cognitivos do funcionamento das UUFF. Esa proposta baséase nun conxunto de 4 operacións elementais (a introdución dunha estrutura cognitiva noutra; a eliminación dunha estrutura cognitiva; a posta de relevo dunha estrutura cognitiva; a repetición dunha estrutura cognitiva) que se desenvolven dun xeito moi complexo en fases extremadamente precisas desde o *frame* fonte (que representa sempre unha área conceptual concreta) ó *frame* meta (unha área máis abstracta) e á inversa. A descrición deste proceso de formación do significado real a partir das estruturas de coñecemento chámase na metalinguaxe dos autores "modelación cognitiva". Con esta proposta pretenden reduci-la carga individual e subxectiva da motivación e explicala revelando os trazos comúns que posúe para a maioría dos falantes dunha lingua.

Como moitas das UUFF son culturalmente motivadas, outro aspecto ligado coa semántica da forma interna (sobre todo cos compoñentes figurativos) das UUFF ten que ver co seu **carácter nacional-cultural**. Para describir e explica-la suposta "especificidade nacional-cultural" das UUFF que lles atribúe xeralmente un sector que adopta un discurso lingüístico-filosófico dentro na tradición neohumboldtiana, os autores pretenden achegar tamén criterios operacionais que eviten unha visión reducionista da cuestión. Con esa finalidade propoñen dúas concepcións da especificidade nacional baseadas en dous enfoques: o enfoque comparativo que permite defini-la especificidade nacional-cultural dunha lingua en relación con outra lingua e o enfoque introspectivo que parte da perspectiva dos falantes dunha lingua sen comparala con outra. O primeiro destes dous enfoques, o enfoque comparativo, está na procura da *especificidade cultural* a través das diferenzas atopadas entre as UUFF de linguas distintas, mentres o segundo busca a *especificidade nacional* recorrendo á intuición dos falantes para determina-la presenza de características "inmanentes" dentro dunha mesma lingua. O enfoque comparativo céntrase no estudo dos compoñentes figurativos e simbólicos das UUFF porque é aí onde se atopan as diferenzas. Así e todo, aínda que moitas destas diferenzas son culturalmente motivadas, tan só algunhas son culturalmente significativas segundo os autores. Para eles ese carácter significativo ten que ser identificado a nivel cognitivo, condicionado por unha banda, pola ausencia de coincidencia de metáforas conceptuais entre as linguas e, por outra banda, pola posibilidade de relaciona-las UUFF con outros códigos semánticos das linguas (coma o

folclore, os mitos e as crenzas). O enfoque introspectivo, polo contrario, tenta determina-lo caracter nacional das UUFF que presentan restricións de uso non sometidas á factores semánticos, baseándose en métodos psicolingüísticos. Para coñece-la marcación nacional dos fraseoloxismos, os autores empregaron cuestionarios realizados a estudantes da Universidade de Saarbrücken. As hipóteses que formulan a partir deste estudo empírico apuntan a que os elementos máis significativos á hora de percibir intuitivamente a especificidade nacional das UUFF están contidos nas particularidades da súa organización formal (rimas, nomes propios e derivados, personaxes da mitoloxía popular, palabras realia, compoñentes arcaicos ou únicos etc.). Como o traballo se basea nunha mostra limitada, os autores son conscientes da relatividade dalgunhas destas hipóteses, como é o caso dos compoñentes únicos, posto que non tódalas UUFF que os conteñen poden realmente ser consideradas coma "especificamente rusas" (p. 275).

A forma interna das UUFF tamén xoga un papel no seu **comportamento sintáctico**. Así dáse o caso de que non todas presentan a capacidade de seren sintacticamente modificadas nin tampouco unha mesma UF permite tódalas transformacións posibles. Estas restricións non só se dan á hora de realizaren as categorías gramaticais senón tamén ó aplicar transformacións sintácticas de tipo estándar, como son a transformación en voz pasiva ou ben a introdución dunha negación na estrutura dunha UF. En relación á negación, os autores céntranse nas UUFF de tipo verbal, que conteñen a presenza obrigada dunha negación, e que chaman UUFF *explícito-negativas*. Como este grupo non é homoxéneo, divídenas en dous grupos: as UUFF *explícito-negativas débiles* (nas que a negación é eliminable) e as UUFF *explícito-negativas fortes* (nas que a negación é obrigatoria). Pola mesma, tamén distinguen as UUFF *explícito-positivas fortes* (nas que non pode aparecer unha negación) e as UUFF *explícito-positivas débiles* (nas que si pode aparecer). De todos estes tipos os máis interesantes son as explícito-negativas e as explícito-positivas nas súas variantes débiles polo feito de que en ámbolos dous tipos a admisión da negación da UF depende dos contextos (uso do imperativo ou do futuro, oracións condicionais, finais ou interrogativas, contextos de cita, valoración, aclaración ou contextos cuantificadores no tempo, ou ben contextos únicos polo uso de palabras modais) ou de factores internos (determinados pola semántica da UF) ou externos (ligados ó contexto). Aínda que na maioría dos casos as UUFF non permiten a negación, cando si o fan é porque houbo un cambio substancial do contexto determinado por factores externos. Estes factores externos responden a unha dobre consideración: a negación como uso diverxente con respecto ó establecido pola norma e a idiomática como expresión lingüística non estándar de describir unha situación. Polo feito de remitir a situacións que se afastan da realidade (de tipo hipotético) ou a situacións contrastivas (de tipo restritivo), a inclusión dunha negación nas UUFF require dos falantes "coñecementos únicos, 'individuais' sobre o funcionamento da lingua que non son cubertos pola gramática común e que se atopan nunha zona intermedia en continuo cambio" (p. 314). En relación coa pasivización, a capacidade de transformación das UUFF resulta gradual xa que existen casos claros nos que se pode realizar, outros menos claros e outros nos que está totalmente excluída. Para resolver este problema, os autores propoñen distinguir entre factores que favorecen a pasivización e factores que a impiden coa finalidade de

identificar unhas regras xerais ás que supedita-la dita transformación. Estas regras pretenden establece-los modos regulares de pasivización que seguen as UUFF cumprindo cos principios normais da transformación da voz activa en pasiva (verbos cunha semántica axentivo-transitiva e desprazamento do grupo nominal á posición de suxeito). Supeditan a aplicación destas regras ás condicións que afectan á natureza das UUFF, como é a capacidade de desmembralidade semántica da UF, é dicir, a autonomía dos seus compoñentes, ou ben a condicións comunicativas determinadas, xa que a pasivización ten que percibirse como algo natural. De calquera xeito, estas regras son relativas xa que dependen do sistema de cada lingua, das condicións de uso, do cambio de valoración da admisibilidade de certas expresións co tempo. Por outra parte, a presenza de asimetrías semántico-sintácticas nalgunhas UUFF alteran estas condicións a pesar de se-la transformación posible e admisible, polo que non se cumpren estas regras xerais de pasivización e resulta ademais imposible predicir cando se vai produci-la falta de concordancia. Con estes dous casos de transformación, a negación e a pasivización, os autores demostraron a influencia decisiva que ten a semántica no comportamento sintáctico das UUFF.

A elaboración dun tesouro da idiomática rusa

Como a forma interna das UUFF forma parte do seu significado, debe ser, polo tanto, reflectida na súa definición na práctica lexicográfica. Deste xeito, calquera intento de descrición semántica das UUFF que non reflicta a forma interna resulta incompleta ós autores. Tanto os compoñentes figurativos coma os simbólicos achegan unha información importante no eido lexicográfico, polo que é necesario incorporala na definición que se ofrece dunha UUFF. Agora ben, o problema que presentan os autores consiste no xeito de cómo facelo xa que nada se di sobre este tema na tradición lexicográfica actual. Xeralmente os diferentes modos de organiza-la información relativa a unha palabra ou expresión nun dicionario responden a diferentes modelos de significado construídos cunha metalinguaxe determinada. Os autores analizan catro tipos, dentro dos moitos modelos posibles de interpretación semántica (o modelo proposicional –ou modelo-P–, o modelo topolóxico –ou modelo-t–, o modelo discursivo e o modelo metafórico) e recomendan o modelo metafórico para trata-lo problema da representación da forma interna das UUFF tanto desde o punto de vista da estratexia autónoma (baseada na forma dun compoñente particular da UUFF como parte da súa explicación semántica) como desde a estratexia de representación integral (como parte constituínte da explicación semántica).

A indicación da forma interna na definición pode seguir dúas técnicas: a técnica explícita, que xeneraliza a metáfora contida na UUFF por medio duns operadores semánticos determinados pola natureza dos procesos de metaforización e nominación das UUFF (de tipo descritivo como "o cal se describe/entende como", do tipo contrastivo como "é comparable a", de xeración dun mundo posible como "suscita unha idea de" etc.) e a técnica implícita, na que a información semántica das UUFF se distribúe entre os diferentes elementos da definición, plasmando algunhas das consecuencias da metáfora que se atopa na base da imaxe ou ben mediante a súa perífrase. Estas dúas técnicas alternan a miúdo na práctica real da descrición lexicográfica, polo que se pode falar dun *modo mixto* de reflecti-la forma interna das

UUFF nas definicións. Aínda así, con estes tipos de fixación da forma interna no modelo de significado non se esgota a lista de métodos de explicación, polo que os autores xa anuncian que pode ser precisada e completada. Con todo, o seu propósito non deixa de se-lo de ofrecer unha solución a un problema complexo, é dicir "face-lo modelo de significado lexicográfico (definición) cómodo para o usuario corrente" (p. 206).

Vista a importancia que supón, pois, atopa-la estratexia de representa-los compoñentes figurativo e simbólico das UUFF dentro da descrición integral na definición lexicográfica, os autores propoñen a concepción dun dicionario cunha construción binaria. Para reflecti-las relacións existentes entre UUFF que establece a análise do compoñente figurativo, propoñen a elaboración dun tesouro de UUFF rusas baseado na idea da "dobre desmembración", "é dicir, un tesouro que presupoña a descomposición dun conxunto de UUFF en subconxuntos seguindo tanto un criterio conceptual como un figurativo" (p. 153). Permite así presentar, por unha banda, aqueles casos nos que un concepto se expresa con diferentes imaxes e, por outra, aqueles nos que unha forma interna común de UUFF pertenza a campos semánticos aparentemente diferentes. "A confrontación de ámbalas dúas estruturas pode producir resultados cruciais na investigación de trazos universais e específicos no campo da idiomática" (Dobrovol'skij, 1988). Así mesmo para recolle-las categorías simbólicas que van incluídas nas entidades materiais das UUFF, os autores propoñen a concepción dun dicionario cunha construción binaria: da entidade material ás súas interpretacións semióticas secundarias; do significado abstracto ós seus posibles representantes materiais (p. 212).

Estas dúas ideas están na base da construción de dúas obras, o *Dicionario-tesouro da idiomática rusa actual* e o novo *Dicionario fraseolóxico ruso*[5], ámbolos dous nacidos en 1990 a partir dun proxecto dirixido polos autores coa creación inicial dunha Base de datos da idiomática rusa actual informatizada (actualmente contén uns 50 000 contextos de uso e desde o ano 2006 esta base realízase en relación a un proxecto levado polo Instituto da Lingua Rusa)[6].

O tesouro preséntase como un dicionario sen parangón na lexicografía mundial. Fronte a outros da lexicografía inglesa (o *Roget's Thesaurus* 1987) ou alemá (p. ex. o *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten* de H. Schemann, 1989), este non está elaborado a partir de dicionarios de fraseoloxía anteriores, senón con material auténtico e actual. Elaborado desde unha perspectiva ideográfica, parte de UUFF extraídas, como primeira fonte, da Base de datos e como segunda fonte, de córpora de textos xornalísticos e literarios dos anos 60-90 do século XX, incluso de comezos do século XXI, ata chegar á súa organización en campos semánticos ordenados segundo un

[5] Como en ámbolos dous casos, o *Dicionario-Tesouro* e o *RFS*, se trata de procesos moi longos e laboriosos, os autores preveñen en emprega-la estratexia de ir publicando produtos lexicográficos intermedios, coma o *Dicionario monolingüe da idiomática rusa*.

[6] Na elaboración deste proxecto utilizouse unha tecnoloxía esencialmente de tipo informático que, para os autores, "eleva substancialmente a calidade da descrición da idiomática" (p. 435).

principio de rede, un sistema complexo de remisións paradigmáticas dos taxons que non segue unha estrutura xerárquica senón unha rede semántica natural-lingüística baseada en relacións de inclusión (p. ex. o taxon HAI MOITO TEMPO inclúe os taxons VELLO e VELLEZ), de xénero-especie (p. ex. o taxon CASTIGO remite ó taxon EXECUCIÓN) e de cruzamento segundo o extensional (p. ex. unha parte do extensional do taxon VELLO crúzase con parte do extensional do taxon VELLEZ). Este método, de tipo indutivo, rexeita calquera clase de esquema apriorístico, e a estrutura en rede baséase na idea de que "en xeral a idiomática se orienta non tanto ó mundo real coma ó ser humano, ás súas concepcións do mundo e á percepción emocional do que acontece" (p. 407). Por outra banda, o tratamento de textos diferentes pertencentes a unha mesma clase comunicativo-funcional permite unha representación lexicográfica sistemática das metáforas ó mostrar campos semánticos paralelos, o cal non deixa de ser unha achega importante xa que non é frecuente que exista un dicionario de imaxes rusas elaborado con métodos fiables tanto para a verificación da división intuitiva inicial do dicionario en campos semánticos obtidos a partir dos taxons coma para unha proposta alternativa de clasificación das UUFF ligadas ós discursos (p. 475). Ademais, xunto ás UUFF van os exemplos de uso tomados dos textos orixinais dos córpora ou de contextos de uso coma Internet ou a fala coloquial, o cal contribúe a dar unha visión global do estado actual da idiomática rusa. Este dicionario-tesouro sérvelles tamén ós autores de obxecto de investigación, xa que "a simple valoración cuantitativa das UUFF que forman parte dos diferentes campos serve coma base obxectiva para extraer conclusións sobre a estrutura da 'imaxe fraseolóxica do mundo ruso'" (p. 386). De feito, para a elaboración deste mesmo volume que estamos a valorar, é de supoñer que tódolos contextos de uso das UUFF analizadas pertencen ós córpora deste dicionario-tesouro.

En canto ó *Dicionario fraseolóxico ruso* (*RFS*) preséntase como un proxecto lexicográfico que pretende distinguirse das edicións fraseolóxicas existentes por catro parámetros: 1) o corpus de exemplos; 2) o glosario; 3) os métodos de definición dos significados e 4) o sistema de marcas estilísticas. Tanto para os exemplos como para o glosario e a súa clasificación ideográfica, tívose en conta o Tesouro. Grazas á clasificación ideográfica, as definicións incorporan, ademais do significado das UUFF, a descrición da súa forma interna que representa para os autores a parte máis importante do contido das expresións. Por outra banda, este xeito de describi-la forma interna dos fraseoloxismos serve para resolve-lo problema da polisemia nas UUFF ó presentala como fenómeno regular propio da idiomática xa que permite poñer en evidencia o grao de influencia do compoñente figurativo na formación dos seus significados derivados.

En relación co sistema de marcación estilística das UUFF que propoñen os autores para o seu uso no dicionario, hai que dicir que se caracteriza por un armazón complexo de marcas de índole semántica e pragmática. Aínda que son conscientes de que calquera decisión tomada nese campo é discutible, non por iso deixan de afondar no problema. A singularidade do sistema proposto consiste en dúas achegas: por unha banda, no desprazamento do "punto de lectura", é dicir que o rexistro coloquial é o non marcado mentres que o neutral recibe unha marca especial; por outra, no uso de diferentes

escalas para os distintos aspectos pragmáticos do funcionamento fraseolóxico das UUFF, divididas en catro grandes grupos que presentamos segundo a orde de sucesión na que aparecen no dicionario: as marcas temporais (anticuado, recente), as estilísticas (elevado, neutro, ausencia significativa de marca, informal, vulgar, indecente, obsceno), as discursivas (literario, xornalismo, xerga, ideoloxía soviética, popular[7], de fala simple) e operadores de rexistro (eufemismo, disfemismo). Estas marcas poden obrar de xeito independente (separadas por unha coma no dicionario para indicar que están vinculas por unha relación de disxunción) ou simultáneo (citadas sen coma no dicionario para indicar que están ligadas por unha relación de conxunción). Neste sistema de marcación estilística, o concepto de "neutralidade" é particular xa que se aplica a tres destes catro grupos (temporal, discursivo e estilístico). Como resultaría moi pouco práctico representar esa información no dicionario, inclúese tan só cando a UF é neutral segundo as tres escalas.

Este sistema pretende dar resposta ós problemas cos que se enfronta xeralmente a lexicografía: 1) a correlación entre as características de tipo connotativo (valorativas, expresivas etc.) e as estilísticas. Ó demostrar neste volume que ámbolos dous tipos de características están ligados á forma interna das UUFF, esta ten que reflectirse necesariamente na definición lexicográfica; 2) a existencia ou non de UUFF estilisticamente neutrais. A creación do Tesouro si demostra que existen; 3) os criterios operacionais de clasificación das UUFF, baseados xeralmente na intuición. Os propostos polos autores baséanse tanto no enfoque de corpus, que lles permite estuda-lo índice de frecuencia dun fraseoloxismo en distintos tipos de textos coma na creación de modelos de significado para a explicación semántica das marcas estilísticas.

A dimensión discursiva das UUFF

A forma interna das UUFF tamén ten a súa importancia no proceso discursivo das linguas, tanto no seu código oral coma escrito. Desde a perspectiva da fala, en particular na produción espontánea (non a reprodución lectora), os autores analizaron as transcricións dunhas gravacións realizadas en lingua alemá no transcurso duns xuízos arbitrais de conciliación. A principal razón pola que escolleron o discurso de conciliación (DC) atópase na estrutura fixa deste tipo de diálogos (escenario prototípico) ó poder presenta-las regularidades xerais do comportamento das UUFF e das metáforas convencionais no discurso. Son textos onde abundan o seu uso e o seu nivel dialectal polo carácter case íntimo das situacións que reflicten e o ambiente de confianza que quere crea-lo xuíz. As metáforas utilizadas artéllanse arredor de dous polos, o CONFLITO e o CONSENSO e o paso dun polo a outro basease na función argumentativa das expresións e das metáforas conceptuais que se atopan na súa base. A perda de control que provocaron as situacións de conflito ten que ser reconducida mediante o diálogo ata acadar outra vez o autocontrol e a cooperación das partes. Nese proceso a forza explicativa dos modelos metafóricos que están na base das UUFF empregadas depende das condicións contextuais e da valoración das situacións segundo

[7] Coa anotación "popular", os fraseoloxismos levan a súa marcación nacional cando é necesario.

o punto de vista de cada unha das partes (partes enfrontadas e mailo xuíz). Este tipo de análise leva ós autores a facerse unha pregunta coma a seguinte:

> *se o emprego de metáforas e de UUFF que conteñen esas metáforas na forma interna é resultado dunha elección consciente (polo menos por parte do xuíz cuxa fala é máis metafórica e idiomática cá das partes en litixio) ou ben se a elección vai 'introducida' pola estrutura xeral, é dicir polo escenario do DC* (p. 474).

Aínda así, o interese de elaborar córpora de textos ordenados dun xeito temático favorecería non só a descrición científica da fala coloquial senón tamén o avance da investigación na fraseoloxía.

Desde a perspectiva escrita, o xénero discursivo analizado nesta obra é o literario a través das novelas de Dostoievski e Púxkin. Determina-la idiomática de cada un destes dous autores, ou de calquera outro, permite obter unha información importante para o avance da fraseoloxía dende o punto de vista hermenéutico en xeral e para a resolución de cuestións propiamente lingüísticas en particular. Con tal finalidade, establecéronse os seguintes tipos de emprego autorial de UUFF: 1) as que conteñen modificacións léxicas; 2) outras con transformacións gramaticais; 3) outras máis con modificacións semánticas; 4) as chamadas *frecuentalismos* autoriais (é dicir, as UUFF que máis utiliza un autor ó punto de caracteriza-la súa obra); 5) as que son dearcaísmos autoriais (as UUFF que caeron en desuso e que se reactualizan no texto) e 6) as UUFF autoriais propiamente ditas (aquelas utilizadas unicamente polo autor). A aplicación desta tipoloxía permite definir aspectos importantes da idiomática de autor como a determinación da frecuencia de usos das UUFF no conxunto da súa obra ou ben nunha en particular ou tamén nun personaxe determinado; o alcance da variabilidade da estrutura das UUFF; a descrición da súa función no desenvolvemento do argumento ou, finalmente, a identificación dos seus trazos sintácticos. Como o uso da lingua dun escritor vén marcado xeralmente por como a modifica con respecto á norma, para investiga-la súa idiomática é natural recorrer á categoría da variabilidade. Non obstante non sempre resulta fácil determina-lo grao de variabilidade en obras como as de Dostoievski xa que se descoñece os usos da lingua da súa época. Neses casos aplícanse modelos de análise das UUFF comparando os seus usos segundo os diferentes contextos nos que aparecen na(s) novela(s) dese autor (como é o caso da expresión "pola medida extrema" que pode cambiar de sentido dunha pasaxe á outra do libro) ou ben estudando o seu índice de frecuencia nos textos (por exemplo, as expresións que predominan en Dostoievski en relación cos estados mentais ou co desenvolvemento da trama). Pola contra, cando si se pode determina-lo grao de variabilidade, como no caso da obra de Púxkin, faise contrastando as UUFF empregadas cos seus equivalentes na actualidade. Así, por exemplo, analizando as colocacións empregadas por este autor na novela *A dama de picas* pódese deducir que "a maioría das colocacións presentes nos textos daquel tempo, ó parecer, eran calcos do francés. Moitas delas conserváronse con aquela forma ata os nosos días; outras [....] foron modificadas" (pp. 528-529). É o caso de expresións coma "intentar sorte", inspirada do francés *tenter sa chance*, que se viu desprazada pola expresión máis actual "probar sorte".

Conclusións e valoracións particulares

Neste volume os autores demostraron que a fraseoloxía representa un campo singular fronteirizo entre o léxico e a gramática. Con este estudo, pretenderon resolve-la impredicibilidade externa da semántica, da pragmática e da sintaxe dos fraseoloxismos e propuxeron explica-la súa "esencia interna" segundo criterios científicos. Con este propósito, centraron a súa investigación na semántica e na pragmática das UUFF, partindo da hipótese de que a súa forma interna influe tanto no plano do contido como nas particularidades do seu uso. A importancia de demostra-la realidade semántica da forma interna tivo como resultado propoñe-la construción dun modelo de significado (é dicir, de definición) para resolve-lo problema da descrición dos fraseoloxismos no dicionario. Grazas ó aparato conceptual da lingüística cognitiva, puideron ofrecer estratexias de representación autónoma e integral do significado real, baseándose en operacións formais sobre os coñecementos que se atopan na base das imaxes das UUFF. As consecuencias lexicográficas desta modelación cognitiva do significado real foron, por unha banda, a creación dun formato especial de definición na que se reflicta a forma interna, e por outra, a elaboración dun Tesouro que represente a idiomática rusa segundo unha clasificación ideográfica das UUFF repartidas en campos semánticos. Á súa vez, as consecuencias teóricas deste dicionario ideográfico permitíronlles ós autores enunciar principios fundamentais para defini-lo propio obxecto da fraseoloxía como disciplina.

O repaso ós temas tratados nesta obra permítenos salientar que as UUFF máis analizadas son as expresións idiomáticas, xa que son as que presentan realmente unha forma interna baseada nunha ou varias metáforas. Dada a importancia que ten a forma interna das UUFF para os autores, resulta comprensible que sexan estas unidades as que máis lles interese estudar, dado o enfoque semántico-cognitivo que aplican ó seu estudo. De feito moitas das conclusións ás que chegan xustifícanse por este enfoque que os leva a explicar incluso a sintaxe das UUFF por medio da súa semántica. Este enfoque ten vantaxes e inconvenientes que hai que resaltar. Pola parte positiva, a perspectiva semántico-cognitiva ten a vantaxe de partir do punto de vista do falante, do usuario da lingua. Por unha banda, este tende a analiza-la lingua resaltando o significado sobre a forma e, por outra, os procesos mentais de codificación e descodificación que segue son fundamentalmente de tipo cognitivo. En consecuencia, os autores son coherentes co enfoque que utilizan xa que teñen afirmado en numerosas ocasións que a súa perspectiva de estudo é a dos falantes. Non obstante, por outra parte, este enfoque lévanos ó paradoxo de "esmiuzar" os procesos analíticos ata un punto inverosímil de demostración obxectiva. Os mesmos autores son conscientes de chegar a resultados ás veces limitados e ás veces extremos (como o demostra a frase seguinte: "Se nos deixamos levar un pouco pola fantasía [é noso o subliñado], poderíase ir máis lonxe, relacionando a gran frecuencia [dunha UUFF x] cunha visión específica da realidade [....]", p. 512) por culpa de mostras reducidas empregadas no seu estudo. Isto é, en gran medida, consecuencia de teren elaborado este volume con traballos anteriores, feitos en colaboración ou por cada un deles por separado, enfocando aspectos baseados no estudo detallado dun par de expresións rusas ou alemás (ve-la interpretación das expresións alemáns no discurso de conciliación pp. 467-474 ou das

rusas na obra de Dostoievski pp.506-512). Estende-los resultados destes traballos ó resto das UUFF da idiomática en xeral pode presentar inconvenientes, aínda que os córpora que as documente sexan amplos.

Dito isto, o enfoque semántico-cognitivo non é a única razón pola que se interesan estes autores na forma interna destas unidades. Compre resaltar que este volume contén referencias continuas ós proxectos lexicográficos dos autores, o que nos permite comprender que estes son os piares dos aspectos teóricos que presentan nesta obra. Ó tratarse de dicionarios monolingües, que recollen a idiomática da lingua rusa como lingua materna, dannos unha visión completa dos problemas que presenta a fraseoloxía desde a perspectiva intralingüística, tanto na súa vertente teórica coma aplicada. O punto de vista lexicográfico que adoptan os autores explica non só que relacionen os fraseoloxismos máis co sistema léxico da lingua que coa gramática (a pesar de afirmar que están nunha zona intermedia entre o léxico e a gramática), senón que fagan prevalece-la súa semántica sobre a súa estrutura. Por outra banda, ó se-la fraseografía monolingüe o seu punto de partida, o resto dos aspectos aplicados que expón a fraseoloxía desde o punto de vista interlingüístico (a tradución, a didáctica, a informatización etc.) non son tratados neste volume.

Aínda así, o interese desta obra é múltiple. Dada a importancia da fraseoloxía rusa, que leva desenvolvéndose en Rusia desde os anos 50 e 70 do século XX, no impulso desta disciplina, á vista da multitude de criterios e ideas que lanzaron os lingüistas soviéticos e que adoptou a tradición alemá, e mesmo parte dos países de fala inglesa[8], é de agradecer poder achegarnos a ela nunha lingua que nola faga descubrir, a nosa lingua galega. Por outra banda, ademais de trata-los problemas fundamentais tradicionais da fraseoloxía, introduce novos aspectos de estudo grazas ó desenvolvemento da lingüística cognitiva actual. De feito a intención que sostén este estudo reside no propósito dos autores de permitirlle á idiomática "acadar en tódolos aspectos o rigor formal que lle corresponde ós canons das ciencias naturais" (p. 244). Non obstante, o grao de profundidade co que se analizan tódalas cuestións explica que a obra resulte moitas veces extremadamente densa para unha lectura fluída. A miúdo é preciso retomar parágrafos anteriores e relacionalos con capítulos posteriores para conseguir ter unha visión homoxénea do tema tratado. Aínda así, esta obra xa entra con pleno dereito na bibliografía de consulta imprescindible para os que se inicien na fraseoloxía pero tamén para os que queiran penetrar máis a fondo nas súas entrañas.

María Isabel González Rey

Universidade de Santiago de Compostela

[8] Como subliñan os autores "moitas das ideas formuladas polos lingüistas soviéticos neste período [anos 50 e 70] foron adoptadas e desenvolvidas nos países de lingua inglesa e, sobre todo, nos de lingua alemá", p. 19.

CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*. Vigo: Xerais, 349 páxinas.

Aínda que hoxe a informática permite detectar na Rede ou en grandes córpora as unidades fraseolóxicas, mesmo as de máis recente creación, historicamente a fraseoloxía de cada lingua encontrou nos repertorios da tradición oral o seu máis rico filón. E é curioso comprobar que a fonte da memoria dos nosos maiores segue deitando un rico caudal tanto se a consultamos directamente, por exemplo, nos Centros da Terceira Idade, coma se a consultamos indirectamente, a través dos traballos escolares dos seus netos que fan de colectores privilexiados. O libro *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota* é resultado deste segundo sistema de provocar a memoria dos maiores e anotar esa preciosa información. O territorio: o concello de Carnota. A data: arredor de 1980. Os axentes colectores: alumnos e alumnas de entre 11-15 anos, da segunda etapa do antigo EXB, dirixidos polo seu profesor e autor deste libro, Antón Cortizas. O material: refráns, ditos, adiviñas e cantigas, contos e similares.

Este volume recolle 2184 textos que se clasifican en once grandes bloques: *cantareas* (1059); *tríades* (278); *regueifas e similares* (41); *adiviñas* (270), coas súas correspondentes solucións; *trabalinguas* (19); *lengalengas infantís* (41); *cancións* (31); *outras composicións* (45); *ditos e refráns* (326); *costumes* (20) e *contos* (54). Algúns deles á súa vez subdivídense, así dentro de *cantareas* atópanse "amores e namorados", "burlas e escarnios", "cantar e bailar", "casoiros", "cregos", "deceres", "desamores", "festas do ano", "fiadas e muiñadas", "ir e vir", "lugares", "o mar", "mocidade", "mundo non humano", "nais", "oficios", "parentela", "retesías", "santoral", "sociais", "vellas e vellos"; como tamén acontence dentro de *contos*: "contos fantásticos", "contos de parvos espelidos", "contos de listos, de tolos e de tolemias", "contos de homes e mulleres", "contos de curas e santos", "contos de animais", "sucedos" e "lendas". Como se ve, por baixo dunha clasificación primariamente estrutural, o material desglósase en temas cando unha estrutura como as cantareas e os contos acumulan moito material.

Co material paremiolóxico, que é o que aquí nos interesa, acontece o mesmo. Os temas son "animais", "casamentos", "comida", "días do ano", "homes", "meses", "mulleres", "o agro", "o tempo", "pobreza e riqueza", "saúde", "traballos", "varia".

Como é habitual neste tipo de materiais, o editor bate co problema de clasificación de textos que poderían lexitimamente entrar en varios conceptos: o refrán *En abril sae o cuco do seu cubil,* que aquí aparece dentro do subgrupo 'animais', podería perfectamente encaixar dentro do subgrupo 'meses'; do mesmo xeito que *No San Xoán a sardiña molla o pan* que está dentro de 'comida', tamén podería estar dentro de 'meses' ou incluso de 'animais'; e así con algunhas máis.

Coma en todo tipo de recadádivas aparecen tamén dous tipos de material paremiolóxico: o moi coñecido mesturado co moi localizado, é dicir, o exclusivo do lugar da recolleita. Deste xeito, o colector recolle unidades vivas en toda Galicia coma *Ata o corenta de maio non quites o saio*; *A Deus rogando e co mazo dando* ou *Cada porquiño ten o seu San Martiño*, pero tamén rescata para o tesouro común unidades

exclusivas da comarca carnotá coma *Borraxeira polo mar, nordestiño vén buscar*; *Cando a Laxa da Moa ten touca, vendaval á porta* ou *Fume en Corcubión, vendaval ou non* e que constitúen os tres elementos claves e infalibles dos prognósticos meteorolóxicos desa terra. Aínda que algunhas notas a rodapé conteñen explicacións léxicas ou semánticas, sorprende que outras conteñan variantes: así, do refrán *Encarnado polo mar, colle os bois e vai labrar; encarnado polo monte colle os bois e méteos na corte* ofrece na nota a rodapé a variante *Nubes roxas para o mar, colle os bois e vai labrar; encarnado polo monte colle os bois e méteos na corte*; o mesmo sistema utiliza, por exemplo, cos refráns *Non comas a raa por ben que che vaa* ou *Non comas a raia por ben que che vaia*; *Polo San Martiño, sevillanas ao camiño* ou *Polo San Martiño, buxainas ao camiño*. Pero este sistema de subordinar as variantes nace, seguramente, da vontade de que o libro sexa un arquivo da memoria popular e un reactivador desa memoria, máis ca un traballo pensado para que os especialistas realicen traballos de investigación.

Nos criterios de edición Antón Cortizas opta por afeitar algúns castelanismos (*Dios* por *Deus*, *ventana* por *ventá*, ou *silla* por *cadeira*), pero deixou intactos (e aparecen en cursiva) os que forman parte da rima ou da métrica: *Cando a gavota voa altaneira, temos o tempo da mala maneira* ou *Non teñas viña nun rincón, nin casa nun cantón*. Cos dialectalismos e formas específicas da lingua oral, en cambio, opta por mantelos sen ningún tipo de adaptación: *vran* (*o vranciño de San Martiño, ou é grande ou pequeniño*); *vinte e uito* (*Febrereiño curto, cos seus días vinte e uito; o que ben saiba contar, vinte e nove lle ha de achar*) ou *pra* e *friu* (*Antes de San Martiño, pan e viño; de San Martiño pra adiante, fame e friu*). Por iso sorprende que esta escolma elimine dous trazos dialectais tan específicos desta zona como son o seseo e a gheada: posiblemente o feito de seren estas recadádivas actividade complementaria dunha clase de lingua galega, nun momento histórico no que a esa clase lle corresponde asentar un estándar, é o que pode explicar que quizais os propios alumnos xa realizaron ese filtro, entendendo que eses dous trazos dialectais eran (e aínda hoxe parcialmente o son) sentidos como vulgares.

Este tipo de traballos son necesarios dende moitos puntos de vista, mesmo dende a estrita investigación paremiolóxica. Nunca poderemos dicir que xa temos suficiente material paremiolóxico recollido, porque en cada recadádiva aparecen sempre unidades nunca antes anotadas ou nunca antes contextualizadas e porque non é posible definir o mínimo paremiolóxico nin o corpus total dun pobo sen ter antes consultado cada núcleo de poboación, que, en Galicia son 33.000. Noutro ámbito da cultura estas recadádivas son imprescindibles porque gardan a memoria colectiva, definen o perfil espiritual dun pobo e establecen o que hai de orixinal na súa visión do mundo: todo iso condénsase na lingua e na fraseoloxía.

Cristina Rodríguez Nieto

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*. Tübingen: Stauffenburg Linguistik Band 49, 211 páxinas.

D. Dobrovol'skij e E. Piirainen publican en 2009 a obra *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte* culminando unha traxectoria que se iniciou nos anos 80. Así, entre as obras máis relevantes de Dmitrij Dobrovol'skij destacan *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik* (1988), *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome* (1995), *Idiome im mentalen Lexikon: Ziele und Methoden der kognitivbasierten Phraseologieforschung* (1997), en cooperación con Bui *Idiomática secreta rusa* (2008), *Aspectos teóricos da fraseoloxía* (2009, Santiago de Compostela), xunto a Baránov, obra traducida desde o orixinal ruso ao galego.

Dobrovol'skij é, xunto a Baránov, tamén coautor de varios dicionarios, entre os que destaca o *Dicionario-Tesauro da idiomática rusa actual* (2007), o *Dicionario fraseolóxico explicativo da lingua rusa* (2009) e o *Novo gran dicionario alemán-ruso* (2008-2009). Pola súa parte, Elisabeth Piirainen é a autora do dobre volume *Phraseologie der westmünsterländischen Mundart* (2000), o primeiro traballo sobre a fraseoloxía dialectal dentro dunha teoría lingüística. Proximamente sairá publicada a súa extensa monografía *Widespread Idioms in Europe and Beyond: Phraseology in a Eurolinguistic Framework* (en prensa).

Desde 1992 os dous autores ocúpanse conxuntamente de temas fraseolóxicos. Ademais de varios artigos, publicaron os libros *Symbole in Sprache und Kultur* (1997/2002[2]) e *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives* (2005). Nas súas obras, Dobrovol'skij e Piirainen achegaron novas teorías acerca do significado léxico e idiomático, tendo sempre en conta varias linguas, o que lles valeu un amplo recoñecemento en Europa.

A obra que aquí nos ocupa, cuxo título traducido ao galego sería *Acerca da teoría da fraseoloxía - Aspectos cognitivos e culturais*, consta de catro partes. A primeira parte dedícase á *motivación* e os autores tentan destacar os distintos tipos. Aquí préstaselle especial atención á importancia da motivación na semántica dos xiros idiomáticos.[9] A segunda parte trata a correlación entre a sintáctica e a semántica, polo que aquí nos atopamos cunha contribución á elaboración dunha gramática dos xiros idiomáticos. Neste ámbito, o compoñente figurativo desempeña un papel importante, posto que a transformabilidade sintáctica dos xiros e as súas respectivas restricións se deben en definitiva á súa singularidade semántica e ao papel da metáfora.

A temática da terceira parte constitúena os aspectos semánticos e pragmáticos dos fraseoloxismos idiomáticos. Aquí téntase demostrar como algúns trazos específicos do

[9] O obxecto de análise desta obra non son todos os fraseoloxismos, senón ante todo os xiros idiomáticos. Dobrovol'skij e Piirainen (2009:11) aclaran desde un principio que co termo *Phraseologie* (gal. 'fraseoloxía') se refiren en primeiro lugar aos *Idiome* (gal. 'xiros ou fraseoloxismos idiomáticos'), posto que estes forman o núcleo da fraseoloxía.

significado lexicalizado dos xiros idiomáticos, así como tamén algunhas normas de uso, resultan do significado recto dos seus constituíntes.

Na cuarta e última parte trátanse os xiros idiomáticos desde un punto de vista contrastivo, polo que os autores se centran sobre todo en aspectos tradutolóxicos e sinalan que aquí a equivalencia interlingüística está a miúdo influída pola natureza da imaxe subxacente.

Á parte disto, os autores inciden en que os fraseoloxismos non existen unicamente no sistema lingüístico, senón tamén nun sistema de coñecemento moito máis complexo. Por esta razón, en moitas obras publicadas nos últimos anos resáltase que para unha investigación fraseolóxica moderna é imprescindible ter en consideración os fenómenos culturais. Esta idea está moi ligada ao enfoque cognitivo da fraseoloxía, posto que permite pór a énfase nas estruturas de coñecemento, as cales deben ser tomadas como partes integrantes do significado idiomático dos fraseoloxismos.

A continuación abordarase cada parte algo máis en detalle:

Na primeira parte os autores tratan a motivación sincrónica dos xiros idiomáticos, pola que se entende a referencia a unha forma interna ou tamén a un compoñente semántico figurativo que aínda se pode recrear de forma intersubxectiva. Para iso Dobrovol'skij e Piirainen analizan os seguintes tipos de motivación: a motivación *metafórica, simbólica, intertextual* e *indexal*. Posto que a idea central desta obra consiste en que o compoñente figurativo representa un trazo moi importante na semántica dos fraseoloxismos idiomáticos, non é de estrañar que os autores subscriban unha función clave no seu modelo de análise da motivación.

Na segunda parte Dobrovol'skij e Piirainen sinalan que á hora de determinar o status dun xiro en relación á súa descomposición, é elemental a semántica e non a sintaxe. As particularidades semánticas, que son as competentes na divisibilidade do xiro, baséanse na estrutura da metáfora subxacente. A metáfora ten unha estrutura interior nas dúas partes, é dicir, no dominio fonte e no dominio meta. Podémonos atopar con xiros indivisibles, ou ben con fraseoloxismos divisibles que teñen un correlato sintáctico paralelo, por exemplo *meterlle a alguén unha bóla*: 'dicirlle a alguén unha mentira'. Neste caso, determinados elementos da fonte metafórica están en correlación con certos elementos do concepto meta e así xorde a impresión de que os compoñentes individuais teñen o seu propio significado. Por esta razón, o compoñente da imaxe decide sobre a divisibilidade e, por conseguinte, sobre algúns ámbitos da sintaxe dos fraseoloxismos. A divisibilidade da estrutura semántica do xiro idiomático depende da estrutura da metáfora subxacente. Desta forma, a metáfora causa tanto a motivación do xiro completo como tamén a súa divisibilidade.

Os resultados da terceira parte dan testemuño da fiabilidade dun dos postulados máis importantes da lingüística cognitiva, que indica que a descrición da estrutura da lingua se pode realizar fundamentalmente en termos conceptuais-semánticos. Aquí atribúeselle gran importancia á comparación entre os xiros que se poden dividir semanticamente e os que non se poden. O comportamento sintáctico dos xiros divisibles lembra máis ben o comportamento de combinacións de palabras non-

idiomáticas, mentres que os xiros indivisibles se parecen máis ás palabras, no que ás condicións transformacionais se refire. A asimetría entre a polilexicalidade da sintaxe dos xiros por unha banda e da súa semántica unitaria, pola outra banda, dá lugar a particularidades non tan triviais.

Na última parte, Dobrovol'skij e Piirainen chaman a atención sobre o feito de que raras veces se dá o caso de que nos atopemos cunha equivalencia absoluta entre dúas linguas. Así, se observamos detidamente os xiros idiomáticos de distintas linguas, que tradicionalmente son considerados equivalentes, darémonos conta de que presentan certas diferenzas. As diferenzas interlingüísticas relevantes poden ser debidas ás particularidades da semántica dos xiros en cuestión, aos seus perfís combinatorios, isto é, ao específico da súa sintaxe, ou ás súas particularidades pragmáticas. No que incumbe á semántica dos xiros, hai que distinguir entre o significado lexicalizado e a forma interna. Os autores sinalan que as diferenzas de significado entre os xiros que se comparan poden ser motivadas, ou ben porque as estruturas semánticas da súa lectura figurada non son idénticas, ou porque orixinan imaxes mentais distintas que repercuten no uso dos devanditos xiros.

Ademais fan fincapé en que as posibilidades de que os xiros idiomáticos analizados sexan completamente idénticos en todos os niveis mencionados son moi escasas, polo que as relacións entre equivalentes, tal e como se atopan a miúdo nos dicionarios bilingües, non deixan de ser construtos artificiais produto da descrición lingüística.

Como a maioría dos xiros se caracterizan por unha marca pragmática obrigatoria, é de esperar que non se atopen equivalentes absolutos para unha L1 noutras linguas, polo que a tradución dos xiros idiomáticos implica case sempre dificultades. Aquí hai que contar, na maioría dos casos, con que se perde certa información semántica e/ou pragmática. Dobrovol'skij e Piirainen opinan que para facer unha boa tradución é decisivo formular a cuestión de qué información é especialmente importante nos respectivos contextos e tamén qué partes do sentido do enunciado se poden sacrificar. Así mesmo chaman a atención sobre o feito de que tanto desde o punto de vista da teoría da tradución, como tamén da disciplina fraseolóxica, hai que ter sempre en conta que a tradución dun xiro dunha L1 con axuda dun xiro case equivalente ou pseudoequivalente representa a miúdo unha solución menos aceptable que unha tradución non-idiomática, a pesar de que en ocasións os fraseoloxismos elixidos poidan ser equivalentes no nivel sistémico.

Con todo isto quérese mostrar de que maneira actúan os constituíntes figurativos sobre o significado lexicalizado e como poden levar a unha non-equivalencia interlingüística en determinados casos.

Para rematar pódese dicir que o valor científico desta obra radica na presentación de interesantes resultados de investigación xa afianzados empiricamente no ámbito da fraseoloxía, pero non tan coñecidos dentro da disciplina teórica. Isto sucede dentro do amplo abano de métodos de análise e na consecuente prosecución dunha idea fundamental, segundo a cal a forma interior de moitos xiros idiomáticos mantense viva e repercute en distintos aspectos do seu funcionamento. Este libro contribúe deste xeito ao desenvolvemento dunha teoría da fraseoloxía xeral, que debería ser capaz de

explicar o particular da semántica, da sintáctica e da pragmática dos xiros. Así mesmo debería ilustrar as particularidades do seu comportamento no discurso, isto sempre en oposición con outras unidades lingüísticas. Ao mesmo tempo, o presente volume tamén trae consecuencias, entre outras cousas para ámbitos de aplicación da descrición lexicográfica e para a tradución dos xiros idiomáticos.

Para concluír, esta obra representa un paso adiante moi valioso no estudo da fraseoloxía desde un ángulo cognitivo, tentando xuntar aspectos semánticos e sintácticos e abrindo novos camiños de aplicación a outras linguas.

Martina Silva López

Universidade de Santiago de Compostela

GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el refranero*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 167 páxinas.

O presente volume consta dunha breve introdución e de 9 capítulos simétricos divididos en tres apartados cada un. Ao capítulo 6, *Cervantes: la configuración social del deber*, é ao que lle reserva un maior número de páxinas e, de feito, poderíanse considerar nun mesmo bloque os capítulos 6, 7 e 8 se atendemos á temática, xa que todos eles fan referencia ao *Quijote*.

Nos dous primeiros capítulos o autor comeza cunha aproximación teórico-filosófica á importancia da palabra (como centro da vida do individuo e centro da vida social), da comunicación, da orde social e dos valores e normas polas que se rexe cada sociedade e cada suxeito dentro desta. Así mesmo enceta un percorrido polo significado dos seguintes termos: sentenzas, apotegmas, aforismos, máximas, ditos, adaxios, proverbios e refráns.

Desde o capítulo 3 ata o 8 fai un repaso pola sociedade antiga e tradicional até a moderna a través do refraneiro que, segundo explicita o autor, reflicte o saber popular e os estilos de vida. Desde o punto de vista da socioloxía vai debullando a historia, os distintos sistemas de crenzas e a proxección social do saber popular en cada época: como pensa, como actúa e como interpreta o mundo esa sociedade. Deste xeito apunta as ensinanzas morais das fábulas de Esopo (p. 46-48), repasa a *Collectio distichorum vulgaris* de Catón (p. 50) e alude ás máximas, aos avisos e ás observacións do filósofo estoico, Séneca (p. 54). Máis adiante relaciona o mundo romano que ten o seu propio réxime xurídico-administrativo coa súa influencia posterior na ordenación da vida da sociedade española. González Radío destaca que as formas de vida son consolidadas, organizadas e estruturadas tamén desde o poder e aproveita para falar do *Fuero Juzgo* e do *Fuero Real* (p. 71). No capítulo 5 comenta a ruptura que supuxo o Renacemento e o Barroco con respecto á Idade Media: o triunfo do refrán (anónimo, oral, popular, mestura de sentenza e de experiencia) dá conta dunha nova forma de ver e de interpretar o mundo e así xorden as colecciónsde sentenzas, ditos, adaxios e refráns de, entre outros, Espinosa ou Hernán Núñez. Nas páxinas 78-80 ofrécenos retallos do

manual de bos costumes de Baltasar Gracián dirixido ás clases cultas, que vén reflectir porén a mesma idea do mundo que conteñen os refráns usados pola xente do común da mesma época. Inicia o capítulo 6 revisando ditos, sentenzas e refráns do *Libro del Buen Amor* do Arcipreste de Hita (p. 89-92) e, logo de tratar a biografía de Cervantes, dedica dous apartados (6.2 e 6.3) a resumir a visión do mundo que transloce *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha*, sinalando as expresións que a reflicten (p. 97-122). No capítulo seguinte continúa con Cervantes dicindo:

> [...] *el logro de Cervantes ha sido conectar y trasladar en unas tramas surgidas de la vida y la existencia esas creencias e imaginarios populares, que representan en sí mismos formas de ver e interpretar el mundo y la historia* [...]

onde fala do xurdimento do cervantismo (que reproduce o sentir, o ideal e o vivir da España daquel entón) e vai esmiuzando máis expresións a partir doutras obras do autor e doutras xeradas a partir do *Quijote* (o *Quijote* de Avellaneda, *Las adiciones a la historia del ingenioso don Quijote de la Mancha*, e o *Quijote* en Francia) (p. 124-127). No capítulo 8 relaciona desta volta o *Quijote* con España e coa identidade nacional española; co tratamento que do tema fai a xeración do 98 por medio de Azorín, Unamuno e Maeztu; co significado que lle dan Ortega y Gasset e Julián Marías, ou co que recibe por parte de Américo Castro e Salvador de Madariaga.

Xa para rematar, o capítulo 9 pecha a obra a xeito de conclusión teórica final confrontando sumariamente o diferente funcionamento da familia, da relixión, da economía e da política na sociedade tradicional por unha banda e na actual por outra, do que resultan os estilos de vida tan dispares dunha e doutra sociedade. Defende que o novo sentido dos refráns (que son patrimonio cultural, signos históricos e referencias axiolóxicas) pode ser o de servirnos de base para o estudo das normas e valores que rexen e practican pobos concretos.

Nun libro destas características sorprende que, case no final (p.153), leamos a estraña afirmación de que é no romanticismo cando aparecen "las 'versiones' de los refranes y adagios o dichos al gallego, al catalán, etc.". É certo que o romanticismo produciu en toda Europa un interese por recoller e anotar a cultura popular e por dignificar co uso público e formal as linguas minorizadas pero se por 'versiones' se insinúa que o refraneiro galego ou catalán é unha tradución do refraneiro castelán a afirmación sería inadmisible, non só porque paremias que hoxe figuran en refraneiros casteláns documéntanse moito antes na lírica medieval galega e porque, pola contra, en castelán, coma noutras linguas de Estado, o proceso foi precisamente o inverso: chega con comparar como en 1555 en Salamanca Hernán Núñez anota refráns galegos e na mesma cidade en 1627 Gonzalo Korreas xa os presenta en auténtica versión castelá ocultando case sempre a procedencia galega ou a anterior documentación en galego.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Berlin: Frank & Timme, 300 páxinas.



La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán xorde no seo do proxecto de investigación interuniversitario FRASESPAL *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico*, HUM2007-62198/FILO (www.usc.es/frasespal) ó que pertencen as súas editoras: Carmen Mellado (directora do proxecto) e Claudia Herrero (Universidade de Santiago de Compostela, USC), Patricia Buján (Universidade de Vigo), Nely Iglesias (Universidad de Salamanca) e Ana Mansilla (Universidad de Murcia).

O *Coloquio Internacional de Fraseografía*, auspiciado por FRASESPAL e realizado na USC nos días 22 e 23 de maio de 2009, é o xermolo desta publicación que recolle os resultados máis recentes da investigación fraseográfica e paremiográfica do alemán e o español, principalmente, aínda que tamén abrangue o inglés, o francés, o galego, o árabe e o ruso. As dezaseis contribucións do libro presentan innovadores resultados de proxectos de investigación en curso que están a elaborar dicionarios fraseolóxicos, na súa meirande parte en formato electrónico, co propósito de satisfacer as necesidades prácticas dun usuario activo.

Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo) na súa "Introducción. Perspectivas y nuevas ideas para la fraseografía" indica que este volume contribúe a que a distancia entre a teoría e a práctica fraseográfica sexa cada vez máis curta grazas á presenza de obras fraseográficas e paremiográficas que nacen co obxectivo de ofrecer material con que elaborar un estudo teórico e a aparición doutros traballos que preparan o material fraseográfico para diversos fins prácticos como a didáctica de linguas e a tradución.

O **Grupo de investigación FRASESPAL** inicia a lista de contribucións coa "Elaboración de un diccionario onomasiológico alemán-español", que supón unha boa presentación dos modelos de traballo seguidos no proxecto de investigación *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico*. **Carmen Mellado Blanco** (USC), como directora, é a

responsable da "Introducción y planteamiento del proyecto. Los modelos cognitivos", na que fai referencia aos datos recollidos no tesauro para cada fraseoloxismo (FR) e mostra a explicación dos modelos cognitivos que aparecen no material seleccionado (campo conceptual SAÚDE / ENFERMIDADE). Pola súa parte, **Ana Mansilla Pérez** (Universidad de Murcia) presenta "La ordenación onomasiolóxica del material fraseológico" onde dá conta dos criterios que rexeron a taxonomía onomasiolóxica que sustenta o tesauro. **Nely Iglesias Iglesias** (Universidad de Salamanca) con "Algunas reflexiones en torno a la equivalencia fraseológica interlingüística" céntrase en cuestións de equivalencia interlingüística que xurdiron na fase de procura de equivalentes en alemán e español. **Claudia Herrero Kaczmarek** (USC) atende a "Las metáforas de HABLAR y CALLAR en el tesauro onomasiológico alemán-español" (pp. 45-54) xurdidas ao longo do desenvolvemento do proxecto.

Co artigo "No importa si la llamas o no *colocación*, descríbela", **Margarita Alonso Ramos** (Universidade da Coruña), como directora do proxecto *Diccionario de colocaciones del español (DiCE)*, explora o concepto de colocación avogando polo fin do debate terminolóxico e mostra un modelo esquemático partindo dunha perspectiva de codificación. Presenta o *DiCE*, concibido como base de datos relacional e electrónica, así coma punto de partida dun futuro proxecto de autoaprendizaxe de colocacións asistido por computador (COLOCATE).

O traballo "Diccionario electrónico de construcciones verbales fijas multilingüe" de **Pedro Mogorrón Huerta** (Universitat d'Alacant) trata, desde unha perspectiva teórica, as construcións verbais fixas (CVFs) que forman a base de datos do dicionario e a súa recompilación en cada unha das linguas implicadas (español, francés, catalán, alemán, inglés e árabe). A clasificación onomasiolóxica convive coa clasificación alfabética para permitirlles aos usuarios atopar a maior parte das expresións presentes en varias linguas e coñecer un gran número de equivalentes. Entre as vantaxes que ofrece este dicionario electrónico fraseolóxico están as aplicacións á tradución, ao procesamento automático da linguaxe e ao ensino/aprendizaxe de linguas.

Na presentación "El *Dicionario de locuciones del español actual (DILEA)*", **Inmaculada Penadés Martínez** (Universidad de Alcalá) dá conta das características do dicionario, a súa metodoloxía (en catro etapas: baleirado, análise de comportamento gramatical e semántico, selección de unidades e redacción), a macroestrutura e a microestrutura (onde se fai unha análise pormenorizada do tratamento da variación, a marcación gramatical, o contorno e a marcación diastrática e diafásica).

A achega de **Annelies Häcki Buhofer** (Universität Basel) "Phraseographie in einer plurizentrischen Sprache - Die Behandlung von Kollokationen" céntrase nas colocacións e o seu tratamento no proxecto *Kollokationenwörterbuch* que ela dirixe e presenta, ademais, outras dúas obras relacionadas con variantes do alemán: *Variantenwörterbuch* (concibido como un catálogo de formas que difiren no seu significado ou uso) e *Das Neue Baseldeutsch Wörterbuch*, do que salienta os resultados positivos obtidos con consultas sobre competencia lingüística feitas a usuarios convocados mediante a prensa local.

O traballo de **Vida Jesenšek** (Universität Maribor) "Sprichwörter im Netz –Eine Internet-Lernplattform für das Sprachenlernen" aborda o proxecto *SprichWort* que consiste na preparación de material didáctico paremiolóxico en cinco linguas veciñas (esloveno, eslovaco, checo, húngaro e alemán) e no que participan diferentes universidades e institutos de investigación europeos. A autora describe os tres compoñentes principais do *SprichWort*: a base de datos de paremias, o conxunto de contidos didácticos de consulta e manexo a través de plataforma *online* e a comunidade de usuarios. Nacido a partir do proxecto EPHRAS (no que se desenvolveu un CD con material didáctico para a aprendizaxe da fraseoloxía das linguas antes indicadas), *SprichWort* concíbese, ademais, como o primeiro estadio dun proxecto máis amplo de plataforma *online* de fraseografía contrastiva baseada en corpus para fins didácticos.

Desde a Universidade de Granada, o proxecto *Diccionario interlingüístico e intercultural* tenta establecer a comparación do léxico e da fraseo-paremioloxía das linguas sobre a base dos valores culturais e asociacións de ideas que neles subxacen. Nese marco inscríbense os artigos "Alusión, intertextualidad y juegos de lenguaje. La explotación del diccionario lingüístico-cultural del español para la creación de textos argumentativos" de **Juan de Dios Luque Durán** e "El árbol como referente linguo-cultural y su huella fraso-paremiológica" de **Antonio Pamies Bertrán** e **Kamilla Tutaeva**. O primeiro deles fai referencia ás relacións entre metáforas e fraseoloxía, por unha banda, e á estrutura dos textos argumentativos, por outra. O autor expón algúns fundamentos teóricos acompañados dalgúns exemplos de textos argumentativos que os ilustran. No segundo traballo, os autores ofrecen numerosos exemplos fraseolóxicos e paremiolóxicos, así como referentes etnográficos, nos que queda patente a simboloxía da árbore en español e en ruso (en particular a oliveira e o bidueiro) establecendo un contraste entre ambas as dúas linguas e culturas.

Leonor Ruiz Gurillo (Universitat d'Alacant) co seu artigo "El tratamiento de la fraseología en el *Diccionario de partículas discursivas del español*" fai unha presentación da obra lexicográfica na que traballa e xustifica as decisións adoptadas tanto na macroestrutura como na microestrutura do dicionario, en tanto en canto estiveron guiadas polas propiedades da fraseoloxía, a fixación e a idiomaticidade. Os significados das partículas discursivas, pola súa banda, foron elaborados de acordo con criterios pragmáticos e discursivos que mostran, máis que describen, o seu comportamento. Segundo a autora, as locucións marcadoras atoparon un espazo idóneo neste dicionario en liña, especialmente útil para aprendices de lingua, pragmatistas, tradutores, lexicógrafos e fraseógrafos.

"Los aspectos fraseográficos del proyecto de investigación *El mínimo paremiológico*" de **Julia Sevilla Muñoz** (Universidad Complutense de Madrid) aborda a serie de aspectos que rexen a confección do mínimo paremiolóxico no que está a traballar un grupo de investigadores de varias universidades españolas e estranxeiras: a ficha paremiolóxica, o procedemento para a recompilación e selección de paremias, a elección da paremia-base, o establecemento dos sentidos das paremias, as súas relacións semánticas, as indicacións sobre o seu uso e vixencia e a procura de correspondencias paremiolóxicas en varias linguas. Trátase da elaboración, en definitiva, dun refraneiro multilingüe fácil de consultar (por estar en internet), portador

de material para estudos comparados e contrastivos, útil para o filólogo, o etnólogo e o tradutor.

Kathrin Steyer (Institut für Deutsche Sprache, IDS, Mannheim) colabora co artigo "Korpusbasierte Phraseographie – Neue empirische Methoden und Beschreibungsformen". A autora dirixe o proxecto *Usuelle Wortverbindungen (UWV)* baseado na análise estatística de coocorrencias para a extracción de combinacións fixas de palabras, a descrición e a documentación de combinacións en base a usos reais. Manexa un potente instrumental de lingüística de corpus e conta coa base de estudo empírico do DeReKO, actualmente o maior corpus de referencia do alemán. A autora explica os modos de análise lingüística baseado nun corpus: a dicotomía "consultar" *vs*. "analizar" (que se correspondería cos paradigmas *corpus-driven* e *corpus-based*). Realiza unha demostración práctica de cada unha das perspectivas e achega numerosos exemplos prácticos onde se poden visualizar as interrelacións que se establecen entre os distintos proxectos e ferramentas do IDS e corpus dispoñibles. Tamén dá conta das variadas posibilidades de consulta e aplicación de métodos que ofrece a lexicografía electrónica.

O volume remata co traballo "Objetivos y alcances de la fraseografía bilingüe español-alemán pasiva de descodificación" de **Aina Torrent-Lenzen** (Fachhochschule Köln e Universität Wien), no que expón e comenta os principais obxectivos e límites da fraseografía bilingüe español-alemán pasiva (lingua estranxeira-lingua materna) de descodificación. Analiza algúns aspectos da microestrutura dun dicionario deste tipo e as diferenzas con outras obras similares. Segundo a autora, un dicionario fraseolóxico bilingüe pasivo de descodificación debe informar ante todo sobre o significado translaticio das locucións e por iso é unha obra ideal para a tradución, por proporcionar ao usuario as ferramentas necesarias para poder entender textos nunha lingua estranxeira.

Tal e como podemos ler na súa introdución, todos os proxectos presentados neste volume de *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán* "fanse eco das tendencias e ferramentas máis actuais en investigación lingüística e lexicográfica... [polo que] esta obra será un interesante referente para todos aqueles que traballen neste campo de investigación e ofreceralles sen dúbida ideas novas para os seus propios proxectos". Queden de manifesto aquí os nosos parabéns a **Carmen Mellado**, **Patricia Buján**, **Claudia Herrero**, **Nely Iglesias** e **Ana Mansilla**, organizadoras do *Coloquio Internacional de Fraseografía* e editoras do traballo que nos ocupa, polos resultados acadados e polo potencial que mostran na súa constante e estimulante actividade no eido da fraseoloxía e da fraseografía.

M. Carmen Losada Aldrey

Universidade de Santiago de Compostela

RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 447 páxinas.

Hai tempo que me pregunto como funciona a memoria fraseolóxica da xente, cal é o mecanismo que decide que algo que se acaba de oír entre no almacén mental onde unha persoa almacena os seus saberes lingüísticos e, sobre todo, que é o que, nunha circunstancia concreta provoca que o cerebro lembre a oportunidade daquel fraseoloxismo e que decida recuperalo e inserilo agora na conversa. Ese proceso, que se realiza en décimas de segundo, é o que crea o uso fraseolóxico real dun falante. Falo obviamente de fraseoloxismo como denominación que engloba tamén todo tipo de paremias.

A miña sospeita é que, como acontece na asociación de ideas, as imaxes coñecidas, as situacións xa vividas e as semellanzas ou contrastes semánticos coa situación concreta na que o falante vai falar son os responsables desa fulminante rebusca na memoria e da oportuna inserción agora nun contexto novo. Coido que cada utilización dun fraseoloxismo é unha reedición dunha situación xa vivida e por iso son os vellos os que teñen máis caudal fraseolóxico e xa no século XV eran as vellas, e non as mozas, as que dicían os refráns tralo lume. O uso do discurso repetido provócao a memoria de que nunha situación ou nun contexto semellante ó actual alguén dixo ese fraseoloxismo e quedóuno-la impresión de que nada o expresaba de maneira máis breve, florida e contundente que ese fraseoloxismo.

O libro de Pilar Río Corbacho insírese na liña doutros libros que organizan semanticamente e visualmente o material que conteñen, aproximándose así moito, ó que a min me parece que é o proceso mental de que falamos. Porque os santos no refraneiro, máis que vidas exemplares que están aí para influíren no noso bo comportamento, son visualización imáxica de determinados días do ano; referencias ocultamente numéricas ó calendario, coas súas implicacións climatolóxicas e agrícolas. Os santos veñen sendo a axenda do gandeiro e do labrego. Os días no calendario agrícola tradicional non teñen número, teñen nome. *Entre san Xoán e san Pedro, días cinco e medio*. *San Xoán* [24.6], *san Pedro* [29.6] *e san Paio no medio* [26.6]. *San Marcos* [25.4], *maio ós cinco días*. *San Vicente* [27.10], *ó quinto día, novembre*. *De san Martiño a san Andrés van semáns tres; de san Andrés a Nadal, outro tal; mais, se sabes contar, tres días máis tes que botar*. E calquera labrego galego actual sabería dicir vinte referencias que marcan os tempos fortes da sementeira, da poda, da sega, da malla, do ensilado, de face-lo viño, de probalo e trasfegalo; pero tamén do nacemento do lobo, das xaneiras dos gatos, da mata do porco ou do tempo en que o gandeiro pode de maneira fiable face-la contabilidade dos pitos que ese ano deu criado. E os días grises, sen santo coñecido, fan referencia ó santo anterior ou posterior porque se di *na véspera de san Pedro* ou *ó outro día de san Marco*; e o labrego fala do *san Antón de san Xoán* ou mesmo do *san Antón sanxoaneiro* para distinguilo do *san Antón de xaneiro*. Estruturalmente, polo tanto, é un sistema parecido ó romano, no que os días máis que numerarse, nomeábanse por *kalendas*, *nonas* e *idus* e os outros días por relación a eles.

Cando un percorre diferentes países de Europa percibe que case non existen diferenzas estruturais nos trebellos agrícolas e gandeiros de toda Europa; que se fan as mesmas cousas, cos mesmos trebellos e co mesmo calendario na atención dos animais e no cultivo das plantas. Se somos capaces de ir máis aló da impresionante maquinaria agrícola actual, percíbese que o home rural europeo vive aínda coa axenda que lle marcaron na Idade Media eses centros de extensión agraria que foron os mosteiros.

El refranero y el santoral descóbrenos que as paremias climatolóxicas vinculadas a un santo ou a unha santa, que xa coñeciamos para o galego, repítense moitas veces en formulación semellante en toda a parte occidental da área románica. Isto reafirma a convicción de que existe o home rural europeo, agricultor e gandeiro todo nunha peza, e que, por ser europeo, ten axenda común e referencias comúns.

Pero esas referencias están en perigo de extinción. Explícome. O europeo común urbano actual ten calendarios numéricos por todas partes, que lle din en qué día vive e mesmo en qué segundo de qué hora está vivindo; ten conceptos como fin de semana, vacacións de inverno, vacacións de verán, pontes e festas nacionais e locais; un simple teléfono móbil pódelle lembrar cada mañá cal é a tarefa que ese día debe realizar. Todo iso é unha organización mental totalmente nova do seu tempo, da que, para o caso, desapareceron tódalas referencias relixiosas.

O home rural, en cambio, tiña ata hai moi pouco (en Galicia aínda ten) o seu traballo organizado con referencias ó calendario litúrxico. E ese calendario litúrxico non era só unha referencia numérica encriptada, era unha imaxe visual, era unha haxiografía sarabiada de elementos máxicos e sorprendentes que axudaban a memoria, era ritos cheos de teatralidade pero tamén de sentimento, e era unha formulación en paremias que vinculaban esa imaxe, esa haxiografía e eses ritos co seu traballo de cada día. Ese conxunto de elementos heteroxéneos están vinculados. E, por un mecanismo moi frecuente de mnemotecnia bidireccional, un refrán vincula o santo a un momento da vida agrícola, de xeito que polo santo lembran o traballo, que nese tempo corresponde facer, e reciprocamente polo traballo lembran o día do santo: *Por Santiago chántase o bon nabo*. *Por san Urbán, o millo feito pan*. *En san Xoán a seitura do pan*. Esta mnemotecnia bidireccional é a que fai posible que os vellos lembren a data precisa de tantos santos.

Como se ve, hoxe existe un hiato inconmensurable entre home rural e home urbano. Ata hai poucos anos eu coidaba que este hiato era unha característica do momento de fuxida do campo que está a vivir Galicia. Inxenuamente pensaba eu que fóra de Galicia todo era xa mundo urbano dende había moito tempo. Pero outros fraseólogos europeos xa me convenceron de que o proceso de desruralización que vive Galicia é máis ou menos contemporáneo do que se vive no resto de Europa e de que só se produciu antes nalgunhas áreas periurbanas. Así que o apagamento haxiográfico, iconográfico e paremiolóxico, que se está a producir en Galicia nos últimos decenios, estase producindo ou produciuse xa no resto das culturas europeas.

Teño constancia, triste constancia, de que a inmensa maioría da xente urbana ou urbanizada xa non relaciona os santos coa súa biografía e que non sabería dicir cal é a motivación de que un paisano diga *Pouco pode san Sebastián que nin cirolas ten;* ou

por que dicimos *esfolado coma san Bertomeu*. Teño constancia, triste constancia, de que a inmensa maioría da xente e mesmo algúns sacerdotes novos xa non saben identificar máis de unha ducia de santos. Teño constancia, triste constancia, de que a inmensa maioría da xente xa non relaciona os santos do calendario con datas e traballos agrícolas ou gandeiros, porque non só ignora as peripecias dos santos senón tamén qué traballos agrícolas ou gandeiros hai detrás das cousas que mercamos no supermercado envasadas en plástico.

Asistimos a un verdadeiro apagamento haxiográfico, iconográfico e paremiolóxico e este caudal de cultura popular, que nunca foi considerado patrimonio inmaterial da humanidade, precisa, polo menos, ser inventariado. Homero asistiu á desaparición da sociedade heroica pero deixouna perpetuada neses inmensos poemas que son a *Ilíada* e a *Odisea*. Hoxe a sociedade europea asiste á desaparición da agricultura e gandería tradicional e non dá aparecido o Homero que a cante.

O libro de Pilar Río Corbacho inserindo as paremias na biografía dos santos e ofrecendo sempre a iconografía deses santos recupera para sempre parte da memoria europea con case tódolos seus mecanismos mnemotécnicos. Tense dito que as palabras, os ditos e as mesmas linguas viviron abondo se conseguiron ser descritas en libros. E a inmensa cantidade de material de paremioloxía románica que contén este libro xa queda para sempre gardada e protexida.

Un libro é coma unha caixa forte. En *El refranero y el santoral* queda gardado o tesouro haxioparemiolóxico desta parte occidental de Europa en forma moi semellante á que utiliza a memoria do labrego europeo: o refrán, vinculado ó relato biográfico do santo (e algunha vez detalles do seu culto) e todo iso condensado na imaxe iconográfica. E con isto volvo ó principio. Este conxunto de apoiaturas icónicas, que se reforzan reciprocamente, son, na miña maneira de ver, as responsables do funcionamento receptor e emisor do arquivo da memoria fraseolóxica do home rural europeo. Por iso me parece que *El refranero y el santoral* é unha pedra esquinal do edificio da memoria europea.

O libro artéllase en diferentes núcleos. Ábrese con tres capítulos introdutorios: un, verbo da orixe e evolución do calendario cristián; outro, con nocións elementais de haxiografía e procesos de inicio e asentamento do culto; e, no terceiro, con nocións básicas de paremiografía haxiográfica.

A parte central deste libro, o verdadeiro arsenal paremiolóxico, está formada polo capítulo de *Fiestas fijas* (pp. 40-379), que se complementa cun pequeno capítulo de *Fiestas movibles* (pp. 381-417). No primeiro vanse repasando os doce meses, empezando por unha descrición das características paremiolóxicas de cada mes e, debullando despois, día por día, o caudal de haxioparemioloxía dese mes. Cada santo ou santa aparece coa súa representación icónica e cun resumo da súa biografía como sustento das paremias pertinentes en galego, castelán, catalán e francés. Este capítulo, enriquecido con comentarios en nota a rodapé, ocupa tres cuartas partes do libro. Compleméntase cun pequeno capítulo dedicado a algunhas festas móbiles: Entroido, Coresma, Semana Santa, Pascua, Rogativas, Ascensión, Pentecoste, Trindade, Corpus, Remedios e Advento. Sospeito que a autora debeu dubidar no título do libro cando

traballaba neste pequeno capítulo, xa que en case ningún dos casos se trata de verdadeiros santos (o Antroido) nin de santos en sentido estrito, senón de festas ou ciclos do calendario litúrxico. E a consideración de móbil que lle outorga excepcionalmente á Virxe dos Remedios faría móbiles máis dun terzo dos santos.

Remata cos índices das festas analizadas, dos personaxes e acontecementos citados e da bibliografía que sustenta este libro globalizador.

Eu son dos que instintivamente no queixo ven o queixo, non os buratos; e, aínda que aquí e alí se podería sinalar algún aspecto discutible, ninguén espere tal cousa de min, porque non só creo que sen este libro seriamos máis pobres senón que con este libro sabemos mellor quen somos. Porque agora podemos poñer de par dos nosos refráns galegos de santos os equivalentes casteláns, franceses, cataláns e, nalgúns casos, dalgunha outra lingua romance. O enriquecemento é recíproco. E, deste xeito, podemos constatar que, moito antes de que se construíra esa superestrutura que denominamos Unión Europea, xa eramos europeos.

Un dos méritos deste libro é a riqueza fotográfica, que sempre botei en falta nos traballos de haxioparemioloxía, porque neste asunto me parece imprescindible. É un éxito persoal da autora ter conseguido que a editora deste traballo fose Hércules de Edicións, unha das editoriais de maior nivel iconográfico de Galicia. En poucos temas, dos moitos que con tan alto nivel leva tratado esa editorial, é tan imprescindible e tan central a iconografía. E, aínda que o libro está redactado en castelán, ofrece maioritariamente mostras da rica iconografía relixiosa galega.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Novas

Libros, revistas ou artigos recibidos

ALONSO RAMOS, Margarita (2010): "No importa si la llamas o no *colocación*, descríbela", en MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Romanistik, tomo 6. Berlín: Frank & Timme. Verlag für wissenschatliche Literatur, 55-80.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2010): "*Trastes vellos, ao faiado*. Análise dun subtipo de refráns sen verbo principal", en *Estudos de Lingüística Galega* (2010). Volume 2. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 5-35.

ÁLVAREZ DÍAZ, Juan José (2009): "Las armas y las letras en el refranero. El pleito que inspiró a Cervantes", en *Paremia* 18, 2009, 77-85.

ARORA, Shirley L.; WOLFGANG, Mieder (2010): True Friends Are Like Diamonds. *Three Decades of Correspondence Between the Folklorists*. Edited by Wolfgang Mieder. Supplement series of Proverbium ; v. 30. Burlington, Vermont: *Proverbium* in cooperation with the Dept. of German and Russian, University of Vermont.

ASSUMMA, Maria Cristina (2009): "Lo propio y lo ajeno en Federico García Lorca", en *Paremia* 18, 2009, 99-109.

BATARDAS, María-Reina (2010): "Tractament dels refranys meteorològics occitans dins *Lou Tresor dóu Felibrige* de Frederic Mistral", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 137-154.

BENÍTEZ RODRÍGUEZ, Enrique (2009): "Proverbios, tópicos y mitología clásica: relación con el refranero castellano (II)", en *Paremia* 18, 2009, 87-98.

BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): Véxase PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.)

BUBENHOFER, Noah; PTASHNYK, Stefaniya (2010): "Korpora, Datenbanken und das Web: State of the Art computergestützter Forschung in der Phraseologie und Lexikographie", en PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Corpora, Web and Databases. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Computer-Based Methods in Modern*

Phraseology and Lexicography. Phraseologie und Parömiologie. Band 25. Nürnberg: Schneider Verlag Hohengehren GmbH, 7-19.

BUJÁN OTERO, Patricia (2010): "Introducción. Perspectivas y nuevas ideas para la fraseografía", en MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Romanistik, tomo 6. Berlín: Frank & Timme. Verlag für wissenschatliche Literatur, 7-14.

BICK, Eckhard (2010): Véxase VATVEDT FJELD, Ruth; NYGAARD, Lars; BICK, Eckhard (2010).

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (1981): "La zorra en las fábulas de La Fontaine y en el refranero (francés y español)", en *Estudios Románicos*. Vol. 4. Murcia: Universidad de Murcia: Área de Filología Románica, 171-180.

(2009): "'Los adagios son evangelios breves'. Encendida réplica contra esta sentencia por parte del Padre Feijóo en su carta titulada 'Fabilidad de los adagios', en *Paremia* 18, 2009, 21-30.

CARRERA, Aitor (2010): "Provèrbs meteorologics en occitan dera Val d'Aran. Arrepòrt sus era situacion actuau des donades sus eth gascon dera nauta arribèra de Garona", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 155-171.

CARSON WILLIAMS, Fionnuala (2010): "Some Contemporary and Some Historic Wellerisms in Ireland, England, Scotland and Wales", en *Proverbium* 27, 2010, 1-42.

CECCARELLI, Giovanna (2010): "I proverbi meteorologici nella tradizione della Svizzera italiana", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 243-262.

CHACOTO, Lucília (2008): "La *Feira de Anexins* de Don Francisco Manuel de Melo: estudio literario y paremiológico", en *Critica del testo*, XI / 1-2, 31-42.

(2010): "Algunas observações sobre os provérbios meteorológicos portugueses", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 83-93.

CHELMI, Evlampia (2009) : "Fraseologismos en blanco y negro en griego moderno y en español" en *Paremia* 18,2009, 209-216.

COLÓN DOMÈNECH, Germà (2010): "Los refranes en la Romania", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 11-23.

COLSON, Jean-Pierre (2010): "The contribution of Web-based Corpus Linguistics to a Global Theory of Phraseology", en PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Corpora, Web and Databases. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography. Phraseologie und*

Parömiologie. Band 25. Nürnberg: Schneider Verlag Hohengehren GmbH, 23-35.

CONDE TARRÍO, Germán (2010): "Labores do campo e refráns meteorolóxicos en galego, castelán e francés", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 173-186.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010): "Los refranes meteorológicos y la herencia cultural grecolatina", en GARGALLO GIL, Enrique et alii (coords.) (2010): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 25-32.

CUARTERO SANCHO, María Pilar (2009): "Las paremias en *El Criticón* de Baltasar Gracián", en *Paremia* 18, 2009, 111-120.

ĎURČO, Peter (2010): "Einsatz von Sketch Engine im Korpus – Vorteile und Mängel", en PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Corpora, Web and Databases. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography. Phraseologie und Parömiologie*. Band 25. Nürnberg: Schneider Verlag Hohengehren GmbH, 119-131.

DRÄGER, Marcel; JUSKA-BACHER, Britta (2010): "Online-Datenerhebungen im Dienste der Phraseographie", en PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Corpora, Web and Databases. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography. Phraseologie und Parömiologie*. Band 25. Nürnberg: Schneider Verlag Hohengehren GmbH, 165-179.

FANANY, Runa (2010): "Aphorhythms: Proverb Mapping Through the Notation of Rhythmic Patterns of Speech", en *Proverbium* 27, 2010, 43-74.

FIDALGO FRANCISCO, Elvira (1991): "La metáfora en las designaciones de la lluvia", en *Estudios Románicos*. Vol. 7. Murcia: Universidad de Murcia: Área de Filología Románica, 61-67.

FILATKINA, Natalia; KLEINE, Ane; ULRIKE MÜNCH, Birgit (2010): "Verbale und visuelle Formelhaftigkeit: Zwischen Tradition und Innovation", en PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (eds.) (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Corpora, Web and Databases. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography. Phraseologie und Parömiologie*. Band 25. Nürnberg: Schneider Verlag Hohengehren GmbH, 229-246.

